RAÍGAME

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES


Maio de 2026 *nº 55*



REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

DEPUTACIÓN OURENSE

CENTRO DE CULTURA POPULAR XAQUÍN LORENZO



índice

PARTE I
OTERO PEDRAYO, A CASA MUSEO, TRASALBA E OURENSE

páx. 5 EDITORIAL

páx. 7 TRASALBA, TERRA LITERARIA
Patricia Arias Chachero

páx. 8 DESDE A SOLAINA
Xaquín Lorenzo Fernández

páx. 28 OTERO PEDRAYO NA RODA DA ESCINTILANTE AURA DE OURENSE
Felipe-Senén

páx. 32 APÉNDICE GRÁFICO:
PORTADAS DAS OBRAS DE OTERO PEDRAYO

páx. 40 PARTE II
REPRODUCIÓNS FACSIMILARES DE RAIGAME

páx. 47 RAIGAME NUM. 12: ESPECIAL OTERO PEDRAYO
(Facsimilar)

páx. 49 RAIGAME NUM. 14: ESPECIAL OTERO PEDRAYO
(Facsimilar)


páx. 215 FONTEFIZ AO FONDO DO RECORDO. OTERO PEDRAYO.
INTRODUCCIÓN VICENTE GÓMEZ-CALCERRADA LÓPEZ.
RAIGAME NUM. 3 (Facsimilar)

páx. 289 PARTE III
FALA OTERO PEDRAYO

páx. 303 A VOZ DE OTERO
Delfín Caseiro Nogueiras

páx. 304 RAMÓN OTERO PEDRAYO
OURENSE, AS SÚAS TERRAS E XENTES
Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

páx. 328





REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

Dirección Xulio Fernández Senra

Secretaría Fco. Javier Álvarez Campos

Colaboración especial Fundación Otero Pedrayo
Consello da Cultura Galega
Arquivo Sonoro de Galicia
Biblioteca da Deputación de Ourense

Agradecementos Mª Isabel Almuiña, Bibliotecaria
da Deputación de Ourense

Icono Raigame (contraportada) Tomás Vega Pato

Coordinación xeral Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo F.

Edita DEPUTACIÓN OURENSE | CENTRO DE CULTURA POPULAR XAQUÍN LORENZO

Deseño e Realización infográfica Redeiras.net / disigna edenia

Impresión Imprenta Deputación Provincial Ourense

Dep. Legal OU - 75/95

I.S.S.N. 1136-3207

Todas aquelas persoas que teñan interese en publicar artigos ou traballos nesta revista poden dirixirse a:

RAIGAME
Aptdo. 484
Tlf. e Fax 988 317 880
32080 - Ourense
ccpxaquinlorenzo@depourense.gal
www.ccpxaquinlorenzo.es

Revista de distribución gratuíta previa subscrición no correo electrónico anteriormente indicado.

Tódolos dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

PARTE I

OTERO PEDRAYO, A CASA MUSEO, TRASALBA E OURENSE

RAIGAME
EDITORIAL

2026, Ano Otero Pedrayo

Padroado da Fundación Otero Pedrayo

Acabamos de pechar o Ano Castelao que, con tanta xustiza, se dedicou a quen foi un dos nosos políticos máis comprometidos, singulares e recoñecidos. Afonso Daniel Rodríguez Castelao, creador de trazo certeiro e sensibilidade e compromiso fondos, tería aplaudido con entusiasmo a declaración do 2026 como Ano Otero Pedrayo. Non en van, os dous esteos da Xeración Nós tratáronse sempre de "irmáns" e profesáronse, en público e en privado, un afecto fraternal, leal e sincero.

Boa mostra do que dicimos son as cartas que se conservan entre eles. Sirva de exemplo como o 30 de xaneiro de 1935, desde o exilio en Badaxoz, Castelao escríbialle a Otero Pedrayo palabras fermosamente conmovedoras:

> Meu querido irmán: Que a túa felicidade non teña remate, que non amingüe a tua ledicia, que non che falle o xamón e o viño e o café e o cigarro, que chegues san a vello vedreiro e deas ô mundo un fillo do teu talento cada ano, que chegues a ver a nosa Terra en paz i-en gracia de Deus, que chegues a ver ledo e satisfeito a Risco, e canso de vivir entregues a i-alma ôs anxeliños cando xa non teñas nada que facer no mundo. Todo eso desexo eu para ti por seres o home máis compreto que pareu a nosa Terra (Castelao 2000: 238-239).

Correspóndelle don Ramón ao cariño en numerosas ocasións. Nunha das últimas misivas cruzadas co rianxeiro, dille: "Xa sabes que pra a vellez, si as cousas se puxeran de outro xeito, tes sempre un refuxio e un amor en Trasalba, é decir, tendes, viva eu, ou non viva" (Alonso Montero 2006: 38). Na resposta que lle dá ao discurso de ingreso de Antón Fraguas na Real Academia Galega fai, don Ramón, estoutra confesión:

> A derradeira carta, xa non rematada, esquirta por Castelao, noso Daniel, foi dirixida a min... Na metade da folla en branco enxergo a lus de sol na néboa arousán de seus grandes e caridosos ollos cegos e o máino e cánso movemento da man afeita o lapis (Antón Fraguas 2019: 35).

A etimoloxía da palabra carta fai referencia a papel. O seu sinónimo, epístola, remite á idea de mensaxe escrita. Ramón Otero Pedrayo foi un grande epistológrafo. É dicir, foi un home que redactou un importantísimo número de cartas, de mensaxes escritas. Importantísimo, en primeiro lugar, pola cantidade e, en segundo e sen dúbida máis relevante, pola pertinencia das ideas que nelas expón e polos detalles biográficos que comparte. Dedicou a súa vida a traballar de forma infatigable por Galicia. A súa extensísima obra demostra que non mentimos: pezas teatrais, cartas, artigos, novelas, ensaios, poemas... Nada lle foi alleo a quen hoxe é recoñecido como o Patriarca das Letras Galegas.

Os membros da Fundación Otero Pedrayo afrontamos este ano con verdadeira ilusión, con firme vontade de traballo e coa esperanza de que en decembro de 2026, cando botemos a vista atrás, teñamos moito que festexar.

É por iso que non podemos máis que aplaudir a iniciativa de *Raigame. Revista de Arte, cultura e tradicións populares* que, decidiu, con acerto, reeditar dúas "xoias" da bibliografía oteriana. En primeiro lugar, o número 12 da súa revista, integramente dedicado a don Ramón, con valiosas colaboracións de persoas que o trataron como Agustín Sixto Seco, Fernández del Riego, Ogando Vázquez..., e que tanto saben sobre el, Marcos Valcárcel, Afonso Vázquez Monxardín, Camilo Valdeorras, Carlos Baliñas... En segundo lugar, e non menos valioso, o fermoso traballo que lle encargaron en 2001 ao profesor Delfín Caseiro, oteriano confeso e entregado, quen nos agasallou con dous coidados CD nos que se escoita a voz do Patriarca falando de si mesmo e do seu pensamento.

Os nosos parabéns a *Raigame* e a todos as galegas e galegos dispostos a celebrar connosco un ano de seguro cargado de cariño e recoñecemento a quen tanto nos deu, Ramón Otero Pedrayo.

Bibliografía citada

- Alonso Montero, Xesús (2006) *Laio polo irmán ausente*, Vigo, Galaxia.
- Fraguas, Antón (2019) *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade. Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán*, A Coruña, Real Academia Galega, https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/342/336/326
- R. Castelao, Afonso Daniel (2000) *Castelao. Obras, 6. Epistolario*, Vigo, Galaxia.



TRASALBA, TERRA LITERARIA

Texto
Patricia Arias Chachero

Fotografía
Andrea Estévez Álvarez

Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976), foi un dos membros máis destacados da Xeración Nós, o proxecto cultural mellor artellado e máis ambicioso da Galicia anterior á Guerra Civil. Como escritor, Pedrayo asinou novelas, ensaios, centos de artigos xornalísticos, pezas teatrais e ducias de poemas; legounos unha obra erudita, extensísima e de innegable calidade literaria. Era, ademais, un incansable orador, un home vitalmente coherente e xeneroso que non acostumaba negar a súa axuda e colaboración.



Parlamentario nas Cortes Constituíntes de 1931 e profesor na Universidade de Santiago de Compostela entre 1950 e 1958, don Ramón Otero Pedrayo presidiu desde a súa fundación, no ano 1950, a editorial Galaxia coa que abren as portas da lenta recuperación cultural galega na posguerra. A súa foi, fóra de toda dúbida, unha vida entregada a Galicia e aos galegos.

A casa e as xentes de Trasalba, onde pasou longas temporadas desde neno, deixaron unha importante impronta nos seus escritos. Nesta casa rematou e asinou obras tan significativas nas nosas letras como: *Contos do camiño e da rúa* (1930), *A romería de Xelmírez* (1933), *Devalar* (1935), *Vida del doctor don Marcelo Macías y García* (1942), *La fiesta del conde Berstein* (1943), *La vocación de Adrián Silva* (1944), *O libro dos amigos* (1952), *O señorito da Reboraina* (1959) ou *Rosalía* (1959).

Percorrendo algúns recantos desta fermosa terra resulta doado constatar a importancia que o espazo trasalbés tivo para o autor. En 1958, Florentino López Cuevillas, amigo desde a infancia e compañeiro de xeración, deixou dito:

> Ramón Otero pasóu e pasa longas tempadas no seu pazo de Trasalba, freguesía de bocarribeira pendurada por unha banda do val do Miño e por outra sobre do val do Barbantiño. Cando, pasados anos, se estude con fondura o seu vivir e a súa obra, ha de ser o intre de valorar xustamente o infruxo dista aldeia na formanza sentimental do mais ilustre dos seus veciños. Alí foi, certamente, onde por primeira vez percibíu a presencia de Galicia, e alí adeprendéu a amala deica o estremo de lle adicar o seu ser. Alí, nos soutos que hai acarón da súa casa, nos penedos de Rodeiro, non piñeiraes da costa de Santa Cruz, nas viñas que se meten polas costas que baixan pra as ribeiras, na aira do día da malla, nas adegas do tempo das vendimias, nas lareiras nos meses das xiadas ou das chuvias, decatouse da realidade da esistencia do noso ser peculiar.

Trasalba: verde lús
nas pupilas de pedra,
e un vento nos agros
e nas vidas. Trasalba,
tristeira e lucidía frol
da ialba.

Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar (1958)



Neste poema o escritor xoga coa idea de que o topónimo da súa aldea familiar ten que ver coa luz da alba. Segundo esta explicación pseudoetimolóxica, Trasalba sería algo así como o lugar que se atopa "detrás da alba". En realidade a partícula preindoeuropea "alb", da que tamén procede o termo Alpes, significa altura ou monte; o que cadra moito mellor coa disposición xeográfica de Trasalba. Ramón Otero Pedrayo coñecía este razoamento e aplícao cando sitúa unha das súas novelas máis coñecidas, *Os camiños da vida* (1928), en Trasouto, literalmente "o lugar que está detrás do outo, do alto".

Repara en que o propio apelido do escritor, Otero, significa precisamente iso, "pequena elevación". Pedrayo enredou con isto cando nos anos 60, asinou unha *Historia del arte universal*, co pseudónimo de Cerro de los Llanos, tradución ao castelán dun Otero dos Chaos -dos Chaos de Amoeiro, naturalmente- baixo o que se agochaba o escritor. Como terás ocasión de comprobar ao realizar o percorrido, son moitos os textos de ficción que ambientou neste espazo.

Se Marineda é na obra de Emilia Pardo Bazán, a cidade da Coruña, se a Vetusta de Clarín é Oviedo, se a Auria de Blanco Amor representa a Ourense ou se a Santa Teresa de Roberto Bolaño é en realidade, Ciudad Juárez; Trasouto, Soutoledo ou Valdoso son algúns dos nomes dados por Ramón Otero Pedrayo a Trasalba. O autor non deseña fantápoles, cidades inventadas, como fai Gabriel García Márquez con Macondo ou Willian Faulkner co condado de Yoknapatawpha, ambienta e recrea con fidelidade, os lugares que coñecía á perfección.

NO PORTÓN

Laio do **portón**,
salouco da cancela...
Quen saíu, cecáis non volte
a entrar por ela.

Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar (1958)

A suposta orixe fidalga de Ramón Otero Pedrayo, mantida por algúns dos principais estudosos da súa figura, non se sostén na realidade. Como podes ver, esta é unha casa grande de labranza e non un pazo. O escritor naceu no seo dunha familia acomodada, culta e liberal. Enrique Otero

Sotelo, pai do escritor, era médico e co tempo deputado provincial; o avó paterno fora militar e o materno, un avogado de sona na cidade de Ourense. Entre os seus antepasados había homes de leis, políticos, escribáns e relixiosos, pero de ningún modo fidalgos.

Sobre a porta de entrada da casa podes ler a inscrición: *Esta la hizo el S(eñor) D(on) Benito Sotelo en el año 1764*. Sotelo era o primeiro apelido da avoa paterna de Otero Pedrayo, o segundo era Puga. Puga e Soutelo converteranse, na ficción literaria, nos apelidos de Rosalía Puga e Antonio Soutelo, pais do estudante Paio Soutelo, símbolo literario dunha xeración libre e progresista, capaz de adaptarse aos novos tempos.

Repara nunha curiosidade antes de entrar na casa: se te colocas fóra da porta, mirando para o patio, verás que no muro da esquerda hai un pequeno burato. É a mirilla. Usábase para vixiar a entrada e saber quen pretendía acceder á vivenda; e en caso de necesidade, para apuntar e ameazar aos indesexables.

NO CURRO

> O Pazo franqueaba ô camiño un grande portal c´a data da feitura na lumieira, por frente do logar unha familia de casoupas, agatuñando unhas por riba d´outras. Grande **curro** cinguido de cortes e cortellos c´a solaina da casa ô fondo; pol-a parte do sul duas salas espaciosas, dando ô xardín unha solaina de pedra lindamente traballada que recollía o latexar do descoberto hourizonte. Pol-o norte, a dous tiros de fusil descobríase a masa valente do pazo da Seara ou da xente de Doncos.
>
> *Os camiños da vida* (1928)

O curro é un espazo amurado coas cortes dispostas ao redor. Segundo se entra, á dereita, está a palleira da casa reconvertida en biblioteca do Centro de Estudos Oterianos, un pouco máis abaixo as antigas cortes do gando, agora salas de acollida, e baixando ás escaleiras, os baños instalados nos antigos galiñeiros. Á esquerda, a actual libraría aproveita o lugar onde antano estivo a corte do cabalo.

Neste patio representouse nos anos 90, *A lagarada* (1928), unha das pezas teatrais máis afortunadas de Ramón





Otero Pedrayo. Foi doado acomodar a posta en escena deste texto dramático a un espazo que o autor tiña, sen dúbida, en mente cando o compuña. Cónstanos ademais, que moitos dos personaxes que aparecen nesta e noutras obras, estaban inspirados en persoas reais que viviron en Trasalba.

NO CORREDOR

> Desque había médico en Trasouto aquilo era unha romería. Chegaban vellos cangados c´os seus cayatos, salaiando saúdos e queixas do flato, do mal das costas, do peito, queixandose ús que non podían enviar, outros de mareios do estómago ou de falta de forzas pr´a angueira mais pequena, homes comestos de calentura c´o queixal mouro e os dentes batendo, con pernas, brazos e testas entrapalladas, e chagas na carne seme-





llantes ôs ouricelos que s´apegan âs pedras, labregos c´unha espiña de toxo espetada no ollo, mulleres cos peitos inframados, ou sin ganas de comer, ou con espaventos histéricos que puñan medo. [...]. Hastra algunha noitiña viñan moi a modo ús homes fracotes de ollar esculcante que eran recibidos pol-o médico c´a pistola riba da mesa e camiñaban con presa por sair do recinto do logar. Toda aquila xente agardaba no **banco posto na solaina** ou sentada pol-as torgueiras, baixo os alpendres ou no carro.

Os camiños da vida (1928)

A galería de madeira que ves no corredor foi idea de Daniel A. Rodríguez Castelao, un dos mellores amigos de Otero Pedrayo. A historia deste fermoso recanto da casa non deixa de ser curiosa, pois o deseño e a construción da estrutura de madeira fíxose por correspondencia. No ano 1935, o matrimonio composto por Castelao e Virxinia Pereira, pasou unha temporada nesta casa, pouco tempo despois de regresar dun desterro en Badaxoz, consecuencia dun traslado administrativo forzoso.

Nunha carta datada neses anos, Castelao dille ao seu amigo: Velahí che van dous deseños na compaña d´uns tacos de madeira que deben servirlle de modelo ô carpinteiro. A cousa é moi doada de facer. C´unha trencha ben afiada e un serrón faise decamiño. Eu non coido que haxa nada menos dificultoso. O estilo é aldeán e moi repetido a miúdo debe facer bó efeito.Coido que compre facer un balcón ben forte, non con tabuiñas, sinón con paus de seición grosa.

[...] No dibuxo todo vai moi groso e non dá idea do que será.

A HORTA

A **horta** da casa dos Solovio na ribeira do Miño non era das mais grandes. Pol´o xeitosa, leda, e farturenta non tiña envexa a ningunha. Despois d´un anaquiño de xardín de buxos, roseiras e laranxos baixaba en dous planos hastra a mesma beira do rego da Millarada. No primeiro cruzábanse dous paseos emparreados, con postes de pedra demarcando catro cadros d´horta e patacas sombreados por algunhas dúcias de froitales. No centro estaba o tanque de lavar e a fonte que viñan do mesmo manantial da fonte e lavadoiro do pobo posto acarón da cerca no camiño. Fora obra d´un antergo da casa e levaba a data: 1792. No ano do Terror o fidalgo ribeirán ocupábase en canalizare as finas augas da encosta. Un tema pr´o temperán esprito caviladoiro do Adriánciño, neno. A segunda e mais baixa metade da horta tamén tiña seus paseos de viñedo e

tod´ela s´adicaba a nabeira de millo. Pol´a parte mais baixa volvíase lameiro sempre verde cruzado por un sendeiriño.

Arredor de si (1930)

Descoñecemos o lugar onde estiveron a fonte e o lavadoiro do pobo, se é que os houbo en realidade. O que si é certo é a existencia dunha canalización de pedra que baixa desde o souto e entra na casa para garantir a existencia de auga durante todo o ano. Podes ver parte desa canle ao lado da porta do Centro de Estudos Oterianos.

A nai de Otero Pedrayo, dona Eladia, que en moitos sentidos lembra ás mulleres traballadoras e loitadoras que aparecen nas novelas oterianas mancouse neste lugar na primavera de 1956, cando estaba a piques de cumprir 98 anos. Rompeu unha perna e inda que a operaron decontado nunca recuperaría a saúde. Faleceu o día 4 de febreiro de 1957. Otero Pedrayo que estaba moi unido a ela, presentía este accidente e acostumaba pedirlle que tivese coidado cando saíse ao xardín.

ARAUCARIA

A vella baixa pol-o xardín. Mira pr´a a **araucaria**. Era ben pequeniña cando foi prantada. Agora a soma piramidal pasea amodiño tod´o xardín, pónse de peitos na solaina, hastra mete un pico de soma na saa. Moitos paxaros aniñan n-ela. Cantan en latín, no seu latín ceibe das aveciñas non suxeito â gramática do Raimundo, as Horas de Nosa Señora. A vella resbando mais que camiñando vai dando a volta.

Devalar (1935)

Na familia propietaria desta casa existía o costume de plantar unha árbore para celebrar cada novo nacemento. A árbore que puxeron cando naceu Enrique Otero foi unha laranxeira, quizais algunha das que inda podes ver neste xardín. El foi quen plantou neste lugar ao pouco tempo de nacer o seu único fillo, unha árbore. Segundo sabemos hoxe, tratábase un pinsapo.

Otero Pedrayo, que como ves no texto, acostumaba referirse á árbore como unha araucaria, dedicoulle un entrañable conto titulado "Meu irmao". O texto, redactado exprofeso para unha humilde revista escolar e publicado poucos meses antes do seu pasamento, relata a historia da



árbore e a fonda pena que sentiu o escritor o 5 de febreiro de 1972, xornada en que caeu derrubada a araucaria como consecuencia dun forte temporal. O espírito romántico de Otero fíxolle ver tras a caída o anuncio da súa morte. Usou parte da madeira para decorar a libraría do comedor da casa grande de Cima de Vila e gardou o resto indicando que debía ser usada para facer o cadaleito no que quería ser enterrado.

Se te fixas ben nas pedras da solaina, inda son visibles os estragos ocasionados polo terrible accidente. A árbore era tan grande que tardaron meses en sacala.

SOLAINA

A **solaina** é vella e noble, traballada dun xeito decorativo, finamente cooreada polos orcelos. Unha hedra rube pola parede: como está ao abrigo, anuncia





cediño a primavera con uns gromos de verde neno que non parece sufrir o sopro das marzadas; no outono as grandes follas dun verde de metal antigo, coma bronce fenicio, vólvense sanguentas pra mirar o enterro diario do sol; logo as máns fantásticas dos ventos vanas arrincando, esparexéndoas sobre os mirtos do xardín. Dende a solaina vese un grande anaco do chan galego: horizonte aberto, equilibrado, graduado en desenrolos suxestivos dos máis variados temas da paisaxe. Os ollos buscan a ergueita serenidade das cumes.

Á dereita a serra Martiñá, en figura de meda ben plantada e ben rematada, ten o saudoso prestixio do norte.

"Desde a solaina", *Parladoiro*

Este era un dos lugares favoritos do escritor. Aquí acostumaba descansar, cando o tempo llo permitía, e aquí foi, segundo contou el mesmo, onde leu os primeiros libros. Os amplos horizontes que se vén desde a solaina espertaban no xeógrafo que era Otero, o desexo de describir o que vía. Moitas son as persoas que o lembran enumerando as poboacións e elevacións montañosas que se poden ver desde aquí nun día claro: San Trocado, Punxín, a serra Martiñá, a Madanela, Maside, O Carballiño... Ramón Otero Pedrayo concibía a paisaxe como un ben colectivo. Era, segundo el, un elemento extremadamente importante do patrimonio identitario galego.

Asociados á solaina aparecerán frecuentemente nos textos oterianos, a pedra do país con que está construída e os liques (orcelos) que a recobren. Ambos dan conta dunha singularidade propia, a existencia dunha fermosa pedra granítica galega e o predominio do clima húmido que caracteriza a nosa terra.

TANQUE DA AUGA

Sentíase na horta o cair da auga no tanque e baixou pra se lavar nas craras augas.

As fontes vivas da montana nascidas no cerne d´un granito crebado por estranas e descoñecidas fisuras, logo levados por canos de pedra traballada abertos ao sol, caían agora, ledamente, tiñan un curtiño istante de liberdade algareira pra de seguida s´adormiñar no sepulcro do tanque. A auga alí repousaba hourizontal e conteñida, tiña fondos verdes de trollo xenésico no que se criaba unha vida homilde e ascondida; era por riba crara, disposta en pranos deitados e enmarcados como pracas de vidro postas en pila. Lavouse nas augas mais frías do que fresqueiras, e ollou pr´as que s´escapan do tanque: voltaban â liberdade mais a unha liberdade agrícola, de traballo, pois en logar de correr pol-as laxas do monte afundíanse na grasa terra, ben chea d´esquilmo, da horta.

Escrito na néboa (1927)

NA ADEGA

O alento da **adega** semellante ô d´un vello craustro románeco santificado pol-a lembranza dubidosa mais presente d´un bispo d´aquiles que firmaban os previlexios dos

reises, inda qu´a adega soilo gardaba un pouco de priguiza dormiñenta dos viños d´outro tempo i-o olido a probe de pedir dos montós de patacas inzados ô ventarse de lonxe a primaveira pol-os cherelos finos e longos coma lirios na escuridade.

"A volta", *Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega* (1927)

A terra onde te atopas tivo sempre moita relación co cultivo da vide e a elaboración do viño. Até non hai moitos anos, Trasalba era ademais, terra de sarrieiros. Isto é, de homes que se dedicaban á delicada tarefa de limpar o sarrio que se creaba no interior das cubas e pipotes. Eran traballadores moi cualificados, pois cumpría raspar a cotra con delicadeza para non estragar a madeira da cuba. Ao mesmo tempo, debían ter coidado cos gases tóxicos que se desprendían do proceso de fermentación do viño.

Eladio Rodríguez González, no seu *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1958-1961) di que: "O sarrio constitúe un negocio antigo ao que se dedicaban hai anos dúas compañías de homes da parroquia de Trasalba (Ourense), que van ás terras de viño de Castela, Navarra e Aragón, e ás veces ás comarcas de beiramar de Pontevedra, para dedicarse a arrincar o sarrio das cubas, na época comprendida entre a venda do viño e a nova vendima. Os sarrieiros trasalbeses, dedicados a este negocio, veñen de pais a fillos e coñecen as ribeiras do Ebro na Rioxa e no centro de Aragón e Navarra, o mesmo que as comarcas vinícolas de Valladolid, Zamora, Burgos, Haro e Aranda. As ganancias que obteñen por este medio non son pequenas".

EIRA

Os soutos, as saas do pazo, os libros dos antigos colexiás, hastra a eira toda de pedra, como un craustro, onde o aire é sempre rifón como un abade, saben que íl voltará.

Devalar (1935)

Neste recanto enlousado era onde se mallaban os cereais que se recollían nas propiedades da casa. Ao subir polas escaleiras que conducen á eira, repara na cabeza de pedra pola que se verte a auga ma pía da fonte. Por tras da igrexa de Trasalba hai unha talla moi semellante.





DENTRO DA CASA

NA COCIÑA

No inverno, cando os fríos e as matanzas, xuntábanse na cociña moitos veciños. Estaba o "Tenacio", vellote esquío, o "Valeiras", o "Tumbalobos". Falaban das guerras cando "macheteaban" aos "mambises". Eran calmos e fermosos os cans: O "Ney", o "Bismarck" grande e loiro. Un dos máis amados do neno era o "Maceu". Cando morréu ocultáronllo ao neno. Pro el soupo onde o enterraran e adicáballe flores. O neno durmía en leito pequeno, perto dos pais. No esquinal había duas ou tres escopetas, dous revólveres, un fusil. Debaixo do leito do pai durmía un can. Denantes de se





deitar a aboa, unha servinte miraba debaixo dos leitos na parte non habitada, e enferrollaba e atrancaba portas e fenestras.

A historia de un neno (1979)

NA DESPENSA

A señora fixo renxer a chave da despensa e moi amodiño foi pôndo riba da grande arca do pasadizo a botella meiada d´augardente, o vaso, unha metade de pán de centeo misturado con millo. Pasando revista âs cousas da **despensa** convenceuse de que todo estaba no seu logar. Os pernís e a soá do porco pendurados da viga maestra. Os ferrados da medida grande e pequena c´as reduciós de coartales e copelos e o lustroso rebolo fixérona maxinar que os da Rigueiriña demorábanse moito no pago da renda e da precisiòn de mandarlles un recadiño. Conviría remudar o cabezaleiro pois aquil Xulián, que figuraba pol-o corpo un tumbalobos non tiña xenio pra se impôr ôs pagadores de Medelo. As fabas, e fabocas das aparceirías estaban no seu sitio, ô igoal qu´as camadas, as tazas e xerras, e o arcaz dos chourizos e do unto ben pechado: ¡C´as criadas novas son precisos mil ollos!

Os camiños da vida. (1928)

NO DESPACHO

No **despacho** pequeniño, fresqueiro, c´unha fiestra enreixada están as obras do P. Feixóo e tamén moitas ringleiras de libros novos. Uns din Alcán: outros Mercure. Hai algús de rexa encoadernaceón en alemán. Moitos teñen notas ô marxe. Esquirtura do Adrián que a nai bica a furto. <<D´istas horas canto terá andado por Madrí! Falaría c´os amigos. Non convén deixar as amizades. Cómprelle un posto no mundo. Doña María calcula as rentas, as terras, o diñeiro do Banco. Alí está a sua dote, enteiriña. <<Il non foi nâdo pra a aldea. Levóu o chileque d´abrigo. Sí. Levou todo. Como é tan deixado de fixo lle roubarán a fermosa bufanda tecida. Levou tamén as botellas de tostado e a do licor-café>>. Unha longa rayola de sol figura crescere a soedá do despachiño.

Arredor de si (1930)

En realidade o escritor acostumaba traballar na mesa de braseiro que hai no comedor. Mesmo ao lado da porta da habitación matrimonial. En *Devalar* (1935) lemos que ao andar por riba dela a madeira da casa "renchía como un ialma en pena", o que inda agora é posible comprobar.

Colgada neste despacho podes ver a toga que o escritor utilizou para ingresar na Universidade de Santiago de Compostela en 1950.

DIANTE DO MAPA DE FONTÁN

Anoitecendo o segundo día chegou Adrián da estación. Viña mais fraco, desfeito da viaxe. A nai refuxiándose no seu peito chorou por fin bágoas consoa-



doras. Fuxía a derradeira inquietude da faciana do doente e a sua man acariñaba a testa do sobriño axionllado. Na noite ficaron soilos. Enton o doente faloulle ô Adrián: -Meu fillo, vai ô despecho e descolga aquil mapa grande... Quero vélo dinantes de morrere... O sobriño c´axuda do señor Pascoal trouxo â alcoba o **mapa de Fontán**. Pendurárono da parede. Os ollos do enfermo reviviron. A mán figuraba sinalar hourizontes. Unha pura alegria animaba a faciana murchiña e branca. Adrián c´unha vela na mán iba alomiando os logares qu´o vello dicía con vos lonxana: Corme, Laxe, Camariñas, Niñóns... Adrián non sabía sempre atopar os sitios. O enfermo falaba: -<<Non, a dreita, a ezquerda, un pouco ô norte>>. A vela alumeou longamente un nome e o sitio de Compostela. Adrián lía nomes de montes, de ríos, de pobiños, d´ermidas. A luz ía seguindo os trazados dos camiños.

Arredor de si (1930)

O matemático Domingo Fontán (Portas, 1788-Cuntis, 1866) mandou imprentar a *Carta Xeométrica de Galicia* que podes ver nesta habitación, no ano 1834. Foi o primeiro mapa que se fixo en España utilizando medicións matemáticas e seguindo un método científico. Fontán traballou nel durante 17 anos. Tomando como punto cero a torre da Berenguela, da catedral compostelán, percorreu boa parte de Galicia montado nun cabalo.

Ramón Otero Pedrayo tiña polo menos dous exemplares deste impresionante mapa que moito significaba para el. Levou un deles a Bos Aires na viaxe que realizou no ano 1947 convidado polo Centro Galego desa cidade. Cóntao en *Por os camiños da saudade* (1952), un coidado libro de viaxes onde describe o reencontro coa diáspora galega tras a Guerra Civil. Como mostra de agradecemento, o de Trasalba regaloulle o Fontán ao Centro Galego, onde actualmente está colgado, enmarcado mesmo en fronte dos des-





pachos da directiva da institución, moi cerca de catro arcas que conteñen terra das catro provincias galegas.

AS XANELAS DA SALA

> Levada por un lonxano degoirar de estirpe a velliña franquea primeiro a fiestra do norte. ¿Porqué? As do sul dan â solaina, entra por élas o ulido e a beleza do xardín, a fartura das hortas, a graza das parreiras sufincadas pol-os outos esteos de limpa e crara pedra. Mais a señora entra no día abrindo a fiestra do norde. Debe ser tradizón de caste. Sempre a lus d´isa fiestra é severa, pura, rexa. N-ela adepréndese sereidade cun estilo aristocrático da vida. Aos lonxes a serra azul.
>
> *Devalar* (1935)

CUARTO DO ALTAR

> Tivo seu tránsito unha doce serán d´outono no coartiño do poente adornado por unha lacea en arco onde a sua devoción de sinxela i-almiña puxera un altar barroco sempre frolido c´as rosiñas recendentes da vella roseira da fonte.
>
> [...] Na parede franqueábase unha especie de alacena con arco, na que as tiíñas difuntas ordenaran un altar do Santo Antonio. Todo comesto do verme, desfacíase en pó, o santiño tiña tantas mermas, rilladuras, e lixados coma os probes que piden nas portas das eirexas. Había outros santos que apenas se aduviñan na vellez do retablo, uns libros en pergameo botaban un bafo de balor de chourizo vello, e unhas ducias de membrillos figuraban gardar a ledicia do sol marelo da outoniza.
>
> *Os camiños da vida* (1928)

Pedrayo fai que a propietaria do pazo da Pedreira, Misia Vicenta, a tía de don Xosé María, morra nesta habitación. Vicenta é un nome moi querido para o escritor pois era o nome da súa avoa paterna. Un dos tres nomes propios que se poden ler na partida de bautismo do escritor é tamén este, Vicente, en honor da súa avoa.

Ramón Otero Pedrayo chamou a atención en reiteradas ocasións, sobre a importancia que o elemento autobiográfico tiña na súa obra. Nunha entrevista cóntalle ao profesor Víctor F. Freixanes que: Tiven sempre certa vocación biográfica, certa vocación de testigo. Pero as cousas chegaron a min ao traverso do meu pai e das historias que me contaba a miña avoa máis que polo meu coñecemento direito.

FÓRA DA CASA

NA ESTRADA

> Os traballos da carretera van adiantando. Impracabre a serpe branca vai desenrolando suas voltas, divi-

dindo os lugares, rompendo pol-a mitá as viñas petriciales, interrompindo os antigos camiños mallados pol-as pisadas de cen xeneracións. Vaise cambeando o paixase do val. A eirexa e a casa do cura xa non teñen o sitio millor e mais vistoso, nin leva a vista coma centro da parroquea; agora arreconchegada, esquecida nun altiño d´espalda ao camiño novo.

Pantelas, home libre (1925)

A estrada, que Pedrayo acostumaba nomear sempre en castelán, ten unha forte carga simbólica na obra literaria oteriana. Son moitas as ocasións nas que o escritor explica como a súa chegada irrompe na realidade da aldea partindo pola metade soutos e hortas, sen respectar as viñas nin os antigos carreiros. A "carreteira" é o camiño por onde chegan á aldea as innovacións que van rematar coa sociedade tradicional.

Cómpre lembrar que o propio Otero Pedrayo, tivo algúns problemas cando se construíu a estrada que pasa a poucos metros do portón da súa casa de Trasalba. Fíxate, e verás que A Carreira, o camiño tradicional -que debes seguir para continuar este percorrido- pasaba a carón da porta e do muro da Casa Grande de Cima de Vila.



bríase o cume do tellado e a chemineia do outro pazo mais pequeno que o dos Doncos, de pouca terra arredor, veciño ô lugar da Pedreira que lle daba o nome.

Os camiños da vida. (1928)

NO PAZO DO CAMPO

O dos Doncos era nomeado **Pazo da Seara**. Un dos millores d´aquilas xurisdicións. O corpo da casa ergueito en fina canteiría, obra limpa dos barrocos do dazasete, soilo se franqueaba ôs camiños pol-a grande fachada composta da capela barroca lindamente tallada en pilastras, bandas de roseiras e dinteles retortos e a muralla almeada do páteo, na que se abría o portal, e cara ô nacente por unha chea de fiestras enreixadas, coma de mosteiro, dispostas en duas fiadas, as de enriba bicadas pol-as longas polas do souto da outra banda do camiño; sombrizo e temeroso na noite. No páteo medraban buxos marelos pol-a vellez e deitaba a fonte. Pol-o sul e poente, o pazo, prantado coma un señor, dominaba a larganza das millores terras do seu patrimonio. Comezaban no xardín, na horta e no pomar e corrían en mainas baixadas de nabeiras, bacelos, lameiros e montós d´arboredos, cinguidas en xunto pol-a grande parede de forras coroadas por capias e cabaletes. Ò agarimo d´elas envellecian retortas oliveiras. Por riba do pomar desco-

O pazo do Campo ou pazo Gayón, por ter sido este o apelido dos seus propietarios, é unha construción fronteiriza coa casa familiar do escritor que, en tempos, foi da súa propiedade. Na Fundación Penzol, en Vigo, gárdase un documento de compra-venda datado en Ourense, o 12 de agosto de 1878, no que pode lerse que un novísimo Enrique Otero Sotelo comprou os bens de Manuel Gayon, veciño de Trasalba falecido, "para o pago de créditos e costas".

Durante 13 anos o poeta Antonio Noriega Varela (1869-1947), traballou como mestre na escola do Outeiro, en Trasalba. Has pasar diante do vello edificio cando vaias camiño da tenda. A primeira esposa de Noriega, Ramona Bello Mariño, nai dos primeiros seis fillos, faleceu ao pouco de chegar e o escritor volveu casar cunha moza do lugar, Dorinda Almansa Vázquez, con quen tería outros sete descendentes.

Nese tempo, o escritor mindoniense trabou amizade con Eladia Pedrayo e con Ramón Otero Pedrayo quen



o puxo en contacto co grupo de escritores que se reunía no Ateneo ourensán. Parece ser que dona Eladia, deulle permiso a Noriega para que queimase as táboas do ruinoso pazo e impedise así que os pequenos pasasen frío no inverno.

CAPELA DO PAZO DO CAMPO

Capela de faciana linda, porta encoadeada en pilastras, bandas de roseiras, frontón triangular rematado pol-a pequena espadana e acougando a fiestra da tribua e a pedra d´armas. Nave treiteada de madeiras, n´outrora taraceadas, coro coberto por fermosa linterna de limpa canteiría. A faciana da casa olla pr´o Norte. Tres grandes salas, a maor a da esquina S.W. compretanse con outras habitaciós e teñen fiestras con montante e poyo nos espesos muros comunicándose éntrelas por portas baixas con follas de fermosa laboura coartelada en resaltes. A grande sala domina os ourizontes do Poente pol-o balcón de ferros traballados, e grandes lousas, sosteñidas por unha piña de pedras de preciosa laboura, As coadras e a tulla ocupan os baixos empedreados, con grandes portas baixo a solaina do Norte. O desfeitos do pazo apenas deixa sospeitar un pouco da súa antiga fermosura gabada pol´a tradiceón.

"Probremas de Xeografía Galega. Notas
en col das formas de poboazón labrega"
Nós. Boletín mensual da Cultura Galega (1928)

A igrexa da parroquia de Río garda o retablo do pazo Gayón, comprárono por oitenta pesos, cando a desfeita

da casa. Ao pasar por este lugar camiño de Santo André de Teixido, Ramón Otero Pedrayo cóntanos que: "Os labregos vellos de Trasalba inda se lembran d´il, da fartura de figuras e d´historias traballadas na madeira", *Pelerinaxes* (1929).

Na base do cruceiro que está fronte a capela pódese ler: *Pra devoción e consolo dos veciños e pasaxeiros ca lembranza da pasion do noso señor mandaron facer iste cruceiro, don R. Otero Pedrayo sua nai e sua esposa. Foi labrado por o maestro Desiderio García. 1948.*

Ramón Otero Pedrayo deixou dito que: "Os cruceiros en onde as vellas pedras de Galiza, pedra granítica e pizarrosa, que é a pedra máis antiga do mundo, esa pedra que recorda estrelas que xa morreron fai moitos centos de milenios no resplandor do ceo, pois esa floración da pedra, esa fror da pedra, fror de oración, fror de penitencia, fror de simpatía, fror de amor, sobre todo foi interpretado por Castelao con verdadeiro amor". *A miña amizade con Castelao* (1986)

NA PORTA DA REITORAL

Houbo unhas verbas de mando e o pelotón, calcando con forza a terra do camiño, endereitouse car´â **reutoral**.

Todo pechado. O Xefe ergueu o aldabón e o golpe sobresaltou ô abade. Estaba na fría sala do norte ollando c´un tremor de xenio rabudo o movemento guerreiro do campo da Feira. Ouvindo a chamada, enderezou a soá, pechou con grande ruído de chaves a cociña ond´as mulleres coidaban do pote da ceba, baixou ô curro, atou o can, e franqueou a porta.

D. Xosé María facía moito tempo que non pisara o curro da reutoral. Diant´o crego descobriuse con fina curtesía: - <<Pois, señor abade, véñolle comprir unha obriga -que, vamos, non quixer-, mais as cousas do mundo son así.>>

Os camiños da vida (1928)

NO ADRO DA IGREXA

No adral da miña parroquia había noutrora dous grandes choróns. Eran fermosas árbores como verdes Niobes chorosas, salaiando polos fillos. O seu verdecer tenro era irmán dese anaco de ceo que ás vegadas entre dúas nubes de fogo, de neve, de pluma ou de ensoño, finxe no solpor un fondo de mar noviño, de primavera. Na horta da reitoral os dous cipreses estaban alí rexos, místicos, afirmando con dureza de teólogos a leviandade das cousas humanas. Soio un rechouchear de paxaros animaba a pecha frouma disciplinada pola arela do cume oxival. Tamén os paxaros se metían destemidos na barba vexetal dos cenovitas. Agora cortaron os choróns e as lousas ficaron privadas da chuvía verde das ponlas e da sombra de nube parada alí por piadoso ofrecemento. Son tan vellos os alcripreses que xa unha tona de orcelos os cobre amolecendo a afirmación categórica da árbore.

As costureiras teñen un pouco de medo ó retirarse, entrada a noite, e pasar a carón do adro. É un medo simpático. Agora as leis queren facer lonxe os adros, pois xa vai aminguando o maor cara ós mortos.

"O adro", *Vida Gallega* (1928)

A igrexa de san Pedro de Trasalba é do século XIII, moi transformada no século XIX, tal e como podes ler na parte superior do muro que dá ao camiño. Pedrayo que foi un home fondamente relixioso, visitaba con frecuencia esta igrexa. Insistía en que sempre fora do bispado, inda que algúns investigadores sostivesen que a cruz do tímpano se asemellase a unha cruz templaria.

Paga a pena dedicarlle algún tempo á porta principal. Cada unha das mochetas leva unha figura de animal. Na da dereita distínguese unha cabeza de cabrito, a da esquerda tense identificado cunha fera, talvez un lobo. Os capiteis das columnas están belamente traballados. Nun dos da esquerda pódese ver a figura dun músico facendo soar o seu instrumento, un pouco máis abaixo, ao seu carón unha ruda figura humana de pé e por riba un animal, quizais unha vaca ou un can.

A FONTELIÑA

O herdeiro unha seran aproveitando a escampadela baixou pola Seara apegado â muralla de cabalete. Facía algús días que seguía o mesmo camiño hastra o outeiral onde o muro afiandose n´un ángolo outo domiñaba unha parte do logar da **Fonteliña**. Un antergo dos Doncos ordeara trazar alí un mirador de lousas ô que rubía unha escaleira de pedra escanastrada pol-o baril

rempuxe das torgueiras d´un loureiro: carballizos esgrevios c´a folliña murcha tercamente apegada renchían c´as bambeadelas dos aires, e unha homildosa vexetación ía cobrindo as lousas do mirador.

[...]O logar da Fonteliña non estaba habitado por veciños desde facía moitos anos. Voltárase un montón de bodegas, palleiras e casoupas esmorenadas. A fonteliña que lle daba nome corría soila a môr parte do ano e o cabrinfollo do muro non arumaba a conversa dos noivos, â noitiña.

Os camiños da vida (1929)

Ti tamén acabas de baixar pola Seara, como o herdeiro dos Doncos. Na Fonteliña localiza don Ramón a palleira dos Cordas, onde se producen os encontros amorosos de Farruco Doncos e Xenara Corda mentres o irmán maior de Farruco, espreita.

O primoxénito dos Doncos e outro dos Cordas argallarán o roubo ao priorado da Granxa, que se saldará co asasinato do frade que alí vive.

A BERGUEIRA

Na **Bergueira** comprendense naturalmente outros dous lugariños: Os Campos e Portela. O môr cingue un campo espallado d´abondo prantado de caracochos e carballas e animado por un fato de cabaceiras; cruza ô pe d´algunhas casas e atesta c´o campo o regueiro do que tomou nome c´o seu pontillón e obras defensivas contra as cheas súpetas. A porceón W. chamada mais particularmente O Campo garda un pequeno pazo unha miguiña desviado con horta, eira, alcipreste e curro, unha casa fidalga que non chega â categoría de pazo, e un que foino, e dos bôs mais qu´hoxe apenas garda lembranza de señorío pol´as remendalladas dos peisanos *chés* que o poseen. O logar de Bergueira amostra o aproveitamento do terreo pra curros e parras.

"Probremas de Xeografía Galega. Notas en col das formas de poboazón labrega"
Nós. Boletín mensual da Cultura Galega (1928)

En *Os camiños da vida* coñecemos a animación que vive o lugar nas horas de traballo. Por aquí circulan o señor Vicente Zaparín, o tío Antón do Rego, Roque o Papeleiro, Perico, os da casa dos Cordas e alí ten a súa casoupa medio derrubada a Reina da Canella, "unha vella, velliña, probe cortiza que estaba chamando a terra por ela" e que "Case se mantiña de esmola e dunhas verzas e fabas que procuraba con moito amor nun copelo en semente de terreo".

O QUINTAIRO

Abríuse a vendima e de todol-os lugares rubíu o coro das mulleres, e os aturuxos valentes dos carretós dos primeiros culeiros. O centro de traballo era coma sempre **o Quintairo**; a dúcia e meia de casas de forras eran todas bodegas. Unhas nas propias viñas, arredadas do camiño, outras formando rúa ô seu correr. N´elas recollíase a colleita, facíase o viño, gardábase a pinga que restaba do diezmo e do foro sin levar âs casas d´habitación, máis que a cabaza ou a xerra pr´o gasto do día.

Os camiños da vida (1928)

Normalmente en Trasalba, as adegas non estaban nas casas senón ao pé das viñas. Como podes ver, inda hoxe hai moitas no Quintairo.

Sobre elas escribiu Otero Pedrayo no ano 1928: as bodegas adoitan variedade de disposicións. Hainas isoladas e afastadas da casa, na viña ou preto d'ela, formando como no logar do Quintairo, un pobo sin veciños. Son istas casiñas terreas, compretas no seu tipo pois hastra teñen algunhas cociña, con lareira, pendellos acaroados, e lagar no mesmo ou n'un local dividido con pilo, tanque, e o compricado aparato de madeira (fuso, porca) e pedra, pra pisar o viño.

Estas fermosas construcións de perpiaño danlle sabor a un dos recantos máis apartados do noso percorrido.

OS MUÍÑOS DO RUZO

E nista raiola de dóces sensaciós chegóu, como levada da mau, **ós muíños do Ruzo**. Unha morea témera e un baixo pranto de augas. Ela sabía que había un coarto aínda treitado, acougo asegún se decía, ás veces, de mendiños e raposeiros; e cansa, pro, máis que cansa, obedente a unha arelanza, vagoenta e teimosa como a néboa, entróu no buraco e deixóuse cair.

Nas lousas de pedra estrábase unha carreta de fentos, murchos cecáis, e no ambente marcábase un recender de allo, tabaco, viño, corpo sudado, roupa vella meteorizada polas chuvias, xiadas e raxeiras; cheiro de home, ben logo testemuñado polo roncollo baixo e longo dun fondo durmir... O Maroutallo tiña maxinado moitas veces o dóce resonear dun mozo baril.

O Maroutallo (1974)

A protagonista deste relato breve, o Maroutallo, é unha muller pouco agraciada fisicamente e frustrada porque os mozos lle escapan, negándolle a oportunidade de converterse en nai. Será unha noite, no vello muíño do Ruzo, onde logrará "uns brazos vencelleiros, barbas duras envolvendo alento quente e baixas verbas namoradeiras, nunha dóce pesadume de feixe de frouma riba dela, ou de carrada de frouma aspra e mol, e a delor e arelante novidade de lle nacer un gostar novo e agardado". Pouco lle importan a ela a bebedeira do home, a pouca limpeza ou que marche roubándolle os cartos.

A VELLA TENDA DE TRASALBA

Preto da baixada das Taborelas había unha casa esmorenada na que adoitaban parar os antigos arrieiros, algús marchantes, non poucos espías e ladrós e en certas tempadas, algús fidalgotes pra xogar as parexas de bois vendidas na feira e tratar das cazatas de mozas. Inda non andaban os carromatos e non se pensaba no coche correio cando chegou un castelán, mercou a casa e púxose a obrar. Fixoa de alto e baixo, con tres grandes portas pra coadra con bos pesebres e vagantío d´abondo pra metere dous carros, pra tenda e pr´o portal e a escaleira pina que subía ôs coartos prencipales reservados pr´a xente de porqué. Puxo na tenda un bó mostrador pra despachar viño, bacallau, arroce, pemento, pan, pólvora, aceite e todal-as cousas qu´aixiña foronse precisando. Os peisanos comezaron a mercar cousas diariamente. Logo viñeron os panos e na parte d´atrás da tenda houbo gran depósito de sacos de millo, patacas, centeo. Non tardaría en abrir un forno de pan.

Os camiños da vida (1928)

N´*Os camiños da vida*, Otero Pedrayo afirma "hastra que non veu a tenda non se fixou a carreteira", ambas ideas -comercio e vía de comunicación- acostuman estar asociadas. A burguesía mercantil descrita polo escritor é habitualmente foránea, e coa súa chegada converten a economía natural propia do mundo rural en economía mercantil. Os tendeiros e comerciantes, introducen modificación no vivir calmo da aldea, sometida desde hai moitísimo tempo aos ciclos naturais e aos ritmos marcados polas actividades propias deste mundo.

No edificio que tes diante houbo efectivamente, unha tenda, "a da Peregrina". Peregrina Cabanelas Conde e o seu home, Eduardo Pereira Fernández, rexentaron un dos primeiros establecementos comerciais que houbo en Trasalba. Inda que na reixa do balcón podes ler a data de 1940, o comercio púxose a andar nos anos 20, e como podes observar tanto Pereira como Cabanelas son apelidos plenamente galegos.

Se segues recto pola estrada, regresarás ao punto de partida deste percorrido. Se o fas, fíxate nun peto de ánimas que hai na mesma beiravía onde está a tenda. Inda que lle falta a tampa da hucha, podes apreciar a representación das almas queimándose no purgatorio. Como seguramente sabes, estas pequenas construcións populares, usábanse para recoller as esmolas dos camiñantes e normalmente non se sabe quen as mandou colocar ou por que motivo o fixo.

PENEDO REDONDO

Eiquí neste penedo, síntome no marco de dúas terras e de dous horizontes: remata nas chairas descubertas de centeeiras eiquí e alí rachada sen laxes ou outeiros pola pedra nai, comeza nas viñas rubidoiras das costas, as fondas terras de rega, os pobos privados de cabaceiros mais inzados de bodegas e lagares. A simple visión do debuxo dos eidos, da feitura dos lugares, da arquitectura dos pazos, fala dun vivir ribeirao ben diferente do monsteío en tódalas direcciós da loita do home pra seguir e amansar a natureza.

"Camiños nas paisaxes", *Céltiga*, 25-III-1920

O Penedo Redondo, no termo dos Agoeiros, pertenceu á casa de Otero Pedrayo. Na ficción literaria o escritor fai que a casa do Maroutallo, pague renda "pouca cousa", no foral do Penedo Redondo.

O texto fala da zona xeográfica de transición entre a montaña e a ribeira, isto é a bocarribeira. A parroquia de Trasalba, zona xeograficamente individualizada, encaixa perfectamente neste concepto xeográfico popularizado por Ramón Otero Pedrayo. Segundo el a bocarribeira é:

> Un dos aspeitos e composiciós de paisaxe máis *nosos* por a graza e leda potenza de espresión, por a fartura e acompasamento das formas e os procesos en estaxes raiosas, vistosas, por seren a zona de contaito onde nin remata a montana en *facies* duras, nin morre melancónicamente a ribeira, pois entramas se conxugan na gracia de síntesis de bocarribeira. Fai falla unha terra de moita e longa historia cósmica pra podérense desenrolar nela istas formas de amorosa humanización. Nas cordilleiras cantábricas non hai bocarribeiras.
>
> *Paisaxe e cultura* (1955)

SOUTO

> Son trinta e dous castañeiros. Vellos, co isa leda velleza das ponlas en roda capaces de abranguer unha aldea e moitas xeneracións. Naquil de zoñudo aspecto sempre había vésporas e viña todos os anos a queimalas con un fachico de palla o tío Bieito coa sua crica de bico de xerra. Dos tres irmáns da Fonte Vella o do meio foi decotado polo caripinteiro de Vendas Novas, que dixo topalo fogueado no cerne. ¡Grande mentira de caralabada, pois enxamáis foi traballada tan limpa madeira, san como mazán camoesa I I en todos os da banda do camiño vareaba as castañas, choutando coma un gaio de ponla en ponla, o Rafael da Orxiña. O que morréu de moito tempo no fondal do Medelo debaixo dun feixe de estrume i estivo alí dous días hastra que se diron conta da sua falla no lugar.
>
> "O souto", *La Noche*, 9-VIII-1948

Nalgún dos seus textos, Ramón Otero Pedrayo fala dunha vella carballa deste souto que pertencía a un total de 27 persoas, pois todos elas recibiran unha parte en herdanza. Este fermoso espazo era un lugar moi querido para o escritor, a vexetación frondosa e a calma do lugar espertaban o lirismo de Otero Pedrayo. Nalgunha ocasións expresou a vontade de que cando el faltase o souto pasase ser propiedade dos veciños de Trasalba.

AO REDOR DE TRASALBA. PARA FACER EN COCHE OU CON MOITO TEMPO

1. VINDO DESDE AMOEIRO

A PONTE DOS FRADES

> O monxe de Oseira saíra ben cedo c´os dous mozos espoliques pra visitare o Priorato da Granxa, na beira do Miño. Afeito á camiñar adispacio pillárono as doce no cerne dos Chaos. Non era aquil o camiño dereito, mais quixera parolar un pouco c´un seu grande amigo, abade da parroquia de Cornoces, e demorouse demasiado lembrando de sobremesa cousas dos estudos e contos d´amigos xa mortos. -<<Inda ten vagar pra chegar con día ô Priorato>>, dicía o abade na despedida: "mais teña conta de non meterse na noite pol-a costa da Coba da Serpe ou pol-a Cabirta; non lle é bô cruzar ô empardecer por aquilas laxeiras [...] O monxe baixando da montana esprimentaba unha ledicia do corpo e da i-alma, cruzando os Chaos. Figuráballe voltar ô cerne do vrán cando no seu hourizonte do mosteiro, xa se laiaban os aires da invernía. Pasou amodiño pol-a Poboanza e a Ponte dos Frades, considerando as fondas carballeiras choucheantes de paxáros. Detívose mais d´unha vegada, pra ademirar as primeiras parras dos camiños.
>
> *Os camiños da vida* (1928)

Así comeza *Os camiños da vida*, o monxe de Oseira debe percorrer un longo camiño até chegar á Granxa, en Santa Cruz de Arrabaldo, á beira efectivamente do río Miño. A antiga ponte dos Frades sobre o río Formigueiro, evidencia que todo ese territorio pertenceu, en tempos, á xurisdición deste mosteiro ourensán. Moitas terras de Trasalba pagaban foros a Oseira.

Merece unha visita a igrexa de Cornoces, a 800 metros do campo de Amoeiro, onde o frade se detén para conversar co seu amigo. A Poboanza foi citada moitas veces por Ramón Otero Pedrayo especialmente para referirse a un dos seus veciños, o Estebo da Poboanza, famoso na contorna por capitanear unha gavilla de ladróns.

É particularmente interesante o lugar do Formigueiro, pertencente xa á parroquia de Trasalba. Na capela

deste lugar pódese admirar unha talla castrexa e unha necrópole medieval. Nas inmediacións estaba o castelo coñecido como Alba de Búbal. De novo debemos relacionar ese Alba co topónimo Trasalba e talvez co de Albeiros. A pequena fortaleza do Formigueiro seica foi derrubada no S. XV durante a revolta irmandiña, Pedrayo explícanos que os pasadizos abovedados soterrados polo paso do tempo foron utilizados "cando a invasión francesa" e que se ocultaron alí "os veciños cas súas facendas e alaxas".

ALBEIROS

Mociña garanduxa
si vas á frol do amor
non collas para Albeiros
onde reloce o sol,
procura a ribeiriña do Quintairo,
doce e ledo quentor!

Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar (1958)

Vicente Risco, grande amigo de Otero Pedrayo, pasou sendo neno, temporadas en Trasalba. O primeiro relato breve publicado por este escritor, leva por título *Do caso que lle acontecéu ao Dr. Alveiros* (1919) parece probable que tomase o nome do protagonista, da aldea veciña na que tanto xogara sendo pequeno. O doutor Alveiros reaparece en *O porco de pé* (1928), a obra máis coñecida de Risco.

Repara en que Trasalba e Albeiros comparten a partícula alb, que ao comezo do percorrido asociamos con "elevación". As últimas casas de Trasalba antes de chegar a Albeiros, son o Outeiro, outro topónimo relacionado coa idea de "altura".

2. VINDO DESDE SANTA CRUZ DE ARRABALDO

NA ESTRADA

As voltas e revoltas da carretera de Sant-Iago deixan ademirar a fartura de formas topográficas do val do Miño. Os cotos baixan en costas esporentes figurando arbotantes dos penichaos; as quebradas artéllanse pra levar ô Miño todol-os fios d´auga; hai unha sensación de dinamismo na paisaxe dirixido pol-a fondura atraente do río. As costas das grandes serras vestidas pol-o sol igoal do vrán parescen baixar d´un pulo dend´as cumes. Falsa impresón como todal-as síntesis do vrán. É preciso ollalas c´o sol baixo d´outono e do inverno que por algo é a luz dos mapas topográficos, a luz matizadora das realidás do chán.

Pelerinaxes (1929)

FECHOS

A peisaxe de Fechos, o derradeiro lugar de Trasalba pol-o S atestando xa c´a parroquia de Santa Cruz d´Arrabalde. Ô mesmo pobo de Fechos chegan pol-o Norte os agros dos chaos e albíscanse ô lonxe os cumes d´hourizonte. Ô pé, franquease o val do Miño, dende Untes a mais alá de Layas; os vellos meandros, as prataformas estructurás, as zonas de vide, os pobos entre río e encosta, asegún estudaremos na parroquia d´Arrabaldo. A encosta que nasce e baixa en Fechos súpeta, pouco traballada pol-a erosión, non se desfai en sistemas de cotos, senón qu´en xeral garda a sua arredondada unidade. A esquerda mandan os granitos, a dreita, as pizarras.

"Probremas de Xeografía Galega. Notas
en col das formas de poboazón labrega"
Nós. Boletín mensual da Cultura Galega (1928)

Na actualidade Fechos pertence ao concello de Ourense, inda que eclesiasticamente, a súa parroquia siga sendo a de Trasalba. Sábese que na Idade Media este lugar foi granxa monacal dependente de Oseira e é máis que probable que a vía de comunicación que une a ponte do Formigueiro con Santa Cruz de Arrabaldo nacese como consecuencia da comunicación do mosteiro e o priorado da Granxa de Arrabaldo.

Seguindo a estrada, pouco antes de chegar ás casas que están ao lado da Casa Grande, á esquerda, está o Amaral, unha finca pertencente á familia Pedrayo. Tras ser deposto da súa cátedra de instituto no verán do ano 1937, Pedrayo usou o pseudónimo Santiago Amaral en moitos dos seus escritos de posguerra, cando as circunstancias lle impedían utilizar publicamente na súa lingua.

O 30 de xaneiro de 1943, Otero Pedrayo envíalle a Sebastián Martínez-Risco, dous escritos para que publique un deles. Un dos textos está escrito en galego

e o outro en castelán, ante a disxuntiva o de Trasalba deixa moi claro o seu compromiso lingüístico cando indica que: Mándoche dous para que escollas o que menos mal che pareza ou rexeites ambos. En caso contrario agradeceríache de saír o castelán fose coa firma de S. Amaral. Teño un grave compromiso de conciencia coa lingua galaico-portuguesa par non poñer o meu humilde nome ao pé de escritos literarios de tema galego como non sexa nela.

Luís Peñanofre, Juan Gallego, Luís Alba, Tristán de Montenegro, R.O.P... foron outros dos nomes usados polo autor neste período.

VINDO DESDE OURENSE

COSTA DE CANEDO

> Era un neno esbrancuzado, pelo de rato, testa grande, pernas de pisco. Padecía de orellóns, da barriguiña e de medo. Aló polo ano 1895, no agosto, levárono a Vigo. Baixaron dacabalo os pais con xente de noite dende Trasalba pola **costa de Canedo**, pra coller o tren ás duas da mañá. Como non podía aturar ser levado a cabalo baixouno nos brazos con infindo coidado un home moi rexo e faladeiro.
>
> *Historia dun neno* (1979)

Esta escarpada costa, ascende en liña recta durante aproximadamente tres quilómetros. No século XVIII, o arcebispo Malvar e Pinto mandou construír a chamada costa ou costiña de Canedo, para evitar o rodeo que se daba polo camiño tradicional.

Tense dito que no lugar da Taberna, ao pé mesmo da costa, tivo o seu establecemento comercial a famosa bandoleira Pepa a Loba.

BEIRO, BASILIO ÁLVAREZ

Basilio Álvarez (Ourense, 1877-Tampa, 1943) aclamado como guía da actividade das sociedades agrarias, pasou á historia como o cura de Beiro. Cofundador de *Acción Gallega*, movemento de corte antiforal e anticaciquil no que se empeñou a fondo, foi nomeado abade de Santa Olalla de Beiro o 1 de agosto de 1912, un ano despois de que aparecese asasinado o seu predecesor, Paulino Montes Blanco, quen se ocupara desta parroquia durante 28 anos.

En Beiro, Basilio Álvarez, estableceu o seu cuartel xeral no asalto contra os opresores do campesiñado pois entendía que tal tarefa era obriga de todo cura rural. Despois de numerosas amoestacións, no verán de 1914 a igrexa acusa ao abade de Beiro de non dar catequeses, non asistir a conferencias morais, liberar de asistir a misa aos que ían votar e de dar mitins ao lado da bandeira vermella socialista e de retrato de Carlos Marx.

SAN CLODIO, CASA NATAL DE ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Eladio Rodríguez González naceu o 24 de xullo de 1864 no lugar da Ponte, en Leiro. Pasou á historia da literatura galega como o autor do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, obra con vontade enciclopédica na que investiu anos de esforzo e traballo. Presidiu a Real Academia Galega entre 1926 e 1934. Ingresou no Seminario de Estudos Galegos en 1927 coa lectura dalgúns poemas do seu libro *Oracións campesiñas*.

> Ramón Otero Pedrayo deixou dito: Rexo, forte, pequeneiro, valente, dereito e franco enxergar, faciana de grave alegría baixo o grande sombreiro de bohemio ou fe fidalgo, **don Eladio** era un dos primeiros que me acollía na Coruña, e denantes das palabras bailáballe nos ollos a pregunta. Don Eladio sempre agardaba que lle falaran do Ribeiro. Todos os anos, durante moito tempo, chegaba ao patín e á adega da casa vella, non lonxe dos pasais do río, onde nacera.
>
> *O libro dos amigos* (1953)

Fermoso paseo a carón do río en Leiro, para ver o solar do lugar onde naceu o autor e interesante estancia no Mosteiro de San Clodio, a poucos quilómetros.

PAZO DE BANGA, EMILIA PAZO PARDO BAZÁN

Nos primeiros anos de casada Emilia Pardo Bazán pasou longas temporadas no pazo de Banga, moi cerca do Car-

balliño. A magnífica construción propiedade da familia Quiroga á que pertencía o home de Emilia Pardo Bazán, esta enclavada nunha paraxe de singular beleza. Nestas estancias a escritora paseaba pola bisbarra do Ribeiro, asistía a festas e romarías, partidas de caza e vendimas. Chegou a afirmar que o escenario da maioría das súas novelas hai que buscalo na comarca.

Ramón Otero Pedrayo tiña en moi boa consideración á condesa. Sobre ela dixo: "De casada nova viviu no alto Ribeiro ourensán. Ourensanismo dos seus fondos de novela. Non poden esquecerse as narracións de viaxes (de Galicia: Celanova, Ribas de Sil e S. Pedro de Rocas), Santander, Sigüenza, etc. Sostivo desde o principio a autenticidade das covas de Altamira".

PAZO DE MOLDES, LOSADA DIÉGUEZ

> Quixera facer a crónica do día que pasamos Antón Lousada, Vicente Risco e mais eu, en tempo de raxeiras que acendían as encostas de Laxas, e facían amorosas as sombras pé do río, e da ponte ilustre, e das adegas de Pazos de Arenteiro.
>
> Rubimos a Moldes na forza do día. Lousada, sempre rexo, non se atopaba ben. **A casa de Moldes**, envolveita en roseiras, agasallaba por o consello de graves castañeiros ten horta fidalga cruzada por longa parreira de esteos. E bocarribeira de prontos e graciosos trocamentos de ritmo obedente á chamada do tema ribeirán.
>
> Castelao soubo o primeiro por qué Lousada escollía Moldes para pasar a Semá Santa. Rezaba e cantaba Oficios co abade na eirexa onde hoxe repousan as súas cinzas.
>
> *O libro dos amigos* (1953)

Otero Pedrayo recoñeceu en varias ocasións que o seu ingreso no galeguismo tiña moito que ver co entusiasmo e os ánimos de Antón Losada Diéguez (Moldes, 1884- Pontevedra, 1929). Cruzábanse no Ateneo de Madrid, onde Otero acostumaba ler e traballar sendo estudante nos primeiros anos do século XX, pero a súa amizade non se iniciou realmente até un día que Losada se dirixiu ao mozo no pazo de Sarmiento, en Punxín.

SABUCEDO DE MONTES, CARTELLE, ÁLVARO DE LAS CASAS

Álvaro de las Casas Blanco (Ourense, 1901-Barcelona, 1950) foi un escritor fondamente comprometido coa galeguización do ensino e a promoción cultural dos máis novos. En Noia, onde exercía como mestre, fundou xunto a Fermín Bouza-Brey a organización xuvenil e galeguista, *Ultreya*. Un ano despois, en 1933, creou agrupación independentista Vagarda Nacionalista Galega.

Un dos capítulos de *O libro dos amigos* (1953), está dedicado a Álvaro de las Casas, sobre el escribe Pedrayo: En Noia foi mestre e proel non soio da mocidade daquila ribeiriña de fina esencias mariñeiras onde o oxival galego cumpriu os seus fermosos e crebados degoiros. Dono dun gosto e saber fidalgamente sensitivo das ideas e das formas.

Un pouco máis adiante o escritor fala de Sabucedo: A súa terra, de roxa entrana, soantes augas, francos verdeceres de Sabucedo de Montes igual do que o Ribeiro amestado de lembranzas, tiveron en Álvaro das Casas fino chantre, bo comentarista.



DESDE A SOLAINA

Texto
Xaquín Lorenzo Fernández[1]

Fotografía
Andrea Estévez Álvarez

Trasalba atópase a uns 14 kms. de Ourense e pódese chegar alí pola estrada de Vigo (N-120), collendo ó chegar ó lugar de Outeiro, en Santa Cruz de Arrabaldo, por unha vía secundaria que conduce a Amoeiro.

Este camiño é dunha gran beleza, pois conforme se vai subindo, discorre por riba dun o val do río Miño, semellándonos que o ollamos desde as nubes, cada vez máis aberto e lonxano.

Tamén se chega à esta parroquia por outro camiño: pódese ir pola estrada de Santiago (N-525) e desviarse en Cambeo por unha secundaria que por Liñares leva a Trasalba.

Despois, os Chaos de Amoeiro e en Trasalba a sede da Fundación Otero Pedrayo.

A paisaxe do primeiro andar é, desde logo, a máis belida e interesante.

E xa en Trasalba, a Casa de don Ramón.



Anque moitas veces se lle chama "Pazo" ó que foi berce da familia de don Ramón Otero Pedrayo, a realidade é que se trata do que as nosas xentes do campo coñecen co nome de "Casa Grande", de mais valor sociolóxico e cultural que os verdadeiros Pazos.

A diferencia entre uns e as outras é interesante: os señores dos Pazos, ignorantes as máis das veces da importancia e do grandor das súas posesións, a penas vivían temporalmente nelas, administrábanas por medio dun terceiro, que era así en verdade o dono efectivo daquela facenda.

O da Casa Grande, pola contra, vivía nela, coidaba das súas colleitas, atendía ós seus caseiros e mantiña unha cordial e, ¿por que non dicilo?, interesada amizade cos seus conveciños.

1. Transcrición do texto escrito por Xaquín Lorenzo Fernández respectando a ortografía orixinal



Así ocorriu na Casa Grande de Cimadevila, en 'T'rasalba.

A Casa de dón Ramón é un edifício longo, precedido dun patio con gran portalón cara á estrada.

O aceso principal da vivenda atópase pola banda do Norte, ten un corredor con barandal de madeira, eses balaustres foron deseñados por Castelao, o grande amigo de Otero Pedrayo...

Do corredor, que remata no fondo nunha galería encristalada, accédese a un pasillo ó que tamén dá a porta da cociña, cunha reira, exemplar típico destas fundamentais dependencias nas casas do noso campo.

Seguindo este pasillo, que despois da entrada torce en ángulo, chégase a unha sala comedor na que Otero faguía gran parte do seu estar en Trasalba, e que servia tamén de sala de recibo para os visitantes. De camiño hai unha habitación, entre outras destinadas a diversos usos, na que se garda a Biblioteca que en honra de don Ramón doou a Vda. de Lois Ribaya Riaño, debidamente catalogada, gárdanse tamén as súas papeletas xunto ás correspondentes ós libros de Otero, nuns ficheiros especiais para a súa fácil utilización e control.

Do mesmo xeito que o Sr. Ribaya, foron moitos os que en honor do noso Patriarca fixeron ofertas menores de libros, debuxos e lembranzas que hoxe pregoan as súas moitas amizades e admiradores.

Máis adiante, rematando o comedor do que falamos, está o gran salón, a Sala Nobre da Casa, que garda as máis cordiais lembranzas de don Ramón: fotos, caricaturas, debuxos, mapas,...

Hai neste Salón dúas portas que dan acceso a senllos cuartos: un que foi o dormitorio de dona Eladia, a nai de Otero Pedrayo, cun oradoiro en forma de alacena, e outro. que se coñece co nome de "habitación dos amigos", na que Otero acollía a aqueles que ó ilo visitar faguían noite na súa casa.

Pegado ó comedor está o pequeno e íntimo despacho de don Ramón, con algúns dos seus libros, a toga, a muceta, o birreto de Doutor, e unha bandeira galega de fondas lembranzas.

Repartida por case toda a casa e en estanterías acristaladas está a Biblioteca de don Ramón en Trasalba.

Pola cara Sur, ocupa algo máis da metade desta fachada unha gran solaina de pedra pola que tamén se pode baixar ó xardín que se estende por esta banda.



A solaina, aberta ó ceo, é un fermoso viso: diante dela vaise descubrindo un panorama que parece non ter fin; os seus derradeiros límites confunden o azul que lles dá a perspectiva co azul do ceo, non sendo doado albiscar onde remata ún e onde comenza o outro.

Este que dende aquí se olla é o verdadeiro horizonte de Trasalba, a paisaxe íntima de Otero Pedrayo.

Dende a solaina vese ó lonxe como van enfiando os seus lombos a Serra do Leboreiro e a Pena Gacha, que fan a linde co veciño Portugal.

Destacan tamén ó lonxe, entre outros, os Castros de Trelle, na divisoria da Arnoia e a Limia, diante deles: os Chaos da Rabeda.

Coma un fito no horizonte, érguese o Couto de Novella, tan senlleiro, que Florentino Cuevillas quería asemellar ó Pico Sacro, sinalador do Camiño de Compostela.

Destaca nidiamente contra do ceo o Castro de San Trocado coa chamada "Cidá", chea de restos protohistóricos dos vellos poboadores dos castros. Ali pódese ollar a evolución dos asentamentos desde o primitivo castro ata a actual parroquia.

No fondo deste monte, xa nas beiras do río Miño, está a parroquia de Laias, o antigo concello de Lais do que nos fala o historiador Idacio.

Darredor do San Trocado, apareceron varias lápidas adicadas ó deus Bandua, o que lle facía sospeitar a Florentino Cuevillas que sería esta unha deidade protectora do monte do que falamos.

De feito, no mes de maio axúntanse no seu cume as procesións de catro parroquias lindeiras, quizais lembranza dalgún vello rito pagán.

Nas outras bandas da Casa Grande de Cimadevila, esténdense os soutos de castiñeiros, as herdades traballadas e as videiras que lle dan o aspecto barroco que envolve toda a paisaxe de Trasalba.

E agarimando este impresionante escenario, o espírito de don Ramón Otero Pedrayo, que parece estar aínda de pé no seu corredor dándolle a benvida a tódolos visitantes.



Otero e Matilde LLória rodeados de varios "artistiñas" en Ó Volter.

Otero Pedrayo
na roda da escintilante aura de Ourense

Felipe-Senén
Arqueólogo e Museólogo

A sociedade mercantil do nos tempo tenta empaquetar e dosificar a cultura en cabosdano e cerimonias. Cando a cultura se leva posta e nos define. Xa nos metemos pois en cuestións *de espírito*, *de alma*, tema e teima de alta filosofía, que comeza pola persoa e que distinguiu aos membros da Xeración Nós. Compre pois volver á cuestión, enxergalo e aproveitar as efemérides para expolo. Insistindo en que a cultura, a marca que nos define e identifica no mundo, cada vez máis sometida á uniformación e á globalidade, forma parte diso tan sutil e poético que é o devandito espírito, a alma, a cerna dun pobo, o *volksgeist* que buscaban e retorceron os xermanófilos, fanatismo que os levou a un capítulo detestado na historia da humanidade. Si ben aquel galeguismo singular, de decadentistas *diferentes e indatados*, baseaba as súas orixes, a súa orixinalidade en dous piares daquel pórtico: o mundo celta con canto significa de panteísmo, de orientalismo cunha fonda historia que non se pode negar, a cristiandade, pasada por Prisciliano e por Francisco de Asis. Como en Erín, en W. B. Yeats, vello sentir orientalista, panteísta celta, revitalizado no Modernismo pola filosofía pacifista, de igualdade de Gandhi, así como pola poesía do bengalí Rabindranath Tagore . Un xeito este de afianzar a doutrina dos *bos e xenerosos*. E xa, marcando diferencias nos metemos no tema e nunhas ansias que caracterizaron aquela escintilante aura de *Auria*.

Aquel Ourense co que don Ramón foi, ao longo da súa vida, tan parcial. Véxanse as páxinas dedicadas na súa *Guía de Galicia* e aquel libro *Orense*, editado pola Caixa de Aforros Provincial de Ourense, con prólogo de Celso Emilio Ferreiro, no que se refire a don Ramón como *... maestro indiscutido, recio roble de Trasalba a cuya sombra descansamos todos los hombres de letras gallegas; nos da, digo, su prosa caudal, su lección procer, su libro del buen amor a la tierra y a su ciudad natal... y a su lado, como si fuese un nieto vinculero, y mayorazgo un pintor de las últimas promociones, Jaime Quessada...".* Pois neste caso era o *artistiña*, tan imbuído no espírito de Risco, de Otero, de Cuevillas, o que cos seus debuxos ilumina -con nubeiros de fantasías sobre terreais realidades- páxinas imperecedoiras para unha cidade a devalar coas horas do día, das Catro Estacións. Urbe barroca, na que, entre báculos e caxatos, mitras e boinas... e sempre baixo as esferas astrais, bailan, invisibles, as súas fadas madriñas, herdeiras das ninfas das augas. Obra clásica que convirían reeditar en galego. Onde latexa o espírito dos *diferentes*, dos contrafío e anovadores dos pasos románticos, modernistas, de Verlaine, de Rimbaud, de Baudelaire...pousan aquí. Como non pintar na noite un can azul oubeando?, como un berro para espertar.



Naceu en Ourense, na Rúa da Paz 25, xanelas dende as que se enxerga a encrucillada de rúas que levan, entre enxebres tabernas nas que melloran os ribeiros, á Catedral, á praza, ao bulir da urbe e o pingar cantareiro da renacentista Fonte de Ferro.



Casa natal de Otero Pedrayo

Conmemoramos agora o medio século do pasamento de Otero, un 10 de abril do 1976. O seu era un Ourense plenamente romántico, preocupado polo o humanismo, o de Lamas Carbajal, o do sacerdote e mestre Marcelo Macías, de Rei Soto, o dos esotéricos parladoiros da Marquesa de Atalaya Bermeja, metida en teosofía, misterios do *trasmundo* e arte, asuntos que tanto influíron naqueles mociños ansiosos de meterse entre anxos e demos, como Primitivo Rodriguez Sanjurjo ou un argalleiro Risco, tan propenso a crear confrarías, irmandades seminarios... Naquel sentir, entre o misterio sobrenatural e a realidade estaba o miolo do realismo máxico e dunha estética senlleira. Tempos da activa Comisión Provincial de Monumentos, con canto significa de arqueoloxía e arte, como o do agrarista e rebelde sacerdote, Basilio Álvarez... e moito máis.

OURENSE E A RÚA DA PAZ, A URBE/ TRASALBA, A ALDEA... CERNA DUNHA COSMOGONÍA

O medio condiciona e contextualiza vidas e sentimentos. Para situar a Otero Pedrayo na súa Terra e no seu tempo compre dicir que naceu en Ourense, na Rúa da Paz 25, xanelas dende as que se enxerga a encrucillada de rúas que levan, entre enxebres tabernas nas que melloran os ribeiros, á Catedral, á praza, ao bulir da urbe e o pingar cantareiro da renacentista Fonte de Ferro, espolio monacal da Desamortización. Foi un 5 de marzo, día de San Adrián de 1888. Pois velaí que nalgunhas das súas obras utilice tal nome como heterónimo, Adrian Solovio (sub-lovio: debaixo do emparrado) ou Soutelo lembrando aos devanceiros da súa casa paterna de Trasalba.

No primeiro piso daquela casona de nacemento e morte de Otero Pedrayo, recentemente mercada pola admiración e a sensibilidade (que non tiveron os poderes públicos) do escritor Camilo Valdeorras, tamén vivía un sempre rebuldeiro Vicente Risco, o que de neno mantiña interminables sermóns cos atentos gatos dos tellados veciños, de ollos e de orellas fixas, enroscados nos seus rabos... os gatos, o misterio e simbolismo fondo dos gatos. Un Vicente Risco, de principio a fin considerado por don Ramón como un irmán maior.

O *AUTO INDUSTRIAL*, *O CASTROMIL*, COMO O GRAN TEATRO DO MUNDO... RUMBO A COMPOSTELA

Raiceiras as devanditas que aquel entón mociño ourensán levará a Compostela. Nos seus ires e vires asiduo cliente que fora dos carromatos cos seus maiorales de traia, saberes e cantares ao fronte dos cabalos, moitos deles arrieiros do Carballiño, despois asiduo cliente do Auto Industrial e do Castromil garaxes-estacións onde era fácil atopar ao matrimonio. Da cidade das Burgas á aldea de Trasalba, entre as bocarribeiras do Miño e do Barbantiño, outeando o Castro de San Cibrao das Las. Logo a Compostela a estudar Filosofía e Letras, vivindo mesmo ao pé do Arco de Mazarelos, o que abre ao Patio de Madres, onde tiñan parada e fonda os clientes dos vellos autobuses, feirantes que viñan de Ourense e dende os ribeiros. A fonda da *Carballiñesa*, a casa de comidas do *Asesino* eran de Carballiñeses, entre moitas outras daqueles arredores. Compostela, entón con tanto de *gran aldea de Galiza,* parroquia maior, anima o *espírito* creador. Despois do Ulla e do Pico Sacro, de tantas lendas, chantada entre o Sar e o Sarela, entre os outeiros do Viso e do Pedroso, *espello no serán* de mitos, historias labradas en pedra, contadas, cantadas, entre os sonoros sons da campá *Berenguela*, das outras espadanas, entre o fume espeso da chemineas, do pingar de gárgolas monstruosas, feitas para recoller as bagoas da chuvia... Compostela dálle para moito a Otero Pedrayo, Xelmírez, Rosalía, o converxer dos camiños, os símbolos, o románico, o barroco, as esencias, a lama de Galiza. Inspiradora cidade sacra e profana, clerical, universitaria, onde atopa co sentir galeguista do profesor Cotarelo Valledor...




Xeira do Seminario de E. G. en Dombate. 18 de xulio de 1936.

A POÉTICA DO PANCELTISMO DE CUEVILLAS, DE RISCO... LOGO NEGADA NAS AULAS DE COMPOSTELA

Logo a estudar Dereito nun Madrid onde pesa o grupo e o sentir galego, dos que viven alí e dos que pasan por cuestión de estudos. Capital onde a Pardo Bazán, Valle Inclán, o arquitecto Antonio Palacios, o pintor Francisco LLoréns son referentes, moitos deles nos parladoiros de café, *La Granja del Henar*, el *Lyón D´or*... Así que as raiceiras prenden e alónganse por boa terra. Parladoiros nos que se falaba da grandeza de Galiza, do *porvir de espírito*, da necesidade de coñecela, para querela e defendela, do seu singular aporte á universalidade, *do feiticeiro perigo de ser galego dos bos e xenerosos*... Anos de ideais madurados, de ilusión compartidas nos encontros de Mondariz, no Seminario de Estudos Galegos, no Congreso dos Deputados... na guerra, cando *Atila en Galiza* deixa a tantos irmáns nas cunetas e fai sementeira do medo. Entón o profesor vixiado e represaliado refúxiase na memoria, entre o seu barroco, tan á par coa alma de Galiza, co da capela do Santo Cristo nunha catedral baixo as sombras dun monseñor máis franquista que o mesmo ditador, Angel Temiño ... E xa nos seus derradeiros anos como querido e respectado patriarca, coa responsabilidade, como el dicía *de ser unha ponte de vontade*, trazada dende Risco e Castelao aos máis novos.

Transmitindo as leccións que caracterizaron ao seu grupo de *inadaptados*, de *diferentes*. Entón seguindo as pautas dos exquisitos nacionalistas irlandeses, como W. B. Yeats, metidos no sentir bárdico céltico, tan de herdos orientalistas, nos misterios da teosofía, como foi para os irlandeses a *Orde Hermética da Alba Dourada*, a que vencella misticismo celta, oriental e cristián. E unha misión espallada polas irmáns nacións celtas en busca do panceltismo, arredor da ascese, dun xeito de *Xogo da oca*, o camiño en busca do paraíso perdido, como cabaleiros artúricos na demanda do sacro vaso da concordia, o Grial, como caldeiro céltico ou Cáliz de Cristo. Camiño, labirinto na relación paisaxe-paisanaxe, recollendo o mellor dun cristianismo panteísta, franciscanista. Orixes celtas, cristiáns, piares de espírito, sobre os que, entendían e teimamos novamente, xiraba a inspiración do realismo máxico e se erguía e diferenciaba a cultura galega. Velaquí teorías contra as que, nos anos da ditadura arremeteu o profesor de Prehistoria da Universidade Compostelán Carlos Alonso del Real. Ao respecto non temos máis que ler o prólogo que fixo para o libro do profesor R. Otero Tuñez, *El Escultor Francisco Asorey* (1959), con canto significa este artista para a ética e a estética galeguista, sentenciando que *...nada hay que empobrezca más una tradición que los "tradiconalistas", una nación que los "nacionalistas"*... e insiste en que *lo atlántico, lo nórdico, o celta-germánico esta casi totalmente ausente*...





Bos e xenerosos coidadores da comunicación, do idioma, da linguaxe dos símbolos da posta en escena, os que ben sabían distes códigos para desenvolvelos, onde a árbore que afunde as raiceiras nos misterios da Terra e se ergue, reverdece, da flores e froitos abrindo cara á Luz, é un símbolo e así o tomaron, véxase na Portada de Nós, debuxada por Castelao, para quen a árbore era un *leit motiv*, como foi para o xa devandito Yeats, véxanse as ilustracións de Althea Gyles para a obra *The Secret Rose*.

e que para os paisanos galegos *celta es un club de fútbol, un bar, un cigarrillo, cualquier cosa, menos un antepasado...".* Ofrecendo que en Galiza, país agrario e gandeiro, prima o sentir Neolítico, a cultura grecolatina, a romanidade, o Mediterráneo. Celtofobia que prendeu no seu alumnado sen decatarse, a máis da tradición, da historia, da poesía, da ansia de SER e dignificar un pobo que envolvía aquela aura.

A LINGUAXE DOS SÍMBOLOS: A ÁRBORE, DE RAICEIRAS NO MISTERIO DA TERRA E ERGUIDA CARA Á LUZ.

Bos e xenerosos coidadores da comunicación, do idioma, da linguaxe dos símbolos da posta en escena, os que ben sabían distes códigos para desenvolvelos, onde a árbore que afunde as raiceiras nos misterios da Terra e se ergue, reverdece, dá flores e froitos abrindo cara á Luz, é un símbolo e así o tomaron, véxase na Portada de Nós, debuxada por Castelao, para quen a árbore era un *leit motiv*, como foi para o xa devandito Yeats, véxanse as ilustracións de Althea Gyles para a obra *The Secret Rose*, reviravolta sobre a maxia, a relixión e o nacionalismo... Ao respecto véxase a enigmática pintura que Castelao regalou a Otero na viaxe, *Polos camiños da Saudade*, que este fixo a Arxentina no 1947. Obra inspirada nun gravado de 1633 de Jacques Callot, *Os aforcados*, da serie *Miserias da Guerra dos 30 anos.* Obra de Castelao que deu en denominarse como *O soutos dos gatos*, hoxe exposta no salón dea casa de Trasalba e despois da morte de Otero, a que gardou ate entón. Pintura que representa, como tantas veces fai Castelao un castiñeiro, neste caso medio murcho, detrás outros agromando, aínda que neste caso das ramas penduran aforcados gatos diferentes, unha escada pousa no tronco diste. Así que tres símbolos moi usados en Nós: a árbore, os gatos aforcados, a escada. A árbore: A Galiza de fondas raiceiras e ramas esperanzadas, os gatos como a intelectualidade metida nos misterios, as teorías de Risco; a escada os camiños da vida, a ascese... Pautas para entender moitas teimas e obras daquel tempo e daquela intelectualidade de fonda cerna decadentista.

NO FÍO DO RISCO DA RODA DE VICENTE RISCO. UNHA TABERNA DE LIBERDADE: *O VOLTER*

Tantos momentos, tanta historia compartida e madurada con Vicente Risco, a que algúns trataron fen-

der. A fin de contradicilo non temos máis que lembrar aquel *graffiti* con verbas de don Ramón, escrito pouco despois da morte do amigo no 1963 e que campaba, como un cantar, como amoestación tamén, sobre a parede branca da taberna de *O Volter*, lembrando o cabaret dos contrafío dadas en Zurich, en Ourense nun recanto do enxebre *Eirociño dos Cabaleiros*, traseira da casa de Otero e Risco. Lugar de encontro, como unha nova cova céltica, con tanto de taberna, de pub irlandés, onde contar e cantar... Lugar de resistencia, sagrario de saberes e tradicións, como paradoxo espoliada na democracia, nin fotos quedan, nin ansias de reconstrución. Texto de Otero arredor de Risco que compre enxergar de vagar:



O souto dos gatos. Castelao

Vicente Risco, amigo
Mestre, ergueita e pura
Chama nas orelas do
Mar dos nosos destinos
Lámpada mantida co
Óleo dunha ialma de
Alborada e lembranza
Con nós, cos que han vir
Ca Galiza, alumando
Seus vieiros, sempre
SEMPRE...

Chama, lámpada, alborada, alumar... verbas *de espírito,* que definen o que foi Risco para o seu irmán Otero Pedrayo, así como para a *Xeración Nós*, plural e maxestático, como poñía en énfase Otero e compartía para un SEMPRE. Distinción, marca de procedencia que hoxe entendemos mellor. Teimas dun Risco, creador de irmandades, seminarios, parladoiros, fundamentadas na filosofía decadentista, na que foi un adiantado, mesmo a Oswald Spengler: revolución de espírito, fronte a canto supoñía a maquina, a industrialización, coa conseguinte uniformización e polo tanto a campante globalización e deshumanización. Renovación coa posta en valor da persoa, das tradicións, dos códigos simbólicos, de herdo célticos, cristiáns. Un Risco, controvertido, singularizado por aguilloar o debate, heterodoxo en todo, a non ser na relixión, como el asentaba -iso tan fondamente misterioso- por someter os contrarios á dialéctica, metido entre anxos e demos, entre o ben e o mal, nun xeito de maniqueísmo que o caracterizaba. Creadores dunha obra sobranceira, de alta cultura que singularizou a Nós, aura na que prendeu un Castelao tendente aos códigos simbólicos e a facelos máis accesibles. Pero *Atila en Galiza*, trastornou a espiral da historia.

E SEMPRE ARREDOR DO *NIVEL DA ALMA DO POBO*

Escribíame don Ramón... *Pois non abonda co nivel de vida -Que fai o home con problemas económicos resoltos- sempre eles son relativamente resoltos, "sen un nivel de alma" que lle permita aturar a soidade e a visión e seguranza da morte?* E recollemos a encomenda para afondar nese insistente nivel de alma ou de espírito, onde a cultura, as orixes, a orixinalidade, a singularidade como aporte á universalidade pesa tanto.

Sendo obrigada en toda biblioteca mínima de Galicia a *Guía de Galicia* de Otero, con fotos do gran José Suárez, de Allariz, tamén celebrado neste 2026 pola Academia Galega de Belas Artes no 1 de abril, *Día das Artes Galegas.* Fotos e textos, respecto a outras guías que foxen dos tópicos folclóricos, onde se asume e se coida a dignidade. Sabendo que se está a reconstruír un pobo e onde todo se interacciona e humaniza, a arqueoloxía,



a historia, a arte, a literatura, a paisaxe, as tradicións... Como tamén é o de obrigada lectura o *Ensaio histórico sobre a Cultura Galega* para entendernos coa terra e a historia que nos soporta, para furar na cerna da alma e do espírito do pobo galego. Coidamos que non se entende a Otero Pedrayo, se non se entende a Galiza, como se non se entende a Galiza, se non se entende a do Ramón. Literatura para ler de vagar, enxergando -que é poñer os cinco sentidos, máis a santa intuición e o aprendido nos camiños da vida- quizais acompañados dun dedal dese tostado vello, que xa escasea, para darlle sabor e de fondo un suave piano de Marcial de Adalid.

ACCIDENTE A CARÓN DA TORRE DE BREOGÁN... E UN PATRIARCAL CAXATO PARA SEMPRE

Un don querido e admirado don Ramón e Fita, a súa compañeira, acoden á Coruña para o discurso de ingreso daquel na Academia Galega. Antes fan un recorrido pola cidade e, como non, a visita á Torre de Breogán (que Alfonso X fixo *de Hércules*, tentando ennobrecer a súa liñaxe real con devanceiros gregos). Mais velaí que aos pés da milenaria torre e ao baixar do automóbil, este perde os freos e colle, de esguello, a don Ramón... Sendo atendido polo doutor Urbano Losada. Poido ser peor, aínda así tal accidente deixaralle secuelas para sempre nunha perna. E dende entón, complementar e acompañar a súa figura xa patriarcal cun caxato. De tal xeito retrasarase a esperada data de Ingreso na Academia unha semana, pasando a ser un 9 de Nadal do 1929. Otero Pedrayo ingresa pois na Academia Galega da que era presidente o ribeirao, de Leiro, Eladio Rodríguez González. O discurso reflicte, desvela e proclama a sempiterna ansia *de espírito* de don Ramón e titulase *Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*. Daralle contestación un Vicente Risco que entende moi ben as ansias do amigo. Discurso inscrito no que era unha nova renacenza de Galiza, a de dar continuidade á obra iniciada por Murguía, a fin de "entrar na alma do pobo". Compara ao seu amigo co historiador romántico lisboeta Alexandro Herculano, viaxeiro a Inglaterra, a Francia, erudito, ebrio en literaturas, director da biblioteca de Porto, autor da *Historia de Portugal*, ansioso en buscar e expor os valores de Portugal. Insiste Risco en que ninguén mellor que Otero para interpretar o romanticismo, a arpa bárdica de Pondal, asuntos tan prendidos nel. Ambos os dous discursos desbordados de connotacións célticas, da eterna interrelacion paisaxe-paisanaxe, na devoción de don Ramón polo viaxeiro bretón, de Saint Maló, cidade que di tan parecida á Coruña, Francoise Rene de Chatoubriand, autor de *As memorias de Ultratumba*. Tema e vida do escritor romántico, enterrado no acantilado da illa do Grand Bé, batida polo Atlántico dos periplos célticos, inmediata ás murallas e á praia da cidade, tan socorrido na oratoria do polígrafo ourensán. Libro de memorias lido de neno por Otero, en francés e como lembrará tantas veces nese seu observatorio da natureza da Casa da Trasalba, aberto ao universo, que é solaina do nacente, a carón da exótica árbore que plantou o pai Enrique Otero Sotelo, médico, cando naceu o vinculeiro. Pinsapo que unha treboada levou nun Entroido de 1972 derrubada sobre o hórreo. Feito interpretado como un tristeiro presaxio para un don Ramón xa senlleiro, pois no 1970 xa finara a súa señora, a santanderina Xosefina Bustamante Muñoz.

Solaina de pedra cara á aborada, lugar, como un altar, o preferido, o que abre á bocarribeira dun pai Miño, fluír dende os anos setenta encorado en Castrelo e sobre o fondo a *silueta de moucho do Coto de Novelle*, altares de Bandua e máis achegado, sobre o Punxín -do ermitán e milagreiro San Wintila, como tamén dos devanceiros daquel outro bardo que foi Alberto Cortez, que non é pouca cousa- o pico sacro dos Ribeiros, o Monte do San Trocado cristianizado pola súa capela.

O SENTIMENTO ROMÁNTICO, A DIGNIDADE DO POPULAR FRONTE A TENDENCIA AO ESPERPENTO

Don Ramón identificábase con Chatoubriand nese seu sentir céltico e mesmo cristián, autor este de o *Xenio do Cristianismo*. Con solemne casa natal en Saint Maló, cidade atlántica, ben coñecida da piratería. Máis tamén autor romántico con castelo, comprado polo pai no bosque de Combourg, recinto con historias de gatos enmeigados, de sombras, de pasos e tristuras... E velaí o paralelismo, don Ramón con casa natal na encrucillada da urbe, en Ourense e mesmo tamén con pazo de ida e volta en Trasalba, observatorio do acontecer aldeán. Casa na que a familia mantiña o pouso dos devanceiros, coutada por un valado, a carón dun souto antigo, no curral con fonte, forno , cortes, e baixo a solaina de madeira e dando entrada os arcos, como a un templo a competente adega, de grandes pipotes, onde das bigas penduraba o xamón, o touciño, o unto.. . Solaina de madeira e orientada ao solpor, deseñada por Castelao, con porta aberta ao corredor ao que dan á lareira-cociña, aos cuartos, salóns, o central presidido pola mapa de Fontán, como unha xanela aberta a Galiza enteira e a moitos cavilares de don Ramón. E a outra solaina, a de pedra ou *dos ouricelos*, aberta á alborada, como xa dixemos. E tantas cousas herdadas, pousadas no tempo, por eles respectadas, as que, logo, co devalar dos anos serían trastornadas, como naqueles versos de J. M. Valverde: *Se quedarán mis cosas sin mí desconcertadas./Seguirá mi tristeza paseando/ por rincones de sombra./En mi amada ventana del sillón y la mesa/ seguirán los ocasos cayendo como siempre,/ y el chopo del jardín, crecido ante mis ojos...*




***A morte de D. Ramón*. Obra de Conde Corbal.**

Casa Grande de Trasalba sen as pretensións do inmediato pazo, o do Campo, coñecido tamén como de Gaión, mercado polo pai , o médico Enrique Otero para que non se convertera nunha taberna. Solemnes espazos de pedra onde o poeta Noriega Varela foi mestre e, no inverno, contra o frío queimaron nunha estufa táboas do piso. No 1948, dona Eladia, a nai, para esconxurar maldicións, no nome do fillo e de Fita mandou erguer un cruceiro ao pe do portal do pazo. Predios que don Ramón, para sobrevir, vendeu ao final, hoxe en lenta reconstrución. O avogado, profesor e académico don Xulio Francisco Ogando Vázquez asesorou, levou, trouxo a don Ramón e coidamos que a súa Fundación Casdemiro gardará cousas interesantes dunha historia final do patriarca de Trasalba. Ogando contábame moitas cousas ao respecto, que recollera o vello e case sacralizado tomo, en francés de *Les Mémoires d'outre-tombe*, coa paxina marcada que leu don Ramón nos seus derradeiros intres, que coa madeira da que dicía araucaria (logo os biólogos dixeron que era un pinsapo) sementada polo pai e derrubada nunha treboada de Entroido, mandara construír o cadaleito...que determinara ser amortallado de franciscano, atendido polo Padre Isorna...

Lousada Dieguez, Risco, Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas... Puxéronse aura propia a Ourense. Nimbo construído coa luz do espírito da cultura e nesa mesma roda afiáronse sensibilidades con chispa propia, como *Xocas,* Ferro Couselo, Blanco Amor, Tovar, Xosé Angel Valente, os artistiñas, Carlos Casares, Conde Cid .. faiscas e remol do que, pese á ditadura, ás insensibilidades campantes, prendeu nos entón máis novos, os que agora pasado o tempo somos unha ponte de transmisión do espírito, que ven de don Ramón a este noso futuro.


GALAXIA
R. OTERO PEDRAYO
O
PURGATORIO
DE D. RAMIRO
1
50 céntimos
OVRENSE



32
LAR
RAMON OTERO PEDRAYO
ESCRITO NA NEBOA
30 CENTIMOS



TEATRO GALEGO · A LAGARADA ·
· · POR RAMÓN OTERO PEDRAYO · ·
EDICIÓN NÓS REAL 36-1° A CRUÑA


Apéndice Gráfico

Carátulas dalgunhas das publicacións de Otero Pedrayo


Xentileza da Biblioteca da Deputación de Ourense








PELERINAXES I
por
RAMÓN OTERO PEDRAYO
Prólogo e ilustracións de VICENTE RISCO
(Itinerario d'Ourense ao San Andrés de Teixido)
NÓS - VOLUME XXVIII - A CRUÑA - 1929



Ramón Otero Pedrayo
ARREDOR DE SÍ
TRAS
ALBA
GALAXIA



RAMÓN OTERO PEDRAYO
CONTOS DO CAMIÑO E DA RÚA
NÓS. - VOLUME LII
SANTIAGO. - 1932



R. OTERO PEDRAYO
A ROMEIRIA DE XELMIREZ
Ilustracións de CASTELAO
VOLUME XLII
NÓS
SANTIAGO


R. OTERO PEDRAYO
FRA VERNERO
(NOVELA)
NÓS - VOLUME LXVIII - SANTIAGO



R. Otero Pedrayo
devalar
NOVELA
NÓS


R. OTERO PEDRAIO
O MESÓN
DOS ERMOS
NOVELA
ALÁUDA, 1936


RAMÓN OTERO PEDRAYO
ADOLESCENCIA
NOVELA
COLECCIÓN
CAMINO DE SANTIAGO
EDITORIAL NOVA


R. OTERO PEDRAYO
LA VOCACIÓN DE ADRIÁN SILVA
COLECCIÓN DE ESCRITORES GALLEGOS



O DESENGANO DO PRIOIRO
OU
O PASAMENTO DA ALEGRIA
CO GRANDE
AUTO EPILOGAL E XUSTICIEIRO
DOS
FERETROS DE FLORAVIA
POR
DON RAMON OTERO PEDRAYO
Licenciado in utroque,
do Gremio e Claustro da Universidade Literaria,
veciño de Trasalba de Amoeiro
e da Rua Nova de Sant-Iago
de Compostela
Fan a Gabanza do autor, Domingo Garcia Sabell,
Avelino Gomez Ledo e Ramon Cabanillas.
Ilustrou Xohan Ledo
CON LICENCIA:
EDICIONS MONTERREY
VIGO - MCMLII



RAMON OTERO PEDRAYO
O LIBRO DOS AMIGOS
EDICIONES
GALICIA


R. OTERO PEDRAYO
Entre a vendima e a castañeira
contos
GALAXIA


R.OTERO
PEDRAYO
O señorito da
Reboraina
GALAXIA




O MAROUTALLO
R. OTERO PEDRAYO


Ramón Otero Pedrayo
TEATRO
DE
MASCARAS

PARTE II

REPRODUCIÓNS FACSIMILARES DE RAIGAME

Raigame

Especial Otero Pedrayo

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES


Marzo de 2001 *nº 12*



ESCOLA PROVINCIAL DE DANZAS • COLECTIVO CASTRO FLOXO

DEPUTACIÓN OURENSE

índice



páx. 6 — Presentación
Agustín Sixto Seco

páx. 8 — Lembranzas do mestre e amigo
Francisco Fernández del Riego

páx. 14 — Achega biográfica a Ramón Otero Pedrayo
Afonso Vázquez-Monxardín

páx. 20 — Don Ramón, home cabal
Miguel Anxo Araújo Iglesias

páx. 24 — Nos cento e tantos anos de Don Ramón Otero Pedrayo
Pura Vázquez

páx. 28 — A historia de Galicia na obra de Otero Pedrayo: terra e memoria
Ramón Villares

páx. 38 — A actividade política de Otero Pedrayo (1918-1936)
Justo Beramendi

páx. 48 — A paisaxe xeográfica en Otero Pedrayo
Augusto Pérez Alberti

páx. 54 — O adeus a Calipso na Odisea Oteriana arredor de si
Carmen Blanco

páx. 60 — O Don Ramón orador
Manuel Rego Nieto

páx. 64 — A solaina orcelada
Jorge Martínez Jiménez

páx: 76 — Otero Pedrayo, Pensador
Marcelino Agís Villaverde

páx: 86 — A Fidalguía na Novela de Otero Pedrayo
Raúl Soutelo Vázquez

páx: 96 — O home aínda é millor
Julio Francisco Ogando Vázquez

páx: 102 — Diccionario Don Ramón, do A ó Z
Marcos Valcárcel

páx: 110 — Demandando edicións xeitosas para un grande escritor
Carlos Baliñas Fernández

páx: 126 — Da poesía dramática e da dramaturxia de R. Otero Pedrayo

páx: 144 — Pro opera omnia de Ramón Otero Pedrayo
Camilo Fernández Valdehorras

Raigame

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

Dirección **Mariló e Xulio Fernández Senra**

Secretaría **Fco. Javier Álvarez Campos**

Colaboración especial:

Consello da Cultura Galega *Arquivo Sonoro de Galicia*
Afonso Vázquez-Monxardín
Ángeles Fernández Pérez
Guillermo Escrigas
Susana González Rodríguez

Colaboración artística:
Xosé Cid
Luís cid
Familia Conde Corbal
Santy
Omar
Buciños
Carlos Quesada
Tomás Vega Pato
Siro

Ilustracións

Debuxos: ***Castelao, Conde Corbal, Xosé Cid, Luís Cid, Santy, Omar, Carlos Quesada, Cebreiro, Tomás Vega Pato, Sciammarella, Aguilera, Maside, Seoane, Siro, Vicente Risco, F. Mantecón, I. Zuloaga, A. Lorentz, Xurxo, Carlos Silvar, Illa Couto, Prego de Oliver***

Esculturas: ***Buciños, Xosé Cid***

Fotografías: **E. Reza**
Arquivo da Biblioteca da Deputación de Ourense
Arquivo da Fundación Otero Pedrayo
Arquivo de "Ediciós do Castro"
Arquivo de Raigame

Icono Raigame (contraportada) **Tomás Vega Pato**

Coordenan **Escola Provincial de Danzas**
Colectivo Castro Floxo

Edita Deputación Ourense

Deseño e Realización infográfica **Xosé Lois Vázquez & Nicole Carpentier, S.C.**

Impresión **RODI Artes Gráficas, S.L., Ourense**

Dep. Legal **OU - 75/95**

I.S.S.N. **1136-3207**

Todas aquelas persoas que teñan interés en publicar artigos ou traballos nesta revista poden dirixirse a:

RAIGAME
Aptdo. 484
Tlf. e Fax 988 249493
32080- Ourense
e-mail: ***escdanza@lander.es***

Tódolos dereitos de reproducción, adaptación, traducción ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.





AGUSTÍN SIXTO SECO

Mugardos, 1926

Médico especialista en Traumatoloxía e Ortopedia, é Director do Centro Médico A Rosaleda de Santiago. Relacionado con Otero Pedrayo desde a súa época de profesor en Santiago preside a Fundación Rosalía de Castro e a Fundación Otero Pedrayo, á parte de ser membro doutros patronatos de distintas fundacións culturais como a Penzol, Museo do Pobo Galego e Camilo José Cela. Especialista en temas de emigración é Delegado para Galicia e Europa do Centro Galego de Bos Aires e membro da ponencia de cultura Galega no Exterior do Consello da Cultura Galega.

PRESENTACIÓN

Agustín Sixto Seco

É para min unha honra especial, como presidente da Fundación Otero Pedrayo e como amigo do Señor de Trasalba, prologar cunhas curtas pero sentidas palabras esta obra froito dun traballo colectivo. O meu desexo sincero é agradecer ós especialistas e colaboradores da revista e á propia Deputación de Ourense o esforzo feito para que neste ano do vixésimo quinto aniversario do pasamento de Don Ramón, este número extraordinario desta revista de fermoso nome –case poderiamos dicir "oteriano"– "Raigame", sirva de reflexión colectiva e punto de encontro das persoas que estudian e pensan ó redor de Otero Pedrayo.

E falamos de punto de encontro porque Otero Pedrayo, como onte e sempre Rosalía, é tamén unha auténtica luz que unifica ós galegos. É un símbolo colectivo da identidade galega con vocación de suscitar confluencias. Sinalemos só dúas entre outras moitas das que se podería botar man: No ano 1950 un tribunal universitario outorgoulle con éxito inenarrable e incontestable a Cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago. E como colofón derradeiro dunha vida de cristián exemplar os bispos todos da súa Terra, presididos polo arcebispo de Santiago, o vasco Don Ángel Suquía, xuntáronse nunha misa colectiva celebrada en lingua galega e con cánticos en latín, ó seu redor na vella catedral románica de Ourense, onde el desde moi novo se sentira engaiolado coa mestría da palabra de Don Marcelo Macías.

E como se ve ó longo dos interesantes artigos desta obra, Otero non só viviu moitos anos senón que os viviu moi intensamente, falando e escribindo sen descanso, case ata a súa morte. Froito desta longa e vizosa andaina vital é un triple maxisterio no coñecemento e comprensión no noso medio natural e humano, na reflexión histórica moitas veces exercida a través das biografías de galegos ilustres, e na súa máis coñecida faceta de creador da prosa galega contemporánea.

Así que Don Ramón foi sobre todo un creador das palabras. Tamén creador como artífice de palabras novas –lexítimo papel do escritor– e ben coñecido por domeñador dunha oratoria que tivo nel un dos seus máis engaiolantes cultivadores en todo o século pasado. Hoxe, gracias ás modernas técnicas de reproducción de voz, pode estar connosco para sempre.

A súa enciclopédica obra inclúe á parte da literaria, xeográfica e histórica máis coñecida, artigos dispersos, cartas, manuscritos e unha inxente cantidade de documentos diversos, a maioría conservados na Fundación Penzol de Vigo.

É obxectivo desta Fundación Otero Pedrayo, creada por Galaxia en 1980 para darlle cumprido fin ó mandato conservacionista que Otero expresou no seu testamento, aproveitar o pulo de obras como esta, e dos congresos que se celebran ó longo deste ano con motivo deste vintecinco aniversario do seu pasamento, para botar a andar o CEO de Trasalba, o *Centro de Estudios Oterianos*, como lugar de compilación, reflexión, investigación e difusión da inmensa obra de Don Ramón en tódolos seus aspectos.

Do interese que suscita o fidalgo de Trasalba non pode haber mellor mostra que esta grande cantidade de prestixiosas firmas oterianas reunidas aquí e agora ó redor da súa lembranza e do seu exemplo vital.

Saúde e boa andanza





Caricatura de Siro.

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Lourenzá, Lugo, Xaneiro de 1913.

Fixo os seus primeiros estudos na súa vila natal e Monforte. En Santiago fai Dereito e Filosofía e dirixe a revista *Universitarios.* Unha vez rematados seus estudos dedicouse á docencia, compaxinándoa cunha intensa actividade periodística e política. Colaborou nas revistas *Nós* e *Alento* e dirixiu os seminarios *A Nosa Terra* e *Ser*. Tivo un papel resaltábel dentro do Partido Galeguista no periodo da República. En 1939 fixou a súa morada en Vigo, coincidindo con Paz Andrade, Carlos Maside, Enrique Peinador e outros. En 1950 colaborou na fundación da *editorial Galaxia*. En 1960 foi elixido membro numerario da Real Academia Galega. É co-director da revista *Grial*. A súa obra está case toda dedicada a Galicia e podemos destacar "*Danzas populares gallegas*", "*Historia da literatura galega*", "*Galicia no espello*", "*Escolma de poesía galega. Os contemporáneos*","*Letras do noso tempo*","*Poesia galega. Do dezanove aos continuadores*", "*Pensamento galeguista do Século XX*","*Diccionario de escritores en lingua galega*", "*Álvaro Cunqueiro e o seu mundo*", "*Blanco Amor. Emigrante e autodidacta*",... Na actualidade é Presidente da Real Academia Galega.



Lembranzas do mestre e amigo

Francisco Fernández del Riego

Nunca esquecín aquel día invernizo do ano 1931, sendo eu estudiante universitario en Compostela. Entraba por vez primeira no "Seminario de Estudos Galegos" establecido nas dependencias da vella Fonseca, conducido polo profesor de Historia do Dereito Luís Tobío. Presentoume o meu introductor a varias das principais figuras que andaban a traballar na Institución. Espertou en min singular interese, espontánea meiguice, un home de alta estatura, varudo, de porte afidalgado, que estaba a falar cun grupo de compañeiros. Era Don Ramón Otero Pedrayo.

Produciume insólita sorpresa admirativa a súa palabra fluínte, vibradoira, apaixoada. Parecíame de tanta vitalidade, que semellaba crear as cousas ó nomealas. Aquela palabra, que eu escoitaba enfeitizado, decorría chea de forza lírica. Ouvíndoa, ocurríaseme que erguía o sentimento da natureza á creación poética. De vez en vez, o falante sorría cunha fina ironía. Esa inesquecida e imaginativa terra de ninguén dominábaa con estilo incopiable. Descobríaseme como home de coñecemento e de sorrisa. Manexaba os conceitos máis cultos tendo a man unha frase de sabiduría popular.

Desde entón comezou a xurdir, paseniñamente, unha relación asídua na que se conxugaron a miña devoción polo seu maxisterio coa xenerosa amistade que me dispensou. Sempre lembrarei a súa estatura humana envolvida nunha aura de lírica sereni-





**Espertou en min singular interese,
espontánea meiguice,
un home de alta estatura, varudo,
de porte afidalgado,
que estaba a falar cun grupo
de compañeiros.
Era Don Ramón Otero Pedrayo.**

dade. Riba dos hombreiros, a cabeza luminosa, melancólica, presidía o ritmo do seu labor intenso. Un labor que, aínda arraizado no tempo que lle tocou vivir, inxería viva protección de futuro. Por outra banda, fronte ó intimismo concentrado, absorbente, o admirado amigo abríase ó aire libre, á ilusión da vida axeitada e relumbrante. Esta constante de insaciable gozador, advertíase na súa actitude humana. Pero non só alentaba nel o goce, senón tamén a esencia dunha fonda verdade existencial.

Eu, rapaz, e el consagrada personalidade no mundo da cultura, vivimos xuntos emotivas xeiras de propaganda galeguista a través de Galicia toda. Compartimos viaxes por terras portuguesas, e coincidimos en Congresos, en tertulias, en andainas festeiras ou conmemorativas. Fun convidado seu durante anos consecutivos, na casa grande trasalbesa de Cima de Vila. Nas tempadas que pasei á súa beira, ano tras ano, disfrutamos de horas memorables.

Na casa soralenga había un sinxelo gabinete cos muros tapizados de estanterías cheas de libros. Nel figuraba un modesto escritorio e unha silla na que sentar. Durante a miña estada trasalbesa consultei algúns dos libros que o escritor tanto follea-ra. Moitas veces acomodábame ó seu carón na mesa camilla onde traballaba xunto á fiestra e ó calor do braseiro.

Despois de xantar, cando o tempo o permitía, faciamos longas paseatas polos Chaos de Amoeiro, á beira dos piñeiros da encosta de Santa Cruz de Arrabaldo, seguindo carreiros que levaban cara Punxín. Tamén outras menores polos soutos veciños da casa.

Durante as andaduras contábame Otero Pedrayo vellas historias de ambiente familiar, ou de sucesos que naqueles lugares ocurriran en épocas idas. Falábame de que o seu avó paterno era un capitán esparterista que fora desterrado a Barbantes. Casou cunha Sotelo, familia esta que procedía da Serra Martiñá. Da unión de ámbolos dous naceu Don Enrique Otero Sotelo, médico, amigo de políticos e homes de letras. Do seu casamento con Dona Eladia Pedrayo xurdiu á vida o único fillo: Don Ramón. Falábame este de que os Sotelo eran propietarios en Trasalba e en Santa Cruz de Arrabaldo. Tiñan solar do século XVIII na parroquia trasalbesa, que o escritor gostaba sempre de chamar Casa Grande de Cima de Vila. Nela pasou intensas horas da nenez e adolescencia. Tamén moitos días da fecunda maturidade e da vellez. Atópase emprazada en lugar estratéxico que domina por unha banda o val do Miño, e pola outra o do Barbantiño.

Gorentábame escoitar, durante as demoradas paseatas, vedrañas historias acaídas no Pazo de Goián. Enaxenaran os Sotelo as posesións da Martiñá, e co seu importe adquiriron ese pazo que o escritor herdou. Narrábame o propio escritor con aquel estilo tan de seu dramáticos sucedidos protagonizados polos poseedores antigos da mansión. Lembrárallos a súa avoa paterna, quen tamén lle refería curiosos aconteceres ocurridos alí no XIX. Gostaba moito de relatarmos porque desde neno quedaran fixadas na súa memoria. Mesmo lle serviran de referencia para algunhas das obras que escribiu.





Produciume insólita sorpresa admirativa a súa palabra fluínte, vibradoira, apaixoada. Parecíame de tanta vitalidade, que semellaba crear as cousas ó nomealas. Aquela palabra, que eu escoitaba enfeitizado, decorría chea de forza lírica. Ouvíndoa, ocurríaseme que erguía o sentimento da natureza á creación poética.

O fermoso pazo mantívose semiesquecido, en asolado abandono, ergueito en terras moi achegadas á casa solarenga. Visitamos ámbolos dous en varias ocasións o seu interior, e o daquela propietario revivía noticias, feitos dun pasado cheo de desacougos e tristuras. Pero onde de xeito especial disfrutei da compaña do mestre, foi contemplando os panoramas desde a ampla solaina de pedra sobre o xardín, na casa de Cima de Vila. Decíame que nela adeprendera a se familiarizar cos extensos horizontes que se abrían ós seus ollos: O monte San Trocado, o Novelle, a Martiñá, o Faro de Avión... Co seu saber xeográfico tan cernudo, íame indicando desde a solaina de ancho peitoril, todo canto se descobría á nosa mirada nunha clara mañán inverniza. Amosábame a serra Leboreira e o Penagacho, con fermosa palabra ilustrada. Sinalábame os altos da divisoria do Arnoia e do Limia, ou a Chaira de Rabeda, sempre con aquel seu decir que tan familiar lle era.

Durante as longas horas trasalbesas das que gocei ano tras ano, puiden coñecer a fondo a figura humana e cultural do gran polígrafo. Evocábame tempos que se esvaíran, co seu anecdotario ricaz, suxeridor. Botaba ben de ver eu, a súa presencia existencial nunha idade situada nos fíns do dezanove e a maior parte do século vinte. Coñecera os últimos solpores da vida fidalga no campo galego. Soupo da sociedade heril e patriarcal, na que o labrego e máis o señor considerábanse camadas xerarquizadas dunha mesma comunidade de destino. Tamén as formas corteses de amor, o modernismo, o simbolismo, o liberalismo. Os temas das súas



Durante as longas horas trasalbesas das que gocei ano tras ano, puiden coñecer a fondo a figura humana e cultural do gran polígrafo.

conversas viraban unha chea de veces polos escenarios fidalgos, señoriais da Galicia dezanovesca. As evocacións eran sempre vivas, ateigadas de luz nova.

Contábame poucas cousas, por outra banda, dos seus estudios de bacharelato, aínda que rememoraba con emoción, a dous mestres do Instituto: Don Marcelo Macías e Moreno López. A este porque o influíra na súa vocación xeográfica. Tampouco se compracía demáis na lembranza dos tempos da súa estada como estudiante universitario en Madrid. Pero sí gorentábao moi especialmente relembrar emotiva e culturalmente a presencia de Santiago no seu espírito. Falábame dunha Compostela prerrománica, case de cenobios con brillante runfadela de tradición bizantina. Tamén da Compostela románica, chea de lograda expresión da alma da cidade. Da que, a través do acento oxival e plateresco, se repitiu na apoteose barroca. Para el non se poderían comprender o xenio e a arte de Santiago, sen o contacto de Compostela e Galicia con Europa. En moitas ocasións aproveitei a súa ricaz palabra guiadora, para entender misterios e segredos compostelláns. De mañán ou nas horas do solpor escoiteino con engaiolante impresión mentras ruabamos por lugares e prazas compostelanas.

Fun de cote, no trato persoal e no dos seus libros, un devoto admirador de Otero Pedrayo. Gostei vivamente da súa pluma, da que saíron novela, ensaio, conto, teatro, xeografía, historia... Afeito a escribir cunha facilidade insólita e unha erudición viva, foi unha marabillosa forza creadora. Esta forza creadora tiña aínda outro poderoso rexistro na expresión verbal. A elocuencia oteriana era lírica, musical. A súa voz, prodixiosamente douta, poderosamente aquecida, estaba chea de cordialidade. Esta voz incansable foime descobrindo, ó longo dos anos, o sentido da nosa historia, da nosa paisaxe, das letras nosas. Dunha das últimas ocasións nas que nos vimos, mantense na miña memoria unha nidia imaxe. Estaba a



A elocuencia oteriana era lírica, musical. A súa voz, prodixiosamente douta, poderosamente aquecida, estaba chea de cordialidade. Esta voz incansable foime descobrindo, ó longo dos anos, o sentido da nosa historia, da nosa paisaxe, das letras nosas.



follear un texto latino. Remataba de afastar os ollos da lectura para erguelos quen sabe a que lonxanos horizontes. Ben me decatei de que, ó me falar de primeiras, as súas frases acompasábanse ós seus sentimentos. Pareceume que mantiña abstraído no seu soño un algo alleo á realidade que o rodeaba.

De calquera xeito a Otero Pedrayo lembrareino sempre camiñando, seguindo a Galicia polos vieiros do seu destino. Ó meu ver, o admirable, o conmovedor, era a súa confianza na comunión dos homes e das cousas. A súa acollida ostensiblemente bondadosa: Esa especie de enerxía aloumiñante que un aduviñaba concentrada en toda a densidade e todo o aderamento da súa persoa.

Para el non se poderían comprender o xenio e a arte de Santiago, sen o contacto de Compostela e Galicia con Europa.





Caricatura de Santy.

AFONSO VÁZQUEZ-MONXARDÍN

Ourense, 1960

Estudiou as especialidades de Prehistoria e Arqueoloxía, Xeografía, historia e arte de Galicia e Arquivística e biblioteconomía en Santiago de Compostela. Dedicado á docencia de lingua e literatura galega desde 1984 é na actualidade catedrático desta materia no IES As Lagoas de Ourense. Membro da Fundación Otero Pedrayo e iniciador do Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega, ten editado varios discursos de Don Ramón en soporte sonoro e participando na recuperación e difusión de variada documentación oteriana.



Achega biográfica a Ramón Otero Pedrayo

Afonso Vázquez-Monxardín

Ramón Otero Pedrayo naceu en Ourense o 5 de marzo de 1888. Foi único fillo de Dona Eladia Pedrayo Ansoar –con quen estaría especialmente unido ó longo da súa vida e que morreu case centenaria– e de Don Enrique Otero Sotelo, médico que exerceu xenerosamente a súa profesión desde a Casa de Trasalba, ó longo dos Chaos de Amoeiro, ata a súa temperá morte, en 1904.

O neno Ramón Otero criouse no seo dunha familia liberal e culta. O seu avó materno era avogado de prestixio na cidade e o paterno militar esparterista desterrado a Barbantes desde o seu Lugo natal. Seu pai fora defendera a Curros fronte ás inquinas da reacción conservadora local e a súa casa –sobre todo a de Ourense, na Rúa da Paz– era centro de tertulias pola que pasaron a Pardo Bazán e outras destacadas figuras da intelectualidade galega do solpor do XIX. Otero naceu nunha rúa que era daquela o centro do paseo dos señores na cidade e ó lado do Teatro Principal, núcleo da actividade cultural dunha urbe de forte fasquía rural que contaba daquela con pouco máis de dez mil habitantes. Na súa mesma casa, no primeiro, naceu e medrou Vicente Martínez-Risco, compañeiro de xogos infantís cando neno, e posteriormente obxecto de amizade e mútua influencia intelectual ó longo das súas dilatadas vidas.

Ramón cursou o bacharelato no Instituto de Ourense que hoxe leva o seu nome –no Xardín do Posío– e trala ceda morte de seu pai e dunha viaxe ás terras do Mar do Norte en 1905, achégase a Compostela para para facer un curso preparatorio de acceso á Universidade. Axiña marcha a Madrid para segui-los estudios de Dereito e Filosofía e Letras. Na capital española, onde el acudira devecen-





A nai de Don Ramón.



Don Ramón de mozo.

te por acadar unha definición e formación intelectual conforme ós tempos, le tan intensa como asistemáticamente obras de xeografía, historia, filosofía e literatura. As lecturas literarias que máis cobizan ó noso autor son as de Baudelaire, Verlaine, Balzac, Stendhal e Chateaubriand. Desencantado dunha Universidade que non lle di moito, refúxiase na biblioteca do Ateneo.Esta etapa de tanteos e indecisións sobre o futuro intelectual e o seu compromiso co mundo exterior, sería maxistralmente recreada na súa novela iniciática "Arredor de si" (1930).

De volta en Ourense en 1911 intégrase no grupo dos "Inadaptados" no que participan tamén Vicente Risco e Florentino Cuevillas. Os tres amigos habían seguir evolucións intelectuais semellantes, traballando en empresas colectivas como o "Ateneo" ou a revista "La Centuria" e pasando dun acentuado individualismo antisocial a un compromiso galeguista na súa etapa de madurez. Sen embargo dentro dunha identidade global conservadora e culturalista, tamén se poden recoñecer matices importantes. O que para Risco fora unha reviravolta intelectual, para Otero converteuse nunha descuberta case dolorosa. Risco achégase desde o problema antropolóxico dunha cultura devecente e Otero desde a conciencia e saudade pola descomposición do sistema social tradicional. Castelao e outras persoas que coinciden xeracionalmente co grupo ourensán –ó que cinguimos en puridade o nome de Grupo Nós– hase achegar ó galeguismo desde a asunción dos problemas sociais que padece a Galicia popular –loitas agrarias e emigración, principalmente– no momento en que a nova sociedade se espalla cos ventos do século XX, e desde a conciencia da necesidade dun poder galego para a resolución dos mesmos.

A evolución deste grupo xeracional desde o esteticismo evasivo dos anos mozos ó compromiso galeguista





Don Ramón na praia.

ten na amizade de Antón Lousada Diéguez o seu desencadeante principal. Lousada, señorito con Pazo en Moldes, na Terra do Carballiño, intelectual conservador e católico, descóbrelle-la posibilidade de compromiso co país a través da actividade das Irmandades da Fala, das que inicialmente estaban afastados. No seo das Irmandades Otero non ocupará postos destacados; haberá que esperar case ó advenimento da República para a súa partipación intensiva.

No ano 1919 aproba as cátedras de Xeografía e Historia de Ensino Medio e é destinado a Burgos e logo a Santander onde coñeceu á que sería desde 1923 a súa muller, Josefina Bustamente Muñoz, "Fita". Volve definitivamente a Ourense en 1921 e incrementa o seu compromiso cultural a través da revista *Nós* (1920-1936) e da súa incorporación ó Seminario de Estudios Galegos en 1923.

Coa chegada da II República consegue acta de deputado por Ourense cun coxuntural Partido Nacionalista Republicano que axiña se ha integrar, xunto con outras forzas locais, no Partido Galeguista. Desde o seu escano nas Cortes de 1931 defenderá a fórmula federal para o Estado e a confesionalidade do mesmo. Otero foi máis un intelectual que nun momento da súa vida asumiu tamén un compromiso político organizado ca un político vocacional. A súa ideoloxía xiraba ó redor dun fondo catolicismo que, tinxindo as antigas esencias célticas, estaría nas raiceiras da formación da personalidade de Galicia. Esa identidade estaría indisolublemente ligada a unha sociedade tradicional, moi idealizada, con señores e campesinos vivindo en harmonía coa natureza, e con cidades, como Santiago, enraizadas tamén na vida relixiosa e na sociedade estamental. O temor pois de Otero ó novo mundo urbano e comercial do século XX vén da súa convicción de que serviría para afastar a Galicia da súa esencia tradicional e, daquela, da súa personalidade histórica.

O principal da súa obra literaria foi escrito entre a segunda metade da década dos vinte e a primeira dos trinta. Otero, lector ávido de clásicos e novidades, non tivo présa por enfrontarse á creación, pero cando o fixo, ó redor dos corenta anos, xa se iniciou como un escritor formado, sen período de esculcas, achegas e indecisións. Desta época son tanto as súas narracións habitualmente denominadas realistas, pola recreación do solpor das vivencias ou soños do mundo campesino tradicional *Pantelas home libre (1925) , Os camiños da vida (1928), Contos do camiño e da rúa (1932), O mesón dos ermos (1936),* como as sinaladas como culturalistas, sexan de asunto contemporáneo *Escrito na néboa (1927), Arredor de si (1930) Devalar (1935)* sexan de asunto histórico *A romeiría de Xelmírez (1934) , Fra Vernero (1934)* . Pero Otero, escritor absolutamente prolífico, aínda tivo tempo, antes da guerra, de escribir diversas pezas dramáticas como *A lagarada (1929)* ou narracións como *O purgatorio de Don Ramiro (1926) Vidas non paralelas (1930)*, combinando esta actividade coa publicación de centos de





Don Ramón coa súa nai e a súa dona.

artigos de prensa e revistas sobre historia, xeografía, biografías, á parte de varias destacadas monografías, como a *Guía de Galicia (1926), Pelerinaxes (1929), Ensayo histórico sobre la cultura gallega (1933)* e algúns libros de texto.

Ó pouco de estoura-la Guerra Civil é deposto da súa Cátedra de Xeografía e Historia no Instituto de Ourense. Gracias á Casa de Trasalba onde o capital chega para manter ó seu pequeno núcleo familiar –a súa nai, a súa muller e el mesmo– pode permitirse unha retirada momentánea da vida pública. O catolicismo e conservadurismo do grupo galeguista ourensán fará que, aínda con problemas, poidan sobrevivir a aquela grande traxedia colectiva. A súa casa de Trasalba hase converter nun refuxio espiritual do galeguismo interior, e transfórmase, el mesmo, nun símbolo vivo das ansias de restauración cultural, recibindo daquela o alcume de "Patriarca das Letras Galegas".

Otero, escritor total, seguirá colaborando en prensa e elaborando a súa obra en castelán. Publica *Las palmas del convento(1941), Adolescencia (1944),* unha *Guía de Santiago de Compostela (1943)* ata que, pouco e pouco volverá a escribir en lingua galega. Creará obra teatral, *O desengano do prioiro (1952), Rosalía* (manuscrito de 1959 pero editada en 1985), *Traxicomedia da noite de Santos (1960), Teatro de máscaras (*manuscrito de 1934 editado en 1975*), O fidalgo e a noite* (manuscrito de 1970 editado en 1979), *Noite compostelá (1973),* e continuará a narrativa na liña vivencial da sociedade tradicional que amosara na preguerra: *Entre a vendima e a castañeira (1957), O señorito da Reboraina (1960)* ou *O maroutallo (1975)*. Sen embargo, as súas aportacións principais serán no mundo do ensaio, tanto de investigación histórica, xénero que tratará con asiduidade, como no dunhas difusas memorias. Neste campo, salientar *Por os vieiros da saudade (1952)* –lembranza da súa visita a América en 1947 nunha viaxe que supón o reencontro do galeguismo exiliado en Bos Aires, personificado na figura de Castelao, coas forzas do interior– e *O libro dos amigos (1953),* verdadeiro devocionario particular construído sobre as lembranzas das persoas que máis significaron no seu devir humano.

Nesta época publica tamén dúas guías co título de *Orense;* unha coa editorial Everest en 1969, outra con Bibliófilos Gallegos, en 1973. Ademais con idéntico título é publicado pola Caixa de Aforros de Ourense en 1966 un libro no que Otero escribe os textos literarios que acompañan a uns fermosos debuxos dun Xaime Quessada aínda mozo.

Otero que sempre se negou a solicitar o reingreso no corpo de Catedráticos de Bacharelato– pois era consciente de que nunca el solicitara a baixa– impartiu de novo clases no Instituto do Xardín desde 1948 a 1950, ano no que opositou triunfalmente á Cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago e onde cesou oito anos despois ó se xubilar. Estas vivencias universitarias, da época máis feliz da súa vida, como adoitaba denominar a esta etapa de madurez santiaguesa, contribuirán a reafirmar a súa amada Compostela entre os tres lugares da súa xeografía humana esencial –xunto con Trasalba e Ourense– e serán obxecto dun fermoso ensaio sentimental *O espello na serán (1966)*.



Nese ano 1950 converterase en Presidente da Editorial Galaxia, transmutación do galeguismo político da preguerra adaptándose ás posibilidades de traballo, estrictamente culturais –unha outra forma de actividade política, aínda que indirecta– neses anos.

Desde finais dos anos corenta, Otero Pedrayo retomará a súa faceta de orador en lingua galega e participará, ata pouco antes da súa morte, en centos de actos públicos –conferencias, pregóns, discursos, homenaxes– ó longo de toda a xeografía de Galicia e dos núcleos da emigración que o reclaman. Sen dúbida nesta época é moito máis coñecido pola súa verba vizosa, vibrante e rica, e polos seus artigos en prensa –*La Región, La Noche*–, que por unha producción literaria da preguerra, moi difícil de atopar. Viaxeiro incansable visita Caracas en 1956 convidado pola colectividade galega para a inauguración dunha Casa de Galicia que en catro anos había converxer na actual Hermandad Gallega. En 1959 volve visitar de novo a Arxentina onde é acollido polo galeguismo bonaerense con extraordinaria calor humana e amosado orgullosamente á intelectualidade arxentina como o máximo valor da Galicia territorial. Froito desa especial relación coa emigración porteña será a dirección da monumental *Historia de Galicia,* proxecto de inicial vocación enciclopédica e do que finalmente saíron tres tomos entre 1962 e 1972 sobre historia, xeografía e antropoloxía.

Conscientes da súa trascendencia, mesmo simbólica, organízanselle varias homenaxes ó longo dos anos finais da súa vida. Entre outras salientemos tres: no ano 1958, ano da súa xubilación en Compostela, artéllanse homenaxes desde Galicia e Caracas, tamén en forma de libros colectivos. En 1968, con motivo do seu oitenta aniversario, xúntanse os amigos e autoridades no Hostal e celébrase a primeira misa en galego no altar maior da catedral compostelá. En 1975 os seus antigos alumnos xúntanse ó seu redor para agasallalo co libro *Teatro de máscaras* cando pasa por unha época especialmente dura, pois con oitenta e seis anos, acaba de perder á súa "Fita" despois de máis de cincuenta anos de matrimonio.

Pola galería da súa Casa de Trasalba ou pola súa casa da Rúa da Paz en Ourense pasarán nos anos seguintes novas promocións de intelectuais da Terra e da diáspora galega interesadas polo país. Otero, ata a súa morte en 1976, terá sempre unha verba ilusionada e optimista e un compromiso aberto de permanente colaboración con canta iniciativa permita desenvolver a idea dun futuro mellor e distinto para Galicia.



Dando unha conferencia.

Otero morre o día 10 de abril de 1976. Dous días máis tarde celébrase un multitudinario e solemne funeral na catedral ourensá, con misa en galego e cánticos en latín, no que, baixo a presidencia do arcebispo de Compostela, participarán os bispos todos de Galicia. Un broche de ouro para unha vida de compromiso coa terra dun católico exemplar.



Don Ramón enfermo.





MIGUEL ANXO ARAÚJO IGLESIAS

Naceu en Sabadelle, concello de Pereiro de Aguiar (Ourense), o 10 de xaneiro de 1920. Entre 1932 e 1945 estudiou na Universidade Pontificia de Comillas (Santander), onde se licenciou en Filosofía e Teoloxía. Foi ordenado Sacerdote en 1945. Entre 1945 e 1970 foi profesor e rector do Seminario de Ourense. Bispo da diócese de Mondoñedo-Ferrol de 1970 a 1985. Bispo dimisionario en 1985. Recibe o Pedrón de Ouro en 1977, e dende 1980 é membro numerario da Real Academia Galega. Recibe o Premio Otero Pedrayo do ano 2000.



Don Ramón, home cabal


Miguel Anxo Araújo Iglesias

Alguén dixo que don Ramón "non cabe en Galicia, na Galicia limitada, máis ca polos montes e os ríos que a afastan de Portugal e da Meseta, pola estreiteza de miras daqueles que o pensan todo en termos de alfándegas e xurisdicións".

Non se trata, penso seu, de que don Ramón non caiba en Galicia, senón que a Galicia de don Ramón é a síntese acabada da europeidade e da mesma cristiandade. Cada paisaxe desta Galicia era para el a miniatura fecunda dunha paisaxe europea e ata americana; cada igrexa galega era o xermolo das grandes catedrais de Occidente; cada regato era a reproducción viva dos grandes ríos europeos, e Compostela viña a se-lo cumio da "ecumene", onde as rúas, as prazas, os moimentos e a catedral marcan o sino da historia universal dun pobo e dunha raza.

Neste intre dos vintecinco anos do seu pasamento eu quixera que se achegasen agradecidos ó seu carón o sorriso bulandeiro das nosas fontes e dos nosos ríos, o bruído dos nosos mares, a queixume sinfónica das nosas carballeiras, onde estoupasen xubilosas tódalas castañas dos nosos castiñeiros, se dobrasen reverentes tódalas espigas das nosas centeeiras, ofrecesen o seu variado coorido variopinto tódalas follas das nosas cepas do Ribeiro, cantasen a súa salmodia gregoriana os vellos mosteiros da Ribeira Sacra cos seus monxes encapuchados, rezasen rosarios de anceios e angustias tódalas velliñas

Cada paisaxe desta Galicia era para el a miniatura fecunda dunha paisaxe europea e ata americana; cada igrexa galega era o xermolo das grandes catedrais de Occidente.



Otero na Biblioteca

Quero recoñecer que don Ramón foi sobre todo o grande home, o home cabal, cunha personalidade que lle rebordaba por tódalas bandas; semellaba o arquetipo do home honrado, sincero, xusto, acolledor, garimoso, humorista.

Serán moitos os que falen aquí da capacidade e variedade cultural de don Ramón: o xeógrafo, o historiador, o ensaísta, o novelista,o grande orador e conversador e ata o político. Eu quero ir por outro camiño: a humanidade de don Ramón. Quero recoñecer que don Ramón foi sobre todo o grande home, o home cabal, cunha personalidade que lle rebordaba por tódalas bandas; semellaba o arquetipo do home honrado, sincero, xusto, acolledor, garimoso, humorista.

Fisicamente era toda unha humanidade, xa que o seu corpo era alto e ben cheo de carnes. Xa entrado en anos tiña tódalas apariencias do grande señor de Trasalba: co seu chapeu, a súa garabata e o seu bastón de puño de prata, no que comezaba a apoiar a súa prematura artrose. Tanta figura física e tan elegante, nun principio daba a impresión de distancia, de alonxamento, de vivir noutra órbita e noutro tempo. El mesmo se solía definir coma o último romántico do século dezanove. Mais non era así don Ramón. El era o home bo; poderiamos dicir que era o "homo iustus" da Sagrada Escritura. Servidor sempre da verdade e dos demais, acolledor daqueles que se achegaban a el, desinteresado, pois

de Trasalba, brincasen tódalas mozas galegas, saísen tódolos señores e labregos cos seus traxes festivos ó turreiro da igrexa, rexordisen dos seus pétreos sartegos tódolos vellos patrucios do noso pobo, e alá, o fondo desta procesión fantástica, o apóstolo Santiago recollendo na súa cunca peregrina tódolos recendos, tódalas cores, tódolos tempos dunha cultura occidental para enxertalos no mesmo cerne da galeguidade feita pedra, vida e historia no corazón daquela cidade sempre vella e sempre nova, que se chama Compostela.



nunca soupo o que tiña, senón máis ben o que non tiña; fiel a súa palabra e sobre todo á súa dona, Fita. Nunca soupo don Ramón decir que "non" a calquera favor que se lle pedía, sobre todo se era unha conferencia, aínda que fose consciente que, en moitos casos, ía de suplente.

As teses antropolóxicas de Otero Pedrayo poden resumirse nestas tres ideas fundamentais: querencia da terra, vivencia da inmortalidade e sobredominio da imaxinación.

Nos escritos de don Ramón, segundo nos di o Dr.García Sabell, aparecen algunhas constantes do home galego. As teses antropolóxicas de Otero Pedrayo poden resumirse nestas tres ideas fundamentais: querencia da terra, vivencia da inmortalidade e sobredominio da imaxinación. Para don Ramón, os labregos veñen sendo, polo seu apego á terra, "como axentes de orosión do chán humanizado de Galicia". E no paisán, atado á observación dos signos celestes e dos ciclos animais e vexetais, "desaparece a noción do suceder histórico". No movemento inverso, a paisaxe, pola súa man, reverte na historia e no carácter. Por outra parte, a linguaxe do labrego e do mariñeiro é esencialmente un xogo rico de metáforas. E isto pola sinxela razón de que o seu ámbito interior, a súa intimidade, "é un sucederse de imaxes, incluso no necesario revestimento dos conceptos". Por último, a reverencia da inmortalidade sería para don Ramón "unha idea innata en Galicia".Logo a imaxinación, mesturada co amor da terra, daríalle a ese pálpito un sentido particular. Se o mundo é, antes de nada,unha profunda e sorprendente riqueza, a alma suspira "degoira" por un se quedar nel, "quere face-la ronda ó vello fogar". Ou sexa, coa volición escura e esixente de tono imaxinativo, non morrer por completo. Quere ser inmorrente e pensa, co sentimento, que non morre. Trátase dun imaxinar en presentes continuos que teiman desde a inefable e tremecente intimidade de cada quen.



Evocador e ben chantado; para nós, os galegos, é un símbolo diverso e único. Don Ramón chega a ser a árbore máis nobre da fraga de Galicia.

Coido que todo este tecido caracteriolóxico e temperamental que Otero Pedrayo observa no espírito galego, cecais fose descuberto intuitivamente na súa mesma persoa. Pois, a fin de contas, a polarización dominante de cara á terra, a inmortalidade e a imaxinación non son outra cousa ca unha actitude cara ó mundo que trata de superar, e aínda apreixar no fondo permanente o pouso que queda nas reverivoltas do fuxidío. Fantasía, transcendencia, e natureza. Se a todo isto lle engadimos un certo senso humorista da realidade e o alto aprecio da palabra xenerosa e ben composta, coido que teremos en versión cultivada, un esquema claro da figura humana de don Ramón.

Así son as cousas neste home abondoso e gozador en todo e de todo. Evocador e ben chantado; para nós, os galegos, é un símbolo diverso e único. Pois don Ramón chega a ser a árbore máis nobre da fraga de Galicia. El ten do castiñeiro os brazos Xenerosos e o regazo sombrío. Do piñeiro, o balbordo sensitivo e cotián, a porfía pola montaña, a curiosidade atrevida polo mar. Do bidueiro, a elegancia sen fachenda, como a sutileza branca e aguda que fai o pombo no ceo. Do ciprés, o lanzal, antigo señorío. Do carballo, a varonía, ese estar con todos e gardar, con gravidade honesta, a luz nunca mirrada da nosa terra. Don Ramón é un pazo que anda entre nós, un forno no antedía da festa, o peirado da volta, o compañeiro, o amigo do amigo. Herdade, pazo, forno, peirao, amigo; cousas para quedaren, cousas que perviven.

Don Ramón é un pazo que anda entre nós, un forno no antedía da festa, o peirado da volta, o compañeiro, o amigo do amigo. Herdade, pazo, forno, peirao, amigo; cousas para quedaren, cousas que perviven.





PURA VÁZQUEZ

Ourense, 1918

Poeta, narradora e dramaturga, realizou estudios de maxisterio en Ourense e exerceu a docencia como mestra en Galicia, España e Venezuela, país este último no que residiu cinco anos. Xunto coa súa irmá, a tamén escritora Dora Vázquez, cultivou especialmente a literatura infantil. Na actualidade, Pura Vázquez está considerada como unha das grandes voces femininas da poesía galega contemporánea. Entre as súas obras poéticas podemos destacar *Íntimas, A saudade e outros poemas, Se digo Ourense o Orballa en tempo lento.*



Nos cento e tantos anos de Don Ramón Otero Pedrayo

Pura Vázquez

Nos cento e tantos anos do seu nacemento, a figura de D. Ramón Otero Pedrayo que tanto tivo que ver co noso galeguismo e co do Patriarca das Letras Galegas, segue a ser modelo y exemplo de coherencia e lintel da súa literaria obra, así como dos seus ensaios, novelas e demais obras, que as escribíu dabondo, para beneficio de Galicia e consolo dos seus moitos lectores, e alumnos. Sobre todo os que fomos alumnos.

Porque os que fomos alumnos de tal profesor i erudita persona, nunca poidemos esquecernos del, na nosa xove e dourada adolescencia, cando a súa palabra acendía en nós desexos de cousas que poderían parecer revolucionarismo, pero que non era máis que o querer mostrarlle a D. Ramón que coincidiamos xa con moitas das cousas que nos dicía ou nos deixaba adiviñar, pois aínda que eramos demasiado noviños todos, xa adiviñabamos que eran cousas grandes, ideas para un novo pais e a súa renovacion.

Pero o que máis nos atraía de D. Ramón, cando o coñecimos , nas clases de Historia de España no primeiro curso e de Historia Universal no segundo curso, era a súa claridade, o poder interpretar ben o seu anceio cultural para a terra que o vira nacer para o mundo, pero sobre todo para nós, estudiantes e alumnos seus. Sempre atento á nosa educación e aplicación, ó noso diario que facer, o mesmo no ensino como estudiantes xovencísimos que eramos, sedentos de saber. El era atento e sempre cumplidor fiel con nós e co seu quefacer para que poideramos aproveitar cada clase á que asistiamos todos co maior dos entusiasmos. Tamén nos gustaba a súa tolerancia para as ideas que tiñan, ou deixaban de ter os demais.

Iste amor por Ourense e polos ourensáns, levara ó seu pai a prantar aquela centenaria árbore de Trasalba que parece que era unha bela araucaria, logo do nacemento do seu fillo. Arbore que viviu cando os anos do neno, frondosa e forte coma a personalidade do noso fidalgo amado, que sendo galego e nacionalista, non





Porque os que fomos alumnos de tal profesor i erudita persona, nunca poidemos esquecernos del.

tivo receo en declararse tamén europeo e universalista cando a historia o chamou e marcou o seu dedo providencial para as nobres tarefas dun refinado talento para a erudición e o servicio creador da nova Galicia que naqueles intres se forxaba.

Como escritor publicou grandes obras, narrativas, dramáticas e políticas nas que deixou para sempre a súa pegada de filosofía excelente. Foi tamén xeógrafo, poeta e un grande profesor para as xeneracións de galegos que tivemos a sorte de ser seus alumnos. E el foi sobre todo un grande orador, xornalista, e bó coñecedor da Xeografía e Historia da nosa terra.

Don Ramón foi para todos os que o ceñeceron e admiramos un dos máis sobranceiros personaxes da nosa matria, como me gusta chamarlle a esta terra nosa, pois esa palabra evócame sempre a nunca perdida idea da mai. Sobranceiro foi non só da auténtica galeguidade, Literatura e historia, e da nosa e as distantes xeografías. Materias esas que aprendín da súa propia voz e palabra nese querido Centro que é o Instituto que hoxe leva o seu nome en Ourense. El pertenceu a aquela magnífica xeración de nomes preclaros, a xeneración NÓS, figuras que foron xurdindo daquela para moitos "ante" e a "post" guerra, naquel inmisericorde ano 1936.

Non vou a lembrar aquí o que todos saben sobre o ben chamado Patriarca das Letras Galegas, xa tan mencionado. Pero tiven a sorte ser discípula súa no citado instituto, que creo que era o único Centro Oficial de Ensino do bacherelato que tiñamos daquela en Ourense.

Será acaso por iso que o seu nome e as súas obras, coa amada, moi querida para min Trasalba, me traen sempre de lonxe as mellores lembranzas da miña xuventude. E tamén sobre todo as daquelas clases do profesor que tanto me valeron no ensino máis tarde, xa que cada lección e clase sentíamos os com-





En cada lección e clase podíamos ollar coa imaxinación todo aquelo que el nos explicaba coa súa verba sempre acendida.

pañeiros e mais eu que podíamos ollar coa imaxinación todo aquelo que el nos explicaba coa verba súa sempre acendida.

Na guerra e despois dela, D. Ramón perdérase para nós necesariamente, para os seus amigos e alumnos, xa que todos andivemos moi perdidos os uns dos outros. E cando pasados uns anos o atopei en Santiago, era xa profesor da Universidade de Compostela e viña con Fita, a súa engadadora esposa.

Ambos outorgábanme agora o inapreciable don da súa amizade. Ás veces era invitada por eles a ir a Trasalba, ó seu pazo. Lembro que unha ocasión na rúa do Paseo ourensán, estando co meu amigo xornalista, agora famoso narrador de novela e conto, Xosé Fernández Ferreiro, pasaron D. Ramón e a súa dona e se detiveron a falar con nós. Ó despedirse, invitáronnos amablemente ós dous ex-alumnos, a ir nun determinado día a xantar con eles a Trasalba. Alá acudimos nun taxi, contentos coma cucos, o amigo e máis eu na data sinalada. Pasámolo formidablemente escoitando as máis fermosas e ignoradas historias de Ourense e de Galicia. Quedamos en voltar. Ferreiro e máis eu estabamos embobados pola sabeduría do noso antigo profesor. Logo a vida voltou a separarnos a todos. Cada un, tiña as súas responsabilidades, e sabíamos cumplilas.

Máis tarde, a vida, a sorte, ou Deus quizá, levounos baixo das lindes da vellez unha vez máis a Trasalba a fermosa e acolledora. Xa non a habitaban Fita, a querida amiga, nin D. Ramón. Xa non estaba ningún dos meus amigos. Acudín de invitada para recibir ese Premio Trasalba que tanto estimo, por ser algo deles. Algo que me viña deles dalgunha maneira, acaso pola miña sinxela amizade para con eles, e porque era, e se debía á memoria daquel tan ilustre e sabio profesor galego , tan amigo dos seus amigos como era o noso Don Ramón Otero Pedrayo.





RAMÓN VILLARES


Cazás, Xermade, Lugo, 1951

Licenciado en Filosofía e Letras e Doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Catedrático de Historia Contemporánea da Faculdade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, da que durante anos foi Rector. É membro do Patronato do Museo do Pobo Galego e do Instituto de Estudios Galegos "Padre Sarmiento". O seu labor de investigación e divulgación sobre a historia de Galicia reflíctese en numerosas publicacións.



A historia de Galicia na obra de Otero Pedrayo: terra e memoria

Ramón Villares



Manuel Murguía.

O cultivo da historia é indisociable do proceso de formación do pensamento nacionalista galego, que tivo nos historiadores románticos os seus primeiros alicerces. O patriarca Murguía foi o grande arquitecto da definición de Galicia con categorías historicistas, mediante o recurso a un tema forte como foi o do celtismo. Os seus herdeiros da Xeración *Nós* aproveitaron este legado e volveron a construir unha teoría interpretativa de Galicia como nación-cultura, na que a historia tiña de novo un papel angular. Tal vez esta historización do pensamento nacionalista do primeiro tercio do século XX non fose tan nidia coma no caso de Murguía, pero é claro que todo o grupo das Irmandades e de *Nós* prestou unha atención preferente ao estudio do pasado






Ortega e Gasset. Debuxo de I. Zuloaga.

llados ao proxecto nacionalista representado polo PNV, que tamén ergueron unha institución representativa como a *Sociedad de Estudios Vascos*, fundada en 1918.

A obra dos intelectuais galeguistas do primeiro tercio do século XX hai que enxergala precisamente nesta ampla onda europea que cargaba na alforxa dos seus guieiros intelectuais a tarefa de lograr unha nacionalización do pasado. No noso caso, grande parte da prosa de Risco ou de Castelao, por non mencionar a de Cuevillas ou os irmáns Vilar Ponte, está chea de referencias á historia de Galicia, cando non fica reflectida en pequenos manuais e obras de síntese. O propio Castelao verquerá logo, no seu *Sempre en Galiza* (1944), unha grande cantidade de información sobre a historia (e a tradición) de Galicia, tirada de todos estes traballos que arrancan do romantismo e chegan ata os tempos das Irmandades. Neste contexto, unha achega especial constituiuna


histórico de Galicia (nomeadamente, a través do *Seminario de Estudios Galegos*, fundado en 1923) e mesmo loitou por erguer algúns "lugares de memoria" significativos, desde a heroización do mariscal Pardo de Cela ata a fixación da festa nacional de Galicia polo 25 de xullo.

Fixeron estes devanceiros o mesmo traballo que moitos dos seus colegas intelectuais de media Europa. Por non ir procurar referencias lonxanas (desde Portugal ata Alemaña), abonde lembrar a recuperación sistemática –en clave castelanista– que fixo da historia de España a xeración de 1914, con Ortega y Gasset ou Menéndez Pidal de grandes cabezaleiros e co *Centro de Estudios Históricos* (fundado en 1910), como axente institucional decisivo na pesquisa do pasado histórico español. Foi tamén a época na que os intelectuais cataláns, azunados por Prat de la Riba e agrupados en torno ao *Institut d'Estudis Catalans*, fundado en 1907, desenvolveron un programa de recuperación da cultura histórica e artística catalana, do que foron figuras senlleiras Pompeu Fabra, Pijoan, Bosch Gimpera ou Valls-Taberner. E algo semellante se podería decir dos intelectuais vasco vence-





Ramón Otero Pedrayo, que fixo do vencello coa terra –panteísmo case cósmico– e da solidariedade "more Renan" cos seus devanceiros familiares e colectivos –a memoria persoal e colectiva– a fonte básica da súa cosmovisión. Nas liñas que seguen farei un breve percurso polo método, a obra e os "loci" históricos predilectos do señor de Trasalba.



Marcelo Macías.


Hai que comezar por recoñecer que resulta dificil catalogar a figura intelectual de Otero Pedrayo, dada a diversidade temática que caracteriza a súa obra. Se nos atemos á súa dedicación profesional, é a xeografía a disciplina que mellor lle acaería. Da análise xeográfica dunha aldea galega tratou un dos seus primeiros traballos publicados. De xeografía puxo escola na universidade compostelá, nos últimos anos da súa vida profesional en activo, aqueles anos que segundo confesión propia foron "os máis ledos da miña vida". Do seu ollo especializado na percepción da paisaxe abrollou unha das súas obras máis perennes, como foi a *Guia de Galicia*. E se da adscripción profesional pasamos á avaliación conxunta da obra oteriana, teriamos como ponla máis vizosa da súa árbore intelectual a formada por romances, contos ou mesmo unha grande parte da producción verquida en revistas e xornais, por non falar da súa faciana como político ou do seu labor como conferenciante. Un profesional da xeografía, un escritor literario como vocación intelectual, un político activo ata 1936 (e firme no silencio, despois desa data). ¿Hai lugar para o oficio do historiador?. Penso que sí, e aínda direi máis: a historia é o escenario predilecto de toda a obra de Otero Pedrayo, como corresponde a un pensador de fonda raigame romántica, que tende a procurar na Historia a lóxica dunha cosmovisión organicista. As súas lecturas de filósofos e escritores da *fin de siècle*, xeralmente vitalistas e irracionalistas (desde Bergson ou Keyserling ata Baudelaire ou Barrès) acabaron por lle conformar un estilo intelectual que encaixou ben coa súa propia experiencia de intelectual dunha nación en construcción.

Da xeografía á historia

A formación intelectual de Otero, como a de varios dos seus colegas da Xeración *Nós*, ten sido contada polos propios protagonistas en obras como o romance oteriano *Arredor de sí*, ou o ensaio risquián "Nos, os inadaptados". Estudantes universitarios de dereito ou letras, foron sobre todo autodidactas, aproximándose á cultura europea do momento a través do torno da lingua francesa. Alén das súas querencias literarias e artisticas, cheas de esteticismo e dun vitalismo de inspiración bergsoniana, que cadran ben coas tendencias intelectuais de principios do século XX, en Otero houbo desde a época estudiantil unha paixón polo estudio da historia, sobre todo a de carácter institucional. Era a historia que lle ensinara en Ourense Marcelo Macías e, en Madrid, Eduardo de Hinojosa, un dos seus profesores máis estimados nas aulas de San Bernardo.

As lecturas de obras de xeografía tampouco o alonxaban de vez do ámbito da historia. A ciencia xeográfica francesa, inspirada daquela pola magna figura de Vidal de la Blache, era unha disciplina que estaba debruzada no estudio da formación das paisaxes agrarias e na relación que o home establecía, ao longo do tempo, co medio físico. O lugar de encontro destas preocupacións era a rexión, porque era nela onde se podia medir con precisión a relación entre aspectos físicos e humáns. A xeografía, entendida como un saber que dá conta tanto do lugar como do home, foi unha ferramenta decisiva para o achegamento de Otero ao estudio





de Galicia como unha realidade histórica definida en termos espaciais como unha rexión e, en termos culturais, como unha nación-cultura.

A esta influencia da xeografía, hai que engadir que en Otero desempeñou un papel fundamental a memoria, tanto a propiamente persoal, como a familiar ou a colectiva representada pola comunidade campesiña da súa aldea de Trasalba ou a máis requintada da súa xínea familiar, entre fidalga e pequeño-burguesa de profesións liberais, como era o seu propio pai. Os contos da aboa constitúen, en Otero, un venero que hoxe se chama historia oral. Porque para o petrucio de Trasalba, de sentimentos neorrománticos e intuitivos, un dato singular adquire un valor de significación propia. Así puido decir, relembrando a súa experiencia de estudiante madrileño, que "se souperamos o decorrer das vidas que se sucederon nunha casa de hóspedes da rúa Jacometrezzo de 1860 a 1900, saberiamos máis do dezanove español que estudiando todas as leises, todos os libros, todas as colección lexislativas do tempo". Unha boa definición do que hoxe chamamos a microhistoria

Esta posición metodolóxica foi mantida por Otero durante toda a súa longa vida. Decote tentou de facer unha mestura entre o "método da intuición" –que foi práctica ben común nas ciencias sociais da época de entreguerras– cun empirismo fundado na consulta exhaustiva dos textos clásicos e da bibliografía coetánea. Toda a literatura culta galega, desde Orosio ou Martiño de Dumio, ata a *Historia Compostelana* dos tempos de Xelmírez, ou as diversas crónicas e historias de Galicia dos séculos XVII e XVIII (as de Castellá y Ferrer, Gándara, Huerta y Vega, Seguin, Sobreira) están sempre na punta da pluma oteriana. E xa non digamos as obras de historiadores románticos do XIX, desde Verea ata o grande Murguía, polo que sente unha grande atracción. Do *Discurso Preliminar* que precede á magna obra de Murguía, di Otero que se trata dun "outo e gasalleiro portal, como de fidalgo e campesío pazo das mellores lembranzas" para os membros da xeración oteriana. As obras de Otero de investigación histórica, como as dedicadas ao estudio dos tempos da exclaustración, os cambios da cidade de Ourense ou a doctrina foral, están adornadas dunha enorme precisión, que non ten nada que ver coa liberdade imaxinativa que se pode atopar (e non sempre) en contos e romances. Como confesa en 1973, "xa non podo facer esculcas nos arquivos polo frío", pero recoñece que dispón de "estaxes de papeletas, moitos libros e recordos de cousas sentidas aos vellos".

Papeletas e recordos. Mais unha vez, memoria ancorada e memoria sentida e percibida persoalmente. Esta conxunción de tan diferentes fontes de inspiración é a que concede a Otero un elevado degrau de modernidade nos seus resultados historiográficos. Porque lle permite superar o plano estrictamente empirista e tratar asuntos que estaban moi alonxados da historia *tout court* que daquela se practicaba. ¿Onde se atopa, nos textos de historiadores coetáneos, unha miga de atención




ás cousas miúdas dunha aldea ou dun pazo? A aproximación con método xeográfico –e mesmo antropolóxico– á vida dunha aldea como Trasalba, dividida entre as "campás de arriba" e as "campás de abaixo", sitúa ao autor no ámbito de estudio dunha comunidade campesina. Non hai relato de feitos sinalados, nen heroización de grandes figuras. É unha historia das xentes sen historia.

Unha obra clásica


As achegas de Otero ao coñecemento da historia de Galicia son abondosas e, en moitos casos, constitúen obras de referencia para a reflexión histórica actual, por se teren convertido en textos clásicos, que son aqueles que non se cansan de que camiñemos subidos ao seu carrancho. Clásico é aquelo que terma de nós. Non é do caso facer un elenco bibliográfico dunha producción tan enorme, que se escorou máis claramente cara a pescuda histórica despois de 1936, culminando coa empresa –inacabada– de compoñer unha magna *Historia de Galicia*, publicada como nos tempos de Murguía pola colectividade galega de América, baixo o mecenato neste caso de M.Puente. No "prólogo" que compón Otero para esta ocasión dá conta da súa convicción de estar a inserir esta obra no longo ronsel da historiografía galega, desde as obras de Orosio ata os románticos do século XIX. Obras sinaladas saídas da pluma de Otero son a súa extensa biografía sobre o sabio bieito de Casdemiro (*El Padre Feijoo. Su vida, doctrina e influencias*, 1972) ou a máis dunha ducia de pequenos artigos sobre temática ourensana, agabillados hai poco nun volume polo Marcos Valcárcel. Acertos singulares son a súa obra póstuma *Galicia, una cultura de Occidente* (1976) ou, desde logo, a magnifica *Sintese histórica sobre a Galicia do século XVIII* (1969), parte incompleta da que sería a súa contribución persoal á Historia de Galicia por el mesmo dirixida.

Pero se houbera que mencionar un texto que responda a esta consideración de se ter convertido nun clásico da historiografía galega do século XX, sen ningunha dúbida cómpre citar o seu *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, publicado orixinalmente en castelán e moi axiña editado tamén



en galego (aínda que a redacción orixinal parece debeu ser feita en galego, como suxire a publicación parcial dun capitulo do libro na revista *Nós* en 1930, precisamente o dedicado á "Aguia romana e a Barca apostólica"). Redactado a finais dos anos vinte, nunha das fases máis vizosas da biografía oteriana, esta aproximación ensaística ao conxunto do percorrer histórico galego fixou algunhas das ideas-forza da Xeración Nós no que se refire á definición de Galicia. Despois do esforzo historiográfico de Murguía, asentado no tema forte do celtismo, atopamos en Otero unha visión de Galicia menos étnica e máis cultural, menos pagana e máis cristián, menos aillada e máis conectada coa cultura occidental. A súa concepción de Galicia como unha cultura, tan emparentada coa tradición tedesca procedente da obra de Herder, é a versión en historia do que Risco quixo facer a través da etnografía e Cuevillas coa arqueoloxía. Un verdadeiro





plan intelectual no que o pasado e o presente estaban intimamente entrambilicados, formando un tecido mesto e rochoso, insensible á erosión do tempo. A cultura galega existe porque viña de tempos recuados, o que lle garantía un porvir. O futuro chantado no pasado, como expresión máxima da historización do pensamento nacionalista.

Temas e espacios

A dimensión da obra oteriana descúbrese asemade na reiteración de temas e espacios concretos, que inzan tanto artigos cultos como obras literarias e visións xeográficas. ¿Qué mellor achega á historia do século XIX que o romance *Os camiños da vida* ou qué mellor fixación do percurso seguido pola fidalguía galega no século XIX que o seu conto breve *O fidalgo* ou o romance *O mesón dos ermos*?. Hai temas e espacios que, por tan recurrentes, acaban por se converter en fitos demarcadores da cultura galega ou, alomenos, da cosmovisión elaborada polos intelectuais do grupo *Nós*. En primeiro lugar, atópase ún co propio espacio de Trasalba, que é a fonte de inspiración para interpretar a civilización rural de Galicia, o sentir dos labregos e a posición de fidalgos e frades. Unha parroquia de transición, entre a montaña e a bocarribeira, por onde transitaban os frades de Oseira cando ían ao seu priorato de Arrabaldo e a onde chegaban os ecos lonxanos da estrada. Unha parroquia na que ritmos e sazóns eran marcados pola espadaña da igrexa e polo ciprés do pazo, pero que tamén estaba próxima á capital das Burgas e á grande rexión vitícola galega, que aínda era daquela o Ribeiro de Avia.

Un segundo espacio privilexiado na obra de Otero son dúas cidades que, en certo modo, actúan de tipos ideais contrapostos. Dunha banda, a cidade de Ourense, estudiada na súa transición desde urbe episcopal e recollida, cara a conversión en capital política dunha provincia, na que emerxen novas figuras sociais e novos valores, representados no funcionario administrativo ou no comerciante de orixe foránea, que non é outro que ese Don Celidonio da prosa risquián de *O porco de pé*. E a cidade que experimenta un alargamento ou ensanche despois da revolución liberal, que crea un novo tecido urbano ordenado pola rúa, que non podía ter outro nome co de Progreso. A quintaesencia da urbe liberal decimonónica, amada coa distancia do morador temporeiro, pero que naceu (e logo tamén morrería) no cerne do seu casco histórico, na vella rúa dos Zapateiros, logo alcumada rúa da Paz para honrar o "abrazo" de Bergara, co que dera cabo a primeira das guerras carlistas. Ourense é a capital política dunha terra que ten valor de seu.

Doutra banda, a cidade de Compostela, á que Otero dedicou algúns das súas obras máis emblemáticas, como *O espello no serán*. Pero tamén a cidade compostelán é a morada da Galicia ideal que soñan os seus protagonistas, desde o Paio Soutelo de *Os camiños da vida* ata o Adrián Solovio de *Arredor*



de sí. Compostela é a cidade dos escritores románticos como Faraldo ou Neira de Mosquera que, como os poloneses ou os bretóns, redimen a súa patria do silencio; é a cidade dos poetas, como Aguirre e Pondal, que ergueron o seu copo no xantar de Conxo canda máns artesáns con callos de gubia. Pero Compostela tamén é a cidade agrandada por un arcebispo visionario e arroutado como Xelmírez, a quen segue con atención e curiosidade na súa romería ata Roma, e a cidade dos Fonsecas, que ergueron a universidade e achegaron unhas pingas de humanismo. E, por riba de todo, é a cidade que reune os dous estilos artisticos máis queridos por Otero: a gravidade do románico e a voluptuosidade do barroco. A metáfora da Galicia toda.

E logo están os "loci" máis espallados, onde moran moitos dos protagonistas de romances e contos, pero tamén de figuras históricas que son apreixadas mediante un rexistro literario que non está lonxe da prosa histórica. Son exemplos destes "loci" predilectos de Otero os pazos, como o de Doncos de Don Caitano ou o da Cuqueira de Adrián Silva, farturentos e envexados, ou o que tivo o Xepe, que xa está escanastrado e ermo. Son os prioratos e mosteiros, con Oseira e Arrabaldo sempre na primeira fila, pero tamén os torreóns das encomendas militares, os lugares nos que se desenvolven conflictos e se tecen esperanzas. Pero o máis rechamante do mundo histórico de Otero é que non se atopan "Gattopardos" lampedusianos, nen tan xiquera Ulloas pardobazanescos nen Bradomíns valleinclanescos. Son xentes e lugares máis ben humildosos e, por veces, cheos de saudades, conscentes de se atoparen no seu solpor, no tránsito cara outra estaxe histórica. Son figuras que case están a pedir perdón polos seus erros históricos, o máis grave de todos, o de non ter anoada a súa xínea coa defensa da identidade do país, como saudosamente deixa caer Otero nunha pasaxe do seu Ensaio, a propósito da primeira guerra carlista.

Fidalgos e labregos

Os arquetipos sociolóxicos da maior parte da obra oteriana están vencellados á civilización rural e, máis concretamente, á aldea, que é o núcleo central da visión que Otero ten da historia de Galicia. Na súa *Sintese histórica do século XVIII*, di o noso autor que naquel periodo histórico "alenta inteira a aldea", esa árbore robusta e firme que non son quen de abanear os ventos de lonxe, e que, pola contra, pode dixerir as novidades, desde o millo de América ata o liño do Báltico. A aldea como cepeira estable dunha colectividade humana tamén permanente. A aldea como estilo de vida, algo máis profundo do que un lugar de morada.

Pero a aldea non é algo uniforme. Nela hai diferentes clases sociais. Hai labregos, pero tamén fidalgos ou "señores da terra", amalgamados pola forza doctrinal da Igrexa, representada por cregos e frades, algúns deles xa exclaustrados. Os labregos son os depositarios das esencias patrias, o cerne da cultura milenaria, que manteñen non só a lingua dos antergos, senón os costumes e a devoción relixiosa. Os labregos son ahistóricos ou, dito nas súas propias verbas, "inmorredoiros" e, polo tanto, forman unha especie de bloque de granito que é o "elemento esencial" da historia de Galicia. Os labregos son "románicos" e teñen unha concepción do mundo como un retábulo (barroco), onde cadaquén está na súa hornacina. Aceptan un mundo de ritmos ptolemaicos, no que as relacións sociais están fixadas previamente. Na aldea, observa Otero en 1930, "o ano decorre nun tecido de relacións agardadas". Nada se improvisa, porque terra e home camiñan acompasadamente.

Os fidalgos son os señores naturais da aldea, pero tamén os que tentan construir unha alta cultura. Os fidalgos len e viaxan, atopánse en París con irmáns na desgracia nacional como os poloneses ou os bretóns, e acaban, como Adrian Silva no século XVIII ou Adrián Solovio, nos primeiros anos do século XX, por volver ás súas raices, comprender a forza da cultura campesía que antes despreciaran e mesmo empregar a lingua galega. Foron poucos os fidalgos que colleron este camiño. Os máis, dados á esmorga, debullaron canto herdaran dos seus devanceiros e acabaron "amargurados" e de "de mal xenio", polo remate do século XIX. Apenas tiveron sucesión. Na aldea non hai proletarios e moi poucos comerciantes. Cando estes chegan, como é o caso do "*Castellano*", algo se esfarela na estructura social da comunidade campesina. Introducen a práctica de mercar cousas a



diario e mesmo adquiren "señoríos por xunto", esto é, facendas e rendas que malvenden os vellos señores da terra. Os fidalgos non logran comportarse como o principe Salina, nen os "castellanos" tenen a raposería de Don Calogero. Todo fica esborrallado, sen pacto social entre os falcóns abatidos e os pardáis que se volven farrucos. Outra metáfora máis da arquitectura histórica de Galicia.

Parece evidente que esta é unha visión idealizada do mundo rural, na que agroma unha posición claramente tradicionalista, que distera quen é e quen non é merecente de ser considerado propiamente membro desta comunidade rural, habitada basicamente por labregos e fidalgos. Pero non é unha pura invención oteriana. Na historia moderna de Galicia, o peso do mundo rural non admite ningunha dúbida. E o percurso seguido polas clases agrarias desde mediados do século XIX está basicamente reflectido nos relatos oterianos. E aínda habería que suliñar algo que comúnmente pasa desapercibido. Esta mitificación da Arcadia rural foi fenómeno dabondo común na cultura europea de entreguerras, sobre todo a de inspiración francesa, que tivo en Maurice Barrés –figura influinte en todos os intelectuais peninsulares de principios do século XX, desde Ortega y Gasset ou Eugeni D'Ors ata portugueses como Leonardo Coimbra ou Antonio Sergio – o seu Moisés particular, un dos grandes inspiradores de gostos estéticos e de estilos literarios. Nos estudios de xeografía rexional de Francia tampouco hai industria, nen hai proletarios. Todos son paisanos. Tal como na Galicia oteriana.

O devalar do tempo

Alén desta visión idealizada e armoniosa do mundo rural, hai en Otero unha obsesión que está presente de forma sistemática en toda a súa obra e que, por riba de calquera outra, amosa a súa condición de historiador. Trátase da preocupación polo paso do tempo, da percepción do ritmo ordenado de épocas e sazóns, pero tamén do devalo ou declinar de casas fidalgas e valores campesiños. As mencións aos distintos ciclos do tempo son constantes, desde o tempo litúrxico e circular das "relacións agardadas" ata o tempo case cósmico da unión panteísta do home coa natureza. Pero o ciclo temporal que máis preocupa a Otero é, precisamente, o tempo histórico, aquel que é movido pola acción humana.

O fondo desta preocupación acobilla unha vontade de explicación xenética da Galicia que Otero vivía e que, á súa maneira, tentaba transformar. A interpretación oteriana da historia moderna de Galicia resúmese na contraposición entre un tempo barroco de condición armoniosa e cuase perfecto ("dispacioso" como un "adagio" de Albinoni) e un tempo presente, no que aboian os conflictos provocados polo individualismo e pola mercantilización da relacións sociais. Hai en Otero unha tendencia a suliñar os aspectos negativos da modernidade, na medida na que aqueles desfiguraran a orde do mundo tradicional, de base rural no aspecto económico, e de condición paternalista e corporativo no aspecto social. A desamortización trouxo a enxurrada de exclaustrados e a desfeita de mosteiros e prioratos. As mudanzas do século XIX feriron de morte a fidalgos e labregos. Os primeiros foron abatidos pola tenda, pola estrada, polo ferrocarril e polo comerciante "castellano". Os segundos, que aínda resistían en tempos de Otero, seguirían o mesmo camiño que os fidalgos, segundo a propia intuición oteriana. Algo estaba a mudar na aldea: "namentras as colleitas foron o signo da riqueza, non era posible a formación da burguesía", aseveraba Otero en 1928. Anos andados, esta previsión fíxose realidade só a medias. Os petrucios campesiños non se volveron burgueses, malia a mercantilización de todo o seu proceso productivo. Pasaron de campesiños a agricultores. E os petrucios fidalgos xa se sabe como acabaron, cos eidos "ermos" ou en perigo de seren tripados polo landó dunha "sardiña en lata" (esto é, dun burgués filisteo) nunha rua de Compostela, como lle acontece ao protagonista do conto *O Fidalgo*

* * *

Pero esto xa nos desvía da obra oteriana. A súa grandeza estivo na capacidade de explicar boa parte da historia de Galicia dunha forma narrativa, aparentemente pouco rigorosa e académica, pero que no fondo resultou ser moito máis "inmorredoira", para empregar de novo palabra tan usada



pola Xeración *Nós*. E toda esta achega histórica foi posible gracias a esa feliz combinación de racionalidade e intuición que presidiu toda a executoria intelectual do patriarca de Trasalba, sempre fidel a unha tradición intelectual europea que ven desde o napolitano Vico ata os franceses Chateaubriand ou Barrés, pasando por tedescos coma Herder, Goethe ou Novalis. En realidade, todo o Parnaso intelectual máis crítico co racionalismo de inspiración ilustrada, que non era quen de ver na historia a peculiaridade dos pobos, nen a condición inefable dos individuos, é o que está na fonte de inspiración oteriana.

No remate dunha existencia longa, a experiencia do pasado pode ser definida na súa máxima sinxeleza, como un corpo despido de toda a follaxe que ano tras ano se vai pegando á pel da vida. Desde a lontananza dos seus ben cumpridos oitenta e seis anos, Otero confésalle ao mozo recén graduado que daquela era o Victor Freixanes (*Unha ducia de galegos*, 1976), que, certamente, el sempre tivera unha "certa vocación biográfica, certa vocación de testigo", que daba conta dun pasado que aspiraba a construir unha Galicia nova, unha "república campesina" que agromase cada primavera. En Otero intuición e memoria, compromiso coa Terra e metáfora literaria son armas constantes do seu traballo intelectual.

A obra do señor de Trasalba foi, en toda a fartura da súa linguaxe e en toda a diversidade dos seus rexistros literarios, o resultado de quen se sinte ser o dono da memoria dunha terra e dun país. Dono das lembranzas de tempos idos, de sentimentos transmitidos na intimidade da vida familiar, pero tamén de percepcións adquiridas na toma de conciencia da súa posición, como intelectual e como membro dunha clase social de fondas raigames. Porque para Otero Pedrayo o pasado non era un país lonxano e vezizo, habitado por seres mudos ou atacados do reuma. O pasado era o xuntoiro de experiencia persoal, de tradición de xínea familiar e de construcción do intelectual que procura nos tempos pretéritos a forza cernil dos tempos futuros. Unha mestura de contos da aboa, de relatos románticos do pai e de descobertas propias, ao estilo do Adrián Solovio. Memoria persoal, memoria familiar, memoria intelectual, todo se refai na polifacética obra de Otero Pedrayo, desde a análise xeográfica dunha parroquia ata os romances máis ilustrados, con protagonistas que norean por media Europa, desde o castelo de Combourg que fora a morada dos Chateaubriand ata o mosteiro de Cluny, onde o abade Hugo acolle ao bispo Xelmírez na súa viaxata a Roma na procura da grandeza para a sé de Compostela. Toda a historia de Galicia, aquela que Murguía reputaba ser, desde o século XII, unha historia de adversidades e de derrotas, está contada dunha ou doutra forma na prosa, en galego ou en castelán, dun autor que, en cada arruga da súa pel, descobría pasos dos devanceiros, ansias non satisfeitas e ledicias non sempre correspondidas. Historia contada desde o recuncho de Trasalba como un quiñón importante da cultura de Occidente. Unha versión precoz do local universal.



JUSTO BERAMENDI



Caricatura de Carlos Quesada

É catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, presidente da Xunta Rectora do Museo do Pobo Galego e director da sección de pensamento político da Fundación Vicente Risco. Especialista en análise das ideoloxías e na historia dos nacionalismos, dirixe tamén un equipo de investigación adicado ó estudio da historia social da Galicia urbana. Entre as súas publicacións salientan *Miseria de la Economía* (Barcelona, 1974), *Vicente Risco no nacionalismo galego* (Santiago, 1981), *"Ethnos versus Polis? On method and nationalism"* (Santiago, 1994), *O nacionalismo galego* (Vigo, 1995), *"Identity, Ethnicity and State in Spain. 19th and 20th Centuries"* (Londres, 1999) e *La historia política: algunos conceptos básicos* (Santiago, 1999), así como a edición das actas dos congresos *Los nacionalismos en la España de la Restauración* (Madrid, 1984), Castelao (Santiago, 1989), *Los nacionalismos en la España de la Segunda República* (Madrid, 1991) e *Nationalism in Europe. Past and Present* (Santiago, 1994) e das obras de Antonio Losada Diéguez (Vigo, 1985), Ramón Villar Ponte (Sada, 1990) e Luis Peña Novo (Santiago, 1995).



A actividade política de Otero Pedrayo (1918-1936)

Justo Beramendi

Para todos nós Ramón Otero Pedrayo é hoxe un dos grandes nomes dese pequeno grupo de facedores do nacionalismo galego do primeiro tercio do século XX. Porén, a súa plena incorporación a ese labor común foi serodia e veu precedida de moitos anos de desleixo. Pertencente desde o principio ó requintado grupo de mozos ourensáns que logo será o cerne da chamada xeración Nós, Otero amósasenos moi pouco activo entre 1918 e 1925. A experiencia pregaleguista de La Centuria. Revista neosófica (1917-1918) é froito da iniciativa e da asociación de Vicente Risco e Arturo Noguerol, e a aportación de Otero redúcese a dous artigos ideolóxicamente insubstanciais nos que critica a esclerotizada cultura oficial desde o displicente outeiro dunha autoatribuida superioridade.[1]

Cando Antonio Losada proselitiza ó grupo para as Irmandades da Fala, Otero ingresa cos demáis no movemento, e por iso o 15 de decembro de 1917 atopámolo na estación de Monforte, xunto con Losada, Risco e Noguerol, saudando a chegada de Cambó a Galicia. En xaneiro e febreiro de 1918 participa na campaña electoral a prol da candidatura rexionalista de Luis Porteiro no distrito de Celanova e mesmo escribe algún artigo na prensa local con tal motivo.[2] *Pero o fracaso dese intento,*

1. "La confesión del hombre culto", nº 2, xullo 1917, pp. 6-8; e "Cartas espontáneas", nº 3, p. 6.
2. "Acción Regionalista", *La Región*, 13-I-1918.





Don Ramón, Losada Diéguez, Cuevillas e Risco.

unido ó seu destino de catedrático en Santander, arrecefe a súa inicial ferventía tardorrexionalista até o ponto de que o seu nome non figura nin entre os asistentese nin entre os adheridos á I Asemblea Nacionalista de Lugo en novembro dese ano, ficando asi fóra do acto no que foi nado o nacionalismo galego propiamente dito. E aínda que no ano seguinte adhírese desde Santander á II Asemblea, tida en Santiago, a súa militancia nacionalista é menos que tépeda nese período, malia o seu retorno definitivo a Ourense.



Caricatura de Losada Diéguez por Castelao.

Hai disto probas de abondo. Por exemplo, a súa sinatura non aparecerá en A Nosa Terra até 1924[3]*, e aínda que é membro do equipo de redacción de Nós desde o seu primeiro número en 1920 e se fará cargo da constitución da sociedade do mesmo nome en 1922, só publica alí catro artigos entre 1920 e 1923, en contraste coas súas frecuentes colaboracións a partir de 1925 e sobre todo nos anos trinta.*

E no estrictamente político é peor. Otero non está presente en ningunha das actividades da Irmandade ou da Mocedade Galeguista de Ourense, nin aparece nas actas das reunións até 1922, nin por suposto figura entre os que asumen responsabilidades no seu Consello Directivo. Isto provoca en Risco alporizados desafogos na súa correspondencia con Antonio Losada, a quen di na súa carta de 30 de xaneiro de 1921, co gallo da preparación da III Asemblea de Vigo: "O Otero virá á Asambreia, pero nin dá conferencia....nin cree en nada. Hoxe tivemos unha conversa esconsoladora". E meses despois, o 10 de novembro, escribe noutra carta ó mesmo destinatario: "Nin Peña Novo nin Ramón Otero son galeguistas, sobre todo iste derradeiro. Faguemos moi mal en andalo compricando en cousas que non lle van nin lle veñen, que lle teñen sen coidado e das que eu lle coñezo qu'está desexando qu'o deixemos ceibe. Il é da pandilla do canalla do Noriega e do asqueroso do Fiscal. O seu galeguismo redúxese a protexer a ise escravo

3. "O feitizo das roínas", *A Nosa Terra*, nº 196, 1-I-1924, p. 10.



noxento [Noriega] ó que nos tivemos a debilidade de editar un libro pra que ande falando mal de nós (...) O Noguerol non s'ocupa do asunto; o Fl. Cuevillas algunha vez condescendeu a rubir as escaleiras do sitio[4]*. O Ramón Otero endexamais puden conseguir qu'elí puxese os pés".*

E aínda que no outono de 1923 Risco xa fala del como dun militante activo da Delegación de Ourense da Irmandade Nazonalista Galega, nada da escisión habida na IV Asemblea de Monforte en marzo de 1922, este cambio de actitude non chega de momento para facer esquecer a súa preguiza anterior, polo que Risco, Conselleiro Supremo da ING, non lle confía ningún posto directivo na nova organización, ó contrario do que fai con Antonio Losada, Arturo Noguerol, Florentino Cuevillas, Roberto Blanco Torres e Alfonso Vázquez Monxardín, que son os integrantes do seu "goberno".



Antón Fraguas.

En realidade, o Otero que nos interesa, o Otero ideólogo e líder político do nacionalismo, agroma nos anos de represión da Dictadura de Primo de Rivera, cando o noso home tiña xa perto de coarenta anos e o nacionalismo galego andaba moi esfarelado.. Dado que noutro artigo desta revista se aborda a súa dimensión ideolóxica,[5] *nas liñas que seguen describirei só o seu papel como dirixente político.*

A partir de 1925, e á parte das súas obras como literato, crítico, xeógrafo e historiador, Otero publicará un número crecente de escritos político-ideolóxicos en Nós, A Nosa Terra, Galicia e El Pueblo Gallego, actividade que chegará a producir entre 1928 e 1936 unha auténtica fervenza de folletos, libros e sobre todo artigos nesas mesmas publicacións periódicas (agás o xornal Galicia, que finou víctima da dictadura en 1926) e máis noutras como Céltiga de Buenos Aires, Heraldo de Galicia de Ourense, Logos de Pontevedra, etc. Deste xeito, Otero, morto Losada en 1929, pasa a ser, xunto con Risco, o principal voceiro do nacionalismo galego ideolóxicamente tradicionalista. E como tal desenvolve desde 1928 unha intensa actividade política, que contrasta coa súa apatía de anos atrás, actividade que pon



Villar Ponte.

4. Risco refírese aquí ó novo local da Mocedade Galeguista de Ourense.
5. Aspecto este que xa tratei brevemente en Justo G. Beramendi, "O nacionalismo de Otero Pedrayo", *A Nosa Terra*, Extra nº 8, 1987, pp. 57-63.



Casares Quiroga caricaturizado por Castelao.

lealmente ó servicio dos dous obxectivos maiores que tiña daquela ***todo*** *o nacionalismo galego, fose democrático ou tradicionalista: a reunificación e reorganización do movemento como forza política independente, e a consecución do máximo nivel posible de autogoberno e de reconstrucción cultural e nacional para Galicia.*

Nesta liña, vémolo asumindo xa un papel protagonista no intento clandestino de reagrupamento que ten lugar en Santiago entre decembro de 1928 e xaneiro de 1929, e que coñecemos gracias a unha carta súa ó xa moi enfermo Antonio Losada. Á primera xuntanza, tida na casa de Camilo Díaz na rúa das Hortas, asisten representantes de Coruña, Ourense (Risco, Cuevillas e Otero) e Santiago (Pedret Casado, Camilo Díaz, Antonio Fraguas e Ramón Martínez López), que acordan fundar "unha organización nacionalista pura, sen parlamentarismo, nin regramentos, o máis segreda, rápida e eficaz posibre". Otero redacta un programa -que non chegou a nós- en vena risquiá a xulgarmos pola carta, e é elixido provisoriamente "cabezaleiro supremo". Pero este embrión organizativo non dá sinais de vida cara fóra en ningún momento, nin volve a ser mencionado na correspondencia posterior a marzo dese ano.

En setembro de 1929, cando boa parte dos irmandiños coruñeses, encabezados por Antón Villar Ponte, deciden embarcarse con Santiago Casares Quiroga e os seus na aventura republicano-autonomista da ORGA, Otero é un dos que máis se opón a esluir o nacionalismo dese xeito. Como manifesta a Ramón Villar Ponte na súa carta de 17 de xaneiro seguinte, "pol'o menos os máis dos nosos debemos ficar formando un núcleo nacionalista pra nós, rexionalista ou autonomista pra fóra (pol'o d'agora) con simpatía á Rp mais sin tomala desde logo por fito". E consecuente con este plantexamento céntrase con Risco no labor de neutralizar tal desviación e reorganizar independentemente o nacionalismo. Con tal fin ámbolos dous organizan a convocatoria da VI Asemblea das Irmandades, que tivo lugar na Coruña os días 26 e 27 de abril de 1930, e na que se acordou a reconstitución de tódolos grupos locais que fose posible e máis a creación dun partido autonomista galego. Isto último non se fixo finalmente porque o grupo da Coruña, o máis numeroso e mellor organizado daquela, seguía a ver máis posibilidades políticas na ORGA, coa que non rompe o seu compromiso.

Malia esta defección, os demáis nacionalistas de esquerda, centro e dereita non renuncian a dotar ó nacionalismo dunha organización propia nun momento histórico tan decisivo. O 11 de maio reconstitúese a Mocedade Galeguista de Ourense. Ese mesmo mes, Castelao propón que o vindeiro 25 de xullo se funde o que, en verbas de Salvador Cabeza de León, sería "un partido autonomista galego, sen calificativos doutro xeito e sen estrépitos: unha cousa seria, un núcleo onde xuntemos, non moita xente, pero sí escolleita".



Desde o verán de 1930 a descomposición da monarquía era evidente. A sinatura do Pacto de San Sebastián en agosto, no que o único representante de forzas galegas foi Casares Quiroga pola ORGA-FRG, acelerou aínda máis as tomas de posición de cara a unha posible saída republicana e puxo de manifesto a urxencia de cumprir o acordo da VI Asemblea. En vista das insuperables dificultades para reunificar efectivamente os grupos nacionalistas de toda Galicia, o de Ourense, dirixido por Otero –pois Risco estaba de viaxe de estudios en Alemania– decide coordinar alomenos ós da "Galicia sul" sen impor de momento unha disciplina propiamente partidaria á que, polo que di Otero na súa correspondencia, non estaban aínda moi dispostos moitos deles. Por iso, o 29 de agosto, no decurso dunha xuntanza en Mondariz á que acuden os dirixentes de Ourense, Pontevedra e Vigo, acórdase simplemente unha alianza para a acción común. Froito deste acordo é a fundación do Grupo Autonomista Galego de Vigo, liderado por Valentín Paz Andrade, e algo despois a creación do Partido Galeguista de Pontevedra (Castelao, Bóveda, Pedro Basanta) e de Labor Galeguista de Pontevedra (Filgueira Valverde). Estes grupos, xunto coa reconstituida Irmandade Galeguista de Ourense e as súas filiais na provincia (Allariz, Valdeorras e outras menores) forman unha sorte de eixo Ourense-Pontevedra-Vigo que barre as dúas provincias durante eses meses cunha intensa campaña de mítins a cargo dun equipo común de oradores no que salientan Otero Pedrayo, Castelao e Paz Andrade.



Filgueira Valverde.

A campaña é exclusivamente nacionalista e ten por obxecto pulsar a receptividade da opinión pública a esta opción. O mítin máis sonado foi o celebrado o Día de Galicia no Teatro García Barbón de Vigo. Os resultados da campaña foron mellores do esperado e asi o di Otero nas súas cartas, nas que se amosa entusiasmado pola acollida do público tanto en Vigo como en Caldas e outras vilas de Pontevedra e Ourense e prevé un porvir optimista para o nacionalismo se no outono volven á carga e aproveitan ese pulo para medrar organizadamente.

Logo destas calas alentadoras, e sen descuidar o traballo de propaganda e organización, os dirixentes nacionalistas –entre eles Otero– asinan o 25 de setembro de 1930 o Compromiso de Barrantes con republicanos e agrarios. Este pacto era de natureza moi diferente á fundación da ORGA ou ó anterior pacto de Lestrove, do que nacera a Federación Republicana Gallega, pois agora non implicaba fusión orgánica de ningún tipo e por ende tampouco cesións programáticas. Simplemente fixaba os obxectivos comúns polos que os asinantes se declaraban dispostos a loitar: a cooficialidade do galego, a "liberación de la tierra y la dignificación social del campesino", e a eliminación do caciquismo, do centralismo e de calquera "régimen político que no emane de la soberanía popular", en obvia alusión a la monarquía.



Nos meses que preceden ás eleccións municipais de 12 de abril de 1931, todo o nacionalismo galego, de dereitas ou de esquerdas, "puro" ou non, aposta abertamente pola República, por entender, como xa explicara Risco un ano antes en El problema político de Galicia, que esta forma de réxime era a máis axeitada para atender as reivindicacións autonomistas. En consecuencia, o grupo de Ourense publica o 1º de abril o manifesto fundacional do Partido Nazonalista Republicán d'Ourense, do que as sesións constitutivas teñen lugar os días 15 e 16 con participación dos delegados das numerosas agrupacións locais que se formaran na provincia nos meses anteriores. Otero Pedrayo é elixido presidente do novo partido, co que toma definitivamente o relevo de Risco como primeiro líder político do galeguismo ourensán.



Basilio Losada, debuxo de Castelao.

O PNRO consideraba "a República Federal como a forma de goberno máis axeitada pra lograren as arelas mínimas do nacionalismo galego". Pero, fóra do punto concreto da forma republicano-federal do réxime a implantar, afirma a súa total falta de identidade cos programas de calquera dos partidos republicanos existentes en España e en Galicia, polo que os seus militantes non poderán "ingresar en ningunha organización republicana, nen aceptar xefatura nen dirección allea ás organizacións nacionalistas das que son afiliados, salvo o cumprimento dos compromisos concretos". Xa que logo, desde a súa primeira presentación en sociedade, o PNRO deixa moi claros os límites da súa convivencia coas forzas non nacionalistas. E no día seguinte ó da proclamación da República, o novo partido fai público un programa de oito puntos, que é unha síntese do ideario nacionalista de sempre, adaptado ás novas circunstancias.

Perante a proximidade das eleccións para constituir un parlamento no que se decidiría nada menos que a natureza de novo Estado español, o eixo Ourense-Pontevedra-Vigo reanuda a súa actividade con anovados azos. O domingo 26 de abril celébrase na Alameda de Ourense o primeiro mítin do PNRO, no que fala Otero xunto a Risco, Leuter Gonzáles Salgado, Castelao e Paz Andrade. E no serán dese mesmo día, nun verdadeiro maratón político, Otero, Castelao e Paz Andrade volven a reclamar unha República Federal no Teatro García Barbón de Vigo. O 3 de maio repítese a experiencia en Pontevedra, A Estrada e Cambados.

Convocadas as eleccións, o PNRO considera que, malia a rede provincial que ten montada, o enfrontamento cunha Alianza Republicana encabezada nada menos que por Basilio Álvarez facía aconsellable acudir ós comicios en coalición coa Federación Republicana Gallega e co Partido Radical Socialista. Os termos da coalición son unha aplicación fiel do Compromiso de Barrantes, como demostra o contido da campaña conxunta, destinada a levar ó Parlamento de Madrid deputados galegos partidarios dunha solución federal. Otero chega a decir nun mítin: "Se a República vai cumprir cos



seus ideais, ten que ser federal. Pra que seña unha república centralista como a francesa, non necesitamos república".

Da candidatura da coalición formaban parte Otero e Risco. O primeiro foi elixido deputado con 35.443 votos, o mellor resultado da súa candidatura e o terceiro da provincia, detrás dos candidatos da Alianza Luis Fábrega (41.327 votos) e Basilio Álvarez (38.420 votos). Risco, no duodécimo lugar (19.615 votos) non logrou escano.

Deste xeito, Otero será até finais de 1933, xunto con Castelao que sae elixido por Pontevedra, un dos dous deputados que o nacionalismo galego coloca en Madrid, e o único de tendencia católico-conservadora. Na súa condición de deputado participará en decembro na fundación do Partido Galeguista e será membro do seu primeiro Consello Executivo.

*Como representante de **todo** o nacionalismo galego no Congreso, Otero presenta e defende en setembro de 1931 varias enmendas o texto da ponencia constitucional nun inútil intento de facer realidade o obxectivo da República Federal, agora abandonado pola maioría dos seus anteriores partidarios. E en maio de 1932, seguindo as instruccións do seu partido, intenta, tamén sen éxito, que o proxecto de lei de Reforma Agraria teña en conta as peculiaridades de Galicia e non só as das terras do latifundio. Por último, en maio de 1933, no marco da campaña do Partido Galeguista a prol da rápida convocatoria do referéndum do Estatuto de Autonomía, fai a coñecida interpelación reivindicadora dos dereitos nacionais de Galicia, xunto con Castelao e Suárez Picallo.*

Pero no seo do galeguismo, Otero é, nos anos trinta, un dos principais persoeiros do sector católico-tradicionalista. Ó servicio desta causa non dubida incluso en adiantar diñeiro propio para que El Heraldo de Galicia, o semanario ourensán voceiro desa tendencia, puidese sair puntualmente tódolos luns, como comprobamos nos seus papeis.

Desde abril de 1931, sectores minoritarios da Igrexa galega, perante a inminente definición da República como Estado laico, intenta, con Otero



Risco por Castelao.

como interlocutor principal, que o nacionalismo galego se convirta en forza auxiliar na súa loita por conservar o maior grao posible de confesionalidade nas institucións e de influencia na sociedade. Aí están para probalo as cartas de Ricardo Beade en outubro de 1931 felicitandóo pola súa "franca y entera confesión de fe católica en el Parlamento, por su ilustrada y viril defensa de los fueros de la atávica conciencia religiosa española, ultrajada hasta el escarnio por una Cámara incapacitada por su sectarismo para entender lo que es la Constitución política de una nación". Ou a do coengo de Santiago Valentín Villanueva no mesmo sentido, e sobre todo a de Manuel García García, crego compostelano que lle comunica o 25 de abril, a só once días da proclamación da República, a existencia dun grupo de sacerdotes mozos, dirixidos por Paulino Pedret Casado, "que temos ganas de seguir traballando en col da terra, reconoscendo en vos-



Alexandre Bóveda.

tede a persoa que ten que dirixir o movimento". E acto seguido plantexa a cuestión das relacións entre catolicismo e nacionalismo: "Eu creio que non deberan prescindil-o [catolicismo], inda mirando as cousas galegamente, pois é unha forza que lle podía axudar moito (...) ¡Cantos por non poñer bandeira da República a poñerán galega!" E logo de poñer ós vascos como exemplo a imitar, advertía: "Hoxe, a meu parecer, fan falta masas, non chegan os intelectuás como hasta eiquí".

Pero dotar de masas á dereita galeguista e católica pasaba necesariamente por unha ofensiva ideolóxica sen concesións contra o liberalismo e o marxismo, ós que había que presentar, non só como pecaminosos á vella usanza, senón tamén e máis aínda como antigalegos. Otero emprende ese labor nos anos trinta, se ben mentres é deputado, e como tal representante de todo o partido, modera moito a súa actividade neste sentido. Con todo, secunda a Risco e a outros na campaña para que o Partido Galeguista non acepte a constitución republicana por laica e esquerdista, e asina con eles o 25 de outubro de 1931 a primeira aldrabada pública desa campaña, a Afirmación católica dun grupo de nacionalistas, ampliamente difundida na prensa do país.

Pero a dinámica política deses anos fai que a maioría do nacionalismo galego non vaia por ese camiño, senón máis ben polo contrario. Por iso, xa en maio de 1933, Otero considera a posibilidade de formar unha organización separada do PG, como di na súa carta do día 5 a Ramón Villar Ponte: "Pol'o de hoxe non será conveniente, mais co tempo é cousa fondal a formazón dun partido galeguista católico, desde logo arredado de todo canto siñifique dereita no sentido hespañol".

Por iso opónse a calquera alianza do PG con forzas de esquerda ou simplemente cos republicanos laicos e democráticos, e na asemblea extraordinaria que ten lugar en Santiago o 21 de outubro de 1933 para decidir a política de alianzas nas eleccións de novembro, apoia a postura de Risco, partidario de que o nacionalismo concurra en solitario, único xeito de impediren ese achegamento ó centro-esquerda. Daquela as teses illacionistas da dereita triunfan por última vez no seo do nacionalismo.

Otero foi o único candidato que presentou o PG pola provincia de Ourense. E malia a campaña conservadora e confesional que fai, fracasa, pero non só porque non saise elixido (tampouco sairon os outros candidatos nacionalistas nas demáis provincias) senón porque, mentres o PG conseguiu un gran avance en votos na Coruña (61.772) e resistiu ben a embestida das dereitas en Pontevedra (32.325 votos) cunha mensaxe democrática e republicana que o situou por riba do PSOE nas dúas provincias, en cambio en Ourense perdeu case a metade dos votos obtidos en 1931, retrocedendo ate só 19.208.



E asi, Otero deixou de ser deputado en Madrid e recuperou a liberdade para defender as súas posturas dentro do nacionalismo. Por outra parte, os resultados de novembro afondaron as diferencias entre uns e outros. Os gobernos radical-cedistas paralizaron o proceso estatutario. Isto, unido á represión antigaleguista que desencadearon despois dos sucesos de outubro de 1934, levou á dirección do PG ó convencemento de que a autonomía de Galicia só sería posible mediante unha alianza coas esquerdas que fose quen de desprazar as dereitas españolas do poder. Os primeiros pasos nesa dirección foron as conversas coa Izquierda Republicana de Azaña.

Otero, como Risco e Filgueira, seguían a opoñerse a esa saída. O enfrontamento aberto chegou na IV Asemblea do PG (Santiago, 20-21 de abril de 1935). Alí, Otero presentou, en nome dunha minoría do Grupo Galeguista de Ourense, a proposta de que o PG se declarase incompatible con toda ideoloxía ou práctica marxista, non se adherise á doctrina da intanxibilidade da Constitución e se amosase partidario da exclusión do laicismo como condición da Galicia futura, "mantendo asi o espírito tradicional do galeguismo". A finalidade política desta proposta, que a Asemblea rexeitou, era obviamente bloquear a alianza coas esquerdas.


Durante a súa intervención, Otero manifestara que, en calquera caso, acataría a decisión da Asemblea, observaría a disciplina do partido e ficaría nel tentanto de convencer das súas ideas ós demáis. E, ó contrario que Filgueira (que se escindiu uns días despois ó frente dun reducido grupo de militantes para formar a Dereita Galeguista de Pontevedra) e que Risco (que faría o mesmo pouco antes das eleccións de febreiro de 1936 para non formar parte do Frente Popular), Otero ficou no partido, o que lle valeu o respecto de todos.


Pero era inevitable que perdese protagonismo, porque continuaba opoñéndose públicamente, mediante artigos en El Heraldo de Galicia e A Nosa Terra, á liña oficial do PG e á súa ulterior entrada no Frente Popular. Como era lóxico, non figurou nas súas candidaturas. Neses meses que precederon á Guerra Civil limitouse a seguir defendendo as súas ideas por entender que o "liberalismo uniformista, de lóxica afrancesada, racionalista e ao remate positivista" tiña unha concepción da cultura que non podía ser "sustantiva da galeguidade e do galeguismo", e estaba aproveitando o seu apoio político á autonomía de Galicia para favorecer a penetración da "política e a cultura oficial da República, laica e positivista (...) inspirada e arrempuxada pl'o sentido marxista".[6] *Verbo deste último, Otero, na súa polémica con Víctor Casas sobre o pleito dereitas-esquerdas no seo do galeguismo, recoñece que o nacionalismo ten a obriga de loitar polo melloramento económico do pobo galego, pero –engade– xamais ó precio de seguir un camiño que o leve "á praza roxa de Moscú" ou "á friaxe racionalista da loxia", pois o marxismo e as súas derivacións, en canto "doutriña filosófica, ética, económica e nacionalista (...) siñifica o contrario do ser inmorrente de Galicia. E si se quer asesinar a Galicia en galego, pior. Despoixa do crime, o aldraxe".*[7]

Estas diverxencias non lle impediron participar activa e lealmente na campaña do referéndum do Estatuto e compartir a ledicia do triunfo do 28 de xuño de 1936. Ledicia que durou moi pouco. Xusto até o 18 de xullo. Despois, nos tráxicos días da brutal represión dos militares e falanxistas alzados contra a República, o distanciamento que mantivera respecto do Frente Popular, o seu probado conservadurismo e as boas relacións coa xerarquía eclesiástica salváronlle a vida. Pero non se librou do expediente de responsabilidades políticas que se saldou separándoo da súa cátedra. Otero entrou asi no ostracismo, en compañía daqueles compañeiros que, coma el, sobreviviron baixo a dictadura sen necesidade de traicionarse a si mesmos.

6. "Formas de desgaleguización", *El Pueblo Gallego*, 25-VI-1936. Na mesma liña, "Desgaleguización", *A Nosa Terra*, nº 408, 3-IV-1936.
7. "Sobor de unha *Preocupación* e de moitas *despreocupacións*", *A Nosa Terra*, nº 410, 17-IV-1936.







AUGUSTO PÉREZ ALBERTI

Augusto Pérez Alberti é Catedrático de Xeografía Física da Universidade de Santiago. Con anterioridade fora Profesor Agregado de Bacherelato (1978-1983), Catedrático de Bacherelato (1983-1991), Profesor Asociado de Universidade (1991-1993), Profesor Titular de Universidade (1993-1999). Realizou a súa tese doutoral sobre "La Geomorfología de la Galicia Sudoriental" baixo a dirección do Prof. Jean Tricart da Université Louis Pasteur de Strasbourg (France).

Ten realizado estancias de investigación en Francia (Université Louis Pasteur, 1988), Italia (Universita degli Studi di Firenze, 1996), Canadá (Ontario Agricultural College, da University of Guelph, 1995, 2000; Université Laval, Quebec, 2000) e Islandia (Institute os Biology, da University of Iceland, 1997). Ten sido profesor invitado na Université du Maine (Le Mans. Francia, 1996, 1999). Na actualidade é Director do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago e dirixe o Grupo de Investigación en Xeomorfoloxía (G.I.X.) da Universidade de Santiago.

Participou como autor ou coautor na redacción de máis de cen libros e artigos sobre xeomorfoloxía glaciar, periglaciar, xeomorfoloxía costeira, climatoloxía, bioxeografía, manuais de ensinanza escolar e didáctica da xeografía. A súa última obra foi a coordinación, xunto con Antonio Martínez Cortizas, do Atlas Climático de Galicia.




A paisaxe xeográfica en Otero Pedrayo

Augusto Pérez Alberti



Cando lemos os textos de Otero Pedrayo decatámonos da importancia que para el tivo a aprendizaxe directa, daquela que xorde da propia contemplación do espacio xeográfico. Non hai na súa obra máis que breves referencias a científicos que traballen no eido da xeografía, enmarcados nunha corrente xeográfica decimonónica, tal é o caso de Humboldt, Ritter ou Richthofen. Foi, sen dúbida algunha, do contacto coa terra onde comezou a analiza-la súa dinámica, a interacción home/terra. É a partires de Trasalba onde comeza a admirar e ama-las paisaxes. É, a partires dos lugares más próximos onde esboza esa diferenciación -que define a perspectiva xeográfica de Otero- de *montaña*, *ribeira e bocarribeira*. En *Problemas de Xeografía Galega* fala de como a *altitude xoga a función especial nas diferencias locais: establece doadamente unha sucesión de carauteres, inda*



que poucos pol-a pequena diferencia das cotas dende o Río, Vilamarín e Madarnás, por eixempro a Cea e o Carballiño, pero millor precisados antr'as derradeiras localidás e Ourantes, Trasalba e Untes, parroquias postas en parte riba do beizo dreito do val miñoto. Pra un do val, de Arrabaldo, por eix. xa Trasalba é montana, con ser parroquia con terras e ribeira e soilo estar separada por unha costa súpeta... Mais tamén pr'os de Trasalba é montana Amoeiro que ten cuase idéntico horizonte e mais montana é Vilamarin... A parroquia de Trasalba pertenece á zona de transición antr'os chaos d'Amoeiro e a ribeira representada pol-os vals do Miño e Barbantiño... Poucas parroquias tan craramente de bocarribeira.

É tamén en Trasalba, onde descobre a importancia da interacción rocha/clima. Nos penedos de O Rodeiro, os cotos como el denomina, *observa como a chuvia levada polo vento forma sistemas d'ocos e coviñas nas que demoran as augas do ceo pucharquiñas e que xuntándose furan as laxes, además da aición maina e xeral qu' arredondeia e amolece as aristas* (*Problemas de Xeografía Galega*, páx. 13).

Paulatinamente Otero Pedrayo vaise decatando da importancia da rocha, da altitude, do clima e das accións antrópicas na construcción/destrucción das paisaxes. É sen dúbida o coñecemento do paisano, do labrego, da parroquia de Trasalba. Del aprende a diferenciar os tipos de solos para o cultivo, a importancia da insolación, da pendente, da abundancia de auga... Despois, ó ir recorrendo, pateando, a terra, vai descubrindo novas paisaxes


Cando se len os traballos xeográficos de Otero Pedrayo chegase á conclusión de que a súa paixón era a descripción da paisaxe. Pensaba que *pra conseguire unha impresión o máis compreta e vivinte posibre d'unha terra, non hai millor sistema que escolmar unhas poucas paisaxes xeográficas carauterísticas*, como dí no seu traballo *Problemas de Xeografía Galega*, páx. 20. Neste mismo traballo, páx. 20 define, en certa medida, o que el entende por paisaxe:*... o xogo diario dos variados fautores da terra, da atmósfera, da vida e do home que n'un estado isolado figuran desartellados e privados da dinamicidade da sua realidade de loita e asociación*.

Esta relación dos homes e das mulleres coa terra dá como froito a paisaxe. En *Paisajes y Problemas...* páx. 187 di que: *En contacto directo y constante con el medio natural, el pueblo trabajador y sensitivo, alejado de la contemplación mística y de la doctrina teológica, anima la naturaleza, la personifica, la siente como un conjunto de presencias reales amigas y enemigas, y a veces transporta a sus creaciones artísticas una viva expresión de paisaje*. O traballo a cotío dos homes e das mulleres, sobor de todo do labregos e labregas, aparece condicionado polo medio, que se convirte en determinante: *El elemento esencial del paisaje gallego, la roca granítica esquistosa,*


*con su peculiar proceso de erosión, proporciona un determinante al tratamiento arquitectónico". (*páx. 190)

Sen embargo non só é a rocha a causa principal que determina a paisaxe; tamén os solos ou a abundancia de auga teñen un papel importante. No seu itinerario de Ourense a Santiago que aparece no traballo *Paisajes y Problemas*... atopamos en varias ocasións o que estamos a decir*: Los chaos que cruzamos forman parte del conjunto de tierras que con diferente matiz por la altura y el relieve guardan el tipo de los clásicos chaos de Amoeiro. El suelo arenoso, solo en algunos trozos de arcilla, ostenta cosechas de maíz... Las tierras de regadío se llaman naveiras; las de secano, heredades... Algunos abedules aislados en terrenos húmedos parecen un anuncio de la montaña aún lejana*, estase a referir a terreos enclavados na parroquia de Castro de Beiro. Máis adiante di*: Subimos por cuestas yermas en las que la vegetación del maquis va creando una capa de tierra fría recortada por las aguas que en algunos lugares se depositan en ellos*. (páx. 165)

Otero Pedrayo decátase de que, por unha banda, o galego *intensamente labrador y pescador, se incorporó entrañablemente al paisaje, hasta el punto que solo alguna corta extensión de montaña no guarda la huella humana, y ni aun ofrece obstáculo definitivo, por lo menos al paso de los hombres* (*Paisajes y Problemas geográficos...* páx. 189, 190) que, indica claramente a forza da sociedade galega capaz de humaniza-lo. Esta dependencia do home respeto ao medio lévao a dicir na *Síntesis Xeográfica de Galicia*, páx. 55, que *o paisano traball'a terra intensamente y fazéndoa dar de toda crás de frutos, seu ideal sería non ter que mercar centeo, millo, feno nin toxo nin leña... o coltivo xeral impón variados xéneros de vida, e tradúcese na psicoloxía. Por exemplo o ribeirán é coltivador dos viñedos c'a súa labor intelixente, conscente da riqueza que produce é moy difrente do que traballa as searas de centeo n'as pranicies; o que cría potros e boys na montana do que traballa intensivamente as hortas preto dos centros poboados*.



Hai nos seus escritos influencias dispares: por unha banda daqueles que, como Ratzel, falan dun determinismo xeográfico e, por outro de autores como Vidal de la Blache, que, frente ao anterior, dan unha maior importancia á "posibilidade" (de aí o posibilismo) de que o home sexa capaz de domiñar a terra e de enxendrar "xéneros de vida". A importancia da raza, como outro elemento ratzeliano, é tido en conta por Otero Pedrayo. Así fala de que *las razas celtas siempre se han caracterizado por su apasionado sentimiento de la naturaleza* ou de que *en todos los países celtas occidentales la población dispersa se debe, de una parte, al ideal de la raza; de otra, a la exigencia del medio geográfico. El espíritu del cual persevera en la parroquia gallega a pesar de la profunda influencia centralizadora de los centros religiosos y administrativos; arraigada en su solar, presididas por su castro los pueblos celtas forman individualidades dispersas*, (*Paisajes y Problemas geográficos...* páx. 187-188).



Desde a perspectiva de hoxe en día a súa visión das paisaxes pode parecer simple. Hoxe admítese que na xénese dunha paisaxe entran en xogo dialéctico o substrato rochoso, os movimentos tectónicos da codia/ os cambios climáticos que se produciron ó longo da historia xeomorfolóxica/ a acción dos seres vivos animais/ a acción do home en sociedade en función da súa ideoloxía, cultura, nivel de desenvolvemento técnico...; admítese que as paisaxes non só varían de sector senón que tamén o fai a percepción que ten cada quen da paisaxe en función do seu nivel cultural, ideoloxía, etc. Porén, Otero Pedrayo sin ter unha formación eminentemente xeográfica, ía máis alá da simple enumeración de aspectos diferentes dentro do espacio; analizaba, por unha banda as paisaxes como entes que nacían da loita – non importa en que relación – do home coa terra e, por outra, decatábase de que as paisaxes non eran eternas nin inmutables. Percibía que cambian co paso dos anos, da historia e, incluso, co paso das estacións.


Ó camiñar cara Santiago desde Ourense ou ás Rías Baixas ou Altas desde Santiago, percibía cambios nidios. Nembargantes estes, ó producírense de xeito imperceptible, non teñen uns límites precisos. Á saída do val de Ourense, para inicia-lo camiño cara San Andrés de Teixido, viaxe que narra en *Pelegrinaxes*, observa como a paisaxe vaise transformando: *Por Gustey vaise enchendo o peito c'o aer da bocarribeira, inda non s'ollan sinon un segmento dos circos de serras. ¿Onde remata a ribeira? Cambeante matización da paisaxe. Dificultade de por os marcos: ribeira-bocarribeira-montaña*.

O Otero xeógrafo defendía que a paisaxe, ou as paisaxes galegas, hai que analizalas como algo inestable, cambeante, pois a paisaxe *sólo como ciclo y proceso, como tendencia e historia, debe comprenderse y estudiarse y no como fondo indiferente, lejano o, todo lo más anecdótico, en relación con los hombres*, e hai que achegarse a ela, hai que busca-la paisaxe non *como parque de recreo, o con sentimientos o afanes de turismo. Hace falta un espíritu peregrino para sentirlo y sorprender una belleza recóndita que pocas veces se acompasa con el concepto de lo bonito, de lo tranquilizador, que se busca en los bellos paisajes. Muchos de Galicia no lo son en la estimativa general. Los rudos, abruptos, en que la vida histórica parece anclada en el románico, son, quizá, lo más dignos de reflexión y amor. Y los consagrados por el turismo – las rías glaucas, los valles geórgicos de molinos y viñedos, el pinar sonoro de la costa y el pazo dieciochesco de largas resonancias – exigen ser visitadas cuando el invierno ahonda los ponientes y la lluvia disuelve las perspectivas, y no sólo en el brillante verano y en el cálido y epilogal otoño*. (*Guía de Galicia.* Páxina. 190. Ed. 1965).

Desde a perspectiva do novo milenio pódese afirmar que moitas das ideas sobre a paisaxe, dunha enorme intuición, non so están vivas senón que convén retomalas e reforzalas. A súa visión de cambio no tempo e no espacio, da paisaxe como ele-

mento en constante evolución por mor da vitalidade das xentes que habitan nun territorio que se foi construindo/destruindo ó longo do tempo por mor do traballo, non sempre doado dos seus habitantes; a súa visión da paisaxe como historia materializada en aldeas, lugares, campos de cultivo.... ideas non sempre explicitadas pero que se poden aprehender da lectura dos seus traballos xeográficos.

Para un xeógrafo do Ribeiro, da *ribeira*, de Santa Cruz de Arrabaldo, como o que esto escribe, que viviu anos na *montaña* de Tamallancos e que, con relativa frecuencia, ascende dende a súa aldea ribeiriana polas *bocarribeiras* de Soutomanco ou Fechos, camiño de Trasalba, as lecturas de Otero Pedrayo axudárono a entender moitos dos problemas da ocupación do espacio, a comprender o papel do solo nunha sociedad tradicional, na que cada parcela estaba perfectamente vencellada a súa potencialidade: os lameiros, nas valgadas, a beira dos regatos; os campos de centeo nas ladeiras ou terras de solos menos profundos; as hortas as beiras das casas, alí onde era doado atopar solos máis fértiles e transportar o estrume ou o esterco. Coñecementos adquiridos do contacto directo coa *terra*, co que iso siñifica: lugar no que se vive, traballa e coa que un se funde o final dos seus días.







CARMEN BLANCO

Lugo, 1954

É profesora de Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela e desde 1996 coordina, co poeta Claudio Rodríguez Fer, a revista anual de pensamento e creación *Unión libre. Cadernos de vida e culturas*, que publicou monográficos dedicados a *Mulleres escritoras*, *Labirintos celtas*, *Literaturas integrais*, *Erotismos* e *Cantares* (Ediciós do Castro, Sada-A Coruña, 1996-2000).

É autora de dous libros sobre Ricardo Carballo Calero, *Conversas con Carballo Calero* (Galaxia, Vigo, 1989) e *Carballo Calero: política e cultura* (Do Castro, Sada-A Coruña, 1991), así como de diversas edicións e publicacións sobre literatura galega contemporánea. Como especialista no estudio da literatura das mulleres e das imaxes das mulleres na literatura publicou *Literatura galega da muller* (Xerais, Vigo, 1991), *Escritoras galegas* (Compostela, Santiago de Compostela, 1992), *Libros de mulleres* (Do Cumio, Vigo, 1994) e *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (Xerais, Vigo, 1995) e colaborou nos libros colectivos *Belleza escrita en femenino* (Universitat de Barcelona, Barcelona, 1998), *Mosaico ibérico. Ensayos sobre poesía y diversidad* (Jucar, Madrid, 1999) e *Breve historia feminista de la literatura española (en lengua catalana, gallega y vasca)* (Anthropos, Barcelona, 2000).

Como pensadora ocupouse dos mundos das mulleres e das relacións entre poder, sociedade, arte e cultura nos libros de ensaio *Mulleres e independencia* (Do Castro, Vigo, 1995) e *O contradiscurso das mulleres. Historia do proceso feminista* (Nigra, Vigo, 1995), do que hai versión ampliada en castelán: *El contradiscurso de las mujeres. Historia del proceso feminista* (Nigra, Vigo, 1997).



O adeus a Calipso na Odisea Oteriana arredor de si

Carmen Blanco

A ODISEA OTERIANA DE ARREDOR DE SI

Desde que Ramón Otero Pedrayo asumiu o nacionalismo non deixou de reescribir no fondo moitas veces a mesma historia, a da súa conversión salvadora novelada de maneira emblemática en *Arredor de si* (Nós,A Coruña, 1930). Mais esa historia non é outra que a de Ulises, o vello mito patriarcal básico sobre o que asenta a idea tradicional de patria, nación e estado en occidente. Pero Adrián Solovio, o seu Ulises galaico, como o seu Xoán Rodríguez do Padrón –e tantos outros Ulises seus, homes ou mulleres, Virginias (Woolf) ou Rosalías (de Castro)– é finalmente un servo libre de amor, do amor fracasado das mulleres e do amor renacido da relixión e / ou de Galicia –a súa terra– ou, mellor, da relixión de Galicia, onde para el todo conflúe, no devalar dun persoalísimo panteismo vitalista e dun peculiarísimo patriarcalismo populista e nacional-catolicista con heterodoxa apertura atlantista e federalista universal. E, en consecuencia, o seu Ulises non ten propiamente Penélope ou, se se quere, esta pérdese en Ítaca, a terra nai, á vez nai e nación, seguindo unha das liñas ideolóxicas dominantes no modelo antropolóxico maternocéntrico do celtismo e do nacionalismo galego, marcadamente etnocéntrico por imperativo histórico.



Rosalía de Castro.

En efecto, como dixera Ricardo Carballo Calero, *Arredor de si* é unha odisea, e así, Adrián deixa Itaca e a Penélope cando se alonxa de Galicia e da nai; pasa pola mala experiencia de Circe, a tentación sexual pecadenta da muller madrileña; é recollido hospitalariamente no idealismo espiritualista e platónico de Nausica, a moza de Fresdelval que encarna a Castela autóctona; e entretense na pracenteira illa de Calipso da muller estranxeira e cosmopolita; para acabar finalmente regresando, coa sabedoría e experiencia tradicionais da viaxe iniciática tamén tradicional, ao amor telúrico-materno da súa Penélope: Galicia.


A FASCINACIÓN E O REXEITAMENTO DA AMANTE ESTRANXEIRA

Sen dúbida Otero puxo no personaxe da amante americana de Adrián Solovio moito do seu amor e da súa fascinación pola muller libre, independente e sabia, pero tamén moito do seu medo a ela, mesturando así a atracción e a repulsión que tal realidade exerce sobre o prototipo humano androcéntrico nacionalista galaico, liberal e cristián. A mesma atracción e repulsión que o levou a edulcorar cun toque idealista católico o personaxe de Virginia Woolf en *Devalar* (1935) ou a arredar nas marxes bárbaras redimidas polo cristianismo o difícil combate co poder patriarcal dos señores da terra de Rosalía de Castro, na súa redonda recreación de Galicia como o mundo, desde Rosalía, Arousa e Compostela, na peza dramática *Rosalía* (1985). Sabemos da misoxinia de Otero, mais tamén recoñecemos a súa contradictoria sabedoría filóxina, moito máis profunda que a prexuízosa ignorancia sexista dalgunha crítica.

Dona Florinda, a marquesa de Portocelos, é unha figura de inspiración romántico-modernista, semellante á señorita de Vilarpunteiro de *O mesón dos ermos* (1936). Por outra parte, na súa calidade de estranxeira e de muller moderna comparte algúns rasgos comúns coas figuras deste tipo que aparecen noutras obras de Otero como *Devalar* ou *O señorito da Reboraina* (1960). Fronte ás figuras galegas, de base marcadamente realista pois representan prototipos moi coñecidos e abundantes, estas outras, aínda que tamén tomadas da realidade, están fortemente literaturizadas, entre outras razóns por ser máis escasas no contexto que rodea ao protagonista. No caso da Marquesa a literaturización é de xinea romántica con certos toques modernistas. En efecto, na imaxinación de Adrián a parella xoga ao idilio goetheano de Hermann e Dorotea. Ademais, dona Florinda ten algo das súas admiradas George Sand e Madame de Stäel, especialmente o feito de ser unha dona "elegante" (132), "mundana" (132) e "ceibe" (115), o modelo feminino romántico e progresista (116). A influencia modernista e mesmo vangardista déixase ver en imaxes como a da "Venus cosmopolita" (117) ou a de amazona do século XX, que insisten no prototipo de muller "moderna" (115).

Arredor de si é unha novela de aprendizaxe e pode interpretarse, como unha viaxe iniciática. Adrián realiza boa parte desta viaxe, a traxectoria europea, da man da Marquesa, que entra así a formar parte da súa complexa experiencia vital. No itinerario formativo do protagonista, pois, a rela-





George Sand.
Debuxo de A. Lorentz.

ción coa Marquesa é unha experiencia importante e necesaria. E como tal a percibe o personaxe central cando esa relación está a punto de rematar (132). A muller cumpre unha función fundamental na evolución psicolóxica e ideolóxica de Adrián, semellante á desempeñada por unha serie de personaxes femininas no *Wilhelm Meister* de Goethe ou en *L'éducation sentimentale* de Flaubert, xa que en realidade *Arredor de si* é tamén unha educación sentimental.

Dentro da estructura da obra, nun primeiro momento, a Marquesa representa a Europa e vén simbolizar a apertura universalista e a modernidade que Adrián procura. Nestes aspectos e neste primeiro estadio pode interpretarse, sen prexuízos, como unha personaxe positiva no complexo proceso formativo do protagonista. Adrián personifica repetidamente a Europa. A fin do capítulo X sente a súa entrada en Francia como un casorio: "Adrián ô pasar a fronteira latexaba d'emoción: ía desposarse c'unha nova, quizais a sua, realidade" (101). No capítulo seguinte volve aparecer esta visión femia de Europa: "deixábase moldear pol'as maus de muller da Europa da grande rúa" (109). Logo terá lugar o encontro con dona Florinda en quen Adrián encarnará definitivamente ao continente, como metáfora: " (...) a Marquesa. Pra il o xenio da Europa" (119) e como metonimia: "Polo pronto afundirse no amor da Europa e da Marquesa" (120).

Por outra parte, a Marquesa responde ao prototipo da "nova muller" representada, nas coordenadas cronolóxicas nas que transcorre a obra, pola muller norteamericana e moi especialmente pola europea, coa que se identifica dona Florinda pois, como americana á moda, estaba obnubilada pola cultura do vello continente (116).



Virginia Woolf.

Esta dona "elegante e mundana", repetidas veces cualificada de "ceibe", simboliza a liberdade feminina reivindicada desde os albores do prefeminismo por figuras como George Sand ou Madame de Stäel, por cinguírmonos só ás citadas na novela. Ela é unha muller culta libre de prexuízos sexuais, que conduce o seu automóbil polas estradas da montaña e que se move sen complexos polo espacio público urbano dos restaurantes, rúas, exposicións, cafés literarios e cabarets, xa sexa soa ou acompañada: "percorría os magazines e pisaba os asfaltos da Europa con froles os mangados nos brazos nús" (116).

Na estructura profunda da obra, esta personaxe representará a modernidade e o progresismo, tanto na relación co marqués de Portocelos coma na relación con Adrián. Polo que respecta ao matrimonio dos marqueses, nel faise contrastar o progresismo que simboliza a xove dona Florinda co tradicionalismo representado polo pazo e a familia carlista do vello aristócrata (115-116).

En relación con Adrián, a Marquesa vai encarnar unha variante do prototipo feminino desa "muller nova", o da "muller superior", a femia con autonomía e independencia que non se sente só como un apéndice do home. E así preséntasenos como un preciado obxecto de desexo para o intelectual e home tradicional que é Adrián na súa relación coas mulleres. De feito, a superioridade social da dona, co seu saber amoroso e os seus coñecementos culturais danlle un valor engadido de cousa exquisita: "bela muller sensitiva envolta en peles de prezo" (122). E xorde o orgullo posesivo e comparativo de saberse gozador dun froito valioso e escaso (122-123). Neste mesmo sentido, hai no capítulo XII un parágrafo dun grande interese sociolóxico que fai referencia tamén aos usos amorosos dominantes. Nel apréciase a inseguridade masculina ante esta muller con abundante experiencia amorosa, que encarna o prototipo da "viúva alegre", figura envolta nun perigoso atractivo de dona superior en sabedoría erótica. A través das sensacións, os pensamentos e os sentimentos de Adrián ante ela, recréase toda a complexidade de valores na que a súa relación se vai ver envolta, facendo especial fincapé no pracer da conquista amorosa, as alusións ao cotilleo machista, os celos, o desprezo do corpo e á prevención ante o sexo que convive contradictoriamente coa aceptación vital do amor e da carne (117-118).

Mais, no estadio final da estructura da novela, a Marquesa simboliza o cosmopolitismo e a modernidade superficial que Otero rexeita e, neste sentido, funciona como unha personaxe negativa que encarna un cúmulo de contravalores e que se opón aos principios positivos representados pola figura da nai. E, precisamente por eses contravalores, será o detonante definitivo na evolución vital de Adrián, tanto no aspecto ideolóxico coma no sentimental. No plano ideolóxico, dona Florinda é, finalmente, a cara negativa da novela pois representa todo o que nela se rexeita: o cosmopolitismo, o diletantismo, o snobismo, o descompromiso, a superficialidade, o antinacionalismo e o antigaleguismo.



Nos últimos momentos en Francia abrolla o conflicto entre esta superficialidade cosmopolita da Marquesa e a profundidade problemática de Adrián: "Ela muller d'arte e cultura a tona de pel, surprendíase da traxedia interior, da estrana dinámica do seu amante" (119). Nun primeiro momento, o protagonista soña con salvala apelando ao romanticismo e reconducindo as súas potencialidades naturais de bondade e intelixencia (119-120). Mais na fin da súa estancia en Alemaña o conflicto agudízase coa postura definitivamente anticosmopolita de Adrián (124). E, finalmente, estoupa nunha loita verbal entre o prexuízo antigaleguista da Marquesa e o novo sentimento galeguista de Adrián que, agromándolle de dentro, se lle ía debuxando como o mapa de Fontán (132-133).

No plano sentimental, tamén resulta ser, finalmente, dona Florinda, unha figura negativa que encarna o pracer efémero, é dicir, a experiencia necesaria na vida do home, pero non a definitiva. O sexo e o namoramento pero non o amor (132). Neste sentido, Florinda preséntasenos como a muller sabia e con experiencia amatoria que acolle a Adrián, igual que Calipso a Ulises. E, como Ulises, tamén el a deixará para volver á súa Itaca, onde, así mesmo, o agarda unha dupla feminidade positiva: Galicia e a nai, as penélopes de Adrián.

Por outra parte, a Marquesa é a amante, ese prototipo feminino ambivalente da cultura patriarcal. Otero plasma moi ben ao longo da obra dita dualidade de valores, xa que nun primeiro momento a visión de Adrián tingue a Florinda con todo o atractivo do pracer imaxinado e do pracer gozado, para ir logo evolucionando cara a unha visión despectiva, cargada de prexuízos misóxinos que insisten sobre todo na vellez e na impureza da dama. E así, curiosamente, o mesmo que nun primeiro momento provocou a atracción é logo o que causa o fastío, como ocorre coa experiencia vital da dona e a inxenuidade de Adrián, que se nos mostraran nun principio como un intercambio enriquecedor (119). Na súa crise amorosa, o protagonista percibe cada vez máis como unha carga o amor da Marquesa e sente nostalxia da súa anterior liberdade, ao tempo que lle pesan os anos da súa amante e anceia unha moza virxe que non o lixe, da mesma maneira que ela desexa tamén, a estas alturas, un amante máis superficial que o problemático Adrián (133).

No xogo de funcións da novela opóñense as figuras de Adrián e do marqués de Portocelos precisamente pola súa relación con dona Florinda. O Marqués casa con ela, mentres Adrián será o seu amante pero logo a abandonará. Así, o Marqués será víctima do cosmopolitismo, representando na obra o absentismo e o colonialismo mental do groso da aristocracia galega, que trouxo a ruína de Galicia. E, moi significativamente, no capítulo final, insístese nesta simboloxía da Galicia abandonada e imitativa (147). Pola contra, Adrián non sucumbe ante o cosmopolitismo, senón que reacciona fronte a el, abrazando o compromiso nacionalista, único proxecto vital que o liberará xunto coa súa terra (152-153).

O IMÁN DAS NAIS

En *Arredor de si*, pois, está latente toda a ambivalencia da concepción tradicional da muller e Adrián podería dicir, como Rubén Darío, pero sen a asunción da erótica transgresora do nicaraguense: "mi esposa es de mi tierra; mi querida, de París". Adrián renega da súa amante para volver á chamada telúrica da nai, sagrada como a da esposa. Un retorno definitivo ao centro materno, atraído pola forza irresistible da memoria das nais e da memoria da orixe.

Penélope tecendo en Ítaca. J.W. Waterhouse,
Penelope and the Suitors *(fragmento), 1912.*







Caricatura de Omar Pérez

MANUEL REGO NIETO

Moreiras, 1931

Perito Mercantil. Foi técnico de Administración da Deputación de Ourense, xubilado. Colaborador da impresa galega e en publicacións de inspiración carlista. Ten publicado o seguinte: "Escritos", 1973; "Ourense...", 1984; "El carlismo orensano, 1936-1980", 1985; "Pies de Foto", 1986; "Los hombres de circo (aquellos orensanos)", 1992; "El Festival del Miño.", 1992; "Feitos e ditos", 1993; "Del cambio al cambiazo", 1994; "Crónicas amigas", 1994; "O Don Ramón que coñecín....", 1994; "Los Borbón-Parma", 1995; "Percorrendo os camiños de Toén", 1996; "Imaxes dunha vida...", 1996; "Gustavo Rego, benemérito de la fidelidad", 1997. "Historia dun circo", 1997; "Canastros en San Pedro de Moreiras", 1997; "Valle-Inclán, carlista", 1998; "Cruceiros en Toén", 1998; "Mi amigo David Ferrer", 1999; "Recuerdos carlinos", 1999; "Un San Benito en Solveira", 2000; "Bos e xenerosos (galeguistas do interior)", 2000; "Cen xornalistas en Ourense (1959-2000)", 2000; "Moreiras en postais", 2000; "Solveira da Rabeda", 2001; e presentou a primeira moción en galego no Concello de Ourense, para nomear a Otero Pedrayo Cronista Oficial da Cidade de Ourense.



O Don Ramón orador

Manuel Rego Nieto

Fai ben a revista RAIGAME en lembrar a Don Ramón Otero Pedrayo no vintecinco aniversario do seu pasamento. E fai ben, porque iste Ourense padece de amnesia..., pra cos seus fillos. E esí nos vai...

Os que fumos amigos de Don Ramón. Os que compartimos ó seu carón xornadas, ben na rúa da Paz, ou na Casa Grande de Trasalba. Os que o admiramos como escritor, como político íntegro, como mestre sabio, como home bó e xeneroso, e como orador, estamos a sentir un baleiro moi difícil de cubrir... Pois ao fin e ó cabo, o quíl escribiu, e nos deixou pra nos enriquecer intelectualmente, non nos chega (fártalles ós que non o coñeceron, ou si, máis non o trataron), pois a súa conversa, o seu consello, a súa amistade sinxela e inquebrantable –por riba de diferencias ideolóxicas ou doutra orde– estanos a perseguir coma un pantasma –"eu son un pantasma", dicía nos derradeiros anos da súa vida...), niste Ourense, e nesta Galicia de non tantos bós e xenerosos, pro eso sí de moitos aproveitados...

E si a oratoria –deso pídenme que escreba sobor de Don Ramón– é ó "arte de falar con elocuencia, empregando o pensamento e a palabra...", en Don Ramón xuntabanse de maneira maxistral, inda que o pensamento funcionara máis a presa, posiblemente, que as súas verbas....




Don Ramón nunha homaxe tributada ó autor diste artigo, na fotografía xunto co alcalde de Ourense David Ferrer Garrido, no ano 1963.

Eu escoitei a Don Ramón –asemade de en interminables conversas, e onde lóxicamente falaba soio íl –en moitísimas conferencias. Xa no "Orfeón Unión Orensana", onde impartía cada ano nas Semanas Culturais, as súas leccións de galeguidade, fundamentalmente. Logo en Xogos florais, en conferencias sobor de diviño e humán. Don Ramón movía os seus brazos de home outo acompañando ás suas verbas, como os muiños manchegos contra os que don Quijote embestía coa súa lanza, na crenza de que eran xigantes.



Intervención de Don Ramón nuns Xogos florais na década dos 60. Foto Reza



Don Ramón (coido que como Castelar e Vázquez de Mella) dominaba a oratoria de maneira brilante. Non daba tempo a se parar na última frase, pois a seguinte xa "borrara" o dito, e así sucesivamente. Na oratoria de Don Ramón xuntábanse a elocuencia, a sabiduría –que era moitísima–; o saberlle transmitir ós ointes a emoción ó referirse a nosa Terra.

As palabras saínlle como as augas límpas dunha fervenza. Non había tempo prás saborear, ás veces, pois os minutos ou as horas –eu escoiteino tres horas seguidas no Orfeón, describíndonos ó Pai Miño ("e iso, amigo Rego, que esquencín un mapa que teño en Trasalba...")–.

Ou falando da Virxe María no Santuario Votivo do Couto, onde endexamais se fixo un canto á Nosa Señora, tan fermoso e cheo de fe... Ou ós postres dalgún homaxe, gabándose do amigo ó que apreciaba... Claro que un dos "discursos" máis fermosos –xa o teño contado–, foi cando coincidimos no coche de liña que facía o traxecto Vigo-Ourense. Foron aquelas dúas horas, ollando lameiros logo de Porriño, ou as cepas cara a Ponteareas, as xestas amarelas rubindo Fontefría, os piñeiros cara á Cañiza, a baixada dende Melón a capital do Ribeiro, o encoro de Ventosela ó pé da súa Trasalba..., foron, xa digo, dúas horas de falar e falar, e eu de escoitar...

Pois como puxen no programa que lle adicamos o ano do seu pasamento na Semán Cultural do Orfeón, "cando Don Ramón falaba, Galicia toda púñase a escoitar....". Inda o sego escoitando nas cintas grabadas no Orfeón, ó que Don Ramón salvou de desaparecer...





Debuxo de Maside.

JORGE MARTÍNEZ JIMÉNEZ

Vigo, 1953

Licenciado en Filoloxía Hispánica en Barcelona, exerce actualmente como profesor de Lingua e Literatura Galegas nun Instituto de Santiago de Compostela. Compre destacar a súa edición e estudio introductorio de *Beira o Barbaña. Paisaxes,* obra de Francisco Álvarez de Nóvoa, editada por Ediciós do Castro, Sada, 1993.



A solaina orcelada

Jorge Martínez Jiménez

"Non me cansaréi de predicar aos mozos que fuxan dos prólogos, das críticas e dos manuales, de encirralos para que afonden destemidamente no misterio das almas dos poetas e dos filósofos =(...)= Mais sempre que se cumpla coa limpa arela de lér e de pensar"[1]. Son palabras de Otero que hai tempo limos e nas que puidemos ver ben expresado, con sinxeleza, o que nós non ousabamos, nin sabiamos, formular. Entraramos, con curiosidade, e á busca de non sabiamos ben qué, na obra oteriana, por causa de sintonizarmos nós con esa e outras ideas del, polo impeitizo que elas tiñan para nós. Sobra dicir que as tales liñas arriba transcritas, aproveitámolas agora para, entre outras cousas, advertir ó lector que o que aquí imos trazar por conta nosa non pretende encarreirar a ninguén á hora de se adentrar nas súas páxinas. Cremos que entrañarse nelas esixe, por parte dos que o pretendan, un esforzo conxunto de *franqueza de intelixencia, sensibilidade e intuición*; esixe a *novidade de espírito*, fuxir de esquemas ríxidos, xeométricos. Na conferencia que en 1932 pronunciou para os xoves da Asociación de Alumnos do Instituto de Ourense, co gallo do centenario de Goethe, referíndose a esta grande figura do Romanticismo europeo, volvía el insistir no asunto da conveniencia de se enfrontar, sen intermediarios, coa obra dos poetas, dos filósofos...:

* Sempre que indiquemos *Obras Selectas*, facemos referencia ó tomo II, Ed. Galaxia, 1983
Os títulos aquí consignados, sen referencia de autor, remiten a Ramón Otero Pedrayo

1. Art. "Notas encol da paisaxe romántica", Rev. *Nós*, núm. 38, 1927
Citamos por *Obras Selectas*, p. 247



Otero na solaina da Casa Grande de Cima de Vila. Trasalba: verde lús nas pupilas de pedra *(Bocarribeira).*

"Enemigo dos estudios críticos por temperamento e por falla de preparación, dígovos (...) que (...) non hai outro camiño, para vós, mociños novos, que o de enfrentarse, sin intérpretes nin prologuistas, coa enorme obra do Patriarca. Tampouco vos fallarán estudios críticos. Fuxide de eles. E pensai sinceiramente, pola vosa conta, sobor de Werther,(...)"[2]

Tales manifestacións do intelectual ourensán, aquí por nós recortadas, esixiríannos certas precisións se non fose porque nestas letras nosas o que perseguimos, principalmente, é insinuar, só insinuar, a necesidade de recorrer á *ceibeza de espírito*, fuxindo de toda xeométrica preconcepción, para tentar enxergar a proposta que Otero nos presenta na súa obra, na que, como é ben sabido, as suxerencias connotativas e elípticas, un celme lírico, choutan como faíscas. Reparemos nestes fragmentos, entresacados de *Morte e resurrección*:

"Chámanse homes da cultura moitos que perderon pra sempre a primeira condición da cultura: a novedade do esprito, a mocedade da sensación, a franqueza da intelixencia, a leda forza da vontade."[3]

"(...) e non decimos culto por pechar ista palabra non sabemos qué de rematado e marmóreo como un sepulcro anguloso e académico."[4]

"Teñen e son donos dunha Razón, da pretendida Razón universal. E sendo tan intelixentes, camiñan sempre pola mesma estrada que dá voltas ao mundo facéndoo máis pequeno, descoñecendo a íntima e variada vitalidade das terras en honra dunha xeométrica unidade."[5]

2 *Lembranza de Goethe,* Ed. *Nós,* Pubricacións Galegas e Imprenta, 1932
Citamos por *Obras Selectas,* p. 265
3. *Morte e resurrección,* Ourense, 1932
Citamos por *Obras Selectas,* p. 30
4. *Ibídem,* p. 31
5. *Ibídem,* p. 33



Trasalba, –tristeira e lucidía frolda ialba *(Bocarribeira).*

Por tanto, aínda sendo útiles os estudios críticos, as catalogacións, os sistemas da historia literaria..., non é abonda esa bagaxe, por máis que neses textos leamos, para dar entrado na obra do noso escritor; precisamos poñer algo da nosa parte; precisamos arrombar todo aquilo que anime a preguiza espiritual. E permítasenos que escribamos sobre a obra oteriana sen especificación de xéneros, clasificación que si sería necesaria nun estudio sometido ós requirimentos académicos, entendendo nós que nela, en toda a obra oteriana, alenta a mesma materia espiritual; alenta unha arela de coñecemento, de sabiduría, non suxeita a especialismo, a xénero ningún. As que seguen son palabras súas: "A materia espiritual, ao igual da materia cósmica, non sempre cristaíza en locentes e ordenados sistemas de soles e planetas."[6]

Nos tempos nos que nós decidiramos entrar na obra oteriana, fixerámolo atraídos non só pola capacidade meditativa en liberdade, en constante fluír, que aí se amosa; turrou de nós, igualmente, ese escintilar de fantasía presente en bastantes páxinas; fantasía que hoxe entendemos como creadora, vivificante, nin caprichosa nin gratuíta; fantasía que se concibe como parte constitutiva do que temos de humanos e que franquea o camiño ó *misterio*, ó enigma cósmico, ó alén-aparencial. No ano 1928, nun artigo aparecido na revista *Nós,* daba conta Otero da xentiña que tiña estragado o sentido do *misterio*: "O burgués impón o seu tipo na carballeira humán das vilas (...). Traballan con fins utilitarios os médicos, os inxenieiros, os negociantes, os escritores. Todos levan fartura material que asulaga os ollos en lixos noxentos. Enchen as eirexas e os locales das conferencias con un ser confiado que dá medo. As inquietúdes paran na primeira cortiza sensitiva da alma."[7]

A nós parécenos que o escritor ourensán acae con aqueles que defenden que o comunmente coñecido como *realidade* debe ir referido tanto ó que se adoita entender por *obxectivo* como, tamén, ó que entendemos por *subxectivo*; non hai dous mundos, o da *realidade*, e o da *imaxinación*. As construccións da imaxinación, oníricas, fantásticas, son parte da realidade; esta, a realidade, non pode ser reducida ó empiricamente dado. Daquela, a nosa comprensión do mundo debe integrar o *poético* (imaxinario) como parte constitutiva do *real*. A propósito do panteísmo no pobo celta, anota: "Fálase moito do sentimento da natureza nos Celtas e do seu panteísmo =(...)=. Toda a sua loita é amor co mundo moi distante do Spínozismo científico ou vulgar. Pola Saudade liberan ao mundo das suas cadeas lóxicas e realizan o

6. *Romantismo, saudade, sentimento da terra e da raza en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal,* Ed. Nós, Santiago, 1931
Citamos por *Obras Selectas*, p. 181
7. Art. "Un ensaio encol do tempo de hoxe", rev. *Nós*, núm. 57, 1928
Citamos por *Obras Selectas*, p. 25



Renxe a saa co meu andar *(Bocarribeira).*

miragre de vivir no fío esencial do decorrer do espri-to, en chea soberanía pola Liberdade."[8]

O empiricamente dado non é a totalidade do real. *O mito* é tan real como a *historia;* e, quizais, sexa nesta liña de pensamento como debera ser entendida esta declaración que el fai en relación ó cine galego: "Una vez hice un guión de película y extrañó que llevara una nave, no sé si la de Amadís, por la Rúa del Villar. Todo aquello está olvidado. Pero conste que si no se aceptan la nave y otras muchas naves, ni hay Rúa de Villar ni Santiago. Y sí sólo unas filas de tiendas y una grande ruina clasificada."[9]

Que, agora, cada un dos habituais lectores de Otero permita que do *vivente fondo da memoria* afloren improvisadas asociacións. Da memoria nosa vemos xurdir a Shelley; aboia el nas augas do Ligúrico, no peto un volume de Keats, o irlandés, o mar bota fóra o corpo, Ariel, a chalupa, foi a pique, houbo tempo-ral. Airiños do mar, lume salgado e area; incineran os restos de Shelley.

Invernía; galopada de facos bravos, penedos e cheiro de musgos; follas murchas, auga encorada. Ermo, mis-terio da luz, ouvear do lobo, ermo.

Luz; salón etiqueteiro á maneira do XIX, o quinqué de petrolio, un nómada a camiñar: romántico na aldea; a misia: unha rosiña murcha; gatos enforcados no salón maorazgo; fóra, *os zocos dos mortos trepan na Ponte dos Frades*, un Formigueiro no muíño, vento, vento, e *batéu na porta(...)salfríu a cinza do lar*, vento. O salón maorazgo, un frac azul, o pistoletazo de Werther, a lus facía carantoñadas na parede, témeros vultos galgantes, áas de noitébrega, gargalladas ecoan-tes nos mouros pasadizos; un ecoar de pasos de fidal-go. Hoffmann e Zacharias Werner, e Poe. Goethe, nos Alpes, co seu martelo de xeólogo interroga á simbóli-ca das rochas. Chateaubriand leva un dolmen na alma. Penedos ovoideos, cupulares, penedos, vento do Atlántico, galga o mar cara ós cons; solpor. Un escolio latino na *Ode to the West Wind*.

En fin, non esquezamos estas liñas entresacadas de *Notas encol da paisaxe romántica*: "Pra facer as notas seguintes teiméi un procedimento sinxelo: imaxinarme que teño dezasete ou dezaoito anos, e esquecendo toda a estratificación de comentarios e relacións que se teñen doctamente acugulado sobre dos grandes románticos, entrar nas súas páxi-nas co aquil novo corazón para facer nun cuaderno de clase unhas notas espalladas para o meu uso par-ticular."[10]

Tamén fomos entrando nós na obra de Otero por simpatizarmos co seu gosto pola escrita biográfica e autobiográfica; por descubrirmos nel unha espontá-nea sensibilidade para sentir o decorrer das vidas no río da Vida: "Vidas...Doña Antolina, a do Ribeiro, (...) sempre decindo ¡ *Xesús, Xesús!* =(...)=. O señor Lindras, o *dacolá*, (...)"[11].

As follas de *Memorias de Alén-Cova*, de Chateaubriand, deberon quedar, unha a unha, apegadas ó seu corazón: "De aquela eu collía calquera dos volumes das *Memorias de Ultratumba* (...). Aínda gardo os tomos usados

8. Art. "Occitania e Atlántida", rev. *Nós*, núm. 128-129, 1934
Citamos por *Obras Selectas*, p. 288
9. Art. "Respondiendo a unas preguntas sobre el Cine y sobre un posible Cine gallego", rev. *Vida Gallega*, xaneiro de 1958
Citamos por Claudio Rodríguez Fer, *Acometida Atlántica*, Ediciós do Castro, 1996, p. 267
10. Art. "Notas encol da paisaxe romántica", xa cit. en nota 1
Citamos por *Obras Selectas*, p. 247
11. Art. "Vidas", xornal La Noche, 7-VIII - 1946
Citamos por Carlos Casares, *Otero Pedrayo. Vida e obra. Escolma de textos*, Publicacións da RAG, A Coruña, 1988, p. 34



e quixera porlle unha encuadernación de madeira, frescas táboas de carballo nas que co tempo puxera o verme o seu comentario. O primeiro tomo era meu compañeiro. Sabía capítulos enteiros de memoria (...)"[12]. Outro dos libros queridos debeu ser *Memorias de nenez e mocidade*, de Tolstoi. Biografismo e autobiografismo tinxen a obra toda de Otero. Sabe o escritor que *cada home leva ó seu redor unha atmósfera*[13], e dá coa de Marcelo Macías, Juan Manuel Bedoya, Varela de Montes, Feijoo, Florentino Cuevillas; ten el a sensibilidade do catador de almas. Desentupe os ollos do corgo das lembranzas e, sen retórica, das augas do seu corazón sae *O libro dos amigos*. Nós temos preferencia pola novela *Adolescencia* e por *Historia dun neno*; acáenos máis o que estea impregnado de intimismo autobiográfico: "(...)o neno era levado a visitar a casa de señoras vellas, moi alfaiatadas e abrigadas (...). Unha levaba un broche (...) en feitura de lagarto verde que era o medo e o entusiasmo do neno"[14]. "Viñan á casa señores de levita e grandes barbas (...). Algúns daban medo. Como un vello coronel tolo (...)"[15].

Logo, o libro *Pelerinaxes* fora tamén para nós toda unha descuberta: A vida tomada nun intre dun *proceso*, tomada como esquema dunha *forma* que, a través da memoria, da lembranza, amosa o *proceso* ata ese intre levado. A vida captada en sucesivas impresións que non somos quen de ir organizando porque no camiñar todas se suceden ininterrumpidamente — "os camiñantes non teñen vagar pra estilar e ordear as impresós"[16].

A conciencia de que a verdadeira realidade só se nos abre cando nos introducimos no decurso dos acontecementos: "Nos libros o sistema que mais ou menos aparente leva o autor na cabeza, xía o desenrolo múltiple das cousas que teñen vida."[17].

Escribía Otero, no apartado "Filosofía do camiño" de tal libro:

> "Camiñando gosta lembrar e trazar esquemas. Pénsase d un xeito particolar. Un dinamismo que non ven somentes –isto sería demasiado apegado â realidade– do feito de andar sinón da sucesiva renacencia dos hourizontes (...). Figura natural que camiñando as ideas adequiran unha tendenza heraclitana ou bergsoniana. Unha tendenza non unha forma porque camiñando non se chega endexamais â forma sinon a un esquema istantáneo de forma. Sempre se pensa *in potentia.* E cando se pensa a forma é xa o viaxe rematado, morto: exempro istas páxinas onde se quer gardar un pouco do movimento que era a razón do noso vivir ô largo dos días do camiño. Sentir o decorrer, o devenir, o *elan*, os grados da perfeizón, etc., é propio das filosofías ceibes, maxinativas, sentimentás. N elas a fixeza somentes representa un caso fuxitivo n un istante de tempo. Camiñando rexurden todol-os momentos hourizontes novos (...). N hai un paisaxe feito definitivo e formado.

Recanto da saa de lectura.



12. Art. "Esparta en Chateaubriand e M. Barrés", Boletín da Universidade de Santiago de Compostela, núm. 17, 1933
Citamos por *Obras Selectas*, p. 271
13. Art. "A paixón da individualidade", rev. *Céltiga*, núm. 124, 1930
Citamos por Aurora Marco, *Ramón Otero Pedrayo, prosa miúda*, Ediciós do Castro, 1988, p. 210
14. *A historia de un neno*, Edita: Patronato Ramón Otero Pedrayo, Trasalba (Orense), 1979, p. 14
15. *Ibídem*, p. 1
16. *Pelerinaxes*, Ed. Nós / Pubricacións Galegas e Imprenta, A Cruña, 1929
Citamos por *Pelerinaxes I*, Ediciós do Castro, 1993, p. 107
17. *Ibídem*, p. 135



Cada ún compónse d elementos dos anteriores e dos que veñen despoixa combinados un istante apenas n unha forma deseguida desfeita, gardada na lembranza como un esquema de seísmo iniciado."[18]

Pelerinaxes levounos do individual ó gregario, da historia persoal, biografía e autobiografía, á historia colectiva; botounos ó camiño que da alma celta vai dar á romántica e segue a discorrer despois, agochado, por baixo da *historia aparencial nos pobos da grande familia atlántica*[19].

Houbo un pobo que soñou a auga ceibe; deu en camiñar. Foi anguriosa pelerinaxe, durante séculos, á busca do ideal: "ben sabían para onde camiñaban os celtas"[20]; "procuraban as beiras, nas que se fan patentes os desposorios da rocha antiga, primixenia, carregada do primeiro e elemental ensoño coa outra orixinalidade do mar. E foron poboadas a Bretaña e a Irlanda, a Escocia e a Galicia"[21]. Pelerinaxe á busca da rocha e da auga: da inmortalidade e da idea, do tempo orixinario. En *Morte e resurrección* anota Otero: "As razas celtas aman a morte como outra vida, quizáis como a exaltación suprema da vida. Non son capaces de establecer marcos entre a vida e a morte. Os difuntos séntanse no fogar, acuden ás chamadas, aconsellan,(...). O cemiterio ou a lembranza dos mortos non é, nelas, obxeto ou tema de repulsión. A vida, sin quebrar o seu fío esencial, mergúllase no mar da morte e nel, como corrente espiritual, conserva a súa individualidade, (...). Fan a súa cultura baixo o signo da lembranza e traballan a terra para a inmortalidade. Fuxen do terrón mol das veigas para esculcaren a esgrevia resistencia das rochas duras. E diste xeito proiectan un sentimento de inmortalidade na paisaxe (...)"[22].

Movemento incesante, sen lindeiros entre vida e morte, e á busca da inmortalidade, do alén-aparencial, na pedra. No discurso oteriano, a pedra, tomada como materia simbólica, achéganos ó *misterio*, á *transcendencia*, á *orixe*, ó enigma cósmico, á vivencia dun *tempo planetario*, ós horizontes do alén-mundo:

"A pedra (...) ten (...) a gracia e sutil presencia dun decorrer máis sosegado e extraño que o decorrer da vida, pro ao mesmo tempo mellor achegado ao fío enigmático do cósmico devir na man de Deus."[23]

"Pedra enxamáis ben despertada do sono abisal, fora do tempo, raíña do senso de non ter que mostrar os seus arquivos. Na forra dunha muradella, no seixo lucente (...), nos balumes de Pena Corneira, (...), é sempre a mesma feitura. Semella pechar no seu xiado corazón un orgullo de fogo orixinario."[24]

"Chegará un tempo no que a rocha seña para nós moito máis significativa do que o verdecer das aveas nas viñas, ou aquil maino esfollarse dos soutos (...). Somos aínda pouco metafísicos dentro da física (...)"[25]

Non esquezamos que Otero entende que a paisaxe é a *faciana da natureza aparencial*[26], e, tampouco esquezamos que emprega el o termo *metafísica* co significado de dinamismo oculto; daquela, todo intento de transcendencia leva a desprazar o que el chama " a sistemática vulgar dos horizontes elementales da tona da natureza e

18. *Ibídem*, pp. 163-164
19. *Romantismo, saudade*, (...), xa cit. en nota 6
Citamos por *Obras Selectas*, p. 189
20. *Morte e resurrección*, xa cit. en nota 3
Citamos por *Obras Selectas*, p. 35
21. *Ibídem*, p. 36
22. *Ibídem*, p. 31
23. *Ibídem*, pp. 36-37
24. "Ensaio sobor da paisaxe galega", en *Cultura e paisaxe*, Ed. Galaxia, 1955
Citamos por *Obras Selectas*, p. 67
25. *Morte e resurrección*, xa cit. en nota 3
Citamos por *Obras Selectas*, p. 27
26. Art." Esparta en Chateaubriand e Barrés", xa cit. en nota 12
Citamos por *Obras Selectas*, p. 269



da tona do esprito"[27]; e engade: "os homes da cultura serán aqueles capaces de se ceibar da vulgaridade da superficie na interpretación do seu esprito e polo tanto na interpretación da natureza"[28]. E aínda precisa máis: "Pra moitos, inverno significa, en efecto, morte. Son os afeitos a non estimar máis vida que a vexetal, e a non disfrutar senón da tona da conciencia. Ista somentes pode refrexar a tona superficial do vivir misterioso da natureza, formando as dúas tonas unha esfera elemental, asento da psicoloxía do home medio(...). Mais por baixo da tona psicolóxica devandita afóndase deica profundidades infindas o esprito que poidéramos chamar metafísico. Paralelamente no home e na natureza."[29]

No centro do devir espiritual dos pobos de raigame celta aquece esa ansia de profundar nos mundos do alén-aparencia simbolizado pola pedra:

"Os pobos e as lendas celtas sentiron mellor
a beleza dos roquedos. A relixión das pedras
está niles ben inzada."[30]

"A sublimidade da terra occidental –sublimidade
quer decir nistas latitudes somentes ceibeza do
esprito– dimana da pedra."[31]

"Un feito de sentimento e de comprensión
indudable ponlle á raza galega
un berce de penedo."[32]

O cerne da nosa cultura tira, pois, o seu vigor da indeleble arela de fusión da terra coa vida do home, da proxección do humano na paisaxe, da imposibilidade de diferenciación entre cultura da terra e cultura do espírito; da persistente sensibilidade cósmica:

"A causa remanece no feito central da íntima (en fin de contas a soia verdadeira) historia de Galiza: a máis completa fusión posible da raza co chan (...). Estamos os galegos na Galiza tan fortemente dibuxados no planeta da humanidade como unha insua no mapa físico, unha insua emerxida e criada desde os primeiros tempos xeolóxicos."[33]

"Vaga e sempre presente sensibilidade cósmica (...) vive ás veces por debaixo da história aparencial nos pobos da grande familia atlántica, particularmente nos pobos de raza céltiga."[34]



O corredor da Casa Grande de Cima de Vila; alá, ó fondo, o portón: laio do portón, / salouco da cancela... / quen saíu cecais non volte / a entrar por ela *(Bocarribeira)*.

27. *Morte e resurrección*, xa cit. en nota 3
Citamos por *Obras Selectas*, p. 29
28. *Ibídem*
29. *Ibidem*
30. Art. "Notas encol da paisaxe romántica", xa cit. en nota 1. Citamos por *Obras Selectas*, p. 248
31. *Morte e resurección*, xa cit. en nota 3
Citamos por *Obras Selectas*, p. 36
32. *Ibídem*, p. 37
33. Art. "A terra prometida", rev. *A Nosa Terra*, núm. 25 9, 1-VI-1929
Citamos por Carlos Casares, *Ramón Otero Pedrayo. Vida e obra. Escolma de textos*, xa cit. en nota 11, p. 31
34. *Romantismo, saudade*, (...), xa cit. en nota 6
Citamos por *Obras Selectas*, p. 189



"a arelanza de voltar ás orixes (...), no esprito dos labregos e mariñeiros durme un amor ao *cósmico e sinxelo* da montaña e do mar."[35]

Dá a sensación de que Otero quere apuntar que a nosa tradición cultural lévanos a unha maneira de entender o home, a vida do home, non só como historia sociolóxica –"por moito que nos pechemos na historia non debemos esquecer que nela xogan os homes á eternidade"[36]– senón como aventura cósmica, como unha experiencia vital inmersa no *todo*: O noso románico e barroco son unha maneira de acomodamento ás *formas* e *procesos* naturais –"un sentir as artes (...) como a acomodación por medio da intelixencia do *tempo planetario* e *vital* cos seus *procesos* aos *ritmos* do *tempo histórico*"[37]–. O Romanticismo, como o Celtismo, é un triunfo *dos valores do movimento sobre os valores da estabilidade*[38]; Goethe vía na Natureza un conxunto de símbolos,"estudiaba e sentía as formas como símbolos decorrentes sentindo tras delas latexar unha especie de alma do Mundo, un Eros cosmogónico"[39]; o *faustismo* é unha *tensión cara ao infindo*[40], unha *arelanza do infindo*[41]. Pondal, Cabanillas, Noriega, son poetas cósmicos. Pondal, *poeta de lonxanías*[42], *branca ave mariña nas néboas*[43] non pode ser entendido sen apelarmos a este sentido cósmico de que vimos escribindo –"Quizais quen mellor sentíu a poesía cósmica do ermo outonizo e a forza étnica da raza atlántica da veiramar, foi o noso Pondal"[44]–. Entrar na obra de Rosalía é como entrar, ao empardecer, no xardín abandonado dun pazo; xardín entendido como ámbito de intimidade, de recollemento, mais non como xardín prisioneiro, fechado; entendido á maneira que dicta a nosa tradición cultural; espacio aberto á paisaxe onde é posible o despreguizarse da sensibilidade cósmica –"Noso xardín precisa, fai intelixibre o argumento *in potentia* da paisaxe. Como ela ten sucalcos e corredoiras,(...)"[45]–; non é o xardín urbano, artificioso, narcisista que como *topos* literario é por outros recreado. O xardín rosaliano *vive e sufre na campía*[46]; nel, a auga discorre en liberdade e vai dar ós lameiros e milleirais pois que o xardín galego non pode facer da auga" un.persoaxe central mimado como o xardín hespañol mudéxar do sul, xardín de oasis no que todo é ornamento pra os xogos dunha iauga femenina i escrava."[47]; quere estenderse cara ós horizontes, fraternizar con carballeiras e soutos e sentir a presencia dos finados –"As raíces do xardín afondan con lediza no chan mesmo e nil mixtúranse coas raíces da carballeira e do souto.A ilusión baixo o penitente alcipreste tomóu terra no mesmo leito no que dormen os petrucios e os nenos da aldea."[48]–; e, nel, as pedras labradas da solaina proclaman o *tempo planetario*:"Os granitos barrocos da soláina (...) cobertos de orcelos soñan, quizáis, na sua nudeza, co tempo xeolóxico en que eran pensatiles e ergueitos penedos na liberdade do coto."[49]–.

35. "Ensaio sobor da paisaxe galega", xa cit. en nota 24
Citamos por *Obras Selectas*, p. 107
36. *Morte e resurrección*, xa cit. en nota 3
Citamos por *Obras Selectas*, p. 40
37. *Ibídem*, p. 77
38. *Romantismo, saudade*, (...), xa cit. en nota 6
Citamos por *Obras Selectas*, p. 183
39. *Lembranza de Goethe*, xa cit. en nota 2
Citamos por *Obras Selectas*, p. 260
40. *Ibídem*, p. 266
41. *Ibídem*, p. 267
42. Art. "Marxinalia aos Queixumes", rev. *Nós*, núm. 134, 1935
Citamos por *Obras Selectas*, p. 235
43. Art. "O celtismo de Chateaubriand", rev. *Grial*, núm. 4, 1952
Citamos por *Obras Selectas*, p. 318
44. Art. "Notas encol da paisaxe romántica", xa cit. en nota 1
Citamos por *Obras Selectas*, p. 250
45. Art. "O xardín galego", xornal *El Pueblo Gallego*, 3-VI-1930
Citamos por Aurora Marco, *Ramón Otero Pedrayo, prosa miúda*, xa cit. en nota 13, p. 51
46. *Romantismo, saudade*, (...), xa cit. en nota 6
Citamos por *Obras Selectas*, p. 215
47. Art. "O xardín galego", xornal *El Pueblo Gallego*, xa cit. en nota 45
Citamos por Aurora Marco, *Ramón Otero Pedrayo, prosa miúda*, p. 51
48. *Romantismo, saudade*, (...), xa cit. en nota 6
Citamos por *Obras Selectas*, p. 215
49. *Ibídem*, p. 214



Agora, o afán de infinitude que discorre polos regos da nosa cultura non afoga a capacidade para sentir o *devalar* das cousas sinxelas, humildes; ó contrario, ela agudiza a sensibilidade para percibir a transcendencia de todo o miudiño. Aínda máis,recorre Otero a Duns Scoto e a William Occam para nos recordar a particularidade irrepetible de todo o creado –"Cada acto divino de creación crea algo particular, único, incomparable."[50]–; cita ós nominalistas para remarcar a necesidade do non uniforme –"Para os nominalistas a fermosa armonía do mundo remanece da sua intensa e necesaria variedade."[51]–; e, recórdanos que o Romanticismo nace *baixo o signo da individualidade*[52]. Para Otero, proclive ó pensamento metafórico, as nosas vidas, as nosas intransferibles peripecias vitais, plenas de transcendencia, son coma fugaces escumiñas formadas na fluente auga do grande regueiro por onde todo vai –"Vidas. Espumas boligadoras do regueiro. Vidas..."[53]–. Están elas, as nosas vidas, conformadas por feitos miudiños, e a Historia, a historia colectiva, tamén se compón de feitos miudiños:"A historia componse de feitos miudiños. ¿Qué importan os chamados grandes feitos? Son apenas caprichos de escritores ou políticos. =(...)= Na tea infinda e diaria do vivir técense todos os temas humáns."[54]–. Mais, por forza, na obra do intelectual ourensán hai tamén un reparar nas cousas pequenas da Natureza; escribe na novela *Adolescencia*:"La sugestión de las palabras de D. Eduardo Moreno y de los libros no despertaba, sin embargo en José Ramón el deseo y ambición del viaje propio de la mayoría de los adolescentes. Era otra cosa. Un amor casi romántico a las formas humildes en que la naturaleza se muestra como lenta prisionera del tiempo"[55]. E lemos en *Ensaio sobor da paisaxe galega*:"(...) pódese disfrutar de paisaxes á luz polarizada do microscopio petrográfico, (...)unha lastriña, unha folla de rocha ofrece fermosas composicións cromáticas de solpor, de fondas mariñas, de maxinadas paisaxes de outros mundos."[56]



O vento (...) salfríu a cinza do lar *(Bocarribeira).*

Quizais haxa quen dubide da pertinencia do título que puxemos a este escrito noso; nós defendémola, e confesamos que verbo de tal epígrafe quixeramos que este fose abondo suxestivo como *pra ficar na lembranza e na atención das rúas do esprito*[57]. Sabido é, por outra parte, que a pluma do noso escritor deita *solainas orceladas* aquí e acolá; xa, máis arriba, temos citado un fragmento de *Romantismo, saudade* (...), no que lemos: "Os granitos barrocos da soláina (...) cobertos de orcelos soñan, quizáis, na sua nudeza, co tempo xeolóxico en que eran pensatiles e ergueitos penedos na liberdade do coto."[58] Os asiduos da obra oteriana saberán ónde escolmar máis textos para engadir; botamos nós man agora dos seguintes:

"Polo outono do ano 1902, moi semellante a iste en
que escribo, descía eu neno un pouco grave de
máis para os meus anos
polo carreiriño da fonte (...). Reinaba no ar isa
trasparenza soave que segue ás primeiras cántigas

50. *Ibídem*, p. 184
51. *Ibídem*
52. *Ibídem*, p. 185
53. Art. "Vidas", xa cit. en nota 11
Citamos por Carlos Casares, *Ramón Otero Pedrayo. Vida e obra. Escolma de textos*, p. 35
54. *Morte e resurrección*, xa cit. en nota 3
Citamos por *Obras Selectas*, p. 43
55. *Adolescencia*, edición da Fundación Barrié de La Maza, A Coruña, 1988, p. 31
56. "Ensaio sobor da paisaxe galega" xa cit. en nota 24
Citamos por *Obras Selectas*, p. 61
57. *Morte e resurrección*, xa cit. en nota 3
Citamos por *Obras Selectas*, p. 27
58. Vid. nota 49



do chover sobre da terra (...). Rematábanse as vacacións. (...). Dentro de poucos días a casa había de resoar cos preparos da viaxe a Ourense. (...). Miña avoa diría adeus dende a solaina orcelada (...)"[59].

"El joven (...) explicó que las cátedras se habían suspendido a las diez y media. *Sólo tuvimos Historia Natural. El Profesor explicó las criptógamas. (...). Me acordé de los líquenes del balcón de nuestra casa de Vilaverde. (...). ¿ Te acuerdas que cuando era niño me prohibías estropearlos ?... Una vez me dijiste que eran bellos y antiguos como un blasón. /* Al padre le hizo gracia y le causó infinito contentamiento la gravedad con que José Ramón había dicho: cuando era niño.(...)"[60]

"O pazo de dona Xohana non era rico (...) mais en agarimo e feitura leda non lle gañaba ningún. (...). Solaina orcelada, salas de teito baixo, (...)"[61]

"(...) e o acariñar dos lumes estelares na solaina, que os ouricelos voltaban un texto ignoto de memorias de amores e orgulezas."[62]

"Nós amamos a Chateaubriand. Foi o primeiro autor lido por nós, de nenos e mozos, na solaina de pedras orceladas de Trasalba."[63]

Amais, os orcelos ou ouricelos, os liques, que aparecen en ben número de páxinas oterianas, sempre nelas se asocian coa idea de transcorrer do tempo, de vellice, melancolía, lembranza, ruínas:

"Parecía seguir el padre hablando en estilo de consejo (...) y cambiando de tono dijo: *He traído un regalo para ti. No son castañas del día de S. Martín, ni libros. Es un presente sencillo de los campos y del otoño.* Era una bolsa llena de musgos y líquenes arrancados a las viejas paredes ruinosas a los bordes de los caminos hundidos."[64]

"Logo baixamos â eirexa da Robra, (...) n ista adequire o cemiterio unha gran importanza. As pedras velliñas das facianas e muros non teñen outro ornamento qu a fina pel d orcelos que lle vestiron os invernos."[65]

"Decorreron moitas sazóns. Pódense contar nos circos da entraña do grande piñeiro que o vento derrubou este inverno. Pódense contar nas tampas novas do adral, e nos ouricelos que van cobrindo o argumento da pedra de armas. Mais a velliña non os conta."[66]

"Era o mesmo rapaz. Os moitos anos interpostos ficaban apegados como ouricelos na pedra da cidade."[67]

"No carballal da Santa Susana rolda (...) a outiva melanconía dos troncos orcelados."[68]

Á luz da teoría dos *tempos da paisaxe*, que Otero desenvolve en relación ás nocións de *proceso*, *forma* e *ritmo*, podemos tentar ponderar a especial carga significativa do sintagma *A solaina orcelada* que nós escollemos como título. Vexamos estes fragmentos de *Ensaio sobor da paisaxe galega* e *Encol da aldeia*:

59. "Eduardo Moreno López", en *O libro dos amigos*, Ed. Galaxia, 1997, p. 55
60. *Adolescencia*, xa cit. en nota 54, p. 8
61. "Dona Xohana e don Guindo", en *Contos do camiño e da rúa*, Ed. Galaxia, 1995, p. 220
62. "Castañeira", en *O espello na serán*, Ed. Galaxia, 1966, p. 191
63. Art. "O celtismo de Chateaubriand", rev. *Grial*, núm. 4, 1952
Citamos por *Obras Selectas*, p. 325
64. *Adolescencia*, xa cit. en nota 54, p. 17
65. *Pelerinaxes*, xa cit. en nota 16, p. 126
66. *Devalar*, Ed. Galaxia, 1992, p. 85
67. "O viño fidalgo", en *O espello na serán*, xa cit. en nota 62, p. 15
68. "Verbus, tropus, ratio", en *O espello na serán*, xa cit. en nota 62, p. 33



"Na paisaxe consideramos sempre, en calquer lugar, na campía ou na rúa (...), o decorrer (...) de tres tempos, apreixados en procesos e formas, según os seus ritmos.Os tres, teóricamente contidos no tempo cósmico do proceso abstracto e matemático, (...).A tales canles do devir e os seus procesos chamarémoslles *tempo planetario, tempo vital* e *tempo histórico*. (...). Considerando o val ullán no contacto do Sar (...) o tempo das formas dos montes, do medrar e trocárense dos areales e ribeiras combínase co da tona dos ouricelos dos penedos, do latexar da vida nos piñeirales (...), e co tempo das sementeiras, dos traballos dos agros (...), tempo histórico no mesmo senso e con diferente acento do coallado nas formas dos pobos, das eirexas, das torres... =(...)= En calquera rúa de Compostela (...) sentimos decorrer a historia (...) Dos outros tempos, o planetario manifféstase nas lousas, nas paredes, nas pedras traballadas con arte mais non ceibadas do seu tempo planetario; o vital, no refrexo do monte, na vexetación dos tellados, (...)"[69]

"Santiago nasce naturalmente no cerco montanoso
no qu adormece: vese o granito arrincado das
canteiras colocado en severas ordenaciós (...).
Santiago rise do sol, da lúa e da auga. Non-a teme: ó
contrario, ela continúa a obra dos arquiteitos e dos
escultores, decorándoa co-as preciosas coloraciós
dos musgos e liquens, dos orcelos e das parietarias.
Eiquí podémonos maxinar un comenzo d estética
do paisaxe e do arte e vida galegos,
a terra e a vida naturalmente fundidos."[70]

Francisco Fernández del Riego ten apuntado que a primeira lección de Otero na Universidade versara *sobre as ruínas como paisaxe xeográfica*[71]; e, en relación a ruínas e a Santiago non hai maneira de pasar por alto ó romántico compostelán Antonio Neira de Mosquera. ¿Que nos recordan as palabras que a seguir transcribimos das *Monografías de Santiago* do citado escritor santiagués ?: "¿Quién no contempla una vez al año las musgosas paredes de un palacio o de un templo que son las ruinas monumentales de una época ? Existe una armonía grande, elevada, majestuosa, sublime, entre la naturaleza y el arte."[72]

69. "Ensaio sobor da paisaxe galega", xa cit. en nota 24,
Citamos por *Obras Selectas*, pp. *75-76-77*
70. Art. "Encol da aldeia", rev. *Nós*, núm. 14, 1922, p. 1
71. Francisco Fernández del Riego, *O señor da casa grande de Cima de Vila*, Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, 1988, p.55
72. Antonio Neira de Mosquera, *Monografías de Santiago*, Imprenta da viúva de Compañel, 1850
Citamos pola edición de ARA SOLIS/ CONSORCIO DE SANTIAGO, 2000, p.69



Debuxo de Conde Corbal

MARCELINO AGÍS

Raxó, Pontevedra - 1963

Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), 1996. Doctor en Filosofía pola USC en 1992. Profesor visitante da Universidade de Perugia (Italia) e Profesor invitado nas Universidades de Berlín, Coimbra, Oporto e Lisboa, actualmente é Prof. Titular de Filosofía na Faculdade de Filosofía da USC. É autor de diversos libros: *Mircea Eliade. Una filosofía de lo sagrado,* 1991; *Del símbolo a la metáfora. Introducción a la filosofía hermenéutica de Paul Ricoeur,* 1995; *Historias da Filosofía* (Xerais, Vigo), 1997; *Crónica viva do pensamento galego* (Galaxia, Vigo) (en prensa), 2001; Así mesmo é coautor doutros títulos, ao tempo que editor e colaborador. Tamén ten publicado artigos científicos en revistas españolas e extranxeiras. Colabora na prensa diaria (O Correo Galego), coas series "Filosofías" e "Pensamento galego".



Otero Pedrayo, Pensador

Marcelino Agís Villaverde

I. Retrato de esguello

Ramón Otero Pedrayo era, para todos, don Ramón. O tratamento chegoulle non só por ser un dos máis vellos da súa xeración e ter unha vida longa senón pola lendaria néboa que converteu a súa figura nun mito. Un mito que naceu xa en vida del, alimentado polo seu estilo grave e retórico, polo aire señorial que o facía ser "o señor de Trasalba", o derradeiro "señorito de aldea", "unha pantasma do século XIX", aquel de quen todo o mundo coñecía unha anécdota e, en fin, o patriarca da cultura galega. Foi, ademais, unha referencia do galeguismo, tanto da Galicia interior como da exterior, sobre todo trala morte de Castelao no 1950.

Mais, como adoita acontecer, detrás do mito sempre se agacha un home que cómpre sacar á luz para coñecer as coordenadas dun pensamento que é herdeiro da época e das circunstancias que lle cadraron en sorte á persoa. Como todos os homes que deixan a súa pegada no tempo, dinos Carlos Baliñas, Otero naceu dúas veces: o 5 de marzo do ano 1988 para o Rexistro Civil e na década dos 20 para a historia[1]. E quixo o destino que no número 25 da ourensá rúa da Paz, onde pasou a súa nenez, tivese como veciño a Vicente Risco, con quen compartiría xogos infantís e anos despois ideais, proxectos culturais e andainas políticas, alomenos ata o ano 1936, cando a Guerra Civil fixo de Risco outro home ben distinto ó galeguista que botara a andar a Revista Nós.

1. BALIÑAS FERNÁNDEZ, C.: *Descubrindo a Otero Pedrayo*; Coordenadas, Santiago de Compostela, 1991, p. 29.





A Xeración Nós por Conde Corbal.

Coñece o mundo fidalgo e a Galicia do século XIX a través das historias que lle contan na casa seu pai e súa avoa, temática que levará ás páxinas da novela *Os camiños da vida*. Nela apreciamos unha radiografía da súa propia estirpe cando presenta a unha fidalguía rural que soubo adaptarse ós novos tempos, desempeñando profesións liberais na cidade, fronte a outra que esmorece ó permanecer ancorada no pasado.

Ingresa no Centro Provincial de Instrucción de Posío para cursar o bacharelato no ano 1898, cando España perde as súas derradeiras colonias e nace a conciencia dun "desastre" que marcaría o pensamento dunha xeración de intelectuais españois. Neste centro coñece a Florentino López Cuevillas, compañeiro infatigable de viaxe na andaina galeguista e o elemento que vai completar o dúo Otero-Risco para tornalo un terceto. É nos anos do instituto cando nacen en don Ramón as súas afeccións humanísticas, sobre todo pola influencia de dous profesores: don Marcelo Macías, catedrático de retórica e poética, tantas veces evocado por el; e don Eduardo Moreno López, catedrático de Xeografía e Historia, que organizaba excursións cos alumnos para transmitirlles unha xeografía humanista que recollería en herdanza Otero Pedrayo.

Na Universidade de Santiago, onde estudia Filosofía e Letras, todo era "vellote e poeirento", agás as clases de Literatura de Armando Cotarelo Valledor, quen logo sería primeiro director do Seminario de Estudos Galegos. Coa mesma falta de vida e dinamismo intelectual atopa a Universidade de Madrid, onde estudia por libre Filosofía e Letras e máis Dereito.

Soamente cando volve a Ourense, reencontrándose con Risco, Cuevillas e Primitivo R. Sanjurjo se produce o milagre que vai orientar toda a súa actividade intelectual e humanística: a descuberta da realidade galega. Está a nacer o mito don Ramón.

II. Un home de Nós

Tomando como referencia a teoría das xeracións de Ortega y Gasset poderiamos dicir que existe unha xeración cando se cumpren alomenos tres condicións: ser coetáneos; recibir da xeración precedente, así como do horizonte histórico, un feixe de influencias comúns; e, compartir un sistema de ideas, valores, sentimentos[2]. ¿Cúmprense estas tres condicións no caso da chamada Xeración Nós á que pertence Ramón Otero Pedrayo?



Para empezar todos eles son coetáneos por naceren arredor da década dos 80 do século XIX. En segundo lugar, reciben da xeración precedente a fervenza do nacionalismo que se xesta no ideal-romanticismo alemán e que estoupa logo da Primeira Guerra Mundial; e, en terceiro lugar, comparten un mesmo amor a Galicia, a súa cultura e a súa lingua, que agardan converter nunha lingua de cultura. Alén disto, como ten sinalado Carlos Baliñas, eles mesmos sentíanse un grupo xeracional[3]. De feito, o nome da revista Nós, aínda que dirixido a concienciar a todos os galegos de sermos "nós mesmos", quere ser tamén unha reivindicación do grupo que a facía. As "Primeiras verbas" que presentan a revista corroboran esta hipótese.

Non era un grupo de procedencia compacta: uns chegaban das Irmandades da Fala da Coruña e estaban vencellados con persoas de Compostela. O outro, ó que pertencía Otero, medrou ó arrimo da revista Nós que se facía dacabalo entre Ourense e Pontevedra. Pero todos acabaron colaborando na revista e, co tempo, xuntaríanse para botar a andar o Partido Galeguista no ano 1931.

Son homes desta xeración como Vicente Risco, Castelao ou Ramón Otero Pedrayo, os que elevan o pensamento galego, a través do ensaio intelectual ou da literatura, a niveis universais, rescatando a cultura autóctona de Galicia dun ruralismo e folclorismo que a convertía nunha cultura menor e pintoresca, un ideal que por fortuna callou e segue vivo.

O discurso nacionalista asumido polos membros desta xeración foi primeiro un estado afectivo, inscrito no sentimento ou na alma de xentes sensibilizadas pola súa terra, que de vagar foi traducíndose a conceptos de Dereito Político e exergándose con ideas máis universais que construíron os seus alicerces filosóficos. A este discurso Otero quixo darlle ademais un senso histórico-filosófico. Con este espírito escribe o *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, unha pescuda que ben poderiamos encadrar no ámbito dunha filosofía da historia de Galicia, alomenos atendendo á declaración de intencións que presenta na Introducción da devandita obra:



Vicente Risco visto por Conde Corbal.

"Procurámo-la vital realidade de Galicia. Cremos que, pensando honestamente, ninguén poderá dubidar da súa existencia. Non se trata nin da paisaxe nin da lingua, se ben elas significan moito. O xénero de existencia, a interpretación filosófica, o proceso creador dos poemas, a posición inicial en relación á vida, o matiz de relixiosidade, cousas elevadas, fundamentais, superiores, rasgos simples, insignificantes, de escaso simbolismo na apariencia, demostran a calquera espírito sensitivo e observador a orixinalidade galega"[4].

No plano filosófico foron os románticos e idealistas alemáns os que sentaron as bases dun pensamento nacio-

2. "Unha xeración non é unha manda de homes egrexios, nin simplemente unha masa: é coma un novo corpo social íntegro, coa súa minoría selecta e o seu xentío, que foi lanzada sobre o ámbito da existencia cunha traxectoria determinada" ORTEGA Y GASSET, J.: *El tema de nuestro tiempo*; en Obras Completas, Vol. III, Alianza Ed., Madrid 1987 (reimpr.), p. 147. En *¿Qué es filosofía?* vai engadir que en todo presente conviven tres xeracións: os mozos, os homes maduros e os vellos. Todos son contemporáneos pero só se coincide cos coetáneos: aqueles que son da mesma quenda e cos que se comparten opinións, sentimentos, e demais. Cf. ORTEGA Y GASSET, J.: *El tema de nuestro tiempo*; en Obras Completas, vol. VII, Alianza Ed., Madrid 1997 (2 reimpr.), p. 290.
3. Cf. BALIÑAS FERNÁNDEZ, C.: "A ideoloxía da Xeración Nós"; en Cuaderno de Estudios Gallegos, T. XLVII, Santiago de Compostela 2000, pp . 303-324.
4. OTERO PEDRAYO, R.: *Ensaio histórico sobre a cultura galega*; Ed. Galaxia, Vigo 1982, p. 16.



Florentino Cuevillas.

nalista, coa lingua de cada pobo como bandeira do seu espírito diferenciado, no plano histórico cómpre falar das reviravoltas que experimentou o mapa europeo logo da Paz de Versalles: xurdiron novas nacións e recoñeceuse institucionalmente o principio de autodeterminación das nacionalidades. Unha corrente de pensamento que chegou a España e suscitou sentimentos diferencialistas en Cataluña, no País Vasco e Galicia.

Otero Pedrayo, talmente como os seus compañeiros de xeración, tiña conciencia de que os seus ideais non se realizarían a curto prazo: eran poucos e as circunstancias adversas. Malia a todo sementaron, traballando arreo pola cultura galega sen agardar ningún pago ou vantaxe material. O seu altruísmo só lles reportaba o título honorífico, persoal e íntimo, de estaren entre os "bos e xenerosos". Os seus valores eran fundamentalmente morais: desinterese, xustiza, amizade, solidariedade. Eran raros pero tiñan conciencia do que representaban. Así o escribe Risco: "imos triunfar por sermos nós, por sermos galegos, e por ser o tempo e o mundo os que o piden".

Tamén lle debemos ós homes da xeración Nós, e moi especialmente a Ramón Otero Pedrayo, a consolidación da historia de Galicia e a reflexión sobre o seu sentido. O proceso de facer do noso pasado unha Historia comezou antes, na etapa provincialista e rexionalista con Vicetto, Murguía e compañía, pero foron os do grupo Nós os que estimaron a Historia como un saber fundamental, teorizando sobre o tema en ensaios nos que construíron unha Filosofía da Historia de Galicia, caso do citado *Ensaio histórico sobre a cultura galega* de Otero no que enxergaba a noso pasado co sentido universal da historia da cultura occidental. Quedaba desterrada a idea folclórica, populacheira e pintoresca de Galicia por outra moito máis elevada: a dun pobo cunha tradición nun sentido máis transcendente e prestixiado.

III. Os alicerces do galeguismo: Otero e Risco

As figuras de Ramón Otero Pedrayo e Vicente Martínez Risco están xunguidas case dende o seu nacemento por un feito casual ben coñecido: ámbolos dous naceron na mesma casa da rúa da Paz, no corazón do Ourense vello, con cinco anos de diferencia[5]. Esta circunstancia fixo que compartisen unha amizade trabada dende que era tan só dous gromos novos. Amizade que se mantivo na súa primeira mocidade cando ámbolos dous eran aínda refractarios á ideoloxía galeguista ¿Por que se produce a conversión dos dous nun determinado momento?

Tense defendido que o seu ingreso no galeguismo no ano 1917 hai que entendelo en función da amizade que traba con Antón Losada Diéguez, catedrático de Filosofía en Ourense e membro cualificado das Irmandades da Fala. No *Libro dos amigos* hai un frag-

5. Nun discurso de don Ramón, pronunciado ós postres dunha das multitudinarias homenaxes que a colectividade galega lle rendeu con motivo da súa viaxe a Bos Aires no ano 1959, refire o feito engadíndolle unhas pingas de humor: "Eu, queridos amigos, quixera contestar punto por punto a tantas manifestacións de agasallo e simpatía como fun obxecto aquí polo único mérito de ter nacido fai 71 anos e medio na rúa da Paz, chamada rúa dos Zapateiros noutra época. E como sempre fun tan fino, ata non quixen molestar e nacín nun sofá, que aínda se conserva. Nacín na mesma casa onde naceu Vicente Risco, meu mestre na galeguidade". OTERO PEDRAYO, R.: "Ramón Otero Pedrayo en América I"; Arquivo Sonoro de Galicia, Consello da Cultura Galega, Santiago 1993.



mento sobre Lousada Diéguez, datado no ano 1945, que confirmaría esta hipótese:"Con Lousada –escribe don Ramón– fixen a miña primeira campaña política i electoral, no ano 1913. Lousada cos mestres, xóvenes mestres do Galeguismo, figuróu na Asambleia de Lugo e dispóis na de Monforte. (...) Foron días e tempos de severo gozo nas mentes xóvenes. Os seus guieiros: Lousada, Porteiro, Peña Novo, Risco"[6].

Apuntouse, outras veces, que foi por mor da conxuntura política creada coa campaña para as eleccións de 1918, que trae a Galicia a Cambó, o líder da Lliga catalana. Otero tiña daquela 29 anos e unha cabeza ateigada de ciencia e confusión: aínda non decidira se o futuro eran as ciencias neosóficas e o orientalismo das que lle falaba o seu amigo e veciño Vicente Risco. O certo é que Otero, na compaña de Losada Diéguez, Risco e Arturo Noguerol desprázase á estación de Monforte de Lemos para recibir a Francesc Cambó e tres días despois, cando este chega a Ourense, xa pronuncian aqueles mozos discursos en galego.

Calquera destes argumentos, ou se se quere a suma de todos eles, cadran moi ben para explicar a mutación exterior da conducta dun home pero, ó meu ver, as razóns interiores non as desvelan, quizais porque estas razóns pertencen ó misterio que sempre vai coa persoa e son imposibles de sacar á luz. Sen embargo, teño para min que o xerme do pensamento tanto de Risco como de Otero está intimamente vencellado ó espírito do romanticismo. Fronte a fría razón dos ilustrados ou dos idealistas, nel atopamos a reivindicación do sentimento e mesmo a paixón. ¿Non nace de aí o ideario galeguista? A conexión entre lingua e carácter nacional, a defensa de que as estructuras distintivas de cada lingua condicionan a elaboración dun pensamento de seu realizada por Herder ou Humboldt ¿non é a base da súa teoría nacionalista? A crenza de que os insondables misterios que arrodean ó home dependen da xenialidade do seu espírito e poden ser desvelados dende unha comunicación conxenial co outro é tamén romántica.

Ámbolos dous definen ó nacionalismo coma a reacción vital dun pobo que loita para non ser destruído, que non quere morrer. Un movemento que nace nas elites intelectuais pero que debe espallarse a todos os



Risco e Castelao por Conde Corbal.

galegos, ás masas populares. Esto xustifica a misión da educación moral do pobo na cren, onde Deus e a fe relixiosa forman parte esencial da tradición cultural galega. Unha tradición que debe ser rehabilitada e continuada, crebando as forzas opresoras que limitan o seu desenvolvemento. Soamente os pobos que posúen o senso da súa tradición poden ser grandes. Un pobo que renuncia á tradición non ten dereito a existencia porque demostra a súa vontade de ser escravo doutro.

A carón da tradición está a cultura: creación e expresión xenuína da alma popular (o *Volkgeist* romántico). É función do nacionalismo espertar esta alma, decote adurmiñada, aínda que sexa en contra da masa. Un nacionalismo que no caso de Galicia ten que ser un galeguismo. Alén dos vínculos sociais, a fala é o trazo identificador da cultura e do espírito do pobo, responsable da creación dun pensamento propio e da idiosincrasia das xentes, talmente como defenderan os románticos.

Así naceu a militancia galeguista de Otero Pedrayo, que ía translucirse en todas as súas actividades: como catedrático de Xeografía e Historia; como escritor de centos de artigos, novelas e ensaios; como político fiel as directrices do Partido Galeguista, que el mesmo axuda a crear; como investigador primeiro e como Director durante os días

6. OTERO PEDRAYO, R.: *"Lousada Diéguez"*; en *Obras Selectas I. Parladoiro. Artículos*; Ed. Galaxia, Vigo 1973, p. 284.



revoltos do ano 1936 do Seminario de Estudos Galegos. En fin, como figura emblemática do galeguismo de posguerra, dende o retiro forzado no pazo de Trasalba, que abandona cando nos anos cincuenta, se incorpora á Universidade de Santiago de Compostela.

Don Ramón foi, ademais, colaborador dun novo proxecto que data destes anos e que vai garantir o relevo xeracional, un traballo que hoxe poderíamos chamar de resistencia cultural, protagonizado polo grupo de homes que bota andar os Cadernos Grial, primeiros froitos do que logo sería a editorial Galaxia, plataforma dende á que se canalizaron as angueiras galeguistas durante o franquismo. Otero Pedrayo foi o primeiro Presidente do Consello de Administración da nova editora, como xa o fora do Seminario de Estudos Galegos. O que buscaban os artífices do proxecto, Xaime Isla Couto, Ramón Piñeiro ou Fernández del Riego, entre outros, era contar co arroupo xeracional e coa autoridade moral de personalidades da xeración Nós, unha xeración anterior á guerra civil que tiña a moitos dos seus representantes exiliados e a outros condenados ó silencio, que é tamén unha forma de exilio interior. Estes dous feitos, a incorporación a Universidade compostelá como catedrático e a participación como referente da Xeración Nós no proxecto "Galaxia", van devolver a Ramón Otero Pedrayo ás actividades galeguistas e ó centro da vida cultural daqueles anos, converténdose nun símbolo vivo da cultura galega. Deste parecer é Fernández del Riego, quen opina sobre o asunto nun fragmento do seu libro consagrado a xeración Galaxia que paga a pena recoller na súa integridade.

"A incorporación de Otero Pedrayo a aventura cultural de Galaxia coincidiu coa súa incorporación como catedrático á Universidade de Santiago. Despois de catorce anos de isolamento na súa casa de Trasalba, a cátedra universitaria devolvíalle o contacto coa mocidade universitaria. Tamén, de xeito crecente, con tódalas tribunas de Galicia. Despois do tremendo xabreiro, ermo cultural daquel período, Otero Pedrayo converteuse rapidamente na máxima figura viva da cultura galega. Coa súa presencia, serena, harmoniosa, e coa súa palabra, oral e escrita, a idea e o sentimento de Galicia revivían no ambiente. Medraban con entusiasmo nos corazóns mozos, e con esperanza nos de tantos magoados pola adversidade dos tempos. Pasou a ser axiña, sen se decatar, un símbolo da Galicia verdadeira"[7].

Otero vai asumir a partir destes anos un labor de enlace entre ámbalas dúas xeracións, desenvolvendo unha importante actividade cultural na que hai que incluír varios viaxes á América. Como di Fernández del Riego era o símbolo vivo da cultura galega e non escatimou esforzos para facela presente nos máis diversos ámbitos.

IV. Filosofía da Historia: Otero e Cuevillas

Non foron os homes da Xeración Nós os primeiros en reparar na necesidade de afondar na historia de Galicia, dende as súas orixes máis remotas. Había precedentes. Pero foron eles os responsables de que esa nosa historia se tornase unha filosofía da cultura na que presentiron a feitura íntima da alma e o espírito de Galicia, os sinais de identidade dun pobo con personalidade de seu, debuxada xa nos vestixios pétreos da nosa prehistoria. Entre eles destacan unha triloxía de nomes vencellados a Ourense e a Nós: Florentino López Cuevillas (1886-1958), Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo.

Outro azar, semellante ó acontecido con Vicente Risco, fará que Otero teña por compañeiro de estudios no Centro Provincial de Instrucción do Posío a Cuevillas. Tanto Risco como Otero coinciden en sinalar que os estudios de Farmacia que realiza Cuevillas na universidade compostelá non atinaron coa súa auténtica vocación. O mesmo que lle acontecera, por certo, a Antón Villar Ponte. Pero Cuevillas nin sequera chegou a exercer de boticario. Quizais a influencia máis notoria dos seus estudios universitarios foi metodolóxica: conservou no seu labor como prehistoriador o espírito científico, rigoroso no tratamento dos datos e nos diagnósticos históricos. Na lembranza que Risco fai del, conta que mesmo fachendeaba da súa pouca fe nas menciñas aínda que moitos sabían que se Cuevillas puxera unha farmacia el só acabaría con elas en oito días.

7. FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *A Xeración Galaxia*; Ed. Galaxia, Vigo 1996, pp. 34-35.




Desbotado o oficio de boticario, Florentino descubriu na investigación histórica unha canle para desenvolver a súa verdadeira paixón: Galicia. En efecto, segundo Otero Pedrayo, o galeguismo non só serviu para descubrir vocacións desinteresadas e ergueitas, senón que salvou da rutina e da vulgaridade unha manchea de intelectuais que doutro xeito desaproveitarían o seu talento. Así se explica que para Cuevillas a historia de Galicia nunca fora un pretérito perfecto senón un presente continuo no que había que pescudar, facendo dos hachados máis antigos parte da nosa existencia presente e, xa que logo, parte de nós[8].

Alén das súas relacións científicas con prehistoriadores españois e europeos, está o enraizamento coa realidade concreta de Galicia, de onde nace a presentida filosofía da historia ou da cultura a través dos vestixios históricos. "É Galicia –escribe Cuevillas– un país que ten de seu fartura de caracteres distintivos que a individualizan e que son visibles dende moi antigo, probablemente dende que os primeiros seres humáns chegaron ós seus vales." Ós seus ollos, galeguistas e unha chisca románticos, Galicia xurde no amencer dos tempos e non morrera nunca porque non é unha creación dos homes senón dos tempos aurorais, callada no transcurso de milleiros de anos. O grande drama do noso país é que as súas xentes vivan de costas á historia, á tradición e mesmo a nosa xeografía; indiferentes a alma de Galicia, a lingua e ó conxunto da súa cultura.

Don Ramón coincide con Cuevillas na consideración de que a historia de Galicia vai indisolublemente enxergada á conciencia da nosa terra e da nosa cultura, de xeito que o pasado, mesmo o pasado máis remoto, non está morto porque contribúe á creación da conciencia de Galicia, unha conciencia que se fragua coas herdanzas recibidas da tradición dende as épocas históricas máis pretéritas. Así, cando lle toca escribir o Prólogo para o gran proxecto da *Historia de Galiza* dirixida por el e publicada en Bos Aires, afirma:

"Boa auguranza pra unha obra como ista, obra do amor e do saber, da amizade e da lembranza. Non moimento funerario, piadosamente ergueito e con arte e amor labourado pra pechar as cinzas benqueridas de séculos mortos. Sí fachón aceso nos antigos lumes. Aquil fogo primeiro da ara e do fogar contra as teebras e a morte mantido polos primeiros homes na i-alba da conciencia da Galiza non foi por ningunha friaxe morto nin por ningunha ingratitude esquencido"[9].



Otero Pedrayo comparte o entusiasmo historicista que nace no século XIX. A historia, segundo as concepcións decimonónicas que herda don Ramón, é importante porque coñecéndoa podemos ter por adiantado as claves do porvir[10]. Esto explicaría o interese pola historia non só no plano meramente historiográfico, de coñecer e poñer por escrito o acaecido, senón tamén filosófico, na medida en que todo o realizado polo homes no pasado, toda a tradición, é a principal achega para comprender o presente e desvelar as claves do futuro. "A historia –escribe don Ramón– sentida como presente e vital, non somente

8. Cf. OTERO PEDRAYO, R.: *Florentino L. Cuevillas*; Ed. Galaxia, Vigo 1980, p. 50.
9. OTERO PEDRAYO, R.: *"Prólogo"*; en *Historia de Galiza*; Ed. Nós, Buenos Aires, 1962, p. V.
10. Segundo escribe A. Comte no seu *Discours sur l'esprit positif*, fragmento de carácter historicista que inclúe Ortega na súa *Historia como sistema*: "On peut assurer aujourd'hui que la doctrine qui aura suffisamment expliqué l'ensemble du passé obtiendra inévitablement, par suite de cette seule épreuve, la présidence mentale de l'avenir". Cf. ORTEGA Y GASSET, J.: *Historia como sistema*; en Obras Completas, vol. VI, Alianza Ed., Madrid 1997 (2 reimpr.), p. 50.



axuda senón que é precisa para entrar na realidade do momento, deste momento de hoxe, do que adiviñamos para mañá (...). Nela latexa, como un pulso baixo a man do médico, a alma dos pobos. Hai que guiar esta alma obedecéndoa. Do contrario traballaríase en valeiro. Pois o pecado contra o espírito do pobo é un pecado mortal"[11]. Un historicismo, xa que logo, que hai que salferir no caso de Otero coas concepcións románticas que fan viaxar o espírito do pobo, a alma do pobo, da cabalo dunha historia concretada na tradición que vive na lingua e no pensamento dos homes.

V. Os Ensaios

Escribiu dous tipos de ensaio: de síntese e de ideas, nunca monografías eruditas ateigadas de notas a pé de páxina[12]. Dentro do primeiro grupo estaban as presentacións panorámicas que non buscaban aportar probas definitivas sobre os temas senón conxuntar unha chea de notas a medio camiño entre o coñecemento e o sentimento. Así na *Síntese xeográfica de Galicia* (1926), no *Ensaio histórico sobre a cultura galega* (1933) ou no ensaio póstumo *Galicia, unha cultura de occidente*, non tiñamos diante de nós a visión do mundo dun xeógrafo ou dun historiador profesional, senón a comuñón do home coa súa terra e co pasado que herdaba en forma de tradición. Humanizaba cada un destes temas científicos converténdoos en visións filosóficas que tiñan como escusa a xeografía, a historia, a cultura. Por eso, ninguén arrenegaba destes escritos cando atopaba algunha concesión apaixonada ó patriotismo: era galeguista ata ás entrañas.

Os ensaios de ideas eran froito das súas convicción. Libros nos que fuxía das argumentacións construídas dende a lóxica sobre temas abstractos e das regras oficiais. De novo o sentimento, o ambiente emocional, as vivencias estéticas, a fruición e unha vocación de estilo irrenunciable, mesturábanse nestes ensaios ata dar lugar a un xénero literario único. Así cómpre ler os seus ensaios sobre a paisaxe, sobre a aldea, sobre a identidade de Galicia.

Otero Pedrayo era un pensador máis de intuición que de concepto. A fría univocidade buscada polo racionalismo filosófico afastábao da súa ambición por captar a vida fóra dos libros, coa percepción cósmica do home galego que vive na aldea en comuñón coa terra. Tense sinalado que esta particular *Weltanschauung* débelle moito ó sistema filosófico de H. Bergson, na medida en que este pensador francés concedeu á intuición o lugar central no ámbito da teoría do coñecemento. O intuicionismo bergsoniano busca, talmente como quere Otero, aprehender o tempo realmente vivido, non o tempo homoxéneo que marcan o reloxos, senón a duración (*durée*) que é ese outro tempo íntimo e subxectivo do que dispoñen os homes para sentir máis ca medir a vida[13]. "¿Por qué non botar por diante esta afirmación do *bergsonismo* da alma e da paisaxe galega?", pregúntase o señor de Trasalba rendido diante do acerto da filosofía de Bergson para penetrar na psicoloxía galega. Para seguir dicindo que "igual que no arco sosegado do pensamento de Bergson luce o quieto e seguro esplendor da inteligencia sistemática e austera, científicamente, acarón da vaporosa luz da intuición, a psicoloxía galega, amosa, nos mestres e no pobo, a rexa metódica de pensar e a fuxida da saudade criadora"[14].

É mesmo polo seu rexeitamento do concepto fronte á intuición que cómpre relacionar o pensamento oterián ó sentimento. Un pensamento que permanece extramuros da filosofía académica e que reivindica o carácter aporético da realidade, a preeminencia das preguntas fronte ás respostas. Esta é outras das razón que levan a Otero a aludir o pensamento de Bergson como unha "filosofía ceibe": "sentir o decorrer, o devenir, o *'elan'*, os grados de perfección, etc., é propio das filosofías ceibes, imaxinativas, sentimentales. Nelas, a fixeza somentes representa un caso fuxidío nun istante do tempo"[15]. Para despois reivindicar o carácter inesgotable do pasado galego que, como as

11. OTERO PEDRAYO, R.: *"O sentido da historia"*; en *La República*, 28-VI-1930. Cit. por QUINTANA, X. R. e VALCÁRCEL, M.: *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*; Ir Indo Ed., Vigo 1988, p. 88.
12. Recollemos aquí a división establecida por BALIÑAS FERNÁNDEZ, C.: Voz "Otero Pedrayo, Ramón", Gran Enciclopedia Gallega, 1984, t. 23, pp. 152-161.
13. Cf. TARRIO VARELA, A.: *"Otero Pedrayo e a renovación da novela no século XX"*; en *Otero Pedrayo na Revista Nós 1920-1936* (Escolma); Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1988, pp. 27-28.
14. OTERO PEDRAYO, R.: *"Morte e resurección"*; en *Obras Selectas II. Ensaios*; Ed. Galaxia, Vigo 1983, p. 30.
15. OTERO PEDRAYO, R.: *"Filosofía do camiño"*; en *Obras Selectas I*, p. 149.



filosofía máis auténticas, afánanse en buscar preguntas alí onde outras claudican con solucións acomodaticias e tranquilizadoras para a conciencia.

"A nosa filosofía –se tivéramos vagar pra cavilar un pouco sistemáticamente– non sería peripatética. Hai moita diferencia de pasear nun xardín e voltar ao lugar de partida pechando unha elipse (...). Nosoutros, camiñantes, se leváramos unha intención filosófica chegaríamos ao final coa primeira interrogación multiplicada por outras moitas. Coido que é unha das razóns da vitalidade dunha filosofía gardar o frescor da alba das primeiras preguntas"[16].

VI. A relixión

O galeguismo que naceu a principios de século identifica o ser íntimo de Galicia coas formas relixiosas que levaba inscritas no seu ser. Alomenos o galeguismo tradicionalista de homes coma Losada Diéguez, Vicente Risco ou Otero Pedrayo. Pero tamén o de Alexandre Bóveda ou Castelao.

No que toca á figura de Otero non hai ningunha dúbida: o catolicismo era o elemento central do seu pensamento, por ser un dos factores esenciais da identidade de Galicia. Non se trata, xa que logo, dunha crenza pertencente ó recanto íntimo da persoa, irrelevante na configuración intelectual do Otero Pedrayo pensador. Tal como atinadamente sinalan Quintana e Valcárcel, "O catolicismo, en Otero Pedrayo, sitúase como elemento caracterizador básico da identidade do ser de Galicia e da tradición galega e europea; como factor clave na definición do galeguismo e, en xeral, como un dos riscos centrais do despertar das nacionalidades"[17].

Segundo deixou escrito don Ramón, "o home búscase no que ten de eterno". Esto é algo que se vai esquecendo a medida que a vida se torna máis urbana e perde os sinais de identidade da nosa cultura pois "o ser de Galicia, dende a lingua ata a arte e as formas máis sinxelas do vivir enxebre, nacen e desenvólvense enloitadas polo sentimento da inmortalidade". Un sentimento que recolle a relixión cristiá, simbolizada no Apóstolo Santiago que, sendo galileo, se fixo galego na Compostela universal que logo atraeu a toda a cristiandade. Nesta cidade fundiuse, coma en ningunha outra, galeguismo e cristianismo, converténdose na máis enxebre e na máis universal das vilas galegas.

Este elemento relixioso, característico do pensamento de Otero Pedrayo, vai ser tamén a clave da súa visión providencialista da historia, como teñen sinalado certeiramente Marcos Valcárcel e X. R. Quintana. A historia é a longa marcha cara a Deus, na agarda de chegar un día a Terra Prometida. Así, a experiencia histórica é un xeito de peregrinación colectiva, cos seus avances e coas súas recuadas[18].

Máis que as ideas da modernidade que arrepiaban a don Ramón, como o espírito abstracto da razón ilustrada, o mecanicismo positivista, o materialismo marxista ou a psicanálise de Freud, a el gustáballe albiscar no pensamento europeo a pegada dunha relixión que na nosa Terra se fixera galega, fundíndose coa alma do noso pobo, conformando a nosa visión do mundo e o noso ser.

Conclusión

Ramón Otero Pedrayo pertence a ese grupo de pensadores que sen ser filósofos de profesión enriqueceron o panorama do pensamento galego ó longo do século XX. Un século no que entrou en crise o xeito de filosofar que practicaron os seus pensadores. Os vellos e canónicos xéneros redaccionais que serviron durante miles de anos para expresar o pensamento máis elaborado dos homes e a linguaxe abstracta e conceptual preferida polos filósofos xerou na contemporaneidade unha certa canseira que levou ós pensadores a inventar novos xeitos de filosofar. Nuns casos apostando pola creación dunha nova linguaxe ateigada de elementos figurativos; noutros deixando que a arte, a literatura, o cine, fosen tamén canles para a expresión do pensamento humano. Se esto é así, pagaría a pena revisar a obra dunha chea de intelectuais que foron catalogados como literatos, historiadores ou escritores, sen máis. Entre eles a do noso Otero Pedrayo, considerado tradicionalmente un historiador, un escritor, un ensaísta, pero moi raramente un pensador.

16. Op. Cit. pp. 149-151.
17. QUINTANA, X. R. e VALCÁRCEL, M.: Op. Cit. p. 48.
18. Op. Cit. p. 52.



Apunte de Maside.

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ

Amoeiro, 1968

É licenciado en Xeografía e Historia coa especialidade de Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballou como documentalista histórico no Museo Etnolóxico de Ribadavia e exerce actualmente como profesor de Ensino Secundario no CPI de San Sadurniño (A Coruña). Ten organizado varias reunións científicas de ámbito internacional. Publicou os libros *Os intelectuais do agrarismo. Protesta agraria e reformismo social na Galicia rural* (Servicio de Publicacións da Univ. de Vigo, 1999) e *De América para a casa. Correspondencia familiar de emigrantes galegos en Brasil, Venezuela e Uruguai, 1916-1969* (Consello da Cultura Galega, 2000), e está a rematar a súa tese doutoral sobre "Movementos sociais, política local e emigración de retorno na Galicia rural: Ourense, 1880-1936".



A Fidalguía na Novela de Otero Pedrayo

Raúl Soutelo Vázquez

I.- A figura de Otero Pedrayo na Cultura Galega: vida, obra e pensamento

Don Ramón de Trasalba viviu durante a súa mocidade e madurez, a xeira de modernización das estructuras económicas e dos comportamentos sociais na Galicia anterior a incivil guerra que se encetou no verán de 1936. Moitas desas transformacións estiveron incentivadas pola actuación dos emigrantes retornados, das sociedades agrarias que protestaban contra dos foros e dos caciques, que empregaban os impostos de consumos e os pucheirazos electorais para manterse no poder municipal (Villares, 1982; Cabo Villaverde, 1998). Ante este mundo rural, que estaba a mudar rapidamente para adaptarse ás novas realidades dos mercados urbanos e do Estado liberal nos que a burguesía ocupaba os espacios de poder, o Grupo Nós ó que pertencía Otero, manifestou constantes saudades do solpor barroco dos morgados e prioiros, no que cada home sabía cal era o seu lugar debaixo do sol e lle gardaban o debido respecto ó señorito do pazo ou ó cura da parroquia. Pero Otero soubo ser un home comprometido co seu tempo, que participou activamente no movemento galeguista das Irmandades da Fala dende 1917, seguindo a Vicente Risco e a Antón Losada Dieguez[1], logo do impacto psicolóxico que lles causou a Revolución Soviética. Coa chegada da Segunda República, participou na formación do Partido Galeguista e foi elixido deputado por Ourense ás Cortes Constituíntes. Por este motivo as autoridades

1. Este foi o auténtico guía intelectual deste fato de 'fidalguiños' cunha cultura elitista, fondamente católica e tradicionalista, que lles fai ver que o mais avanzado e auténtico era buscar o autóctono e enxebre según o profesor Beramendi (1987: 57). Otero chegou a confesar que Losada Diéguez fora a quen primeiro lle escoitara "*que Galicia era unha idea, algo que estaba agardando tamén á voz que a guiara polo seu camiño*" (Freixanes, 1976: 23-24). É tamén coñecida aqueloutra ocasión na que os fidalgos de Boborás e Trasalba coincidiron no omnibus e Antón Losada o despediu en Santa Cruz de Arrabaldo decíndolle: "*¡Otero, tes trinta anos: ponte a facer algo!*".



Maqueta para busto de Otero Pedrayo. Xosé Cid.

franquistas suspendérono de emprego e soldo dende 1936 ate 1949[2]. Acadou a cátedra de Xeografía na Universidade de Santiago en 1950 e xubilouse oito anos despois, cando xa era o referente do Galeguismo, como patriarca arredor do cal facían as súas tertulias os homes de Galaxia durante a longa noite de pedra do franquismo. O seu pasamento produciuse o 10 de abril de 1976.

As características mais sobranceiras da monumental obra oteriana son o poligrafismo e o didactismo. Abrangue, ademais de incontables artigos na prensa, coetánea, a poesía (*Bocarribeira*), o teatro (*A lagarada, O desengano do prioiro* e *Rosalía* que é a súa obra póstuma), o ensaio (*Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega*) e a narrativa, que é o xénero literario no que deita a súa cosmovisión do pasado histórico e do futuro de Galicia. Pedrayo está considerado como o novelista máis fértil da literatura galega. A súa prosa literaria só adoita compararse coa de Blanco Amor. Aborda diferentes temáticas nas súas narracións, reflictindo o seu posicionamento de clase e a interpretación intelectual que facía D. Ramón da Historia de Galicia, e das fondas transformacións que estaban a mudar radicalmente aquel país de labregos que señorearan os seus antergos[3]. Neste intre histórico de grandes cambios, que mudaron a faciana daquela arcadia rural que os galeguistas do Grupo Nós idealizaron nas súas obras, D. Ramón de Trasalba procurou a fórmula coa que perpetuar a hexemonía social das dinastías fidalgas nas parroquias galegas. Pode ser que a súa confesa saudade dos tempos idos o levase a confundir os seus desexos cunha realidade que él, intimamente rexeitaba, pero resulta indubidable, que coas súas obras representou magníficamente ás xentes desta terra nunha época de frades, foros e fidalgos que xa fuxiu.

II.- O papel da fidalguía na Historia de Galicia: ss. XV-XX

A chamada 'doma e castración' da levantisca aristocracia galega polos Reis Católicos, forzou o absentismo da alta nobleza e fixo mais doada a consolidación dun sector de labradores abastados, pequenos nobles enriquecidos e cregos que fundaran morgados e viviron das rentas forais no cumio da pirámide social da Galicia Moderna. O foro era un contrato enfitéutico de longa duración que consistía na cesión do uso da terra á terceiros percibindo anualmente unha renta en especie (Fernández Casanova, 1991: 787). Aqueles recibiran esas terras en *foro* dos grandes mosteiros e señoríos nos ss. XIV e XV, pagándolles cativos foros e cedéndollas a súa vez, en *subforo* ós labregos que as traballaran, cobrando abultadas rentas coas que a fidalguía se enriqueceu ó longo

2. Desenvolvendo unha longa polémica na que triunfou a razón e a conciencia ética de D. Ramón que se negaba a ser reposto noutra cátedra que non fose a súa da cidade das Burgas.

3. Otero mergullouse neste xénero co relato curto titulado *Pantelas home libre* que se publicou en 1925 na colección Lar; logo apareceu *Escrito na néboa* (1927) como un borrador de *Arredor de si* (1930), novela de tese que presenta o proceso de aprendizaxe dun personaxe como trasunto da evolución ideolóxica do Grupo Ourensán. En 1934 publica *Fra Vernero* –a súa única novela ambientada fora de Galicia– e *A Romaría de Xelmírez* centrada nun dos seus personaxes predilectos. En *O Mesón dos Ermos* –aparecida en 1936 e que constitúe un tesouro lexical porque emprega a lingua rural para construír unha lingua literaria–, *Entre a vendima e a castañeira* e *O señorito da Reboraina* aparece sempre a figura do fidalgo inadaptado ós novos tempos, pero será en *Os Camiños da Vida* onde Otero elabora un tríptico sobre as formas de vida da fidalguía rural na Galicia decimonónica, unha época moi querida para él que gostaba de definirse a si mesmo como "*unha pantasma do século XIX*".



da Modernidade, converténdose nos señores da terra e das aldeas galegas ata comezos do século XX[4]. As súas relacións coa terra e cos outros grupos sociais fóronse complexizando durante eses catro séculos, pero poderíamos esquematizalas no seguinte cadro:

EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA FIDALGUÍA E DA PROPIEDADE DA TERRA EN GALICIA: O FORO

Período histórico	**Grupo social e relación coa terra a través do foro**		
	Dominio eminente: forista ou foratario	Dominio útil ou foreiro	Subforeiros: familias campesiñas que traballan directamente a terra e pagan rentas altas ós foreiros polo subforo
Baixa Idade Media: ss. XIV-XV	Mosteiros e alta nobleza	Campesiños enriquecidos na estabilidade da terra, subafo-ran e viven da renta en especie	
Modernidade: ss- XVI-XIX	Mosteiros e nobleza absentista	a fidalguía intermediaria acada en 1763 a perpetuación do foro pola Resolución de Carlos III.	Familias labregas
Crise do Antigo Réxime: formación do Estado liberal e privatización da propiedade no XIX	*Desamortizacións* dos bens en mans mortas: exclaustración do clero secular dos mosteiros e venta pública dos seus bens. Supresión do desmo e dos *morgados*.	A fidalguía convértese en *pro-pietaria* ó mercar as rentas forais que lle pagaba ós mosteiros, participa nas parti-das carlistas, adáptase ó sistema político liberal e á sociedade urbana de clases	Os campesiños seguen pagando as rentas forais e os novos trabucos do Estado liberal. Consolídase unha capa social de ricos labradores que practican a aparcería de gando e o préstamo con usura, competindo coa fidalguía pola hexemonía social nas parroquias rurais.
Crise agraria finisecular e *derrota do rentista*: 1880-1936:	As rentas forais en especie perden valor; os labregos boicoteanas e a fidalguía desaparece como grupo social.	As sociedades agrarias loitan a prol da redención e da abolición dos foros, contra o caciquismo local e para modernizar as pequenas explotacións familiares (introducción de máquinas e adubos, selección de razas). Os campesiños que emigran a América envían diñeiro, constrúen escolas e aportan novas ideas políticas para as sociedades agrarias.	

FONTE: elaboración propia a partir de Barreiro Fernández (1984) e Villares Paz (1982; 1985 e 1997).

O rei Carlos III resolvera transitoriamente a renovación dos foros en 1763, favorecendo os intereses dos intermediarios fidalgos e [teóricamente] dos campesiños, fronte ós mosteiros e nobles que arelaban, despoxalos das terras que viñan traballando secularmente para arrendarllas a precios mais altos. Xosé Ramón Barreiro (1984) interpreta esto como unha evidencia do papel hexemónico que representaba xa a fidalguía na Galicia do século XVIII. Controlaba a extracción da renta foral pero sobre todo, ás mentalidades campesiñas, ó tempo que monopolizaba moitas funcións públicas na burocracia laica e no clero secular. Explícase deste xeito, a adaptación dos patrimonios rendistas á nova estructura da propiedade privada

4. Este papel de *señores medianeiros* semella ser a causa principal que move ós historiadores a condenar á fidalguía e ó clero regular como os responsables históricos do atraso económico de Galicia. O argumento mais empregado é que este grupo social actuou durante trescentos anos como intermediario na extracción do excedente [teórico] das explotacións campesiñas a través do desmo e da renda foral, pero inmobilizou eses capitais na construcción de suntuosos pazos e mosteiros contribuíndo á descapitalización do agro que era o alicerce da economía galega sin emprender iniciativas comerciais ou industriais que permitisen o tránsito da economía rural campesiña ó capitalismo agrario a según fixeron os *hereu* cataláns ou os *midlemen* ingleses (Saavedra, 1992).

5. Otero entende no *Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega* (Ed. Galaxia, Vigo, 1982: 228) que coa desamortización o papel rector que desempe-



Apunte de Illa Couto.

imposta pola lexislación liberal, porque nas facendas dos señoríos da época predominaban os ingresos de orixe territorial polas terras que os labregos seguiron a traballar en réxime foral durante a crise do Antigo Réxime en Galicia. A desamortización de Mendizábal ,ó por en pública subasta os bens dos grandes mosteiros galegos, provocou unha doble transferencia da titularidade das rentas forais e de redencións que facilitou a consolidación dos patrimonios fidalgos e dos labradores mais abastados na primeira metade do s. XIX[5]. Os foros mantivéronse ata a promulgación da Lei de Redención (26-VI-1926) durante a dictadura de Primo de Rivera, para coutar a causa principal da conflictividade social provocada pola mobilización das sociedades agrarias que atacaban ó caciquismo local e se negaban a pagar as rentas, boicoteando ós perceptores das mesmas.[6]

Lois Domínguez estudiou as estratexias familiares dunhas familias fidalgas do Ribeiro dende mediados do XIX, comparándoas as veces, cos *camiños da vida*, que van percorrendo os Doncos e os Puga da novela río de Otero. Adáptanse con desigual fortuna estas familias, ás novas circunstancias políticas e sociais do mundo contemporáneo. Os vinculeiros fórmanse en Dereito, para defender as propiedades herdadas dos seus antergos, e ameazadas ahora pola lexislación liberal que xa desamortizara os mosteiros e suprimira os desmos e morgados. E os segundóns acceden ó alto funcionariado estatal como enxeñeiros, militares, procuradores, catedráticos, ou cirurxáns, de xeito que se aseguran a percepción dunha nova forma de renta fixa e distinción social (Domínguez Castro, 1995 e 1997). A consecuencia desto deuse a primeira fenda histórica no complexo bloque rendista. Os vinculeiros e o clero regular apoiaron masivamente ó bando carlista, empeñando a facenda e as vidas na organización das partidas realistas como os Doncos da novela. Os seus segundóns e as familias cunha formación intelectual máis ilustrada, optaron polo bando liberal, inseríndose paseniñamente na sociedade urbana de clases sen perder a identidade coa terra e coas xentes do país[7]. Este grupo constituía para os homes do Grupo Nós ourensán, a esperanza principal para o futuro do país, porque nel personificábanse as esencias galeguistas e o programa de actuación política que artellaran para o grupo social co que eles se identificaban.

ñaran os mosteiros na sociedade rural foi suplantado polos burgueses que mercaron terras e comezaron a vender ó fiado, perdendo de paso a fidalguía unha saída honrosa para os seus segundóns da fidalguía, porque "*ademais do clero, os fidalgos campesiños significaban entón a gran reserva tradicional de fartura e enerxía*" (Otero, 1992: 81). O clero seguiu tendo unha presencia importante na Galicia rural do XIX, só que ahora mudou a súa orixe social converténdose nun sumiso transmisor dos valores liberal burgueses, tal como rebela o contrate entre a figura do belixerante e rancio D. Xacobe de Castro que emprega as súas relacións coa fidalguía para mobilizalos en favor dos carlistas, co humilde e dócil abade novo que chega a Trasouto, como desertor do arado e fillo dun labrego.

6. Según Barreiro Fernández (1982) e Cabo Villaverde (1998), os campesiños estaban aliados nestas protestas agrarias, coas organizacións obreiras e guiabanos os emigrantes que retornaran de América e sobre todo, un fato de líderes populistas que procedían das clases medias urbanas e vilegas, que poderíamos identificar, mais ou menos coa figura oteriana do *castellano*, ou co *Porco de pé* de Risco.

7. É o caso de D. Xosé María de Puga que organiza a milicia local para salvagardar o orde na parroquia (Otero, 1992: 133-139) e de D. Antonio Soutelo, segundón da casa da Pedreira e liberal convencido que acada o grao de capitán loitando con Espartero na primeira guerra carlista e que rexeita a vida de boi pousón dos fidalgos rurais para facer carreira na nacente sociedade urbana e liberal da primeira metade do séc. XIX (Otero, 1992: 186).

8. O profesor Villares (1995: 85-86) entende que nas relacións entre fidalguía e Galeguismo (exemplificadas no achegamento de Antón Losada



III.- A fidalguía na novela de Otero Pedrayo

Os Camiños da Vida, *O Fidalgo* e *Arredor de Si* son as tres novelas nas que se reflicte a cosmovisión do pasado e do futuro de Galicia que tiña Don Ramón. A terceira é unha auténtica autobiografía da andaina intelectual do Grupo Nós ata que atoparon a súa misión na terra que os rodeaba, cando a fidalguía esmorecía xa como clase identificada coa posesión dos pazos e co cobro das rentas forais[8]. Nós centrarémonos en *Os Camiños da Vida*, novela que está situada nas décadas centrais do século XIX, unha etapa clave para entender as grandes transformacións coas que a fidalguía se esvaneceu como grupo diferenciado na Galicia rural[9]. É un auténtico tríptico no que Otero deita as claves do seu proxecto de futuro e de actuación política, para que os herdeiros galeguistas dos *señores da terra* e dos pazos recuperasen a función histórica de guías naturais da sociedade campesiña galega que tiveran os seus devanceiros. Como intelectual políticamente compromiso coa súa terra, Otero artella un programa de redención material e moral de Galicia, no que esas elites nacionalistas de estirpe fidalga debían asumir o liderazgo como minoría consciente que tiña a obriga histórica de abandeirar o movemento de recuperación da personalidade diferenciada de Galicia, porque a fidalguía constituía –xunto co campesiñado– a única clase autenticamente galega.[10]



Maqueta de Buciños

A imaxe oteriana dos hábitos da fidalguía chairega remítenos a individuos rudos, caracterizados pola escasa formación académica e polo comportamento despótico[11], conxugados coa valentía temeraria dun D. Xosé María de Puga, que loita a prol das liberdades liberais pero logo estraga a súa facenda nos brazos mercenarios da Bibiana da Burata (Otero, 1994: 171-178). Lembremos neste senso as protestas do crego ante o morgado de Trasouto pola educación antinatural que lle está dando súa dona Misia Xacinta ó herdeiro do vínculo[12]. Ela era compostelá, e tan consciente da necesidade de adaptarse á nova sociedade liberal coma o propio D. Xosé María cando defende a conveniencia de darlle unha educación urbana ós fillos[13]. O romanticismo dunha fidalguía que camiña fachendosa cara a súa traxedia refórzase coa

Dieguez, Vicente Risco e Otero Pedrayo ó proxecto nacionalista das Irmandades da Fala e na militancia no Partido Galeguista durante o quinquenio republicano), o elemento mais determinante foi precisamente a perda da súa condición de fidalgos que lles fornecía a saudade dos tempos idos.

9. A narración comeza coa loita dinástica que provocou a primeira guerra carlista e a Desamortización de Mendizábal (1837), primeira grande ofensiva liberal contra a sociedade estamental do Antigo Réxime e remata na Gloriosa Revolución de 1868 que derrubou ó réxime isabelino dándolle paso ó Sexenio revolucionario no que o ministro ourensán Paz Novoa promulgou a efímera Lei de redención de censos e foros coa que se encetaba un vieiro para a campesiñización da propiedade da terra en Galicia (Quintana e Valcárcel, 1988: 170).

10. Esto explica a visión negativa da modernidade e do proceso de industrialización que está percorre a narrativa oteriana e que agacha o medo de clase que sentían estes homes ante os ventos de revolución social que chegaban dende Rusia. O propio Vicente Risco advertía contra a ameaza que supuñan as novas ideas políticas traídas polos *americanos* retornados e sobre todo, a penetración do socialismo no movemento agrarista (Cabo Villaverde, 1988). Otero estaba persuadido, sen embargo, de que as alternativas de signo comunista ou colectivista serían rexeitadas pola súa incompatibilidade *"co carácter do noso chan e do conxunto do organismo vital de Galicia"* ("Economía e cultura", *El Pueblo Gallego*, 26-6-1936).

11. Raiano na irracionalidade no caso dun Don Xohan que ordena a desfeita das cubas cheas de viño nas adegas para que o seu fillo estea ledo (Otero, 1982: 10) e goza coa criada que acaba de amortallar ó seu pai finado (Otero, 1982: 13).

12. *"Coitado rapaz, nado herdeiro para escachar a testa estudando. ¿Vostede que estudou D. Caetano?. Cobrar as rentas e mandar na xente... para iso naceron"* (Otero, 1992: 88).

13. *"¿Por que non pasan os invernos en Sant-Iago?. Non lle falo de Ourense pois alí non poderían darlle educación ós fillos... O morgado ten a maior porción de capital e non se porán marcos nas terras; con todo, non lle estaría de mais un pouco de letras. Coidolle que xa non sabemos ser señores. Frente a xente da vila non sabemos falar. Os outros poderían ser crego un, e o outro avogado"* (Otero, 1992: 121).

14. Este liderato natural da fidalguía asumido e anceiado polos labregos está claro no caso de Dna. Ramona da Pedreira que *"para os paisanos era*



exaltación da súa dignidade superior presentado como un poder simbólico que recoñecen os labregos e ata os animais que se someten ós *señores da terra* (Otero, 1982: 20-21)[14]. E ten o contrapunto na xenerosidade do fidalgo á que está obrigado para honrar a memoria da súa estirpe, tendo sempre "*mesa farta, bodega franca, bolsa aberta*" (Otero, 1982: 15). Ou na dignidade exemplar que demostra ante a adversidade e na vida de disipación que levan os fidalgos montesíos, entregados ós engados do viño e da alcoba.[15]

Otero fai unha descripción case apocalíptica da transición ó réxime liberal, como unha xeira na que "*o furacán da revolución deitaba as ordenadas avenidas da disciplina social imposta polas monarquías vellas. Os claustros desertos, os libros de fóra libremente espallados, a monarquía de Isabel recoñecendo os gobernos fillos da Revolución*", e que rematou coa supresión legal dos morgados, que sentenciou a desfeita dos patrimonios fidalgos, repartidos ahora entre os varios herdeiros que se instalan nas cidades, como profesionais liberais ou altos funcionarios ó servicio do Estado liberal, e rematan desvencellándose do lugar de orixe para non verse obrigados a traballar directamente as súas terras como facían os labregos.[16]



Maqueta de Buciños

"*O señorío viña a menos. Algunhas castes de fidalgos antigos íanse reducindo á condición dos paisanos desque se partían os patrimonios e, separados, non daban de abondo para mantelos como cabaleiros. Camiñaban uns para procurar a vida. Os mais ficaban traballando os eidos... Pouquiño a pouco esquecían os hábitos do señorío; sentábanse nas feiras nas mesas dos paisanos... casábanse coas fillas dos caseiros antigos e nunha xeración tornábanse en labregos que turraban da aixada, metíanse na roza e decotaban os carballos coma se tal cousa. Algunhas casas fidalgas quedaban aquí e alí; os seus donos levaban un vivir cada día mais arredado, procurando gardar os costumes antigos. Visitábanse uns a outros e tiñan moita relación cos cregos...*" (Otero, 1992: 298-299).

a verdadeira sra. Ademais de imporse polo seu superior talento, era de nacencia a morgada, a dona. Tiña a franqueza do pai e por riba, un fino senso das cousas... Sabía ler na frente dos labregos" (Otero, 1992: 224). E mesmo o envilecido señorito de Casar das Tres que actúa como gancho para reclutar emigrantes con destino ás minas de Sudáfrica porque estaba "*arruinado pola vida de xogueta, só tiña un pazo onde entraban tódolos aires, e gabábase moito de que os ricos señores de Doncos foran da súa xente... era preguiceiro, bocarrota, manga ancha no moral, mais gardaba do antigo ser fidalgo unha virtude instintiva de non cativa valía social: a simpatía polo paisano. Sabíalle buscar as cóxegas do espírito e con el rían e por el eran homes para chegar ó cabo do mundo*" (Otero, 1992: 195-201).

15. O don Xohán de *O Fidalgo* que perde moedas de ouro coas que se poden ilustrar dous séculos da historia española (Otero, 1982: 13-14), a propia Misia Xacinta que adiviña nos seus fillos "*un montón de señorotes borrachos, comestos por mozas lagarteiras, brutas, incapaces de se presentar nunha xuntanza de homes de carreira*" (Otero, 1992: 122); D. Caetano que enceta a desfeita do patrimonio dos Doncos coa filla do Tutano e seu herdeiro que fai o propio coa Corda e pretende a Bertha para roubar as xoias da tenda do seu pai (Otero, 1992: 250 e 258-259); ou o Manueliño que chega ó cumio dese proceso de envilecimento da fidalguía, converténdose nun salteador de camiños que remata fuxindo para Portugal coa consiguinte deshonra para os seus maiores: "*Precisaba cartos. Teimaba meter o ferrado na tulla dos pais. ¿Non era o morgado?. Precisaba onzas para xogar nas feiras... desexaba farrear nas vilas e a forza de cartos levar a Xenara...*" (Otero, 1992: 149 e 153-154); e mesmo D. Xosé María de Puga que lle perdona o foro a Bibiana, dándolle outras leiras en parcería mentres a casa da Pedreira, esmorece ate o ponto de que súa filla Ramonciña se presenta na casa da amante e confesa o que xa todos saben: "*Meu pai, veño a que me dea algo de xantar. Na casa morro coa fame e co frío*" (Otero, 1992: 171-173 e 178).

16. O Estado liberal precisaba servidores para activar os seus resorte de poder e recaudación fiscal e para iso, ninguén mellor que os fillos dos fidalgos que señoreaban as parroquias do país e que dende mediados do século XIX, enchen as facultades de Dereito e Mediciña da Universidade. Este é o caso o fidalgo Don Xohán que procura unha nova renta fixa na sinecura dun emprego estatal e na débeda pública (Otero, 1982), e mesmo de Paio que se sente atraído polas letras igual cos homes do Grupo Ourensán mentres que a súa familia agarda que se forme en Dereito porque "*eles queren ter un avogado para que garde os dereitos da casa, os lindeiros das fincas e siga o movemento da pequena política*" (Otero, 1992: 264) e acaba estudando mediciña coma o pai de D. Ramón. E sente tamén a tentación urbana dos tempos novos, preñada de promesas políticas e persoais ó abeiro da filla dos Moscoso, aínda que remata sumindo o seu papel de protector natural dos labregos da parroquia e se ergue no medio da noite para ir a curalos.

17. Aquí reflíctese a idea de europeísmo céltico que tiña Otero e a imaxe de Irlanda que operaba como modelo a seguir para os galeguistas de ante-



Os pazos esmorecían nas mans dos encargados e caseiros. Foron mercados por xentes de fora (indianos retornados, tendeiros e tratantes de gando enriquecidos...), ou polos mesmos administradores de outrora como pasou coa casa dos López Pardo en Mandrás (S. Cristovo de Cea) e co priorato de Bóveda nas chairegas terras de Amoeiro. Otero denuncia e ridiculiza ós políticos liberais, tendeiros casteláns e comerciantes que chegaban ás aldeas polas estradas que borraban os vellos camiños e corredoiras do tempo dos frades e fidalgos. Aqueles rachaban a paisaxe para impor o dominio das relacións de mercado coas que os arrieiros casteláns e xamoneiros masidaos "*agora levarán os ovos, as pitas, as carnes, todo vai subir para que se manteñan as cidades*" (Otero, 1992: 297). Son os novos *porcos de pe* que exercen a usura, cunha total ausencia da comunión coa terra e do paternalismo cara ós labregos que tiñan a galano as rancias estirpes fidalgas (Otero, 1982: 26). Eles apropiáranse dos patrimonios dos envilecidos fillos das castes fidalgas e quedanse coas rentas forais. Arelan o prestixio social da propiedade agraria, pero tamén a explotación impía dos labregos, ós que lles embargan terras e enseres senon poden pagar a renta, ou lles mercan os xamóns aproveitando a súa necesidade de cartos para pagar os impostos do Estado ou para libraren ós fillo do servicio militar en África (Otero, 1992: 300-302). O contrapunto é a mitificación da ruralidade, loubada como característica definitoria do país que lle permite afirmar que na fidalguía e no campesiñado reside o cerne máis puro das esencias nacionais, porque entrambos constituían un modelo de sociedade igualitarista, democrática, fortemente cohesionada e socialmente integrada ó xeito tradicional. Unha Arcadia rural, na que o devalar dos séculos foi madurando un modelo autóctono de democracia agraria tradicional, baseada nunha economía autárquica precapitalista de pequenas explotacións agropecuarias familiares, complementadas cunha protoindustria doméstica perfectamente integrada no ciclo productivo agrario (Domínguez Castro, 1995 e 1997). Os intelectuais do Grupo Nós entenden que a elite nacionalista de estirpe fidalga, coa que eles se identifican, debe converterse nunha minoría consciente que volva ó agro para asumir a súa obriga histórica de abandeirar a redención material e moral de Galicia ó tempo que recuperan o paradiso perdido que estragaron os seus devanceiros.



Apunte de Seoane.

Cando D. Ramón de Trasalba nos narra a decadencia, paseniña pero inevitable, desta caste de señores da terra, remata convencéndonos de que aquela se debe, máis que a súa incapacidade para adaptarse ós cambios provocados polos avances do capitalismo,



á renuncia a súa xerarquía espiritual e cultural, a súa deserción como clase dirixente da Galicia rural, manifestada na adopción do modo de vida urbano en detrimento da terra e da aldea. X. R. Quintana e M. Valcárcel (1988: 72) demostraron que Otero chegou a obsesionarse co papel rector da fidalguía, ata o ponto de fabricarlle un futuro literario, no que se reflicte o que *debeu ser* e non o que *foi* a súa evolución real. E por iso, a carón desa fidalguía esmorecente que foi a *real*, aparecen outros fidalgos –o *ideal*– que coma o tío Adrián e o Paio, son conscientes da súa misión rexeneradora da casta e do país e que abrazan o galeguismo como proxecto de futuro. O vello Adrián simboliza ós rexionalistas e federalistas republicanos que loitaran a prol do recoñecemento nacional de Galicia dende o pronunciamento de Carral no 1846 e que cumple a súa función cando vai a Santiago para cederlle ó seu sobriño Paio o testemuño do compromiso histórico que tiña a fidalguía galega co futuro do país, tal como o entenderon e asumiron D. Ramón e os restantes membros do Grupo Nós:

"*Os fidalgos campesiños que deberan gardar nobremente unha maxistratura patriarcal, ou están embestados no xogo, no viño e nas mozas, ou soamente ollan en Madrid o final das súas aspiracións se pensan nun vivir superior. Cóntanse cos dedos da man os que sentimos a grande dor da nosa terra aldraxada... Ti riraste disto, é natural, e ate teimarás de ir a Madrid e non dirás a ninguén onde naciches... Eu tamén tiven culpa de abondo o aconsellándoche a carreira. Mais non coidei que te esqueceras ate tal termo do ideal do noso pobo, porque has de saber, meu fillo, que somos un pobo*" (Otero, 1992: 228-230).

Paio Soutelo personifica a ilusión do porvir como herdeiro da mellor tradición dos devanceiros dos pazos que une á nobreza do seu sangue, unha formación universitaria axeitada ós novos tempos e que, logo dunha viaxe iniciática por Europa na que coñece a loita nacionalista de Irlanda e os vencellos históricos entrambos pobos a través da amizade cos irmáns O Bryan[17], asume o seu rol social na aldea, converténdose por fin, no modelo de fidalgo socialmente útil que estes pretendían. Asume a xestión da casa[18], segue a estudar para doutorarse en Madrid e acadar unha cátedra en Santiago que lle permitisen recuperar o amor da filla dos Moscoso[19], ó tempo que aprende a coñecer ós paisanos e faise querer deles ate o punto que os vellos de Trasouto sentencian que "*vai ser o dono do país... ¿Que importan os señorotes lacazáns doutro tempo, que só servían para andar de farra, procurando os tocos das boas mozas?. Será un home se chega a domear ós lobos da política*" (Otero, 1992: 350). E Paio decátase de que "*non haberá outro remedio senón meterse na Política, inda que só sexa para defender ós paisanos*", protexendose de paso, das carraxes que outros lle tiñan por envexa do seu liderado na parroquia que fora o solar dos seus antergos e que agora confiaba tanto na súa dirección social como nos seus coidados médicos (Otero, 1992: 352-355).

Poderíamos concluir xa que logo, que a narrativa oteriana nos presenta primeiro, unha visión romántica do papel histórico da fidalguía galega que se envileceu ó longo do século XIX. Aqueles *señores da terra* de rancia estirpe fidalga desertaron da súa función de guía e salvagarda natural dos labregos fronte ás ameazas do mundo urbano e do Estado liberal (centralista e alonxado das esencias galegas por definición), e iso foi a causa derradeira do devalar fidalgo, da explotación campesiña e de tódolos males de Galicia. Pero Otero abre logo a fiestra da esperanza, que deposita na xeración de herdeiros dos pazos representada polo tío Adrián, un personaxe que anuncia ó Adrián Solovio de *Arredor de Si* e, sobre todo, no prometedor Paio, que é a personificación idealizada do grupo social co que se identificaban os homes do *cenáculo ourensán*. O propio Paio experimenta tamén, unha

guerra, ó tempo que a renuncia ó amor da moza irlandesa supón un exemplo de entrega á causa nacional.

18. Desempeñando o patrimonio e "*Deprendeu a coñecer as xestas e carballizos roubados nas touzas; fíxose cargo das demarcacións dos eidos, do xeito como se han de decotar as árbores... clasificou a documentación dos foros que doña Ramoniña clasificaba nun arcaz...*" (Otero, 1992: 275).

19. Na novela, unha familia fidalga instalada na Corte e con sólidas relacións no partido liberal que o tentaran co éxodo á cidade ofrecéndolle casamento cunha das súas fillas si entra na boa sociedade da época: "*Vostede herdará terras. Siga o meu consello: déixeas que para traballalas estanlle os labregos. Vde. en Madrid pode adicarse á profesión, facer boas amizades e cun pouquiño de política e periodismo, anúnciolle unha carreira farta*" (Otero, 1992: 326).

20. Semella que a figura de Paio Soutelo está inspirada na andaina vital do propio pai de D. Ramón, médico liberal que viviu na rúa Mazarelos cando



fonda angustia existencial pola súa inadaptación a un mundo que xa non era aquela arcadia rural que señorearan paternalmente os seus antergos[20]. Poderíamos aplicarlles, dende esta perspectiva, o proverbio de que tódolos homes que viven no pasado corren o risco de perder o presente. Pero tampouco debemos esquecer que Don Ramón e os seus compañeiros do *Cenáculo Ourensán* fixeron súa a afirmación que G. di Lampedusa (1991: 66) pon nos beizos do noble Tancredi cando lle explicaba ó seu tío por que se enrolara cos revolucionarios mazzinianos:"*Si allí no estamos también nosotros, ésos te endilgan la República. Si queremos que todo siga como está, es preciso que todo cambie*". Foron de tódolos xeitos parte importante dunha xeración que traballou arreo nos eidos da Política e a Cultura para dotar a Galicia dunha identidade de seu.



V.- BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA

ARTIAGA REGO, A., e BALBOA LÓPEZ, X.L., 1991, "La agricultura gallega del siglo XIX", en R. Villares, dir., *Historia de Galicia, vol. 4: La Época Contemporánea*, Faro de Vigo, pp. 745-764.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R., 1984, *Historia Contemporánea de Galicia*, t.IV: *Economía y sociedad*, Eds. Gamma, A Coruña.

- 1985, "A problemática foral no século XVIII. Unha nova interpretación", en C. Barros e J. Vilas Nogueira, eds., *Dende Galicia. Marx.* Homenaxe a Marx no primeiro centenario da súa morte, O Castro, Sada, pp. 243-258.

BERAMENDI, X., G., 1987, "O nacionalismo de Otero Pedrayo", en VV.AA., *A sombra inmensa de Otero Pedrayo.* A Nosa Terra, extra nº 8, Vigo.

CABO VILLAVERDE, M., 1998, *O agrarismo*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.

DOMÍNGUEZ CASTRO, L., 1992, *Viños, viñas e xentes do Ribeiro. Economía e patrimonio familiar, 1810-1952*, Xerais, Vigo.

- 1995, "O serán dos pazos, dos priorados e mosteiros" en *O nacimento dunha Nación. Sociedade e categorías sociais na historia de Galicia*, A Nosa Terra, Vigo, pp. 67-71.

- 1997, "A fidalguía na sociedade do século XIX" en *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego*, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

FERNÁNDEZ CASANOVA, C., 1991, "La sociedad gallega del siglo XIX", en R. Villares, dir., *Historia de Galicia, vol. 4: La Época Contemporánea*, Faro de Vigo, pp. 785-800.

FREIXANES, V., 1976, *Unha ducia de galegos,* Galaxia, Vigo.

LAMPEDUSA, G. di, 1991, *El Gatopardo,* Cátedra, Madrid.

OTERO PEDRAYO, R., 1992, *Os Camiños da Vida*, Galaxia, Vigo, 4ª. edición, (ed. introducción e notas de R. Mariño).

- 1978, *O Fidalgo e outras narracións*. Galaxia, Vigo.

QUINTANA, X.R., e VALCÁRCEL, M., 1988, *Ramón Otero Pedrayo: vida, obra e pensament,*. Ir Indo, Vigo.


SAAVEDRA, P., 1992, *A vida cotiá en Galicia de 1550-1850*, Biblioteca de Divulgación da U.S.C. Santiago.

VILLARES PAZ, R., 1982, *Foros, frades e fidalgos. Estudios de Hsitoria Social de Galicia*, Eds. Xerais, Vigo.

- 1985, "Fidalguía e galeguismo", en J.G. Beramendi, ed., *Losada Diéguez. Obra completa,* Edicións Xerais de Galicia, Vigo, pp. 83-97.

1997, *Figuras da Nación*, Eds. Xerais de Galicia, Vigo.

fora estudiante en Santiago, e nas dúbidas existenciais do Grupo Nós, ante a asunción do compromiso coa terra para dirixir a modernización da Galicia rural ou a evasión a cidade para levar unha vida de apariencia distinguida que supuña o abandono do modelo ideal de 'fidalguía galeguista' que coallou no pensamento político destes homes.



Debuxo de Conde Corbal.

XULIO FRANCISCO OGANDO VÁZQUEZ

Licenciado en Filosofia e Letras – Sección de Historia- pola Universidade de Santiago con premio extraordinario, na que en 1950 se licencia en Dereito. En 1943 gaña por oposición a cátedra de Lingua Española e Literatura. No 1945 foi pensionado polo Conselo de Investigacións Científicas para estudiar os orixes do Humanismo galego en Portugal. Desde o ano 1954 está destinado no Instituto de Ourense. A partir do 1965 ate a súa xubilación en 1983 foi director do Instituto "Otero Pedrayo", que leva ese nome glorioso pola súa iniciativa. En abril de 1980 ingresou como numerario da Real Academia Galega, para a que fora proposto anos antes por Otero Pedrayo, Sebastián Martínez Risco e Ferro Couselo. En 1976 foi recibido como académico de Honra na Galega de Xurisprudencia e Lexislación. É tamén correspondente de "O Instituto" de Coimbra (1946) e da Real Academia da Historia (1975).

Albacea testamentario de Don Ramón Otero Pedrayo, foi tamén o autor da proposta para a concesión da gran Cruz de Alfonso X el Sabio. Está considerado como un rigoroso investigador, con traballos referidos ó campo histórico, crítico literario e xurídico, con unha trintena de monografías. No ano 1996 foi galardonado co premio Otero Pedrayo.



O HOME AÍNDA É MILLOR

Julio Francisco Ogando Vázquez

A Manolo de Dios coa saudosa lembranza de tantas horas do Seminario Didáctico de Literatura no Instituto "Otero Pedrayo".

I

A victoria dos países democráticos aliados no derradeiro conflicto internacional (1939-45) diu lugar a que a dictadura franquista suavizara un chisco algunhas radicais actitudes cos vencidos da guerra civil española (1936-39). Neste contexto inscríbese a permisión da viaxe de don Ramón Otero Pedrayo a Arxentina, convidado polo Centro Galego de Bos Aires, para participar nas Festas Patrias do 25 Santiago de 1946. Ista xeira tivo unha fonda e plural significación, que agora non nos interesa examinar coa debida e puntual referencia, aínda que sí debemos constatar dous resultados positivos: o primeiro é que a faiscante xornada foinos deliciosamente contada polo seu protagonista no fermoso libro "Polos vieiros da saudade" (Galaxia, Vigo, 1952); o segundo resultado –de máis importancia para don Ramón– motiva a reposisición na súa cátedra de Ourense. Tiven a casual fortuna de escoitar a redacción verbal da Orde comunicada ó xuíz do seu expediente de proceder de oficio a revisión do mesmo. O efecto inmediato, a reposición sin sanción, por Orde ministerial de 20 de setembro de 1946, posesionándose o 28 de Outubro. A maiores, o 31 de marzo de 1950 gaña mediante oposición a cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago, competindo con oito catedráticos de Instituto, convertíndose así no primeiro titular da mesma a nivel académico de catedrático.



Don Ramón nunha das viaxes a América.

Don Ramón, rehabilitado, está xustamente no cume da súa plenitude física e intelectual e vive anos felices acudindo e alentando a vida das sociedades culturais peninsulares e de ultramar. Sobrancean neste propósito os galegos de Venezuela que non queren ser menos que os de Bos Aires. As peripecias desta segunda viaxe ó exterior cóntano-las o trío formado por Silvio Santiago, tan afervoado amigo de Otero Pedrayo, Ramiro Isla Couto e Carlos Herrero Alonso no pórtico "Xustificación e ofrenda" que fornece información puntual dos dous atrancos adversos ó proxecto de homenaxe encetado xa no ano 1955, atrancos que sorpresivamente rematarán contribuindo a un maior éxito do propósito tanto pola caudalosa e espontánea participación como pola calidade e fervor do seu contido. A participación prodúcese "de seu" no 1955 aínda que, polos atrancos, non sae a luz pública deica o 1958, data da xubilación do insuperable mestre. A nómina de colaboradores sube a 85 fronte os 30 da Homenaxe que lle consagrou Galaxia, que, aínda que se imprentan ámbolos dous no ano 1958, aquel encétase xa no 1955, según deixamos dito, e sobrancea a este segundo en 55 colaboracións mais, é incomparablemente, pois, aberto e mesmo máis cálido, aínda que no segundo se diga "que na escolla de colaboracións non operou intención algunha de exclusión concreta". De todos xeitos é cousa clara que "escolla" non é o mesmo que espontaneidade ("de seu").

Repítense, claro está, algúns nomes de colaboradores: nove do primeiro figuran tamén no segundo. Ten aquel sobre este, a maiores, máis calor humano. Merece, pois, con xustiza, subtitularse como o fixo "Homenaxe da Galicia Universal".

Os irmáns de Venezuela adiantáronse como se ve no tempo. Conqueriron, ó fin, levar a Don Ramón. Confiaron –penso que escollendo– para encabezamento da súa homenaxe a colaboración dos dous escritores máis representativos naquela altura da literatura galega –o Poeta da Raza, Cabanillas– e da crítica histórico-literaria española, Ramón Menéndez Pidal, presidente da Academia Española, nacido en Galicia, suxerido posiblemente polo propio Cabanillas, membro numerario da Academia, tendo tamén presente que nesa data do 1955 Otero Pedrayo ostentaba o que podiamos chamar decanato dos Correspondentes da Real e docta corporación. Velaiquí a concurrencia de tres grandes representantes do clan do ramonismo. Otero Pedrayo tiña falado no acto de coronación de Cabanillas en Padrón.

Os intelectuais de Galaxia pretenderon facer algo semellante e acertaron recurrindo a reproducción dun autógrafo de Castelao xa morto: "abrazarte a ti é abrazar a Galiza".



II

O poema de Ramón Cabanillas reza así:



A OTERO PEDRAYO

Cabaleiro sin chata, carne de corazón,
fror da céltiga raza é o noso don Ramón.
A xurdia mocedade e os vencidos edosos
ven nel o capitan dos "bós e xenerosos",
que alma ardente coas azas do Ben e da Verdade
tramontóu os roteiros da racial Saudade
e sabe do destiño de loureiros e groria
que aniña nos infolios da nosa patria hestoria.
Digan outros da súa verba limpa, de espello,
da súa pruma esgrevia, do seu siso e consello;
louben outros ó vate e ó mestre sabidor...
Por enriba do artista, o home inda é millor
pola súa bondade, pola súa enxebreza,
polo seu señorío, dozura e sinxeleza.
Tal reverencio o quero ó noso Don Ramón,
cabaleiro sin chata, carne de corazón.

RAMÓN CABANILLAS
Madrid, 1955.

Constitue, sin discusión posible, a millor etopeia de Don Ramón Otero Pedrayo, desde tódolos puntos de vista que se queira contempla-lo. Moi superior incluso á sentida e fermosa elexía adicada ó pasamento do irmán Daniel en xaneiro de 1950.

Metricamente o poema tiduado sinxelamente "A Otero Pedrayo", que encabeza tan caudalosa nómina de colaboradores, está composto por dúas octavas modernistas de versos alexandrinos en pareado introducidos na métrica hispano-lusitana por Rubén Darío, que empregaba preferentemente o dodecasílabo, e tamén por poetas contemporáneos e posteriores ó inspirado vate nicaragüense. A fórmula rubeniana de octava modernista leva o último pareado con rima aguda. Cabanillas emprega o mesmo esquema engadindo unha variante: a primeira octava ten tamén aguda a rima dos dous primeiros versos, mentres na segunda octava axéitase a fórmula de Rubén. Por outra banda, nótese que a repetición do primeiro verso –"cabaleiro sin chata, carne de corazón"– ó final da segunda octava confírelle ó poema un evidente efecto integrador que ten como resultancia unha estrofa composta de dúas octavas modernistas de versos alexandrinos en pareado, con hemistiquios heptasílabos (7+7) e alternancia de rima aguda na primeira octava.

O análise acentual dos hemistiquios dá como resultado a predominancia dos alexandrinos polirítmicos (11 en total), sobre os trocaicos (4,5,8) dactílico (o 6) e mixto (o 9). Outras particularidades a sinalar serían que o verso 4 é trocaico "a la francesa" por levar a rima aguda no primeiro hemistiquio; o 9 é mixto, tamén "a la francesa", polo encabalgamento entre os dous hemistiquios.



Portada libro da homenaxe.

Os recursos estilísticos empregados por Cabanillas, todos eles de raíz modernista, son claramente perceptibles para un lector atento e demorado: abundancia de núcleos sustantivos que condensan os conceptos da estructura do poema; complementos nominais de valor adxetivo ("sin tacha", "de corazón"); antítese ("xurdía mocedade e os vencidos edosos", vencidos polos anos e pola vida); metonimia ("carne de corazón"); metáfora ("fror da céltiga raza"); sinestesia ("alma ardente"); prosopopeia ("do Ben e do Mal"); bimembración ("loureiros e groria"); paralelismo ("digan outros"-"louben outros"); sinonimia ("siso e consello"); enumeración asindética anafórica ("pola súa"-"pola súa", "polo seu") etc, etc.

Desde o punto de vista da estructura conceptual –aspecto fundamental do poema etopéico– Cabanillas establece, en artellada secuencia de ideas, determinados paradigmas que se integran tan solidariamente na figura do noso don Ramón. Son estes:

1.- Paradigma moral. Formado por tres factores :
a) pertenencia social ("cabaleiro"); b) valores éticos ("sin tacha"); c) riqueza anímica (metonimia condensatoria) "carne de corazón": sensibilidade, amor, xenerosidade).

2.- Paradigma étnico. Integrado por outros tres factores: a) "fror da céltiga raza"; b) "capitán dos bos e xenerosos"; c) "sabe dos destinos...da nosa patria hestoria"

3.- Paradigma complementario: esencial para a tese que mantemos, entre o "Home" e o "Artista", integrado por estos cinco valores concordantos, non antitéticos. Vexamos:

"Home"	"Artista"
a) "bondade"	a) "verba limpa"
b) "enxebreza"	b) "pluma esgrevia"
c) "señorío"	c) "siso e consello"
d) "dozura"	d) "vate" (creador)
e) "sinxeleza"	e) "mestre".

Se acudísemos ó argumento de autoridade virían na nosa axuda, entre outros, o propio Ciceron e Leandro Pita Romero no relativo ó sentimento da amizade e García Martí para a bondade. (Mentamos so istes por vía de exemplo. Aproveitamos para manifestar que mantemos a ortografía orixinal do autor do poema).

Non coñecemos outro personaxe –cando menos o poeta non o menciona– distinto de don Ramón Otero Pedrayo no que se teña dado tan harmoniosa coiuntura. Mesmo por eso devén un rasgo verdadeiramente paradigmático.

Sobrancea en todo o poema a declaración de fe, amor e devoción do autor do texto pola persona do homenaxeado, aspecto facilmente perceptible nesta exaltación, artísticamente tan lograda, dos valores éticos, estéticos e intelectuais dun home senlleiro, irrepetible. A contextura íntima, interior da motivación do poema ven dada certamente pola militancia que presidiu toda a vida dos dous persoeiros no mundo faiscante de valores de toda caste que se acubilla baixo o cálido e amplo rubro dunha afervoada verba inmorrente. Galeguidade. A contextura puramente externa acredita o efecto da interior. Resultan de feito tan identificadas que non falta quen teña dito que a súa mesma lectura podería facerse á inversa, ou cando menos por pareados, de abaixo para riba. Tamén se podería engadir que a fermosa peza literaria, se ben nun campo un tanto restrinxido,





Acompañan a don Ramón o ministro Martínez Esteruelas, o rector da Universidade de Santiago, o director xeral de Universidades e o gobernador civil Sr. Llobel de la Muedra. Por parte de don Ramón están a súa sobrina política María Luisa, Teresa Cortón, moi amiga de Otero Pedrayo, o Dr. Conde Corbal e o Prof. Ogando, director do Instituto.

podía aplicarse ó autor do texto e non só porque os dous teñan o mesmo glorioso nome de Ramón.

Resumindo: tódolos recursos estilísticos, de que se fai abondosa e feliz gala no poema que comentamos reducen ó mínimo o emprego argumental dialéctico: "pola súa bondade, pola súa enxebreza, polo seu señorío, dozura e xentiliza, o home inda é millor". *Quod erat demostradum*. Tanto que nin siquera se fai preciso mentar a dimensión relixiosa, sentimento definitorio de Otero Pedrayo e Cabanillas.

Fica claro que, por fortuna, son os poetas coa súa intuición os que millor que ninguén poden penetrar no santuario interior da persoa humana, de xeito moi particular no presente caso.

Este noso esquema ou apuntamamento de ensaio quedaría mutilado se non pasásemos, inda que moi brevemente da etopeia á epopeia, porque este tránsito vennos imposto porque hipostáticamente unida á figura irrepetible do Home Ramón Otero Pedrayo está a súa obra inxente, plural e polifónica en íntima consonancia coa súa vocación e compromiso patriótico e intelectual. Este punto, tan interesante, foi evidenciado polo profesor Carlos Amable Baliñas, seu discípulo e amigo predilecto.

Otero Pedrayo é o auténtico poeta épico de Galicia non somentes pola súa obra científica de xeógrafo e historiador. O "Ensaio histórico da cultura galega" e a millor visión épica do noso pasado. Se a novela é a forma moderna da épica, a producción narrativa de Don Ramón contén a máis certeira visión histórica da nosa estirpe coa perspectiva esperanzada dos nosos máis outos destinos como pobo. Se Cabanillas o proclama "capitan dos bós e xenerosos" ¿será preciso lembrar a profecía do bardo de Bergantiños "os bós e xenerosos a nosa voz entenden e con arroubo atenden o noso ronco són, mais só os iñorantes e féridos e duros...non nos entenden non?" Otero Pedrayo foi o noso millor entendedor, o máis intelixente e denodado *excitator comunal*. Pola súa capacidade de evocar o pasado e profetizar o futuro, a súa voz convírtese nunha voz eterna. Reaviva-la nesta presente efeméride é unha obriga irrenunciable.



S. E. EL JEFE DEL ESTADO ESPAÑOL
GRAN MAESTRE DE LA ORDEN CIVIL DE ALFONSO X EL SABIO

Y EN SU NOMBRE

EL MINISTRO DE EDUCACION Y CIENCIA
GRAN CANCILLER DE LA MISMA

EN CONSIDERACION A LOS MERITOS QUE EN VOS CONCURREN HA TENIDO A BIEN CONCEDEROS POR DECRETO DE ESTA FECHA LA

GRAN CRUZ DE ALFONSO X EL SABIO

MADRID, 1 de Octubre de 1975.

EL CANCILLER,

EXCMO. SR. D. RAMON OTERO PEDRAYO.





Debuxo de Maside.

Marcos Valcárcel

Ourense, 1958

Escritor e historiador. Ten adicado a Otero Pedrayo múltiples estudios, entre eles o volume, con Xosé R. Quintana, "Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento" (Vigo, Ir Indo, 1988) e a edición crítica de "O libro dos amigos" (Vigo, Galaxia, 1997). Outros traballos seus sobre don Ramón son "O Día de Galicia e o tema xacobeo en Otero Pedrayo" e "Un roteiro turístico e paisaxístico arredor de Otero Pedrayo" (ámbolos dous en "A cidade da Xeración Nós", Ourense, Caixa Galicia, 1995); "O Libro dos Amigos desde Trasalba" e "Otero Pedrayo na historia do periodismo galego" (ámbolos dous no volume "Pé das Burgas. Estudios de historia, literatura e xornalismo", Ourense, Caixa Galicia, 1998); e "Don Ramón evoca as aulas do seu Instituto" (en VV.AA., "Centenario do Instituto Otero Pedrayo", Ourense, 2000);"O meu don Ramón" (en "Revista das Letras de O Correo Galego" 1-II-2001); "Don Ramón Otero Pedrayo e don Eladio Rodríguez González" (revista "Auria" marzo 2001). Foi tamén o redactor de diversas voces oterianas no tomo III do "Diccionario da Literatura Galega. Obras" coordenado por Dolores Vilavedra (Vigo, Galaxia, 2000).



Diccionario Don Ramón, do A ó Z

Marcos Valcárcel

Amigos, O Libro dos. Editado en Bos Aires, en 1953, é un aceno de valentía e xenerosidade do escritor de Trasalba. En horas difíciles don Ramón evoca a 39 personaxes mortos, *"en min e no meu amor libertados do que a coba e o tempo poideran ter de fatalidade".* Entre eles, Castelao, confinado no exilio ata a súa morte, ou varios dos mártires galeguistas da guerra civil como Alexandre Bóveda, Ánxel Casal e Roberto Blanco Torres, ademais do nacionalista catalán e católico Manuel Carrasco Formiguera (Galaxia reeditou este volume no ano 1997, presentado na festa de Trasalba dese ano**).**



Blanco Torre, debuxo de Maside.



Arredor de si. Publicada pola Editorial Nós en 1930, é unha peza fundamental para achegarse á cosmovisión oteriana, xunto con "Os Camiños da Vida". É tamén a obra máis estudiada do autor de Trasalba, da que existen diversas guías de lectura útiles. O propio Vicente Risco definiuna, cando a súa aparición, como a biografía da Xeración que compartían Risco e Otero, a biografía da Xeración Nós desde o individualismo e o egocentrismo ata un movemento tan gregario e apegado ás raíces como o galeguismo. Novela de iniciación e aprendizaxe, viaxe interior, redescuberta da Terra, novela que segue (como indicaron A. López-Casanova e R.Gutiérrez Izquierdo) a "estructura mítica da novela do heroe", novela, en fin, de Morte e Resurrección simbólicas (como no ensaio oteriano), cargada de fondas e moi enriquecedoras suxestións. Poden aínda os lectores de hoxe seguir a viaxe interior de Adrián Solovio e o guieiro oteriano: *"Por Galicia e na Galicia era Adrián europeo e planetario".*

Bocarribeira. Publicado en 1958 polos mozos estudiantes galegos de Madrid do grupo Brais Pinto, é o único volume de versos publicado por Otero en vida e agrupa un mollo de poemas paisaxísticos, ás veces cósmicos, moi vencellados á xeografía dos Chaos de Amoeiro. A poesía de Otero, pendente aínda dunha edición definitiva, foi estudiada por Alonso Montero, quen suliña algúns dos seus primeiros vindicadores: Dámaso Alonso, Celso Emilio Ferreiro, Carballo Calero, Fernández del Riego, Filgueira Valverde, Basilio Losada, etc. Claudio Rodríguez Fer asinou, asimesmo, un estudio exhaustivo do poema "O quinqué de petrolio" (en "Poesía Galega", Vigo, Xerais, 1989).

Camiños da Vida, Os. Publicada pola Editorial Nós en 1928, en tres volumes diferentes de sete capítulos cada un, ten tres partes tituladas "Os señores da terra", "A maorazga" e "O estudante". É unha das pezas imprescindibles de Otero e das nosas letras contemporáneas. Nas súas páxinas asistimos ó paso da economía "natural" á economía monetaria, coa desfeita do poder secular dos mosteiros pola desamortización e os inicios da decadencia dos fidalgos ou "señores da terra"; á incidencia na vida da aldea da chegada dos comerciantes e tendeiros casteláns e maragatos; á guerra carlista entre liberais e partidarios do absolutismo, etc. Cos fidalgos no centro da acción, nesta novela Otero creou un dos seus mellores personaxes, Adrián Soutelo, co perfil nidio dun perosonaxe romántico marcado pola soidade e a misantropía, a identificación coa natureza, o desencanto polo tempo presente e a nostalxia polo pasado; personaxe que ten moito que ver co Werther de Goethe ou co René de Chateaubriand e que, fracasados os seus ideais, ve aboiar unha nova esperanza no seu sobriño Paio, unha especie de fidalgo protonacionalista coa que Otero quixo compensar o triste papel que a fidalguía desempeñou no devir da historia de Galicia.



Autocaricatura de Castelao.

Castelao. Moitas veces escribiu don Ramón sobre o seu amigo e compañeiro nas filas galeguistas Afonso Daniel Rodríguez Castelao, a quen lle deixou ocupar un posto de privilexio na súa obra "O Libro dos Amigos". Lembremos, por exemplo, as palabras de Otero na prensa galega de Bos Aires con motivo da morte do guieiro galeguista, sen dúbida unha das máis fermosas despedidas e elexías de amizade publicadas na nosa literatura: *"Fumos amigos, irmáns, dende a mocidade. Dende o primeiro intre de falarmos –e foi en Toledo– xa quedamos cinguidos nunha amizade que é a gloria máis pura e o tesouro máis rico que, agás dos pais e da esposa, ten o home xa vello*



que escrebe estas liñas tremándolle ca emoición a man ó pensar que Daniel non voltará a enxergar o seu val da Ulla, nestora ledo de novos gromos e paxaros, nin... Podiamos pôr, calquera recanto da Nosa Terra. Pois ás veces, falando, téñolle sentido decir seu amor pola Galiza esquencida, os terraxes probes, de penedos e toxos, non cantados polos poetas... É que, infindamente xeneroso, quería o ermo e gustaba na tristura ser compañeiro do triste, a cousa máis doorida pra Daniel. Non podía concebir o mal nos curazóns dos homes e, enxergando os efeitos da inxustiza, sofría como un mártir por todos os que a padecían" ("A Nosa Terra" n.474, Día de Galiza 1950**).**

Catolicismo. É, sen dúbida, unha das claves imprescindibles para achegarse ó pensamento de don Ramón, o deputado galeguista nos inicios da República que se presenta como deputado "católico e nazonalista" e que vota en contra das medidas laicistas do novo goberno republicano. Home católico, pero liberal, que quere facer conciliar a súa identificación dunha Galicia de seu coa cultura cristiá e recorre ó símbolo xacobeo do Apóstolo Santiago, *"galego pola elección da cova, acordo voluntario e non fatal feito como de nacer... ¿Queredes unha mellor e máis exemplar definición de Patria Galega?"*.

Celtismo. Como en Vicente Risco ou en Florentino Cuevillas, seguindo as pegadas da construcción ideolóxica nacionalista de Manuel Murguía, o pasado celta de Galicia era, para eles, o que lle daba a este país carácter inicial e o que sostiña como un elemento inmorredoiro a cerna máis fonda da "alma do pobo": *"... o canteiro ó decorar unha parede aldeá, ou o labrego ó deseñar coa súa navalla un mundo ornamental na madeira dun xugo de bois, non obedecen a capricho individual. Responden ó impulso étnico que non saberían nunca explicar***".**

Chateaubriand: Bretaña, o escritor romántico e cristián. É unha referencia ineludible en calquera achegamento, ideolóxico ou literario, a Otero Pedrayo: *"Nós amamos a Chateaubriand. Foi o primeiro autor lido por nós, de nenos e de mozos, na solaina de pedras orceladas de Trasalba".* Don Ramón adicoulle o ensaio "O celtismo de Chateaubriand" e múltiples referencias ó



Vicente Risco, caricatura de Carlos Quesada.


alento romántico do autor de "René" e "O Xenio do Cristianismo". Claude H.Poullain estudiou a pegada do escritor bretón no autor de Trasalba e Nicole Dülin suliñou a forte presencia dos escritores franceses en Otero Pedrayo e no conxunto da Xeración Nós ("El granito y las luces...", 1987).

Ensaio histórico sobre a cultura galega. Publicado por vez primeira en 1930 (Madrid, CIAP) é a peza mestra do ensaísmo oteriano, que conta tamén con xoias como "Encol da aldeia", "Notas encol da paisaxe romántica", "Lembranza de Goethe" ou "Occitania e Atlántida". Ensaio cultural, amosa, tal como sinalou C.Casares, algunhas das grandes virtudes do ensaísta: a cultu-

ra do erudito, a paixón ilimitada do patriota e afina sensibilidade e a intuición do poeta. Celtismo, universalismo, galeguismo e europeísmo son ideas claves nesta obra, que amosa a sucesión dos legados de diferentes épocas (románico, barroco, romanticismo) que formaron o sustrato cultural que define este país.

Fidalguía, A. É un dos temas fundamentais da narrativa de Otero e da súa cosmovisión ideolóxica, presente tanto nas grandes novelas como nalgúns dos seus mellores relatos ("O fidalgo", "A serea", etc.). Velaí a gran nostalxia do escritor sobre o que puido ser e non foi: *"A vida dos pequenos fidalgos dos pazos, de seguir algún tempo máis, houbera dado á nosa Galicia, conforme coas variacións dos tempos, unha xerarquía necesaria para mante-la unidade da Terra e darlle un senso de progresiva continuidade. Maila vila, engaiolando ós fidalgos, os estudios facéndose superficiais e só bos para unha carreira, e os vellos costumes non herdados por ningunha forma social superior, trouxeron, paralelamente, o mal dos fidalgos e dos labregos e crearon a posibilidade do caciquismo, a lenda negra da Galicia, e un desamparo de disección na vida da aldea, que só pode curar outro achegamento da cultura e da campía, unha nova e definitiva organización do corpo social da nosa Terra Galega".* Desta frustración nace a creación literaria dalgúns dos grandes fidalgos reconvertidos a unha "fidalguía ideal e regaleguizadora" como o Adrián Soutelo, o Paio Soutelo ("Os Camiños...") ou mesmo o Don Lionardo de "A Serea".

Guerra civil. Para don Ramón, a guerra foi, sobre todo, unha gran catástrofe moral: *"A xente convertíase da noite prá mañá dunha cousa na contraria, sin escrúpulo ningún, outros exiliáronse, outros medraron coa situación... Eu fiquei en Ourense, antre este piso e a miña casa de Trasalba, vivindo, lendo, matinando moito nas cousas que pasaban, mentras ao meu derredor todo se derrumbaba. Fun dos mellor librados, cicais porque o meu compromiso co Frente Popular e coas esquerdas foi relativo, non sei".* Aínda así, en 1937 o Estado arrédao de forma definitiva do ensino, con baixa no escalafón de catedráticos. Don Ramón resarciríase despois desta separación coas súas clases na cátedra de Xeografía da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Compostela, entre 1950 e 1958, anos que citou varias veces como algúns dos máis fermosos da súa vida polo seu novo contacto cos estudiantes. Para todos eles e para todos os galegos don Ramón foi o mellor símbolo de liberalismo e galeguidade na longa posguerra da noite de pedra.



Historia de Ourense. Sobre a historia local ourensá escribiu Otero múltiples artigos, moitos deles na revista "Cuadernos de Estudios Galegos". Neles estudiou temas tan diversos como a economía ourensá no século XVIII, a exportación de cera a Ourense, a desamortización eclesiástica, o itinerario por Ourense en 1799 do señor Conde de Guzmán, a Igrexa e a vida relixiosa no dezanove, o comercio con productos de liño e lenzos ou as formas da cultura ourensá no século XIX. Moitos destes traballos foron reunidos por Afonso



V.Monxardín e Xoán C. Rivas no volume *"Temas ourensáns"* de Otero Pedrayo (Ourense, Caixa Galicia, 1996).

Lagarada, A. É a súa principal peza teatral, xa representada no Pazo de Trasalba (polo Centro Dramático Galego), e texto imprescindible na bibliografía oteriana. Gran traxedia rural, de fondo dionisíaco, é tamén un misterio ou oficio litúrxico no que se evoca o poder demoníaco do viño. Os críticos, que revalorizaron nos últimos anos a dramaturxia do escritor, albiscaron ecos das "Comedias bárbaras" de Valle Inclán, pero tamén do teatro irlandés de William Butler Yeats, Lady Augusta Gregory e John Millington Synge.

Instituto Otero Pedrayo. O Instituto onde estudiou o escritor e onde foi director e profesor, centro que hoxe leva o seu nome, sería evocado múltiples veces, así como os seus profesores: Marcelo Macías, Eduardo Moreno López, Xoaquín Núñez de Couto. No libro do centenario do Instituto figuran traballos de Alonso Montero e Marcos Valcárcel que relembran esta relación.

Lamas Carvajal, Valentín. Referencia literaria sinalada múltiples veces polo escritor. En novembro de 1949 Otero participou nos actos de homenaxe do centenario de Lamas e foi entón cando pronunciou o seu famoso discurso, en galego, lembrando ó Castelao que agonizaba en Bos Aires, diante das autoridades provinciais que mandaron tocar o Himno de Falanxe diante do monumento a Lamas no Posío. Don Ramón mantívose cos brazos baixos en épocas en que era obrigado erguer o saúdo falanxista e oficial do franquismo.

Neno, A historia dun. Breve pero delicioso libriño editado pola Fundación Otero Pedrayo (1979) onde don Ramón lembra os seus días de infancia na rúa dos Zapateiros (Paz), os discursos do neno Vicente Risco ós gatos dos tellados baixos e o "eterno femenino" da escola das sras. de Hermida.


Palabra Viva. O Otero Pedrayo orador foi unha das facetas máis acusadas da súa personalidade. Ausente en presencia física, esta perspectiva pode ser só en parte evocada a través dunha serie de discursos do escritor recuperados polo Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega. Algunhas das gravacións editadas son "A paisaxe galega, as súas leis e tipos", discurso na Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires en xullo de 1947; "Ourense, as súas terras e xentes", discurso no xantar homenaxe do Centro Ourensán de Bos Aires en xullo de 1959; ou "Lembranza de médicos galegos vistos por un profano", conferencia súa nunha homenaxe no Colexio Médico ourensán o 7 de marzo de 1975 (as tres editadas tamén en texto, con introduccións de Afonso V. Monxardín). A mesma institución editou outras gravacións oterianas como a conferencia "A revista Nós" (Ourense, 1970), "Ramón Cabanillas" (Madrid, 1964), a Ofrenda a Rosalía no Centro Galego de Bos Aires (1959), a súa resposta a Suárez Picallo noutro discurso americano (1959) ou a Homenaxe da Galicia a don Ramón en Compostela (3 de marzo de 1968).

Monumento a Lamas no Posío.



Parladoiro. No auténtico océano do xornalismo oteriano, desde os anos 20 ata a súa morte en 1976, cómpre destacar o seu xornalismo galeguista (1920-1936, periodismo de tese), o seu xornalismo ourensán (desenvolto en diferentes seccións en "La Región" como "Del Orense Antiguo") e a súa reinvención do xornalismo en galego, nos anos da posguerra, coa sección fixa "Parladoiro" no xornal compostelán "La Noche": análise documentada, ás veces lírica, outras como unha faísca de luces, símbolos, sentimentos. Un xornalismo inimitable que non tivo, nas súas peculiares características, discípulos posteriores á súa morte.

Xosé R. F. Oxea "Ben-Cho-Sey".



Paisaxe, A. Foi o grande paisaxista das nosas letras, pero tamén o estudioso e esculcador do devir das paisaxes na historia. Velaí unha das mil citas posibles: *"Devalan os vales para o mar como devalan as foulas cubrindo a larganza dos areais, como devalan co seu ritmo maino as penedías ou a maneira da historia destouzando ermos e creando herdades. A historia, un devalar. E na paisaxe, en calquera paisaxe, con potentes ritmos ou a penas con ecoares e lembranzas, todo o devalar conxunto, único, cheo de paixón da Nosa Terra".*

Pelerinaxes. Con este título recolleu o escritor a narración do seu itinerario desde Ourense ó San Andrés de Teixido, en compaña de Vicente Risco (autor dos debuxos do volume) e Xosé Ramón Fernández Oxea. Publicouno a editorial Nós en A Coruña en 1929 (hai reedición facsímil en Ed. do Castro, 1993) e nel inclúese o popular poema *"Ó Xamón"*, agradecemento dos viaxantes a un hosteleiro de Monterroso: *"Groria do porco, frol da invernía,/ Sona da casa, lapa da carne/ Xamón (...) Papa das carnes, cardealiceo,/ Archimandrita da limpa mesa/ Xamón".*

Portugal. Para Otero, o nacemento de Portugal representaba unha nidia manifestación da plenitude e vitalidade da Galicia medieval: *"Unha dor de parto a un tempo melancólica e optimista como a dor dunha nai moza. Só un pobo na súa forte confianza puido enxendrar ese anhelo que se chama Portugal, anhelo dun máis alá dos mares e un "além" da conciencia ordinaria da cultura. Pois Portugal pode definirse como unha constante de tensión suprema. El cumpriu moitas das intencións case non esbozadas por Galicia".*

Saudade e sentimento da raza. No ano 1929 don Ramón ingresa na Real Academia Galega cun discurso sobre *"Romanticismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal"* (reeditado pola Deputación de A Coruña en 1999), discurso que sería respostado por Vicente Risco. É, entre outras cousas, unha das primeiras e máis intelixentes reivindicacións literarias da poesía de Eduardo Pondal.



Tradición. A tradición é o pasado, pero tamén o lugar onde se sostén un futuro certo e a identidade do pobo. A Tradición vese ameazada pola irrupción do comercio e a economía do diñeiro na aldea: *"Sería angueira de moito espacio e vagar o de esculcar como foi triunfando a economía do diñeiro. Hoxe manda nas aldeas como nas vilas. (...) Hai moitos fogares que compran o pan cocido. A bica vai sendo unha larpeirada anacrónica, ó igual que o liño, a estopa, os traballos de axuda entre os veciños e a autoridade dos pais de familia. Cada un vive de por si. Domina un sentimento do "carpe diem", ó igual que nas vilas, incompatible co xogo maino e seguro das causas e productos do vivir labrego. Os mellores propietarios deben cartos e non teñen vergonza por elo."O mundo non se entende" din os vellos".*

(Estas 23 entradas dun posible Diccionario Otero Pedrayo son só unhas mínimas esculcas na inmensidade oceánica da obra de don Ramón Otero Pedrayo. Se o espacio o permitise, poderíamos duplicalas ou triplicalas e só teríamos unha lene sombra do que significou o pensamento e a obra literaria de don Ramón. Por iso, rematamos cunha nota bibliográfica: de seguro, o lector camiñará máis cómodo pola súa obra apoiándose en estudios como *"Otero Pedrayo, intelectual"* de Carlos Baliñas ("Cuadernos de Estudios Gallegos, 1979-1980, tomo XXI); *"Otero Pedrayo"* de Carlos Casares (Vigo, Galaxia, 1981); *"Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento"* , de Xosé R. Quintana e M. Valcárcel (Vigo, Ir Indo, 1988); estudio literario introductorio a *"Contos do camiño e da rúa" de Otero Pedrayo*, por Xosé Manuel Salgado (Vigo, Galaxia, 1995); *"Oteriana"* de Xesús Alonso Montero (Fundación Otero Pedrayo, 2000); *"Lecturas de Nós"* de Ramón Gutiérrez Izquierdo (Vigo, Xerais, 2000) ou as diferentes entradas sobre a súa obra no *"Diccionario da Literatura Galega. III. Obras"*, coordenado por Dolores Vilavedra (Vigo, Galaxia, 2000).







Caricatura de Sciammarella

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

Cerdedo (Pontevedra), 16 de decembro de 1930

É catedrático de filosofía na Universidade de Santiago desde o ano 1970. Antes fora catedrático de filosofía en Institutos e Profesor Numerario nas Universidades de Barcelona e Madrid. Sobre Otero Pedrayo ten publicado un libro titulado Descubrindo a Otero Pedrayo (Santiago, Coordenadas,1991). Ten estudiado tamén outros autores da Xeneración Nós. No campo da filosofía tense ocupado do filósofo galego Angel Amor Ruibal e el mesmo ten un pensamento propio centrado na metáfora e na que chama Lóxica de sentido. Fundou os estudios de Filosofía, Pedagoxía e Psicología da Universidade de Santiago e foi por longo tempo decano da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación. E membro de varias institucións académicas e a Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao.



Demandando edicións xeitosas para un grande escritor

Carlos Baliñas Fernández

O día 4 de agosto do ano 1973 foi, sen dúbida algunha, un día singular na vida de Don Ramón Otero Pedrayo, se cadra o derradeiro día de felicidade pública. Dous motivos había para eso: un familiar e outro literario.

Ese día celebrou coa compaña dun cento longo de amigos os cincuenta anos[1] dun feliz matrimonio con Dona Josefina Bustamante Muñoz (Fita, para familiares e amigos). Antes de dous anos tería morto a súa dona, pero aquel día estaban ambos sanos e moi rufos. Así que como tantos outros, a Ourense nos fomos a miña dona e máis eu aquel serán de agosto, tan quente que un abafaba. Coido que os amigos que o animaron a esa celebración, tiñan en mente dous propósitos secundarios, aparte do motivo obvio de compartir con el a súa felicidade.

Un, de tipo político-social. O Réxime do Xeneral Franco que tan intolerante fora con nacionalismos e rexionalismos, vía remexerse as pequenas patrias ou patrias menores que xuntas compoñen a patria española e xa non sabía como paralas. En Euzcadi, xa había grupos que reclamaban mesmo independencia e, para conseguila, non dubidaban en practicar o terrorismo. En decembro de 1970 houbera un xuízo público contra ETA, o famoso Proceso de Burgos, no que se dictaran sentencias de morte, anque despois Franco optara por indultar aos condenados. En Galicia como en Cataluña non había nin habería, gracias a Deus, terrorismo, pero as xentes de cultura con máis conciencia política demandaban autonomía política e que se otorgase consideración oficial á lingua e cultura autóctonas. Entre nós compría coller carreira desde máis atrás. Aquí a demanda auto-

1. O día exacto do aniversario era o 6. O Prof. Ogando Vázquez infórmame de que do colofón do libro de Don Ramón titulado *Ourense,* editado por Bibliófilos Galegos, dedúcese que a festa foi o día 4. O texto da homilía pronunciada polo Padre Isorna non informa acerca do día en que foi pronunciada. É de supoñer que o xornal La Región informase do evento.



nomista fora cousa case exclusiva dunhas mancheas de persoas cultivadas, e trala represión da Guerra Civil, reducírase a asunto de cenáculos. Compría, pois, antes de presentar reclamacións contra o Estado centralista que o galeguismo acadase prestixio social entre nós, dentro da casa, e que falar galego fose considerado polos galegos unha cousa normal, tamén urbana e non soamente das capas aldeanas e dos barrios periféricos. Eso, supoño, foi un dos motivos de facer daquel acto, que de seu era un acto privado, un acto social de tronío. Honrábase a alguén que tamén honraba. Don Ramón era persoa con poder de convocatoria por catedrático, escritor, orador. Xuntando a carón del a importantes persoas da vida social, facíase tamén unha afirmación pública de galeguismo. Así se actuou tamén noutros actos daqueles anos.

Os organizadores indicaran a conveniencia de contribuir a lle dar prestixio social ao acto mesmo co boato indumentario. Incluso se suxerira que os que puidesen e quixeran, asistisen con traxe de etiqueta. Na aldea onde a miña dona e máis eu pasabamos as vacacións, daquela a estrada aínda non chegaba á casa labrega que acabábamos de restaurar, de xeito que ela de "traxe de noite" e eu "de chaqué" saímos por unha corredoira camiño do sitio onde tiñamos aparcado o automóvil. Por algún motivo que sobra explicitar, bautizáramos aquela corredoira co alcume de *Caca-street* e certamente debiamos compoñer un conxunto ben pintoresco, erguendo ela un chisco a falda e eu as perneiras do pantalón para evitar enlixalos nas bosteiras. Os actos en Ourense desenroláronse con todo o rigor do protocolo. Primeiro, misa na igrexa de Sta. Eufemia, onde o Padre Isorna luceu a súa oratoria relixiosa e patriótica. A continuación, cea no Hotel San Martín que está rúa por medio.

Os máis íntimos tamén querían aproveitar a ocasión para outra finalidade. A principios da década dos setenta, época dos Plans de Desenrolo, a poboación española ascendera en capacidade económica e calidade de vida. Anque oficialmente fose dono dun pazo e se lle chamase o señor de Trasalba, Don Ramón pasara por una época de estreitezas económicas e o seu fogar de Ourense carecía de aparatos domésticos e de adovíos que daquela xa ían sendo normais nas casas de clase media. Co gallo daquelas vodas de ouro e como se dunha voda de xoves casados que poñen casa se tratara, fixéronselle galanos de valor útil ou decorativo. Creo que o grupiño de amigos, que coordinaba Ramón Piñeiro, regalámoslle un crucifixo de prata de certo coste considerable para aquela época. De resultas, nos tres derradeiros anos, Don Ramón tivo un fogar un chisco menos austero e un pouco máis confortable do que antes.

Pero o galano que el máis podía estimar e que aquí nos interesa ía a ser o que se lle ía a entregar solemnemente no transcurso da cea. Con eso ven a conto o segundo motivo polo que aquel foi un día sinalado na vida de Otero Pedrayo. Aos postres un representante da Editorial Galaxia, creo que Domingo García Sabell, ergueuse e achegouse para lle entregar solemnemente en nome da editorial Galaxia o libro titulado *Parladoiro,* tomo primeiro dunhas *Obras Selectas* que eu proxectara en catro ou cinco tomos. Por primeira vez vía reeditados escritos seus e nunha impresión tipográfica digna. No prólogo podía ler que se pedía para el a consideración de clásico e que se decía ser "un dos grandes escritores europeos ou hispánicos, segundo o ámbito ao que se prefira adscribilo" (o de hispánicos por eso do *boom* da novela hispanoamericana, daquela en auxe máximo).

Un escritor europeo

Por ter feito os meus estudios universitarios e ter sido profesor fóra, eu decatárame e doíame de que a literatura galega e, en xeral, a cultura galega fosen cousa descoñecida fóra de Galicia. A verdade era que daquela mesmo dentro de Galicia estaba recluída en cenáculos e tiña que haber galeguismo, cousa que non deixa de ser un indicio de que algo non vai normal (como se en España tivera que haber españolismo). O interés pola lingua e maila cultura galega considerábase asunto de tipos un chisco raros e de "oposición ao Réxime". Desde que en xaneiro de 1970 viñen a ocupar unha cátedra de filosofía na Universidade de Santiago procedente de Universidades como Barcelona e Madrid e, polo tanto, xa era dono do meu tempo, dispuxérame a realizar un antigo anceio. Parecíame que había dous autores galegos –filósofo un e escritor o outro– que merecían ser coñecidos e estudiados por máis razóns que a de seren galegos e nosos. Creía que o merecían polo valor intrínseco da súa creación cultural. Refírome ao filósofo Ángel




Don Ramón con Ramón Piñeiro no corredor da Casa Grande.

Amor Ruibal e a Otero Pedrayo[2]. Ben estaba que os patriotas os lesen ou, polo menos, os gabasen por patriotismo, pero parecíame que tiñan cerne de seu para ser estimados máis que por motivos sentimentais e por coterráneos.

Por nacencia é escritor galego todo aquel que naceu en Galicia. Sen embargo, por antonomasia resérvase o nome en contextos como o presente para quen escriba en galego e sobre temas galegos. Escritores galegos ten habido moitos, pero moi poucos que pasasen de escritores locais e poideran ser considerados escritores europeos. Entendo por escritor local aquel cuio mundo está pechado nun determinado lugar, por extenso que sexa ese lugar. E califico de escritor europeo, aquel que, polos temas e máis aínda polo seu horizonte e polas referencias que fai, conecta cos tópicos, prestixios e vixencias da cultura europea, aínda que por motivos externos non sexa coñecido fóra do seu mundo pechado. Certo que, como gostaba de repetir Miguel de Unamuno, un escritor furando no particular pode chegar ao universal humano e se cadra acadalo máis profundamente que o escritor que escribe instalado no horizonte mundial, pero vivido como tópico. Tamén situándose en horizonte europeo se pode ser localista ¿Ou non é tamén Europa un lugar? Con todo, quen inxire os seus temas nese patrimonio e ben común que ven desde os gregos está en mellor situación para contactar co eterno humano e ten maiores posibilidades de acadar recepción.

Para o meu xuízo, escritores ten habido entre nós moitos bos e menos bos; escritores europeos non había daquela en Galicia máis que Álvaro Cunqueiro e Otero Pedrayo. Cunqueiro tiña como tema e teima o mundo da ficción e dos mitos, un mundo de seu que reborda de fronteiras. Os asuntos, os temas de Otero tiñan o seu lugar aquí, pero as referencias onde os insertaba eran europeos. Como quen di, o sustantivo era galego; o adxetivo, europeo.

2. No que atinxe a Amor Ruibal publiquei o ano 1968 un libro que recibeu un premio nacional de investigación e dirixín desde entón varias teses doctorais, pero somente na década dos 90 me foi posible conseguir que se editase a obra monumental súa "Los Principios fundamentales de la filosofía y del Dogma". No que toca a Otero Pedrayo fun, que se saiba, o primeiro en pronunciar unha conferencia sobre el. Foi en 1970 no Casino de Pontevedra, dentro dun ciclo adicado á Xeneración Nós. Don Ramón desde Ourense mandoume un telegrama de agradecimento e de saúdo aos ointes que me chegou no medio e medio da conferencia, e que eu lin ao público. En carta duns días máis tarde confesábame que ese día, ao sair á rúa, se sentía ruborizado.



"De entre un milleiro de artigos recollidos de máis dunha ducia de revistas e xornais escolmei un cento longo baixo o título de Parladoiro"

Máis aínda: o propio Otero sinalara a que grupo pertencía dentro de Europa. O título dun ensaio, "*Occitania e Atlántida*", de 1934, apunta unha cisma moi súa que desenrolou máis por miúdo noutros ensaios[3]. Menéndez Pelayo enfrentara a claridade latina versus "las nieblas hiperbóreas" do Norte. En tempos máis próximos, Eugenio D'Ors contrapuxera o clásico mediterráneo versus ao barroco. Otero quer contrapoñer ao estilo mediterráneo de Occitania un estilo de sentir que chama indistintamente atlántico e celta e ven caracterizado polo sentimento de saudade. "*Pola Saudade liberan ao mundo das suas cadeas lóxicas e realizan o miragre de vivir no fío esencial do decorrer do esprito, en chea soberanía pola libertade*[4]."

Vicente Risco dixera que Galicia debía aportar a súa propia voz ao concerto das culturas. Pois ben, Otero foi quen máis e mellor soubo definir e expresar a cultura atlántica ou celta en canto contraposta á cultura occitana e quen mellor expresou literariamente ese xeito de enxergar o mundo. A Galicia que describe nos seus relatos e demais obra literaria non é soamente a Galicia empírica que vía ao seu redor, senón a Galicia espiritualmente "atlántica", "celta" (para el sinónimos). Os seus temas e teimas literarios non se explican sen ese alicerce. Cando describe a "alma celta" está facendo autobiografía. De se sentir en comunidade coa alma celta remanece tamén a súa predilección por Chauteaubriand e por Renan, ambos da Armórica, da Francia atlántica, "celtas".

Claro que Europa ben pode pasarse sen o noso escritor pero tampouco lle sobra ningunha voz que sexa outra voz. Todo eso da cultura "atlántica" e da mentalidade "céltiga" (lémbrese a revista así chamada) ten hoxe escasa aceptación, pero na historia da cultura soamente está de todo caducado o irrelevante.

Máis ou menos, Cunqueiro xa era lido fóra de Galicia e desas prolongacións extraterritoriais que son os Centros Galegos e tiña un público seu. De Don Ramón a producción literaria en castelán apenas era coñecida fóra de Galicia e a producción en galego andaba dispersa ou mesmo esquecida. Era moi gabado, pero pouco lido mesmo entre nós. Sendo así, supoño que máis dun coidaría daquela que me pasaba un chisco da raia cando lese no prólogo ao *Parladoiro* que o consideraba "*un dos grandes escritores europeos ou hispánicos, según o ámbito a que se prefira adscribilo, da primera mitade do noso século*". Coido que hoxe xa non soa tan hiperbólico. Otero é todo un mundo e, malia a súa variedade, coherente.

Camiño de tal recoñecimento, o primeiro tiña que ser recuperar a producción galega que estaba perdida e, dentro dela, facer escolma. Don Ramón escribira moito e con moi desigual calidade, polo que é dos que gañan en escolma ou, dito ao revés, dos que perden se se edita canto escribeu. Por eso, polo de pronto, convíña darlle ao público unha antoloxía ou "*Obras Selectas*". Por outra banda, os seus escritos saíran en

3. *Obras Selectas*, Tomo II, *Ensaios*, páxs. 280-288.
4. *Obras Selectas*, tomo II, *Ensaios*, páx. 288.



Don Ramón con Borobó, García Sabel e Ramón Piñeiro entre outros.

edicións pobres, cheas de erros de prelo. Agora que comenzaba a haber algunhas maiores facilidades económicas compría que esas *Obras Selectas* tivesen tamén dignidade tipográfica e que a arca fose digna do pano ("El buen paño en buena arca se vende"). Con sorte mesmo poderían servir de galano para agasallos tal como se regalaban libros en castelán.

A Editorial Galaxia, daquela dirixida por Francisco Fernández del Riego, aceptou o meu plan de editar unhas *Obras Selectas* da súa producción galega en catro tomos (*Parladoiro, Ensaios, Novela, Poesia e Teatro*) e algúns amigos como Ramón Piñeiro e Domingo García Sabell mostráronse dispostos a me suministrar libros e orientacións.

Claro que Otero foi escritor bilingüe sen que se advirta diglosia e non sería honesto non ter en conta a producción en castelán. Eu confiaba en que alguén recollese tamén ao esencial da producción en lingua castelá (cousa que aínda non se ten feito hoxe), pero sobra demostrar que é a producción en galego a parte máis interesante e, sen embargo, máis descoñecida.

"Xa non morrerei aillado"

A escolma debía comezar polos artigos na prensa, xa que era a parte menos coñecida e que podía interesar a un público máis amplo. Daquela estaba dispersa en máis dunha ducia de xornais e revistas e, enriba, os artigos anteriores á Guerra Civil que non chegaran a ser recollidos en volume eran difíciles de atopar mesmo nas bibliotecas. Lembremos que os vencedores da Guerra Civil impuxeran unha represión tal que deixou como inexistente canto se escribira en galego deica entón. As revistas en galego deixáranse de publicar e non estaban nin nas bibliotecas (nin nas hemerotecas, se as había). Por exemplo, a revista Nós eu coñecina porque ma emprestou Ramón Piñeiro; se estaba nas bibliotecas públicas, ninguén mo comentara. Incluso os autores agacharan ou se desfixeran dos seus escritos en galego para non teren problemas co Réxime do 18 de xullo. Por precaución ou por descuido, tampouco Don Ramón conservaba exemplares dos escritos dispersos anteriores ao 36. Cando lle pedín materiais, non soubo darme máis que algunhas indicacións vagas. "*Correspondendo a sua pregunta coido que entre os curtos esquirtos xa saídos en feitío de libro estaría ben, pola sua siñificanza no tempo aquel, "Arredor de si" que foi ben mal imprentado. Eu tiña un exemplar. Anda emprestado. Case non sei onde. Miña muller encheu con artigos meus pegado(s) un grande cuadreno gardado, coido eu, na librería de Domingo G. Sabell. Piñeiro sabe de el. Eu teño algúns retrincos, pro sen ordre. Dos "Parladoiros" que duraron polo menos un ano inteiro din, non sei se con verdade, que os garda o marqués de Figueros. Entre meus papés aínda poderei pescudar algunha cousa. Pro todo pende da orgaización que Vd. escolmare. (*Carta de 9 de agosto de 1970*)*[5]". Noutra carta indicaba que tamén mandara artigos para a revista que publicara na Estrada

5. Cheguei a ter nas miñas mans ese cuaderno, pero os artigos foran pegados sin indicación do xornal nin da data e poucos poiden incluir na escolma. Terminada a consulta, devolvinlle o caderno a Piñeiro.

Ken Keirades, pero sen tampouco facer indicacións máis precisas.



"Parecíame que había dous autores galegos que merecían ser coñecidos e estudiados por máis razóns que a de seren galegos e nosos: Ángel Amor Ruibal e Otero Pedrayo".

Nestas condicións, había de ilusionarlle reencontrarse coas súas prosas de antes da Guerra das que nin el conservaba copia. O traballo durou tres anos. Aparte de termos entrevistas cada vez que el viña a Santiago ou ía a Ourense, cruzabámonos cartas e paga a pena recoller algúns anaquiños das súas, porque transmiten ben a emoción que lle producía esa ceifa. A miúdo ceiba nas cartas confesións de tristura, pero anímase asemade se acorda da preparación da edición.

Apenas coñeceu en detalle o proxecto, escribíame: "*Encheme de lediza e gratitú o proiecto. Un ou dous volumes de vellas prosas miñas, as máis esquecidas, han sere a croa e (a)legria da miña ancianidade. Todas naceron inspiradas polo amor da Terra e a amizade*" (9-VIII-70). Desa carta é o anaco antes citado sobre que non me podía facilitar materiais.

Eu íalle dando conta de como marchaba a colleita e a preparación do texto. Decidira agrupar os artigos por temas e seica lle pedira títulos para os grupos, porque en xaneiro do ano seguinte contestábame. "*Quedei en mandarlle algún tídoo que me figurase doado. Non chouta ningún no meu maxín, coberto de cinza volcánica e fría. Millor Vde. con máis circular e fondo enxergar*" (29-I-1971). Meses máis tarde comentábame: "*Moi ledo coa sua carta. Emocióname o traballo e como se queima pola miña causa. En verdade váiseme descobrir rexións e arquitecturas miñas e das miñas arelanzas das que estou esquencido. Non morrerei aillado. Graciñas*" (28-V-1971).

No verán de 1972 pasou Don Ramón por un dos trances máis penosos da súa vida sen que se desafogase con ninguén ata que se atraveu a me facer a confidencia[6]. A carta do 3 de agosto dá testimonio ben elocuente da tristura pola que estaba pasando. "*Dende que voltamos de Santiago non deixo de recordare as horas decorridas con Vde. e sua dona -b.ss.pp- cheas de isa fraternidade espritoal soio posibres no ámbeto da Nosa Terra sentida e vivida en infindo amore e espranza. Soio con Castelao, Risco, Lousada e algúns outros homes pasei horas semellantes. Honra e consoo do meu vivir agora oscurecido polos problemas da querida Trasalba. Vde. ben me comprende. Non sei como sairei dista proba de aceda ingratitude e cruel friaxe. Que Deus me axude. Escríbolle dende a vella casiña ourensán onde nacín. Ela garda pra min agasallos de nai*" (3-VIII-1972). Aínda obsesionado como estaba por esa outra angueira, non deixaba de se interesar polo meu traballo. "*Canto sinto a grandeza e fidalguía do traballo de Vde. millorando miñas obras de outro tempo. Que Deus llo pague*" (3-VIII-1972).


Se se había de dignificar a un escritor, cumpría dar ao público un texto uniformado, limpo de erros e máis dos defectos típicos dunha lingua aínda pouco elabo-

6. Carecendo de fillos, o matrimonio confiara nuha familia para que lle coidaran o pazo e máis a eles mesmos cando chegase a decrepitude. Nesa esperanza e para sair de apuros económicos, Don Ramón hipotecáralles o pazo de Trasalba. Por un indicio decatouse de que asemade perdesen a propiedade proxectaban botalos do pazo. O sufrimento foi tanto máis grande canto que o pudor impedíalles informar aos amigos. De visita na miña casa en Santiago nos festas do Apóstolo, atrevéronse a me informar da situación. Alertados por min os seus amigos de Ourense (en concreto, Don Xulio Francisco Ogando Vázquez) toparon unha solución. Don Ramón vendeu parte da finca, pero poido quedarse coa casa e máis o seu resío. Eu apuntáralle que o asunto tería máis fácil solución no caso de que el legara o pazo a Galicia. Supoño que eso contribuiría a que no seu testamento legase o pazo á Editorial Galaxia.

rada para os temas cultos (hiperenxebrismos, hipercultismos, etc.). Do mesmo día 3 de agosto data outra carta na que me dá a conformidade e aplauso para as melloras do texto e máis para a disposición que eu pensaba darlle á escolma de artigos. "*Considero que cas pequenas modificacións do texto en disposición e expresión vostede millora miñas vellas páxinas e en todo caso atinxe a maor craridade e eficacia de pensamento e fermosura -si a hai- de trama e urdime. Teño a chea confianza que os textos traballados por vostede representan auténticamente meu pensamento e deseo de forma*" (3-VIII-72). ¿Como dúas cartas do mesmo día con contidos tan diversos? Supoño que para me protexer contra acusacións probables e que efectivamente se me farían, teríalle solicitado unha confirmación escrita de que o autor estaba colaborando co editor.

Un ano máis tarde o choio estaba rematado. De entre un milleiro de artigos recollido de máis dunha ducia de revistas e xornais escolmei un cento longo baixo o título de *Parladoiro*. Este título fixose emblemático porque se supón que os artigos publicados baixo tal rubro foron os primeiros publicados en galego despois da Guerra Civil. A cousa non é tan ríxida. Polos mesmos días en que redactaba os Parladoiros en *La Noche* publicaba outros da mesma temática e estilo en *El Correo Gallego* sen tal lema. Os dous xornais eran da mesma empresa, un diurno e outro nocturno, e todo parece indicar que o feito de se publicaren nun ou noutro e con tal rubro ou sen el era azaroso e dependía dos directivos dos xornais. Por eso me permitín publicar baixo tal título artigos seus que non apareceran baixo tal rubro, porque ao cabo non topara diferencias intrínsecas entre uns e outros. De paso engadín algunha pasaxe dalgún libro seu que aínda hoxe non se reeditou.

Asemade tivo nas súas mans aquel 6 de agosto de 1973 o libro, quedou entusiasmado. Xa aquela noite firmou no meu exemplar unha longa adicatoria autógrafa chea de agarimo e un mes despois, xa co libro lido, ceibaba toda a súa ledicia. "*Quedei engaiolado ca arte superior de Vde. escolmando e ordeando ramos votivos na pulente vexetación de tantos artigos e ensaios da miña xuventude (...) Na empresa xenerosa de Vde. hai tamén unha recreación da miña personalidade soio no estilo da escolma de por si,*



"Escritores europeos non había daquela en Galicia máis que Álvaro Cunqueiro e Otero Pedrayo". Cunqueiro retratado por Maside.

en Vde. un estilo de crítica vidal. A edición saíu fermosa, atraente, por fora o libro semella a pel dun amieiro novo polo abril sementado de gromos. Penso que o público estimará xa como xentil e traballoso exercicio a laboura de Vde. cribando do tempo moitas boas intencións" (10-IX-1973). Remataba a misiva desexando un feliz curso académico e coa cortesía dun cabaleiro doutros tempos engadía: "*!Quen fora estudante para asistir ó seu curso!*".

Que esas louvanzas eran máis que cortesías co autor da escolma vese polo que escribía daquela ao seu amigo García Sabell[7]. "*Está moi ben o primeiro volume da miña obra*" (15-VIII-1973.) "*Saíu fermosa a escolma dos meus traballos, o primeiro tomo, moito lle teño que agradecer aos amigos*" (27-IX-1973).

7. No número extraordinario de GRIAL adicado a O. P. (núm. 52).



"Vicente Risco dixera que Galicia debía aportar a súa propia voz ao concerto das culturas. Otero foi quen máis e mellor soubo definir e expresar a cultura atlántica ou celta". Caricatura de Cebreiro.

Se cadra por este e tamén por algunha outra axuda moral naqueles derradeiros anos da súa vida, cando a miúdo se topaba deprimido (el dicía "tristeiro", "canso"), ceibaba na súa correspondencia frases sen dúbida hiperbólicas e que supoño que tamén diría a outros. O encabezamento da carta do 9 de San Xoán de 1974 dicía: "*Meu querido e ademirado amigo: A Vde. meu millor amigo, o que máis debo cecáis no mundo...*"

O latino Horacio gabábase de que os seus escritos garantizábanlle que non sería de todo esquecido. Otero, anciano, repite parecida vivencia. *Non omnis moriar.*

Pero poucos poden hoxe disfrutar deste libro que tanto ledicia lle dou a el. Publicado hai 27 anos e esgotado moi axiña, a editorial Galaxia, propietaria legal da súa obra, teno diríamos que secuestrado. Outra edición de artigos co nome de *Parladoiro* non supliría por esta porque esta ten correxidos os erros, ten distribuídos os materiais segundo temas, leva rubros que non aparecen nos orixinais e contou para todo eso coas aportacións e suxerencias do propio autor.

O mal da "catedritis"

Téndolle gustado tanto este tomo, non sorprenderá que desde aquela deica a súa morte, Don Ramón me preguntase unha chea de veces como ía a colleita e preparación do tomo seguinte que ía adicado aos Ensaios. Xa nunha das primeiras cartas posteriores á publicación do *Parladoiro*, mostraba o seu interese en ver o resto dos tomos. Contábame que estaba enfermo dunha bronquitis "rouca e lóbrega" e engadía: "*Miñas horas de contentamento son as da mañán, no leito, cando escoito a Prima na catedral e maxino esquemas de libros e de conversas con Vde. e outros amigos. Xa me tarda o II volumen*" (18-XII-1973).


Sen embargo, non vería en vida ese tomo. Daquela non había máis ca unha revista en galego e sobre temas galegos, e a única crítica que recibín nesa única revista (Grial) foi, aparte de aceda, unha advertencia para "intrusos" no eido gremial dos filólogos. Un catedrático polo demais ilustre topaba no libro como defecto precisamente aquelo que Don Ramón consideraba mérito. Se cadra coidaba que o dereito de propiedade da cátedra de literatura dáballe dereito a ser tamén propietario dos literatos, porque tomouse a licencia de lle berrar literariamente a Don Ramón por me permitir modificar un chisco os seus textos. Quero dicir, por achegar a ortografía a outra máis moderna, por suprimir parágrafos con eivas e lagoas insuperables, por desfacer erros mecánicos...

Dado que seica este "dómine agraz" recolleu esa crítica nun volume de escritos dispersos, disculparase que agora, pasados moitos anos, tamén eu dea ao público algúns dos comentarios privados que del fixo Don Ramón daquela. En carta de 18 de decembro de 1973, escribíame: "*Tamén a min me deixou xiado e disgostado o artigo crítico a que Vde. se refire na sua agasalleira carta, a cal chegoume hai uns momentos. Eu non podía supor iso de Carballo Calero. É vello e bon amigo. Vde. debe atinar: é un caso de hipertrofia de profesionalismo. Eu sigo enfeitizado e ledo ca empresa de Vde. É o*



meirande consóo da miña ancianidade... Cando lin o artigo de Carballo pensei enfermare. Ca carta de Vde. estou mais sereo. Vde., de todos xeitos, ten a millor posición: a fortecida por un traballo esencial e bo. Dentro dos galeguistas, sobre todo dos antigos, moi contadiñas veces se tén producido istos casos, de sutaque, non agardados". Noutra carta bromearía con que o devandito profesor padecía de *catedritis*, unha enfermidade, engadía, que acostuma atacar aos que chegan a catedráticos de vellos, anque el non a padecera porque tomara precaucións[8].

De todos modos recomendábame que, se lle respostaba ao crítico, a polémica fose "curta e precisa". Nin siquera eso. Pola miña banda, preferín calar e agardar a ver se quen tanto censuraba o traballo alleo se decidía a facelo el mellor. Comprobado que era como o can do hortelano que non come nin deixa comer, pasados dez anos acabei entregando á editorial Galaxia o segundo tomo das *Obras Selectas* adicado ao ensaio, que efectivamente se publicou en 1983. Pero para entón xa Don Ramón morrera. Hoxe todo esto non pasa de anécdota, pero daquela, críticas como esa tiñan efectos prácticos porque cando todo se facía desinteresadamente desanimaban[9].



"A Editorial Galaxia, daquela dirixida por Francisco Fernández del Riego, aceptou o meu plan de editar unhas Obras Selectas da producción galega (de Otero) en catro tomos".
Caricatura de Aguilera.

O destino das Obras Selectas

Destino tanto pode significar Fado como Destinación ("destino" dun militar ou dun funcionario). A quen ía *destinada* a edición dunhas *Obras Selectas* xa quedou dito: pretendíase que calquera lector poidera dispor do esencial oteriano en poucos volumes. Pero ¿que foi do proxecto? ¿que sorte correu? ¿que mal fado lle caeu?

Aínda chegou a saír do prelo un terceiro tomo das *Obras Selectas*, que tiña como contido a novela *Os camiños da vida*, edición ao cuidado de Carlos Casares.

Pero a editorial Galaxia cambeou de director, debéronse facer balances económicos e a edición das *Obras Selectas* quedou interrumpida. Certamente desde aquela a editorial ten editado outros escritos de Otero, dos que se falará máis adiante, pero non suplen por unha edición selecta e que se poida mercar por xunto e como obra unitaria.

No que toca ao tomo de artigos, aínda que se agotou ben logo e que é demandado polo público, Galaxia non quixo nestes trinta anos reeditalo. Seica se teñen feito preparos para unha edición completa dos artigos aparecidos baixo o rubro literal de *Parladoiro*, pero será, polo que parece, unha montoeira de pezas soltas en serie cronolóxica, edición perfectamente lícita pero se o texto non foi revisado, conterá unha chea de erros de prelo. A unha escolma soamente a deixa sen valor unha escolma mellor e ningunha honra maior para a miña que a de ter servido de modelo ou polo menos de estímulo para outra escolma mellor. Pero nin esa supliría de todo pola que hai, xa que esta agrupa os

8. Por desgracia non teño esta carta á man e cito de memoria.
9. Prescindindo de que o ilustre profesor poidera ter razón en tal ou cal detalle, sempre sospeitei que tras desa crítica houbera máis motivos dos que daba como razóns. Se cadra entre eles estivo o que eu non recollera ningún artigo dunha lista que benévolamente me suministrara, así como que o libro transgredía normas ortográficas apadriñadas por el. Despois este ilustre profesor, con méritos que ninguén nega, descubriría unha personalidade un chisco errática e faríase "reintegracionista".

artigos por temas, ten unha organización interna e con títulos internos aportados por min, e o conxunto foi consultado e supervisado polo autor.

Co tomo adicado aos ensaios, preparado por min e publicado o ano 1983, ocurreu algo peor: despois duns anos e visto que non se vendía, a Editorial liquidou os restos a precios de saldo, o que parece indicar que non ten mentes de reeditalos. O tomo previsto para Poesía e Teatro xa non chegou a ser editado.

Quen tope defectos nos dous libros de prosas cultas, que sen dúbida os teñen, cómpre que mire a data de edición destes tomos. Hoxe hai para todo subvencións, premios, becas, pero eso data de dúas décadas, desde que Galicia é unha comunidade autónoma. Cando quen esto escribe emprendeu a tarefa de editar eses textos de Otero Pedrayo, nin tan siquera se atrevía un a soñar con que o libro galego poidese chegar algunha vez a ter protección económica oficial e mamar das ubres do erario público.

A experiencia das Obras Selectas aínda que fracasada deixa a idea de recoller en poucos volumes o Otero Esencial e ao mellor realízase un día.

Edicións dignas

O caso do noso autor da ocasión pola súa rareza a ocuparse dunha cuestión tamén por eso rara. No fondo da crítica mencionada de Carballo Calero estaba a cuestión de se se debía reimprimir os textos de Otero tal como aparecían publicados ou se se debía limpalos de erros e axeitalos ao status dunha lingua xa normalizada. Otero Pedrayo escribía nesa fase da historia dun idioma na que desde unha situación dialectal busca atoutiñando a súa fixación, cousa necesaria porque, se se ha de establecer comunicación de mensaxes, unha lingua ten que ser código. En concreto, el foi o creador da prosa culta en galego, o que equivale a dicir que lle correspondeu establecer cultismos, facer metáforas do material ao espiritual, axeitar á nosa a terminoloxía culta doutras linguas. Todo *venerabilis inceptor* tense que atrever a cometer actuacións que os posteriores descubrirán que eran erros. Ademais, os transmisores (mecanógrafos, linotipistas) por non entenderen os cultismos, fácilmente substituíanos por outras palabras máis familiares.

Unha chea de escritos de Otero, mesmo relatos relativamente longos como Devalar, son como cadros de época ou pinturas murais nos que hai cousas moi varias unidas máis que por razonamentos ou por pertenencia a un mesmo reino ou especie, por esas que o psicoanálese chama "asociacions libres" do paciente no diván do psiquiatra. Quero dicir: asociacións por semellanza ou por veciñanza ou por un azar histórico que deixou para sempre vencelladas cousas de seu aleatorias. Nesa especie de manta farrapeira entrarán nomes propios, títulos famosos de libros, metáforas, alusións cultas. Sendo así está dada a ocasión para que se cometan erros (nalgunha ocasión o propio autor .*Aliquando dormitat* Homerus) e todo o conxunto perda sentido. Nun parladoiro topeime con que referíndose ao pequeno val do Sarela en Santiago chámalle "val do Templo" (con maiúscula). ¿De que Templo se a catedral está na encosta? Por ese detalle e por outros do contexto sospeitei desde o principio un erro dos transmisores, pero a metáfora era tan pouco convencional que nin o propio Otero Pedrayo me poido adiviñar que debía dicir. Só remexendo diccionarios, acabei dándome conta de que o texto do autor decía "val do Tempe", que polo visto era un miúdo val da Tesalia famoso na Antigüidade polo seu verdor e que pode suplir por tódolos pequenos vales onde nace un regueiro como o Sarela. Descoñecendo tal detalle da cultura grega, o redactor do xornal leu Templo onde dicía Tempe.

A esa situación engádese que o noso autor redactaba *calamo currente* sen reler nin apenas tachar nada, segundo consta polos manuscritos que conservamos.

O noso autor tivo sempre vontade de constituir unha lingua galega propia a base de diferenciar as palabras das correspondentes casteláns e, en casos, de preferir a portuguesa, pero desde que, despois da guerra, a editorial Galaxia foi constituindo unha especie de koiné, atívose a ela. Non obstante, non seguía regras fixas. Hai escritores da mesma xeneración –Castelao é un caso– que practicaban o lema da Academia da Lingua Castelá: eso de "*fija, limpia y da esplendor*". A Otero tanto lle tiña, por exemplo, escribir *pelengrín, pelerín, peleriño, peregrino...* Escribía as palabras tal como as oía dos beizos da xente sen lle importar poñer agora unha variante e despois outra. Polo entusiasmo e pola fluencia ou facundia de se expresar, non soio non era escrupuloso en seleccio-

nar a variante ortodoxa. Esta variedade, que debe ser respetada nos escritos nos que reproduce a fala do pobo, perturba moito nos escritos cultos, onde se dá por suposto que fala o autor mesmo.

Ao devandito cómpre engadir que Don Ramón redactaba todo a man e cunha grafía moi particular que fácilmente enga-ñaba a outros. Poño por caso, apenas cabe distinguir entre o erre e o ese. Raimundo García Domínguez ("Borobó"), redactor xefe e máis tarde director de El Correo Gallego e La Noche ten contado que tiña entre os redactores un especialista destinado xa a mecanografiar os textos de Otero para a linotipia e que tanto cismaba co choio que, estando no ramo da morte, o tema dos seus delirios de moribundo era o descifrar os artigos de Don Ramón. Para máis, frecuentemente as letras do xornal diluíronse e hai palabras ilexibles que fan incomprensible todo o parágrafo. Por outra parte, introducía moitas palabras e alusións cultas difíciles de descifrar por quen non tivese igual cultura.



"Otero foi escritor bilingüe sen que se advirta diglosia e non sería honesto non ter en conta a producción en castelán".
Debuxo de Conde Corbal.

En fin, Otero Pedrayo nunca correxíu probas. No caso dos artigos da prensa, nin agora é posible correxilas. No caso de revistas e libros porque daquela tampouco llas presentaban para corrección, dada a precariedade e falta de infraestructura en que se movía a edición de textos galegos, e os orixinais manuscritos andan perdidos.

Reimpresións

Por descontado ninguén vai negar a ninguén o dereito a editar os textos tal como foron impresos no seu momento, se esas edicións van pensadas como documentos para eruditos. Outra cousa é demandar que así se faga tamén nas edicións para o lector normal, o interesado polo asunto mesmo. A Prof. Aurora Marco xuntou baixo o título *De prosa miúda* os artigos publicados entre 1927 e 1934 nos xornáis *El Pueblo Gallego, Céltiga e Vida Gallega.* Para sorpresa dún, a compiladora que fixo un labor interesante, presume precisamente de non modificar os textos. Eso significa presumir de algo ben fácil e ven ser como se un inxenieiro presumira diante doutros colegas de que el, cando lle encomendan facer unha estrada, non se ocupa de establecer curvas de nivel nin de trazar viaductos nin calcular a liña máis recta nin nada deso, senón que simplemente bótalle asfalto á vella corredoira chea de curvas. Por non modificar nada, nin corrixe os erros de prelo en palabras cultas. Nunha soa páxina (a páxina 134) hai polo menos seis erros en topónimos que o autor coñecía ben e que non poden ser da súa autoría. O lector tópase con Wimar en lugar de Weimar, Elsineur en lugar de Elsinor, etc. A compiladora está fachendosa de respetar o texto, pero ¿cal dos textos? ¿o do autor ou o do linotipista? A autora manifesta que inclúe catro artigos publicados no *Parladoiro* para redimilos dos cambios feitos na miña edición. Paga a pena, efectivamente, comparar os dous textos. Na reimpresión de *Prosas miúdas*, neses artigos aparecen frases e mesmo algún párrafo enteiro sin sentido, o que parece indicar que á compiladora tanto lle ten que se entenda ou non o texto. Na miña edición todo se entende e nun caso no que non foi posible topar sentido, preferín suprimilo antes que deixalo absurdo, porque ningún autor escribe absurdos. ¿como se consiguíu dar un texto que calquera pode entender? Primeiro, familiarizándose cos manuscritos de Otero Pedrayo e sabendo que, por exemplo, neles o mesmo signo pódese ler como erre, ese ou zeta. Se unha palabra non figura no diccionario ou non ten sentido, compre supoñer que o linoti-

pista confundiuse e, por exemplo, leu ríase onde o autor dixera víase. Segundo, lendo a modiño con mentes de que todo teña sentido e, no seu caso, preguntando ao propio autor que daquela estaba vivo. A comparanza deses textos de *Prosa miúda* e de *Parladoiro* ven ser a mellor proba da conveniencia de librar aos textos do escritor de erros que non son del senón de "transmisores" que non tiñan a cultura de Otero Pedrayo nin tampouco tempo para demorarse en moitos requilorios, cando as prensas esperaban. Quen sí dispón de tempo e sen dúbida de cultura, é o compilador ou compiladora.

Por todo o devandito, coido que as edicións de agora, fóra das facsimiles para eruditos e lingüistas, deben adaptar o texto á grafía de hoxe. Unicamente cabería discutir esta norma no caso de peculiaridades do autor, que aí se cadra a peculiaridade debe ter preferencia sobre a norma común. Nos tomos por min editados, aínda sendo de prosa culta, respectei algúns ourensanismos como il (aquil, nil), ise, rubir, hastra, pro (en lugar de pero), pra (en lugar de para) Deica onde deba chegar esa licencia de sustitución dependerá de gustos e de criterios de valor[10]. *Extrema sunt vitanda.*

As edicións anotadas

"*Non disequedes aos poetas do XIX que, ao mellor, facedes vos, os homes serios das papeletas o rídulo de sólo* atopar *a forma do caminante na palla da pousada*"[11]. Algo deso podería dicirse de certos estudios e edicións que os eruditos están a facer del.

Nun intento de achegalo ao público en xeral, últimamente estanse reeditando obras soltas acuguladas de notas a pé de páxina para lle dar descifradas ao lector as numerosas alusións cultistas. Desde logo nunca están demais "edicións escolares" deste tipo, téñense tamén feito con Borges ou co Ulises de Joyce e, por descontado, coa Divina Comedia e outros clásicos de outros tempos. Outra cosa é que dispensen dos textos corridos tal como os presentou o autor. Que soamente un curto número de lectores ía a descifrar as súas alusións cultistas ben o sabía Don Ramón e, sen embargo, non fixo concesións. "A la minoría, siempre", pensaba se cadra, como Juan Ramón Jiménez. Góngora non sería Góngora se non fose culterano e parte do goce de lelo está mesmamente en que sexa tan retorcido e non fácil de entender. Esas edicións anotadas están ben para escolares e eruditos, pero o lector normal quere que non o distraigan innecesariamente do asunto e, por eso, prefire o texto limpo, incluso se non entende todo. Tamén hai o pracer de descifrar e eso mesmo de que non todo se entenda pode ser un engado máis destes textos onde todo se enguedella e se ensarilla como quen brosla un tapiz infindo. Intirrumpir a cada paso o texto para poñer os numeriños de notas a pé da páxina ven a ser como obrigar a un corredor de fondo a andar con muletas. Non a todos gosta o noso escritor, pero aqueles aos que goste teñen dereito a dispor dunha edición que non distraiga. Lelo nesas edicións anotadas esixe levar dous rexistros: o directo e outro transversal, e vólvese por veces tan pouco grato como se, ao comermos, tivera un que se parar en cada bocado para reflexionar sobre con que alimentos está condimentado, de onde viñeron, se ese prato o comeron antes persoas notables...

Pola rareza de algunhas circunstancias o caso de Otero préstase para documento para estudiar como o escritor ergue un idioma de labradores, pescadores e menestrales a idioma culto e como pasa de estado dialectal a lingua fixa. Nada hai que dicir contra que se o estudie baixo tal enfoque, pero sempre que non se esqueza que Don Ramón nunca quixo ser brinquedo de lingüistas e volvoreta de coleccionista chantada nun panel. Ao contrario, quixo ser un escritor vivo, que se entusiasmaba coas cousas todas e pasou pola vida en constante fervor estético.

"A edición saíu fermosa, atraente"

No seu día as miñas edicións do *Parladoiro* e dos *Ensaios* foron unha chanta no proceso cara a estabe-

10. Teño oído comentar que nas edicións de Galaxia, que cada ano se presentan no Día de Don Ramón en Trasalba, hai preparadores dos textos tan celosos da Normativa que mesmo substitúen palabras do escritor por outras que debería poñer se coñecera a Normativa. Substituir variantes paréceme lícito, pero substituir palabras paréceme xa excesivo. Non sexa que ocurra o caso de aquel chiste da *Codorniz*: !*Qué cambiado le veo, Don Pancracio!. –Es que no soy Don Pancracio".*

11. Entre os motivos da crítica aceda antes citada do Ilustre Profesor poido estar tamén este de transgredir as normas da Real Academia que el patrocinaba.

lecer unha grafía máis sensata. Esto vale maiormente para a edición de *Parladoiro* (1973). Daquela tanto a Real Academia como o Instituto da Lingua mandaban substituir o X das palabras cultas por S, porque seica era así como as pronunciaba o pobo. Segundo esa Normativa, debíase escribir *esacto* e *esplícito* en lugar de *exacto* ou *explícit*o. Con eso perdíase a posibilidade de distinguir entre *texto* (do libro) e *testo* (da pota), entre escritos *exotéricos* (para os de fóra) e escritos *esotéricos* (para os de dentro), eso equivalía a privar á nosa lingua dunha riqueza expresiva que teñen as outras linguas románicas. Ademais, segundo esas dúas altas instancias, debíase suprimir o C de *perfecto* ou de *respectivamente*. (Hoxe, en cambio, mandan escribir sempre *respecto*, eliminando a variante *respeto.*)



"Noutra carta indicaba que tamén mandara artigos para a revista que publicara na Estrada Ken Keirades".

Penso que ese libro foi o primeiro onde se desobedeceu esa norma que empobrecía a nosa lingua, por moi autorizada que estivera e se cadra mesmo tivo algunha influencia en que se abolise tal norma. Esto de que unha transgresión obrigue a cambiar a norma pode ser un exemplo e un escarmento para cando os lexisladores dunha lingua se excedan[12].

Na edición do *Parladoiro* tal como quedou despois do labor de esculcar cada palabra descoñecida para descifrala, soamente dunha non acadei a topala en diccionarios e vocabularios técnicos: *Pterolaria,* se ben non é difícil adiviñar a que apunta. Onde se ten dito que inventaba palabras, resultou que non eran inventos, senón desfiguracións dos tipógrafos. Nalgún caso, Otero dá un significado un chisco singular a algunhas (caso de *frieira* e *agás*), pero ao mellor en algures teñen esa acepción.

Malia a centos e centos de correccións en horas de traballo monótono, benedictino, aínda sobreviviron nomes mal escritos, acentos innecesarios, palabras extranxeiras mal transcritas. Sirva de disculpa que hoxe hai filólogos galegos de oficio, becas, axudas de investigación, equipos..., pero esto data

12. "A man na frente": *Parladoiro,* páx. 238.

de onte. Deica hai poucos anos este tipo de traballos faciamolos xentes doutra profesión ou especialidade en horas roubadas ao traballo que nos era máis propio.


O compilador xa sabía que non ía recibir remuneración económica algunha polas moitas horas de traballo e que tampouco lle ía servir de mérito no seu campo profesional que é a filosofía, pero contaba obter outras compensacións que, por desgracia, tampouco chegaron. O *Parladoiro* non se reeditou e tense dado o caso de antoloxías publicadas, como unha publicada pola Xunta de Galicia, onde se reproducen textos do libro tal como quedaron despois do enorme traballo de limpalos de erros. O compilador aprovéitase do meu trabllo pero non me menciona. "Cousas veredes..."

Non obstante, non considero perdido, senón moi gañado, tanto tempiño adicado a ler canto de Otero chegou ás miñas mans, buscar textos esquecidos e dispersos, e conseguir facer de textos cheos de erros de forma un texto limpo e digno da excelencia do dontido. Se cadra recibín a mellor retribución e ademais dobre. Primeira: a de ter traballado polo amor á cultura galega, sen oficio nin beneficio, porque eu son de oficio filósofo e ningún beneficio curricular me podía proporcionar un traballo no eido da filoloxía. Desto decatábase el ben cando me escribía: "*Emociónname o traballo e como se queima pola miña causa*". Segunda: a de ter descuberto Galicia descubrindo a Otero. Tomo a verba *descubrir* en acepción forte, na de cando un aparta o *cobertor* ou *coberta* que a *cobría* e queda a realidade choutante, viva, esplendente.

Sen excluir que se fagan edicións "facsímiles" para coñecer os estadios pasados da nosa lingua, así como edicións anotadas para escolares e persoas que non posean a cultura do noso escritor, cremos que nin unhas nin outras dispensan do tipo de edición normal, esa que se fai con mentes de que se faga posible a comunicación dunha mensaxe entre autor e lector...

Confiemos en que algún día o noso escritor acade o que outros máis afortunados teñen desde sempre: unhas edicións normais onde a "forma" do texto sexa tan normal que pase desapercibida. Daquela non serán necesarias toda esta longa reste de ladaíñas.

Carta de Don Ramón ó autor do artigo. 3-08-72



Ourense 3 de agosto de 1972

Sr. D. Carlos G. Baliño

Santiago de Compostela

Meu querido e admirado amigo e mestre: Moita lonxe e
forte aperta. Logo que os graves e fermosos estudos que Vde fai
algus amigos adican á preparación de unha grande antoloxía,
en realidade nova publicación das miñas obras de novela e en-
saio e tamen a escolma de artigos meus de diferentes esti-
los e tempos, requiro pola miña parte ademais do mesmo
vivamente agradecimento a expresión da miña total e íntima we-
homildade e aplauso cas pequenas modificacións do texto, en
dús punción e expresión, pois considero que os elas Vde millo-
ra miñas vellas páxinas e en todo caso atinxe e mesmo exa-
xidade e eficacia de pensamento e fermosura - si a non de
forma e contido delas. Teño a ideia confiadamente que os textos
traballados por Vde reflectirán auténticamente meu pen-
samento e deran de forma y siempre vello amigo en



Trasalba 10-IX-73 Sr. Dn. C. Us. Baliñas
Santiago de Compostela

Meu querido e sempre lembrado amigo: Fiquei enfeitiçado todo ca arte superior a
Vde escolmando e ordeando ramos votivos na prudente y exeitación de tantos
tiços e ensaios de miña xuventude. Empreso vou medo a verba. Vo esquezo como e
nesci e escribín artículos diantes que libros, da cosada a costa do tinteiro ans
cando ma outros xa es somas re alongan e o sol proxión ven o caro. Por iso y
do polos de mula mocidade andiroas, ven re de catro ben, do "tempo perdido"
E agora éu gozo e temo diante o téu entusiastico, a resposta leal de en
Relacunte ós ritmos galegos e non galegos. E o gozo e debor de ambulons
a través de formosos ramos da esplanada lenenza de as voltor a vida. Débo.
Ole infinde a Vde e voio téu grisme de que as miñas fadolas veno.
Meu fébles. Vo empreso xenerosa de Vde hai tamen moita verdade.
vivir de miña personalidade vois no estilo da escolma de poesía en Vde.
un estilo de crítica vidal. Vo atrevo saian formosa, atinante, que fora o
libro xemella a piel dun amicio novo polo abril xuventude de cromos. Pen-
so que o público estimará xa como sentido e traballou exercicio a le-
tura de Vde. cribando de tempos moitos bos intencións. O mesmo como
no libros que en lan xen pensar en miña como dicido que que os Ve-
es podemos facer os vellos... ¡Canta alegría, canta boa tristeza nos

Carta de Don Ramón ó autor do artigo. 10-09-73


Carta de Don Ramón ó autor do artigo. 8-12-73

Ourense 18 Xaneiro 1973

Sr. Dn. Carlos Xmable Baliñas.
Santiago de Compostela

Meu querido e sempre lembrado amigo: Tamén a min me deixou xia-
e disgustado o artigo crítico a que Vde se refire na nua asalleira carta, a
cal chegoume hai os momentos. Eu non podía supor iso de Carballo Calero
é vello e bon amigo. Vd debe atinar; é un caso de hipersensibilidade de fraternal-
lismo. Eu sigo entusiasmado e feliz da emprexa de Vd. E o mellor acordo
de miña anciandade. Non gosto de ser xurelleiro. Pro creido ser o millor xuiz.
Vde pode estar tranquilo. Está facendo boa obra. Non é tempo, non debe ser
lo nunca, de queixas ha tenerías. Vde, agora me decato de que respondera que
suplicalle que a polemica curta e precisa. Cando leín o artigo de Carba-
lle pensei cuberto moi serio. Vde, de todos
xeitos téñe a millor postura: a posteridade fará un traballo crenchas e
bota, diante os galeguistas, sobretodo os autores, moi contadeiros vo-
ces se téñe frontaleira estes casos, de se tropar, non agardedes. Pro de Vde
ben, chega Valor. Fita e mais eu desexamos ve na obra - 6 ss. hgs - Vde
e os fermosos retratos cheos de nubes bravas santas, puras e fondas
como fogo de emoción. Vo Valor e no Amanoro. E que o 74 agromo Vde
como unha xoven carballeira, nova, e valentes ramos de escribir. Eu





CAMILO FERNÁNDEZ VALDEHORRAS

O Barco, Ourense, 1959

É escritor e profesor de Filoloxías galega e portuguesa da *Universitat de Barcelona*. Doutor en Filoloxía Románica coa tese de doutoramento titulada: *O Gran Teatro de Mundo Galego de R. Otero Pedrayo. Estudio crítico global da Literatura dramática e escénica do autor. Cuns fundamentos de Hermenéutica, Poética e Dramaturxia.*

Poeta membro do Grupo Rompente de Vigo (entre 1977-1979), dramaturgo (Premio nacional de Teatro galego Abrente, 1977), lexicógrafo e ensaísta literario.

1. Obra literaria de ficción: *Progreso e andrómena de Antroido* (1978); *Silabario da turbina* (1978); *A cerimonia do té* (1997); "A morte natal e outros poemas" (1999); "Xinea" (2000).

2. Obra filolóxica: *Diccionario Esencial VOX Castelán/Galego; Galego/Castelán* (1997); *Diccionario Ilustrado Castelán-Galego* (1997); *Gramática de Uso del Gallego Estándar* (1997); *O Galego nas Ondas. Curso de Lingua e Cultura galegas en 25 leccións programas radiofónicos* (2000).

3. Obra ensaística e estudios literarios: *Enciclopedia Básica de Galicia VOX* (1994, 2 vols.); "La literatura gallega en lengua castellana, *Enciclopedia temática de Galicia* (1988); "Limiar e escolma de *Mínima antologia poética de Fermín Bouza Brey* (1992); *Eduardo Blanco Amor e o Teatro* (1995); *A lingua e a literatura galegas nos alicerces do Terceiro Rexurdimento 1976-2000* (1999).



Da poesía dramática e da dramaturxia de R. Otero Pedrayo

Cunha proposta taxonómica interna da súa Obra Escénica e Dialogal

Camilo Fernández Valdehorras

¡Hai tantas cousas que pescudar no prodixioso cosmos oteriano que abondarían para gastar as noites dun lector centenario!. Mais convén antepoñer a calquera outra consideración esta: a obra esencial de Otero Pedrayo foi a súa propia vida, fontana e espello de toda a súa obra. Tense dito de moitos. Pero quizais ninguén como Otero dentro dos seus marcos e con plena consciencia deles –nin a paixón de Dante, nin a mordedela orixinal de Nietzsche, nin a pudorosa dor de Cervantes, nin a vitalidade solar de Goethe– soubo aproveitar o minuto máis fuxidío para plasmar en obra verbal a *sinfonía* dun vivir. Se chega Otero a conseguilo por ausencia de inquedanzas ou por superación delas, iso quizais nunca o saberemos. Que cadaquén pense e resposte ó enigma ó seu xeito, cavilando na lectura das obras de Otero en consoancia coas súas teimosas recomendas: "hai que se afacer a fuxir sistematicamente dos xuízos feitos"; "o espírito galego non se pode hipotecar na admiración de ningún Mestre mortal".

1. Alicerces interpretativos básicos da obra ficcional oteriana

Equipados de amplas lecturas do seu corpus édito e partindo de obxectivacións críticas acerca da súa circia identidade, estamos en condicións de postular que o valor e a significación do legado verbal de Otero Pedrayo aparece cinguido por cinco *aprioris*. En primeiro lugar, é epifanía da Fe cristiá do autor;



Don Ramón coa súa dona Fita.

"O triunfo do espírito no mundo ó igual que en cada home individual somente se cumprirá despois da morte. Do remate da Historia. No reinado de Deus. Pola Morte á Vida sen refugallo nin pesadelo de Morte. O camiño de Cristo. O camiño de cada home e de cada pobo" (Vid. Morte e Resurrección, 1932: p. 33).

En segundo lugar, está vivencialmente iluminado polo sentimento metafísico e o sentido trascendente. Mais ¿en base a que criterios se artella este postulado? O primeiro é a inserción da Trascendencia na inmanencia a través dunha Filosofía do Camiño de signo providencialista. Velaquí unha pasaxe na que exalta o camiño e o camiñar como símbolos senlleiros que, tanto en clave histórica como místico-trascendental, debemos entender como vieiro de vida e redención:

"No mundo dos signos latexante de chamadas e degoiros, celta e románico, sensoal e metafísico, neboento e arelante, pousado no regostar ardente das subrimaciós, no mundo que envolve no bailado das formas o camiñar galego, *fica como símbolo senlleiro iste do camiño como creación apaixonada de todos os días, de todos os intres*. [...] (EPG, 21-4-1934; PM, 1988: 179-180).

E o segundo criterio é a adscrición a unha Metaantropoloxía dramática que refuga de toda concepción da Historia baseada nos principios do materialismo dialéctico e do positivismo crítico e que arraíza como paixón vital (*pathos*) na *saudade do máis alá*, conforme se deduce da cita, ligada a unha metafísica realista, panenteísta, de raíz "etnocéltiga" (vid. por exemplo, R.O.P., "Arredor do esprito céltigo", EPG, 8-1-1933; "O atrántico celta e galego", EPG,4-2-1933; "O espello brigantiño", EPG, 17-1-1934):

"I o sentido relixioso non se contenta co dramatismo exemprar e illado da vida de Xesús, por eixempro. Tódolos pasos dela [da vida de Xesús] interfiren xornaleiramente [i. é, diariamente] nos días do mundo. Ista *saudade do máis alá* chega a ser pesadelo, e sempre paixón. Índice dunha superioridade moral que agarda millores días pra se manifestare en filósofos que renovarán a filosofía...". ("O pesadelo do alem", El Pueblo gallego, 6-7-1930).

En terceiro lugar, está ideolóxica e pragmaticamente comprometido coa cosmovisión da Igrexa católica, e coa aculturación dos valores da doutrina cristiá na cultura de Galicia como Terra e dos galegos como nación elexida pola tumba xacobea; vid. "Afirmación Católica d'un Grupo de Nacionalistas" (Logos, 10, outono 1931, pp. 2-3), documento asinado por Otero Pedrayo xunto con outros nove intelectuais galegos, no que se le:

"Pol-o trunfo da conceición católica do mundo e da sociedade humán, e do sistema de valores éticos, estéticos e centíficos que o catolicismo cria e representa...".

En cuarto lugar, está histórica e politicamente encarnado na ortopraxe de *pathos* e *ethos* cristiá



que se incultura *no Galeguismo* como obxectivación das determinantes que existen no ser de Galicia; ideario que é á vez o ariete anticentralista e antiuniformista con que loita a prol da afirmación de Galicia como país negado e marxinado polo Estado español.

"A cultura como o esprito, a patria como a alma, fanse en cada intre. Na Galicia a estrofe e o arado facían a mesma sementeira de vida. E dista fonda e maina vida animada pol-o esprito do tempo románico, de alegría barroca, do ideal romántico, tiña de nascer unha política: o *Galeguismo*. Tódalas determiñantes do galeguismo existían no ser de Galicia, mais latentes, en potencia, apenas desenroladas.

En quinto lugar, está vinculado a un idiosistema de organización da vida (nucleado na familia e na parroquia) que se rexe polo modelo de desenvolvemento das formas productivas características do ciclo de tránsito do precapitalismo ó capitalismo clásico. Son as propias do *aggiornamento* do sistema do Antigo Rexime –o Gran Século das luces, da Ilustración e do Barroco– que, para Otero, é o que conxenia cos trazos definitorios do que Galicia tén de máis auténtico e orixinal:

"...A figura social é a familia fortemente avencellada polo amor., o repseito á muller, o imperio da tradición petrucia, esencias de forteza, prudencia i-espranza, a parroquia e a comarca dentro da unanimidade da terra galega. *A familia e a parroquia son vivir interior* que conxuga a concencia dun pasado e a seguranza de un porvir [...] Por consecuencia, a forma económica non pode ser outra que a pequena propiedade ceibe e familiar, o traballo comunal, a pequena industria. Nin o latifundio, nin a grande eisprotación industrial da terra se poden acompasar co ser galego. Tampouco a grande cidade [...] Diante a política galeguista preséntase unha triple laboura: coñecer a realidade galega, erguela, madurala até esborrallar toda outra realidade mintireira e acompasada ó ritmo do mundo. Galicia é iso e ademais unha cultura..." (R.O.P., "O ser inmorredoiro de Galicia", A Nosa Terra, 15-11-1935).

Obviamente, o valor e sentido do *corpus* literario oteriano remanece do feito de que estes *apriorismos* se atopan textualizados e esteticamente incardinados en dous eidos: dun lado, na súa forma da expresión (a linguaxe gramatical, estilística e retórica); e doutro, na "substancia" do seu contido (a temática-simbólica) ó redor do que debemos entender por "Galiza" no senso oteriano (etnocentrismo e fideocentrismo). Pero dito o que precede convén suliñar o que a crítica adoita esquecer con excesiva frecuencia: que tanto unha coma outra polaridade deben ser avaliadas na dobre articulación epistémica (inmanente e transcendente) que esixe a "forma de ser" e a cosmovisión de Otero Pedrayo como poeta dramático e mestre paidético. Ámbalas dúas asimiladas e superadas na hermeneuse relixiosa. E iso é o que imos tentar de bosquexar unha miga nos epítomes seguintes

2. Algunhas regras de lectura da obra dramático-escénica de ROP



Debuxo de Prego de Oliver.

2.1. En xeral, no plano epistémico, cómpre ser coherente e consecuente coa seriedade das conclusións hermenéuticas que proclaman a cosmovisión católica e a Tradición galaica como *axis mundi* nodais do ideosistema, da estética, da poética e da dramaturxia de R. Otero Pedrayo; cómpre, polo tanto, esguellar toda tentación de reduccionismo, ben sexa no plano estilístico-formal no que o risco estriba en pecharse no inmanentismo (positivista, estructuralista, semiótico, gramatical, etc), ben sexa no plano dos contidos no que o malentendido reside en cinguir a interpretación a claves antropocéntricas, laicistas e utópicas, culturalistas e ideolóxicas.

2.2. En concreto, no plano poetolóxico, cremos que o primeiro principio rector do estudio dos



textos dramáticos de Otero Pedrayo consiste en abolir o enfoque obsoleto que infravalora a súa fonda *dramaticidade* en forma *narrativa*. É dicir, cómpre combinar o enfoque do *mimético* (que exalta como criterio de valor primordial a observancia da imitación de accións, tamén denominada "escena inmediata") e o enfoque do *diexético* (é dicir, a concepción do "dramático" baseado no relato dun narrador posto en forma escénica como guía dramatúrxico da acción representada, tamén denominado "resume panorámico").

O "preludio a toda estética futura" de Otero Pedrayo como *dramaturgo integral* (segundo nós o postulamos) consiste en exiliar ese prexuízo tradicional (que prevaleceu na avaliación da súa producción, vigorizado quizais pola óptica do maxisterio crítico de R.Carballo Calero[1]) afeito a conceptuar só como "literatura dramática" aquelas *pezas escénicas* ou obras dramatúrxicas que cumpren as condicións *teátricas,* cinguidas ó prisma aristotélico de "drama de forma pechado" e con forma dialogal exenta.

A Poética oteriana é, pola contra, esencialmente de nódoa *dramático-dramatúrxica* (o que o propio Otero Pedrayo denomina *"a dramaturxia da forma interior"*) polo que o aspecto quizais máis caracterizador da unidade do conxunto é a alta productividade que acada a *dramaticidade* da súa linguaxe como epifanía *de representación* e de *simbolización* dos contidos de conciencia do autor na súa dobre vertente interna (*eidética*) e externa (*xenolóxico-textual*) apoiándose nunha ampla polifonía de voces figurais que, sen perderen en ningún caso a súa identidade *monolóxica*, producen a impresión artística dun universo heteroglósico poboado de vida.

Nesta Poética os conceptos estéticos e as categorías xenolóxicas *non forman sistema*. Son signos envoltorios de símbolos (figuras, metáforas, alegorías) que propician unha manchea de transformacións e transcodificacións semánticas de difícil reducción á lóxica categorial das Poéticas ó uso. A *alegoría,* procedemento que opera como unha asociación de imaxe e de abstracción intelectual, eríxese en primordial figura cognitiva da actividade hermenéutica.

Como se sabe, a diferencia entre símbolo e alegoría é substancial porque o símbolo precede á interpretación lóxica, é *pre-hermenéutico*; a función semántica do símbolo é a dunha "transparencia" ou "suxestión" e non a dunha "traducción" lóxico-discursiva, mentres que a alegoría –sobre todo a chamada alegoría de tipo medieval, como adoita ser a de Otero– é un tropo que contén unha verdade doutrinal (anagoxismo) e opera como instrumento filosófico. Orabén, convén suliñar que na obra de ficción de Otero alegoría e símbolo non se exclúen senón que se complementan. A alegoría oteriana (que cobra forma de *relatos parabólicos* e dunha grande variedade de *prosopopeas* ou personificacións de abstraccións intelectuais) é a reencarnación dun ideal no seu caso primordialmente relixioso (malia presentar con frecuencia o aspecto de ideal mítico, filosófico ou histórico), ideal representativo da civilización cristiá de Galicia ó servicio do que interpreta as súas supremas aspiracións.

Epifanía dunha Estética sincrética, de inspiración medieval (léase o suxestivo ensaio, metódico a este respecto, publicado na revista Nós, nº 43 e intitulado "Meditacións composteláns: Trivium e Quatrivium"), de substrato *románico* e *barroco* presidida polos principios da *liberdade entendida ó modo "romántico" relixioso (é dicir, católico)* e da *intuición simbolista* (neomedieval e trascendental), tradicións nas que Otero Pedrayo

1. O profesor R. Carballo Calero (1975), na súa *Historia da Literatura Galega contemporánea* adícalle ó estudio de Otero Pedrayo 22 páxinas (pp. 663-685), das cales só dúas inviste en examinar o que el designa "Teatro": comenta as dúas pezas tópicas, *A Lagarada* e *O desengano do prioiro*, que "ao que semella o autor non as pensou con propósito inmediato de representación. Unha delas é unha miscelánea dialogada, unha "sátira" [sic] no sentido primitivo deste vocábulo. A outra é espresamente designada como "farsa tráxica pra ler"... "unha verdadeira traxedia dionisíaca... e poucas obras dramáticas galegas están concibidas con tanta pureza xenérica. Querse dicir, con tanto sentido teatral [sic]". Ó noso modesto parecer o ilustre profesor, alén de condenar ó ostracismo a ampla e diversa producción dramático-escénica do autor, erra garrafalmente nas dúas apreciacións críticas que realiza: o *Desengano do Prioiro* é unha composición híbrida mestura de *comedia dramática e auto relixioso*, ficción alegórica de contido maiéutico e apoloxético; e *a Lagarada*, segundo a nosa análise, é un *traxidrama cristián* que, fatalmente, dada a súa complexa dramaticidade heurística, empobrece a súa identidade artística de maneira gravosa cando se escenifica teatralmente. Mesmo cando a posta en escena cobra formas veristas tan intensas como na estrea da peza, realizada no espacio natural do pazo Otero Pedrayo en Trasalba.





Don Ramón na súa mesa de traballo.

atopa en xérmolo os cánones rectores do seu sentir e do seu cosmos temático e a súa peculiaridade estilística[2].

2.3. De acordo co devandito, Otero Pedrayo constrúe un universo verbal presidido polo *Logos* (o Verbo bíblico que se fixo carne -*sarx, Cristo)*. Este *logocentrismo* de inequívoca xinea relixiosa (e non filosófico-especulativa como puidese aparentar nalgúns casos), aparece textualizado artisticamente baixo innúmeras formas de expresión e figuras ficcionais ("formas de discurso" que transcenden os modos discursivos convencionais e hibridizan os xéneros tópicos). De acordo coa natureza postromántica e postsimbolista da mentalidade de Otero englobámolos baixo a denominación poetolóxica de *Literatura mixta (*a cal, dito sexa de paso, foi a práctica discursiva á que mellor se acomodou tamén o autor do *Teatro Crítico Universal*, o seu máis caro mestre espiritual, o Padre Feijoo*)*.

Literatura mixta en tódolos sensos (diéxetico-mimética, poético-retórica, filosófico-relixiosa, ficcional-doutrinal, etc) nunca pechada sobre si mesma (composta a modo de *eloquio*, como prego, confesión "agustiniana" ou divertimento estético-moral da criatura que reverencia o Creador) e á vez aberta (ó xeito de *coloquio*, a procura da *communio)* ó lector, sempre ó *lector* como interlocutor imaxinario, mesmo no propósito xerminal daquelas "pezas" –como por exemplo *A Lagarada*– con feitío escénico expreso, nas que o autor abstrae a identidade da representación "teátrica"/"escénica" expresa co recurso á fórmula simbolista "peza pra ler e queimar".

2. Vid. J. Domínguez Caparrós, "Interpretación cristiana de los textos: Santos Padres y Edad Media", *Orígenes del discurso crítico*, Madrid: Gredos, 1993, pp. 132-215. Neste senso, gusta comprobar como un dos mestres máis prestixiosos da crítica literaria contemporánea, cal é N. Frye, escribe no seu célebre *Anatomía de la crítica* (1957:100) un corolario que semella escrito á mantenta para definir o modelo crítico-interpretativo máis congruente coa identidade da obra ficcional de Otero: "Parece inevitable la conclusión de que una obra de arte literaria contiene una diversidad o secuencia de significados. Sin embargo, rara vez se ha hecho frente, con toda equidad, a esta conclusión en la crítica desde la Edad Media, cuando se tomó de la teología un esquema exacto de significados literales, alegóricos, morales y anagógicos para aplicarlo a la literatura".





Debuxo de Maside.

2.4. Nesta perspectiva fenomenolóxica, as *Opera Omnia* de R.O.P. consisten, pois, nun *Theatrum logocéntrico*, teatro de arte verbal ou "teatro de palabras/máscaras" (especular dun *theatrum mentis, teatro de conciencia* do autor) que adopta a dobre forma empírica e textual de *epos monolóxico e mímese dialogal* e ten como espello de expresión a Literatura baixo as máis variadas formas discursivas (e dentro desta, sinaladamente a Literatura dramático-escénica de virtualidade teátrica).

En termos histórico-literarios, se ben o termo "teatro de arte total" (*gesamtkunstwerk* ou obra simbolista de arte global) foi acuñado por R. Wagner como denominación aplicada á estética das súas óperas, a filiación artística que latexa na súa base pertence o ideario do movemento simbolista de calquera época e singularmente de finais do s. XIX[3] e o primeiro tercio do século XX**.** Como salienta P. Pavis (1984:238), "*para el simbolismo, la obra de arte y en particular el teatro forma un todo significante y autónomo, cerrado en si mismo y que no corresponde mimeticamente a la realidad*". A arte literaria de Otero Pedrayo, ó erixir a *escritura* en "discurso vivido" (formalizado na xa comentada *estilística simbolista* máis rica e complexa de toda a historia da literatura galega) instaura a obra verbal como heterocosmos, *Theatrum* no que se representa a Dramática (interna e externa, isto é, patética e problemática) do seu Mundo e onde se opera a interacción –a *communio*– entre a conciencia de si mesmo como emisor e a dos receptores.

2.5. O termo *teatro* cómpre entendelo en senso lato, na acepción *eidética* en que o empregou, por exemplo, Feixoo *(Teatro Crítico Universal)* como epígrafe do compendio dos seus ensaios.

Con este emparéntase o senso *teatrolóxico* estricto de *Gran Teatro do Mundo* ó modo calderoniano no que espellamos a fórmula do *Magnum Theatrum Gallaeciae* (o Gran Teatro do Mundo galego) e o *Theatrum Mascarae* (Teatro de Máscaras) *de Otero Pedrayo.* Como expresión obxectiva dun universo inmanente radicalmente vivencial (e mesmo confesional e autobiográfico) pero entitativamente aberto ó mundo trascendente, envolto na cosmovisión católica, inspirado na Tradición histórica galega e expreso en *linguaxe neorromántica e simbolista* de raíz dramatolóxica. Un cosmos creador politonal e pluridiscursivo cinguido ó *drama* entendido fenomenoloxicamente como resultante das tres acepcións seguintes:

3. O propio Otero Pedrayo, reflexionando sobre o século de Feijoo, planteouse a pregunta acerca de cómo definir o (meta)xénero artístico-literario emblemático dese "século orchéstrico". Cremos que este non é outro que a *meta-dramática* e *o Teatro total* postulado polos simbolistas pero mediado pola concepción da arte romántico-cristiá:"En conjunto, el siglo de la ópera, de los bailes de corte y los banquetes, del vestirse "pour aller en ville", de los desfiles de carrozas de cristales, es *un siglo orchéstrico* podríamos decir y no falta *la orquéstrica de la muerte. No sabemos si este género artístico-literario en que participan la arquitectura, la escultura, la poesía, la oratoria, la alegoría y el símbolo, las artes menores, la Música, la indumentria, la Mímica, tiene nombre o no. Y de inscribirse entre las categorías estéticas si corresponde* a *la dramática* y cómo" (Feijóo; X: 450-451).





Don Ramón cos artistiñas *ourensáns.*

1) como formulación *meta-antropolóxica*: o "drama" enxergado como *dynamis ou acción sicolóxica* (ou mellor, *dramática moral*, no senso etimolóxico e amplo da expresión) mediante o método dunha Hermenéutica Humanista católica (forma e contido da Fe revelada, sentida relixiosamente, de base filosófica platónico-humanística, de expresión poético-simbólica e de arela ético-metafísica), nucleada sobre un eixo místico: *o Amor cristián*, *Cristo* como metasímbolo no que converxen e se superan tódolos símbolos, tal como esixe para o católico a crenza no dogma expreso no Credo: o *Misterio do Unitrino e da Encarnación.*

2) como principio *filosófico*: o "drama" entendido como "tensión", "problema" e "conflicto" da alma humana inmersa na dinamicidade interna e externa do seu *eu*, da historia e da vida, (o que instaura a *forma mentis* da cosmovisión dramatúrxica do autor);

3) como método de configuración *escénica*: o drama formalmente "teatralizado" (isto é, posto en texto, en espacio, en tempo, en figura, en voz e en escena virtual), configurado e obxectivizado pola arte verbal e polos recursos da Poética, da Retórica e da Teátrica.

2.6. A literatura dramático-escénica *stricto sensu* de Otero Pedrayo así considerada non foi polo de agora obxecto dunha análise sistemática e rigurosa por varias razóns, entre as que coidamos sobrancean algunhas *de forma* e outras *de fondo*. Tocante ás primeiras, o feito de que nunca se amosou asequible en edicións axeitadas, nin para o grande público nin para o estudioso, dando por insuperable a evidencia da extrema dispersión en que se atopan non só as publicacións hemerográficas en que colaborou senón tamén as escasas (ata hai uns anos) edicións circulantes dos seus libros de cabeceira. É pertinente relembrar aquí que algúns dos seus mellores textos dramático-escénicos a) son *breves* (poñamos por caso, *Tren Mixto*) como esixe a Poética simbolista, na que a brevidade no formato non equivale a sinxeleza senón que resposta ó sintetismo como principio de configuración artística; e b) foron éditos como artigos de xornal e só moi recentemente rescatados en formato de libro (vid. *Teatro Ignorado* de R.O.P., edición de Aurora Marco, A Coruña: Laiovento, 1991); e o feito de non dispoñermos dunha catalogación do legado, rigorosa e exhaustiva (ata onde iso sexa posible) empece fundamentarmos e contextualizarmos cada producción concreta no horizonte de totalidade.

Tocante ós problemas *de fondo* que complican a súa eséxese, coido que as razóns salientables son sobre todo tres, alén da alta complexidade do seu rexistro estético:

(1) o carácter *fragmentarista* da súa dramaturxia, departida nun mosaico de cachiños e pezas dun



Debuxo de Mantecón.

puzzle que se interrelacionan ó longo de case 50 anos de escrita de modo que semellan unha auténtica constelación de partículas flotantes no baleiro interestelar da galaxia da súa literatura susceptible de ser sometido a un amplo elenco de tipoloxías xenéricas;

(2) o prexuízo *antidramatúrxico*, xa mentado, de que son víctimas os estudios literarios galegos (e non só a producción dramático-teatral de Otero Pedrayo senón tamén as mostras de máis valor da nosa dramaturxia). Un prexuízo segundo o cal se continúa reducindo a complexidade do fenómeno dramático-escénico ós dictados da *mímese* aristotélica (imitación dunha acción), e polo tanto menosprezando o valor do discurso dramático intrínseco, sen enxergar que *a diéxese*[4] (i. é, o relato dun narrador-dramaturgo operando de "director de escena" intradiexético, que é polo tanto quen introduce as figuras e as réplicas directas dos personaxes e configura o ambiente espacio-temporal) acada tamén categoría de función pertinente para enxuizar *a obra non explicitamente escénica dun autor,* debendo ser estudiada en consoancia coas esixencias do método dramatúrxico;

e (3) o desenfoque histórico-estético en que se veñen movendo as achegas críticas á dramaturxia oteriana, segundo o cal certo estudioso literario chega a escribir afirmacións tan peregrinas como que "o primitivismo, a volta ás raiceiras ou o orientalismo serán puntos de partida e confluencia de autores como Yeats, Valle-Inclán e o propio Otero, orientacións que nos axudan a comprender, contextualizar e estudiar a súa obra"; ou algo máis adiante, "no seu fondo eclecticismo formal e na súa manifesta heteroxeneidade estilística semella estar apuntando algúns dos trazos que van caracterizar o espírito da posmodernidade, alomenos nos seus aspectos máis salientables"[5]. Observemos, en contrapunto, o encadre que ofrece da súa concepción do teatro e da creación para a escena do dramaturgo de Trasalba[6]:

"...O intrés do teatro acéndese pra o entranabre apaixonado, mais non arredor da escea, e non soio na área das candilexas. Curto espacio e no esprito, siñificanza e forza de evocación, os dous hemisferios da historia universal e do alem da historia do corazón. [...] E pode cavilar na exempraridade de un lexítimo Teatro Galego. De siño e torgueira céltica, oucidental, de esencias líricas dramatizadas. Onde o mundo e o trasmundo, cotiáns, aparezan como lem-

4 *Fundamentos teóricos.*
Vid. N. Friedman, "Point of view" (1955), en *Form and meaning in fiction, The University of Georgia*, Athens, 1975, pp. 142-156; reprod. in *Teoría de la novela. Antología de textos del siglo XX* (Enric Sullá ed.), Barcelona: Crítica-Grijalbo, 1996: pp. 78-87. Como se sabe, o punto de vista domina todo o problema do método en literatura dado que nun texto literario non existe ningunha autoridade *externa* á composición. Segundo as regras de arte máis consagradas na creación literaria, un texto artístico ben feito é aquel que demostra *posuír unha perfecta congruencia entre o tema e a forma sendo a mellor forma aquela que desenvolve con éxito as potencialidades do tema.*
5. R.O.P., *A Lagarada. O desengano do Prioiro*, Estudio literario de M. Fernández Vieites e edición, estudio lingüístico e glosario de H. Monteagudo, Vigo: Galaxia, 1998, pp. 12 e 31.
6. R.O.P, "Prólogo" in M.D. Varela Buxán, *Teatro galego*, Ed. Celta, Lugo, 1975, pp.1-6.



branzas ou promesas do infindo misterio.[...] Unha escea de abondo abaladoira pra facer abrir os ollos e pra soar aprausos os puños pechados ó mesmo home meditativo de Van Gogh...".

2.7. Por conseguinte, o recoñecemento do sincretismo formal na peza dramático-escénica no senso de articulación *mímese-diéxese (sincretismo* que, dito sexa de paso náda ten que ver co mentado "eclecticismo"), esixe a adscrición da maior parte das pezas oterianas á Poética simbolista do *drama de forma aberta* (neoaristotélico, nado baixo o signo do *Segundo Fausto* de Goethe, vid. V. Klotz) que, xunto coa Poética realista do *drama épico* (neste caso si, antiaristotélico) son as dúas correntes dramatúrxicas (neorrománticas e postsimbolistas) máis anovadoras do tempo en que escribe Otero Pedrayo[7]. Nelas modélanse, certamente, tamén as heteroxéneas tendencias chamadas "vangardas de entreguerras" (cubismo, futurismo, dadaísmo, expresionismo, surrealismo...); pero a ningunha delas se pode adscribir, en rigor, a Estética Dramática de Otero Pedrayo malia partillar algúns recursos desa Poética do "drama de forma aberto", que no legado oteriano se adoita presentar baixo o feitío de *drama de cadros* ou *stationendrama. Neste* tipo de pezas –como *A Ponte*, por exemplo– se ben nalgúns casos se perde a verticalidade aristotélica da estructuración das partes, consérvase sempre a horizontalidade cumulativa –neoaristotélica– na que a liñalidade e o desenvolvemento de tensión/ distensión do drama enteiro son reemprazados por estructuracións distintas (cíclicas, repetitivas e contrastivas) coas súas tensións e distensións particulares, pero sen nunca abandonar a organicidade de sentido que é propia do "ilusionismo dramático" e da dramaturxia aristotélica.

Don Ramón con Valle-Inclán.



3. A literatura dramática de ROP: concepto e proposta taxonómica

3.1. Deslindes nocionais.

Para mellor aprehender o cerne da cuestión sobre o conxunto da producción intelectual oteriana, comezamos por establecer unha taxonomía clasificatoria xeral disterando dúas grandes tipoloxías epistémicas (obra ficcional /non ficcional). Como ficou dito, trátase dunha dicotomía tan arbitraria e convencional como, por exemplo, aqueloutra entre *texto* e *escena* (pois en bo senso filosófico[8], o texto non é máis que a *escena esencial e primeira,* espacio "teatral" (no senso de visual) *de*

7. Vid. P. Szondi (1983), *Theorie du drame moderne,* Luasanne: L'Age d'homme; E. Olson (1985), "Efecte dramátic i forma dramática", *Tragèdia i teoria del drama,* Barcelona: Quaderns Crema, pp. 143-160.

8. Vid. E. Staiger (1966), *Conceptos Fundamentales de Poética*, ob. cit., p. 154, onde lemos: "Lo teatral y lo dramático no significan la misma cosa. No obstante, se contradiciría toda la terminología adoptada por el uso si se pretendiara negar la estrecha relación que existe entre ambos términos. ¿No estaríamos acaso en lo cierto *si se entendiera lo dramático no desde la esencia de la escena, sino a la inversa, la implantación histórica de la escena partiendo de la esencia del estilo dramático*? Una consideración fenomenológica no tolera más que esta interpretación. *La escena como único instrumento adecuado para una nueva poesía ha sido creada partiendo del espíritu de la poesía dramática*".



escenificación eidética, onde se *mostra* a linguaxe referencial e simbólica coa que o autor conta, se representa e se escenifica perante os ollos do receptor).

Adhere esta taxonomía das formas artísticas oterianas a un horizonte de clasificación mentalista (acorde co ideosistema autorial) segundo o cal todo escrito en que o autor transfere, fabula, proxecta os seus contidos de conciencia en formas simbólicas, especulares respecto á súa identidade, tal escrito debe ser, *strictu senso*, avaliado e catalogado como *producción dramática* ficcional en primeiro grao (sic). Desta sinóptica formulación crítico-mentalista dedúcense de contado tres corolarios:

1) que tódolos escritos que convencionalmente se denominan artísticos ou literarios pertencen –*a priori,* aínda que en disímiles graos existenciais, como categoría epistémica– ó universo *dramático;*

2) por conseguinte que *a dramaticidade*, en canto proxección tensional dos contidos da conciencia humana que se proxectan no texto literario, constitúe a esencia ontolóxica e a especificidade existencial do que, no ámbito das ciencias humanas, convencional e polemicamente se denomina "o literario" (sexa exposto en forma *mimética* ou *diexética*, dito de modo máis técnico, en forma de "*confesión ou efusión lírica*", *"escena inmediata"* ou de *"resume narrativo"*). Pois como ben salienta Staiger, o mesmo "teatro" deriva da esencia do estilo dramático.

3) e finalmente, cómpre salientar que, se ben á luz da definición teórica proposta o sintagma *literatura dramática* é un groso *pleonasmo*, no eido da crítica e historiografía literarias esta denominación posúe tan longa tradición terminolóxica e operativa que resulta pouco menos que imposible libertarse do seu (confuso) emprego nocional. Como se sabe, a denominación consagrouse para aludir, de maneira tan tópica como acrítica, a aqueles textos literarios que, conforme o seu feitío externo (i. é, a súa configuración poetolóxica), posúen intencionalidade autoral e potencialidade performativa de índole *pragmático-escénica directa*. Isto é, textos cunha *morfoxenia* e unha *morfosemia* en virtude das que se institúen como formas simbólicas da conciencia do seu autor orientadas á representación *escénica e teátrica*. No límite, na terminoloxía dos tratadistas afectos a esta denominación que designa, reductivamente, a literatura dramática como "xénero teatral", a *literatura dramática* oponse dialecticamente á *literatura* en modo *lírico* e á literatura en modo *épico*.

En contrapunto, para os estudiosos da Poética Dramática contemporánea[9] (Szondi, Pavis, Klostz, Olson, entre outros), tal categorización está totalmente *obsoleta* como esquema de clasificación das formas literarias. Conforme estes estudiosos, como *Dramática* débese enxergar o conxunto das formas simbólicas autosuficientes dotadas, respecto á realidade da conciencia, dunha *dobre dimensión (eidética* e *escénica)* –isto no caso dos textos se presentaren externamente sob a forma de "pezas" para o Teatro, libretos ou "dramas teatrais"– dimensión configurada textualmente (i. é, na inmanencia do texto) pola "linguaxe escénico-pragmática" expresa.

En suma, nas formas simbólicas do texto artístico de xinea dramática pódense entrelazar os seguintes códigos de linguaxe (gramatical, literaria-estilística e escénica):

1) *o código lingüístico* –a *lingua gramatical* galega, maioritariamente no caso de R.O.P.– como primeiro complexo simbólico intermediario entre a conciencia do autor e o receptor;
2) *o código retórico-literario* –a *linguaxe estilística*, exhuberante e persoalísima no caso de R.O.P– sobrecifrado no código lingüístico como segunda estaxe de dramatización dos contidos de conciencia entre o texto lingüístico e o receptor;

3) e *o código escénico-teátrico*, ou sexa, a *linguaxe escénica* non exclusiva dos textos chamados

9. Vid. P. Szondi (1988), "Transició: Teoría del canvi estilístic", *Teoría del drama moderno* (1880-1950), Barcelona: Institut del Teatre, pp. 57-62; P. Pavis (1980), "Teatro aristotélico", "Epización del teatro", *Diccionario del Teatro*, Barcelona: Paidos, pp. 37 e 170; Olsen, *Tragedia y teoría del drama*, Barcelona: Quaderns Crema; V. Klostz.



"teatrais" senón característica de todos aqueles textos dotados dunha dimensión performativa esquemática ou implícita. Entre eles, as pezas escénicas son as que conteñen esta virtualidade de forma explícita –a que denominamos *dimensión teátrica* do texto dramático. Tal dimensión performativa é a que, a efectos morfoxenéticos de acordo coa terminoloxía en uso, se designa *Cotexto pragmático*[10], texto co-literario enteirado por un conxunto de didascalias, acoutacións, índices, deícticos e presuposicións de interese *performativo* para a eventual realización escénico-teatral.

3.2. Tipoloxías do discurso oteriano.

Disteramos dúas: o discurso ficcional literario-dramático e o discurso pragmático non ficcional.

1. O discurso ficcional literario-dramático engloba ó corpus bibliografico de R.O.P. na cuádruple tipoloxía poemática, narrativa, escénica e xornalística literaria. Dentro destas son susceptibles de se aillaren tres subgrupos de escritos: dramático-escénicos, dramáticos-paraescénicos e dramáticos non escénicos.

1.1. Os escritos dramático-escénicos: aqueles textos que en función do seu feitío ficcional, simbólico e pragmático explícitos (isto é, a configuración dramatúrxica e escénica) conteñen as *condicións esenciais e existenciais* requeridas, así no plano morfoxénico como morfosémico, polo tipo de artefacto literario que, seguindo a tradición terminolóxica establecida, se cataloga baixo o epígrafe de *obra dramatúrxica* ou *peza teatral*. A forma e sentido destas resulta de obrigado e central obxecto de estudio crítico a través do método dramatúrxico. En concreto, no corpus bibliográfico de Otero, enteiran esta tipoloxía 7 *pezas escénicas plenipotenciarias* (vid. no apéndice desta revista *Per Opera Omnia de Otero Pedrayo*, baixo o epígrafe "Opera escénica maior").

1.2. Os escritos dramático-paraescénicos: aqueles textos que, na súa fasquía formal, ademais da súa dimensión ficcional e simbólica explícita amosan unha dimensión pragmática implícita e correlacionada –isto é, unha potencialidade escénica inherente á súa morfoxenia e morfosemia expresas textualmente a través de índices e presuposicións que de xeito máis ou menos esquemático aportan *as condicións esenciais* requeridas para investigala a súa forma e sentido mediante a metodoloxía dramatúrxica. En xeral, no corpus literario de R.O.P. enteiran esta categoría aqueles que se cata-



Escultura de Buciños situada na Praza do Correxidor (Debuxo de Luís Cid).

10. Noción que, por me semellar menos confusa e de maior operatividade e coherencia semiótica cos obxectivos hermenéuticos que me propoño nesta investigación, prefiro ós apelativos xa excesivamente convencionalizados de *texto teatral* ou *texto espectacular*.



logan baixo o epígrafe de *poemas paraescénicos* (modelo: *A Estadea), relatos paraescénicos (*modelos: *O Fidalgo, O estraperlista dos coiros*, etc) e *romances paraescénicos* (modelo: *Rosalía).*

1.3. Os escritos dramáticos non escénicos: aqueles textos de natureza literaria e ficcional que sen embargo, pola súa fasquía morfoxénica e morfosémica, *carecen das condicións esenciais e existenciais requeridas* (a configuración "escénica", a dimensión performativa expresa, etc.) polo método dramatúrxico. En xeral, distéranse 6 tipoloxías de textos *dramáticos-apragmáticos* segundo a súa particular configuración artística ou simbólica: 1) poemáticos; 2) diexéticos; 3) ensaístico-intelectuais; 4) os científico-eruditos; 5) os hemerográficos e 6) o epistolario. Neste apartado de clasificación textual inscríbese substancialmente a riola de textos que catalogamos baixo o epígrafe xenérico de *escritos ensaístico-intelectuais* así como os *escritos científico-eruditos* (tratados de historia, de xeografía, as guías de viaxe, etc) con intención obxectivante, informativa e /ou polémica. Esta é a modalidade expresiva do *poema lírico*, do *relato*, da *novela*, do *romance*, do *ensaio*, do *artigo de opinión* e da *carta.*

Por obvias razóns de alcance epistemolóxico, o estudio intrínseco e pormenorizado destas modalidades de escritos *dramáticos-apragmáticos* fica expresamente excluído do catálogo de *Opera escénica e dialogal exenta* de R.O.P. Orabén, convén non menosprezalos como fontes de información en base á peculiar natureza *autorreflexiva* que exhiben (e que en xeral orienta, acompaña e complementa toda creación estética de R.O.P.) así como tamén en razón da fonda *intratextualidade* que singulariza a técnica do seu quefacer creativo. Malia a forma de expresión e a enorme riqueza cultural, estilística e autorreferencial contida nestes escritos *extradramáticos* nos instar dun lado a desbotalos como obra dramática, doutro obriga a preferencialos –a efectos metodolóxicos– como "guieiros hermenéuticos" e/ou como "conselleiros esexéticos" por posuíren un valor insustituíble á hora de contextualizar a lectura dramatúrxica e estética do mundo mito-simbólico que espella a literatura de ficción oteriana.

Por último, salientar o *discurso pragmático non ficcional* (extraliterario, extradramático, extraficcional e extraartístico), no que se inclúen textos *fácticos, instrumentais, contextuais* e de varia índole (documentos autobiográficos, dietarios, conferencias, discursos, etc) xerados sen intencionalide artística.Textos directos e indirectos (entrevistas, epistolario persoal, etc) producidos ó longo da súa vida pública por Otero Pedrayo que, a parte do virtual valor artístico de seu, conteñen un valor *histórico* engadido ó seu substantivo interese *documental* como fontes para a comprensión, dunha banda, dos textos dramático-intelectuais propiamente ditos e, doutra, do mundo íntimo e da intrahistoria do autor.

4. Tipoloxía dramatúrxica peculiar de ROP: as pezas híbridas

Como fica salientado, o fenómeno máis singularizador dun amplo grupo de pezas da Literatura Escénica de Otero Pedrayo estriba, dunha banda a nivel epistémico, na interacción sémica das tres dimensións (inmanente, trascendente e relixiosa-moral), E doutra, a nivel literario, na sutil simbiose das formas e valores característicos da *mímese* e da *diéxese,* nas que, á vez que se imita unha acción e se relata unha historia dende o punto de vista do narrador-dramaturgo e omnisciente (que é o autor), os feitos referidos son emitidos cara o receptor de modo unificado pola conciencia do autor mediante *máscaras dicendis* (extrapoladas nunha miríada de figuras e personaxes) de modo que *o autor monolóxico*, en íntima unidade da súa personalidade, exprésase nun *xogo de máscaras* que obxectivizan ficcionalmente o seu fluxo de conciencia.

Na obra ficcional de Otero Pedrayo non é frecuente –máis ben coido que non ocorre nunca– que o comentario do narrador sexa un mero substituto da dramatización. Pola contra, *diéxese e mímese* poténcianse mutuamente e as presuposicións do narrador fan parte orgánica daquilo que se dramatiza. Os comentarios e análises (glosas e paráfrases) do narrador implícanse na narración mediante *modalizadores subxectivantes* (os



adxectivos; partículas comparativas, símiles, adverbios tipo *quizais*; verbos como "semella", "parece", "figura", incisos, etc), tropos e figuras retóricas. Polo que os ideoloxemas e opinións do autor non son doadamente separables entre si senón que aparecen ligados e fundidos na fluencia narrativa dos materiais ficcionais da historia dentro do contexto obxectivo da totalidade narrativa. Tal estratexia demostra que nas fábulas oterianas, tódolos recursos da *omnisciencia editorial* e *multiselectiva* están postos ó servicio non tanto da narración obxectiva e da realización pragmática da acción canto da dramatización do seu *significado*, sobre todo no plano da hermeneuse relixiosa da fábula.

Noutras palabras: trala apariencia dun conxunto de personaxes que fabulan unha historia nun xogo de episodios ben trabados, espéllanse as angueiras que abouran a radical unidade de *conciencia do autor:* o Teatro Crítico de Máscaras. E faino nunha falsa apariencia de *dialéctica*, de diálogos entre *fictiae personae* –o que en clave trascendental non son máis que monólogos do autor mesmo a través dun sinfín de voces. De aí remanece a súa radical *monoloxía*. Tocante ós contidos de conciencia representados non hai contradicións externas, debates externos: *todo é epifanía dun agonismo interior da conciencia autorial verbalmente obxectivada*.

No caso do peculiar modo estético con que se nos presenta a dramatúrxia oteriana os feitos referidos dramaticamente (i. é, en debate e contraste dramático polos personaxes) están artellados nunha serie de episodios concatenados pola *conciencia do autor* (travestido de narrador-dramaturgo *in fabula*) que é o actante derradeiro –o director de escena– de toda a acción. Neste senso, no legado oteriano cómpre disterar a existencia dunha dobre dramaticidade: 1) *a implícita*, inherente á problemática de conciencia do narrador-dramaturgo (aquí o monoloxismo é total); e 2) *a explícita*, interior ós textos e ós personaxes mesmos que non posúen vida de seu máis que como proxeccións do autor (aquí dase unha certa *polifonía* e *heteroglosia* pero sen perda en ningún caso da raíz *monolóxica* que dirixe todo o discurso e o remite á voz autorial).

Conforme a este enfoque trascendental, a producción ficcional de Otero Pedrayo deséñase como un *macrorrelato* dramático-teátrico (que designamos *Magnum Theatrum Gallaeciae*) suma paradigmática de *microrrelatos* (i. é, cada texto ou cada peza sintetizable nunha frase mínima de significación que se suma como sintagma ó resto para formar o *macrotexto* que dá conta da Dramática de conciencia e das liñas mestras do discurso literario oteriano).



5. O superactante metafísico: a voz autoral da conciencia moral

En efecto, polos intersticios de tódalas pezas que compoñen o Teatro maior (*Magnum Theatrum Gallaeciae*) e o *Teatro de Máscaras* (*Theatrum Mascarae*) de Otero Pedrayo escóitase unha voz subliminal, unha voz unificadora de tódolos actantes e personaxes que interveñen, unha poli-



fonía monolóxica entre a que ecoa, cunha particular eficacia emotiva e persuasora *a voz da Conciencia moral*[11]; unha voz vehiculada polo narrador-dramaturgo que dirixe os fíos da función tralas bambalinas. En termos filosóficos, na dimensión intradiexética, esta instancia é o actante esencial de todo o seu corpus e o principio compositivo que, precisamente, instaura *a unidade de estilo* do conxunto e dota de *sentido trascendente* a todo o universo ficcional: *arte de ventriloquía ou de granguiñol trascendental*. Como xa foi debidamente sinalado, o universo dramático que se erixe en continente e á vez en contido da configuración simbolizada por Otero Pedrayo nas súas figuracións artísticas, está penetrado e atravesado pola *espiritualidade relixiosa cristiá,* expresa na voz da Conciencia moral, entreverada na cal se percibe o fragor das demais voces (reflexo silandeiro tamén da voz do autor invisible).

Os filósofos levan investigado moito en torno da cuestión relativa ó senso que abrangue a expresión "voz da conciencia" e sobre todo cal é a orixe de tal "voz". Non hai dúbida de que o xorne fondamente crente e cristián de R.O.P. na súa concepción moral emparéntase con postulados de base afíns ós da *filosofía idealista alemana*. Un dos sistemas que mellor reflexa este perfil de "alerta moral" oteriano é o exposto por M. Scheler quen considera que a noción filosófica de *Conciencia moral* é un eco deixado no individuo pola superioridade da crenza relixiosa; como tal eco é unha potencia melancólica, de "natureza crepuscular" (*Ethik*, II, 7) polo que non pode acadar vida renovada no individuo transgresor dos seus principios morais sen que este se mergulle de novo no seu universo de crenzas. De aí a necesidade de reparar o dano, limpar a culpa, *converterse*, antes de poder reintegrarse en plenitude á vida superior do espírito.

Fica exposto con sintética precisión o modelo de caracterización moral que Otero Pedrayo aplica ó deseño de boa parte dos personaxes-tipo do Teatro de Máscaras. Proxecta neles as faltas, os pecados os modelos de maior relevancia simbólica para ilustrar a súa visión *ética* do mundo. Na ampla galería de retratos morais (auténticos "caracteres" no senso de La Bruyère) que Otero pinta abonde con salientar dous: o magnífico deseño que se personifica no vello Cacharazas, protagonista de *O borracho (TM, II)*, así como noutros formidables tipos, non por esquemáticos menos expresivos deste valor, como o Angazo presentes en pezas como *Os espantallos no vento (TM, XI)*. Ámbolos dous, para se reconciliaren consigo mesmos e coa comunidade, deben penar publicamente senllas faltas de cobiza e ambición. Fano mediante *debate onírico íntimo* (caso do Cacharazas) e *confesión pública* (no caso do Angazo case ó modo dos autos de fe medievais, perante toda a aldea). Logo de cangaren coas respectivas pauliñas e penitencias consecuentes coas faltas cometidas por cadaquén (o Cacharazas, tremendos e anguriosos pesadelos, porque o seu pecado é *privado*, de avaricia; en troques, o Angazo vergoña e abaixamento *público*, porque a súa miasma é de proxección social, cobiza de terra allea); logo da respectiva penitencia, castigo e propósitos de enmenda incluídos, ofréceselles *o perdón* rexenerador no seo da comunidade eclesiástica e aldeá.

11. Esclarecemos a seguir o concepto de conciencia moral acudindo a tres fontes lexicográficas:
* O *Diccionario de uso del español* (Gredos, Madrid, 1983) de María Moliner: define *conciencia* como "*conocimiento que el espíritu humano tiene de sí mismo; facultad que hace posible ese conocimiento; por tanto, como móvil que impulsa a obrar bien, con rectitud o con consideración al prójimo; conocimiento reflexivo de las cosas*".
* Se rastrexamos os referentes léxico-semánticos do concepto de conciencia nalgunha das principais obras lexicográficas galegas, atópanse os resultados seguintes.
Así define a *conciencia* E. Rodríguez González no seu *Diccionario Enciclopédico (Ed. Galaxia, Vigo, 1958, 3 vols): "Propiedad del espíritu humano de conocerse en sus atribuciones esenciales y en todas las modificaciones que experimente en sí mismo; conocimiento interior del bien que debemos hacer y del mal que debemos evitar". Engade as seguintes locucións e refráns como signos elocuentes da importancia que tén no mundo moral e cultural de Galicia o valor da conciencia: axustarse un coa súa concencia, consultar un coa súa concencia, descarga-la concencia, escarabellarlle a un a concencia, lixa-la concencia, remorderlle a concencia; ter boa ou mala concencia; e os refráns: a boa concencia val por cen testigos, máis vale a concencia que a cencia, á concencia ninguén pode enganala nin burlala.*
* Pola súa banda, o *Diccionario Xerais da Lingua galega* (Edicións Xerais de Galicia, 1986) rexistra a voz *conciencia* coas seguintes acepcións: "*facultade do individuo de coñece-la súa propia realidade e xulgala; facultade ou feito de enxuiza-la bondade ou maldade dos actos; coñecemento responsable e personalizado dunha tarefa determinada, dun dereito ou dunha situación.*"



6. O Corpus escénico-dialogal: organización epistémica e xenolóxica

O conxunto dos 78 textos dramático-escénicos que rexistramos nesta achega provisoria ó repertorio editorial de Otero Pedrayo (vid. a descrición completa no apéndice desta revista) identificado como *Opera Escénica* e *Opera Dialogal* (deixando, obviamente, á marxe os textos escénicos alleos por el traducidos ó galego e un presumiblemente amplo elenco de textos por catalogar) cremos que deben ser catalogados en base á natureza da súa linguaxe artística (forma da expresión) e/ou á referencialidade implícita ou explícita dos seus temas (substancia dos contidos), adscritos ambos ó enfoque da *hermenéutica relixiosa cristiá*.

De acordo con este horizonte metodolóxico propoñemos aplicar unha serie de distincións cualitativas –epistémicas– a fin de fixar unha taxonomía poetolóxica interna o máis precisa posible de acordo con cadansúa natureza ficcional. A tal efecto, en base á "diferencia óntica" que percibimos na identidade de cada texto, establecemos un deslinde teórico en dous planos de estudio:
1) Hermeneuse dramatúrxica (pola forma de expresión);
2) Hermeneuse dramatolóxico-relixiosa (pola substancia dos contidos e pola orientación do sentido).
Folga notar que un mesmo texto dramático pode aparecer adscrito a unha ou varias subclasificacións das que propoñemos.

6.1. Encadre pola hermeneuse dramatúrxica.
De acordo coa forma da expresión que adoptan, a grande riqueza polifónica e polimórfica dos textos oterianos fai que sexan susceptibles de se agruparen nunha ampla combinatoria de adscricións tipolóxicas, entre as que escollemos as que deixamos indicadas por nos pareceren primordiais.

1. Segundo o xénero poetolóxico:
1. Farsadas tráxicas ou traxidramas: *1*
2. Traxicomedias: *1*
3. Farsadas dramáticas: *2*
4. Autos: *2*
5. Farsadas cómicas (comedias ou comediolas): *1*
6. Ópera ou drama musical: *1*
7. Epopea: *1*
8. Soliloquios escénicos: *3*
9. Coloquios escénicos (diálogos e falas en roda): *15*
10. Serie do "Teatro de máscaras (Esquemas e proxectos)": *24*
Tipoloxías:
10.1. dramas de tipo ou arquetipo fidalgo (modelo "Serán de neve"): *13*
10.2. dramas de tipo ou arquetipo labrego (folkdramas), (modelo "Co carro anteposto"): *17*
10.3. dramas de tipo ou arquetipo eclesiástico (modelo "Co luar derradeiro"): *10*
10.4. dramas de tipo ou arquetipo burgués: (modelo: "A subrevación dos traxes"): *1*
10.5. dramas de tipo ou arquetipo poético-alegórico (liridramas): (modelo: "Teatro de Máscaras" protagonizado por Mariña á procura da súa becerriña): 5.

11. Serie do "Teatro de ideas" ou dramas de ideas:
Tipoloxías:
11.1. Sicodrama (drama patético): modelo "As vodas do portugués".
11.2. Farsátira (drama cómico, farsada e/ou sainete): modelo "Teatro de Máscaras" protagonizado polo Toira;
11.3. Melodrama (drama relixioso): modelo "Teatro de Máscaras" protagonizado pola señora Chinta.
11.4. Mistidrama (drama místico): modelo "Teatro de Máscaras" protagonizado polo Fidalgo que renuncia ó mundo e as súas riquezas.
11.5. Liridrama (drama lírico profano) (modelo "O pazo")
11.6. Auto (modelo "Auto das panadeiras").

12. Soliloquios escénicos: modelo "Do teatro da noite noitiña" ou "Monólogos elementares": 2.
13. Polílogos soltos (tamén adscribibles á tipoloxía de "coloquios escénicos"): 8.
14. Coloquios escénicos: modelo "Na eira da reutoral".

2. Segundo a forma de trama que prevalece na fábula (escollida entre as tres seguintes):
Tramas de pensamento: drama de ideas (modelo: "O Peleriño e mais a deusa").



Tramas de vontade: drama de caracteres (modelo: "Co luar derradeiro").
Tramas de fortuna ou destino: dramas morais e relixiosos ("Teatro de Máscaras" protagonizado polo Vinculeiro).

3. Segundo a forma da acción escénica e escenoplastia:
Drama estático (modelo: "Monólogos elementares").
Drama dinámico (modelo: "No claustro de Fonseca").
Drama cinético (tódolos de "Teatro de Máscaras").

4. Segundo a forma do marco espacio-temporal e a ambientación:
Drama verista (modelo "Latricadas").
Drama fantástico (modelo: "As entroidadas de Merlín").
Drama escatolóxico (modelo: "Por riba das nubes" ou "Alén do Letho").

5. Segundo a forma da modalidade discursiva:
a) *locución vivida* polo personaxe (mimética)
Monólogo dramático ou soliloquio (modelo "Do teatro da noite noitiña").
Duálogo dramático ou biloquio (case tódolos demais).
Polílogo ou coloquio (modelo "Mentres renxe o motor").
b) *locución narrada* polo dramaturgo (diexética) con inferencias dos personaxes (modelo "O Fidalgo").
6. Textos mixtos narrativo-poemático-escénicos: 8
7. Textos dramatúrxicos alleos traducidos ó galego por Otero: 1.

6. 2. Encadre pola hermeneuse dramatolóxico-relixiosa.

1. Hermeneuse dramatolóxica.
Establecemos, para rematar, unha proposta teórica de encadre dos textos da Opera Escénica e Dialogal de R.O.P. conforme á substancia dramática dos contidos e á identidade dos protagonistas, de acordo coas distintas tipoloxías de conflicto na trama temática das fábulas de encadre histórico-inmanente, en base ós dous eixos da Dramática (o interior e o exterior) e ás tres proxeccións que esta adopta segundo a *Poética Fundamental* (problemática, patética e ética).

No tocante ós *dramas complexos ou polidramas* (que son relativamente frecuentes na producción oteriana) interactívanse nunha mesma trama *problemas, paixóns e pecados* polo que fixamos a súa adscrición de acordo con *cál é o conflicto dominante* en volta do que se xerarquizan os demais:
2.1. Segundo *a substancia dramática dos contidos*:
2.1.1. Dramática problemática (*problemas*): *Dramas de ideas* (filosóficos, ideolóxicos, teolóxico, etc);
2.1.2. Dramática patética (*paixóns*): *Dramas de caracteres* (sicolóxicos);
2.1.3. Dramática ética/moral (*pecados*): *Dramas de conciencia* (relixiosos).

2.2. Segundo *a identidade dos protagonistas* (vid. adscricións concretas dentro da serie dramatúrxica de "Teatro de Máscaras"):
dramas de tipo ou arquetipo fidalgo
dramas de tipo ou arquetipo labrego
dramas de tipo ou arquetipo eclesiástico
dramas de tipo ou arquetipo burgués
dramas de tipo ou arquetipo poético-alegórico
dramas de prosopopeas (fantástico-simbolistas)
dramas de sombras (escatolóxico-metafísicos)

2. Hermeneuse relixiosa.
Establecemos, por último, unha proposta teórica de encadre conforme á linguaxe e simbólica de raíz relixiosa e da trama temática das fábulas representadas de contido *trascendente, moral e anagóxico*, en arranxo á convicción de que se trata de textos dunha Dramática *teo-antropolóxica* inspirada en *Deus Creador* (o *Creacionismo)*; no *Fillo redentor* (*a Cristoloxía*, o Redentorismo da Paixón, Morte e Resurrección); no Espírito Santo (o Espiritualismo cristián: a Gracia divina rexida pola *dinamys* do Espírito Santo actuante na Historia e na interioridade humana) todo o cal se nuclea no *Saudosismo místico*. Espírito, en efecto, como interioridade e arela que, como xa sinalamos, Otero Pedrayo alegoriza na figura da Saudade como resposta persoal á *teodramática* das tres persoas do Verbo proxectadas nos tras-



cendentais (*vero*, *bonum* e *pulchrum*) e nas tres virtudes teologais en acción (fe, esperanza e caridade). Movementos interiorizados na vida do cristián (e en clave ficcional, no narrador e nos personaxes) como *actos do espírito* (ou sexa, como *"dramas", "conflictos")* vehiculados pola fe (a actividade de crer), a esperanza (actividade de esperar) e a caridade (actividade de amar) actualizadas na conciencia da dobre dimensión vital (inmanente e trascendente) do home. Velaquí, pois, as tres raíces dramáticas que, na terminoloxía dramatúrxica que adoptamos, se ficcionalizan noutras tantas tipoloxías de tramas: tramas de destino, tramas de pensamento e tramas de carácter.

A este respecto, propoñemos subagrupar a producción escénico-dialogal oteriana en 3 grandes bloques de acordo co seu contido dramático-temático e en base ó esquema taxonómico seguinte:

1. Textos de temática relixiosa de carácter apoloxético: 4
1.1. Pezas e dramas dialogais de materia xacobea e compostelá: 19
2. Textos de temática relixiosa de carácter (maiéutico) doutrinal-moral (*ad moralitatem e ad docentem applicationem*): 55
3. Textos de temática non relixiosa:
3.1. Textos de temática histórico-cultural e verista con resortes fantásticos.
3.2. Textos de temática fantástica con fondo histórico-verista.

Coda


Á marxe, unha última angueira nos asalta nesta hora do 25 cabodano do pasamento de R. Otero Pedrayo. A penas traducido máis en que en mínima parte ó español o seu amplísimo corpus galego, con mínima circulación a súa obra orixinal en castelán e nula presencia nas restantes linguas europeas, quizais a débeda de maior envergadura pendente por satisfacer, ademais de avivecer unha recepción lectora autóctona máis ampla e unha crítica máis rigorosa, é a de abater as barreiras impostas polo noso provincianismo cultural e pola indiferencia das grandes culturas estableci-das. Cómpre despregar un esforzo institucional e crítico unánime para que o legado de quen é recoñecido como un dos máximos valores da creación galega se coñeza, circule e se lea alén do Padornelo e a Canda, da ponte de Valença do Miño e do cabo de Fisterra.


Estamos certos de que cando se traduzan ás grandes linguas europeas algúns dos seus romances maiores, un florilexio dos seus poemas, unha colectánea dos seus artigos, un mosaico dos seus relatos ou un retábulo das súas pezas escénicas, a súa literatura de ficción fará as delicias dos lectores máis esixentes. E a Europa culta abriralle doadamente a Otero Pedrayo as portas da celebridade recoñecendo nel quen é e, sen dúbida, foi: o paladín do máis acendrado *europeísmo galeguista* do século XX e o maior *simbolista relixioso* da nosa literatura contemporánea.

Orabén, é certo que non era esta *a inmortalidade* que Otero arelaba. El que tanto escribiu sobre morte e trascendencia nunca puxo a súa paixón na vida da fama polas letras. No cerne da súa palabra rebordante latexa moito desa fe que recusa toda vaidade, soberbia, cobiza e orgullo, convidando a acreditar máis en Deus que nas obras humanas, máis no espírito que na letra, máis nos altos destinos de Galicia e do seu pobo que nos seus atrancos e nos seus detractores, máis nas persoas que na Humanidade, sen se encadear a ninguén nin a nada.

Eis o noso máis amado Otero Pedrayo, sempre redivivo na súa palabra, prístina coma poucas. Palabra coa que conseguiu autentificar, resucitar e perpetuar un mundo de seu, orixinalísimo, nunca enteiramente real nin plenamente fantástico do que son *speculum* a súa cosmovisión, a súa obra de erudición, a súa producción ensaística, a súa adicación hemerográfica, o seu epistolario e a súa literatura ficcional. En suma, o máis belido *canto de cisne* da historia dun Tempo, da alma dunha Nación e da Verba viva dunha vella Terra europea.







Capa e contracapa de O Purgatorio de Don Ramiro, *editado por Galaxia na cidade de Ourense en 1926. (Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense.)*



Pro opera omnia de Ramón Otero Pedrayo

Camilo Fernández Valdehorras

Catalogar a *Opera Omnia* de Otero Pedrayo nos respectivos *corpus bibliográfico, hemerográfico, epistolográfico e fonográfico,* segundo criterios de sistematización acordes coa súa hermenéutica e as súas tres dimensións identitarias (cronolóxica, editorial e epistémica), é a tarefa investigadora máis apremiante que esixe arestora o coñecemento do primeiro escritor da Galicia do século XX. Abrigamos a esperanza de que o presente rexistro, o máis amplo dos éditos polo de agora pero non exhaustivo, que aquí ofrecemos para uso do gran público sirva para esporear esa esixencia decote máis urxente: termos un mapa topográfico fiable para acceder ó copioso e labiríntico legado que, neste vintecinco cabodano do seu pasamento, permanece aínda esparexido, troceado en edicións de dubidoso rigor ecdótico e mesmo inédito e incógnito nunha parte ampla.

* *Estructura xeral da presente catalogación*

I. Corpus Bibliográfico:
ópera poemática;
ópera narrativa ficcional;
ópera escénica e dialogal;
e ópera ensaística (erudita, doutrinal, biográfica e autobiográfica).
II. Corpus Hemerográfico.
III. Corpus Fonográfico: ópera oratoria.
IV. Corpus Epistolográfico básico.
V. Algunhas entrevistas impresas.
VI. Mínimo espolio inédito.
VII. Guía dos fondos de R.O.P. na Fundación Penzol, de Vigo.



I. CORPUS BIBLIOGRÁFICO XERAL

** Criterios taxonómicos*

Logo do ordinal precedendo á ficha bibliográfica, os textos numéranse *pola data da editio princeps/ elaboración*. No caso de que ambas datas non cadren, aparece de remate *a data de asinatura* entre corchetes, coa referencia ó lugar en que a obra foi escrita, de termos constancia documental do dato. Dado o avultado número de obras que enteiran esta achega á Opera Omnia, por imperativos de espacio limitámonos a rexistrar unha escolla cos textos de maior notoriedade e non se relacionan aquí as demais edicións que coñecemos dos textos reeditados. En xeral, a producción censada de Otero discrimínase por modalidades discursivas pospoñéndolle a cada texto a marca da súa adscrición segundo o soporte impreso en que apareceu a primeira edición:

-[CB]: *Corpus Bibliográfico*, marcado [CBP] cando se trata dunha *edición póstuma;*
-[CH]: *Corpus Hemerográfico*, tamén marcado [CHP] se é *edición póstuma;*
-[CHB]: *Corpus Hemero-bibliográfico* se a edición do texto, aparecido primeiro en soporte hemerográfico, foi recollida logo en libro.

** Cuantificación xeral*

O cómputo resultante da nosa recadádiva -incompleta- cínguese a un total dunhas 345 fichas bibliográficas (das que aquí só consignamos 310, á espera de confirmar e completar algúns datos das 35 fichas restantes), atendendo á clasificación das publicacións en catro grandes bloques xenéricos:

1. *Ópera poemática*: 1 libro con 52 poemas; 1 poema de 138 versos (18 deles en latín); 24 poemas orixinais soltos; numerosos poemas intercalados en tres pezas dramatúrxicas (vid.); e 5 poemas traducidos ó galego.

2. *Ópera narrativa*: 18 libros e 3 compendios de relatos breves; a saber: 6 novelas en galego; 1 triloxía en galego; 4 novelas en español; 7 novelas breves ou "novelos"; 55 contos/relatos ou prosas ficcionais; 4 fragmentos de anticipo de novelas; e a traducción ó galego dun fragmento do *Ulysses*, de J. Joyce.

3. *Ópera escénica e dialogal*: 6 libros e 77 textos agrupables en 7 pezas maiores e 70 pezas breves; e a traducción ó galego dun fragmento do *Fausto* (Segunda parte) de W.Goethe.

4. *Ópera ensaística*: 36 libros propios e 146 textos éditos en obras alleas, distribuídos en 42 ensaios maiores e 104 textos menores.

1. ÓPERA POEMÁTICA

** Signos convencionais*:

A seguinte taxonomía resposta ó código lingüístico en que están redactados os poemas:
G) textos orixinais en galego: **E)** textos orixinais en español; **O)** textos orixinais noutras linguas (latín, etc); **T)** textos traducidos ó galego por Otero.

1.1. Catálogo editorial: cronolóxico e topográfico (segundo o soporte impreso) dos textos en verso

Inclúense os textos en verso de toda índole, suma dos adscritos ós Corpus Bibliográfico e Hemerográfico. Procedemos á organización externa do catálogo poemático de acordo coa seguinte clasificación e cuantificación (107 textos):
1.2.1.. Opera *maior* metrificada/versificada
1. Poemarios orixinais (libros ou cadernos de poesía): consignamos **2 textos.**
1.2.2. Opera *minor* metrificada/versificada
2. Poemas orixinais soltos ou exentos: **24 textos.**
3. Poemas orixinais intercalados en obras propias: **73 textos.**
4. Poemas traducidos ó galego por Otero: **5 textos.**
5. (A) Antoloxías con presencia da poesía de Otero: **1.** (B) Compendios da poesía de Otero: **2.**

1.2. ÓPERA POEMÁTICA MAIOR

1. Poemarios orixinais

1. *A Estadea*. Noia-Santiago: Museo do Pobo galego, 1998: s/n. Edición, estudio e notas de X. Alonso Montero que o subtitula "Pranto polo Seminario de Estudos galegos" [orixinal manuscrito datado en Ourense, setembro de 1936]. [CB]

2. *Bocarribeira. Poemas pra leer e queimar*. Madrid: Brais Pinto, 1958: 20 pp. [Longo poema en 52 fragmentos, síntese da estética e da dramática do autor, de carácter relixioso-xeórxico-autobiográfico]. [CB]

1.3. ÓPERA POEMÁTICA MINOR

2. Poemas orixinais soltos ou exentos

3. "Nouturnio". A Coruña: A Nosa Terra (ANT) 214, 1-7-1925. [CH]



4. "A serra da Martiñá". A Coruña: ANT 218, 1-11-1925. [CH]
5. "O pilingrino". Ourense: Nós 38, 15-2-1927: 1 [poema en aleixandrinos e hexasílabos de 46 versos]. [CH]
6. "Domingo d'Outono". A Coruña: ANT 245, 1-2-1928: 6-7.[CH]
7. "Natal". Vigo: El Pueblo Gallego, 31-12-1926. [CH]
8. "Ó Xamón" [oda anacreóntica-goliardesca], "Monterroso. Unha cea feudal" in *Pelerinaxes I,* 1929: 63-66. [Escrita no comedor do *Hotel Palas* de Monterroso o día 6-7-1928].[CH]
9. "Bétula fidelis". Vila Nova de Famalicao: O Soneto neolatino, 6-1929, t. I, p. 15. [CH].
10. "Canción d'outono". Vila Nova de Famalicao: O Soneto neolatino, 10-1930, t. III, p. 78.[CH]
11. "Cantan os hourizontes a vos nova...". A Coruña: ANT 274, 25-7-1930.[CH]
12. "Badalada d'outono". Vila Nova de Famalicao: O Soneto neolatino, 6?-1931, t.IV, p. 107.[CH]
13. "Na coba de Rosalía". Vila Nova de Famalicao: O Soneto neolatino, 11?-1931, t.IV, p.139.[CH]
14. "Cantiga das tres marías". Pontevedra: Cristal nº 7, I-1933. [CH]
15. "Carmen ao nacemento de Araceli Filgueira Iglesias: *Super lucensis moenia sicut ei est mos ibat...*". [CBP]. Reprod. in "Seis inéditos de Otero Pedrayo". *Con Otero Pedrayo*, Trasalba-Ourense: do Patronato Otero Pedrayo (COPF, 1990: 19-21)].
16. "Pan galego". GEL 1, 1945-1946: 9-11.[CH]
17. "Compostela" ["De Otero Pedrayo a Bouza Brey enviándolle a *Guía de Galicia*"]. GEL 1, 1945-1946: 19. [CH]
18. "Nos pazos cristaíños da xiada...", poema inédito, no arquivo persoal de Filgueira Valverde. [CBP]. Reprod. manuscrito in "Seis inéditos de Otero Pedrayo". *Con Otero Pedrayo*, Trasalba-Ourense: do Patronato Otero Pedrayo (COPF, 1990: 41)].
19. "Pranto pol'o pasamento d'un nobre e bon mestre pedreiro d'antigo cerne e sinxel esprito". Pontevedra: Sonata Gallega 9, 1946.[CH].
20. "O quinqué de petrólio". AL 4, 1950). [CH]
21. "Epístola" [a Xosé Ramón e Fernández Oxea, epístola horaciana, en octavas reais, datada en outubro de 1937 no manuscrito do autor]. [CBP] Vid. "Epístola de don Ramón Otero Pedrayo" en Ben-Cho-Shey, *Berzas*, Pontevedra, 1951, p. 39.
22. "Ermo". AT 4, 1954. [CH].
23. "Corozas de Deza ou Camba". AT 4, 1954.[CH]
24. "O Ribeiro". Ourense: La Región, 15-9-1963, p. 25. [35 estrofes]. [CH]
25. "Poemas inéditos". *Homenaxe a Otero Pedrayo*. Vigo: Galaxia, Grial 52, 4/6-1976: 207-216. [Inclúe: "Pan Galego", "Sementeira", "Invernía", "Fiestra do norte"]. [CHP]
26. "Os catorce de Osebe". Santiago: La Noche, data ignorada. Repr. R. García Domínguez. "O poema de D. Ramón acerca dos catorce" *O Reiseñor de Trasalba*, Trasalba: Fundación Otero Pedrayo, 1997: 207-208. [CBP]

3. Poemas orixinais intercalados en obras propias

Limitámonos a consignar a seguir os poemas interpolados en obras escénicas.

27. *Vid. A Lagarada* [Farsada tráxica pra ler. Lembranza dunha tristeira vendima]. A Coruña: Nós, 29-1-1929, 53 páxs. Inclúe 6 poemas. [CB]
28. *Vid.* "O Pazo" [Peza en 1 acto]. *Teatro de Máscaras*, Vigo: ed. dos antigos alumnos, 1975: VII, 81-92. Inclúe 5 poemas [CB] 2ª ed.: TDM, Vigo: Galaxia, 1989: 95-103.
29. *Vid. O Desengano do Prioiro ou o pasamento da alegría co grande auto epilogal e xusticieiro dos féretros de Floravia* [Farsada dramática pra ler ou representar en calquer tempo que non sexa o dos Difuntiños]. Vigo: Ed. Monterrey, 1952 / limitada a 266 exemplares. [datada en Trasalba, 1951]. Rexístranse 29 textos poemáticos intercalados. [CB]
30. "Ista xograría con viño do bo..." Sant-Iago, 1 maio 1954. Adicatoria autógrafa de Otero a Borobó na garda de *O desengano do Prioiro*. [CBP] Reprod. en R. García Domínguez. *O Reiseñor de Trasalba*. Trasalba: Fundación Otero Pedrayo, 1997: 12 e 204.
31. Vid. *Macías O Namorado, de R. Cabanillas e A. de Lorenzo* [Poema escénico –prosa e verso– a xeito de guieiro musical, sobor dunha cantata de Otero Pedrayo]. Vigo: Galaxia, 1956. Repertórianse 32 poemas de cantata polos versos iniciais, incluíndo aqueles, tamén intercalados no texto, que son de autoría orixinal do propio Macías. [CB]

1.4. POEMAS ALLEOS traducidos ó galego por R.O.P.

32. "Dous poemiñas de "Camiños": "Camiños que non levan a ningures..." e "Segue calada si o Anxo..." de R.M. Rilke [versións ó galego por R.O.P.]. "Os homes, os feitos, as verbas" Ourense: Nós 38, 15-2-1927: 17. [CH]
33. *Pamir*, de G. Chenneviere [versión galega de R.O.P en dúas partes]. Ourense: Nós 70, 15-10-1929: 163-170; e NÓS 74, 15-2-1930; 21-28. [CH]



34. "A Ivonne Pen-Moor", de Ch.Baudelaire [versión ó galego de R.O.P. dun inédito de Baudelaire in "Vers retrouvés"]. "Os homes, os feitos, as verbas: Letras d'afora". Ourense: Nós 70, 15-12-1929: 170. [CH]

35. "Diálogo de Fausto e Quirón". *Lembranza de Goethe*. Ourense: Nós 100, 15-4-1932: 54. [CB e CH] Trátase da traducción en verso branco dun fragmento pertencente á escena "En la parte baja del Peneo" inscrita na sección "Noite de Walpurgis clásica" do II acto do *Fausto*, de J. W. Goethe. Vid. *Fausto II* [versión métrica, traducción de J.M.Valverde] Barcelona: Planeta, 1963: pp. 949-952.

1.5. (A) ANTOLOXÍAS e (B) COMPEDIOS da poesía de R.O.P.

36. *Escolma de Poesía galega. IV. Os contemporáneos* [ed.limiar e notas de F. Fernández del Riego]. Vigo: Galaxia, 1955: 69-80. Contén 10 textos. (A)

37. *Ramón Otero Pedrayo. Vida e obra. Escolma de textos* [ed. e pról. de Carlos Casares]. A Coruña: Publicacións da Real Academia galega, 1988: V, 115-132. Repr. dos 10 poemas éditos en EPGC.(B)

38. *Ramón Otero Pedrayo. Día das Letras galegas 1988*, [ed. limiar e escolma de C. Casares]. A Coruña: Gráfico Galaico, 1988, 183 pp. Contén 8 poemas. (B).

2. ÓPERA NARRATIVA FICCIONAL

** Organización externa do catálogo narrativo.*

Encádranse os textos da narrativa ficcional de Otero de acordo co criterio tipolóxico-xenérico conforme ó esquema taxonómico e á cuantificación seguinte (78 textos):

2.1. Ópera narrativa ficcional MAIOR: consígnanse **18 textos.**
2.1.1. Catálogo específico por tipoloxías xenéricas: Novelas e "novelos".
2.2. Ópera narrativa ficcional MINOR: consígnanse **15 publicacións**.
2.2.1. Catálogo específico por tipoloxías xenéricas: Contos, "prosas" /relatos:
55 textos; e fragmentos de novelas: **4 textos.**
2.2.2. Traduccións: consígnase **1 texto.**
2.2.3. Compendios: **3**; e Escolmas: **5.**

2.1. ÓPERA NARRATIVA FICCIONAL MAIOR

1. Novelas en lingua galega

39. *Os camiños da vida*: *I. Os señores da terra. II. A maorazga. III. O estudante*. A Coruña: Nós, 1928. [CB]

40. *Arredor de sí*. A Coruña: Nós, 1930. [CB]

41. *Fra Vernero*. Santiago: Nós, 1934. [CB]

42. *A Romeiría de Xelmírez*. Santiago: Nós, 1934. [CB]

43. *Devalar*. Santiago: Nós, 1935. [CB]

44. *O mesón dos ermos*. Ourense: Aláuda, 1936.[CB]

45. *O Señorito da Reboraina*. Vigo: Galaxia, 1960. [CB]

2. Novelas en lingua española

46. *Las Palmas del Convento*. Buenos Aires: Emecé, col. Hórreo, 1941.[CB]

47. *Adolescencia*. Buenos Aires: Emecé, 1944. [CB]

48. *La vocación de Adrián Silva*. A Coruña: Moret, 1950: 262 pp. [CB]

49. *Las Palmas del Convento (La Novela del último trovador)* [Pról. D. García-Sabell]. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1988: 23-171. [CBP]

50. *La Fiesta del Conde Bernstein* [Novela, por Santiago Amaral, pról. D. García-Sabell]. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1988: 175-324. En ed. conxunta con LPC. [CBP]

3. "Novelos" ou novelas breves en lingua galega

51. *Pantelas, home libre*. A Coruña: Lar, 1925. [CB]

52. *O purgatorio de don Ramiro*. Ourense: Galaxia, 1926. [CB]

53. *Escrito na néboa*. A Coruña: Lar, 1927.[CB]

54. *Vidas non paralelas* [novelo]. A Coruña: Nós 76, 15-4-1930: 70; Nós 77, 15-5-1930: 95; Nós 78, 15-6-1930: 112. [CH]

55. *O sorrir de Daniel* [novela dialogada]. Santiago: Nós 139-144, 7-12-1935. [CH]

56. *O Maroutallo* [título da primeira parte; a segunda intitúlase "O serranchín"]. Vigo: Castrelos,"O Moucho" 39, 1974. [CB]

2.2. ÓPERA NARRATIVA FICCIONAL MINOR

1. Contos, "prosas"/relatos e fragmentos de novelas

57. *Tres contos*. Ourense: NÓS 34, 15-10-1926: 5. [Contén: "o medo"; "o luar i os penedos"; "as onzas"]. [CH]

58. "A volta". Ourense: Nós 39, 1927. [CH]

59. "O século XIX. Unha vida". Ourense: Nós 42, 1927.[CH]

60. "Na clase". A Coruña: ANT 236, 1-6-1927. [CH]

61. "Chegou un home das Américas". A Coruña: ANT 241, 1-9-1927. [CH]



62. "A volta". Ourense: Nós 39, 1927. [CH]
63. "Meu probe amigo". A Coruña: ANT 247, 1-4-1928.[CH]
64. "A visita". Ourense: Nós 68, 15-9-1929: 132. [CH]
65. "Pesadelos", Ourense: Nós 69, 15-9-1929: 150. [CH]
66. "O perdón". A Coruña: ANT 277, 1-11-1930. [CH]
67. "A sirena". Ourense: Nós 90, 15-6-1931: 100. [CH]
68. *Contos do camiño e da rúa*. Santiago: Nós 52, 1932. Contén 7: "A serea" [sic]; "A criada"; "O fidalgo"; "O "Pecado"; "O Pazo das Cinco Chagas"; "Medicina legal"; "Dona Xohana e don Guindo". [CB]
69. *Catro prosas narrativas inéditas*. Vigo: Grial 61, 1978: 313-324. Contén: "Camiñaron no abrente"; "O vello e mais o río"; "As sete portas da sociedade"; "O barco"]. [CHP].
70. *Contos de Santos e Nadal*. Vigo: Galaxia, 1988: 90 pp. [Data expresa de remate da redacción: Santiago, 8 de Santos, 1956]. [CB] Contén 8 (citamos pola edición de 1991: "As sete portas da sociedade"; "O barco";"O amante da néboa"; "O sorrir da serea"; "Camiñaron no abrente"; "O corazón da pedra"; "O vello e mais o río"; "A revolta e a gran risada"; "A cepa do caíño".
71. Tres prosas: "Mazarelos", "Cos seus ollos de Arousa", "Xureliña". *Dorna. Revista de Expresión poética galega* 4, Universidade de Santiago: Cátedra de Lingua e Literatura galegas, 1982: pp. 49-54 [data expresa de remate da redacción: Trasalba, 31 de Sant-lago, 1957]. [CHP]
72. *Antre a vendima e a castañeira*. Vigo: Galaxia, 1957. [CB] Contén (citamos pola 2ª edición de 1990) os 20 contos seguintes: "A revolta de Casdenón"; "Co luar escornado do San Martiño"; "O crime do pardiñeiro"; "A ponte do pasamento"; "O estraperlista dos coiros"; "O tren dos mortos"; "O tío avó"; "A Santa Compaña"; "O ladrón da Burga"; "Os tarros da botica"; "O camión do viño"; "O ensoñar do torrón labrego"; "O avó de pedra"; "No luar das resacas"; "Polo río abaixo"; "As botas do camiño"; "Os armentíos e as mallas de Morgadán"; "O torques"; "O angaceiro das estradas" e "O xenio da cidade".

2. Fragmentos de novelas

73. "Orballeira na rúa". Ourense: Nós 115, 25-7-1933: 108. Adianto do cap. III da novela *Devalar*. [CH]
74. "Os tristes viño s de Hungría". Ourense: Nós 120, 15-12-1933: 250. Adianto do primeiro capítulo da novela *Fra Vernero*.[CH]
75. "A romeiría de Gelmírez". Ourense: Nós 123, 15-3-1934: 46. Adianto de capítulo da novela do mesmo título. [CH]
76. "Devalar". Ourense: Nós 130, 10-1934: 148. Adianto de capítulo da novela do mesmo título. [CH]

3. Traduccións ó galego

77. "Ulysses" ["anacos da novela de James Joyce, postos en galego por R.O.P."]. Ourense: Nós 32, 15-8-1926: 3. [CH]

2.3. ANTOLOXÍAS (A) e COMPENDIOS (B) principais de obra narrativa ficcional (reedicións)

78. AA.VV. "Escolma de textos". *Ramón Otero Pedrayo. A súa vida e a súa obra. Homaxe da Galicia universal*. Caracas: 1958: 110-122. Contén 11 textos de diversos xéneros. (A)
79. Varela Jácome, B. "Ramón Otero Pedrayo". *Singraduras da narrativa galega. De Castelao a Neira Vilas*. A Coruña: Librigal, 1973: 75-93. Inclúe 2 relatos. (A)
80. Carballo Calero, R. "Ramón Otero Pedrayo". *Prosa galega. Desde os primeiros oitocentistas ao Grupo Nós*. Vigo: Galaxia, 1976: 368-388. Inclúe 7 textos. (A)
81. Álvarez Blanco, R. e Tarrío Varela, A. "Relatos e prosas varias". *Otero Pedrayo na Revista Nós (1920-1936) Escolma* [estudio lingüístico de R.A.B. e estudio literario de A.T.V.] Departamento de Filoloxía galega-Universidade de Santiago. Santiago: Universidade de Santiago, 1988: 85-121. Contén 8 textos. (B)
82. *Antoloxía do conto galego. Século XX* [introducción e selección L. Alonso Girgado].Vigo: Galaxia, 1989: 43-52. Inclúe 1 relato. (A)
83. *Narrativa breve* [ed. X.M. Gómez Clemente]. Vigo: Galaxia, Obras de Otero Pedrayo 7, 1993: 276 pp. Contén 13 textos (B).
84. *Ramón Otero Pedrayo. Vida e obra. Escolma de textos*. [ed. e pról. de Carlos Casares], A Coruña: Publicacións da Real Academia galega, 1988: 73-97. Contén 3 textos (A)
85. *O Fidalgo e outros relatos*. Vigo: Galaxia, Obras de Otero Pedrayo 8, 1996: 161 pp. Inclúe 8 relatos. (B)

3. ÓPERA ESCÉNICA E ÓPERA DIALOGAL

** Organización externa do catálogo escénico e dialogal.*

Encádranse os textos escénicos e dialogais de Otero de acordo co criterio tipolóxico-xenérico axeitado ó esquema taxonómico e á cuantificación seguinte (77 textos):

3.1. Ópera escénica ficcional MAIOR: consignamos **7 textos**.

3.1.1. Catálogo específico de pezas escénico-teátricas así concebidas polo autor, por tipoloxías xenérico-dramatúrxicas: Farsadas tráxicas, Traxicomedia, Traxidrama, Farsada dramática, Auto, Ópera ou drama musical, Epopea dramática...

3.2. Ópera escénica ficcional MINOR: consignamos **70 textos**.



3.2.1. Catálogo específico por tipoloxías xenérico-dramatúrxicas: soliloquios, soliloquios (diálogos e falas en roda), "teatro de máscaras", dramas de ideas e folkdramas, monólogos, diálogos soltos ou exentos, polílogos soltos.
3.2.2. Traduccións de textos dramatúrxicos alleos: consignamos **1 texto.**

3.1. ÓPERA ESCÉNICA FICCIONAL MAIOR

86. *A Lagarada* [Farsada tráxica pra ler. Lembranza dunha tristeira vendima]. A Coruña: Nós, 29-1-1929, 53 páxs. [Trasalba, 1928]. [CB]
87. *O Desengano do Prioiro ou o pasamento da alegría co grande auto epilogal e xusticieiro dos féretros de Floravia* [Farsada dramática pra ler ou representar en calquer tempo que non sexa o dos Difuntiños]. Vigo: Ed. Monterrey, 1952 [Edición limitada de 266 exemplares; Trasalba, 1951]. [CB]
88. *Macías O Namorado* [Poema escénico -prosa e verso- a xeito de guieiro musical, sobor dunha cantata [sic] de R. Otero Pedrayo. Xuntamente con R. Cabanillas, A. de Lorenzo (libreto) e I.B.Maiztegui (música)]. Vigo: Galaxia, 1956. [CB]/Estr.: Córdoba-Arxentina, 1981.
89. *Rosalía*. Vigo: Galaxia, Colección Literaria 57, 6-1985: 228 páxs. [Trasalba, maio 1959]. Epopea dramática. [CB]
90. *Traxicomedia da noite dos Santos*. Braga: *Quatro Ventos. Revista lusitana de Cultura e Arte*, Graça: t. II 7-8 [derradeiro número], 6/12-1960: 199-218. [Ourense, 9/20-12-1959]. Traxicomedia. [CHB]
91. *O Fidalgo e a noite*. A Coruña: Cuadernos da Escola Dramática galega, 7, 7-1979: 11 páxs. [Ourense, 10-1970]. Traxidrama. [CB]
92. *Noite compostelá*. Vigo: Galaxia, Grial 40, 4/6-1973: 187-205. Farsada dramática. [CH]

3.2. ÓPERA ESCÉNICA FICCIONAL MINOR

93. "Tren Mixto". Vigo: El Pueblo Gallego (EPG), 13-10-1929. [CHB]
94. "Latricadas". Vigo: EPG, 25-4-1930.[CHB]
95. "1930. O xantar no pazo". Vigo: EPG, 7-2-1931.[CHB]
96. *A Estadea*. Peza en 3 actos. *Teatro de Máscaras (*TDM), Vigo: ed. antigos alumnos, 1975: I, 15-24. [Trasalba, 1934]. [CB]
97. *O Borracho*. Peza en 2 actos. TDM, 1975: II, 25-34. [Trasalba, 1934]. [CB]
98. *Os Espeitros das doenzas*. Peza en 3 actos". TDM, 1975: III, 35-50.[Trasalba,1934].[CB]
99. *A Subrevación dos traxes*. Peza en 1 acto. TDM, 1975: IV, 51-60. [Trasalba, 1934].[CB]
100. *Vento nouturnio*. Peza en 2 actos. TDM, 1975: V, 61-70. [Trasalba, 1934].[CB]
101. *As Tentaciós de San Wintila*. Peza en 1 acto. TDM, 1975: VI, 71-80. [Trasalba, 1934]. [CB]
102. *O Pazo*. Peza en 1 acto. TDM, 1975: VII, 81-92. [Trasalba, 1934]. [CB]
103. *As bodas do Portugués*. Peza en 2 actos. TDM, 1975: VIII, 93-100. [Trasalba, 1934]: [CB]
104. *O Gafo*. Peza en 3 actos. TDM, 1975: IX, 101-110. [Trasalba, 1934]. [CB]
105. *O Poeta asesinado*. Peza en 1 acto. TDM, 1975: X, 111-116. [Trasalba, 1934]. [CB]
106. *Os espantallos do vento*. Peza en 1 acto. TDM, 1975: XI, 117-122. [Trasalba, 1934]. [CB]
107. *A Farra do pan e do viño*. Peza en 1 acto. TDM, 1975: XII, 123-128. [Trasalba, 1934]. [CB]
108. *A Derrota do protomendicato ou danza do doente liberdado*. Peza en 1 acto. TDM, 1975: XIII, 129-134. [Trasalba, 1934]. [CB]
109. *O café de espellos*. Peza en 1 acto. TDM, 1975: XIV, 135-144. [Trasalba, 1934]. [CB]
110. *A Ponte*. Peza en 1 acto. TDM, 1975: XV, 145-152. [Trasalba, 1934].[CB]
111. *A Mesa redonda*. Peza en 1 acto "incompleta". TDM, 1975: XVI, 153-157). Trasalba, 1934]. [CB]
112. "Ciclón e anticiclón". Santiago: La Noche (LN), 26-3-1946. [CHB]
113. "Mentres runfa o motor". Santiago: LN, 9-8-1946. [CHB]
114. "!Ai, Xesús!". Santiago: LN, 18-9-1946. [CHB]
115. "Novelo". Santiago: LN, 28-IX-1946. [CHB]
116. "Tamén Maeloc chegou polo mar". Santiago: LN, 11-10-1946. [CHB]
117. "Do teatro da noite noitiña". Santiago: LN, 17-10-1946. [CH]
118. "Mal vello". Santiago: LN, 25-10-1946. [CHB]
119. "Co carro anteposto". Santiago: LN, 26-10-1946. [CHB]
120. "Por riba das nubes". Santiago: LN, 31-10-1946. [CHB]
121. "Teatro". Santiago: LN, 9-11-1946. [CHB]
122. "Monólogos elementares". Santiago: LN, 26-10-1946. [CHB]
123. "Noite". Santiago: LN, 3-12-1946. [CHB]
124. "Non val a pena". Santiago: LN, 19-12-1946. [CHB]
125. "A Traxedia das chamas". Santiago: LN, 21-10-1947.[CHB]
126. "Teatro de máscaras". Santiago: LN, 22-11-1947.[CHB]
127. "No patín". Santiago: LN, 24-11-1947. [CHB]



128. "No craustro de Fonseca". Santiago: LN, 31-12-1947. [CHB]
129. "Co luar derradeiro". Santiago: LN, 12-12-1948. [CHB]
130. "Teatro de Máscaras". Santiago: LN, 7-5-1948. [CHB]
131. "Alén do Letho". Santiago: LN, 5-6-1948. [CHB]
132. "Auto das panadeiras". Santiago: LN, 3-7-1948. [CHB]
133. "Parolar por parolar conforme imos camiñando". Santiago: LN, 7-11-1948. [CHB]
134. "O Interdicto". Santiago: LN, 1-10-1948. [CHB]
135. "Falas na noite". Santiago: LN, 6-10-1948. [CHB]
136. "A Escasca tardeira". Santiago: LN, 26-10-1948. [CHB]
137. "Por o camiño dos vellos". Santiago: LN, 30-10-1948. [CHB]
138. "Un armisticio". Santiago: LN, 15-11-1948. [CHB]
139. "Na eira da reutoral". Santiago: LN, 3-12-1948. [CHB]
140. "A fenestra aberta". Santiago: LN, 17-12-1948. [CHB]
141. "Teatro de Máscaras". Santiago: LN, 5-1-1949. [CHB]
142. "Serán de neve". Santiago: LN, 6-1-1949. [CH]
143. "Neboeira". Santiago: LN, 7-1-1949. [CHB]
144. "O Aire dos Chaos". Santiago: LN, 8-1-1949. [CHB]
145. "Teatro de Máscaras". Santiago: LN, 7-2-1949. [CHB]
146. "Teatro de Máscaras". Santiago: LN, 5-3-1949. [CHB]
147. "O Peleriño e mais a deusa". Santiago: LN, 9-3-1949. [CHB]
148. "Teatro de Máscaras". Santiago: LN, 28-3-1949. [CHB]
149. ? - [CB] "A belida Eufemia" [Inédito, sen título e sen data]. *Teatro Ignorado* [ed. e estudo de A. Marco, numerado como XLI]. Santiago: Laiovento, 1991: 139-140.
150. "Conversas no soportal". *O espello no serán* (ES). Vigo: Galaxia, 1966: 16-18.[CB]
151. "Das entroidadas de Merlín". ES, 1966: 47-50. [CB]
152. "A cea dos cardeales". ES, 1966: 81-84. [CB]
153. "Pantasmas no xardín". ES, 1966: 117-120. [CB]
154. "1823. Comediola". ES, 1966: LVI, 204-207. [CB]
155. "Na noite nai do abrente". ES, 1966: 2l5-218. [CB]
156. "Na capela das ánimas". ES, 1966: 229-231. [CB]
157. "O diálogo de Merlín e a Raíña Lupa". ES, 1966: 291-294.[CB]
158. "A man na parede". ES, 1966: 318-320. [CB]
159. "O latexar do corazón". ES, 1966: 321-323. [CB]
160. "No lusco-fusco da biblioteca". ES, 1966: 328-331.[CB]
161. "O camiño pecador". ES, 1966: 339-342.[CB]
162. "O velatorio do exclaustrado". ES, 1966: 343-346. [CB]

3.3. TRADUCCIÓNS de textos dramatúrxicos alleos ó galego

163. "Diálogo de Fausto e Quirón". *Lembranza de Goethe*. Santiago: Nós, 1932. Folleto que reproduce unha conferencia do mesmo título. [CB] Trátase da traducción en verso branco dun fragmento pertencente á escena "En la parte baja del Peneo" inscrita na sección "Noite de Walpurgis clásica", de J. W. Goethe. *Fausto II* [versión métrica, traducción de J.M.Valverde]. Barcelona: Planeta, 1963: pp. 949-952.

4. ÓPERA ENSAÍSTICA XERAL: ERUDITA, DOUTRINAL E BIOGRÁFICA

** Principios de organización externa:*

A fin de mellor estudiar o corpus ensaístico de Otero Pedrayo, dende a perspectiva externa da súa catalogación subdividímolo en *Ópera Maior* e *Ópera Minor,* combinando a tal fin os seguintes criterios sobre o texto: a tipoloxía xenérica, a función ou móbil intelectual, a extensión formal e o soporte impreso da primeira edición. Así, dun total de 146 textos:

4.1. Consideramos *OPERA ENSAÍSTICA MAIOR* a formada por dous tipos de traballos:
1. *Monografías* e *tratados* que foron organizados e publicados polo autor en forma de *libros* e *folletos*: **36 textos (14 en galego; 22 en español).**
2. *Estudios especializados* de longa extensión, éditos polo autor en libros propios ou en publicacións alleas ou colectivas: **6 textos (3 en galego; 3 en español).**

4.2. Encadramos dentro da *OPERA ENSAÍSTICA MINOR* dous tipos de producción:
1. *Ensaios breves* ou *artigos longos*, editados en revistas, boletíns ou publicacións especializadas: **70 textos (55 en galego; 15 en español).**
2. *Prólogos, introduccións, discursos impresos* e *epílogos* do autor editados en obras alleas: **20 textos (8 en español; 12 en galego).**
3. *Colaboracións* en obras colectivas: **14 textos (7 en galego; 7 en español).**

4.1. ÓPERA ENSAÍSTICA MAIOR: CATÁLOGO XERAL (1922-1982)

1. Monografías e tratados en edicións propias

164. "Encol da aldeia". Ourense: Nós 14, 1-12-1922: 1.[CH]
165. "O que todo galego ten que saber. Síntese xeográfica de Galicia. Hidrografía" (ANT 217-219-222-224, desde o 10/12-1925). [CH/CB] 1ª ed. parcial do libro *Síntese xeográfica de Galicia*. A Coruña: Lar, 1926.



166. *Síntese xeográfica de Galicia*, A Coruña: Lar, 1926, 80 pp.[CB] [Seccións: a) Xeoloxía; b) Relevo; c) Litoral; d) Clima evexetación; e) Xeografía humana; f)
Xeografía económica; g) Paisaxe]. 1ª ed. parcial: "O que todo galego ten que saber. Síntese xeográfica de Galicia. Hidrografía", A Coruña: ANT 217-219-222-224, desde o 10/12-1925. [CH]

167. *Guía de Galicia,* Madrid: Espasa-Calpe, 1926. Actualmente na 6ª edición de Galaxia.[CB].

168. *Problemas de Xeografía galega. Estudos encol das formas de poboación labrega. A parroquia de Trasalva*. A Coruña: Nós, 1927. [CHB]

169. *Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia*. Madrid: Compañía Iberoamericana de Publicaciones, 1928.[CB]

170. *Treinta y Tres lecciones de Geografía General*. A Coruña: Nós, 1929. [CB] ["Adaptadas al Cuestionario Oficial del Bachillerato Elemental". Manual usado como libro de texto polo autor nas súas clases de Ensino Medio, no Instituto de Ourense].

171. *Pelerinaxes* [pról. e ilustr. de Vicente Risco]. A Coruña: Nós XXVII, 1929: 235 pp. [CB]

172. *Romantismo, saudade, sentimento da terra e da raza en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal.* A Coruña: Nós, 1931. Estructurado nun exordio e VI seccións. Inclúe o discurso de resposta de V. Risco. [CB]

173. *Lecciones elementales de Historia Universal*. A Coruña: Nós, 1931. [CB] ["Adaptadas al Cuestionario Oficial del Bachillerato Elemental"]. Usado como libro de texto nas súas clases de Ensino Medio, no Instituto de Ourense; contén 16 leccións.

174. *Morte e Resurrección*. Ourense: Alauda, 1932. [CB]

175. *Lembranza de Goethe* [folleto]. Santiago: Nós, 1932. [CB]

176. *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*. Santiago: Nós, 1933. [CB]

177. *Lecciones de Geografía e Historia*. Ourense: imp. La Industrial, 1936. Contén 39 leccións destinadas ó primeiro curso de Bacharelato. [CB]

178. *Breve historia de Galicia*. Santiago de Chile: Más, 1939. [CB]

179. *Vida del doctor don Marcelo Macías y García, Príncipe de la Oratoria y del Diálogo, de la Cátedra y de la Ciencia Histórica (1843-1941)*. A Coruña: Moret, 1943. [CHB]

180. *Guía de Santiago de Compostela*. Santiago: impr. Galí, con láminas 1943. Contén a parte da *Guía de Galicia* (2ª ed., 1945) dedicada a Santiago de Compostela, en edición monográfica. [CB]

181. *Motivos sobre el paisaje de Galicia*. Buenos Aires: Kau, 1948. Edición en libro do ensaio publicado no ano anterior na Revista *Galicia*, do Centro Galego de Buenos Aires. [CHB]

182. *Juan Manuel Bedoya. Selección y estudio*. Santander: *Antologías de escritores y artistas montañeses*, 1950. [CB]

183. *Las ciudades gallegas*. Buenos Aires: Ediciones Galicia, 1951. [CB]

184. *Por os vieiros da saudade. Lembranzas e crónicas de un viaxe a Buenos Aires*. Vigo: Galaxia, 1952, 203 pp.[CB]

185. *El Doctor Varela de Montes, médico humanista compostelano del siglo XIX*. Madrid: CSIC-Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, anejo VII, 1952. [CB]

186. *Santiago de Compostela*. Barcelona: Noguer, 1953. [CB] 4ª ed. Barcelona: Noguer, 1967, 37 pp., con ilustracións (20 pp.) e suplemento de información práctica (3 pp.). Existen edicións posteriores en español e versións do texto da Guía ás principais linguas europeas. Así, ó francés -traducción: Dominique Palmitjavila-, alemán -trad.: Juliane Wuttig- inglés –Doirean McDermott–, etc.

187. *Vivencias, dolor y esperanza de la emigración gallega* [Discurso inaugural del curso académico 1954-1955]. Santiago: impr. Paredes, 1954. Estructurado en VIII capítulos sen epígrafes. [CB]

188. *Geografía de España. Presencia y potencia del suelo y el pueblo español*. Barcelona: Instituto Gallach de Librería y Ediciones, t. I e II, 1955; t. III e IV, 1956.[CB]

189. *O espello no serán. Entre o Pedroso e o Viso*. Vigo: Galaxia, 1966. [CB]

190. *Orense. Ourense*. Ourense: Caja de Ahorros Provincial, 1966.[CB]

191. *Síntese histórica do século XVIII en Galicia*. Vigo: Galaxia, 1969: 200 pp.[CB]

192. *Orense. Guía turística*. Madrid-León: Everest. [CB]

193. *Julio Prieto Nespereira*. Madrid: Editora Nacional, 1970. [CB]

194. *El Padre Feijóo. Su vida, doctrina e influencias*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo", 1972.[CB]

195. *Galicia, una cultura de occidente*. León: Everest, 1975. [CB]. Actualmente na 4ª edición.

196. *Ciudades y paisajes de Galicia en la obra de Julio Prieto Nespereira*. Ourense: Instituto P. Feijóo, 1977. [CBP]

197. *Os ríos galegos*. Vigo: Castrelos, 1977. [CBP]

198. *Florentino L. Cuevillas*. Vigo: Galaxia, col. "Conciencia de Galicia" 3, 1980. [CBP]

199. *Ensaio histórico sobre a cultura galega*. Vigo: Galaxia, Biblioteca Básica da Cultura galega 6, 1982: 246 pp. Versión galega de ESCG, cun "Limiar" anónimo e sen indicación de traductor. [CBP].



2. Estudios especializados en edicións alleas ou de AA.VV

200. *Fundamentos de la Geografía. Ensayo de un compendio científico de Geografía general para uso de los Centros de Enseñanza,* de Eduardo Moreno López [10ª ed. revisada y puesta al día por Ramón Otero Pedrayo]. Barcelona: Atlante, 1923, 236 pp. [CB]

201. "Notas biográficas de Don Marcelo Macías (1843-1941)". Ourense: Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos, 1943-44. [CH]

202. "Ensaio sobor da paisaxe galega". AA.VV. *Paisaxe e Cultura.* Vigo: Galaxia: 1955: 11-57. [Trasalba, 1954]. [CB]

203. "Xeografía". *Historia de Galicia* [dir.R. Otero Pedrayo]. Buenos Aires: Nós, 1962. [CB]

204. "A aldea galega no seu decorrer histórico". Vigo: Grial 8: 133-150. [CH]

205. "Síntesis geográfica [de Galicia]". AA.VV. *Los gallegos.* Madrid: Istmo, 1976: 1-15. [CBP]

4.2. ÓPERA ENSAÍSTICA MINOR: CATÁLOGO XERAL (1917-1992)

1. Ensaios breves ou artigos longos

206. "La confesión del hombre culto". Ourense: La Centuria (LC) 2, 1917: 6. [CH]

207. "Cartas espontáneas". Ourense: LC 3, 1917: 6. [CH]

208. "Irlanda política no século XIX". Ourense: Nós 8, 5-12-1921: 13. [CH]

209. "Temas compostelanos". Ourense: Nós 19, 25-7-1925: 16. [CH]

210. "Os poetas atlánticos". Ourense: Nós 23, 15-11-1925: 2. [CH]

211. "No centenario de San Francisco de Asís". Ourense: Nós 34, 15-10-1926, 2-3. [CH] [Polo tratamento apoloxético do tema, pola lingua e estilo atribuímosllo a R.O.P.].

212. "Encol da Morfoloxia das vilas galegas". Ourense: Nós 25, 15-1-1926: 7. [CH]

213. "Encol dos estudos modernos de Antropoxeografia". Ourense: Nós 27, 15-3-1926:3. [CH]

214. "Meditaciós de Sant-Iago". Ourense: Nós 31, 25-7-1926: 2. [CH]

215. "O mes de Santos nos pobos celtas". Ourense: Nós 36, 15-12-1926: 2. [CH]

216. "Beethoven". Ourense: Nós 40, 15-4-1927: 2. [CH]

217. "O século XIX. Unha vida". Ourense: Nós 42, 15-6-1927: 6. [CH]

218. "Meditaciós composteláns". Ourense: Nós 43, 25-7-1927: 5-9. [CH]

219. "Estampas de Ourense a mediados do século XVIII". A Coruña: Arquivos do Seminario de Estudios Galegos-Lar, 1927. [CH]

220. "Notas encol da paisaxe romántica". Ourense: Nós 38, 15-2-1927: 8-10.

221. "Un interesante itinerario d'un viaxe a través de Galicia no século XVIII". Ourense: Nós 60, 15-12-1928: 220.[CH]

222. "Un ensaio encol do tempo d'hoxe". Ourense: Nós 57, 15-9-1928: 164-167. [CH]

223. "Frédéric Mistral". Ourense: Nós 65, 15-5-1929: 92-93. [CH]

224. "Fabricio del Dongo e Federico Moreau, os dous tipos da paixón romántica". Ourense: Nós 65, 15-5-1929: 78. [CH]

225. "Xelmirez, orador". Ourense: Nós 66, 15-6-1929: 96. [CH]

226. "As sombras nais". Ourense: Nós 67, 25-7-1929: 122. [CH]

227. "Do século XIX. Un latrofaccioso". Ourense: Nós 64, 15-4-1929: 63. [CH]

228. "Unha impresión da Galiza do Sul no derradeiro ano do século XVIII". Ourense: Nós 61, 15-1-1929: 7. [CH]

229. "A siñificación espiritual do Día de Galicia". Ourense: Nós 80, 15-8-1930: 3. [CH]

230. "Notas encol do sentimento da paisaxe na antiga epopeia irlandesa". Ourense: Nós 81, 15-9-1930: 176. [CH]

231. "As aguias do imperio i a Barca Apostólica". Ourense: Nós 79, 25-7-1930: 131). [CHB] Capítulo II do *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, vid.

232. "Encol do elemento animal na paisaxe". Ourense: Nós 105, 15-9-1932: 158-162. [CH]

233. "A ronda dos amigos. Lembranza de Goethe". Ourense: Nós 100, 15-4-1932: 54. [CH]

234. "Francis Thompson, poeta do Santo Amor". Pontevedra: Logos 23, 11-1932: 169-172.[CH]

235. "Ensaios encol do estilo da paisaxe". Ourense: Nós 113, 17-5-1933: 84-90. [CH]

236. "Galiza, 1814. Estampas de viaxe". Santiago: Nós, 15-9-1933: 164-169. [CH]

237. "As paisaxes clásicas". Santiago: Boletín de la Universidad, extra. V, 1933: 235-236.[CH]

238. "Xoves Santo". Pontevedra: Logos 28-29; 4/5-1933: 56-57.[CH]

239. "Luz do mundo". Pontevedra: Logos 32, 8-1933: 129-131. [CH]

240. "A parroquia dos ermos". Pontevedra: Logos 43, 7-1934: 89-90. [CH]

241. "Occitania e Atlántida. Motivos". Santiago: Nós 128-129, 9-10-1934: 127-131. [CH]

242. "Marxinalia ós "Queixumes". Nomina numina". Santiago: Nós 134, 15-2-1935.[CH]

243. "Thomas Morus (1478-1535)". Pontevedra: Logos 44; 1/3-1935: 3-9.[CH]

244. "Meditacións da sazón". Pontevedra: Logos 49, 3/4-1936: 29-30. [CH]

245. "Esbozos de grandes escritores católicos: Chateaubriand" [por Juan Gallego]. Ourense: Misión 23-24-25, 1938. [CH]

246. "Las alas de la inmortalidad" [por Luís Alba]. Ourense: Misión, 15-4-1938.[CH]

247. "Historia y Geórgica"; "Sicilia, temas y recuerdos"; "Fausto y peligro del gran turco"; "Estampas ochocentistas de Astorga"; "San Martín Dumiense o Bracarense, fundador y Apóstol de Galicia". Todos eles éditos en Ourense: Suplementos da Biblioteca Misión, asinados por Santiago Amaral, 1938. [CH]

248. "Don Cándido Cid". Ourense: Boletín da Comisión de Monumentos de Orense,1939.[CH]

249. "Chateaubriand, Lamartine e Leconte de Lisle en la Academia Francesa" [por Santiago Amaral], Ourense: Misión, supl. 4, 1942. [CH]

250. "Galiza e Portugal nun libro inglés de 1816". Boletín de la Real Academia Gallega. A Coruña: Real Academia Gallega, XXIII, 274-276, 1943: 399-411. [CH]

251. "La Historia compostelana. Crónica de Europa". Ourense: Misión, 1944. [CH]

252. "Ensayo sobre la desamortización eclesiástica en tierras de Orense", Madrid: Cuadernos de Estudios Gallegos fasc 30, 1955: 89-110. [CH]

253. "Ensaio sobor da paisaxe galega". AA.VV. *Paisaxe e Cultura*. Vigo: Galaxia: 1955: 11-57. [Trasalba, 1954]. [CB]

254. "Evolución de la doctrina sobre el foro". Madrid: Cuadernos de Estudios Gallegos (CEG), 1958. [CH]

255. "Orense y las tierras orensanas en el siglo XIX". Madrid: CEG fasc. XLIII, 1959: 233- 265.[CB]

256. "Florentino López Cuevillas". Ourense: Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos, t. XX; 1959-1960. [CH].

257. "Sobre algunos establecimientos de enseñanza en la Galicia del siglo XIX". *Boletín de la Real Academia gallega*. A Coruña: Real Academia gallega, 1961: 339-344. [CH]

258. "La Encomienda de Beade de la Orden de Malta". Santiago: CEG 54, 1963: t. XVIII, 57-91. [CH]

259. "Na procura do íntimo mestre Feixóo". Vigo: Grial 4, 1964: 159-168. [CH]

260. "A aldea galega no seu decorrer histórico". Vigo: Grial 8, 1965: 133-150. [CH]

261. "Un xoven Doctor do XIX" [Domingos Fontán]. Vigo: Grial 9, 1965: 340-341. [CH]

262. "A romaxe compostelán de Castelao". Vigo: Grial 11, 1966: 99-102. [CH]

263. "Baudelaire" [1ª e 2ª parte]. Vigo: Grial 16, 1967: 129-146; GR 17, 1967: 257-268. [CH]

264. "Formas y expresiones de la cultura en Orense durante el siglo XIX". Santiago: CEG 69, 1968: t. XXIII, 110 e ss. [CH]

265. "Desvelamento de Santiago". Vigo: Grial 19, 1968: 77-83.[CH]

266. "Institucións xurídicas e administrativas na Galicia do XVIII". Vigo: Grial 25, 1969: 279-286. [CH]

267. "A novelística de Vicente Risco". Vigo: Grial 37, 1972: 257-265.[CH]

268. "Castelao". Vigo: Grial 47, 1975: 1-3. [CH]

269. "Cousas da vida" [de Castelao]. Vigo: Grial 47, 1975: 133-134. [CH]

270. "Un historiador e novelista romántico" [B. Vicetto]. Vigo: Grial 49, 1975: 285-298. [CH]

271. "Lembranzas do meu vivir". Vigo: Grial 52, 4/6-1976: 199-206. [CHP]

272. "Evocación de Ramón Cabanillas". Vigo, Grial 54, 1976: 405-416. [CHP]

273. "Unha confesión autobiográfica". Santiago: Cuadernos de Estudios gallegos, t. XXXI, 1978-1980, pp. 10-13. Reprod.: Filgueira Valverde, X.F., *Con Otero Pedrayo* (COPF). Trasalba: Ed. do Patronato de Otero Pedrayo, 1990: 12-17. [CH]

274. "Castelao ou o rumor conxunto das vidas e camiños de Galicia". Vigo: Grial 85, 1984: 264-280. [CHP]

275. "Plan para un curso xeográfico" in "Seis inéditos de Otero Pedrayo". *Con Otero Pedrayo*. Trasalba-Ourense: do Patronato Otero Pedrayo, 1990: 26-29. [CBP].

276. "Diante a alborada dun pintor" [Antón Pulido Nóvoa]. Vigo: Artes gráficas Galicia, Fundación Otero Pedrayo-Trasalba, 1992. Folleto de 6 páxinas sen numerar. [CHP]

2. Prólogos, introduccións, discursos impresos, epílogos de R.O.P. a obras alleas

277. "Prólogo" a E. Padín Lorenzo. *Amores e Dolores. Poesías gallegas*. Madrid: impr. de Rivadeneyra, 1932: 7-15. [CB]

278. "Resposta de Otero Pedrayo para o discurso de ingreso na Real Academia galega de X.F. Filgueira Valverde" [intitulado "Da épica na Galicia medieval"].A Coruña: R.A.G., 27-7-1941. [CB]

279. "Prólogo" a Francisco Elías de Tejada. *La Tradición gallega*. 1955 [O prólogo de R.O.P. dátase en Trasalba,



xaneiro de 1944]. O libro vai adicado a R.O.P., e o apartado VI.5 do estudio, intitulado "Una filosofía de la historia" (pp. 180-188) versa sobre o encadre da súa cosmovisión. [CB]

280. "Introducción" a AA.VV. *Homenaje a Fontán y a la Carta Geométrica de Galicia*. Santiago: Instituto Padre Sarmiento, 1946: 7-13. [CB]

281. "Prólogo" a Jesús Rodríguez López. *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Lugo: Celta, 1948 (3ª ed.). [CB]

282. "Prólogo: A Semana Santa en Viveiro" a E. Chao Espina. *Estampas de Viveiro*. Viveiro: 8-1952. [CB]

283. "Prólogo" a A. Zapata García. *A Roseira da Soidade*. A Coruña: Litografía e Impr. Roel, 1954: 9-17. [CB]

284. "Prólogo" a Eladio Rodríguez González. *Diccionario Enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia, 1958: 9-21. [CB]

285. "Limiar" a Gerardo Diego. *Ángeles de Compostela*. Madrid: Gráficas Varela-Banco de Santander, 1961: 4-11. [CB]

286. "Prólogo" a Castelao. *Cousas da Vida*. Vigo: Galaxia, 1961. [CB]

287. "Prólogo" a Augusto Casas. *Alén*. Vigo: Galaxia, 1962: 9-16. [CB]

288. "Prólogo" a *Historia de Galicia* [dir. R. Otero Pedrayo]. Buenos Aires: Nós, 1962. [CB]

289. "Prólogo" a María Mariño. *Palabra no Tempo*. Lugo: Celta, Colección Tesos Cumes 1, 1963: 7-10. [CB]

290. "Prólogo" a Francisco Elías de Tejada e Gabriela Pércopo. *El Reino de Galicia. Hasta 1700*. Vigo: Galaxia, 1966: 7-16 [a obra vai adicada a R.O.P.]. [CB]

291. "Prólogo" a Mª del Rosario Castells Vila. *La Comarca natural de Viana del Bollo* [da tese de doutoramento do mesmo título]. A Coruña: Impr. Moret, 1967: 13-16. [CB]

292. "Epílogo" a Jesús Rodríguez López. *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Lugo: Celta, 1970 (5ª ed.). [CB]

293. "Prólogo" a José Gallego Fernández. *Vidas Extraordinarias: Beato Sebastián de Aparicio*. Ourense: impr. La Región, 1974: 5 pp. sen numerar. [CB]

294. "Prólogo". *Gran Enciclopedia Gallega*. Gijón: Silverio Cañada, fasc. 1, tom. I, 1974: 9- 16. [CB]

295. "Prólogo" [en galego] a M.D. Varela Buxán, *O ferreiro de Santán. Taberna sen dono*. Lugo: Celta, 1975: I-VII.[CB]

296. "Introducción" a D. Fontán. *Carta Geométrica*. Madrid:Asociación Nacional del Cuerpo Nacional de Topógrafos, 1975. [CB]

3. Colaboracións en obras colectivas

297. "A Terra de Melide" [estudio antropoxeográfico]. AA.VV. *Terra de Melide*. Santiago: Nós, Seminario de Estudios galegos, 1933: 7-29. [CB]

298. "Un horizonte gallego". AA.VV. *Homenaje a Fontán y a la Carta Geométrica de Galicia*. Santiago: Instituto de Estudios gallegos Padre Sarmiento, 1946: 173-204.[CB]

299. "Discurso de Otero Pedrayo". Victoriano Taibo. *Rosalía de Castro, precursora da Fala* A Coruña: R.A.G., 1949. Resposta de R.O.P. ó discurso de ingreso de Victoriano Taibo na Real Academia galega, lido o 15 de setembro de 1948 na súa recepción pública.[CB]

300. "Repaso de la Geografía gallega". AA.VV. *Mélanges offerts a M.Le Professeur Henri Gavel*. Toulouse, 1950: 28-29. [CB]

301. "Sobre el carácter gallego". AA.VV. *Actas de homenaje al doctor Luis de Hoyos y Sainz*, Madrid, 1950, t. I: 296-305. [CB]

302. "Na lembranza de Holderlin" in AA.VV., *Presencia de Galicia,* "Carta de Europa". Vigo: Galaxia, col. Grial 1, 1951: 94-96. [CH]

303. "O celtismo de Chateaubriand". AA.VV. *Aspectos económicos y jurídicos de Galicia*. Vigo: Galaxia, col. Grial 4, 1952: 113-123. [CH]

304. "Nuevo enfoque de la ciencia geográfica" [estudo preliminar]. AA.VV.*Geografía Universal*. Barcelona: Inst. Gallach, 1952. [CB]

305. "Filosofía e Saudade".AA.VV.Revista Portuguesa de Filosofía. Braga t. XI, 1955, vol.II. [CB].

306. "Pondal". AA.VV. *Rosalía, Pondal, Curros*. París: Monte Medulio, 1955. [CB]

307. "Florentino Cuevillas, ou a fidalguía ourensán". AA.VV. *Homaxe a Florentino López-Cuevillas*. Vigo: Galaxia, 1957: 11-19. [CB]

308. "Mis maestros universitarios". AA.VV. *Homenaje a don Ramón Carande*. Madrid: Sociedad de Estudios y Publicaciones, 1963, tomo II, pp. 315-329. [CB]

309. "Contestación del Sr. Otero Pedrayo". A. Iglesia Alvariño, *A lengua dos poetas do norte de Lugo. Discurso de Ingreso na Real Academia galega* (16-4-1949). A Coruña: Impr. El Ideal gallego, 1964: 29-39. [CB]

310. "O sentimento trascendente do decorrer da auga na poesía de Portugal". AA.VV. *Primera y segunda asamblea lusitano-gallega. Actas ycomunicaciones*. Madrid: R.A.G., 1967, pp. 175-186. [CB]



II. CORPUS HEMEROGRÁFICO XERAL

1. Encadre

A prensa –o columnismo de prensa– é sen dúbida a curtiña máis fértil para avaliar a proteica creatividade do pensamento e do estilo oterianos (esencialmente o mesmo có que nos brinda nos seus ensaios, pero sometido a todo tipo de inflexións matizadoras e articulacións contextuais). Conscientes de que todo intento de catalogación da *Opera Omnia* xornalística de R. Otero Pedrayo é polo de agora quimérico dado o inxente volume do legado do autor, a inexistencia de rexistro persoal e a dispersión xeográfica en que se atopa, convén notar que calquera inventario do seu *Corpus Hemerográfico* hase cinguir á fonte de partida que, baixo o epígrafe "Periódicos e Revistas", é a que se inclúe no epítome "Libros e outros traballos publicados por don Ramón Otero Pedrayo" publicado en 1958 pola editorial Galaxia dentro do volume de AA.VV., *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento* (HANG). Neste epítome, o recadador anónimo (de seguro F. Fernández del Riego) facíase eco de atrancos obxectivos para a catalogación e declaraba no encabezamento unha advertencia que, fatalmente, facemos propia:

"Limitámonos a reseñar arredor dun milleiro de títulos, nos que somentes queda incluída unha parte da súa producción deica hoxe. A recolleita total de canto Otero leva publicado presenta enormes dificultás, porque algunhas das revistas e xornás nos que as súas colaboracións foron aparecendo non se atopan hoxe, polo menos en coleicións conocidas (...) A este reconto parcial do seu labor literario compre engadir a copiosa obra inédita... descontando os centos de conferencias por il pronunciadas..." (HANG, 1958: 325).

Por razóns obvias, o reconto de Galaxia só incluía títulos de traballos editados antes de 1958, data de publicación da *Homaxe*. Xusto trinta anos despois, en 1988 ano do centenario, o mesmo corpus sen enmendas nin adicións foi reproducido como colofón do *Catálogo da Exposición do Centenario de Otero Pedrayo (1888-1988)*. Dato elocuente do nulo avance que se produciu neses trinta anos no labor de esculca e catalogación do magno corpus oteriano. Nas dúas últimas décadas practicamente nada se avantou nesta dirección como se pode observar no apartado "Compendios".

Tal parálise comeza a revistir gravidade e esixe urxente arranxo. Pois se, como cremos, para aprofundar no coñecemento da identidade da cosmovisión oteriana, dos seus valores estéticos e para a fixación da súa *Opera Omnia* (tamén de índole ficcional), é a producción hemerográfica o eido máis rico de información imponse que ás institucións legatarias prioricen a creación e dotación dun equipo especializado para levar a termo o dobre obxectivo seguinte:

1) a esculca e catalogación dos fondos públicos, comezando polos que se atopan depositados no pazo de Trasalba, sede da Fundación e na Fundación Penzol de Vigo, así como en varios arquivos particulares (como, por exemplo, o dos amigos máis achegados como Domingo García Sabell, Ramón Piñeiro e Fco. Fernández del Riego);
e 2) a publicación dunha serie de compedios de artigos, principiando por aqueles xornais e revistas con maior número de colaboracións de Otero que son, ó noso xuízo, as que reseñamos a continuación.

2. Fontes hemerográficas

2.1. Rexistradas e examinadas: fontes directas

As publicacións que mencionamos a seguir foron rastrexadas por nós de forma completa e exhaustiva. Existen colaboracións de R.O.P. entre os anos que se sinalan na cronografía da dereita nas publicacións que se detallan á esquerda:

cronografía	**revistas, boletíns e semanarios**
1917:	- *La Centuria* (1917), Ourense
1920-1936:	- *Nós* (1920-1936), Ourense-Santiago
1924-1936:	- *A Nosa Terra* (1917-1936), A Coruña-Santiago-Pontevedra
1946-1951:	- *A Nosa Terra. Exilio* (1938-1970), Buenos Aires
1927-1936:	- *Arquivo do Seminario de Estudos galegos*, Santiago
1932-1936:	- *Logos* (1931), Pontevedra
1931-1975:	- *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña
1939-1960:	- *Boletín de la Comisión de Monumentos*, Ourense
1937-1942	- *Misión*, Ourense, (case todos asinados con seudónimos)
1944-1952:	- *Sonata Gallega* (Pontevedra, 1944), asinadas S. Amaral
1945:	- *Posío* (Ourense, 1945-1946)
1946-1976:	- *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Madrid-Santiago
1947-1952:	- *BBC (Galician programme)*, Londres
1951:	- *Posío. Arte y Letras*, Ourense



1951: - *El Museo de Pontevedra*, Pontevedra
1955-1957: - *Galicia emigrante*, Buenos Aires
1959-1968: - *Vieiros*, México
1963-1976: - *Grial. Revista Galega de Cultura*, Vigo.

2.2. Documentadas: fontes indirectas

Ofrécese a relación de xornais, periódicos e revistas con colaboracións censadas de Otero Pedrayo ortónimo e algúns dos seus moitos "seudónimos". Salvo as que se sinalan na relación anterior, todas están tomadas de fontes documentais preexistentes e indirectas. Limitámonos, pois, a reproducir todo o que nos parece fiable da información circulante.

Entre o primeiro e o derradeiro artigo que temos censados transcorreron:

a) 1ª hipótese: 57 anos, un ciclo que se abre e que se pecha no xornal local de Ourense, *La Región; data ad quem*: "Acción regionalista", Ourense: *La Región,* 13-1-1918/*data ad quo*: "A vendima nas terras do Ribeiro", Ourense: La Región, outubro, 1975: 57 anos.

b) 2ª hipótese: 62 anos; *data ad quem:* 1914, A Estrada: *El Emigrado /data ad quo*: 5-1976: Compostela: *Eidos* nº 2, Revista do Colexio La Salle, póstumo: 62 anos.

Como se observará na cronoloxía, se ben o noso acopio dista de ser exhaustivo, si resulta altamente significativo para avaliar o volume e heteroxeneidade da producción de Otero Pedrayo neste eido. Un magma verbal que enche o pasmoso lapso de *máis de sesenta anos* de presencia cotiá na prensa escrita (cun ritmo de creación nalgunhas épocas entre dous e tres artigos por día). Seis décadas centrosas dun século treboento da vida de Galicia, de España e de Europa que Otero soubo reflexar e trascender coma poucos no xornalismo literario.

2.3. Inventario de publicacións hemerográficas con colaboracións de R.O.P.

1. Ciclo de preguerra (1914-1936)

Período de colaboración/ Cabeceira da publicación

1914 (?): *El Emigrado*, A Estrada
1920: *Galicia*
1926-1942: *El Pueblo Gallego (1924)*, Vigo. Entre 1942-1952 asina S. Amaral e L. Peñanofre.
1926: *¡Terra!* (1926), Redondela
1927-1932: *Céltiga* (1924), Buenos Aires
1927: *Síntesis (Artes, Ciencias, Letras)*, Buenos Aires
1928: *El País*, Pontevedra
1929: *El Despertar Gallego*, Buenos Aires
1930-1935: *Heraldo de Galicia* (1930), Orense
1930-1934: *A Fouce*, Buenos Aires
1934: *Galicia Nueva*, Vilagarcía
1936: *Cultura Gallega*, La Habana
Outros: *La República* (Ourense) e *La Zarpa* (Ourense).

2. Ciclo de posguerra (1936-1976)

Período de colaboración/ Cabeceira da publicación:

1940-1955: *Galicia*, Buenos Aires
1941-1958: *El Correo gallego*
1941: *Alma Gallega*, Buenos Aires
1942: *Santo y Seña*, Madrid
1942: *Destino*, Barcelona
1942: *El Universal*, Caracas
1943-1944: *Artes y Letras*, Madrid
1944: *El Español*, Madrid
1944 e 1949: *Día de Galicia*, Buenos Aires
1946: *La Noche* (1946), Santiago
1946-1976: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Madrid-Santiago
1946-1958: *La Región* (1910) Ourense.
1949 e 1951: *Mensajes de Poesía*, Vigo
1949: *O Século*, Lisboa
1950-1958: *Faro de Vigo*, Vigo
1950: *Mundo hispánico*, Madrid
1950: *Airiños*, Buenos Aires
1951: *Anuario Brigantino* (1948), Betanzos
1951: *La Semana vitivinícola*, Valencia
1951: *Lareira*, Valencia
1951-1956: *Lar*, Buenos Aires
1952-1954: *Galicia*, Caracas
1952 e 1954: *Alborada*, Centro galego de Barcelona, 1948
1952-1955: *Tapal*, Noia
1952: *Mundo gallego*, Buenos Aires
1953: *Mundo gallego* (1952), Madrid
1953: *O Primeiro de Janeiro*, Porto
1953: *Vamos*, Santiago
1954-1958: *Vida Gallega* (Vigo:1909-1954; Vigo-Lugo:1954-1962, 2ª xeira).
1954: *Galicia*, Montevideo
1954: *Atlántida*, La Coruña
1954: *Aturuxo*, El Ferrol
1954: *Opinión gallega*, Buenos Aires
1954: *Ilustración Gallega /Supl. "Vida gallega"* (1954), Madrid.



1955: *Quatro Ventos*, Braga
1956: *El Heraldo*, Caracas
1956: *El Eco de las Mariñas* (1956), Betanzos
1957: *Blanco y Negro*, Madrid
1957: *Casa de Galicia*, Nova Óork
1957: *Lugo*, Buenos Aires
1957: *El Ideal Gallego*, A Coruña

3. COMPENDIOS de artigos reeditados de R.O.P. (ata 1998)

1. *Parladoiro. Artículos* [ed. de C. A. Baliñas, supervisada polo autor]. Vigo: Galaxia, Obras Selectas de Otero Pedrayo I, 1973: 386 pp. Contén 154 artigos.
2. *Otero Pedrayo na Revista Nós (1920-1936) Escolma* [estudio lingüístico de R. Álvarez Blanco e estudio literario de A. Tarrío Varela]. Departamento de Filoloxía galega - Universidade de Santiago. Santiago: Universidade de Santiago, 1988: 170 pp. Contén 23 artigos e 26 retrincos da sección "Letras de afora".
3. *Ramón Otero Pedrayo. Vida e obra. Escolma de textos* [ed. e pról. de Carlos Casares], A Coruña: Publicacións da Real Academia galega, 1988: 30-38. Contén unha escolma de 7 artigos.
4. *Escolma de Artigos de R. Otero Pedrayo en Céltiga (1927-1929)* [limiar de X. Oreiro e edición facsimilar de 17 artigos]. A Coruña: A.C. Alexandre Bóveda-Caixa de Aforros de Galicia, 1988: 24 pp.
5. *Prosa Miúda. Artigos non coleccionados (1927-1934) de Ramón Otero Pedrayo* [ed. de Aurora Marco]. Sada-A Coruña: do Castro, 1988: 264 pp. Contén 88 artigos publicados en *El Pueblo Gallego*, de Vigo entre 1929 e 1934; 27 artigos publicados en *Céltiga*, de Buenos Aires entre 1927 e 1931; 9 artigos publicados en *Vida gallega*, de Vigo entre 1929-1930.
6. *Ramón Otero Pedrayo. Día das Letras galegas 1988*. [Ed. limiar e escolma de C. Casares]. A Coruña: Gráfico Galaico, 1988, 183 pp. Contén unha escolma con 8 artigos.

III. CORPUS FONOGRÁFICO XERAL

Non é hipérbole consignar que este sería o Corpus máis contioso dese auténtico "Hércules cristián" da Oratoria de non ser a propia natureza efímera deste tipo de producción -a verba oral- e de se tratar, como se trata, dun conferenciante maxistral na peroración que, practicamente sempre, "repentizaba" os seus discursos sen a penas notas nin guións escritos, nunha época na que o uso do magnetófono era aínda un luxo tecnolóxico.

POESÍA ORAL OU ÓPERA ORATORIA

** Principios de organización*

Recolle a producción de *Poiesis oral* en forma oratoria que conservamos de Otero Pedrayo, organizada nos seguintes apartados:
1) Discursos e Conferencias gravados e impresos: **5.**
2) Discursos e Conferencias gravados e non impresos: **10.**
3) Discursos e Conferencias impresos e non gravados: **6.**
4) Discursos e Conferencias non gravados nin impresos: **6.**

Segundo información de A. Vázquez Monxardín, coordinador do Arquivo Sonoro de Galicia, están documentados outros 15 discursos, á espera da súa edición gráfica e fonográfica.

1. MÍNIMO CATÁLOGO DE OPERA ORATORIA XERAL

1.1. Discursos e conferencias gravados e impresos

1. "Os feitizos de outono" [in Galician Programme nº 7 do Spanish Programme da BBC, emitido pola emisora de Londres da BBC o 8-12-1947, na voz de Xavier Fernández (Alejandro Raimúndez)]. *Galicia desde Londres* (GDL), [ed. A.R. de Toro Santos]. Oleiros-A Coruña: ed. Tambre, 1994: 83-86.
2. "No centenario de Lamas Carvaxal". GDL, 1994: 192-194. Emitido pola emisora de Londres da BBC o 14-11-1949.
3. "Castelao". GDL, 1994: 206-208. Emitido pola emisora de Londres da BBC o 13-3-1950.
4. "Encol do Padre Feixoo". GDL, 1994: 349-352. Emitido pola emisora de Londres da BBC o 3-11-1952.
5. *A miña amizade con Castelao* [conferencia pronunciada o 18-9-1971 no Museo Carlos Maside, de Sada; pról. "Presencia de Castelao", de Marino Dónega]. Recollida en *A miña amizade con Castelao*. Sada-A Coruña: do Castro, 1986.

1.2. Discursos e Conferencias gravados e non impresos

6. *A paisaxe galega, as súas leis e tipos.* Santiago: Consello da Cultura galega-arquivo sonoro de Galicia, "As nosas voces", 16, 1998.
7. *Ofrenda a Rosalía no Centro Galego de Buenos Aires* (24-7-1959). Santiago: Arquivo Sonoro de Galicia (Consello da Cultura galega-Patronato Rosalía de Castro), 199?



8. *Ramón Otero Pedrayo en América (I) No Centro ourensán de Buenos Aires*. Santiago: Arquivo Sonoro de Galicia (Consello da Cultura galega), 1993.

9. *Ramón Suárez Picallo e Ramón Otero Pedrayo en América (II)*. Santiago: Arquivo Sonoro de Galicia (Consello da Cultura galega), As nosas voces 4, 199?.

10. *No Centenario do Museo Arqueolóxico de Ourense*. Santiago: Arquivo Sonoro de Galicia (Consello da Cultura galega), 1995. Fai parte dun estuche de catro casetes.

11. *Ourense, as súas terras e xentes: xantar homenaxe do día de Galicia, Centro Ourensán,* Buenos Aires, 26 de xullo de 1959. Santiago: Consello da Cultura gallega- Arquivo sonoro de Galicia, "As nosas voces", 2, 1998.

12. *Ramón Otero Pedrayo: "Ramón Cabanillas"*. Santiago: Arquivo Sonoro de Galicia (Consello da Cultura galega), "As nosas voces 9", 1996.

13. *Homenaxe de Galicia a D. Ramón Otero Pedrayo*. Santiago: Arquivo Sonoro de Galicia (Consello da Cultura galega), 1995.

14. *Homenaxe á Revista Nós no seu 75 aniversario*. Santiago: Arquivo Sonoro de Galicia (Consello da Cultura galega-Fundación Otero Pedrayo), 1995.

15. *D. Ramón Otero Pedrayo: "Lembranzas de médicos galegos vistos por un profano"*. Santiago: Arquivo Sonoro de Galicia (Consello da Cultura galega) "As nosas voces, 14", 1997.

1.3. Discursos e Conferencias impresos e non gravados (que saibamos)

16. "A siñificación espiritual do Día de Galicia". Ourense: Nós 80, 15-8-1930: 152.Discurso pronunciado en Vigo, 25-7-1930, nun acto conxunto con A.D.R. Castelao e V. Paz Andrade no Teatro García Barbón.

17. *Discursos parlamentarios (1931-1933): Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Vilar Ponte* [escolma, limiar e notas de X.L. García]. Sada-A Coruña: do Castro, 1978: 95-154. Contén 6 retrincos de discursos e os textos relativos ás comisións parlamentarias nas que interviu, ós Rogos que formulou por escrito ós distintos ministerios e mailas súas iniciativas parlamentarias.

18. "El Padre Feijoo, su vida y su obra". Vigo: mecanoscrito inédito, Fundación Penzol).Conferencia pronunciada o 5-8-1947, na Institución Mitre de Buenos Aires, baixo o patrocinio do Centro galego de Buenos Aires; copia mecanoscrita no legado Otero Pedrayo, Fundación Penzol de Vigo, inédita. Ref.: "Arrolo", *Parladoiro. Obras Selectas* [ed. Carlos Baliñas]. Vigo: Galaxia, 1973: pp. 362-363.

19. "Análisis emocional del espíritu atlántico" [conferencia pronunciada en Santiago e recollida en tres artigos publicados en La Noche, 1949]. Ref.:"Análisis emocional del espíritu atlántico, I, II, III". Santaigo: La Noche, 1-9-1949; 8-9-1949; 15-9-1949.

20. Discurso de recepción de Aquilino Iglesia Alvariño na Real Academia galega. Ref.: R. García Domínguez. "Diálogo poético entre Otero Pedrayo e Iglesia Alvariño". *O Reiseñor de Trasalba*. Trasalba: Fundación Otero Prdraóo, 1997: 191-197.

21. "A miña amizade con Castelao" [Conferencia pronunciada o 18-9-1971 no Museo Carlos Maside, de Sada; pról. "Presencia de Castelao", de Marino Dónega]. Ref.: *A miña amizade con Castelao*. Sada, A Coruña: do Castro, 1986: 55 pp.

1.4. Discursos e Conferencias non gravados nin impresos.

22. "Prehistoria e historia da Terra de Iria" (Padrón, abril 1953). Ref.: R. García Domínguez. "Notas Tironiás". *O Reiseñor de Trasalba*. Trasalba: Fundación Otero Pedrayo, 1997: 75-76.

23. "A Compostela de luz e pedra (?)". Ciclo Jacobeo, organizado polo Consejo Diocesano de Jóvenes de Acción Católica, Salón do Círculo Mercantil de Santiago. Santiago: febreiro 1954). Ref.: R. García Domínguez. "Éxito dun ciclo". *O Reiseñor de Trasalba*. Trasalba: Fundación Otero Pedrayo, 1997: 79-80.

24. "Otero, mantedor de Xogos Florais". Ref.: R. García Domínguez. "A raíña e o bardo". *O Reiseñor de Trasalba*. Trasalba:Fundación Otero Pedrayo, 1997: 84-85.

25. Discurso de Otero, en substitución de Santiago Montero Díaz, oficiando de mantedor do acto de coroación poética de Ramón Cabanillas, no Espolón de Padrón, 1957. Ref.: R. García Domínguez. "Baixo a bóveda do Esporón". *O Reiseñor de Trasalba*. Trasalba: Fundación Otero Pedrayo, 1997: 88-89.

26. "A vida de Santiago en tempos de Xelmírez (?)" no Ciclo cultural do Círculo Mercantil de Santiago (novembro de 1954). Ref.: R. García Domínguez. "La segunda vocación de Adrián Silva". *O Reiseñor de Trasalba*. Trasalba: Fundación Otero Pedrayo, 1997: 196.

27. "Unha visión xeral de Galicia". Derradeira lección como catedrático de Xeografía na Universidade de Santiago, pronunciada no Paranimfo da Universidade o 5 de marzo de 1958, día da xubilación académica e do seu 70 aniversario. Ref.: R. García Domínguez. *O Reiseñor de Trasalba*. Trasalba: Fundación Otero Pedrayo, 1997.



IV. CORPUS EPISTOLAR XERAL

R.O.P., grafómano impenitente e cordialísimo epistológrafo, escribiu un océano de cartas das que non gardou copia. Nelas substánciase unha información excepcional non só para historiar a súa biografía íntima senón sobre todo a intrahistoria da Galicia intelectual e do Galeguismo do século XX. A práctica totalidade atópanse nos arquivos privados dos seus correspondentes, o que complica extremamente a súa catalogación e edición, labor que cómpre abordar de contado, co debido rigor e sistematicidade. Como se deduce do epítome, polo de agora non se rexistra a publicación de ningún compendio amplo.

*** Mínimo catálogo cronolóxico e editorial do corpus édito: 31 cartas**

1. Carta de Otero (Trasalba, 4-marzo-1961) a X.L. Méndez Ferrín. Reproducida parcialmente en X.M. Salgado. limiar a *O señorito da Reboraina*. Vigo: Galaxia, 1996: pp. 23-24.
2. "Vintecatro cartas", *Homenaxe a Otero Pedrayo*. Vigo: Galaxia, Grial 52, 4/6-1976: 217-235. Contén 7 cartas de Otero a Domingo García-Sabell, 6 cartas a Francisco Fernández del Riego, 4 cartas a Ricardo Carballo Calero, en Lugo, 4 cartas a Ramón Piñeiro, Santiago; 3 cartas a Carlos A. Baliñas Fernández.
3. Carta de Otero (Ourense, 15-10-1970) a Manuel María, Monforte de Lemos, acompañando o envío de *O Fidalgo e a noite*. *Ref.:* R.O.P. *O Fidalgo e a noite*. A Coruña: *Cuadernos da Escola Dramática galega* 7, 7-1979: 11 páxs.
4. "Apéndice II: Dúas cartas manuscritas de D. Ramón". *O Café de espellos* [Introducción ó teatro de Otero, por C.P.Martínez Pereiro]. A Coruña: Cadernos da Escola Dramática galega 72, 1988: 9-10. Contén senllas cartas de Otero a Manuel García Barros e a Manuel Lourenzo, A Coruña: "Eu de Teatro sei pouco...". Transcrita por vez primeira en M. Lourenzo e F. Pillado, *O Teatro Galego*. Sada-A Coruña: do Castro, 1979: pp. 93-94.
5. "Unha das cartas latinas". COPF, 1990: 17-19; "Epístola poética a Filgueira Valverde (16-1-1944)" (COPF, 1990: 21-23); e "Unha carta erudita [sobre a edición das vidas dos *Varones Memorables de la Congregación de San Benito de H España* (7-1968)]". COPF, 1990: 24-26. Vid. Filgueira Valverde, X.F. "Seis inéditos de Otero Pedrayo". *Con Otero Pedrayo* (COPF). Trasalba: do Patronato Otero Pedrayo, 1990.

V. ALGUNHAS ENTREVISTAS IMPRESAS

1. "Aquella intervió con Otero Pedrayo", por Eliseo Alonso. Cardeñoso Álvarez, S. *Nuestro Amigo Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Zero-Zyx, 1979: 58-64. Datada en Trasalba, 23-2-1959.
2. "Conversaciones con un fantasma do século XIX", por Maribel Outeiriño. La Región, 13-12-1975.
3. Reseña de entrevista en "O rego da cultura". *Homenaxe a Otero Pedrayo*. Grial 52, Galaxia: Vigo, 4/6-1976: 276. [CB]
4. "Ramón Otero Pedrayo, memoria de tódalas cousas". V.Fernández Freixanes. *Unha ducia de galegos*. Vigo: Galaxia, 1976: 15-38. [CB]
5. "Unha tarde inédita con Otero Pedrayo". Fernando Ramos. La Voz de Galicia, 27-5-1982. [CH]

VI. MÍNIMO ESPOLIO INÉDITO

Consignamos 8 textos inéditos, os títulos dos cales limos citados nas diversas fontes que se sinalan. Pero estamos en condicións de afirmar que a ordenación dos seu fondos nos vindeiros anos revelará a existencia dunha colleita de textos de toda especie que nos atrevemos a cuantificar da orde, polo menos, dun *tercio* do volume de toda a obra ata agora coñecida e reseñada.

1. *Camiño de Santiago*. Datado en Santiago: 1952.
   Guión cinematográfico redactado por encargo de J. Rodríguez de Vicente para Suevia Films. Ref.: R. García Domínguez. "Otero Pedrayo supervisado por Joselín" e "Un guión de Otero Pedrayo". *O Reiseñor de Trasalba*. Trasalba: Fundación Otero Pedrayo, 1997: 179-182.
2. *Do San Lucas ó San Xohán. Sazós de Compostela*. Datado en Trasalba, 31 de Sant-Iago, 1957. Libro de relatos, tres dos cales foron editados en *Dorna* nº 4 (1982). O manuscrito áchase no arquivo persoal do Dr. Domingo García-Sabell. Ref. R.O.P. *O señorito da Reboraina* [prol. de X.M.Salgado], Vigo: Galaxia, 1996: p. 17.
3. *Horas de Compostela*. Ref.: C. Baliñas. "R. Otero Pedrayo". *Gran Enciclopedia Gallega*. Gijón: Silverio Cañada editor, 1974: p. 158.
4. *Contra el filo del río*. Ref.: C. Baliñas. "R. Otero Pedrayo". *Gran Enciclopedia Gallega*. Gijón: Silverio Cañada editor, 1974: p. 157.
5. *Del Noviciado al Ateneo*.



["Novela esta que se dice haber existido y hoy extraviada (a no ser que se trate de otro título para el que se conserva en manuscrito con el de *Contra el filo del río* y que, efectivamente, fantasea acerca de escenas matritenses entre la calle del Noviciado y el Ateneo"]. Ref.: C. Baliñas. "R. Otero Pedrayo". *Gran Enciclopedia Gallega*. Gijón: Silverio Cañada editor, 1974: p. 157.

6. *El responso y el espejo*. Novela inédita en paradeiro descoñecido.

7. *Xenio e ser de Galicia*. [Ensaio inédito] Ref.: F. Fernández del Riego. Grial 84, 1985: 32.

8. *Historia del Arte*, por Cerro de los LLanos [criptograma de "Otero dos Chaos de Amoeiro"]. Ref.: A. Vázquez-Monxardín, que a ten transcrita para dar ó prelo.

VII. GUÍA DOS FONDOS DE R.O.P NA FUNDACIÓN PENZOL (Vigo)

A relación topográfica dos fondos arquivados comprende 108 caixas, agrupadas nas seguintes seccións: documentos persoais; documentos patrimoniais; documentos de función; documentos científicos e literarios; ademais dos fondos especiais que inclúen documentos figurativos e coleccións de manuscritos e impresos.





Don Ramón debuxado por Vicente Risco.




Raigame

DEPUTACIÓN OURENSE

Raigame

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES


Novembro de 2001 *nº 14*



ESCOLA PROVINCIAL DE DANZAS • COLECTIVO CASTRO FLOXO

DEPUTACIÓN OURENSE

índice



páx. 5 Editorial

ESPECIAL OTERO PEDRAYO

páx. 44 Un fermoso Semi-inétido de Otero
Afonso Vázquez Monxardín

páx. 48 O novelo dos anacos
Borobó

páx. 54 Pazos e Mosteiros en «Os camiños da vida»
Beatriz Lorenzo

páx. 62 Ramón Otero Pedrayo. Modelo de educador galego teórico e prático
José Paz Rodríguez

páx. 74 Literatura epistolar de D. Ramón Otero Pedrayo:
I. O clube Peña Trevinca Montañeros de Galicia: correspondencia entre Gonzalo Gurriarán e Don Ramón Otero Pedrayo

páx. 90 II. Cartas de Don Ramón Otero Pedrayo a Don Carlos Baliñas Fernández

Portada:
debuxo de Luís Cid

Raigame

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

Dirección **Mariló e Xulio Fernández Senra**

Secretaría **Fco. Javier Álvarez Campos**

Colaboración artística **Luís Cid**

Icono Raigame (contraportada) **Tomás Vega Pato**

Coordenan **Escola Provincial de Danzas**
Colectivo Castro Floxo

Edita Deputación Ourense

Deseño e Realización infográfica **Xosé Lois Vázquez & Nicole Carpentier, S.C.**

Impresión **RODI Artes Gráficas, S.L., Ourense**

Dep. Legal **OU - 75/95**


I.S.S.N. **1136-3207**

Todas aquelas persoas que teñan interés en publicar artigos ou traballos nesta revista poden dirixirse a:

RAIGAME
Aptdo. 484
Tlf. e Fax 988 249493
32080- Ourense
e-mail: ***escdanza@lander.es***
www.depourense.es

Tódolos dereitos de reproducción, adaptación, traducción ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

EDITORIAL




Debido ó gran número de colaboracións recibidas sobre a figura de D. Ramón Otero Pedrayo non foi posible a súa total publicación no número especial de Raigame adicado ao patriarca das letras galegas. Por ese motivo e ante o seu indudable interese, presentamos neste número varios destes traballos que non tiveron cabida na anterior publicación.

Todo este material, xuntamente co doble CD que organizado e transcrito polo catedrático Delfín Caseiro Nogueiras e baixo o título de "A voz de Otero" publicamos xuntamente coa "Fundación Otero Pedrayo" e o "Consello da Cultura Galega", coidamos que constitúen unha ampla e variada visión sobre o noso autor máis prolífico e considerado.

Queremos con estas dúas publicacións poñer un broche de ouro ó que nos consideramos " Ano Oteriano", por coincidir co XXV aniversario do seu pasamento.

ESPECIAL

OTERO PEDRAYO



Reiggime



«A man de Manuel María enroita as aradas mainas da Terra Chá.»



Caricatura de Xaquín Marín

AFONSO VÁZQUEZ-MONXARDÍN

Ourense, 1960

Estudiou as especialidades de Prehistoria e Arqueoloxía, Xeografía, historia e arte de Galicia e Arquivística e biblioteconomía en Santiago de Compostela. Dedicado á docencia de lingua e literatura galega desde 1984 é na actualidade catedrático desta materia no IES As Lagoas de Ourense. Membro da Fundación Otero Pedrayo e iniciador do Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega, ten editado varios discursos de Don Ramón en soporte sonoro e participando na recuperación e difusión de variada documentación oteriana.



Un fermoso Semi-inédito de Otero

Afonso Vázquez Monxardín

Se un inédito é simplemente un texto de autor que nunca foi publicado, a realidade contraria -textos que foron publicados- presenta unha diversidade inmensa. Obviamente non é o mesmo de cara á súa difusión o "Grial" ou "Raigame" ca unha revista parroquial, como tampouco o é unha colaboración aparecida nesa case literatura efémera que son os xornais, a outro recollido nas actas dunhas xornadas de historia ou literatura.

E moitos dos pequenos e modestos axentes culturais do noso país recorreron durante moitos anos ó voluntarismo admirable duns intelectuais que colaboraban desinteresadamente con canta iniciativa coidaban que contribuía a vertebrar unha identidade ou mesmo un país. Un folleto dunhas festas, unhas follas locais, unha revista dos paisanos en América, unha revista escolar. Por iso o labor de revisión e republicación de pequenos textos espallados aquí e alá coidamos é moi importante. ¿Que sería, por exemplo do Cuevillas escritor sen "Prosas Galegas" ou "Cosas de Orense"?

Hai poucos anos viu a luz -da man sempre traballadora e eficaz de Isaac Díaz Pardo- unha reedición facsímil da "Galicia Emigrante" de Seoane en Bos Aires. Mais alá quedan aínda nos sotos e faiados das pequenas sociedades moitísimas revistas de diversas calidades e duracións, con colaboracións fermosas e importantes ás veces dos intelectuais da emigración e da Terra, e quedan tamén os orixinais enviados, moitas veces, cousas dos tempos, manuscritos.

O texto que agora presentamos é unha rica e vizosa invocación ós poetas lugueses na verba sempre densa de Otero Pedrayo. Enviouna en novembro de 1967 e foi recollida nos meses seguintes na revista <Lugo> do Centro Lucense de Bos Aires -hoxe integrado no Centro Galicia- que publicou unha foto do manuscrito pero creo lembrar que sen dar transcrición. Durante unha das nosas últimas estancias naquelas terras e logo de topar casualmente o texto entre os fondos do Centro, as súas autoridades, amablemente, nos permitiron tirar unha fotocopia do manuscrito oteriano. Gracias á súa colaboración poden Vdes. ler este pequeno e fermoso texto recuperado.

Outa craridade luguesa

Espreitamos ós lonxes a neve. Como no outo cumio unha dedicación trascendental. No levián desfollárese outonizo da fonda carballeira -o "bosque antigo" do verso pondalino- o primeiro latexar de un luceiro invernizo chama. No romantismo dos adeuses a seguranza dun fito metafísico. E pensamos no sino das terras luguesas. Pois a nosa xeografía galega ben logo se liberda en símbolos de correspondencia irmán no esprito. As mans do vento na "apassionatta" das carballeiras, o albo tremar da abedoeira, do luceiro aquila caridade de se deixar apañar nun illó como o infindo amor no peito magoado.



«Díaz Castro oficia relixiosamente nos altares da Terra Nai.»

Algunha fonte ou algún arelar cingue por latexantes e finas raíces os poetas lugueses de nestora.. Millor non teimar o definila. No silencio sentímola como o latexar do pulso. Hoxe unha outa e nidia doctrina nun acompasárese de graves acordanzas, despréndese dos poetas, dos escritores lugueses. Moi difrentes asegún seus xénios individoás armoñízanse no cerne e guía do pensamento e a iles acodimos ca fé da alboradeira fontela.



«En Euxío Novoneyra as verbas gardan fondura de versos. Proféticas e poucas...»
Óleo de Pedro Martínez Tavera.

*Pasa **Anxel Fole**. Veira do lume as falas inmorrentes. Charetear follateiro, lapa conteste das fachas. Non ten morto **Aquilino Iglesia Alvariño**. Frolece a elegancia dos vates latinos -¡tamén iles, tecidos de delor!- no seu verso pra, deseguida estreitar con alapeante amore o corpo de terra sofridoira do labrego. No ermo acugulado de silencios quezais unha frauta de pastor de nubens canta: **Pimentel**. A man de **Manuel María** enroita as aradas mainas da Terra Chá e nos amieiros dibuxa as amantes empresas. En **Euxío Novoneyra** as verbas, cada unha de seu, gardan fondura de versos. Proféticas e poucas. Como as águias e os espiños en frol. Outro poeta forte-*



cido en abas montesías ***Díaz Castro*** *oficia relixiosamente nos altares da Terra Nai. Alí nos roleiros do infindo -Galiza demarca co infindo polos cóns dos vates-* ***Arcadio López Casanova*** *compón pra unha noite de nídias estrelas seu acougo de camiñante. En carroza do XVIII, ou pousando con menciñeiros e pastores no cruce dos vieiros* ***Alvaro Cunqueiro*** *volve a tenrura dos primeiros namoros pra ser acollido polas fantasías dos choveres donceles do abril e o sorrir no cabrinfollo das donas do "temps jadís".*



«Arcadio López Casanova compón pra unha noite de nídias estrelas seu acougo de camiñante.»

¿Onde remata a Poesía? No estudo anceioso xenialmente metódico do misterio do home o Dr. ***Rof Carballo*** *lembrando os petrucios lugueses enxerga o calmo frolescere dos caraiteres senlleiros. E fai lírica e épos da sciencia. Macio, fino, craro, profeso na Régoa da Verdade,* ***Ramón Piñeiro*** *chama ca seguranza de sere respondido no peito infindo de outonos dos rapaces galegos. No trafego xornaleiro de* ***"Galaxia"*** *o navio da cerne cultura nosa cada mañán con novo ar nas velas* ***Francisco Fz. del Riego*** *escuita a chamada da Terra e alenta súa obra ó ritmo dos "bos e xenerosos", unha obra de irmandade e futuro.*



«Alvaro Cunqueiro volve a tenrura dos primeiros namoros.»
Caricatura de Gogue.

E outros. O raiolar dos luares nos centeos novos aconsella o nacer dos poemas de ***Díaz Jácome****. E os críticos e os eruditos. A ninguén dos merecentes desampara a lus crara, o gris de pupila, da mañán e da fonte luguesa. Quezais nun colexio de druídas sen cánones, gobernandos por aquil mesmo poder guiados cara ós ermos de* ***Noriega Varela*** *-Teñen sido talladas as teorías de cincentas abedoiras da estrada de Villalba- Eles, os elexidos poetas lugueses, aqueloutrados de abrentes camiñan sempre a prol de aquila lus e albencia simbolizadas na neve dos Ancares, nos ramos no vento da terra, nas zoquiñas da nena mañán petando albelas nas airas do porvir.*

R.Otero Pedrayo
Ourense 27 -XI-1967



RAIMUNDO GARCÍA DOMÍNGUEZ

Máis coñecido por "Borobó", é una das figuras claves do periodismo galego contemporáneo. Iniciou a súa actividade periodística en 1940 como colaborador de *El Español*, *La Estafeta Literaria*, na revista *Fantasía* e no xornal *Madrid*. A partires do 1 de Abril de 1960 dirixiu *El Correo Gallego*. Por esta época foi cronista oficial de Santiago de Compostela. Máis adiante pasou á Agencia Efe da que foi redactor xefe de Arquivos até a súa xubilación. Director da revista *Chan* desde 1969 até a súa desaparición, editorialista de *Qué* e colaborador frecuente de *Blanco y Negro*. Despois pasou a colaborar con *El Imparcial* e *El Socialista*. Ademais de miles de artigos, "Borobó" escribiu varias comedias (*Duce, Duce; ¿Quién mató al Meco? Elección Parcial; Aura, o el complejo de Polícrates*), numerosas narracións e guións para o cine como *Xoán Porreás, Tina , la Piñeira*, e os libros *A cantora do Sar* adicado a Rosalía de Castro, *O Ruisiñol de Trasalba* adicado a Otero Pedrayo e *Daniel o noso* adicado a Castelao.





O novelo dos anacos

Texto: **Borobó**
Debuxos: **Luís Cid**

A VOCACIÓN MÉDICA DUN RUISEÑOL

Carecéu Daniel, o noso, dende sempre, de vocación pola carreira de Medicina que estudiou en Fonseca. "Coma é sabido, Castelao, pese a que se fixo médico e actuou profesionalmente durante uns cantos anos por vontade de seu pai, non chegou nunca a ter afición a carreira nin a compenetrarse con ela. Polo contrario, sempre pensou que seu título constituiu un impedimento pra alcanzar o pleno desenrolo das súas ilusións de artista".

Escribe a anterior frase entrecomillada quen pola vinculación dos Baltar cos Castelao e pola intrahistoria médica da que tanto sabía, era máxima autoridade no estudio de ser íntimo do guieiro da galeguidade: D. Ramón Baltar Domínguez, autor primeiro do ensaio *Castelao* médico (publicado no *Homenaxe a Castelao* da Universidade de Santiago. Vigo, 1976) e logo do máis amplio sobre *Castelao ante la Medicina, la enfermedad y la muerte,* que constitúe o tomo XVIII da Biblioteca de Galicia dos Bibliófilos Gallegos. Compostela, 1979.

Non especulou D. Ramón Baltar, nos seus excelentes traballos, adrede de que Castelao poidera ter máis vocación de albeite que de médico, coma cabería darse a entender no meu anaco de nantronte. Nil quedou claro que Daniel, o noso, podería ser un bo manciñeiro das vacas, pero tamén un pésimo veterinario dos cans.

Resalta, en cambeo, o Dr. Baltar, que a etapa hospitalaria de Castelao –nas salas do Hospital Provincial



como practicante e nas do Clínico como alumno poido ter unha gran importancia pra o desenrolo da súa personalidade e de seu pensamento. Conforme nisto, D. Ramón, ca idea do seu tocaio e tamén amigo, Otero Pedrayo, de que o contacto co dor da pobre xente alí hospitalizada, impulsáralle a procurar a mellora da súa situación social.

E xa que menciono a D. Ramón Otero ven a ser aquí casi obvio señalar que, en canto a vocación médica, o do señor de Trasalba significaba o caso contrario a do seu par na cume da galeguidade. Pois por ser fillo único dun prestixioso médico ourensán, mantivo sempre certo agarimo pola profesión de seu pai; coma manifestou especialmente na conferencia pronunciada no Colexio Médico de Ourense, que quedou grabada nun precioso disquet. Onde da evocadora elocuencia de D. Ramón transpira seu inefable humor.

Supoño que partirá dela o psiquiatra ourensán David Simón Lorda pra escribir o limiar da "pequena reedición crítica (que proxecta) con todos os textos que Ramón Otero Pedrayo publicou acerca da medicina, os médicos e a historia da Medicina en Galicia". Pra realizala invitoume David Simón a que lle facilitara cantos datos podía aportarlle sobre iste tema, e mais pra outro traballo que ten en preparación.

Xa cumplín en A Nosa Terra (11-I-2001), mediante *O exemplo de Laureano Santiso Girón,* co segundo pedido. Pra responder o primeiro, quizaves, basta botar man, no meu libro segredo, *O Reiseñor de Trasalba,* dun do centenar de anacos arredor de sí (sí é don Ramón) que o compoñen.

Sería o titulado *A regalía da Arnoia,* no que aludo ao viaxe que fixo Otero Pedrayo, en compañía duns conspicuos médicos de Santiago, que iban a examinar unha vella doente na Arnoia. Logo puxen en verso ese *Anaco do rousiñol de Arnoia,* onde decía que "ao volver os médicos de auscultar a nai do hosteleiro, tiveron ainda que beliscarnos a Ramón Piñeiro, ao chofer e a min, pra espabilarnos daquel aglaio que nos deixara engaiolados".

O aglaio foi a palabra de don Ramón, ó glosar o canto do rousiñol que acabaramos de escoitar; quedándonos abraiados ós que acompañábamos tamén ós médicos naquela excursión. Mais, como supoño que esta licencia poética non será suficente pra satisfacer a demanda médica de Simón Lorda, extraeréi do arquivo da miña memoria unha anécdota certa da que foron protagonistas dous dos tres Ramóns citados: o señor de Trasalba e, precisamente, o inxel biógrafo de Castelao e ciruxano, D. Ramón Baltar Domínguez.

O DOCTOR OTERO PEDRAYO, EN SAN PAIO

Tiña moita curiosidade Otero Pedrayo por coñecer a arquitectura interior do Mosteiro de San Paio de Antealtares. E así o dixo falando nunha tertulia cos seus mellores amigos de Santiago, na que predominaban os médicos. Escoitouno don Ramón Baltar, e cando despóis fixo un aparte co seu inxel tocaio, indicoulle discretamente que il poderia facilitarlle o lecer de visitar por dentro o malia a clausura da comunidade benita, nada doada de quebrantar.

Pois o ilustre ciruxano explicoulle que viña sendo médico das monxas de San Paio, e cando algunha dilas se pouxera enferma e o avisaran pra que a fose a recoñecer chamaría a don Ramón Otero có gallo de que o acompañara na visita; coma se fora un doctor forasteiro, unha eminencia científica de paso por Santiago, onda viñera a dar unhas conferencias.

Non mentiría ás monxas o Dr. Baltar. Seu preclaro tocaio e amigo era efectivamente doctor, anque en ciencias históricas e xeográficas. E estaba de hóspede no Hotel España, da Rúa Nova, indo e vindo todas as semáns, no Castromil, a Trasalba, pra ver a doña Eladia, súa nai. Do señor de Trasalba, polo tanto, ben podía decirse que estaba sempre de paso en Santiago, e ademáis daba conferencias en Compostela un día sí e outro non.

Pouco tardou a ocasión de que Otero poidese visitar San Paio. Caían doentes a miudo as monxiñas dalí, porque sufrían indisimulable debilidade. A ilustre comunidade das Señoras de San Payo, constituida nos séculos dos Austrias polas máis ricas femias de Galicia, fillas de virréis, sobriñas de arcebispos, viviran unha etapa de enorme esmalloamento nos primeiros anos da posguerra, naquela racionada época



das cartillas de Abastecimento. Parece ser que incluso tiveron que *tocar a fame;* un tañido da súas campás, inconcebible no tempo das nobles Señoras de San Paio; estudiado veraz e exhaustivamente polo seu capelán García M. Colombás, M.B., na reveladora *Historia de las benedictinas de San Pelayo de Antealtares* (Ediciones de la Caja de Ahorros de Galicia, La Coruña, 1980).

Na porta da clausura recibéu a ambos doctores a priora administradora de San Paio, a monxa leonesa, Madre María Prieto. Pois supoño que non era inda abadesa, posto pra que sería nomeada o 10 de agosto de 1958. D. Ramón Baltar presentoulle a D. Ramón Otero, decíndolle que era o profesor que máis sabía sobre os males dos galegos nos séculos pasados, o XVIII e o XIX particularmente, e que escribira a vida de Varela de Montes, a maior eminencia médica que existira en Galicia antes de Nóvoa Santos.




Na porta da clausura recibéu a ambos doctores a priora administradora de San Paio

Acompañados pola Madre priora e a Irmá enfermeira penetraron os dous egrexios Ramóns na clausura de San Paio. A curiosidade do Señor de Trasalba ía quedando satisfeita conforme andaban polos anchos corredores do mosteiro e apreciaba dende as ventás a amplitude e beleza de seus patios. Ata que chegaron a celda da monxa doente, que era unha antiga abadesa do mosteiro. O que non sei ben se foi a asturiana, María Benita Alonso Graña, ou a galega, Carmen Castro Varela, que se alternaron nese cargo dende 1931 deica xaneiro do 1948, no que veu de Oviedo a Madre Gertrudis Herrera, designada pra ese oficio polo visitador apostólico, *dom* Aurelio María Escarré, o célebre abade de Monserrat.

Auscultou o Dr. Baltar á vella abadesa e pasoulle logo o fonendoscopio ao divertido autor de *O desengano do Priorio,* que aparentou examinar a doente velliña con clínica atención.

-¿Cal é seu diagnóstico, querido colega? -preguntoulle don Ramón Baltar.

Respondéulle Otero Pedrayo falando no latín macarrónico dos físicos do Hospital Real de Santiago, cando se fundou,no século XVI. Latín composto de términos científicos de Galeno, e tamén gregos de



A curiosidade do Señor de Trasalba ía quedando satisfeita conforme andaban polos anchos corredores do mosteiro e apreciaba dende as ventás a amplitude e beleza de seus patios.

Hipócrates, que o polígrafo ourensán, sendo rapaz, xa aprendera de seu pai, o bo médico don Enrique.

Latín que entendéu perfectamente a Irmá enfermeira. Pois habería de ser a que axiña poñería clase de esa lingua as mociñas seglares, cando as monxas de San Paio abriron seu colexio.

O ABRAIANTE CASO DA IRMÁ AZUCENA

Cando os doctores Baltar Domínguez e Otero Pedrayo sairon da cela da vella e doente prelada de San Paio, o eminente ciruxano lle preguntou á priora, Madre María Prieto, coma seguía a Irmá Azucena.

-Dende que vostede a mandou levantar, está coma unha rosa. Non para de correr polos patios e de subir e baixar escaleiras -informoulle a Madre que entón administraba o Mosteiro de San Paio, namentres vacou a sé prelaticia.

-E lóxico, despóis de pasar trinta anos acostada no leito -comentou don Ramón Baltar.

-Xa tería unha doencia moi grave pra botar tanto tempo na cama. Supoño que comería e bebería, inda que non fose moito. Pois senón penso que sería un caso semellante a *da espiritada de Gonzar,* que visitou Varela de Montes e pintou Cancela del Río -lembrou don Ramón Otero, en quen a erudición e a maxinación confluían.

-Non tiña nada a Irmá Azucena -señalou a monxa leonesa-. Non tiña nada, e por iso o Dr. Baltar a mandou erguer. Somos as moxas benedictas moi rigurosas na obediencias, e coma o Dr. Barcia Goyanes prescribira que gardase cama, hai trinta e tantos anos, por un resfriado...

-Juan José Barcia Goyanes foi daquela a facer oposicións a cátedras de Anatomía e gañou a de Salamanca. Non volvéu, por unha longa tempada, a Compostela -aclarou Baltar a seu tocaio.

-Nin nunca máis polo Mosteiro de San Paio, pese a ser o médico de cabeceira das nosas novicias. Pero coma ordenou que a Irmá Azucena non se movera do leito, ata que el volvera a vela, as abadesas que se foron sucedendo en San Paio nise tempo, as Madres Matilde Reigada, Benita Alonso e Carmen Castro, impidiron que se levantara namentras o Dr. Barcia non o dispuxera.

-¿Ise Dr. Barcia e o fillo daquel catedrático de Anatomía, D. Juan Barcia Caballero, que foi tamén un bo poeta e mentor de Alfredo Brañas? -interrogou Otero a Baltar.

-Non, é neto. É o actual Rector da Universidade de Valencia. Foi meu condiscípulo inseparable mentras estudiábamos na Facultade. Dende que sufrín unha paratífica, viña a estudiar conmigo sempre na miña



casa. Escoitábamos as vegadas, a meu pai, que tiña de violín de Ingres ó piano, executar as sonatas de Chopin. Nunca deixamos de vernos nos veráns, e tamén cando coincidimos nos congresos de Historia da Medicina; adicación que para ambo-los dous, asimesmo, ven a ser noso violín de Ingres, noso *hobby* -explicou o ciruxano, ca súa sobria e precisa palabra.

-Cando a Madre Reigada, sendo xa Priora, despóis de ser tantos anos abadesa, oéulle dicir a vostede que viñera algunha vez a San Paio, acompañando na visita médica a seu compañeiro, foi o momento que se lle ocurréu contarlle o caso clínico da Irmá Azucena -recordou a nova Priora.

-En efecto. Indicoume que levaba trinta anos na cama, a causa dunha indixestión, ou dunha gripe. Non se acordaban xa ben. Eu viñera a ver a outra monxa que sufría un ataque de apendendicitis, a quen operéi aquela mesma noite no Sanatorio. Pero pregoume a priora que botase unha ollada a esquencida enferma.

-Estaría xa paralítica. Ou con tanta humedade coma rezumaría sua cela en máis dun cuarto de século, reumática de abondo -opinou o Dr. Otero.

-Nada diso. Semellaba conservada entre algodóns. Blanca, blanquísima, cal unha rosa blanca. San coma unha mazán sen podrecer. Auscultéina, examinéille, co permiso da abadesa, tódalas súas extremidades. Movía as pernas e os brazos, coma si pasara isos trinta anos andando en bicicleta, ou xogando ao tenis. Mandéina levantar a modiño, e que fora pouco a pouco recuperando de pé a móvilidade.

-¿E contoulle logo ao Dr. Barcia Goyanes o abraiante caso da Irmá Azucena? -inquiréu Otero Pedrayo.

-Sí; no Congreso de Granada que inaugurou o mesmo Rector da Valencia cunha conferencia, e presentéi eu unha comunicación sobre a *Historia de una vacunación variolítica en 1776.* Por certo que me pidéu que o escusara, ante as monxas de San Paio, por non ir a despedirse delas trinta anos atrás.



Auscultou o Dr. Baltar á vella abadesa e pasoulle logo o fonendoscopio ao divertido autor de *O desengano do Priorio,* que aparentou examinar a doente velliña con clínica atención.





BEATRIZ LORENZO LÓPEZ

Ourense, 1982

Estudante, gañadora con este traballo do certame literario convocado pola "Asociación de Amigos de Otero Pedrayo" en 2000.



Pazos e Mosteiros en «Os camiños da vida»

Beatriz Lorenzo
Debuxos: **Luís cid**

1. INTRODUCCIÓN:

1.1.CONTEXTO HISTÓRICO SOCIAL

En Galicia, o século XIX representou para o Antigo Réxime o desenrolo dunha enfermidade mortal que se viñera xestando dende que as ideas liberais penetraran en moitas conciencias con motivo da Revolución Francesa, a decadencia do sistema tradicional, ilustrado e centralizado baixo a administración borbónica avanzou paulatinamente ó longo do século sendo unha das súas consecuencias o esmorecemento definitivo do poderio dos feudos, dos grandes "señores da terra" que se viron substituidos por unha emerxente burguesía (tendeiros, comerciantes...) eminentemente foránea e asentada nas vilas e cidades. Pero non foron estas unhas transformacións illadas, senón que se deron paralelamente ó desenrolo das guerras carlistas, longos preitos dinásticos que apuñan unha disyuntiva entre a instauración dun novo goberno liberal (isabelismo), acorde coas ideas e intereses da nova burguesía e o retorno ó Antigo Réxime (carlismo) visto con bos ollos pola fidalguía rural e pola maior parte do clero regular, que vía ameazado o seu estatus socioeconómico pola desamortización eclesiástica.

Nestas coordenadas sitúa Otero Pedrayo *Os camiños da vida*, unha novela que narra (e aquí sáenos o Otero historiador) uns acontecementos enmarcados no decorrer despacioso dun século, dende a época da Desamortización de Mendizábal en 1837 (cap 1º) ata as vésperas da Revolución "Gloriosa" de 1868 (cap final).



O mesmo Otero afirmou que en *Os camiños da vida* intentara "trazar as escuras correntes dominantes no século dezanove galego baixo a fronda dunha fábula familiar"[1] ; é, a dicires de Ramón Marino Paz , "un ensaio novelado sobre a historia moderna de Galicia"[2], unha historia que, pola súa traxectoria, ideoloxía e raíces familiares, afectaba e interesaba especialmente ó propio Otero.

Cómpre agora intentar encadra-lo papel dos pazos e mosteiros na ideoloxía oteriana, definida por X.R. Quintana e M. Varcárcel como "nacionalismo tradicionalista"[3]; O de nacionalismo está ben claro, basta con botar unha ollada á relación de Otero co galeguismo nacionalista da época (As Irmandades da Fala, *Nós*, a colaboración cos membros do Seminario de Estudos Galegos, o seu cargo como diputado do Partido Galeguista...), e este nacionalismo traía consigo un doble afán; dignificar e europeiza-la cultura galega, tirándoa do seu papel excesivamente ruralista e fraternizándoa co resto das nacións da antiga comunidade celta, aspecto este de importancia que tratarei ó falar do mosteiro de Oseira.

En canto ó "tradicionalismo" de Otero, este ven quizais determinado polas súas raíces familiares (proviña dunha familia fidalga vida a menos), e pola súa actitude nostálxica e simpatizante coa "economía natural", ese pacífico enfiado de relacións económicas e de vasalaxe entre señor e labregos (temos un bosquexo desta visión arcádica nos comenzos da primeira parte de *Os caminos*...) que eran para el infinitamente menores cá economía capitalista que comenzou a imperar trala caída do Antigo Réxime.

2. Os Pazos: o Pazo da Seara e o Pazo da Pedreira

Otero introduce múltiples elementos autobiográficos na novela, a mesma aldea, Trasouto, está claramente identificada co lugar onde a familia do escritor pasaba grandes tempadas: a aldea dos Chaos de Amoeiro na parroquia ourensá de Trasalba; polo mesmo, tense barallado a hipótese de seren os dous pazos da novela os mesmos que existen actualmente en Trasalba: o pozo de Gaión, propiedade da familia de Otero por herencia da nai, dona Eladia Pedrayo, viría a se-lo Pazo da Pedreira, mentras que o outro pazo (compre sinalar que un dos seus habitantes tivo, na vida real, antecedentes delictivos, o cal coincide coa caracterización do morgado e de Farruco Doncos) corresponderíase co Pazo da Seara.

Sexa como for, os dous pazos teñen un papel moi importante no novela, en canto que exemplifican, xunto coa evolución dos seus habitantes, a decadencia progresiva e imparable do vivir fidalgo.

1. R. OTERO PEDRAYO "Morte e Resurrección", *Obras selectas. Ensaios*. Galaxia, Vigo, 1983.
2. R. MARIÑO PAZ "Introducción a *Os camiños da vida*" en *Os camiños da vida*. Galaxia, Vigo. 1983.
3. X.R. QUINTANA e M. VALCÁRCEL "*Ramón Otero Pedrayo, vida, obra e pensamento*". Ir Indo, Vigo, 1988





"... Un dos mellores daquelas xurisdiciós. O corpo da casa ergueito en fina canteiría, obra limpa dos barrocos do dezasete."

Dese modo, no principio da novela, preséntanse os pazos como poderosas fortificacións, fructíferas, enxertadas na terra, perfectamente integradas nese entorno harmónico que Otero describe dende unha óptica panteísta. Vexamos a presentación do dos Doncos.

"... Un dos mellores daquelas xurisdiciós. O corpo da casa ergueito en fina canteiría, obra limpa dos barrocos do dezasete, soilo se franqueaba os camiños pola grande fachada composta de capela barroca lindante (...) Polo sul e poente o pazo prantado coma un señor dominaba a larganza das millores terras do seu patrimonio".

Vexamos agora a do Pazo da Pedreira:

"O Pazo franqueaba o camiño, un grande portal coa data da feitura na lumieira (...) Grande curro cinguido de cortes e cortellos coa solaina da casa ó fondo (...) dando ó xardín unha solaina de pedra lindamente traballada, que recollía o latexar do descuberto hourizonte..."

Vemos en ambalas dúas descripcións como se resalta o poderío e a grandeza das propias construccións, a esto debemos engadir as múltiples referencias ás herdades, lameiros etc, que nos dan idea da fartura de terras que se estende polos arredores, propiedade dos señores e traballadas polos campesiños ó longo dunha tradición que ven de antigo. Hai tamén referencias á autonomía do pazo, que "vivía por si", posuidor dunha riqueza que espertaba a envexa da pequena burguesía urbana, que aínda non coñecera a súa época de medre e prosperidades

"Gracias as sabias disposicións e costumes dos antergos as cousas ficaban facerse de por si, por unha vontade natural. O pazo antigo podía gardar un farto isolamento. Só algunhas viaxatas á cidade con caba-



"O Pazo franqueaba o camiño, un grande portal coa data da feitura na lumieira (...) Grande curro cinguido de cortes e cortellos coa solaina da casa ó fondo (...) dando ó xardín unha solaina de pedra lindamente traballada, que recollía o latexar do descuberto hourizonte..."

los e bestas chamaban a atención e a envexa dos burgueses polo gasto desacostumado no humildoso desenvolvemento das castes de tendeiros e funcionarios".

Ademais, non faltan as alusións a ostentosa decoración dos pazos, sobre todo no caso do Pazo da Seara: cheminea barroca, impoñente balcón, pinturas exóticas... (compre fixármonos na impoñente biblioteca, chea de volumes non abertos en moito tempo, aspecto iste, que nos dá xa idea da deixadez e falla de inquietudes culturais dos habitantes do pazo).

Así pois, no primeiro capítulo, ambos pazos caracterízanse pola súa fartura, riqueza e grandeza, menos visible no pazo da Pedreira que no da Seara, tratado este último como unha especie de impoñente matriz que rexe e posibilita o que acontece arredor de si.

Sen embargo, esta etapa de boanza, este ocaso aínda dourado da primixenia idade de ouro que foi o Barroco, esmorece co nacemento e consolidación do Estado Moderno, e Otero dános fe delo o pasar das florecentes descripcións das primeiras páxinas a outras nas que se nos presenta a progresiva decadencia dos pazos, botando man da técnica de contraste tan utilizada ó longo da novela, no so na ambientación dos espacios senón tamén na caracterización dos personaxes.

Exemplo claro desta técnica témolo no capítulo VII da primeira parte, onde vemos que o Pazo da Pedreira pasou de ser unha casa próspera e ben administrada (nos primeiros tempos) polas mans hábiles de Misia Vicenta e Misia Ramona, a ser un lugar lógobre e frío no que escasean, os cartos para pagarlle ó recadador (clara mostra da consolidación e crecente



poderío do Estado Moderno), e falta, incluso, comida para a Ramonciña, namentras don Xosé María, borrachín, gasta os cartos e as herdades na casa da Burata.

Semellante sorte corre a casa dos Doncos, que, no capítulo IV da segunda parte, é xa un antro suxo e desorganizado, gobernado pola cobiza da Tutana e onde don Caetano é maltratado e ridiculizado.
Cabe aquí falar, pois, do papel que os propios habitantes dos pazos teñen na decadencia destes. Otero preséntanos a unha fidalguía corrompida, desinteresada pola cultura e pola tradición dos antergos, descoidada a administración das súas terras mentras, na cidade, medra unha burguesía corrupta e sen escrúpulos. Xa dende os primeiros capítulos, os Doncos presentánsenos como unha ralea de amorais preguizosos (pensemos na nugalla de D. Caetano, que non sabe administra-lo pazo, non ten intereses culturais e gasta as onzas nas partidas carlistas, menos por ideoloxía que por influencias de D. Xacobe..., pensemos no morgado, cobizoso e amoral, no Farruco, que chega a converterse nun asasino, e nos fillos menores, que non demostran ter moito menor siso en ningún momento).

Pero tamén o pazo da Pedreira, cun don Xosé María mellor caracterizado, sofre as consecuencias do malfacer dun fidalgo devorado polos propios vicios e debilidades.Temos pois, en estreita relación coa evolución dos pazos, o tema da fidalguía inútil, viciosa e decadente, que se deixa vencer pola cobiza dos tendeiros e comerciantes das cidades, contribuíndo así á perda do seu propio patrimonio, as herdades e os pazos: símbolo do poderío feudal.

Por último, aparece tamén a figura do que para Otero era un fidalgo ideal: Paio Soutelo; culto, con estudios, consciente do seu papel na rexeneración da casta, que escolle enraizarse na terra e asumi-la súa función de salvagarda-lo pazo e con el a tradición, Paio Soutelo é, a dicires de Ramón Villares prototipo do que foi o propio Otero, descendente de fidalgos que toma conciencia da súa responsabilidade da postración de Galicia e contribúe cuns postulados nacionalistas e rexeneradores.

En resume, mentras o pazo da Seara sucumbe pola neglixencia, incapacidade e vicios dos seus donos, o pazo da Pedreira rexenérase da man dun ahistórico fidalgo ideal, tras ser preservado pola man da Ramonciña, muller capaz, forte, determindada, abnegada que tanto contrasta co papel considerado ideal para as fidalgas da época (papel adoptado por Misia Chinta): mulleres fermosas, mainiñas, mimosas, débiles e virtuosas, tan incapaces como os seus dexenerados maridos de preserva-lo seu pazo e a súa dignidade.

Así pois, a Ramona, a típica muller fidalga, é outro elemento de importancia na conservación do pazo, banzo intermedio entre a desidia de don Xosé María e a perfección fidalga de Paio; nomeemos como anécdota de que existe tamén unha hipotese de que o persoaxe da Ramona podería estar baseado na nai ou avoa de Otero, mulleres ambas que rexeron a casa trala prematura morte dos seus homes.

3. OS MOSTEIROS. OSEIRA E O PRIORATO DA GRANXA.

A presencia dos mosteiros na novela está fortemente vencellada a un feito de grande trascendencia no século: a Desamortización Eclesiástica de Mendizábal, levada a cabo en 1837, que privou o clero regular dos *bens de mans mortas* que viñeran posuíndo ata daquela. Estes bens, que se puxeron á venda, non puideron ser adquiridos polos campesiños, que carecían dos medios económicos necesarios, e tampouco foron adquiridos pola fidalguía senón que pasaron ás mans dos novos burgueses. O tema da exclaustración foi tratado por Otero noutras obras súas, expresando así o sou punto de vista contrario ó feito:

"A vida aldeá en Galicia rexíase ó sonido da campá monástico e non gañou nada coa desamortización. Seguiu o relativo latifundismo, as terras e as rendas pasaron a mans de seglares aínda máis indiferentes..." (Otero Pedrayo, Ensaio Histórico sobre a cultura galega Galaxia, Vigo, 1982).

A desamortización, pois, é vista tamén en *Os camiños*... como algo negativo para a sociedade e, sobre todo, para a cultura galega, que tiña os seus máis importantes tesouros agochados nas bibliotecas dos mosteiros, perdidos agora nas mans de persoas incapaces de valoralos.
Na novela, a desamortización faise especialmente



dramática e patente en relación ó mosteiro de Oseira, visto como un maxestoso foco de sabiduría e pervivencia da tradición, e este dramatismo, esta sensación de expolio é maior, se cabe, trala relación que se fai entre os orixes do citado pazo e a tradición céltica de Galicia, esa fantástica historia contada polo exclaustrado (capitulo VI da primeira parte) que tanto ten que ver co Atlantismo de Otero e do grupo Nós en xeral (recordemos a importante cabida que tiveron na revista *Nós* escritores de paises como Portugal, Irlanda, Bretaña ... nun afán por reconstruí-la antiga comunidade celta, además de algúns artigos referentes o tema).

"O celtismo entra de novo, c'unha arela trocada en realidade (...) Chegou a hora da redenzón dos pobos célticos. Galiza ten que se dacatare ben d'isto.(...) ¡Irlandeses, os irmáns galegos vos saúdan... ! (Texto aparecido en *A Nosa Terra* nº153, 15, Nadal 1921).

Volvendo ó tema da exclaustración, compre sinala-la presencia da figura do exclaustrado, personaxe peculiar da realidade do século, da que temos dous tipos: a) sumido na nostalxia do pasado, fóra do mundo (o exclaustrado de Oseira), b) non resignado coa súa sorte e tratando de recupera-lo poder económico uníndose as partidas carlistas (o frade de San Clodio).

Así pois, a presencia dos mosteiros en Os camiños da vida dános fe, sobre todo, do tema clave da novela:o inexorable derrubamento do Antigo Réxime, mosteiros e pazos, as pezas mestras –relixiosa e leiga– deste período, perden poderío fronte as novas ideas liberais, aínda que, mentras que os primeiros fano por causas alleas –a Desamortización–, estoutros sucumben en boa parte pola desidia dunha fidalguía corrupta (vemos incluso como o morgado delinque no Priorito da Granxa para conseguir carros).

Os mosteiros son, pois xunto cos pazos, os últimos vestixios dunha idade de ouro, máis significados que aqueles nas súas descripcións e caracterizacións (vexamos por exemplo que o exclaustrado está careterizado positivamente, en contraste co representante de clero secular, don Xacobe, máis en relación cos fidalgos).

EPÍLOGO: OS CAMIÑOS DA VIDA; UNHA NOVELA DE ESCENARIO OURENSÁ

Os Pazos e os Mosteiros hoxe.


O Otero xeógrafo manifféstasenos na minuciosa exactitude con que se recrean lugares e escenarios reais, en perfecta consoancia coa época e as circunstancias que os envolven; Otero, centrándose na parroquia de Trasalba, fainos recorrer nos lugares que constitúen un claro trasunto da realidade extranovelesca:A serra do Suido, Ribadavia, Leiro, Maside, Amoeiro, Faro de Avión, A Martiñá, Oseira...

Lugares, que, se cabe, fan máis verosímil a acción que, además de remitirse a lugares tan distantes como Irlanda, e outros que o son menos coma Santiago ou Baiona, transcorre case na súa totalidade en letras ourensás, perfectamente identificables en calquer mapa, contrastando a beleza maxistralmente retratada do medio rural coa logobridade e ambiente insán da cidade -daquela vila- de Ourense que se presenta como o antro no que a nova burguesía comercial tece os seus fíos de débedas, cobros e pagamentos que poñen en ameaza o tranquilo decorrer dunha economía natural nun ambiente idílico.


En resume, unha novela que (como *O porco de pé* de Risco, *A Esmorga* de Blanco Amor ou *Ilusirisima* de Casares) centra a súa acción no escenario xa case mítico don Ourense que aquí se manifesta tanto na súa vertente urbana coma rural.



Na novela, a desamortización faise especialmente dramática e patente en relación ó mosteiro de Oseira, visto como un maxestoso foco de sabiduría e pervivencia da tradición.







JOSÉ PAZ RODRÍGUEZ

Corna – Ourense, 1948

Professor da Universidade de Vigo no Campus de Ourense, Professor-Tutor da UNED de Pontevedra e Presidente do MRP "ASPGP".



Ramón Otero Pedrayo
Modelo de educador galego teórico e prático

José Paz Rodríguez

A grande figura que é para a nossa Galiza D. Ramón Otero Pedrayo em todos os campos da cultura, obscureceu um pouco o seu grande labor de educador. Tema não menos importante que o de escritor em todos os géneros (novela, teatro, ensaio e poesia), investigador, político e orador –por certo, excepcional, e que tem muito que ver com a sua pedagogia–. A sua faceta de educador teórico e prático é bem merecente de uma tese de doutoramento. Eis um formoso tema para que um jovem investigador pedagógico realize a sua tese sobre Otero como pedagogo. Ainda se está a tempo de recolher exemplos do seu excelente labor pedagógico como professor no Instituto de Ourense (que agora leva precisamente o seu nome) e na Faculdade de Filosofia e Letras de Santiago de Compostela. Felizmente aínda existem os documentos vivos que são os seus ex-alunos e alunas. Muitos de eles com morada na cidade de Ourense.

OTERO, UMA GRANDE PESSOA

Não é fácil nem doado num simples artigo reflectir o que Otero foi como educador teórico e prático. Este aspecto é tão importante em el que requeriria uma investigação muito ampla e profunda como já aseveramos mais acima. Este nosso artigo não deixa de ser uma pequena aproximação ao D. Ramón pedagogo.

Pola nossa idade conhecimos muito pouco ao professor Otero. Só nos últimos anos da sua vida, já jubilado e como conferencista. Lembramos com carinho as conferências que lhe escoitamos no antigo Círculo Recreativo de Artesanos e no "Orfeón Unión Orensano". Como orador era uma maravilha, e nós tivemos a sorte de disfrutar do seu cálido verbo em vivo. Era tão extraordinário que os assistentes não se iam aínda que foram as onze da

noite. Podias estar escoitando-o com verdadeiro prazer horas e horas sem aborrir-se.

Polo que respeita a outros dados sobre o Otero pedagogo tivemos que acudir, ademais de aos recordos de algum que outro ex-aluno (entre outros a ex-professora do colégio das M.M. Franciscanas Dª Ángela Pérez Fernández, o ex-professor do CEIP "Curros Enríquez" D.António Vázquez Martín, e a mestra jubilada Dª Maria González Fernández) aos excelentes trabalhos de Carlos Casares[1] e José Filgueira Valverde[2], à monografia editada pola "Xunta" com motivo da efemérides das Letras Galegas dedicada a Otero no 1988[3] e a quatro livros esenciais para o tema que nos ocupa, do próprio Otero: *Prosa miúda*[4], *Ensaio sobre a cultura galega*[5], *Historia de Galiza*[6] (como co-ordenador), *Pelerinaxes*[7] e a gravação em cassette da sua conferência pronunciada em Buenos Aires o 26 de Julho de 1949 sobre "A paisagem galega, as suas leis e tipos[8]".

Existe um denominador comúm na apreciação que da figura de Otero têm todos os que o conheceram e/ou investigaram sobre el. Este é o de que Otero era uma pessoa excepcional. Com valores positivos. Com sensibilidade. Com humor e simpatia. Com veracidade. Com coerência. Com carácter agradável. Com optimismo. Com vitalidade. Compreensivo. Amigável... Em fim, com todas aquelas qualidades humanas necessárias para poder ser um excelente pedagogo especialmente prático e não só teórico.A escala de valores que adornava a personalidade de Otero era a idónea para chegar a ser um excelente educador. É o que lhes dizemos aos nossos alunos que querem chegar a ser mestres: Não se poder ser bom mestre ou educador se antes não se é uma boa pessoa. Isto é prioritário à aprendizagem de teorias pedagógicas e de técnicas e estratégias didácticas. E logo amar tudo o que se leve à frente nas aulas e fora das aulas (seguindo o pensamento de Tagore).

Segundo como di Marino Dónega na biografia de Otero escrita por Casares, Otero era uma pessoa optimista, "com optimismo vital", que a nós nos recorda o dos grandes pedagogos da Escola Nova que acreditavam profundamente na educação, como foram Reddie, Demolins, Geheeb, Decroly, Montessori,Tagore, Freinet, Lodi, Rodari, Giner ou Cossío. E também o nosso Viqueira.

O mesmo Dónega continua a falar das virtudes humano-pedagógicas de Otero: o seu aprécio pola mocidade que exaltava e louvava em todo momento "como futuro de uma Galiza redimida, formosa e cheia de pulo criador"; a sua atitude romántica pero harmónica; a sua sensatez; os seu liberalismo moral frente aos liberalismos que só valoram o ter e não o ser; a sua coerência em toda a sua vida, radical, plena ou total, e especialmente consigo mesmo. O próprio Dónega lembra o que lhes explicava Otero aos seus alunos de 5º de Bacharelato na disciplina de História:"hai que acreditar na bondade humana e na co-ordenação da liberdade de cada um com a liberdade dos demais".

OTERO COMO ALUNO

"Incompatibilidade aisoluta na escola. Cregos mestres na casa. Moito mimo..." De esta maneira escreve sobre sím mesmo o próprio Otero no ano 1935 numa pequena semblanza autobiográfica que lhe enviara ao professor Filgueira Valverde. Certamente, a Otero não lhe atraia nada aquela escola tradi-

1. CASARES, C. (198): *R. Otero Pedrayo*. Vigo: Galáxia. ISBN: 84-7154-387-7
2. FILGUEIRA VALVERDE, J.F. 1990): *Con Otero Pedrayo*. Trasalva: Ed. do Padorado Otero Pedrayo. ISBN 84-404-7266-8
3. A.A.V.V.(1988): *Ramón Otero Pedrayo(1988-1976). Día das Letras Galegas 1988*. S. de Compostela: Xunta de Galiza. ISBN: 84-505-7477-3.
4. OTERO PEDRAYO, R.)1927-1934): *Prosa miúda. Artigos non coleccionados (1927-1934)*. Sada/Corunha: Edições do Castro, 1988. ISBN: 84-742-376-X
5. OTERO PEDRAYO, R. (1932): *Ensaio sobre a cultura galega*. Lisboa: Guimarães Editores, 1954.
6. OTERO PEDRAYO, R. (1962) [Coord.]: *Historia de Galiza*. (3 Vols.) Buenos Aires: Ed. Nós (Existe uma edição de tamanho reduzido na editora Akal de Madrid, do ano 1979, ISBN: 84-7339-428-3)
7. OTERO PEDRAYO, R. e outros (1929): *Pelerinaxes*. Corunha: Ed. Nós (Existe uma edição fascimilar realizada por edições do Castro-Sada no ano 1993 – ISBN:84-7492-668-8)
8. OTERO PEDRAYO, R. (1947): *Ramón Otero Pedrayo. A paisaxe galega, as suas leis e tipos (B. Aires: 26 de xullo de 1947, Federación de Sociedades Galegas*. Livro e cassette. Santiago de Compostela: Conselho da Cultura Galega, 1998. ISBN: 84-87172-35-0.



cional. Não queria ir à escola –um lembra-se agora dos formosos desenhos de Castelao do Álbum Nós, referentes a este tema– e o dia que os pais o mandaram à escola das senhoras de Hermida na mesma rua da Paz, os berros que lançou para não ir alvorotaram aos vizinhos da rua. Resulta surpreendente que em isto se semelhe a outros grandes pedagogos que odiavam a escola como Andrés Manjón e Tagore.

Sendo excelente observador como era, com essa sensibilidade fora do comúm pola paisagem, as pessoas, a natureza, o património e todas as cousas (por isto chegou a ser grande geógrafo), não deve estranhar que a melhor escola fora para el o entorno no que vivia e caminhava. Um excelente médio educativo, tanto na cidade de Ourense na que morava, como nas férias em Trasalva, a onde era levado ao Paço familiar polo seu pai. E também o ambiente familiar, as conversas do fogar e as numerosas visitas de intelectuais, políticos e artistas que acudiam à casa paterna da rua da Paz ourensana. Ademais dos brinquedos e jogos infantís, muitos de eles na companha de Vicente Risco, que morava no primeiro andar da mesma casa de Otero.

Posto que não gostava nada da escola tradicional naquela altura, existem muitos poucos dados sobre o seu ensino primário. Em setembro de 1898 ingressa Otero com dez anos no Instituto de Ourense, onde se fai amigo de Cuevilhas, que ingressara dous anos antes, e com o que mantivo sempre grande amizade. Igual que com Risco. Do seu passo polo Instituto Ourensano, entre outras cousas, Otero lembra com carinho a dous dos seus professores. Em primeiro lugar a D. Marcelo Macias, a quem considera um verdadeiro mestre, no senso amplo da palavra. Mais também ao professor de Geografia e História D. Eduardo Moreno López, que era considerado por Otero como um excelente pedagogo e brilhante orador. É provável que fosse este docente um dos que mais influências exercera sobre um Otero de por si com excelentes qualidades para observar a realidade e o entorno, tal como já aseveramos antes. Do que mais se lembra Otero é de que o professor Moreno organizava com os seus alunos excursões escolares. Entre elas destaca as feitas a Alhariz, Celanova, Junqueira de Ambia, Ribadávia e S. Pedro de Rocas.



No seu *Livro dos amigos* editado no ano 1953 polas Edições de Galiza do Centro Galego de Buenos Aires, Otero dedica-lhe um formoso capítulo ao seu mestre Eduardo Moreno López. Sobre o que entre outras cousas di:"Cecáis el não se dava inteira conta do ronsel que deixavam em mim as suas explicações...". Parece ser, segundo di Casares na sua biografia, que a simpatia entre o docente Moreno e o discente Otero era mútua. Estes feitos revelam o importante que é ter bons mestres. E Moreno o era. Porque incluso didacticamente era um adiantado para o seu tempo em métodos e recursos do professor. Pois estamos a falar de fins do século XIX.

Ao término dos estudos secundários decide realizar o Curso de Ampliação de Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Primeiro por livre, desde Ourense, e logo no último trimestre marcha a Compostela, onde fica decepcionado da Universidade e dos seus docentes. Entre eles só destaca a D. Armando Cotarelo Valledor e as suas estupendas aulas.

Com dezasete anos, em Setembro de 1905 marcha para Madrid. Alí, na antiga Universidade de Noviciado-S. Bernardo, estuda Letras e Direito. Otero tampouco gosta do ensino que alí se imparte. Considera que as aulas são mediocres e os docentes igual quase todos. Entre eles só destaca, como verdadeiros pedagogos a quatro. A Andrés Ovejero que impartia a disciplina de Teoria da Literatura e das



Otero en Padrón, o 8 de abril de 1968, Dia de Rosalia.

Artes. Ao professor Garbin, responsável das aulas de Literatura Latina, do que Otero chega a dizer que era "um dos poucos bons mestres, inspirado, amigo do estudante, apaixoado como um humanista do século XV...". Também destaca aos professores de História do Direito D. Eduardo de Inojosa e ao Dr. Sales i Farré de História Universal, Moderna e Contemporánea.

Em Madrid, Otero reconhece uma vez mais que as maiores influências educativo-culturais que recebe são as das tertúlias nas que participa, especialmente as do Ateneo de Madrid, onde está em contacto diário com as figuras culturais, literárias e políticas do momento, que foram importantes para a sua formação humanística.

Como também foram muito importantes as suas numerosas leituras. Tanto literárias como sobre geografia, história e filosofia. Otero lembra com carinho a Matias Vilanova –incluso com páginas dedicadas na sua novela *Arredor de si* e no *Livro dos amigos*– que era o que lhe fornecia a maioria dos livros. Devido às suas leituras, Otero chegou a alcançar um grande nível cultural e conhecer a literatura, sobre todo de língua francesa e inglesa do momento. Não esquezamos que foi o primeiro que escreveu na Galiza sobre o *Ulysses* de Joyce. A excelente sua biblioteca que ainda se conserva no Paço de Trasalva, revela a importância que na sua formação tiveram os livros e as leituras. Eis outro estupendo tema para investigar: **Otero leitor.**

OTERO, UM PEDAGOGO PRÁTICO EXCELENTE

D. Ramón volta a Ourense, a sua cidade natal, no ano 1911. Desde o primeiro momento Otero implíca-se na vida cultural e social daquela cidade ourensana que tinha naquela altura perto de quinze mil habitantes. Sem embargo, mais vida cultural e dinamismo que o que tem agora com cento e dez mil habitantes. Anos de sana rebeldia da mocidade para Otero e os seus amigos Risco, Cuevilhas e Primitivo R. Sanjurjo. As tertúlias, os jornais, as leituras do modernismo, os actos culturais, o teatro e incluso o cinema, exerceram profunda pegada em todos eles. Que terminaram por implicar-se mais, por exemplo, nas tertúlias da Comissão de Monumentos e, especialmente, no Ateneo de Ourense fundado no ano 1914, e de cuja junta directiva Otero seria o primeiro tesoureiro. No 1917 nasce *La Centuria*, da que Risco é a "alma mater" e na que Otero também colabora.

"*Muitos de nós andavamos em Madrid como*





Otero cos seus alunos do Instituto de Ourense, en maio de 1949.

sem bússola, como o Solóvio da novela…", comenta-lhe Otero a Freixanes numa entrevista do livro ***Uma dúzia de galegos***[9]. *"Em fim: fixem-me universal* –continua Otero– *(…) os meus anos de Madrid (…) foram naquel tempo uma procura sem acougo (…) não conqueria a identificação que arelava. Quém era eu? (…) Quanto me custou descobrir a nossa Terra dando voltas polo universo e os livros!"* Assim falava Otero, que ingressa no galeguismo no ano 1918 da mão de Lousada Diéguez e das "Irmandades da Fala" criadas no ano 1916 em A Corunha por Vilar Ponte. O primeiro artigo de temática galega publica-o Otero em *La Región* o dia 13 de Janeiro de 1918. A partires de esse momento, e até a sua morte, não deixou D. Ramón de escrever sobre a sua amada Galiza e dos temas mais variados. Colaborou com os seus escritos em múltiples publicações: *La Centuria, Nós, A Nosa Terra, El Pueblo Gallego, Galicia, Céltiga, El Heraldo de Galicia, La Noche...* Outro jeito de desenvolver uma pedagogia cívica em favor da sua Terra. Segundo Casares, Otero foi *"um dos colaboradores mais prolíficos de toda a história da imprensa galega"*. E também nas publicações da emigração galega em América. Publicou também em Portugal. Sobre as relações entre Galiza e Portugal chegou a dizer algo tão importante como isto: *"Galiza é uma prolongação de Portugal ou Portugal uma prolongação da Galiza. O mesmo dá"*.

Ademais do seu estupendo labor de pedagogo cívico com a riquíssima prosa dos seus múltiples artigos, Otero desenvolveu outro estupendo labor pedagógico no Seminário de Estudos Galegos criado no mes de Outubro de 1923. Otero dirigiu no mesmo a secção de Geografia. Pola sua parte Manuel Diaz Rozas dirige a secção de Pedagogia, que elabora os estatutos do "Padroado da Escola Rural Galega", um interasantíssimo projecto educativo para a escola galega, não alheio ao próprio Otero. D. Ramón tem um labor muito destacado no Seminário, investigando sobre a geografia e a arte da Galiza e nos excelentes trabalhos de equipa investigando nas terras do Deza e de Melide. Dentro das Misiões do Seminário, organiza com outros e pronúncia numerosas conferências de divulgação em todas as cidades e em muitas vilas galegas. É este outro estupendo labor pedagógico de Otero que não abandoaria nunca.

9. FERNÁNDEZ FREIXANES, V. (1976): *Unha ducia de galegos*. Vigo: Galáxia.



Otero Pedrayo na época en que exercia como catedrático da Universidade de Compostela.

Como prefessor de ensino secundário, Otero, em Março de 1919, aprova por oposição livre a cátedra de Geografia e História, e o 23 de esse mesmo mês e ano toma pose da do Instituto de Burgos. Por permuta com um companheiro, no curso 1919-20 passa a ocupar a mesma cátedra no Instituto de Santander. Por concurso de traslado, já no curso seguinte, o 1920-21, ocupa a do Instituto de Ourense. A partir de outubro de 1920, e até o ano 1937, Otero desenvolve no Instituto ourensano um labor pedagógico e didáctico excepcional, reconhecido pola totalidade das generações de alunos que passaram polas suas aulas. Foram dezasete anos de labor docente enromemente fructífero. Aquelas mesmas palavras que Otero usou para destacar a valia persoal e educativa dos seus mestres Eduardo Moreno no Instituto e Garbin na Universidade, são quase as mesmas que os que foram os seus alunos usam para qualificar ao seu mestre Otero. "Mestre" com maiúsculas, inspirado, amigo dos alunos, compreensivo e tolerante, apaixoado com as suas explicações e a sua terra, flexível e carinhosso, sempre disposto a ajudar e, especialmente, um magnífico orador, manantial de palavras... Todos coincidem em que as suas aulas eram verdadeiras lições magistrais. Tema no que coincidem logo também os seus alunos de Compostela.

Mais o dia 21 de Agosto de 1937, pola "Junta Técnica del Estado", Otero é separado definitivamente do serviço, causando baixa no escalafão de catedráticos de ensino secundário do Estado. Os franquistas triunfadores polas armas não podiam tolerar o exercício nobre docente de Otero e fica sem a cátedra de Geografia e História do Instituto de Ourense. E menos mal que salvou a sua vida. Por ordem ministerial do 21 de Setembro de 1948 é de novo reposto na sua cátedra, passando a ser professor agregado de Geografia e História no Instituto de Ourense a partir do 28 de Outubro de esse mesmo ano. Foram onze largos anos os que privaram a aquel centro ourensano de verbo cálido de Otero. Agora durante só dous anos volta às aulas que nunca devera abandoar. Pois durante os dias 20 e 21 de Março de 1950 realiza uma brilhante oposição para ocupar a Cátedra de Geografia da Faculdade de Filosofia e Letras da Universidade de Santiago. Finalmente, superadas as provas, o 16 de Outubro de esse mesmo ano da a sua primeira aula aos alunos de 5º curso e pronúncia ao dia seguinte a sua licção de abertura. Com todo merecimento, Otero acavava de converterse no primeiro professor titular da cátedra de Geografia em toda a história da Universidade Compostelana. O seu labor docente magnífico, recordado com carinho por todos, não se limita unicamente às aulas do antigo edifício universitário. Como em Ourense, extende-se à cidade compostelana, às publicações e investigações, ao relacionamento com os estudantes, às colaborações jornalísticas, às tertúlias do "Español" e a escrever. Os oito anos que Otero estivo em Compostela como professor foram de verdadeira e fructífera docência universitária. Mantendo sempre viva a emoção nos seus alunos, e mesmo nas pessoas de Compostela que de vez em quando se colavam nas suas aulas para escoitar a aquela fon-





Na sua cátedra na Universidade de Compostela.

te garimosa de palavras. O próprio Otero di-lhe a Freixanes na mesma entrevista comentada mais acima: *"Os oito anos em Compostela foram os mais ledos da minha vida"*. Carlos Casares, sobre o particular, escreve umas formosas frases dedicadas a Otero, nas que se reflicte de forma prístina a grande valia pedagógica de D. Ramón: *"A universidade cultural do humanista enchia com a sua voz o velho claustro da Faculdade, onde punha um acento de nobreza de espírito, de altura científica, de inteligência, de alegria e de simpatia, que pronto souveram cautivar tanto aos discípulos como aos companheiros de tarefas académicas"*[10]

O dia 5 de Março de 1958, Otero cumpre os seus 70 anos e por tanto deve jubilar-se. Com tal motivo, esse dia tem lugar no paraninfo um acto solene presidido polo Reitor e os decanos. No mesmo, Otero, rodeado de amigos vindos de toda a Galiza e dos estudantes que tanto lhe queriam, pronúncia a última lição universitária. A sua última magistral da docência. Em galego – *"porque ao falar em galego* –dixo- *sínto-me abraçado à minha Terra"*– e sobre um formoso tema: "Uma visão geral de Galiza". Acertadamente, Casares volta a dizer sobre este acto: *"Foi escoitado no médio dum silêncio respeituoso, no que se palpavam encontrados sentimentos; era a alegre coronação de uma grande biografia, mais também era a tristura de um adeus a oito anos de morada em Compostela, os oito anos mais ledos da vida do protagonista."*

Também era o dia em que deixava de ser docente prático, com dezanove anos de magistral exercício no ensino secundário e os oito sinalados no nível universitário.

LEMBRANÇAS PEDAGÓGICAS

10. CASARES, C.: Biografia sobre Otero já citada na nota nº 1. O texto recólhe-se na página 183.



Falando da destacada figura de Otero nos seus dias de vida e ensino em Compostela, Carlos Casares sinala entre outras cousas: *"Os estudantes sabem que é um professor da Faculdade de Filosofia e Letras com fama de sábio e homem de bem, dos que* ***nunca suspendem****".* Um dos seus ex-alunos, agora ex-professor da universidade compostelana, Ramóm Lourenzo, no seu artigo de 1958, falando do seu professor Otero, di: *"os examens magoavam-no".*[11]

Neste tema, Otero coincide plenamente com um grande pedagogo espanhol, D. Francisco Giner de los Ríos. O que odiava tanto os examens que nos Estatutos da "Institución Libre de Enseñanza" (ILE), no seu segundo artigo, figurava a taxativa proibição de realizar examens na sua escola. Como também nos lembra ao nosso admirado Tagore que tampouco gostava dos examens na sua escola de "*Shantiniketan*". E já mais perto de nós recordamos o nosso professor da Escola Normal D. Bruno Martínez Díez, que sofria muito se tinha que suspender a alguém.

Parece ser que Otero só suspendeu uma vez a uma aluna na Faculdade compostelana. Polo demais, nem no Instituto, nem na Universidade, nunca suspendeu. Ainda que este dado haveria que comprová-lo mais polo miúdo. A mencionada aluna não assistia normalmente às aulas de D. Ramóm da disciplina de Geografia e tivo que fazer-lhe um examem oral. Às perguntas formuladas polo professor Otero a aluna não sabia que contestar. Então, D. Ramóm perguntou-lhe o motivo. A "discípula" comentou que todos lhe dixeram que aquela matéria era uma "maria", polo que não a estudara. Lonje de zangar-se por esta aseveração, o velho professor dou-lhe uma oportunidade para poder aprovar. Dixo-lhe que contara com as suas palavras todo o que de Compostela se podia ver pola janela da aula. E de novo a discente não souvo que dizer. Sem embargo tivo que escoitar a formosa conferência que Otero lhe pronunciou sobre o que desde alí se observava. E voltou para examinar-se em Setembro...
Os ex-alunos/as que mencionamos ao começo do nosso artigo, contarom-nos várias anecdotas simpáticas de Otero nas suas aulas. No Instituto, uma vez perguntando-lhe a um rapaz sobre as "Guerras Médicas", este contestou-lhe que foram três: a primeira, a segunda e a terceira. Otero, com esse seu fino humor, díxo-lhe: *"está bem, à tua idade compreendo que não che interessem as "Guerras Médicas". Estás na idade para interessar-che outras cousas."* Ou aquela outra quando um aluno pronúncia à castelhana o nome de "Chakespeare" e um companheiro indíca-lhe como debe pronunciar-se em inglês. Ao escoita-lo, Otero di: "moi bem", e passa a falar-lhes aos rapazes em inglês.


Formosa foi também aquela quando na época republicana, no papel de inspector de ensino secundário, realizou uma visita à comarca de Monterrei. Perguntando-lhe a um moço polo rio que por alí passava, não souvo que contestar e os seus companheiros apontaram-lhe o nome. El entendeu mal e dixo: "O Támesis!". Otero com um sorriso díxo-lhe: *"Moi bem, nada tem que invejar o nosso formoso Támega ao Támesis".*

Uma das suas ex-alunas, já jubilada como professora do colégio das M.M. Franciscanas, também com uma grande memória e excelente educadora, Ángela Pérez, verdadeira admiradora de Otero, fala sem parar das excelências docentes do mestre. Comenta-nos que era tão bom docente que mesmo quando ia ou vinha de Compostela no "Castromil", ao sentar-se ao seu carão aproveitava para falar-lhe da paisagem, da geografia, das aldeias, da vida e das pessoas que se iam vendo, dos montes e dos vales, das árvores e pássaros, dos rios, das fontes, das lendas e dos nevoeiros...

A mestra mencionada levava muitas vezes à casa de Otero da rua da Paz às suas alunas, para estar con el, depois da sua jubilação. E era um verdadeiro prazer estar com el e escoitá-lo. Para as estudantes resultou sempre uma experiência inesquecível, segundo nos conta com alegria e anhorança Dª Ángela.
Mais os melhores documentos publicados com

11. A.A.V.V. (1958): *Ramón Otero Pedrayo, a sua vida e a sua obra*. Caracas, pág. 89. (Homenaxe da Galicia Universal)





lembranças dos seus alunos, recolhem-se no livro publicado no ano 1958 em Caracas baixo o título de *Ramón Otero Pedrayo, a sua vida e as sua obra.* No mesmo, o já mencionado Ramóm Lourenzo, escreve um depoimento com o título de "A minha lembrança do Mestre".

Em el, entre outras cousas, di: *"Alí, nas suas aulas, gostei como outros companheiros da sua grande verbosidade. Porque D. Ramóm para nós era um catedrático, era um amigo, um companheiro que nos dirigia e nos dava folgos. Era um amigo mais velho, sempre com o espírito jovem, que só gozava falando-nos".* É mágoa que o Sr. Lourenzo não seguira os métodos do seu tocaio Otero, nas aulas de Língua e Literatura Galega posteriores.

Do mesmo livro antes citado, queremos destacar, polo que tem de paradigmático, a opinão de outro dos seus ex-alunos, que chegou também a ser catedrático em Compostela. Estamos a referir-nos a Gonzalo R. Mourullo, que, entre outras cousas, no seu depoimento titulado "*Catro momentos de Don Ramón*", sobre Otero di na página 21:

> *"Son tantas as verbas que non caben na aula. O estudante mozo de Compostela non está en Compostela. D. Ramón sigue falando. Tampouco ele está onde está.*
>
> *É a voz de todos os ríos despenándose montaña abaixo. É a voz de todos os mares baténdose nos roquedos. É a voz de todos os ventos que se peitea nas árbores. É a voz doce e prometedora do mencer. É a voz forte i equilibrada do meiodía. É a voz mergurenta e desenganada do solpor.*
> *Don Ramón é a voz de Galicia.*
> *As verbas son tantas que non caben na aula.--"La hora", di alguén.*
> *Deixan todos os ríos de despenarse montaña abaixo. Deixan todos os mares de baterse nos roquedos. Deixan todos os ventos de peitearse nas árbores. O estudante mozo de Compostela síntese pequeno. Pequeniño. Ten aínda no seu peito a sensación de vértigo. Ten que atravesar toda unha distancia. Logo chegará a Compostela."*

EPÍLOGO: AS IDEIAS EDUCATIVAS DE OTERO

Otero chegou a ser um vulto importantíssimo para a nossa cultura, que todos devemos lembrar e tratar de seguir o seu exemplo. De homem íntegro, coerente, constructivo, de ética profunda... E também pôr em prática, os docentes, os seus princípios educativos, tanto teóricos como práticos.

A *História de Galiza* em três volumes, editada em Buenos Aires e co-ordenada por D. Ramóm é uma excelente obra que nos amostra muitos dos valores pedagógicos e ideias do Mestre. O *Ensaio sobre a cultura galega*, publicado em castelhano no ano 1932 pola editorial Nós de Santiago, e do que nós temos a sorte de ter na nossa biblioteca privada a edição portuguesa do ano 1954 realizada por Guimarães Editores de Lisboa, é um livro excepcional.



Básico dentro da bibliografia oteriana. O livro *Pelerinaxes* editado no ano 1929 também por Nós, no que se recolhe o roteiro realizado por Risco, Ben-Cho-Shei e o próprio Otero a S. Andrés de Teixido, é um verdadeiro modelo de roteiro didáctico prático, agora que tanto se fala de saídas escolares, de jeiras e práticas de sendeirismo. A sua *Guia de Galiza*, publicada por Galaxia em sucessivas edições, continua a ser modélica, para conhecer passo a passo as comarcas da Nossa Terra. E aínda os seus estupendos livros de texto, publicados em a Corunha no ano 1929: *Treinta y tres lecciones de geografía general* e *Síntese geográfica da Galiza*, publicada por Lar no 1926 e *Problemas y paisajes geográficos de Galicia*, publicada em Madrid no ano 1928. Ademais do excelente programa de um "Curso em dez leiciós de Geografia da Galiza" para desenvolver na Universidade de Compostela no ano 1933. Todos estes livros mencionados, da sua autoria, constituem um amplo e modélico elenco de prosa didáctica.

Polo que se refire aos seus artigos com conteúdo pedagógico queremos destacar os seguintes da antologia *Prosa miúda*:"Um eixe ético" (*El Pueblo Gallego,* 21-Abril-1929); "Paixase compostelán: A Residenza de estudantes", no que desenha o que deveria ser uma auténtica residência para os universitários galegos (*El Pueblo Gallego*, 23-Novembro-1930);"A realidade galega" (*El Pueblo Gallego*, 1-Janeiro-1932);"Esperanza" (*El Pueblo Gallego*, 13-Março-1932);"O estudante" (*Céltiga*, nº 130-131, ano 1930); "A chamada do Sul" (*Céltiga*, nº 159, ano 1931) e, muito especialmente[12] o artigo publicado no nº 138 de *Céltiga* do ano 1930, baixo o interessante título de "Un deber do profesorado galego". Este artigo tão importante é para nós o mais paradigmático do seu pensamento, o mais clarevidente e o mais próximo ao pensamento pedagógico europeu do momento, tanto da Escola Nova como da ILE de Giner e Cossío. O que revela que Otero também conhecia aos pedagogos mais importantes nesta altura.Aconselhamos a sua leitura a todos os mestres e mestras e a todos os docentes galegos, porque incluso hoje tem uma tremenda actualidade.

De forma singela poderiamos resumir, para terminar, as ideias pedagógicas básicas de Otero:

a) Importância das qualidades humanas do docente ou mestre. Ser modelo como pessoa.

b) Optimismo pedagógico. Acreditar na educação e no que se fai.

c) Aprécio do alunado. Confiança no estudante. Ser um verdadeiro amigo dos alunos.

d) Alegria e humor no ensino e na aula.

e) Afabilidade, comunicação aberta e sensibilidade no relacionamento.

f) Importância da palavra, fazendo discursos atractivos. Debates, tertúlias. Método socrático.

g) A poder ser, supressão de examens e notas. Utilizar outros modelos para avaliar.

h) Excursões culturais, roteiros e jeiras para conhecer a nossa Terra.

i) O melhor recurso didáctico é o entorno e o que el contém.

j) Continuidade do processo educativo, evitando os compartimentos-estanco de primeira, segunda e terceira "ensinanza".

k) Importância da formação de tipo técnico (agrária, comercial ou industrial no seu caso).

l) No Ginásio, Liceu ou Instituto (sic) dar uma formação de cultura clássica e científica.

m) Universidade criadora, com seminários e laboratórios, nos que ademais da formação da consciência e da técnica profissional, vivam todas as fomas da superior cultura e todas as inquedanzas desinteressadas. Não repetidora, senão original. Enraizada na Terra, que opine e resolva, que guie e aconselhe e que seja uma entidade com vida.

n) Incluir no currículo –porque é de justiça– todos

12. OTERO, R. (1930): Do livro citado na nota 4, *Prosa miúda*, nas,páginas 225 e 226.



os temas galegos.

o) O material para o ensino témo-lo diante, na nossa Terra: os montes, os rios, as fragas, os castros e as suas lendas, os contos, as igrejas, os refrães e ditos populares, os acontecimentos diários, as festas, os ofícios, os comêrcios, as feiras, a flora e fauna, os trabalhos agrícolas...

p) Um verdadeiro ensino debe partir do conhecido, do entorno próximo, para ir ao desconhecido.
q) Ánimo para todos os docentes galegos e reconhecimento do seu valor. Incentivá-los.


r) Importáncia da nossa língua e literatura. Pero debe saber-se ensiná-las de forma adequada.

s) Lograr um acordo entre todos para que em todas as aulas e cátedras não esteja ausente a grande e vital realidade de Galiza, que nos envolve e na que alentamos como uma atmósfera nossa e insustituível.

t) Recomenda tomar como exemplo o modelo pedagógico, tanto na forma como no fundo, do ilustre Dr. Cotarelo Valledor, levado já à frente na Universidade Compostelana alá polo ano 1906.

u) Amor à Terra e a todo o que ela encerra (feitos, costumes, natureza, idioma, gentes...)

Não queríamos fechar o nosso artigo sem lembrar a opinião de Otero –em entrevista concedida a Maribel Outeiriño para *La Región*– sobre o Teatro Principal da rua da Paz, e que tanto nos ajudou aos do grupo "Adepende" na campanha para salvá-lo. *"No nome do que eu represento pido que não se derrube o Teatro Principal"* e *"É mais importante salvar o Principal que uma igreja románica"*. Finalmente pudemos salvá-lo e hoje é uma joia que temos na cidade. Quando alí imos, sempre nos lembramos de D. Ramóm Otero Pedraio, um verdadeiro "Mestre" no amplo senso da palavra.





RICARDO GURRIARÁN RODRÍGUEZ

Natural do Barco de Valdeorras (1953). Realiza estudios de Educación Física no INEF de Madrid. Unha vez licenciado nesta disciplina se incorpora á docencia no Instituto Xelmírez de Santiago. Participa en experiencias de innovación educativa. Afeizoado á historia, en particular á de Valdeorras, á da pedagoxía e a do exilio, imparte varias charlas destes temas. Publicou tres libros: *Aportación de La Institución Libre de Enseñanza a la Educación Física del Siglo XIX.* Ed. Tórculo, Santiago, 1996; *FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista.* Ed. Do Castro, Sada-A Coruña, 1999; e *Da prerromanización ao wolfram: apuntamentos históricos da minería en Valdeorras.* Ed. Tórculo, Santiago, 2000. Actualmente está a realizar a tese na Facultade de Historia da Universidade de Santiago, no Departamento de Historia Contemporánea.



Literatura epistolar de D. Ramón Otero Pedrayo (I)

O clube Peña Trevinca Montañeros de Galicia: correspondencia entre Gonzalo Gurriarán e Don Ramón Otero Pedrayo

Logo do número especial que a revista *Raigame* dedicara a Otero Pedrayo (marzo 2.001), e ante o interese recompilador de materiais dispersos de don Ramón que desta xurdira, coordenado por Xulio Fernández, vímonos na obriga, animados por este, de de dar á luz unha ducia de cartas (conservamos 14, pero probablemente houbera moitas máis) e outros traballos descoñecidos que o trasalbés producira co fin de pular o clube *Peña Trevinca Montañeros de Galicia*, creado en 1944 polo seu interlocutor epistolar Gonzalo Gurriarán[1].

Fora unha actividade solidaria de don Ramón co societarismo montañeiro paraoficial na que confluían: amor á natureza e á paisaxe galega, divulgación das riquezas ocultas, potenciamento do asociacionismo "resistente" co fin de aglutinar adhesións, revitalización das actividades deportivas montañeiras, en definitiva, axudar ao desenvolvemento de foros, ata certo punto críticos, que xiraban en torno a centros de interese "modernos", neste caso: o fomento do asociacionismo montañeiro fora do marco ideoloxizante que imperaba na época.

Empapado do ambiente "institucionista" no que se

1. R.O.P., grafómano impenitente e cordialísimo epistológrafo, tal e como o denomina o meu coterráneo Camilo F. Valdehorras (*Raigame*, 12: 160), levaría a cabo entre 1949 e 1962 un contacto epistolar sostido con Gonzalo Gurriarán, do que, desgraciadamente, tan só conservamos 14 cartas, como dixemos. O obxecto do traballo que aquí presentamos é dar a coñecer unha parte mínima das cartas de don Ramón que se atopan nos arquivos particulares dos seus correspondentes, na percura de completar o seu epistolario e así colaborar na catalogación deste, seguindo a Valdehorras, ao tempo de dar a coñecer unha intervención máis, tamén literaria en ton menor, de don Ramón en relación ao asociacionismo montañeiro. Entendemos que a relación de Gonzalo Gurriarán con Otero Pedrayo ven da amizade que este tiña con Florencio Delgado Gurriarán, o poeta valdeorrés curmán de Gonzalo exiliado en México, desde os tempos políticos de don Ramón, aló polo ano 1930, cando estaba a artellar a opción política do PNRO (ver GURRIARÁN, Ricardo, 1.999: 42, 45, 54-56; nesta publicación reprodúcense parcialmente algunhas cartas de don Ramón a Florencio Delgado Gurriarán: 272-3, 289, 299).



educara (Residencia de Estudiantes de Madrid na época dourada deste organismo educativo entre 1923 e 1928, e bolseiro durante catro anos en Europa pola *Junta para la Ampliación de Estudios*) Gonzalo Gurriarán, médico represaliado logo da "sublevación" de 1936, confinado no seu Barco de Valdeorras natal, trataría de "resolver" a súa mermada área de relación coa creación deste clube citado. En torno ao proxecto aglutinaría a un fato de vellos/novos montañeiros vigueses, pioneiros do asociacionismo deportivo galego, a represaliados con intereses asociativos, a antigos compañeiros da Residencia de Estudiantes galegos ou que estaban en Galicia, a colegas de profesión... ao que logo se sumarían un sennúmero de integrantes das elites vilegas e urbanas, moitos deles de significada militancia/compromiso co novo réxime, atraídos polos "prestixiosos" formuladores da idea e pola actividade que este clube desplegaba. Deste xeito, nunha perfecta simbiose, uns, os que tiñan mermado o seu campo de relación, ampliaban o seu espacio de sociabilidade situándoo na montaña valdeorresa, fóra do teatro de operacións da militarizada/perseguida Galicia da posguerra, sendo para eles un alivio transitorio e unha saída para vérense. E os outros, os achegados necesitados de autoafirmación non sectaria, vencellábanse a un proxecto "moderno" e interdisciplinar (sendeirismo, coñecemento deportivo do medio montañeiro, divulgación histórica, de flora e de xea...) que incluía a persoas de certa relevancia en varios campos, e que dalgún xeito saneaba ou aireaba o seu monolitismo ideolóxico. Estes tamén terían unha colaboración especial na conformación das xuntas directivas da entidade, pois algúns dos creadores do clube, ao estar inmersos en procesos depurativos, non podían formar parte dos órganos rectores da entidade, por lei.

Non sendo o clube *Peña Trevinca Montañeros de Galicia* obxecto deste traballo, pero si necesaria a aclaración do contexto que deu pé a relación epistolar referida e a outros traballos complementarios, pasamos a describir o papel que don Ramón como home "prestixioso e notable" xogou nesta entidade que, logo da súa intervención no ano 1949, entre outras, chegaría a sobrepasar a cifra dos mil asociados. Unha cantidade significativa no asociacionismo deportivo de ámbito galego que, agás nos clubes de fútbol, non atopamos outra con similar impacto afiliativo.

Dentro dos espacios asignados no clube polo seu "ideólogo" Gonzalo Gurriarán, co obxecto de darlle un carácter multidisciplinar á entidade como elemento de atracción para novos asociados dentro do máis puro ideario "institucionista", estaban: os da cobertura científica, representada polos profesores da Universidade de Santiago Charro, Bellot, Ribas... que cubrían os flancos para imprimirlle carácter científico e de estudio das riquezas da serra valdeorresa ao clube, e de promover a actividade montañeira entre os estudiantes composteláns; axudados polo núcleo de científicos represaliados que a empresa Zeltia acubillara, como Calvet, Ocampo, Obella e Novoa; no terreo deportivo montañeiro contaría con aquelas persoas de determinadas cidades con interese nas actividades na natureza, que xa o practicaran con anterioridade como Alejo Madarro en Lugo, Monteagudo na Coruña, e o núcleo vigués capitaneado polos irmáns Villaverde; no campo da xeoloxía atraería ao eminente profesor da Universidade Central, Francisco Hernández Pacheco, quen divulgaría o coñecemento xeolóxico e as actividades deportivas de montaña nunha xira de conferencias polo territorio galego; tamén de fóra atraera a montañeiros consagrados a impartir cursos de técnicas deportivas, como Baldomero Sol e José María Galilea; entre outros... co fin de espallar o clube ao ambito galego, conxugando intereses e territorios

Sería Otero Pedrayo o que cubriría a parcela de intelectual galeguista –entre os militantes galeguistas asociados ao clube estaban a viúva de Alexandre Bóveda, Amalia Álvarez Gallego, o tamén pontevedrés Gonzalo Mucientes, e o doutor Obella, de Vigo; e os médicos ourensáns Arturo López Trasancos e Gonzalo Courel, entre outros-. Como gran orador e divulgador da paisaxe galega, de recoñecido prestixio, se prestaría á solicitude demandada por Gonzalo Gurriarán para colaborar na obra de difundir os ideais montañeiros de amplio espectro. Para isto, e desde 1949, don Ramón, moi en sintonía coa súa paixón: a contemplación e a descripción paisaxística, vai levar a cabo unha serie de intervencións co obxecto de fomentar o montañismo, desde o punto de vista intelectual.

Imos significar algunhas das comparecencias a prol do clube que fixera, ao tempo de reproducir parcialmente algúns anacos de cartas que para nós son salientables.

Trasalba (Orense) 2 de Mayo de 1949.

Sr. D. G. Gurriarán y Directivos de "Peña Trevinca"

Muy distinguidos Sres míos: Con sumo gusto recibí la amable carta y saludo de Vdes. y estoy verdaderamente orgulloso de poner mis cortas fuerzas oratorias al servicio de la montaña gallega. A Vdes toca una noble y ejemplar revelación. Yo me subí a Peña Trevinca. Saludé desde lejos su elegante silueta muchas veces. Admiré y leí los bosques del Xubernadeyro y otras regiones, derrames de las montañas altas. Convivo mejor, aunque muy ocasional, las montañas de la Peninsular Gallega. El martes o miércoles quedaré con mis tres comunes amigos el Sr. Rivera en la fecha de la conferencia - sobre el 10 de este mes - y la disposición general de ella. Algo de ética y estética de las montañas, con referencias a las sierras españolas, a los Alpes y "Wälder" alemanes, cosa, en fin, todas las posibles superando sin olvidar el gusto excesivo de "Peña Trevinca" y los tipos de señoras gallegas y su profunda significación.

Vd. tiene Vdes nada que agradecerme. Me contenté yo muy el obligado y estimo que los elogios de Vdes a mi persona proceden de la generosidad de Vdes y simpatía por mis pequeñas esfuerzos por Galicia.

Aprovecho la ocasión para expresarles mi gusto por la hermosa revista. Por cierto que no recuerdo si correspondí a su debido tiempo a la gentilísima de Vdes. Realmente no lo recuerdo. Son numerosísimas las cartas que debo contestar y voy muy desordenado en mis papeles.

Deseando íntimas dichas a esa Sociedad y en particular a sus directivos queda de Vdes affmo S.S. y amigo

Manuel Otero Pedrayo

Orense 10 de Junio 1949.

Sr. Dn. Gerardo Gurriarán

Mi querido y recordado amigo: Con el trabajo contante y asfixiador de los exámenes no me queda resuello harta hoy para corresponder a la suya, como de Vd. afectuosísima, de 20 de Mayo, entre para, con el título de Socio de Honor de Peña Trevinca por nuestro amigo Rivera. Yo voy el agraciado y nada puede satisfacer y recompensar mejor mis esfuerzos por nuestras cosas, bien pequeñas por cierto, que el afecto de la gente de la montaña. Voy en maravillosa compañía de Socios de honor é hacer para merecerlo. Gracias a los órdenes de Vdes. Con saludos muy respetuosos para su Sra esposa y afectos de mi esposa para Vdes recibe un abrazo de su affmo amigo y servidor,

M. Otero Pedrayo



A colaboración encetaría cun ciclo de conferencias que se organizara en torno á figura de don Ramón Otero Pedrayo. Comezaría en Ourense, en maio de 1949, no Liceo. Esta intervención pública do ilustre polígrafo das letras galegas viría así comentada nunha nota informativa do boletín de *PT-MdeG*:

(...) La montaña vista desde todas sus facetas, fue cantada por Otero Pedrayo en poética disertación. Geología, geografía, historia, literatura, todos los aspectos de la montaña, fueron genialmente expuestos por Don Ramón, quien elogió nuestras sierras gallegas y a los poetas de la región cantores de estas montañas: Noriega, Amado Carballo, Delgado Gurriarán. Aludió repetidamente a la labor de nuestra Sociedad Montañera y terminó animando a todos a prestar ayuda al juvenil y deportivo impulso de TREVINCA, alusión que repite pocos días después en un artículo: "Pensamos en PEÑA TREVINCA al escribir estas lineas. Los iniciadores del alpinismo gallego están descubriendo en cátedra de nieves una nueva belleza para Galicia"(...)[2]

Culminaría o ciclo en Santiago, en xaneiro de 1951, lugar onde exercía a súa cátedra de Xeografía na Universidade, de recente estrea. Daría unha conferencia no salón artesonado de Fonseca que levaba por título: "Alta montaña gallega"; con anterioridade don Ramón propuxera dous títulos: "Las montañas en la sensibilidad de la época romántica", e "La lección geográfica de las montañas", ningún deles se escollería para ista ocasión[3].

Tería lugar dentro dun programa de actos con motivo do día de "Peña Trevinca" en Santiago, que a delegación do clube nesta cidade organizara para a difusión dos deportes de montaña e a captación de socios entre os universitarios santiagueses. Nun dos actos se faría entrega a don Ramón da insignia de socio de honra do clube[4]. Otero Pedrayo fora un dos que acudiran ao chamamento dos trevincos para axudar a divulgar o clube e as belezas montañeiras galegas, unha vez asentado en Santiago, logo de ser apartado da docencia durante bastante tempo por significancia galeguista e republicana. A chamada do verbo do ilustre profesor tivera un eco importante para prestixiar o asociacionismo e o montañismo en xeral, mais sería imposible que acudira a visitar a serra, tras reiteradas chamadas e invitacións neste sentido:

Mi querido y recordado amigo: de muy buena gana hubiera participado en la excursión que me propone tan gentilmente, si no se diera el caso de fuerza mayor que sin duda le sorprenderá, pues no se trata de hérnia, catarro polínico, régimen de descanso, melancolía fundamental, o preparación de la Penitencia y buena Muerte como sería de esperar en un varón de 62 años cumplidos sino de unas oposiciones, cuyos ejercicios comienzan el día 20, a la Cátedra de Geografía de la Universidad de Santiago. Me ocuparán hasta fines, quizá, de Abril. Los demás opositores cuando me vieron comparecer creyeron ver una sombra de ultratumba. Estoy entusiasmado como un muchacho. Vi en el Boletín el anuncio de la cátedra, que nunca tuve titular, supe que no iba ningún jóven gallego, y me decidí al paso extraño y peligroso. Si cuadra –y aunque no cuadre- hablaré de Trevinca. Estoy preparando la lección llamada magistral sobre Los Alpes. Muy agradecido a la salutación cordial de la Revista, Son muy generosos los hombres amantes y habituados a las alturas. No dejaré de molestar a Vd. mas adelante sobre algunos aspectos de montaña para un gran trabajo de Geografía de Galicia que irá al frente de una Historia de Galicia que se editará en Buenos Aires (...)[5]

2. En *PT-MdeG*, nº 8 de decembro de 1949. Un extenso artigo sobre esta conferencia está publicado en *La Noche* de 10 de maio de 1949, por Joaquín da Cunha: "Otero Pedrayo en disertación trevincana": *(...) Hoy su espíritu perdura en el ánimo de este deporte* (o de don Ramón), *representado en Galicia por Trevinca, "Saint Moritz" galaico, selecta sociedad montañera válida entre las primordiales hispanas y aún europeas, de la cual la relevante personalidad de Pedrayo nos hablara en la aludida conferencia, lo que nos induce a reflexionar sobre las bellas imágenes que el diáfano verbo de don Ramón hacia las montañas aludidas de blanco, creara en honor de esta distinguida afición (...)*

3. En carta de Ramón Otero Pedrayo a Gonzalo Gurriarán, desde Trasalba (Ourense), de 29 de decembro de 1950 (AFGS): *(...) Si Vd. decidiera, sin tardar mucho, se lo agradecería (...)*; referido a escoller o título da conferencia, non sabemos a que ou a quen obedeceu o cambio de título da conferencia.

4. Ver noticias xornalísticas anunciadoras destes actos en: *Faro de Vigo*, de 9 de xaneiro de 1951; e *El Correo Gallego* da mesma data; e *La Noche* de 10 de xaneiro dá conta dos actos.

5. En Carta de Ramón Otero Pedrayo a Gonzalo Gurriarán, desde Trasalba (Ourense), de 18 de marzo de 1950 (AFGS). Gonzalo aportaría material sobre o macizo Trevinco para a Historia de Galicia que anunciaba Otero Pedrayo. Os seus coñecementos e o seu arquivo fotográfico sempre estivo

Trasalba (Orense) 18 Marzo 1950

Sr. Dn. Gonzalo Gurriarán

Mi querido y recordado amigo: de muy buena gana hubiera participado en la excursión que me propone tan gentilmente, si no se diera un caso de fuerza mayor que sin duda le sorprenderá, pues no se trata de hernia, catarro pulmónico, régimen de descanso, melancolía puntaumtal, o preparación a la Penitencia y buena muerte como sería de esperar en un varón de 62 años cumplidos sino de unas oposiciones, cuyos ejercicios comienzan el 20. a la cátedra de Geografía de la Universidad de Santiago. Me amparan hasta fines, quizá, de Abril. Los demás aspirantes cuando me vieran comparecer creyeran ver una sombra de ultratumba. Estoy enflaquecido como un muchacho. Vi en el Boletín el anuncio de la cátedra, que nunca fuera titular, supe que no iba ningún joven pollejo, y me decidí al paso extraño y peligroso. Si muerto - y aunque no muerto - hablaré de Peña Trevinca.

Estoy preparando la lección llamada magistral sobre Los Valles. Muy agradecido a la valoración exacta de la Revista. Son muy pocos los hombres amantes y habituados a las alturas. No dejaré de molestar a Vd. más adelante sobre algunos aspectos de montaña para un gran trabajo de Geografía de Galicia que irá al frente de una Historia que se editará en Buenos Aires.

Las traducciones de Florencio y demás amigos en el hermoso volumen de que le hablé quizá se encuentren fácilmente a Apostólico Arquador, el librero de la calle del Barquillo, de Madrid. Mi ejemplar lo tengo prestado a un amigo.

Hubiera concedido el 12 a Vigo de no tener la obligación de obra.

Nuestros saludos, de Pepita y mío para Pilar, de mi esposa para Vd. y reciba, querido Gurriarán, un agradecido abrazo de su viejo amigo y compañero

M. Fernández

Trasalba 21 Nov 1950

Mi querido amigo: Les deseamos mil cosas a Vd. y Pepa muy felices Pascuas y entrada de año con buena mina y alegría. He oído el artículo en cuyo encabezamiento salió un poco tarde, cárcelo no donde quiera o supiéramos. Les un abrazo de su viejo amigo

M. Fernández



Disculpa de peso, mais non sen sorna e ironía a do ilustre escritor ourensán para non acudir á serra. Máis adiante se lle volverían a facer ofrecementos de excursións, que, de novo, non aceptaría, neste caso por impedimento físico:

(...) A Vd. que además de buen amigo es médico le puedo decir que éste otoño o invierno me operarán la doble hernia enemiga de las caminatas. Aunque no me molesta casi nada me asusta y no me deja pasear largo. Confío en que sin ese obstáculo y pesadilla podré ir a los montes, alguna vez, con Vdes. Nunca a caballo ni a la silla de la reina. Antes me contento con la visión espiritual (...)[6]

Tan só serían dúas charlas, que saivamos, pois a presentación de Otero Pedrayo as oposicións para impartir docencia universitaria imposibilitarían a realización doutras charlas programadas. Iso non impediu que mantivera contacto epistolar con Gonzalo Gurriarán durante bastante tempo.

Logo da contextualización que deu lugar á correspondencia entre estas dúas persoas, entendemos que coa reproducción total destas cartas de don Ramón non se precisa comentario analítico nin complementario algún, pois o interese non vai máis alá da comuñón que Gonzalo Gurriarán e Otero Pedrayo tiñan en torno á montaña ourensá, non exentas, no caso de don Ramón, dunha esquisitez manifesta á hora de ensalzala, e do seu correspondente de recibilas da súa letra ou do seu áxil e laudatorio verbo.

A COLABORACIÓN DE RAMÓN OTERO PEDRAYO NO BOLETÍN DO CLUBE PEÑA TREVINCA MONTAÑEROS DE GALICIA

Como noutras sociedades montañeiras e como en calquera entidade asociativa seria, un dos labores máis importantes que levou a cabo este clube no terreo da difusión foi a confección dun boletín que se mantivo na rúa durante máis de seis anos. Aínda que con efémera vida, gracias a el puidemos saber máis polo miudo a historia e a vida deste clube, as súas actividades, relacións, asociados... e as importantes plumas que na súa última época colaboraron.
Ao longo da súa corta historia, a súa saída era irregular, o mesmo que o seu formato e número de páxinas. O primeiro número sairía axiña da constitución do clube, en setembro de 1944. Naquel tempo aínda viña co carimbo da censura na capa da chamada: *Vicesecretaría de Educación Popular, Delegación Provincial de Orense*, organismo de control que daba ou non o visto bó das publicacións antes de saír á rúa, co seu visado: *(...) Con respecto a la censura, dice Navarro que como la sede de la Sociedad es Barco, debe hacerse en Orense. Podíamos enviar un ejemplar a algún asociado de Orense, por ejemplo Olano y que se encargue de esto cerca del organismo que dirá Navarro*[7]. Para evitar problemas coa censura, Gonzalo Gurriarán, inspirador e fundador do clube, quen practicamente era o responsable da súa confección, enviaría unha carta urxente a Vigo para que suprimiran unha alusión que facía a Ortega e a Unamuno neste primeiro boletín –carta de Gonzalo G. a A. Villaverde de 20 de setembro de 1944 (APTMGV, fondo A. Villaverde)-.

Neste primeiro número, de 12 páxinas, en cuarta de tamaño, semellante á que editaba o seu fraternal

a disposición daqueles que difundían Galicia. Por exemplo en: *Fisonomía y alma de Galicia*, de RODRIGUEZ RODRÍGUEZ A. Impr. Aguirre, Madrid 1955: 276 e 277. Ou en *Acuicultura Continental* de Luís Pardo (Ed. Salvat, colección Agrícola, Madrid 1951), a quen prestara fotografías; ver páxina 242. E en varias publicacións de Hernández-Pacheco. Don Ramón na *Historia de Galiza* (ed. Nós, Buenos Aires, 1962, tomo I: 27) dedicaríalle un parágrafo ao clube trevinco: *A Pena Trevinca, tídoo da sociedade deportiva que descobríu para Galiza a fermosura da neve e do squi, representa a maor espresividade do mundo montesío da Galiza do sul.*

6. Carta de Ramón Otero Pedrayo a Gonzalo Gurriarán, desde Trasalba (Ourense), de 15 de setembro de 1953 (AFGS).

7. En carta de A. Villaverde a G. Gurriarán de 14 de setembro de 1944 (APTMGV, fondo A. Villaverde).

8. A chegada da revista tivera moi boa aceptación entre a prensa galega; ver *La Región* de 24 de febreiro de 1945: *Primera y única revista dedicada a estas cosas –montañismo y esquí- en Galicia. Primer grupo de Montañeros de Galicia. Su sede en El Barco de Valdeorras. Merece la pena de que señalemos este hecho, por lo que representa para nuestra región y para nuestra provincia (...).* Neste artigo dise que é a segunda no seu xénero en España, xunto con Peñalara, é de supoñer que en 1944 aínda estaban "conxeladas" as publicacións dos clubes cataláns, ou que as revistas montañeiras daquela facíanse a modo de circulares. Tamén en *El Ideal Gallego* de 11 de xullo de 1945, e en *El Pueblo Gallego* de 17 de xullo do mesmo ano, *Meta* de 1 de setembro de 1947, *Faro de* Vigo de 22 de xullo dese ano, e *La Región* de 28 de xullo, o clube recibe felicitacións pola publicación. Unha reseña da revista tamén viña noutras publicacións montañeiras españolas como *Peñalara* (logo de saír cada número), ou na revista do Club Deportivo Navarra (nº 39 de agosto de 1947).

Trasalba (Orense) 7 de Enero 1950.

Sr. D. Gonzalo Guerrero

Mi querido amigo: Afectuosos saludos, también de mi esposa Pita para Vdes. No nos olvidamos de los buenos amigos en los días solemnes. La pereza de la aldea, nuestros trabajos y preocupaciones no me permitieron corresponder antes al recuerdo de Vdes.

Estoy solo con mi madre, de 90 años, en mi "recanto" de la sala de aldea, en donde reina llena de viento. Pronto saldrá la luna. Ya luna en Monte y brujas es algo romántico. Aquí también. Pero "bufa" demasiado el viento de la sierra.

Le escribo a la luz de una de los pocos quinqués de petróleo que quedan en el mundo.

Recibí su amable saludo desde orillas del Sys. Sin contestarlo por supuesto antes.

Deseaba de Vdes. un hermoso libro de Bracamontes (Tenemos dos). Poesías impresas y manuscritas (Tennyson, Shelley, Guerra Junqueiro, Baudelaire, Clarín del —) traducidas al gallego por Plácido Castro, Luis Tobío y Rosario Castro Pereira. Todos grandes y recordados amigos. Guerra Junqueiro traduce cosas de Valéry, Mallarmé, Verlaine, muy bellamente a lo poco que he visto.

A los pies de su esposa y deseándole feliz año reciba un abrazo de su viejo amigo y servidor

Alvaro Cebreiro

clube Peñalara de Madrid, con fotografía na capa, viña unha editorial explicando a creación do clube, do que reproducimos parte[8]:

Reunidos unos cuantos aficionados a la montaña, pensamos en la posibilidad de organizar una sociedad que agrupase a los montañeros y esquiadores dispersos por Galicia. Pronto quedó constituida "PEÑA TREVINCA" y más tarde nos afiliamos a la federación Española de Montañismo, de cuyos Directivos recibimos los mejores ánimos. Luego vino la dificil tarea de ir encontrando a nuestra Región elementos para nutrir las filas de "Trevinca". Cartas a amigos, notas en la prensa e indagaciones varias. Poco a poco fueron llegando adhesiones, unas entusiastas de viejos alpinistas que ya habían arrinconado esquis y piolet y otras de montañeros y esquiadores que, desconociendo las montañas gallegas, se iban en complicados viajes a practicar nuestros deportes a otras regiones alejadas, otras muchas de deportistas que, deseosos de escalar cumbres y de esquiar, no están iniciados en estos ejercicios por ignorar que en esta Región tenemos unas montañas maravillosas y hoy, con nuestra organización, al alcance de todos. Ya tenemos grupos bien organizados en las más importantes ciudades y villas de Galicia y también en Madrid contamos con un núcleo ya numeroso. La prensa regional nos ha dispensado la mejor acogida y todas las sociedades deportivas con las que nos hemos puesto en contacto, nos animan en nuestra obra (...)[9].

Tamén contiña unha referencia á primeira directiva do clube, e algúns breves artigos sobre excursións pola serra e o potencial montañeiro da Serra Trevinca. Referencias sobre a biblioteca social, noticias varias, fotografías da serra e un listado de socios completaban o bautizo da publicación. Faríase unha tirada de 150 exemplares, que costaran 235 pesetas. Tivera un amplo eco ao ser enviado a: Autoridades, Oficinas de Turismo, Direccións Xerais de Camiños e Turismo, Sociedades Deportivas, Federacións... Sería Gonzalo Gurriarán quen confeccionaría todo o contido deste número, así como os tres seguintes:

Trabajo en la confección del primer número del Boletín de "TREVINCA" y espero que Navarro, con su experiencia, me ayude. Como yo no tengo ni idea del asunto, lo que pienso hacer es escribir todo lo que me parezca y cuando no tenga más que decir, os lo mando, para que Navarro lo corrija, modifique, coloque, añada todo lo que le parezca oportuno y te oriente en lo referente a edición. Convendría que una vez que te lo mande, trateis de que salga lo más pronto posible, pues creo que es un medio de enlace entre los "trevincos" indispensable y de gran valor propagandístico (...)[10]

No segundo número, de decembro de 1944, aumentaríanse as páxinas ata 20, con artigos sobre o refuxio proxectado en Fonte da Cova, a primeira excursión polo macizo, e outros breves, ao estilo do número anterior. Estes foran imprimidos en Gráficas Gutemberg de Vigo, tirándose 250 exemplares que saíran a 1'50 pesetas cada un. O aumento das páxinas motivou que tiveran que modificar a planiña-solicitude para a censura que fixeran para o primeiro número; sendo esta aprobada pola Vicesecretaría de Educación Popular, este organismo lembraba: *(...) Asimismo le comunico que debe presentar a la censura las galeradas correspondientes (...)*[11].

A preocupación de Gonzalo pola participación no boletín era grande, tentaba que participaran redactores socios, sen resultado positivo nestes primeiros números. Tamén teimaba pola composición e corrección, aínda que a distancia e as dificultades de imprenta, xunto á carencia de papel e restriccións de enerxía, imposibilitaban que estas non fosen como el pretendía:

(...) Sigo creyendo indispensable la corrección de pruebas y acaso podríais mandármelas un sábado para estar ahí de vuelta el lunes. Si aun así no fuese factible, os ruego os ocupeis vosotros de ello a la vista de mi texto, pues en el nº anterior salieron varias erratas importantes y hasta una buena

9. Boletín nº 1 de *PT-MdeG* de setembro de 1944: 2.
10. En carta de Gonzalo G. a A. Villaverde, de 4 de setembro de 1944 (APTMGV, fondo A. Villaverde). Navarro era un socio de Vigo que traballaba na prensa, e que colaboraba como experto no remate do boletín e na súa tirada.
11. Oficio 2353 da Sección *Ediciones y Publicaciones*, da Delegación Local de Vigo de FET e JONS, de 19 de decembro de 1944, dirixida a Antonio Villaverde (APTMGV).

Orense 26 de Julio 1950

Sr. Dn. Gonzalo Queiruga

Mi querido amigo: No podría saber actualmente si he correspondido con VV. a mi sobre el envío de un notable número de la revista "Peña Cava" a Pedralva. Todo este detalle de equilibrio en un excesivo comentario sobre mi debido a la generosidad de VV. He tenido noticias del estío de las Médulas desentrañas en otro tiempo por el benemérito Enrique Gil.

Soy un hombre de muchas relaciones, variados trabajos y de actividad mal organizada. Mi defecto inamovible el desorden de libros y papeles. No obstante tiene sus encantos. No ruegue como el estoicismo y costumbre de castellano. Empiezo a veces grandiosas dudas como la que motiva esta carta con la recompensa de una decisión de apoyo. Le ruego a VV. un rasgo testimonio de afecto y consuelo.

Tengo el encargo de un trabajo geográfico, de conjunto, para Buenos Aires, sobre Galicia. Me ver le cause a VV. grandísimo alguno datos sobre las regiones que conoce de un modo inmejorable.

Con saludos para Vdes de Pita y mis respetos a su Sra. distinguida recibe un abrazo de su viejo amigo y servidor

M. Otero Pedrayo

Santiago de Compostela 27 de Nov. 1950

Sr. Dn. Gonzalo Queiruga
Baños de Valdeorras

Mi querido y recordado amigo: Con infinito gusto recibí su cariñosa carta. A su tiempo llegó a Trasalba la otra a que VV. se refiere. No la contesté. Dispensame. Volveré, cuando sea oportuno, a la carga solicitando de VV. improvisaciones. En la introducción geográfica a la Hist.ª de Galicia se esperará el armazón en el sentido del paisaje. Y VV. en montañas sobre todo, es un excepcional catedrático de paisajes.

Hace días, en Trasalba, me acordé de "Peña Trovisca" al release sobre las Médulas un viejo y hermoso trabajo del poeta romántico Enrique Gil y Carrasco.

Se mantiene el artículo en cuanto tenga algún respiro. No es demasiado el trabajo en la Universidad pero sí la preparación de materiales para la "Historia" me absorbe las mejores horas.

Abrumado con el propósito de antes-ayer volver urgentemente a Santiago las inscripciones quedé profundamente agradecido y le ruego que me critique esa conferencia. En la amistad de "Peña Trovisca" creí encontrar satisfecha la deuda - literaria y de pura gratitud - que Vdes conocen tener contraída.

En cuanto de mis fuerzas hacemos de favor los

Trasalba (Orense) 29-XII-1950

Mi querido y recordado amigo: Infinitas gracias por su carta y saludo. Cuesta - no sería falta decirlo - que la idea de la conferencia mía en Santiago se resolviese a punto de realidad. Únicamente se dirá mañana para el acto y las molestias que supone el desplazamiento. Pero el 9 es imposible. Será el primero de Enero. Y posiblemente en ese mismo día llegaré a Santiago a la mañana o. lo más tardando, la noche anterior. Podría ser para antes? Seguiré directamente a Vdes mientras conmigo. Sobre el tema no sé que decir. No estaría mal cualquiera de estos dos: "Las montañas en la sensibilidad de la época romántica" o "La leyenda geográfica de las montañas" Si VV. decidiera, sin tardar mucho, se lo agradecería. Reiterándole el deseo de Pita y mío de un felicísimo 1951 para su esposa y VV. y familiares recibe un abrazo de su viejo amigo y servidor

M. Otero Pedrayo

pido - la conferencia de una conferencia - hablando mucho del tema - para parecer un poco menos indigno del favor.

Recibí la primera circular. No hace falta que VV. recuerde que no pronuncio el nombre y relicia de una tribuna. Cada día estimo más el silencio y la lectura.

Con gusto vería de cerca las Médulas. Pero los días libres los empleo en ir a Trasalba. Soy un especialista en el castro mal. Lugín. Ya veremos.

Afectos para Vdes, muy cordiales de mi esposa, a los que saludo respetuosamente, y VV. recibe un abrazo de su viejo recordador y amigo

M. Otero Pedrayo



falta de ortografía (pudo ser mía, pero la hubiese visto en las pruebas y corregido a tiempo); yo las subsané a tinta, pero ahí seguramente hicisteis el reparto sin modificación alguna, dejando a la Redacción bastante en ridículo. Por ello y teniendo en cuenta el sacrificio económico de la Sociedad y el mío de substancia gris, conviene atar bien los cabos para que la Revista salga bien en todos los aspectos; de manera que espero hagais la corrección si yo no puedo ocuparme de ella por las circunstancias que expones. Hay que tener en cuenta que van muchas tachaduras y modificaciones a tinta lo que, con un texto más abundante que la vez anterior, hará mas posible cualquier pequeña confusión en la imprenta. Además yo siempre que he publicado alguna cosa (hasta ahora solo me había ocupado de la literatura científica) me han mandado las pruebas para su corrección; esto es ya clásico. Considero importante la elección de los tipos de letra y diferenciación de los títulos y subtítulos con letra mayor y menores (...)[12]

Terían a maiores algúns atrancos voluntarios por parte dalgúns responsables da impresión e do fotograbado que eran do Celta, froito dos enfrontamentos que as dúas sociedades tiñan na cidade olívica, pois parte dos traballos se realizaban nas instalacións do diario *El Pueblo Gallego*, e que, en definitiva, retrasaban a saída da revista.


No terceiro número se daría un salto cualitativo importante, pois a capa era de cartón con testura rugosa e o papel utilizado no interior sería satinado. O número de páxinas aumentaría a 30 cun esmerado tratamento na presentación[13]. Sairía no mes de xullo de 1945, cunha tirada de 500 exemplares, contendo longos artigos sobre as actividades realizadas: "La primera temporada de esquí de *Peña Trevinca*", "Nuestra reunión de invierno", "Excursiones de Primavera (Ancares y Trevinca)", e a conservación de seccións que xa tiñan os números anteriores: "Noticias", "Publicaciones que leemos" e "Nuevos socios". As felicitacións pola publicación chegaban de todas partes, desde as propias Federacións ata amigos particulares, pasando por outras entidades montañeiras. Fora todo un éxito organizativo o feito de poder publicar tres boletíns nun ano. Gonzalo Gurriarán recibira algunhas cartas que transmitía orgulloso aos seus amigos consocios: *(...) Ramiro Núñez recoge y glosa las alabanzas a nuestra publicación y ensalza escandalosamente mi trabajo con frases que mi modestia no puede leer sin sonrojo (...)*[14]

Nun primeiro momento, a distribución de exemplares non só se levaba a cabo entre os asociados, senón que era puntualmente enviado a organismos e asociacións de todo tipo: Centro Galego de Madrid, e ao de Buenos Aires, Escola Militar de Montaña, Real Academia Gallega, clubes de montañismo españoles e algúns do estranxeiro, organismos públicos, librerías, e prestixiosos "cronistas deportivos", neste caso galegos, como eran Camilo José Cela (do xornal *Arriba*) e Wenceslao Fernández Flórez (do *ABC*).

As malas condicións económicas da sociedade con motivo da construcción do refuxio non impediu que saíra o número catro, mais mermado cualitativamente e cuantitativamente. Saíu en decembro de 1945 con 8 páxinas, sen fotografías, dando exclusivamente noticias breves. Recobrarían o esplendor editorial co número 5, no mes de xuño de 1946, imprentado en Madrid –Gráficas Aguirre-, de novo con 30 páxinas, con artigos considerables en extensión referidos a actividades e excursións que levaran a cabo: "La temporada de nieve" e "Tres días en Picos de Ancares", de Gonzalo Gurriarán, "Por Trevinca al lago de Sanabria" de Juan Antonio Conde; rematando coas seccións xa mentadas. Neste número se inclúen "máximas formativas" a cumplir nos ambientes montañeiros en canto a: utilización das instalacións, limpeza da montaña e actitudes, en recadros destacados con negrita, como:

***Debes considerar** los albergues y refugios como si fuesen tu casa y hogar. No debes de tener las pretensiones de confort que sólo puedes encontrar en un hotel. No olvides que tu dinero nada dice aquí*

12. En carta de Gonzalo Gurriarán a Antonio Villaverde de 28 de maio de 1945 (APTMGV).
13. Neste terceiro número seguirían tendo algúns problemas burocráticos coa censura: *(...) Enterarse en Educación Popular o como se llame eso, si tenemos derecho a poner anuncios o bien hay que modificar la solicitud y autorización oficial (...)*, en carta de Gonzalo a A. Villaverde e demais compañeiros de Vigo, de 15 e abril de 1945. Farían un intento de introducir publicidade que logo non iría adiante.
14. En carta de Gonzalo Gurriarán aos compañeiros de Vigo, de 20 de marzo de 1945 (APTMGV).




Trasalba (Orense) 2-I-1951

Sr. D. Gonzalo Gurriarán

Mi querido amigo: desde luego cuente plenamente conforme con el día 10 para la conferencia. En éste recibirá vuelvo a escribirle a Chantada Orense.
Gracias por los libros que acabo de recibir.
Con un abrazo de su amigo

M. Fernández




Yr. Dn. Gonzalo Gurriarán
Barco de Valdeorras

Santiago de Compostela 24 de Enero de 1951

Mi querido amigo muy recordado: He recibido su saludo, su nuevo saludo agradecido, y los afectos y recuerdos de mi esposa para Vdes con los míos para su señora esposa. Muy expresiva la foto-grafía que ha tenido la bondad de enviarme conociendo mi amor a la Torre, a la que saludo todas las mañanas.. En la foto vive la Torre; se adivina su gracia.. Aunque esta vuelta de Peña Trevinca, en una ciudad? monumental donde el viento de Peña Trevinca sienta tanto como el de aquí. Por ciento que aun no he leído mandado en "La Región" de Orense el artículo pronunciado? y que leeré con verdadero gusto. De hoy o mañana no pasa.

Abrazo de su amigo
de siempre,
M. Fernández



Trasalba (Orense) 4-I-1953

Sr. Dn. Gonzalo Gurriarán
El Barco.

Mi querido y recordado amigo: Reciba con estas líneas un poco tardías, mi saludo de Año Nuevo deseando para Vd. y los suyos un 53 próspero, rico en paz y salud. La nieve de las sierras del horizonte de Trasalba me hace pensar en la gloriosa y ejemplar dedicación de "Peña Trevinca". Fué concebida con ilusión y realizada con perfecto y juvenil acierto.

Reciba, querido amigo, un abrazo de su affmo. servidor que mucho le quiere y recuerda

M. Fernández

Le ruego un respetuoso saludo para su esposa (c.b.s.) y los de mi esposa Pita para Vdes dos.



arriba y que debemos de ser todos iguales ante las montañas.

***Cada extraño** que participe en amor por la montaña es tu camarada, y mucho más cuando se encuentre en una necesidad o precise de tu ayuda. Un trago de tu cantimplora o una ojeada a tus mapas pueden serle de gran utilidad en su excursión.*

***No deshonres ni difames** la comarca por donde pases. No "embellezcas" la Naturaleza con cascos de botellas, cáscaras, trozos de papel grasiento y latas de conserva vacías. No olvides que los que lleguen detrás encontrarán en tu despreocupada suciedad motivo para exclamar: "¡Qué cerdo hbra pasado por aquí!".*

***No debes olvidar** en la montaña tu educación y formación. Groserías, brutalidad o rudeza no son lo mismo que fuerza o alegría.*

Temos que agardar un ano, ata xuño de 1947, para que a publicación dé un salto importante: aumento de contidos ata 46 páxinas, sumario, e colaboración de plumas de sona como Hernández-Pacheco, Baldomero Sol ou Juan O. Kukla, e debuxos do afamado montañeiro humorista Enrique Herreros[15]. Seus artigos máis significables serían: "El legado del viejo Sil" do profesor de xeoloxía Hernández-Pacheco, "Montañas de nuestro destino", de Kukla, "La cara sur del Cocodrilo, dominada por los escaladores gallegos", de Baldomero Sol, e outros de menor entidade. Continúan coas máximas de difusión, propostas, reivindicacións... insertadas nas páxinas do boletín-revista:

***En Galicia** hay bellas montañas; **Trevinca necesita**: Comunicaciones, Ayuda económica-Montañeros jóvenes; **Para las aldeas** de nuestras sierras, pedimos Maestros de Escuela montañeros; **Desde el Alto de Cerdeira** –en la carretera de Ponferrada a Orense- puedes contemplar, mirando al naciente, el más bello panorama de la montaña gallega y Peña Trevinca destacándose al S.E. Anímate a visitar nuestras sierras*

Seguindo a liña do anterior, o seguinte número saíu en decembro de 1948 do cal significamos os artigos: "El Roque Nublo, en Gran Canaria, escalado por primera vez por montañeros españoles", de Mario Tecglen, "De la V Olimpiada de invierno", de José María Galilea, "Una organización de montañeros lleva el progreso y el bienestar a una escondida comarca de los Alpes", de Juan O. Kukla, "Trevinca 1948" e "La carretera de Trevinca: una carretera urgente", este con mapa desplegable, de Gonzalo Gurriarán[16]. Unha aparición importante foi o intento de rescate do poeta valdeorrés exiliado, Florencio Delgado Gurriarán, curmán de Gonzalo, coa publicación do poema "Bocarribeira Valdeorresa", traballo literario en galego que logo sería reproducido na súa primeira obra en Galicia, despois da guerra, "Galicia infinda"[17].

Como acontecera no terceiro número, as malas condicións de orzamento do clube impediron que se continuara coa liña da revista tal como nos anteriores. Así sairía o número 8, en decembro de 1949, con 8 páxinas de breves noticias e un extenso listado de socios, que chegaba aos 664, con novos asociados, a maioría de Vigo, pois remataba de abrirse un local social na cidade viguesa, lugar onde se editara este número –Gráficas Minerva-.
Chegamos ao derradeiro número, cun ton máis lite-

15. De Hernández-Pacheco xa falamos. Kukla era un montañeiro austríaco que casara en Vigo, pois estivera na cidade olívica antes da guerra e moceara cunha viguesa. Logo da guerra viñera a casar, asentándose en Galicia, despois de loitar cos aliados na Segunda Guerra Mundial e de adestralos: *(...) Fui encargado de entrenar a los eskiadores de los paracaidistas ingleses y a los guerrilleros italianos en la Scuola Alpina de Cogne (Aosta). No se trataba de entrenar a campeones de la pista sino a esquiadores capaces para el combate y los servicios de enlace entre Francia e Italia (...)* en carta de Juan O. Kukla a Gonzalo Gurriarán, desde A Coruña de 29 de decembro de 1946; exercería de traductor de empresas mineiras e de corresponsal de prensa en España, difundíu o esquí e o montañismo galego en revistas austríacas e foi un dos colaboradores habituais na revista do clube (ás veces solicitou a Gonzalo que lle proporcionara algún conto da guerra civil ou da guerrilla para levalo á escrita: en carta de Kukla a Gonzalo, desde Santurce, de 11 de abril de 1948). Posada comentaba del, que comezando a loitar na Segunda Guerra Mundial co exército austriaco, se pasaría axiña ás forzas partisanas xugoeslavas de Tito: *(...) La historia de este chico es algo rara, pues durante nuestra guerra vino con la Legión Condor, pero es antinazi, y como te digo luchó al lado de los partisanos, vino a esta y se casó con esta chica (...) Creo debe ser un aventurero no te parece? (...)*, en carta de Posada a Gonzalo de 9 de decembro de 1946 (temos 20 cartas da relación epistolar de Kukla con Gonzalo, o que indica que houbo bastante afinidade). Baldomero Sol era un montañeiro esquiador que entablara amizade con Gonzalo, odontólogo madrileño, que se afiliara ao clube galego. Viría a impartir dous cursos de escalada. Enrique Herreros se fixera famoso polos seus chistes na revista *La Codorniz*, publicación "refrescante" da que Gonzalo sería suscriptor desde o seu inicio. A portada levaba un moderno deseño de fondo feito por Navarro Pastor, na que ía incrustada unha foto de montaña co título: *Caneiro da Presa*. A impresión fixérase en Madrid, en Artes Gráficas ARGES.
16. Este artigo reivindicativo das infraestructuras viarias galegas fora publicado nos xornais *Arriba* e *El Alcázar* de 27 de marzo de 1948.
17. Editorial Galaxia, Colección Salnés, Vigo, 1963.

Trasalba (Orense) sep. 15 de 1953

Sr. D. Manuel Murciano

Mi querido y recordado amigo: Viaje a Santander, mejores a pesar, mil trabajos y la tristeza y amiedad por la muerte, no me dejaron corresponder a tiempo a la carta de Vd. llena de noticias y puntos de vista interesantes y nuevos. Vd. hará un estudio completo sobre el tema delicado y apasionante del oro del Sil y la remanización de ese valle que en octubre obtiene por vez su mas espectacular belleza.

No tengo instinto ni saber arqueológicos. La piedra, cuyo dibujo por cierto muy bien hecho me envía, me parece fragmento de un altar, o de un sarcófago visigodo o suevo. De ser asi, aumenta el interés pero mayor. Mañana voy a Orense y si me acuerdo - tengo mil asuntos - me enteraré a cuantillas.

Hoy estoy trastornado de pena con la noticia de la muerte de mi amigo Ramón Villar Ponte.

A Vd. que además de buen amigo es medico de pueblo decir que este otoño o invierno me operarán de cataratas. Siempre me molesta esa miopía de las caminatas. Siempre no me molesta casi nada me asusta y no me deja marcar bastante. Con gafas en las mismas obtengo agudeza visual aceptable y operabilidad perfecta en los quirófanos, algunos años, con Vdes. Nunca a caballo ni a, de silla de la reina. Antes me contento con la visión espiritual.

Vita quedó en Santander con nuestros parientes.

Mis respetos a Pilar y reciba un abrazote de su viejo amigo y admirador que mucho le quiere y estima

Y recuerda

Ramón Otero Pedrayo

Orense 19-12-1957


Sr. D. Manuel Murciano

Mi querido amigo: Desgraciadamente me pesa. Con la pérdida de todo corazón me salva parece haber perdido mi mejor tesoro de fraternidad es terrible en el invierno para viejos. Solo el recuerdo y el afecto de los amigos pueden alumbrar.

Con nuestros saludos a su hijo en Roma - b.s.h.m.

y afectos de Vita para Vd. reciba un abrazo de su viejo amigo y admirador, q.b.s.m.

Ramón Otero Pedrayo



Orense 13 de abril de 1962.

Sr. D. Gonzalo Gurriarán
Barco de Valdeorras

Mi querido amigo:
Ya recuerdo de "Peña Trevinca" y el honor de haber sido por ella malcriado me ha servido de apoyo en unos pocos momentos de lucha y decaimiento. Por eso agradezco doblemente la felicitación de Vd.
Ya mi esposa les saluda. A Pilar - 6. 5. 7 - y Vd. mis recuerdos y esperanza de verles. No falta la alegría. Pero los viejos, es decir en este caso yo, llevamos algo de cierre fino que alcanza a los días y nuestras alegrías son el amor de la lumbre y el beber de las barras.
Siempre viejo y agradecido amigo
Ramón Otero Pedrayo

rario e histórico cos que o precederon, publicado en decembro de 1950, cun primeiro artigo de don Ramón Otero Pedrayo que leva por título "Cumbres en el horizonte", outro de Baldomero Sol, "Sentido poético de la escalada", "Las Médulas" de Francisco Marfany e Gonzalo Gurriarán, de carácter histórico-xeográfico. Neste número, que ía ser o último, a relación do listado de socios remataría no número 882. Fora editado en Santiago, na imprenta do Seminario Conciliar, cunha tirada de 700 exemplares, problemas económicos impedirían que non saíse ata a primavera de 1951 –por cartas de Aniceto Charro, dese tempo, encargado deste labor; este animaba a Gonzalo a seguir coa revista: *Lo de la revista es fundamental y aunque sea de vez en cuando números buenos y otras veces boletín modesto creo que debiera tirarse para mantener contacto con los socios que nunca van a la Sierra*[18]-.

Aquí remataría esta aventura editorial dunha das experiencias asociativas galegas deportivas na posguerra, que máis impacto tivera na sociedade civil do noso país naquel tempo, cunha colaboración estelar, a de don Ramón, que, por ser pouco coñecida, reproducimos na súa totalidade.

18. En carta de Aniceto Charro a Gonzalo, desde Santiago, de 15 de novembro de 1952 (AFGS).

Peña
TREVINCA
MONTAÑEROS DE GALICIA
BARCO DE VALDEORRAS
AFILIADA A LAS FEDERACIONES GALLEGA DE ESQUÍ Y ESPAÑOLA DE MONTAÑISMO
AÑO VI • DICIEMBRE, 1950 • NÚM. 9

CUMBRES EN EL HORIZONTE

Ramuz el gran novelista del Chablais deja que en algunas de sus páginas —en «La grande peur sur la montagne» especialmente— domine la blanca soledad y silencio de los Alpes. El ser del Chablais y vivir su espíritu y horizontes significa dentro de lo francés una determinante esencial. No es lo mismo ser del Chablais o del Morvan, o de un barrio ilustre de París, dentro de la esencial y amplia unidad del sentimiento y las letras francesas. Es evidente la influencia del Jura en Stendhal, de la Normandía en Flaubert, de los Pirineos en Francis Jammes, aunque sea empresa difícil el solo intento de graduar y medir alguna dirección de tal influencia. El país del Chablais tiene formas dialectales, una hermosa costa al lago de Ginebra, y antiguos viñedos. Pero su carácter esencial es de país alpino, con matizaciones originales dentro de los Alpes franceses y su novelista Ramuz, aunque muchas veces no aleje sus personajes y argumentos de la orilla del lago azul, es un novelista de los Alpes. Un gran solitario, quizá una víctima de una «morbidezza» de la soledad, H. F. Amiel creía entender desde Ginebra la simbólica de las poderosas y delicadas formas alpinas. En un pasaje célebre tan bello y triste, con una varonil y filosófica melancolía, como algunos momentos de la «Heroica» beethoveniana, F. Nietzsche el transportado por la luz de Italia, declara el goce

supremo de la estoica y plena posesión de su ser entre los graves picos helados y las silentes praderas de la Engadina. Sin acudir al «Manfredo» byroniano, demasiado gesticulador para la pureza solemne de los glaciares, ni a la exaltada meditación de «Obermann» cuya sombra pudo acompañar a D. Miguel de Unamuno en los dorsos de la Sierra de Gredos, sobran testimonios para demostrar cómo la soledad de las alturas, la evasión de las diarias luchas de los hombres, forman la principal excelencia y atracción de los Alpes. El mismo deporte alpinista o montañero tiene por premio el merecer la soledad y en ella la compañía de unos pocos, y también el gusto, el imperativo en algunos, de huir por algún tiempo de lo cotidiano...

Son los altos valles cerrados, la pureza de las alboradas, el límite de la vegetación y de la historia. Y sin embargo la insigne asamblea de cumbres alpinas se alza en el corazón de Europa, curva de Viena a Niza un arco de belleza y expresividad europeas incomparables, todas las viejas razas y lenguas se mezclan en sus valles, como los granitos y las calizas en los plegamientos, y no sólo Innsbrück, Berna, Zurich, Grenoble y Trento, son ciudades alpinas. El Rhin y el Ródano son en los puentes de Basilea y Lyon torrentes de los neveros de St. Gotardo. Milán y Munich, dos capitales del arte y la vida, no se explican sin la vecindad de los Alpes, como tampoco Venecia en sus espejos de refinadas culturas, ni formas delicadas y palacianas como los parques de Viena

Se discute, se ha discutido siempre, estos días con un aire de angustia calculando la posible desaparición de algunos motivos constantes y amables de una insuperable cultura humana, la realidad, la esencia, el núcleo y contorno de Europa y «lo europeo». Puede meditarse y escribirse sin grandes dificultades sobre el ideal europeo del Dante, de Goethe... Los geógrafos, sobre todo los geógrafos formados en el clasicismo «romantizante» de la escultura ejemplar del relieve y contorno de Grecia, concedían a la prolijidad de formas de los litorales, a las constantes y variadas combinaciones de mar y tierra, la primacía en las motivaciones físicas de la superioridad de Europa...

Sin duda es algo que en las conocidas páginas de Reclús, de Taine —ambos autores muy leídos entre nosotros hace treinta años— y en infinitos libros, pudiera recordarse. Pero Goethe para cumplir su anhelo de devoción al «bel paese» del Petrarca, Chateaubriand buscando el escenario de los mártires, el mismo escéptico Montaigne y su posterior colega en el análisis levemente irónico de los caracteres, Sterne, tienen

que pasar los Alpes, deben responder a la pregunta de las montañas. El föhn pule el cielo en los contornos alpinos. La viña latina da el tono a los otoños del lago de Constanza y el bosque nórdico asciende por las umbrías alpinas, como ascendía la fuerte colonización germánica. De la pulsación de los glaciares alpinos depende la violencia del Ródano amado por Daudet y Mistral, el régimen del verano en la Hungría cruzada por el «Danubio azul», la vida de los grandes puertos renanos y las corrientes del Po y del Mincio que regaban las «Geórgicas» de Virgilio...

Siempre es agradable recordar la tertulia de Mad. Staël en Coppet y no puede explicarse un estilo de prosa, hasta una determinada selección de palabras y conceptos, sin el señorío de Voltaire en Ferney... Sería excesivo enlazar una predisposición a las fuertes libertades municipales con la forma de los Alpes. Pero la derrota de Carlos el Temerario de un lado y la leyenda de Guillermo Tell por otro, tienden una decoración alpina en el escenario de los dramas consagrados a la libertad. Y Suiza...

Quizá sea Suiza, sus ciudades, la flor de una estructura política europea. Tampoco es discutible el valor del concepto de una Europa y una política universalista en la casa de Austria. Y las raíces austríacas son alpinas... Con los decantados ambientes de París, Milán, Munich —más que Berlín—, Viena, Madrid, Roma y un borde atlántico, podría componerse un ideal de Europa, para contentar a los confiados únicamente en la eficacia de la cultura. Sería casi imposible «ubicar», como dicen los argentinos, el arquetipo lejos de los Alpes. Un crítico y ensayista suizo A. Tibaudet, en los días relativamente optimistas siguientes a la primera guerra europea, proponía unos Estados Unidos de Europa presididos por el recuerdo de Goethe.

El lector está pensando en Rousseau, pero el articulista, lector desde joven de «Las promenades...» quiere alejarse un poco de emotivos períodos románticos y pisar un suelo de realidad más profunda y más dura. El imperio romano contorneó los Alpes y los cruzó, como indispensables, con la medida regular de las legiones y los caminos en marcha. Pero Carlomagno vivió plenamente el tema alpino, comprendió ser los Alpes la clave de la bóveda de tan variadas y esenciales dovelas. Carlomagno abre desde el centro, no desde los cálidos senos azules del Sur, el sentido y los rumbos de una Europa, la actual todavía... Y al dividirse la herencia del imperante, más barba de glaciar que barba florida, la dignidad rectora con la corona imperial, queda en el patrimonio centrado en los Alpes con

Lombardía, Borgoña, Provenza, Alsacia y el Rhin en torno...

Se busca silencio y una ética y una estética, con un retorno a la pristina energía y claridad de las cumbres en los Alpes, en los reposos y en los deportes alpinos, y se alienta en el corazón geográfico de Europa. Se anudan y cruzan en los Alpes los hilos más finos de la simpatía, los contrastes, los acentos y genios nacionales... En tesis general, de las montañas irradia la historia en amplias aureolas, como irradian hermosos ríos de graciosos tumultos mozos, de las cristalinas cumbres de la Peña Trevinca.

No es apartarse de los hombres en lo esencial del destino humano, el amor y práctica de los montes. Los buscaron los monjes en épocas creadoras. Tiene el amor a la montaña un designio altísimo, no necesariamente confesado, para no turbar con principios abstractos la incomparable alegría severa del dominio de las alturas. Es algo semejante a conquistar los ápices supremos de la personalidad, y superarlos obedeciendo a un designio inmortal, cifrado en el auténtico azul sobre la blancura impoluta.

R. OTERO PEDRAYO.

Trasalba, Diciembre 1950.

POR UNOS DIAS DEJA EL BAR O LA TASCA Y VETE A LA MONTAÑA. RECOBRARAS ENERGIAS PERDIDAS Y... SI ERES OBSTINADO, VOLVERAS A LA BARRA CON MAS SED.





CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

Cerdedo (Pontevedra), 16 de decembro de 1930

É catedrático de filosofía na Universidade de Santiago desde o ano 1970. Antes fora catedrático de filosofía en Institutos e Profesor Numerario nas Universidades de Barcelona e Madrid. Sobre Otero Pedrayo ten publicado un libro titulado *Descubrindo a Otero Pedrayo* (Santiago, Coordenadas,1991). Ten estudiado tamén outros autores da Xeneración Nós. No campo da filosofía tense ocupado do filósofo galego Angel Amor Ruibal e el mesmo ten un pensamento propio centrado na metáfora e na que chama Lóxica de sentido. Fundou os estudios de Filosofía, Pedagoxía e Psicología da Universidade de Santiago e foi por longo tempo decano da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación. E membro de varias institucións académicas e a Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao.



Literatura epistolar de D. Ramón Otero Pedrayo (II)

Cartas de Don Ramón Otero Pedrayo a Don Carlos Baliñas Fernández

Nos derradeiros anos da súa vida, Don Ramón e máis eu escríbímonos con frecuencia. Don Ramón, xa xubilado, residía en Ourense ou Trasalba. A primeira carta é de 1964 e a derradeira de 1975. Teño vaga memoria de que houbo algunha máis que se extraviou entre os meus papeis. En total son 23 as que conservo. Agradezo aos directivos da revista Raigame *a iniciativa de as publicar, deixándolles a decisión de publicalas todas ou de escolmar as que consideren de maior interés. Unha correspondencia non se acaba de entender de todo se non se coñecen as cartas do outro corresponsal. Das miñas cartas ou non fixen copia ou non conservo máis ca a copia dunha: se cadra consérvanse no arquivo onde estean os papeis del. En todo caso, carecería de interés publicalas. A falta delas pódena suplir unhas notas de contextualización das de Don Ramón.*



Estas cartas non eran epístolas literarias, anque el case sempre adornaba o asunto, mesmo se era vulgar e convencional, con algún toque literario e máis algunha alusión cultural. Son cartas personáis que deixan transparentar as ledicias e tamén as angurias dunha persona anciana nos seus anos derradeiros. A través desta manchea aparece a persoa tal como era na intimidade: sempre fidalgo e cortés, nunca rexoubeiro, tristei-

ro ás veces, doorido pola enfermidade da súa dona.As dúas derradeiras cartas son para me recomendar a alumnos (eu estaba daquela presidindo en Ourense un tribunal de Reválida de Bacherelato), mesmo ao "noivo da súa criada". "Vd sabe o valor, case de pedra preciosa, dunha boa criada", engadía non sin humor.

E agora, unhas advertencias para mellor comprender estas cartas.
1) Con cada carta van unhas noticias sobre o motivo e contexto.

2) Sorprenderá se cadra que o léxico de Don Ramón conteña tantas vacilacións, castelanismos, etc. Nunca foi el un escritor con criterios lingüísticos e ortográficos e daquela aínda a Editorial Galaxia estaba consolidando aquelas normas ortografícas máis practicadas que enunciadas que lle deron á nosa lingua por primeira vez uniformidade. Respetei a literalidade do texto.

3) Dada a caligrafía de Don Ramón non excluio que algunha palabra pode ter sido mal transcrita por min. A ortografía de Otero Pedrayo era moi peculiar. Por exemplo, escribía igual a letra erre (r) que a letra ese (s). Por non saber esto, hai quen comete erros de bulto ao transcribir verbas súas. Para máis, nos derradeiros anos falláballe o pulso. Por eso ás veces presento entre paréntesis outra posible lectura.

4) As abreviaturas "b. ss. pp.", hoxe en desuso, significan: "bico os seus pes" (sempre referido ás donas).

5) Para evitar repeticións, omitirei o nome do destinatario e tamén o lugar de destino, a menos que sexa outro que Santiago.

C. B. F.


---

1. *Tema: sobre unha falta na súa* Guia de Galicia. *Eu escribíralle queixándome de que na páxina na que se mencionan os concellos do Partido Xudicial da Estrada faltaba Cerdedo, que é o meu municipio.*

Trasalba, Ourense 12 do mes de Santos do 1964

Meu querido amigo e compañeiro: Agradecín infindo a súa carta. Técense moitos fios no curto volume de unha "Guia" e ise esquecimento de Cerdedo –había por alí hai anos moi xeitosas corozas de palla– non é soio. A loita para criar unha boa Guia pende de falar de todo sen se demorar en ningures. En outra edición a provincia cruñesa saíu sen o partido de Sant Yago. Non han pasar dúas ou tres semaás e sairá unha nova edición ben aitualizada de noticias e datos e con admirabres fotos. O meu ideal era compor unha "Galicia" soio ilustrada por reproduccións de dibuxos e pinturas. Pro o custe é inorme. Gostaría moito de falar con Vde. Xa o procurarei. Estou canso. Falto da casa desde o 21 de outubro deica onte. Por elo non lle escribín a tempo.

Con un abrazo do vello amigo que moito lle quer e lembra.


Trasalba. Ourense 12 do mes de Santos do 1964


Sr. Dn. Carlos-Amable Baliñas
Sant Yago de Compostela

Meu querido amigo e compañeiro: Agradecín infindo a súa carta. Técense moitos fios no curto volume de unha "Guia" e ise esquecimento de Cerdedo – había por alí hai anos moi xeitosas corozas de palla – non é soio. A loita para criar unha boa Guia pende de falar de todo sen se demorar en ningures. En outra edición a provincia cruñesa saíu sen o partido de Sant Yago. Non han pasar dúas ou tres semáns e sairá unha nova edición ben aitualizada de noticias e datos e con admirabres fotos. O meu ideal era compor unha "Galicia" soio ilustrada por reproducción de dibuxos e pinturas. Pro o custe é inorme. Gostaría moito de falar con Vde. Xa o procurarei. Estou canso. Falto da casa desde o 21 de outubro deica onte. Por elo non lle escribín a tempo.

Con un abrazo do vello amigo que moito lle quer e lembra. R. Otero Pedrayo



2. *Tema: felicitación por ter ganado eu a praza de Profesor Adxunto de Filosofía na Universidade de Santiago.*



Trasalba, Ourense, 15 da castañeira de 1966

Meu querido e lembrado amigo: Unha forte e verdadeira aperta. Ningunha nova podería ser más do meu interno gosto e alegría. Sei que un esprito galego mozo moderno vai traballar nas cadeiras da vella e sempre amada Universidade nosa. E todas as lampadas da ialma se acenden en min con novos óleos.


Dende este recanto da Terra vai, leda e espranzada, a noraboa do vello amigo de sempre

Contexto. Entre os meus papeis, está a copia da miña resposta. "Santiago, 18 da castañeira de 1966. Sr. D. Ramón Otero Pedrayo. Trasalba (Ourense). Moitas gracias, querido Don Ramón, polas súas verbas tan agarimosas. O fachico olímpico que vostede levou tan alto, non se apagou no chan. Outros seguimos, inda que de lonxe, polos vieiros que vostede iluminou. Tu duca, tu signore, tu magistro (SIC). Asemade que me libere deste tormento, dantesco tamén, das oposicións a Cátedra, quero ecribir algo encol da Terra. E vostede ¿qué libro nos vai dar estiano como regalo de Reis? Non se esqueza, así e todo, daquela selección retrospectiva de artículos miudos, que tantas veces –en nome de tantos lectores– lle teño pedido. Un respetuoso saudo. Baliñas. S/c República de El Salvador, 18, 6. Santiago. (Xa daquela andaba eu coa teima de editar escritos esgotados, dispersos e descoñecidos de Don Ramón).

---

3. *Contexto: un xornal de Santiago publicara que non sei onde deran noticia da súa morte e que o suplemento do Espasa dábao por morto. Para que non o impresionara noticia tan pouco gasalleira, eu comuniqueillo nunha carta bromeando. Contéstame tamén con humor*

Ourense 5 de febreiro 1967



Meu querido e lembrado amigo: Estaba ista mañá ás once e tres cuartos repóndome cun biscoito mollado en viño branco do val de Verin –pois os anos moitos e os traballos non poucos precisan de reparos– cando chegou, reexpedida de Trasalba, a súa agasalleira carta. Xa fai tempo que hai espectantes sobre a miña morte. Un amigo que tén o suplemnto do Espasa mirouno a pedido meu e soio encontrou unha nota biográfica verdadeira . Debe haber un suplemento do Espasa grande e outro do Espasa pequeno. Eu poucas veces miro os xornales da Cruña. Agradézolle moito a informa-

ción. Quezáis considerada miña grande idade quixeran adiantar unha miga o fadal. Si Deus axudar fállanme un pouco menos dos trece meses para enteirar os 80. O grande bater dos timbales na sinfonía. Non sofro de doenza coñecida. Mais asegún dicia Pedro Simón Abril, traducindo una frase latina: "la vejez es en si harta enfermedad".


Eu paso moito tempo na aldea. Nestora, cando medran os dias, xa bulo por algún viaxe curto. Sempre o primeiro a Compostela. Terei a regalía de falar con Vde. Ditoso ano –xa vai embora máis dun mes– con saúde, paz e bon traballo. Sempre vello e agradecido amigo con apertas.

---

4. *Tema: a cidade de Barcelona*
Contexto: Resposta a unha carta miña comunicándolle que eu fora nomeado Profesor Agregado Numerario da Universidade de Barcelona a partir do 1 de octubro de 1967. Daquela e por un ano ou dous substituíase a Oposición directa a cátedras de Universidade por Oposición a Profesor Agregado. O Profesor Agregado pasaba a catedrático sin nova oposición se quedaba vacante unha cátedra.

Ourense 2 dos Santos, 1967 (dirixida a Barcelona)

Meu querido e lembrado amigo: Unha aperta e meu meirande agradecimento pola súa carta. E datada do 12 do derradeiro mes e soio hoxe correspondida. Dispense moito. Houbo traballos, priguizas e viaxes. Distes tres dias en Mondoñedo co gallo de uns Xogos Frorais en lembranza de Noriega Varela, moi cerne e bon amigo de moitos anos en Trasalba e despois. Mondoñedo: tartas barrocas, cónegos humanistas, fina curtesía: XVIII. Estase ben en Barcelona onde todalas rúas desembocan en lagos (?) de prazas. E seu inquérito ten de ser ben recompensado. Os catalás teñen sofrido moito. Seu esprito municipal é prodente e alteiroso. As xentes saben de abondo de administración e na boa burguesía –en Compostela houbo e morreu (?) coido que non ten morto unha pequena burguesía comercial semellante– nácenlle os dentes ó rapaz e morre o home vello no amore e sentido tenro e grave da súa lingua occitánica.


Ourense 2 dos Santos. 1967
Sr. Dn. Carlos U. Baliñas
Barcelona
Meu querido e lembrado amigo: Unha aperta e meu meirande agradecimento pola sua carta. E datada do 12 do derradeiro mes e soio hoxe correspondida. Dispense moito. Houbo traballos, priguizas e viaxes. Distes tres dias en Mondoñedo co gallo de uns Xogos Frorais en lembranza de Noriega Varela, moi cerne e bon amigo de moitos anos en Trasalba e despois. Mondoñedo: tartas barrocas, cónegos humanistas, fina curtesía: XVIII. Estase ben en Barcelona onde todalas rúas desembocan en lagos (?) de prazas. E seu inquérito ten de ser ben recompensado. Os catalás teñen sofrido moito. Seu esprito municipal é prodente e alteiroso. As xentes saben de abondo de administración e na boa burguesía – en Compostela houbo e morreu coido que non ten morto unha pequena burguesía comercial semellante – nácenlle os dentes ó rapaz e morre o home vello no amore e sentido tenro e grave da súa lingua occitánica.
As verbas de Vde. alédanme e confírmanme. Cando en Palencia falei con Alvaro Ruibal viña canso de San-


As verbas de Vde. alédanme e confírmanme. Cando en Palencia falei con Alvaro Ruibal viña canso de Santander, tristeiro por non recibir cartas dos amigos. Eu gardo as cartas de amigos. Cando me determiñare a arranxalas con método, han enteirare un arquivo de lume e cinsa, mais sempre, sempre, cinza quente. Si pra o agromar das carballeiras xa eu cos oitenta a turrar de min, vellas raices nos pes do camiñante, vou a Barcelona, falaremos de vagar. ¡Que Deus aloumee os fidalgos vieiros de Vde! Sempre vello amigo con fondas apertas



5. *Tema: consideracións sobre o papel da cátedra de Filosofía nunha Universidade.*
Contexto: informárao de que fora nomeado catedrático de Filosofía da Facultade de Filosofía e Letras de Santiago.
Ourense, 17 de xaneiro, 1970



Meu querido e lembrado amigo: Chegou xa fai abondo de tempo a súa agasalleira carta de nadal e aninovo. Foi acollida con gozo intimo, quentura de agradecimento, pois ¿pode habere para un vello meirande alegría que o saúdo dun mozo? E mais ¿dun xoven mestre como Vd? Agora, perdón, de sutaque ós vellos nos envolven e avencellan priguizas estranas. Houbo riba da miña mesa centos de cartas. E non faltaron traballiños nin viaxes. Mais estou ben seguro do seu perdón. E sei unha historia novelesca do Pedro Madruga, bárbaro e cruel, pro tamén goliardesco, humorista e riseiro. Onte mesmo tiven unha das sadisfaicións máis fondas da miña vida. Foi como viño de remocicamento pra min. Vde. sabe canto amo a Universidade Compostelán. Miña delor ó saber de unha cadeira valeira ou malamente levada é igoal á un fermoso albre dos meus eidos ou hourizontes tallado, dunha amada arquiteitura esbroada. Naceume e raioume o sol na cara ó sabelo a Vde. rexindo a cadeira máis importante da Universidade Galega. Semellante a aquila fonte do Paraíso da catedral, unha groria pros pilingrís, a súa ensiñanza ten de curar moitas sedes e espertare outras. Penso ter a xuventude galega sede de filosofía ou millor de filosofar. ¡Quen me dera voltar a ser noviño, páledo, tristeiro, ós 17, como cando o 30 de aril de 1905 cheguei por primeira vez a Santiago! Houbera voado á cátedra de vostede. Maxino a grande emoción súa. Quezais se iniciar coa leución e o exempro de Vde. un novo tempo na Universidade e súas aradas e sementeiras. Penso dar unha volta por isas amadas rúas no febreiro. Conto falare con Vd. Agora hai pexas e impedimentos pros meus viaxes. Vaia miña aperta xubilosa e agradecida. Pois Vde. co seu trunfo deu unha das poucas alegrias consentidas a un vello, o seu amigo de sempre



Ourense 17 de xaneiro, 1970

Sr. D. Amable Baliñas Fernandez
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo: Chegou xa fai abondo de tempo a
sua agasalleira carta de Nadal e Aninovo. Foi acollida con gozo inti-
mo, quentura de agradecimento, pois ¿pode habere pra un vello meiran-
de alegría que o saúdo dun mozo? E mais ¿dun xoven mestre como Vd?
Agora, perdon, de sutaque ós vellos nos envolven e avencellan priguiza-
zas estranas. Houbo riba da miña mesa centos de cartas. E non falta-
ron traballiños nin viaxes. Mais estou ben seguro do seu perdón. E
si Deus axudar e tamén animado polas palabras da sua carta trabell
rei unha historia novelesca do Pedro Madruga, bárbaro e cruel, pro
tamén goliardesco, humorista e riseiro. Onte mesmo tiven unha das
satisfaicións mais fondas da miña vida. Foi como viño de remocica-
mento pra min. Vde sabe canto amo a Universidade Compostelán
Miña delor ó saberse de unha cadeira valeira ou malmente levad
è igoal a dun fermoso albre dos meus eidos ou hourizontes tallado,
dunha amada arquiteitura esbroada. Naceume e raioume o sol na cara
ó sabelo a Vde rexindo a cadeira mais importante da Universi-


Con memorias e respetos da miña muller e meus para súa esposa, b. ss.pp.

6. *Contexto: Proxecto de editar unhas Obras Selectas. A revista NOS, editada en Ourense, comenzou a súa andaina o 1920, dirixida por Vicente Risco. Don Enrique Vidal Abascal, catedrático da Universidade de Santiago, pronunciou o discurso de ingreso na Real Academia na sede da Academia na Coruña. O marqués de Figueroa, Don Juan Gil Armada, foi presidente do Patronato Rosalía de Castro e membro relevante da sociedade compostelana.*

Trasalba, Ourense 9 de agosto de 1970

Meu querido e lembrado amigo: Infindas graciñas. Encheme de lediza e gratitú o proieuto. Un ou dous volumes de vellas prosas miñas, as más esquencidas, han sere a croa e legría da miña ancianidade. Todas naceron ispiradas polo amor da Terra e a amizade.

Correspondendo a súa pregunta coido que entre os curtos esquirtos (*¿escritos?)* xa saídos en feitío de libro estaría ben, pola súa siñificanza no tempo aquel, "Arredor de si" que foi ben mal imprentado. Eu tiña un exemplar. Anda emprestado. Case non sei onde. Miña muller encheu con artigos meus pegado(s) un grande cuaderno gardado, coido eu, na librería de Domingo G. Sabell. Piñeiro sabe de el. Eu teño algúns retrincos, pro sen ordre. Dos "Parladoiros" que duraron polo menos un a n o inteiro din, non sei se con verdade, que os garda o marqués de Figueroa. Entre meus papéis aínda poderei pescudar algunha cousa. Pro todo pende da orgaización que Vd. escolmare.



Trasalba, Ourense 9 do agosto do 1970

Sr. Dn Carlos Baliñas


Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo: Infindas graciñas. Encheme de lediza e gratitú o proieuto. Un ou dous volumes de vellas prosas miñas, as mais esquencidas, han sere a croa e legría da miña ancianidade. Todas naceron ispiradas polo amor da Terra e a amizade.

Correspondendo a súa pregunta coido que entre os curtos esquirtos xa saídos en feitío de libro estaría ben, pola súa siñificanza no tempo aquel "Arredor de si" que foi ben mal imprentado. Eu tiña un exemplar. Anda emprestado, case non sei onde. Miña muller encheu con artigos meus pegado un grande cuaderno gardado, coido eu, na librería de Domingo G. Sabell. Piñeiro sabe de el. Eu teño algúns retrincos, pro sen ordre. Dos "Parladoiros" que duraron polo menos un ano inteiro din, non sei con verdade, que os gardo o marqués de Figueroa. Entre meus papéis aínda poderei pescudar algunha cousa. Pro todo pende da orgaización que Vde escolmare.

Eiquí cas angurias da seca e o medo dos lumes nos toxales e pinales. Levamos dous meses con pouquiñas horas de chuva. Miña compaña amantiña son os albres, xa vellos e recriados. Veñen algúns amigos. Ogallá o vexa a Vde. por eiquí. Estaremos deica o 28 ou arredor agás o 14 e 15 que vou a Viveiro de pregoeiro das Romaxes da Virxe e San Roquiño.


Do 28 de agosto á sobre o 15 ou 18 de setembre paramos en Santander cos familiares da miña dona (Lealtad, 24. Santander). Eiquí o outono acostuma a sere moi belido. Non sei cando disporán o ingreso de Vidal Abascal na Academia. Eu deboo acoller. Il desea a ceremonia en Santiago. Polo 16 de oubre teño o encárrego de principiar con unha conferencia o Curso da Academia de Lexislación da Coruña. Mais interesante e a data do 30 de outubro. 50 anos do 1º numero de "NOS".



Con saúdos a súa dona -b.ss.pp.- e filiños, vai para Vde. a aperta agradecida do seu vello amigo que moito lle quere.



7. *Contexto. A sociedade "Amigos da cultura" de Pontevedra organizara un ciclo de conferencias no Casino de Pontevedra sobre a Xeneración Nós con motivo de se cumpliren os cincuenta anos da saída da Revista. Seguramente que foi a primeira vez que se permiteu falar en público da tal Xeneración, xa que para o Réxime do xeneral Franco era tema tabú. Intervimos no ciclo Victoria Armesto, "Xocas", eu mesmo e o propio Otero Pedrayo. A miña conferencia versou sobre "Galicia antes e despois de Otero Pedrayo" No medio da conferencia miña presentouse un conserxe cun telegrama do propio Otero Pedrayo no que me agradecía a iniciativa e aos asistentes a súa presencia.*



Ourense, 4 do nadal 1970

Meu querido e lembrado amigo:

Estou emozoado. Hoxe me non astrevo a sair á rúa. Menos mal que despois de xantar teño de ire a Trasalba. E moita honra pra min. En "NÓS" fun un non digo do equipo, da comunidade fraterna non avencellada por Estatutos. Non teño as xustas palabras de agradecimento. ¡Ainda hai quen ame ós vellos!


Con saudos á súa dona -b.ss.pp.- e familiares, e memorias da miña para Vdes.

---

8. *Asunto: as Obras Selectas. Na compaña da miña dona, fora a Trasalba para lle expoñer en detalle o proxecto de Obras Selectas. Despois pediralle titulos para organizar os artículos de Parladoiro.*

Trasalba, Ourense 29 do xaneiro 1971

Meu querido amigo: Moito penso na visita derradeira de Vde. á miña casa. Foi un dos dias máis venturosos da miña vellez. Aconteceu que camiñei a Vigo onde tiven unha conferenza. E ó voltar, non sei (se) polo inverno ou algunha doenza agachada, atopeime triste, sombrizo, derrubado. Soio me consóa e me ergue o amor dos amigos como Vde. Preocúpanse dos escritos meus esquencidos. Cando eu tiña 15 anos e sentía falar a meu pai dos vellos mestres de Santiago, dos conventos abandoados, dos poemas de Aurelio, que circolaban manuscritos entre os estudantes, eu vivia nun tempo tenro e orgulloso moi fermoso por non ter chegado a velo. Eu sabía de coro a Guia do Viaxeiro de Felix Moreno Astray con moitos engadidos de Neyra de Mosquera. Algo non desemellante acontécelle a Vd. ca xente de Nos e conmigo por sere o soio que aínda boto ás veces unha soma polas rúas. Agora enxergando meu pasado pido a Vde. que me ilustre. Eu non miro claro. Pois sin que Fita, miña esposa, se decatar ando istes dias pouco valente. Quedei en mandarlle algún tídoo que me figurara doado. Non chouta ningun no meu maxín, coberto de cinza volcánica e fria. Millor Vde. con mais circular e fondo enxergar. Eu empezo




por me non lembrar ben doa asuntos, non os vivo. Precisaría mergullarme de novo no meu pasado. Eu estou conforme e agradecido cos rubros que a Vde. se lle ocurran. Si non, hei de agardar a que iste corazón deixe de me anguriar. Istes dias soio podo catalogar libos e iso é o que estou facendo. E algo, non canto noutra situación poidera, no XIX galego.

Perdoe, meu querido amigo. Eu non podo correspondere sinón co silenzao emozoado. Estamos eiquí us dias, poucos. O 3 xa voltaremos á rúa da Paz. Despois eu, si podo e teño azos, virei como sempre todas las semáns. Escríbolle na outa noite. Si entreabro un chisco os madeiros brilan moi lonxe luces de Sistanco (¿Listanco?), de Maside, de Cea. Que teña unha boa noite e moitos venturosos dias ca súa dona –b.ss.pp.– e filliños. Espero vernos logo. Non pode se demorar moito o ingreso de Enrique Vidal Abascal na Academia e pra a Coruña pásase por as Quintanas. Adeus. Unha grande e calada aperta

---

9. *Tema: noticias sobre materiais para as Obras Selectas e comentarios diversos.*

Ourense, 28 de maio 1971


Ourense 28 de maio 1971

Sr. D. Cabros Cª. Baliñas
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo: Moi ledo ca súa carta. Emocióname o traballo e como se queima pola miña causa. En verdade vánseme descobrire rexiós e arquiteituras miñas e das miñas arelanzas das que estou esquencido. Non morrerei illado. Graciñas.

Sí, colleume unha "bronquitis difusa" de ben má caste e perigosa nos meus anos. Mais voume repondo. E xa empezo a orgaizar unha miga os meus traballos.

Eiqui bate nas xentes unha ondada (?) de locura. Quérenme ¡en vida! adicar unha rúa, é pra adoecer. E por si fora pouco agora chouta un crego vello da raia portuguesa propoñendo unha estauta e ofrecendo 20 mil pesos de primeira aportación.

Non teño idea de tantos artigos como escribín no "Emigrante". O home de aquil xornal é D. Manoel Barros "Ken-Keirades". Vive no Sol-A Estrada. Il xa non pode maquiar pe nin man. Pro ten fillos.

Iso do debrocamento da Universidade na Terra debía comenzar por decrarar oficial o galego, creare as cadeiras competentes e pidir que por vergoña se non propoña Lei de Emigración. Ista é un feito ventureiro, non pode ni debe ser ouxeto de Lei. ¿Ou é que pensan ser do íntimo e cerne feitío da Galiza?


As tres penínsoas enxoitas, clásicas do Sul de Europa agora encóllense para lle engrasare os zapatos ás nacións de "Mittel".

Por eiquí segue a invernía. Non maduran as cereixas nin o centeo.

Ben querido amigo ¡quen me dera botar unha longa latricada con Vde! Saúdo de Fita pra Vdes. e os meus pra a súa dona -b.ss.pp.- e filliños. Sempre seu vello amigo



10. *Tema: saudos seus desde Santander*



Santander 22-VIII-1971

Meu querido e lembrado amigo e mestre: Unha aperta con memorias ben agasalleiras á súa dona -b.ss.pp.- e os ledos rapaciños, as doas e coróa de ise fogar. Eu eiquí case perdo o senso do tempo. Fai medio século –son ben herdado en anos como o Sil, en tempos, en areas de ouro– veño por ista cidade brilante e seria. Vida de familia, pousas no cafe, a foula menos delorida e femenina que a da Coruña, o vento gran persoaxe, as fontes sin leendas e a noite agora no agosto enfetizada polas verbas –euskeras, galegas, asturiás, montanesas– dos pescadores que andan ó bonito.


Case de certo Vdes non están en Santigo. Pro istas lineas non teñen presa. Queren sere, somentes, mostra de cómo o recorda e admira seu vello e agradecido amigo

---

11.


Contexto:. Eu invitárao a vir a xantar á nosa casa, supoño que á de Santiago, o dia 24 de xaneiro, festa de nacimento de Rosalía, e el prefire vir ó dia seguinte. Don Xulio Francisco Ogando Vazquez foi naqueles anos chófer e cirineo de Don Ramón.

Ourense, 21 de febreiro de 1972



Meu querido e ademirado amigo: Xa acougamos de novo no vello niño. Tróuxonos Ogando, o direitor de Instituto de Ourense, por Pontevedra. Ainda o inverno castiga ás Rias. Xantamos en Combarro e dimos unha volta por Sanxenxo. Eu afeito ó leito semellaba moverme nun mundo estrano. Escríbolle para saudalo e decirlle que a leda festa na súa casa podería ser millor o 25 do que o 24 pois no hai maneiras doadas para facer o viaxe, e ainda temos que ire á aldea. O dia seguinte da Festa rosalían sai millor pra nos. Non sei si estas liñas –penso noustante que sí– chegarán a tempo. O millor póñolle mañán un telegrama. Meu teléfono 21-48-98, dígollo po si Vde. querme falar. Agora, dempois de tanta priguiza e mol conversa, casi non atino co comezo do traballo. Adeus. Con memorias de Fita pra Vdes. e as miñas á súa dona –b.ss.pp.– e bicos para os picariños e picariñas. Sempre vello e agradecido admirador e amigo.

12. *Contexto: Eso da aceda ingratitude e cruel friaxe" alude a que Don Ramón hipotecara o pazo a unha familia de caseiros na confianza de que o cuidarían a el e máis a súa dona de vellos. Unha noite en que el foi buscar á cociña un vaso de agua para a súa dona oeulles paliquear na cociña sobre qué farían con eles cando lls entregasen a útlima entrega e vencese a hipoteca. O disgusto foi tremendo. Co gallo da súa vinda a Santiago para as festas do Apostol desafogouse conmigo. De inmediato informei aos seus amigos de Ourense que toparon unha saída decorosa.*



Ourense 3 de agosto 1972

Meu querido e admirado amigo e mestre:


Dende que voltamos de Santiago non deixo de recordare as horas decorridas con Vde. e súa dona —b.ss.pp.— cheas de isa fraternidade espritual soio posibles na ambiente da Nosa Terra sentida e vivida en infindo amore e espranza. Soio con Castelao, Risco, Lousada e algúns outros poucos pasei horas semellantes. Honra e consóo do meu vivir agora oscurecido polos problemas da querida Trasalba. Vde. ben me comprende. Non sei cómo sairei dista proba de aceda ingratitude e cruel friaxe. Que Deus me axude. Escríbolle desde a vella casiña ourensán onde nacín. Ela garda pra min agasallos de nai.

Con pena e dificultade sigo traballando. Soio o traballo e a lembranza dos bos amigos me consóa. E nistes trances é cando sinto a grandeza e fidalguía do traballo de Vde. millorando miñas obras de outro tempo. Que Deus llo pague.

E por hoxe sen más, con saúdos de Fita para Vde. e os meus pra súa dona e a fermosa constelación de fillos, vai a aperta gradecida do vello amigo de sempre

---

13. *Contexto: a carta é da mesma data que a anterior. Parece que eu lle pedira que me confirmara por escrito que el fora consultado e que supervisara o texto da edición.*




Ourense 3 de agosto de 1972

Meu querido e admirado amigo e mestre: Unha longa e forte aperta. Coido que os graves e fermosos estudos que Vde. con algúns amigos adican á preparación de unha grande antoloxía en realidade nova pubricación das miñas obras de novela e ensaio e tamén á escolma de artigos meus de difrentes estilos e tempos, require pola miña parte ademáis do meu fervente agradecimento a expresión da miña total e inteirra conformidade e aplauso cas pequenas modifiacións do texto en disposición e expresión, pois considero que co elas Vde. millora miñas vellas páxinas e en todo caso atinxe a a maor claridade e eficacia de pensamento e fermosura –si a hai– de trama e urdime delas. Teño a chea confianza que os textos traballados por Vde. representan auténticamente meu pensamento e deseo de forma. Sempre vello amigo con apertas fonda



14.
27-X-1972.




Benquerido amigo moi ademirado:

Un abrazo. Pasei por Santiago indo e voltando da Cruña, sempre moi depresa e co esprito moi magoado. Ardendo por chamalo e por conversar con Vde. non me atrevín a trubalo nos seus traballos. Non quería tampouco proiectar a sombra da miña melancolía sobre a fina e xentil alborada do seu esprito.

Mais hoxe, xa estou mais esperto e espranzado. E teimo seguir traballando. Sempre seu con saudos de Fita e de entramos para a súa dona –b. ss.pp.– e seus tenros fillos. Sempre vello amigo e admirador.

---

15. *Contexto. Saúdo desde Santander*




Santander, 29-XII-72

Meu querido e lembrado amigo e mestre: Ben logo finda o ano e quixera que dinantes chegara a Vde. a expesión da miña admiracion, amizade e agradecimento. Estamos den-




de o 20 nista riveira ventosa, terra da miña Fita. Nas miñas soedás vexo ise ditoso matrimonio cos amadoa fillos e prego pra que sempre teñan saúde e espranza e que despois de boas horas de Nadal lles chegue porlas avenidas de hortensias e castañeiros dun tempo ditoso o Novo Ano ben agromado de ditas como unha ponla nova de abril. Estase ben en Santiago. Pros novos sai o misterio en todalas figuranzas. E os vellos sabemos ser ela unha das poucas cidades onde hastra o morrer ten de ser agasalleiro. Non embargantes, agora sinto un fondo amore pola miña catedral, imperfeita, de Ourense. Ten pro vello moito da chamada do colo da nai. Con saúdos moi agasalleiros de Fita, sempre vello e agradecido amigo e admirador, con longas e caladas apertas.

16. *Contexto: o dia 4 (¿ou o 6 ?) de agosto celebraron as vodas de ouro Don Ramón e Dona Fita. No acto fóille ofrecido o primeiro exemplar do Parladoiro, tomo primeiro das Obras Selectas que eu preparara baixo a súa dirección.*



Trasalba, 10-IX -73

Meu querido e sempre lembrado amigo: Fiquei engaiolado ca arte superior de Vde escolmando e ordeando ramos votivos na pulente vexetación de tantos artigos e ensaios da miña xuventude. Emprego con medo a verba. No esquezo como comecei a escribir artículos dinantes que libros, xa coroada a costa dos trinta anos cando para outros xa as somas se alongan e o sol propón seu ocaso. Por eso podo falar de unha mocidade ambizosa, sen se decatar ben do "tempo perdido". E agora eu gozo e temo diante o ton entusiástico, a resposta leal (?) de adolescente ós ritmos galegos e non galegos, e o gozo e delor de ambulare a traves de fermosos ruinas ca espranza xenerosa de as voltar á vida. Débolle infindo a Vde. e soio teño grimo de que as miñas palabras semellen febles. Na empresa xenerosa de Vde. hai tamen unha recreación da miña personalidade soio no estilo da escolma de por si, en Vde. un estilo de crítica vital. A edizón saíu fermosa, atraente, por fora o liro semella a pel dun amieiro novo polo abril sementado de gromos. Penso que o público estimará xa como xentil e traballoso exercicio a laboura de Vde. ceibando do tempo moitas boas intenciós. O mesmo como no prólogo que eu leo sen pensar en min, cousa dificil pero que ás veces podemos facer os vellos...! Canta alegría, canta (...) tristura nos artículos, en algúns deles! Nestora me devolven as mañáns dos anos 22, 23, cando despois de comentar na crase do Instituto o mapa dos Alpes semellaban cheas de preguntas as costas .da paisaxe de Ourense, e o pulo do caracter (?) das Burgas e das rapaciñas novas nos vellos barrios anunciaban primaveras heroicas, as do primeiro galeguismo. Chegaba un libro, chegaba a carta dun amigo, ou a primeira nota de cuco, e todo tiña unha sagra e emozoante siñificanza pro desvelamento da Galiza.



Trasalba 10-IX-73 Sr. Dn C. G. Baliñas Santiago de Compostela

Meu querido e sempre lembrado amigo: Fiquei engaiolado ca arte superior de Vde escolmando e ordeando ramos votivos na pulente vexetación de tantos artigos e ensaios da miña xuventude. Emprego con medo a verba. No esquezo como comecei a escribir artículos dinantes que libros, xa coroada a costa dos trinta anos, cando para outros xa as somas se alongan e o sol propón seu ocaso. Por eso podo falar de unha mocidade ambizosa, sen se decatar ben do "tempo perdido". E agora eu gozo e temo diante o ton entusiástico, a resposta leal de adolescente ós ritmos galegos e non galegos, e o gozo e delor de ambulare a traves de fermosos ruinas ca espranza xenerosa de as voltar á vida. Débolle infindo a Vde. e soio teño grimo de que as miñas palabras semellen febles. Na empresa xenerosa de Vde. hai tamen unha recreación da miña personalidade soio no estilo da escolma de por si, en Vde. un estilo de crítica vital. A edizón saíu fermosa, atraente, por fora o libro semella a pel dun amieiro novo polo abril sementado de gromos. Penso que o público estimará xa como xentil e traballoso exercicio a laboura de Vde. ceibando de tempo moitas boas intenciós. O mesmo como no prólogo que eu leo sen pensar en min, cousa dificil pero que ás veces podemos facer os vellos...! Canta alegría, canta (...) tristura nos


Graciñas pola asistencia de Vde. e a súa dona –b.ss.pp.– á festa dos nosos bodas de ouro. Coido ter sido, agás da nosa recompensa, importante como mostra das "amizadas galegas".

Xa as falas do outono tenden fios de ouro –nos mirtos, no pomareiro, no souto– pra orgaizar a longa coda dos adeuses. Eiquí estamos en Trasalba. Cecáis pasado mañán vaiamos a Vigo, soio unhas horas pra disfroitar un pouco da Exposición do Libro. Adeus. Ditoso curso e overtura da cadeira. ¡Quen fora estudante pra asistir ó seu curso!

Con saúdos de Fita para Vdes. e os meus á dona e fermosa agromada. Sempre seu con apertas



17. *Contexto: felicitación de Nadal. Desde o balcón do pazo de Trasalba vense os montes do oeste da Terra de Ontes, onde eu nacín.*




Ourense, 12 nadal de 1973

Querido e lembrado amigo: Fita e eu pedimos pra Vde e súa dona —b.ss.pp.- e fermosos gromos de fillos uns dias de Nadal e Aninovo fermosos e azules como a Terra de Montes enxergada nos poentes de outono desde a vella Trasalba. Meu pensamento quéntase no fogar de Vdes. Sempre vello e agradecido amigo con fondas apertas.

---

18. *Contexto: na revista GRIAL Ricardo Carballo Calero fixera na revista GRIAL unha critica aceda do tomo do Parladoiro, tomo I das Obras Selectas. Noutra carta que non conservo diría que Carballo padecía de "catedritis". Aquí fala de "hipertrofia de profesionalismo"*



Ourense, 18 de nadal 1973


Meu querido e sempre lembrado amigo:Tamén a min me deixou xiado e disgostado o artigo crítico a que Vde. se refire na súa agasalleira carta a cal chegoume fai us momentos. Eu non podia supor iso de Carballo Calero. E vello e bon amigo. Vd. debe atinar: é un caso de hipertrofia de profesionalismo. Eu sigo enfeitizado e ledo ca empresa de Vd. E o meirando consóo de miña ancianidade. Non gosto de dar consellos. Pro coido ser o millor calar. Vde, pode estar tranquío. Está facendo boa obra. Non é tempo , non debe selo nunca, de guerras literarias. Vde., agora me decato lle respondera, pro suplicolle que a polémica (sexa) curta Cando lin o artigo de Carballo pensei enfermare. Ca carta de Vde. estou mais sereo. Vde. de todos xeitos ten a millor posición; a fortecida por un traballo esencial e bon. Drento dos galeguistas, sobretodo dos antigos, moi contadiñas veces se tén producido estos casos, de sutaque, non agardados. Pro dí Vd. ben, chega Nadal. Fita e mais eu desexamos que súa dona —b.ss.pp.—,Vde e os fermosos rapaces gocen de unhas horas santas, puras e fondas como lagos de emoción. No Nadal e no Aninovo. E que ó 74 agrome Vd., como unha xoven carballeira, novos e valentes ramos de esprito. Eu traballo nun libro de contos e na historia galega dos séculos XVIII e XIX para a Historia comenzada a editar en Bos Aires. E traballo gozoso, con grandes esquemas... ós meus anos. Cando teña algún capídoo feito xa llo mostrarei. Entre os novos ¿a quen vou pedir consello senón a Vde.? Doeume moito o pasamento de D. Xesús Carro como o de Bouza Brey. Carro era unha alma románica. Si teño millor saude e ánemo que nos mais dos meses do 73, o tomo do s. XVIII poidera estar listo para o vran.

Saúdos de Fita pra Vdes. e os meus para a súa dona. Cecais nos vexamos logo, cecais non. Eu case non saio

da casa por consello dos médicos. Teño unha bronquitis rouca e lóbrega. Miñas horas de contentamente son as da mañán, no leito, cando escoito a (¿acordo ca?) Prima da Catedral e maxino esquemas de libros e de conversas con Vde. e outros amigos. Esquezamos ises ataques de aristarquismo. Xa me tarda acariñar o II volume. Con apertas caladas e longas do vello amigo de sempre

---

19. *Contexto: O matrimonio pasara por Santiago de ida e volta da Coruña. Primeira mención da enfermedade de Fita.*



Ourense 9, domingo de San Xoán, 1974

Meu querido e ademirado amigo: A Vde. meu millor amigo, ó que máis debo cecais no mundo, débolle espricare meu silenzo no noso, de Fita e meu, derradeiro paso por Santiago. Miña muller diume grande susto ca súa saúde, pro xa o 6 o espallou García Sabell cando chegamos sobre a unha da serán. Logo e na mañán do 7, eu sentinme doído de latexos do corazón e pasei moitas horas no leito do Hotel. Non quixen trubar a paz de Vde. ca doce dona, os engaioladoiros nenos, e o engado dos amados estudos e silenzos. Logo repúxenme e poiden viaxar á Cruña e dar unha conferenza. Vin algús vellos e vellas, roinas para min agasalleiras, da Irmandade da Fala. Sempre pensei en Vde. e na súa laboura. Agora, xa envolveito na tranquía farturanza do San Xoán eiquí, e en Trasalba, teño a ilusión de traballar un pouco. Discolpe pois ó vello amigo. Por amizade, non o quixen chamar. Tampouco os vellos temos dereito a impor, nos agasalleiros paisaxes da ventura creadoira, as somas de arroinados alboredos petrucios.

Que Deus lles conceda a Vdes. o máis ledo e ditoso vran. Sempre seu con apertas longas.


---

20. *Contexto: o 13 de xullo celebrárase a festa do cabodano de Rosalía en Padron, que comenzara cunha misa en Iria e a saida falamos. Pero vese que, ao chegar de volta topouse cunha carta miña na que lamentaba non poder ter atendido unha recomendación súa en favor dalgún estudiante ou opositor da parroquia de Trasalba. Eu presidira un tribunal en Ourense. Na postdata alude á Terra de Montes, miña bisbarra natal.*

Ourense, 14 do mes de Santiago de 1974

Meu millor e sempre lembrado amigo: Apertas. Ainda onte, nista hora pouco mais ou menos falamos un pouco á soma agasalleira da Colexiata de Iria Flavia. Pro pouco falamos. Eu agora sofro de súpetos cansazos. Como sempre, súa carta foi acollida con foguetes ledos polo meu corazón. Non me se xustifique, por Deus. Ben sabe o que acontece cos que semellamos sermos como padroeitos dun lugar ou parroquia, eu de Trasalba. Botan á orgoleza si non atendemos os seus rogos, e chántannos de mil maneiras. Soio me doe o disgusto que





Ourense 14 do mes de Santiago
do 1974

Sr. D. Carlos Casares Baliñas
Santiago de Compostela

Meu millor e sempre lembrado amigo: Apertou-me
de onte, nesta hora, mais menos falamos un pouco e
somos agasallados de boleicata de Fita Flória. Pro pouco pola-
mos. Eis agora sobre de noite e cansados. Como sempre, sua
carta foi acollida con bonetes feros polo meu corazón. Na-
da se sustitúe, por Deus. Ben sabe o que acontece con pe-
quellamos termos como patrocinio dun lugar ou parroquia, en
de Trasalba. Botan a orelleira si non atendemos o seus rogos,
e cuidamos de mil maneiras. Soio me dói o disgusto en
lle traguen, e prégolle que o esqueza, pois pensando nil
"culpa rubet vultum meum". ¡A un amigo como Vde

lle produxen, e prégolle que o esqueza, pos pensando nil *culpa rubet vultum meum*. ¡A un amigo como Vde. lle causare unha desazón!

Nista casa vai renacer a calma e alegría de dinantes. Non hai perigo pola saude de Fita e eu "vouna andando". Voltaremos a Trasalba o 23 de Santiago, e nos primeiros de agosto a Santander por compracere á miña esposa. A min dóeme curzar Castela. Veremos si faguemos o viaxe polas Asturias. N Ourense non bate o sol como noutros vraus. Hoxe hai fermosas nubes. Ando a traballar en pequenas cousas. Lembranzas de Fita para Vdes. miñas memorias e respetos á súa dona -b.ss.pp.- e tamén de ela, ós preciosos cativiños que han sere cada mes (?) mais ledos gromos. E a aperta do vello amigo e admirador que moito lle quer

Ontanoite durmía como un gran boi ancentral a Terra de Montes.


---

21. *Contexto. Contesta a unha miña carta de felicitación. Presentimentos de morte da súa dona. Morrería o 9 de abril do ano seguinte.*

Ourense, 30 nadal 1974

Querido e admirado amigo: Graciñas. Aledáronme moito as súas palabras. Por eiquí lembramos moito ós amigos. A Vdes en particular. Estou tristeiro. Fita non remata de sandar e eu me non aparto de ela. !Qué Deus teña piedade diste probe vello! Soio me consoan os amigos e súas cartas e algún pouco traballo que vou desenrolando. Que o 75 sexa ben ditoso pra Vde. súa dona e os amabres filliños. Con saúde, bos traballos e espranza. De boa gana riolaba (?) como noutrora por isas rúas e quintans. Mais non pode ser.

Sempre vello amigo e admirador con unha calada e longa aperta.




Ourense 30 Nadal 1974

Sr. D. Carlos Casares Baliñas
Santiago de Compostela

Querido e admirado amigo: Graciñas. Aledáronme moito
as súas palabras. Por eiquí lembramos moito ós amigos. A Vdes
en particular. Estou tristeiro. Fita non remata de sandar e eu
me non aparto de ela. ¡Qué Deus teña piedade diste probe vello!
Soio me consoan os amigos e súas cartas, e algún pouco traballo
que vou desenrolando.
Que o 75 sexa ben ditoso pra Vde, súa dona e os amabres filliños.
Con saúde, bos traballos e espranza. De boa gana riolaba en pou-
co como noutrora por isas rúas e quintáns. Mais non pode ser.
Sempre vello amigo e admirador con moita, calada e longa aperta.
Ramón Otero Pedrayo

22. *Contexto: recomendando a un alumno.*




Ourense, 1 do mes de Santiago 1975

Meu querido e admirado Baliñas: Unha aperta e un favor. O vello fantasmón… (*palabra ilexible ¿carcomido*?) de xubilaciós e velleces, pide un algo de favor polo mozo da súa criada que se vai examinar de reválida. Vd sabe o valor, case de pedra preciosa, dunha boa criada. O rapaz chámase X.X.X., número 52. Figura un bo mociño, ten arelanza (?). O xoven mestre ... (palabra ilexible) e forte que é Vde, saberá dispensar o rogo do vello ramallo mucho e batido de todos os osos (?). Desexo que a dona e os fillos sigan ben niste horroroso (¿luminoso?) vran. Perdoe. Apertas.

---

23. *Contexto: En Rianxo inaugurárase un busto de Castelao e no acto falara Don Ramón, que viaxou no automóvil de Ogando Vazquez. O desexo de falar conmigo longamente débese a que daquela o Goberno de Franco concedéralle unha condecoración e Don Ramón negábase a aceptala para non ser infiel ao seu pasado. Para maís recibira unha carta dun mozo que o acusaba de traición aos mortos do galeguismo. A carta fóralle enviada por un xoven profesor do Instituto de Pontevedra, anque el non sabia quen erao autor. O caso foi que Don Ramón declarárase en doméstica folga de fame e falaba de se deixar morrer por inanición. Efectivamente eu iría a Trasalba e convenceríao de non refugar públicamente a condecoración para non desairar aos amigos, se ben coa condición de que o goberno renunciase a lle impoñer en acto público esa medalla. Efectivamente non lle foi imposta e está no poder de Ogando Vazquez. Eu estaba presidindo un tribunal de Reválida do Bacherelato en Ourense e Don Ramón facíame unha recomendación.*



Trasalba 28 septembre de 1975

Meu querido amigo: Inda onte falamos soio un intre en Rianxo baixo o chover desfeito. Eu estaba moi emozoado e apenas podia atinar cas palabras. Chegeuir eiquí moi canso maquiando recordos. Desexo infindo falar con Vde. longamente. E nestora non teño máis remedio —e tamén o fago gostosamnte— que lle recomendare unha examinanda de Reválida de Bachillerato, o num. 266 do Colexio das Carmelitas de Sta. Teresa de Xesús, de Ourense, Sta (señorita) Maria Asunción Vila Dominguez, boa estudante conforme ás miñas informaciós e filla de unha familia de moi antigo amiga.

Aledareime moito de que a estancia en Ourense lle sea gostosa. Eu disfroitaba moito nos miudoa viaxes por Galiza, pro hoxe vivo as meias afundido na tristura e saudade.

Perdoe moito ó vello amigo e admirador, apertas



Raigame

DEPUTACIÓN OURENSE

Raigame

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES


Novembro de 1996 *nº 3*



ESCOLA PROVINCIAL DE DANZAS • AGRUPACIÓN CASTRO FLOXO

DEPUTACIÓN OURENSE

índice



páx. 5 Editorial

GRANDES PAZOS

páx. 6 Fontefiz ao fondo do recordo
Ramón Otero Pedrayo
Introducción:
Vicente Gómez-Calcerrada López

PORTADA:
Debuxos de **Luís Cid**

Raigame

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

Dirección **Mariló e Xulio Fernández Senra**

Colaboración Técnica **Javier Álvarez Campos**
Diego Blanco Urbano
Diego Freire Fernández
Román Vilela Castro

Colaboración Artística **Delfín Caseiro Nogueiras**
Luís Cid Fernández
Francisco X. Gómez Cano

Coordenan **Escola Provincial de Danzas**
Agrupación Castro Floxo

Edita Deputación Ourense

Deseño e Realización infográfica **Xosé Lois Vázquez & Nicole Carpentier, S.C.**

Impresión **Gráficas RODI, Ourense**

Dep. Legal **OR 75/95**

I.S.S.N. **1136-3207**

Todas aquelas persoas que teñan interés en publicar artigos ou traballos nesta revista poden-se dirixir a:

RAIGAME
Aptdo. 484
Tlf. e Fax 249493
32080- Ourense

Tódolos dereitos de reproducción, adaptación, traducción ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou no seu defecto dos autores.

EDITORIAL

¿É tan grande, as veces, a diferencia entre o grande e o pequeno, o importante ou o insignificante? ¿Non dependerá máis do criterio aplicado ou da persoa que o aplica?.Unha única resposta é imposible. Escalas de valores hai moitas, e todas elas aplicables en calquera caso. Cecais esa variedade sexa xustamente a que faga ás cousas grandes ou pequenas, importantes ou insignificantes; entón todo é grande e pequeno ao mesmo tempo; todo é importante aínda que semelle insignificante....

O ámbito da cultura popular e tradicional non é por suposto alleo a tal consideración, e de feito, probablemente sexa un dos entornos nos que se acentúa esa aparente ambigüedade.

O mundo da tradición e do popular, un mundo en sí mesmo, resulta dunha infinidade de elementos que poden semellar minúsculos, a modo de exemplo, cómo se celebra a noite de S.Xoán na Illa de Ons ou a Charrúa do entroido alaricano. Mais eses elementos, en conxunto, misteriosamente trenzan a raigame na que se sostén o máis importante que pode posuir un home, un pobo ou unha nación: unha cultura propia.Cultura que polo seu valor intrínseco hai que mimar, alimentar e sobor de todo respetar.

Tratar de estudar, comprender, analizar ou simplemente dar a coñecer a existencia desa cultura popular, é dicir, desenmarañar toda esa raigame, debe tratar de facerse co maior dos respetos, coidando de non deteriorala, nin terxiversala, pois esto suporía deteriorar e terxiversar a esencia da nosa raigame.

Sen dúbida é un labor complicado, que só poderá ser realizada coherentemente por quen consideren importante o que semelle insignificante.

D.Ramón Otero Pedrayo, do que temos a sorte de contar cun traballo inédito neste número, foi un deses homes que o souberon entender. Desgraciadamente, a morte anticipouse á colaboración prometida (**1**) de D. Xosé Filgueira Valverde na nosa revista. Ámbolos dous mimaron a nosa cultura, alimentárona e respectárona, facéndoa se cadra máis grande. Ámbolos dous eran grandes na súa humildade. Ámbolos dous estudaron, comprenderon analizaron e deron a coñecer a existencia desa cultura popular co maior dos respectos, coidando ben de non deteriorala.

Semella que cada vez son menos os que queren entender a importancia do respecto e a humildade . Elaboran os seus propios principios para xogos temerarios que no que á nosa cultura se refire poden resultar perigosos. Mais nós confiamos no poder desa cultura que coa súa firme raigame, xa tanto ten resistido, amosando así a súa fortaleza.

1. Ver apéndice documental *1*, en páxina 94.



NOTA ACLARATORIA:

Este traballo inédito de don Ramón Otero Pedrayo foi redactado orixinalmente en castelán, xa que desde un principio foi concebido para ser publicado nun folleto informativo sobre o "*Centro de Selección de Ganado Bovino de la Raza Rubia Gallega*" de Fontefiz, dependente naquel momento do Ministerio de Agricultura franquista, como consta na introducción de **Vicente Gómez-Calcerrada López**.

Dada a filosofía de Raigame de publicar tódolos artigos en galego, e pensando honradamente que non se terxiversa nen o espírito nen a esencia do escrito de **don Ramón**, decidimos presentar este traballo en galego

Raigame

RAMÓN OTERO PEDRAYO

INTRODUCCIÓN:

Vicente Gómez-Calcerrada López

GRANDES PAZOS

Fontefiz ao fondo do recordo

TRABALLO INÉDITO DE OTERO PEDRAYO

No ano 1965, o meu compañeiro *Pedro Iglesias Hernández*, Director do *"Centro de Gando Bovino de Fontefiz"*, encargou a publicación dun folletín titulado *"Ayer y hoy del pazo de Fontefiz"*. Nestas páxinas, amais dunhas notas de tipo técnico, incluíase un traballo histórico denominado *"La granja y solar de Fuentefiz"*, escrito por Don *Xesús Ferro Couselo*, Director do *Museo Arqueolóxico e do Arquivo Histórico Provincial de Ourense*.



A finais do ano 1968, destináronme á dirección dese centro gandeiro. Hoxe podo comentar que aquela decisión foi unha verdadeira viaxe ao descoñecido. Só me soaba F**ontefiz** de o ter estudado ao preparar unhas oposicións e de ver os sementais que mandaban á *Feira do Campo* de Madrid. As razóns de tomar a decisión de marchar a Galiza, despois de levar vinte anos en Madrid, hai que buscalas no grande cariño que sempre lle tiven a aquelas terras "*meigas*". Eu só coñecía as zonas da costa, pero nas frecuentes viaxes que facía, cada vez me sentía máis identificado con paisaxes, costumes e xentes. Así, imitando a aquela personaxe do romance de *Somerset*



Maugham "A lúa e seis peniques", liei a manta á cabeza e dirixinme a terras ourensanas.

No ano 1969, buscando datos para facer un estudo sobre as ovellas de Coles, Vilamarín e Amoeiro, chegamos ao **pazo de Trasalba**. Na solaina estaba ***Don Ramón*** e, por tentar ser cortés ou por un respeito mal entendido, non me atrevín a achegarme a el. Falamos con un encargado ou arrendatario seu, e quixera recordar que lle mercamos algunha ovella. Ao parecer, un antepasado de don Ramón trouxera de Zamora uns carneiros que exerceron unha influencia moi positiva sobre os ovinos de aquela comarca: melloraban o tamaño das reses e aumentaban a prolificidade das ovellas.

A comezos do 1970, unha noite moi fría, acompañado de *Ramón Xulio Pereira* e, tendo concertado previamente unha visita, achegámonos á casa de *don Ramón* na ourensana rúa de *San Miguel*. Expuxémoslle a intención que tíñamos de editar un novo folleto sobre o *Centro de Selección de Fontefiz*, e pedímoslle que fixese o favor de nos escribir un traballo relacionado co **Pazo de Fontefiz**. Aínda non chego a comprender a impresión que recibín ao conversar, sen ningunha presa, con un cabaleiro ao que non me atrevía a saudar en recoñecimento á súa fama e méritos. Saín convencido de que as persoas, canto máis elevadas son, en calquer actividade, máis sinxelas e asequíbeis se amosan.

Ao ouvirme falar, *don Ramón* díxome:

-Vostede non é galego, parece castelán.

-Si, don Ramón, son manchego- respondinlle.

Seguimos conversando e ao lle falar das belezas da paisaxe galega, *don Ramón* comentoume:

-Vostedes os casteláns non saben o que teñen. Tampouco o saben apreciar, máis ben o desprezan.

-¿Non me vai comparar aqueles sequeiros con Galiza!- díxenlle.

Don Ramón contestoume:

-Mozo, voulle contar unhas impresións sobre a súa terra; ¿coñece Ávila?

-Si señor- respondín.

-¿Estivo alí algunha noite de lúa?

-Non, non señor.

-Pois voulle contar unha cousa. Ávila é o único sitio dos que coñezo onde se pode ler de noite coa única axuda da lúa chea.

-Non sei por que. Non o entendo.

-A razón é moi simple: Ávila é a capital máis alta de España, está a máis de mil metros de altitude.

Deixamos Ávila e seguimos conversando. Ao pouco tempo fíxome outra revelación:

-¿Fixouse vostede nos Outonos de Aranxuez? ¿Non ten apreciado esa cor... case amaranta das árbores cando comezan a lles caer as follas?

-Confeso, don Ramón, que sempre me gustou esa cor. Aranxuez é para nós como un oasis. Cada vez que paso por alí, a música do mestre Rodrigo fica gravada no meu cerebro e acompáñame durante uns quilómetros.





Ao final da nosa visita, *don Ramón* accedeu a nos escribir un traballo sobre o **pazo de Fontefiz**.

Dame vergoña recoñecer que a miña capacidade de percepción fose tan obtusa. Tamén me chamou a atención o grande amor que *don Ramón* profesaba á maltratada España, sen renunciar á devoción que sentía pola Galiza das súas raíces.

Pasou o tempo, e o día catro de Xaneiro de 1971 recibín unha carta de don Ramón na que enviaba o traballo que nos escribira. Achéganse unhas fotocopias do sobre, carta e artigo.

A entrada na Administración de dirixentes moi tecnócratas e bastante cuadriculados, orixina un proceso de cambiar por cambiar, que remata por lograr unha desastrosa confusión nas funcións que viña desenvolvendo o Ministerio de Agricultura. En Outubro decrétase a eliminación da *"Dirección General de Ganadería"*, proliferan as disposicións de reorganización, existe malestar entre os funcionarios e, finalmente, o oito de Xuño de 1972 queda suprimido o "*Centro de Selección de Ganado Bovino de la Raza Rubia Gallega de Fontefiz*". Imperan os movimentos caciquís e cométese a inxustiza de suprimir un dos únicos centros de selección existentes en España, creándose, ao mesmo tempo, outros sete que até entón non tiñan recoñecida esa categoría. Bastou que chegase á administración un director xeral que caprichosamente suprimiu algúns centros gandeiros de tradición e influencia nas rexións onde estaban ubicados.

O desánimo que nos causou aquela decisión inxusta e absurda foi a razón principal para que non vise a luz, até estes tempos, o magnífico traballo que nos brindou *don Ramón*.

A continuación transcribimos a carta e o artigo:

Fontefría al fondo del recuerdo

I

Siempre los "pazos" gallegos merecieron la atención de escritores y artistas. Los románticos dados a la evocación de historias procelosas, de ardientes y fatales vidas, buscaban el aquelarre de un ramo de torres feudales sobre los pronunciados encrubrecidos. Así Vicetto fantaseando en torno a los castillo casi espectrales de la Limia, Ureira de Mosquera buscando una emoción medieval a la sombra de las últimas y melancólicas ruinas de la fortaleza de los Altamira en el horizonte de Santiago.

Con frecuencia el "pazo" fué castillo. Podados las torres, colmados los fosos vueltos fértiles huertas, franqueados a la luz con "solainas" y terrazas hospitalarias el signo guerrero y despótico se torna humano y afectuoso. En general el "pazo" nace en el XVII: en el mas cortesano y cortés XVIII respondiendo a nobles ócios, al ingerto de lo palaciano y caballeresco en el paisaje que se busca armonioso de cultivos y perspectivas. Es el "pazo" en Galicia — como la corona en la Montaña — flor y ramo del barroco. El castillo gótico desconoce el jardín incluso el intimismo. Sin las avenidas de camelias y mirtos, la clara voz de las fuentes agasajadas por graciosas simbólicas florales y plásticas, no podría concebirse el "pazo" que trae la "solaina" en medidas como de verso en piedra y en función de los lentos y matizados horizontes y en la chimenea escultórica del salón invita a la conversación, gala de una sociedad culta y a lectura apacible.

Pensamos en el Pazo de Fontefría. Le hubiera gustado a Dª Emilia Pardo Bazán, a Rosalía y a Castelao. El mismo afectuoso respeto, siempre actual vencedor del olvido hace a los gallegos presentar sin tratamiento los dos últimos nombres. Dª Emilia, bien aplicados los impertinentes, hubiera presenciado desde la solana, como la ópera desde su palco, los graves ritos de la trilla y la vendimia y hurgueado a través de viejos legajos o entre los infolios de la biblioteca alguna historia de amor. Imaginamos a Rosalía encantada en la prisión de jazmines y rosas, un momento olvidada del clavo ardiendo en su corazón. Solo un instante. Conoce muy bien el andar de los pobres por las viejas calzadas. Una mano femenina y cansada va alzar el pesado llamador. Antes de que caiga, despertando el desdén y la cólera de los amos, Rosalía está en el dintel. Acoge a la mendiga con sonreir permanente, recibe en brazos a la niña dormida, las lleva a lo mas recatado del zaguán para brindarles las mas finas frutas y poner un destello de esperanza en la deshojada canción de la miseria. Castelao, después de dibujar algún motivo ondulante y gracioso del salón, buscaría el tema de los blasones, indagaría el estilo de los yugos y del carro, del horno y el caballeiro, inmerso su espíritu en el silencioso simbolismo de las creaciones del pueblo labriego. Y después, desde el huerto, admirando la calada pirotecnia del roseton central en la fachada solemne y graciosa, encendidas en colores sus vidrieras, seguiría en la órbita de uno de sus pensamientos parvenitos: "¿Por que los señores del XVIII, cultivados, lectores unos de la Enciclopedia, otros de los finos oratorianos del siglo, no abrieron las puertas de sus "pazos" a las gentes del campo, haciéndose mas que sus jefes sus protectores, salvándolas de dormir en manojos de paja, descubriendo bajo un pazo y obligado receto el tesoro de nobleza, la rica fantasía, el profundo sentido del suelo y la esperanza en el mas allá?. Pudieron haber creado una fuente, dignificado la sociedad democrática y religiosa. Prefirieron pasar en pervigilia las doradas antesalas borbónicas los fructíferos santo trabajo de los humildes. Y Castelao, alto, un poco encorvado como por el viento de un destino, se aleja, inmortal sombra vesperal.

El "pazo" de Fontefría, lejanísimo ilustre, entrañable, eco del antiguo

CARTA:

Trasalba (Ourense),
Trinta de Decembro de 1970
Sr. D. Vicente Gómez
Fontefiz

Moi distinguido amigo: Un desexo de moi feliz ano novo para Vde. e os seus. Mándolle, non pouco tardiamente esas impresións. Córteas por onde queira se son demasiado longas. E perdoe. Tiven moitos traballos e preocupacións, e Vde. como home novo, ignora as tremendas e incansadas preguizas que ás veces se abaten sobre os vellos.

Acabadas onte as miñas follas cando chegou a cortés e afectuosa felicitación de Vde. Moitas gracias, desexando que lle quede o recordo dun ditoso Nadal 1970.

Afectuosamente o saúda :

Ramón Otero Pedrayo.

ARTIGO:

Fontefiz ao fondo do recordo

Os pazos galegos mereceron sempre a atención dos escritores e artistas. Os románticos, dados á evocación de historias procelosas, de ardentes e fatais vidas, buscaban a augaforte dun ramo de torres feudais sobre os poñentes arroibados. Así, **Vicetto**, fantaseando en torno aos castelos case espectrais da *Límia;* **Neira de Mosquera**, buscando unha emoción medieval á sombra das derradeiras e melancólicas ruínas da fortaleza dos *Altamira* no horizonte de *Santiago.*

Con frecuencia o pazo foi castelo. Podadas as torres, colmados os foxos e voltos férteis hortas; franqueados á luz con solainas e terrazas hospitalarias, o signo guerreiro e despótico tórnase humano e afectuoso. En xeral, o pazo nace no XVIII; no máis coloquial e cortés XVIII, respondendo a nobres ocios, ao enxerto do palaciano e cabaleiresco na paisaxe, que se busca harmoniosa de cultivos e perspectivas. É o pazo en *Galiza* –como a casona na montaña– flor e ramo do barroco. O castelo gótico descoñece o xardín e incluso o intimismo. Sen as avenidas de camelias e mirtos, a clara voz das fontes agasalladas por graciosas simbólicas florais e plásticas, non se podería concebir o pazo que traza a solaina en medidas como de verso en pedra, en función dos lentos e matizados horizontes e na cheminea escultórica do salón que invita á conversación, gala dunha sociedade cultivada, e á lectura apracíbel.

Pensamos no ***pazo de Fontefiz***. Habíalle gustar a dona **Emilia Pardo Bazán**, a **Rosalía** e a **Castelao**. O mesmo afectuoso respeito, sempre actual vencedor do esquecimento, fai aos galegos apresentar sen tratamento os dous últimos nomes. **Dona Emilia**, ben aplicados os impertinentes, había presenciar desde a solaina, como a ópera desde o seu palco, os graves ritos da malla e da vendima e esculcar através de vellos serventes ou entre os infolios da biblioteca algunha historia de amor. Imaxinamos a **Rosalía** encantada na prisión de xasmíns e rosas, un momento esquecida do cravo cruel cravado no seu corazón. Só un instante. Coñece moi ben o andar dos pobres polas vellas calzadas. Unha mao feminina e cansada vai abrazar o pesado chamador. Antes de que vaia despertando o desdén e a cólera dos mastíns, Rosalía está no lintel. Acolle á mendiga con sorrir irmao, recibe en abrazos á nena dormida lévaas ao máis recatado do pomar para lles brindar as máis finas froitas e poñer un fulgor de esperanza na desfollada canción da miseria. **Castelao**, despois de debuxar algún motivo ondulante e gracioso do salón, buscaría o tema dos brasóns e indagaría o estilo dos xugos e do carro, do forno e do cabaceiro, inmerso o seu espírito no silencioso simbolismo das creacións do povo

II

culto céltico de las fuentes, en ciendo, hermanas, dos hermosas lámparas votivas de la arquitectura: la riqueza y la gracia. Impresiona el volumen sin demasiada acentuación del orgullo. Mas bien el autor y sus obreros preparon en la caricia, los juegos, la deleitable fraternidad de la tur. Oriente lo peculiar del "paro" y la ermita quién no ame y aliente en la tur. Ya puesto el sol, incluso el invernal de breve carrera, los paros conservan un reflejo gris, finísimo, paleta de Turner. humo de hojas otoñales, cielos nubosos. La comarca es, característicamente, de "boca-ribeira", una de las muchas que acompañan el fluir del Ulla, sin ver sus aguas. No es la tur cumular de la montaña, ni la complicada en mil reflejos de la ribera. Participa de ambas como en la tendida ondulación de los agros y searas se combinan el ribio heno fragante y la vid en la disciplina de los frades y bien medidos emparrados. El "paro" vive el suceder de las estaciones y la ronda de las horas y sus memorias se registran en la leve decoración de finos líqueres. Ulrises como el pomar del maíz, dorados como la flor estival de los viejos castaños. Se abre Fontefría generoso, a la era, guarda la bodega como el archivo y la librería. No nos atrevemos a evocar genealogías, ni improvisar galerías de retratos. Lo ha hecho con su gálibo y maestría inigualadas, nuestro viejo amigo, Sr. Ferro Couselo en páginas escritas con intención paralela a éstas que intentamos continuar. El investigador o el curioso de la Galicia del inicial XIX se encontrará con la figura de un hidalgo de este "paro", D. Pedro Ventura de Puga. Un "gentleman" entre los caballeros formados en Oxford cuando pué a pedir armas para las callosas y nouradas manos de los labriegos galle gos alzados, como un solo hombre, contra Napoleón. ¿Que imágenes de Fontefría acompañarían a D. Pedro Ventura al navegar en la fragata de guerra "y fijenia" hacia el Támesis?.

Colegiales de los Mayores, conmemorados militares, graves, no tumultuosos de la soledad, damas de acendradas virtudes, hicieron gemir en sus prados los pisos de castaño de las grandes salas. Alguien se duele siempre de que los bellos paros "salgan" de las estirpes fundadoras. En el caso que nos ocupa no se entretan por pasar al Estado los rancios blasones. El contrario. Actualmente, abierto a la campiña, sensible a las sutiles variaciones de las cosechas, el "paro" ilustre cumple hoy su misión ideal. Es espejo, ejemplo, cuenta llena de afecto. Lo gobierna como a su querer la de tierras la ciencia y técnica modernísimas unidas al respeto y obediencia a las milenarias prácticas en los dominios de Ceres, de Baco de Pomona, y no menos la dedicación pastoral. Virgilio tuviera armonizado musicales hexámetros en el paisaje georgica: el "paro" al como conciencia de la realidad y maestro de capilla de la rimpomías del pasaje.

Y con un afectuoso saludos a sus actuales rectores y técnicos y a sus vitales y salvadores progresos, terminamos con el clásico elogio al "paro" e instituciones de Fontefría abrazo entre sus compañeros como "inter viburna cupressi".

Ramón Otero Pedrayo

labrego. E despois, desde a horta, admirando a calada pirotecnia do sol poñente na fachada solemne e graciosa, acendidas en adeuses ás súas vidreiras, seguiría na órbita dun dos seus pensamentos favoritos: ¿por que os señores do XVIII, cultivados, lectores uns da enciclopedia, outros dos finos oratorios do século, non abriron as portas dos seus pazos á xente do campo, facendo que os seus xefes, os seus patriarcas, salvándoos de dormir en gavelas de palla, descubrindo baixo un feixe o obrigado receo o tesouro da nobreza, a rica fantasía, o profundo sentido da terra e a esperanza no máis alá? Puideron crear unha forte, digna e xerarquizada sociedade democrática e relixiosa. Preferiron gastar nas douradas antesalas borbónicas os froitos do santo traballo dos humildes. E **Castelao**, alto, un pouco eslombado como polo vento dun destino, afástase, inmortal sombra vesperal.

O ***pazo de Fontefiz***, topónimo ilustre, entrañábel, eco do antigo culto céltico das fontes, acende, irmás, dúas fermosas lámpadas votivas da arquitectura: a riqueza e a gracia. Impresiona o volume sen demasiada acentuación do orgullo. Máis ben o autor e os seus obreiros pensaron no aloumiño, no xogo, na deleitábel fraternidade da luz. Posto o sol, xa, incluso o invernal de breve carreira, os pazos conservan un reflexo gris, finísimo, paleta de **Turner**, fume de follas outonais, ceos cubertos. A comarca é caracteristicamente de "bocarribeira", unha das moitas que acompañan o fluir do *Miño*, sen ver as súas augas. Non é a luz cupular da montaña, nen a complicada en mil reflexos da ribeira. Participa en ambas como na tendida ondulación dos agros, e nas searas combínanse o loiro feo fragrante e a videira na disciplina dos grandes e ben medidos emparrados. O pazo vive o suceder das estacións e a ronda das horas e as súas memorias rexístranse na leve decoración de finos liquens. Grises como o pompón do millo, dourados como a flor estival dos vellos castañeiros. Ábrese ***Fontefiz***, xeneroso, á eira. Garda a adega así como o arquivo e a libraría. Non nos atrevemos a evocar xenealoxías nen improvisar galerías de retratos. Fíxoo co seu gálibo e mestría inigualadas o noso vello amigo **Sr. Ferro Couselo**, en páxinas escritas con intención paralela a estas que tentamos continuar. O investigador ou curioso da *Galiza* no inicio do XIX encóntrase coa figura dun fidalgo deste pazo, **Don Ventura de Puga**. Un "gentleman" entre os cabaleiros formados en *Oxford* cando foi pedir armas para as calosas e honradas maos dos labregos galegos alzados, como un só home, contra Napoleón. ¿Que imaxes de ***Fontefiz*** acompañarían a **Don Pedro Ventura** ao navegar na fragata de guerra *Yfigenia* cara ao *Támesis*?

Colexiais dos maiores, condecorados militares, graves voluptuosos da súa idade, damas de puras virtudes, fixeron xemer nos seus paseos os pisos de castiñeiro das grandes salas. Algún dóese sempre de que os vellos pazos "saian" das estirpes fundadoras. No caso que nos ocupa non se enluta por pasaren ao Estado os rancios brasóns. Ao contrario, actualmente aberto á campiña, sensíbel ás variacións das colleitas, o pazo ilustre cumpre hoxe a súa misión ideal. É espello, exemplo, aula chea de afecto. Govérnao, como á súa auréola de terras, a ciencia e técnica modernísimas unidas ao respeito e á obediencia ás milenarias prácticas nos dominios de *Ceres*, de *Baco*, de *Pomona*. E non menos a dedicación pastoral; **Virxilio** había harmonizar musicais exámetros na paisaxe xeórxica; o pazo é como a conciencia da realidade e mestre de capela da sinfonía da paisaxe.

E con un afectuoso saúdo aos seus actuais rectores e técnicos e aos seus vitais e salvadores programas, concluímos co clásico eloxio ao pazo e institución de ***Fontefiz***, alzado entre os seus compañeiros como "inter viburna compressi".

Ramón Otero Pedrayo.

PARTE III

FALA OTERO PEDRAYO



Acceso ás gravacións
de D. Ramón Otero Pedrayo



A voz de Otero

Introdución, escolma,
organización e transcrición
Delfin Caseiro Nogueiras

A Fundación Otero Pedrayo, o Consello da Cultura Galega e a Deputación Provincial de Ourense teñen o pracer de lles presentar unha escolma da palabra conservada de Don Ramón Otero Pedrayo no vintecinco cabodano da súa morte ó coidado de Don Delfín Caseiro.

Desde os comezos do proxecto Arquivo Sonoro de Galicia, a triple idea de recuperación, conservación e difusión de materiais de interese cultural dispersos, ten na voz de Otero Pedrayo o expoñente principal das súas realizacións. Ó longo de varios anos rescatáronse máis de trinta pezas oratorias e de entrevistas, datadas entre os anos 1947 –un discurso en Bos Aires ó redor da paisaxe galega– e a que sería a súa derradeira intervención pública o día 27 de setembro de 1975, na inauguración do busto de Castelao en Rianxo. Ducias foron as persoas e organismos, de Galicia e América, que colaboraron nesta recuperación compantindo as súas gravacións e posibilitando tanto a súa conservación e custodia como a difusión de boa parte delas. En concreto, desde o Consello da Cultura Galega, editáronse xa once gravacións, correspondentes a discursos dos anos 1947, 58, 59, 64, 68, 70, 75. Dez foron editadas dentro da colección "As nosas voces" –oito en casete e, ultimamente, dúas en CD's– e unha como homenaxe á revista "Nós" no seu septuaxésimo quinto aniversario. Seis destas edicións chegaron ó público con trascricións e estudios anexos. A maioría foron dadas ó prelo directamente polo Consello da Cultura Galega, a través do programa Arquivo Sonoro de Galicia, aínda que tamén se fixeron edicións conxuntas coa Fundación Otero Pedrayo, Patronato Rosalía de Castro, e tiraxes especiais para esta Fundación, Colexio Médico de Ourense, Grupo Marcelo Macías do Museo e Arquivo Provinciais de Ourense, e o xornal "O Correo Galego". En total, difundíronse máis de vinte mil copias correspondentes a unhas dez horas de gravación de distintos discursos ó longo de catro décadas.

Unha mostra bastante respresentativa, cremos.

Sen embargo, o maxistral traballo de Delfín Caseiro supera o feito ata o momento. Non se trata da edición dun discurso íntegro, senón dunha fermosa e intelixente escolma da súa palabra organizada tematicamente ó redor dos eixos principais dos seus discursos, das súas lembranzas, dos seus intereses. A nenez e Ourense antigo, a descuberta da terra, a vivencia da paisaxe, a súa proximidade a Santiago, as épocas do románico e barroco, o xenio de Xelmirez, a devoción por Rosalía, a amizade con Castelao... en fin, todos aqueles temas recorrentes na súa obra e na súa producción intelectual topan aquí contraste directo e puro coas súas propias palabras.

Sen dúbida, un traballo ben feito, sumamente útil e fermoso para proxectar no presente a lembranza do Señor de Trasalba a través da súa verba emocionada.

A.V.-M.F
ARQUIVO SONORO DE GALICIA
(CONSELLO DA CULTURA GALEGA)
FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO

I.S.B.N.
Dirección: Mariló e Xulio Fernández Senra
Secretaría: Fco. Xavier Álvarez Campos
Presentación e coordinación: Afonso Vázquez-Monxardín
Master: Taller de Música do Concello de Ourense
Técnico de son: Moncho Lusquiños
Fotografía: Arquivo de Raigame e Fundación Otero Pedrayo
Debuxos: José Conde Corbal
Portada: Carlos Maside
Dep. Legal: OU-205-2001

Tódolos dereitos de reproducción, adaptación, traducción ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previo solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

A FORTUNA DA PALABRA

Quixo a fortuna que ao lado da monumental obra impresa de don Ramón Otero Pedrayo perdurase tamén a súa palabra sonora e frondosa, que soa vigorosa nas asas do vento e anima os numerosos escenarios de Galiza e do exterior, excepcional galano recolleito en gravacións realizadas aquí e alá de algúns dos seus acendidos discursos, de varias das súas maxistrais e xenerosas conferencias, de poucas das súas sentidas e sinceras entrevistas. Todas as intervencións, espectáculos verbais e presenciais dun mestre da evocación e da elocuencia, presididas pola máis plena sintonía cunha audiencia fascinada, sabedora do privilexio de poder escoitar e deleitarse co verbo sabio dunha persoa excepcional e singular.

É a voz dos setenta, dos oitenta anos –a primeira fita, que data do 8 de Abril de 1958, poucos días despois da súa xubilación como catedrático da Universidade de Compostela, recolle o discurso pronunciado no acto da Coroación de Cabanillas; a última, de Setembro de 1975, garda a última entrevista que se lle realizou, convalecente na clínica da Rosaleda de Santiago– voz ateigada de saber, de sentimento, de música, que leva a súa fantasía e o seu poder de fascinación ás xentes de Padrón, de Ourense, de Compostela, de Madrid, de Buenos Aires, ... Xenerosidade e humildade, luces que guiaron toda a súa existencia, dilatan as súas intervencións, mantendo o mesmo ritmo, vigor e intensidade comunicativa de comezo a fin. En todas manda a emoción, o entusiamo, a paixón do máis fecundo e polifacético escritor galego, de quen mantivo acesa a chama da Galeguidade nas noites máis escuras e frías do tempo do medo e do silencio. Toda a súa obra é un discurso intensamente vivido, maxia verbal que proxecta a visión plena de Galiza como realidade e como símbolo.

A súa paixón pola palabra, pola beleza expresiva –"os nomes das cousas son a primeira creación poética" dixéranos en *Escrito na néboa*– maniféstase en cadea ou espiral de metáforas, sinestesias, alegorías, amplificacións, aposicións, repeticións, que conforman un discurso de suxestivos parágrafos longos e complexos, sonoro río de sons fluíndo sen cesar. Otero, dono dunha imponente capacidade de improvisación e dunha prodixiosa memoria, fala coa mesma facilidade coa que escribe. O seu dicir, que bebe continuamente na tradición oral –nas conversas de aldea e cidade, nas narracións de pai e avoa, de campesiños e fidalgos– é fervenza rideira, leda, sinfónica, feiticeira, que traslada as almas a espazos de fantasía e soño na corrente poderosa da elocuencia, cargada de evocacións e lirismo.

Na súa voz volve aparecer a Compostela gloriosa da idade dourada do Medievo, tantas veces recreada; a do esplendor das peregrinacións, a dos Cancioneiros, a do Románico, a do poderoso Xelmírez. A Compostela gozosa e fascinadora, histórica e contemporánea, "carballeira de pedra", omnipresente na súa produción escrita nomeadamente no poliédrico *Espello na serán*, cidade emblemática da Galiza universal, esencia e síntese da alma de Galiza, merecente da homenaxe agradecida de quen confesa ter vivido nela os mellores anos da súa dilatada vida, disputándolle o protagonismo ao Apóstolo.

Á súa chamada acoden prontos os camiños, como en tempos daquel fidalgo romántico don Ventura, O "convidante dos camiños", pois que "ningún libro, sagro nin profano, tiña pra il o lingoaxe e o saber dos camiños"; todos *Os camiños da vida*, camiños de castaña e de viño, camiños de orballo, de riso e de amigos, irmáns dos ríos, labradores todos da paisaxe que nos envolve e agarima, símbolos do *Devalar* existencial (Galiza é "un pobo en camiño" e o home, "homo viator"). Camiños que falan entre si e cos castiñeiros, cos campesiños e cos fidalgos; camiños que levan a soutos outonizos e valentes carballeiras, a agromadas de centeo e sensuais viñas, a eidos e nabeiras, a fonteliñas e ermos de inmorredoiros penedos, que camiñan xuntos cara Compostela.

A palabra cárgase de voces da paisaxe; paisaxe humana, forza telúrica que define e fai encorar o tempo, contrapondo a súa quietude ao decorrer, ao devalar, á fuxida permanente. Nela impera a aldea, retablo vivo que acolle pazos e casarellas, enfeitado por chuvia e brétema; a aldea, que é depositaria da tradición, que custodia as "seculares esencias do ser galego", obra do campesiñado, voz da terra. Terra e home camiñan en perfecta harmonía, unión panteísta, céltica e priscilianista, do home coa natureza. O espazo de Trasalba é fonte en que bebe constantemente a arela interpretativa de Otero, que soña a Galiza como unha grande democracia campesiña con firme sentido da inmortalidade.

O seu dicir, que incorpora fermosas creacións expresivas – "mociña que tiña os ollos de liño", "a escrita que o labrador fai na terra co arado"- , é portador de emotivas evocacións da infancia e da adolescencia,

tempo de alegrías, medos e saudades, presentes tamén en escritos autobiográficos como *Lembranzas do meu vivir*, en que sobresae a figura admirada do pai, o melancólico e rebelde Pantelas, os mestres do Instituto do Posío con especial afecto a Eduardo Moreno e Marcelo Macías, o encanto do Ourense rural do XIX, o tempo de formación en Madrid. Despois chegará o período glorioso do Galeguismo, tras perseverante procura da Identidade literaturizada no espléndido *Arredor de si*, e a lembranza dos compañeiros de entusiasmo –Lousada, Risco, Cuevillas,..–; a amizade fraterna con Castelao, por quen sente veneración, que aparece unha e outra vez no seu fervoroso *O libro dos amigos*; a mesma veneración profesada á xenial poetisa de Padrón, cuxa vida e obra recrea na epopea dramática *Rosalía*, impregnada de lirismo e fantasía; admiración e respecto a Cabanillas, o poeta da raza; o culto aos poetas galegos(Rodríguez del Padrón, Pastor Díaz, Aurelio Aguirre, Curros Enríquez, Eduardo Pondal,...); as preferencias culturais (Chateaubriand, Lamartine, Goethe, Bergson, Barrès, Virxilio, Ovidio, Beaudelaire, Paul Valery, Rimbaud, Joyce, Alan Poe,....).

A súa elocución, harmonioso concerto barroco, fálanos aínda do seu sentir céltico e atlántico, do seu sentimento relixioso, da súa devoción pola amizade, da súa paixón polo outono –tempo dos defuntos, tempo céltico–, da súa afección á conversa e ao silencio, do seu degoiro polas viaxes –*Pelerinaxes*–, da súa precupación permanente pola lingua, valiosísimo tesouro colectivo ao que contribuíu con riquísimas e imaxinativas creacións e vitalizacións, do seu amor á noite e á lúa, a súa compañeira –porque nela amaina o tempo o seu andar–, do seu saber histórico-xeográfico e filosófico, do seu inmenso acervo cultural, da súa paixón polo Románico, que son outras tantas manifestacións do seu profundo romanticismo e da súa fidelidade permanente a Galiza, cultura desvelada no maxistral *Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega*.

Lirismo, barroquismo e culturalismo vesten toda a súa fecunda creación, escrita e oral, que é arrastrada polo cadoiro incesante dos seus pensamentos. Otero posúe o don da palabra creadora, dicir de suxestiva beleza, maxia verbal, que se contaxia do encanto de todo o que designa.

Dicía Álvaro Cunqueiro que cando Otero falaba era como o Miño no inverno, que acababa desbordándose. E Gonzalo Rodríguez Mourullo deitou en fermoso texto a memoria da presenza comunicativa do grande orador:"É a voz de todos os ríos despenándose montaña abaixo. É a voz de todos os mares baténdose nos roquedos. É a voz de todos os ventos que se peitea nos árbores. É a voz doce e prometedora do mencer. É a voz forte i equilibrada do meiodía. É a voz margurenta e desenganada do solpor. Don Ramón é a voz de Galicia. As verbas son tantas que non caben na aula".

Otero, de quen Castelao se despediu en América dicíndolle "Abrazarte a ti é abrazar a Galiza", é Galiza feita palabra.

A súa palabra, escrita e falada, é peza capital da nosa fortuna, da fortuna de Galiza. A reafirmación na certeza da existencia precisa a volta a Otero cada pouco. "Ten a auga cantigas novas baixo as nogueiras".

[TRANSCRICIÓN][1]

1. [Saúdo: a ledicia do encontro][2]

De Norteamérica e da dourada Cuba e do inmenso Brasil e da outra beira do Plata e de tantos recantos de Arxentina e da nosa terra de Galicia, que a min me emocionaron, chegando de pobos grandes e pequenos; igualmente, aquela lembranza dos amigos de Santiago, aquel grupo da Rosaleda e de Galaxia, que sempre vivimos baixo o consello das altas torres ergueitas en ideal e en esperanza no granito galego que se fai carne de rosa, que se fai voz de fontela, que se fai grande voce de pobo étnico en marcha; porque o pobo galego é un gran pobo que marcha sempre cara a novos destiños e cara a novos ideales.

¿Como é posible que todo esto acontecera? Esto acontece porque Galicia hoxe síntese como non se sentiu endexamais, como non se sentiu nin xiquera naqueles tempos en que os homes galegos caían varudos, derrubados como xigantes pinos nas faldras do monte Medulio, como aqueles tempos en que tódolos camiños de Europa

1 Na transcrición séguese a norma ortográfica do estándar mais respectando todas as particularidades lingüísticas do discurso oteriano. Porén, prescíndese de vacilacións e repeticións non significativas para propiciar unha lectura máis fluída do texto.

2 Otero Pedrayo é convidado pola colectividade galega de Buenos Aires para participar nas Xornadas Patrióticas Galegas que se desenvolven no verán de 1959, un ano despois da súa xubilación como catedrático da Universidade compostelá. O fragmento que se reproduce corresponde ao emotivo discurso pronunciado no Centro Galego desta cidade con motivo da homenaxe que lle tributa a Federación de Sociedades Galegas.

rumorexaban co canto de tódolos pobos perelíns; iban cara Santiago de Compostela a pendurar na cruz dos farrapos os seus vellos vestidos de pecado pra vestirse coa túnica da pureza do perdón. Pra todo o que significa o espíritu latino e o espíritu da libertade e o espíritu da emoción dos pobos, hoxe celébrase a gran festa e quixéchedes que fora eu, o máis humilde daquela xeneración, do brilante Castelao, daquel home en cuios ollos tremaban tódolos ronseles da emoción e en cuio corazón sangraron, como no corazón de Rosalía, tódalas dores de Galicia; daquela xeneración de Vilar Ponte, que mantiña cada mañán conceiro(?) matutino do periódico ergueita a emoción e esperanza de Galicia; de Lousada Diéguez, que sabía escoitar a voz dos campanarios rumorosos das vellas parroquias aldeáns da bocarribeira, da ribeira e da montaña. Eu, como son o derradeiro deles; eu, como inda por beneficio de el- Señor, inda me manteño vivo e firme pra poder compartir convosco este pan xeneroso e loiro como o sol e este viño brilante como o amor e como a sonrisa. Cuando me vou pra Galicia, vós queredes que leve conmigo a vosa lembranza, o voso ideal, a vosa experencia, o voso amor, a vosa e a nosa comprobación de que somos hoxe un pobo único, elexido por Deus para cumprir outos designios de beleza; un pobo lírico, un pobo de espíritu dominador de tódolos avatares da desgracia e da sorte, e que se ergue despois de tantas tristezas, despois de tantas bágoas; despois de tantas acedas xornadas érguese nas portas da Compostela ideal, vestido con esa ilusión triunfante que ha de facer de Galicia e da súa fala unha fala de arte, de nobleza, de poesía; unha verdadeira expresión das culturas modernas e desa grande civilización atlántica á cual os pobos célticos diron sempre o pulo da inmortalidade.

2. [A memoria da infancia e da adolescencia][3]

De todas maneiras, a miña vida de neno tiña os seus medos. Naquela época, sobre todo as xentes, a xente do servicio gustaban de asustar aos rapaces. Había fantasmas. Falábase dun gaión que andaba por as rúas, por as canellas de Trasalba. Había sido enterrado co hábito de San Francisco e aproximábase ao señor Ambrosio de Fondodevila: –"*Ambrosio, meu amigo, que traballaches na miña casa, vai por unha fouce gateira e ráchame este hábito, que morro de frío por estes campos e quero entrar no purgatorio*". Tiña que facelo o señor Ambrosio.

Falábase de moitas cousas. Falábase tamén de que unha señorita mui distinguida, mui fina, mui fermosa, unha daquelas rapaciñas ideales, que aparecían nos poemas de Bécquer, de Espronceda, había morto en un pazo dos Chaos de Amoeiro, máis ao Norte. Esa rapaciña, millor dito, era rapaciña, se había casado pero morreu moi nova; esa rapaciña foi enterrada por designio dos pais con tódalas súas alhaxas: co aderezo de noiva, coas pulseras, cos brincos; tan fermosa, tan pálida, tan branca, naquela grande capela que parece unha iglesia. E a misma noite do enterro unhos cuantos abades carlistas, facendo antes unha promesa solemne, levantaron a lousa e se apoderaron de todas aquelas alhaxas e deixaron un papel: "*Esto non é un roubo. Esto* é un anticipo que a ilustre casa de tal fai ao partido de don Carlos e despois, cuando *triunfemos, será todo devolto*".

Todo esto facía que o rapaz que era eu, mui sensitivo, que leía a Chateaubriand e leía a Lamartine... Moitas veces, lendo a Chateaubriand, a grande mau de meu pai, unha mau que eu veneraba e bicaba como si fora a mau dun santo, e para min o era, se pasaba e me decía: –"*Si, si, estás lendo a Chateaubriand, gran escritor, mui presumido, pero nos trouxo Os cen mil fillos de San Luís*". E estas cousas todas.

Os primeiros autores que lin referíanse á Bretaña antes que a Galicia; e eu de neno sabía de memoria (inda hoxe sei) o primeiro libro das *Memorias de ultratumba de Chateaubriand*, que fala dos solares de Bretaña, daquel mar triste, daqueles fantasmas, daqueles bosques, Dôlme, Rennes, Saint-Malo, a desembocadura do río Rance... Todo eso sabíao eu marabillosamente.

E eu de neno, refírome naturalmente ao ano mil oitocentos noventa e cinco, noventa e seis, sobre todo noventa e sete, noventa e oito e mais estos últimos, mil novecentos, esto, mil novecentos un; o patio da miña casa onde inda vivo e aquel, un gran balcón desde onde se contempla o panorama da serra Martiñá sinalando ao Norte como un fito, estaba cheo de labregos. Aqueles antigos labregos que eu

3 Os fragmentos extractados corresponden a diversas intervencións do escritor: discurso de inauguración do curso da AGUEA (Asociación Galega de Universidade, Escritores e Artística) pronunciado no Centro Galego de Buenos Aires o 19 de Agosto de 1959; conferencia A miña amizade con Castelao dictada no Museo Carlos Maside (Sada – A Coruña) o 8 de Setembro de 1971; conferencia Lembranzas de médicos galegos vistos por un profano pronunciada na Academia Médico-Cirúrxica de Ourense o 7 de Marzo de 1975; entrevista –a derradeira– que se lle fixo en Compostela, convalecente na policlínica da Rosaleda, no mes de Setembro de 1975.



Casa Museo Ramón Otero Pedrayo.

miro con respecto e con amor; aqueles velliños de maus tremorosas, derreados por o traballo, con aquelas brancas guedellas; aquelas velliñas tan compostas, tan cinguidas cos seus mantelos, falando un galego antiguo e precioso como unha fonte no ermo. Aquelas rapaciñas, aqueles nenos, aquelas vellas con aqueles grandes bocios. Meu pai os trataba a todos con extraordinario amor. Recetaba moita cola Astier, recetaba moito purgante.Tiña unha gran preocupación tremenda sobre todo polos vellos, porque moitos morrían en sufrimientos terribles por os males da orina, os males da pedra; había que sondar...

Total que eu fun un neno cheo de terrores. E outra cousa que me aterrorizaba moito, pois era a tristeza circundante porque o fin do siglo XX en Galicia foi tristísimo, terriblemente triste; o ano mil oitocentos noventa e nove, o noventa e oito coa catástrofe das colonias.

Outra cousa tremenda que houbo foi que naquel tempo, pouco máis ou menos entre o ano noventa e oito e noventa e nove, se perderon tódolos viñedos de Orense; de Orense e de Galicia e de España e de Europa occidental, de Francia tamén, coa filoxera; foi a invasión da filoxera; porque antes as viñas eran hermosísimas. Eu conocín, aínda recordo, claro, un pouco, porque, claro, cando veu este siglo eu tiña doce anos e non hai moitos recordos, pero hai bastantes: a viña era preciosa en Galicia; en tódolos sitios eran parras, non había esta viña así estilo árbol; todas eran parras; de maneira que o Ribeiro de Avia, O Ribeiro do Miño e este Ribeiro de Barbantes, todo estaba cuberto de parras. Esas parras formaban grandes bóvedas nos camiños; nas carreteras non, pero nos cami[ños] pasaban os carros máis altos e os abades máis grandes coas maiores ... tellas que levaban, aqueles grandes sombreiros, pasaban a cabalo por debaixo. Era mui bonito, era mui bonito. E ademais, o viño era mui hermoso, era mui forte, moito máis rico que ahora; pero despois houbo necesidá para salvar esa riqueza, veu o sistema de inxertar nas especies de aquí sobre patrón americano; e o patrón americano, pois, é unha cousa, claro, é unha cousa, naturalmente, áspera e dura, e perdeu

moito. Mais o viño antes era unha cousa terrible; eu fun educado en viñas, porque meu abuelo tiña moi boas viñas en Orense; collía douscentos moios de viño, e aquí tamén había viñas, en Santa Cruz; eu, de neno, andaba por alí e sabía tódalas operaciós do viñedo e sabía que non se podía entrar nunha bodega cuando o viño estaba na fermentación; se desvanecían os homes e as mulleres, ¡eh!; pero era un momento; caían ao suelo desvanecidos; e hasta non se podía dormir encima.

Eu penso na Plaza do Ferro. Na Plaza do Ferro desenvolveuse gran parte da vida do Ourense auténtico e antigo. Naquela farmacia que pra min,de neno, pois viña significar unha especie de mundo, de pequeno cosmos, harmonioso, benevolente, agradable, donde a conversación tiña unhos perfiles de finura, de ironía, de gracia e de saber sosteñida pola voz do señor, o grande don Serafín Temes, gran cazador, gran farmacéutico, grande amigo, e por outros señores que por alí iban entre os cuales eu quixera recordar aquel don Claudio Fernández, señor delgadiño, fino, de grande inxenio, de moito saber, que viña ser xa nos comenzos de século XIX, nos fines do siglo XIX, unha especie de representante daquel voltairianismo tan señoril e tan sim pático do século XVIII; don Claudio Fernández se emocionaba pronunciando a palabra, os nombres de grandes escritores que el amaba e que el leía: Víctor Hugo, Ernesto Renan; emocionábase profundamente. Eu recordo aquela farmacia e eu non sei si o doctor Temes Ramos se lembrará dun detalle que non vin en ningunha parte.A certas horas chegaba un alquilador de cabalos, un mozo dunha cuadra con dous grandes cabalos de ríppert e un grande cabalo, mui vello; non era un cabalo percherón, era un cabalo antigo daqueles que levaban as diligencias e os carros; entraba pausadamente na farmacia, aproximábase como quen se aproxima ao bar, ao mostrador dun bar, e don Serafín, con moita delicadeza, poñíalle na grande boca un puñado de azúcar, de pedras de azúcar. O cabalo retirábase; había certo temor, entre os circunstantes, daquelas enormes patas que trastornaran a orde farmacéutica, a orde da casa, e retirábase. Eso non o vin en ningunha parte.

{*¿E que maestros, que maestros así, recorda do Bachillerato?*}

Pois, no Instituto, dous maestros sobre todo, verdadeiramente extraordinarios; porque o eran; á parte do cariño que eu lle puidera ter, o eran: un foi o famoso erudito, historiador e arqueólogo e gran orador sagrado, Marcelo Macías, o tío de Manuel Martínez-Risco Macías, e outro foi don Eduardo Moreno López, catedrático de Geografía, andaluz, gaditano, casado en Orense e morto en Orense; ese foi o que me inspirou a min o oficio da Geografía e as cousas da... Eran dous catedráticos marabillosos. Don Marcelo, claro, era un gran humanista; explicaba aquela cátedra como a podía explicar na Sorbona ou en París, ou vamos, ou en Roma ou en Madrid, aos rapaces do Instituto, pero que daba sempre a impresión daquel señor tan soberbio, tan agradable, tan hermoso, porque era unha figura goethiana; don Marcelo era unha figura goethiana, parecía unha estatua, con aquel seu gran hábito; falaba, falaba de mil cousas; a cátedra de Retórica; era de Retórica y Poética; vamos, era a Literatura, xa non se chama de Retórica y Poética; pois il falaba do que fora, il falaba do que lle parecía, porque aprobaba a todo o mundo.

Como aquel vello Pantelas, que foi un dos homes máis outos, máis lanzales, máis valentes, máis blasfemos e máis borrachos que eu conocín no mundo; que sendo eu neno estrondaba como un furacán polas canellas e polos rueiros de Santa Cruz de Arrabaldo e de Punxín e de Trasalba; e aquel home que falaba mal dos cregos e dos frades e que proiectaba cincuenta mil invectivas e que nunca chegaba á misa e que ría sarcasticamente dos que iban ás novenas e aos rosarios, en canto soaban as primeiras bateladas do día dos Difuntos e do día de Omnium Sanctorum, de Tódolos Santos, que ás veces parece que non soan nas igrexas parroquiales ou nas ermitas sinón que xurden como dun lago asulagado de vellas culturas; aquel home, de pronto, voltábase grave, envolvíase nun tabardo antigo como si se envolvera na superficie do ermo dunha montana, rubía ao campanario da súa iglesia, non consentía durante cuarenta e oito horas que nadie subira tocar as campanas; el estaba alí tocando constantemente e nin comía nin bebía nin blasfemaba nin miraba pró chan; estaba vivindo xa na inmortalidade, estaba vivindo cos amigos mortos, estaba tocando os bronces que teñen, según xa decían os vellos pais da Iglesia, repetiron os poetas tantas veces, un sentido purificador, un sentido litúrxico dos mundos e afuxentador dos demos, estaba vivindo máis aló.

Nesa existencia en que efectivamente houbo sempre unha saudade, unha grande saudade da Medicina. Unha saudade lonxana, unha

especie de chamada que me facían de lonxe, principalmente polo exemplo de meu pai. Meu pai estudiou na Facultade de Medicina en Santiago, alá polos anos anteriores, inmediatamente anteriores á revolución de Setembre, é decir, polos anos sesenta e cinco e sesenta e seis, sesenta e oito, etc. Meu pai facía o viaxe de Trasalba a cabalo; duraba o día enteiro. Iba cun home que lle chamaban o Estevo da Poboanza. Meu pai non conoceu a Varela de Montes. Viu o seu enterro, pero foi discípulo de Teixeiro e de don Timoteo Sánchez Freire; Teixeiro, don Maximino Teijeiro e don Timoteo Sánchez Freire foron os grandes maestros da Medicina galega durante moitísimo tempo.

Eu tiven sempre unha gran afición, e decía: en min hai unha saudade -como decía con palabra maxistral e santa o doctor Temes Ramos- hacia a Medicina. Pero meu pai, que morreu tendo eu dazaseis anos, sempre me aconsellou: "– *Non estudies Medicina, faite catedrático. Os catedráticos son os frades do século XIX, os frades de século XX millor dito; os atedráticos, frades do século XX*". El recordaba vagamente aínda a época do dominio dos frades en toda España, da vida religiosa, da vida claustral millor dito, etc.

Meu pai estudiou a Medicina con amor, con exemplaridá, e coido que exercitou nos Chaos de Amoeiro unha función que podemos chamar, ademais de caridente e caridosa, civilizadora; porque nos Chaos de Amoeiro e noutras partes de Galicia había moitos fidalgos que non tiñan nin xiquera a elegancia diabólica e estética dos fidalgos valleinclanescos sinón que vivían dunha maneira oscúrea, anticualla e atrasada. Meu pai tiña outro espíritu.

3. [Ourense: o encanto do pretérito][4]

Por de pronto, a cidade estaba penetrada, estaba enchida, de aspectos do campo; era unha verdadeira capital campesía, cheiraba a vendimia, cheiraba a outono, cheiraba a primaveira. Vamos a colocarnos no destino, por exemplo: Ourense estaba rodeada, rodeado de viñas, viñas magníficas; as viñas do Salto do Can, as viñas de Rebore[da], as viñas de Pousada, de Rabo de Galo, da Loña; unhas vestidas en plan alto, outras que enchían os valles do Barbaña e do Loña. E a maior parte da pequena burguesía ourensán que non era comerciante vivía das viñas; e se esperaba pola venta do viño pra casar unha filla, pra marchar á Universidade o rapaz, pra facer un traxe, pra facer unha casa, etc. Se esperaba pola venta do viño; de aí que, hai que contar que naquela época a ola de viño valía tres pesetas; despois valeu un duro a final de siglo; cinco pesetas unha ola de viño, dazaseis litros, era unha cousa, entonces, moi importante.

Víanse carros de bois por todas partes. Había en casi tódalas casas bodegas. Non digo na calle do Instituto, hoxe de Lamas Carvajal, nin na plaza Maior; pero nas demais calles, en casi todas había bodegas; por exemplo, ao lado da miña casa, en esquina coa calle San Miguel, había unha bodega con un patio enorme donde cabían cuatro carros cargados de uvas.

Ademais, a cidade estaba en diversos aspectos moi diferente. O que caracteriza tódalas obras dos homes e as obras da naturaleza é a luz; e a luz non se reflexaba como hoxe en superficies fluídas; por exemplo, a plaza Maior estaba empedrada de cantos rodados, dos que chaman chinarros en Castilla; cantos rodados, coios; claro, formaban, había dúas grandes aceras, dúas grandes listas de lousas blancas de granito de esquina a esquina; pero quedaban cuatro grandes triángulos entre cuios coios nacía a herba.

E a maior parte da ciudá, calles enteiras, estaba construída en casas de pallabarro. A loita constante e a evolución constante da ciudá de Orense durante o século XIX e inda no século XX é a substitución do pallabarro polo perpiaño, polo granito; é unha especie de cristalización; o perpiaño ...o pallabarro era máis vago, tiña formas de barriga, tiña formas de lomba, tiña formas que avanzaban toda a calle; non había unha geometría, non había unha organización.

Ese pallabarro cuando está abandonado é sucio e mui feo; pero cuando está limpio, cuando está ben caleado, é mui bonito e daba, estonces, en Ourense, con menos xente que hoxe, con mulleres sentadas á porta das casas, con nenos xugando nas calles, que podía ser pois non había un automóbil nin apenas circulación rodada, toda a sensación dunha ciudá meridional; parecía Argelia ou Marruecos, esas visións que tanto entusiasmaban aos románticos (...) porque o sol brillante do tremendo calor ourensán encendía ese blanco dos pallabarros e encendía os coios e encendía as grandes chimeneas, moitas delas rematadas por pombeiros de folla de lata.

Aquel vello Instituto de Ourense que algúns de vós lembrades, envolveito

4 Otero Pedrayo intervén no Orfeón de Ourense, en Novembro de 1975, para falar de Variacións da paisaxe de Ourense no decorrer do século XIX.

pola gracia da eirexa da Trinidade coas súas campáns, as súas badeladas, que eran ao mismo tempo parroquiales dunha cidade de oficios, de teceláns, de ferreiros, de grandes gremios antigos daquel barrio do Pelouriño e ao mismo tempo tiñan tamén unha certa gracia campesía. E, por outra parte, polo xardín do Posío e pola paisaxe do Salto do Can e pola paisaxe dos pozos de Ervedelo; aquela paisaxe, en modo menor, tan requintada, tan humildiña, tan graciosa, como de cuncha traballada de Ourense, en onde parece que os vellos negrillos, os vellos olmos da estrada de Verín e os viñedos do Salto do Can e de Pousada e de Rabo de Galo tiñan unha finísima sensibilidade para rexistrar hasta os máis finos matices do decorrer das sazóns.

4. [O GALEGUISMO: ENTUSIASMO E COMPROMISO][5]

E moitas veces, claro, eu con eles, asistín a infinitos mítines galeguistas, que dimos en toda Galicia; igual nos grandes teatros de Vigo que en Compostela, que nas aldeas todas do Miño e da montaña e de Arzúa e en Lugo e en Mondoñedo, onde nos recibiron cunha escame extraordinaria, non se apartaban de nós, como si fóramos apestados; con moita cortesía ao mesmo tempo; en fin, pasaban cousas notables. En eses viaxes, á parte da laboura que ejercíamos, reíamos extraordinariamente; parecíamos rapaces en vacaciós; foi a maneira de conocer Galicia; coido que, ademais doutras ventaxes máis ou menos discutibles, polo menos empezouse a ver unha gran relación entre diferentes rexiós de Galicia; porque connosco iban outros amigos; e moitas veces non había qué comer e moitas veces tíñamos que andar montados a cabalo; facía mui mal xinete Castelao, mui mal xinete; peor xinete que un mariñeiro calquera (os mariñeiros xeralmente son malos xinetes).

E quen traballou moito nos orixenes deste galeguismo, do cual formamos parte Vicente Risco, Castelao e Florentino Cuevillas e outros moitos e eu, pois eu era o menos de todos, pois foi un catedrático mui interesante por o seu saber, sobre todo por o seu conocimiento do mundo e por a súa influencia persoal en Galicia, porque era un señor de pazos e tal, que era carlista, don Antonio Losada Diéguez; Antonio Lousada Diéguez, que era da Estrada, pero el donde tiña o seu principal pazo era alí cerca do Carballiño, en Moldes; este señor que foi, estudiou cos jesuítas en Deusto, e que era carlista, sempre foi un galeguista extraordinario. Sabía moito de Galicia e máis que publicar cousas, el era notable porque despertaba as voluntades e animaba os rapaces novos; foi o que chamou ao Risco e chamoume a min: "*– Hai que traballar porque esto non pode ser*". Nós andábamos polo Ateneo de Madrid e por Galicia, lendo libros e tal pero sin unha idea concreta. "*– Esa cousa toda non sirve pra nada; ser así unhos estetas, ler a novela de Flaubert e ler esta cousa de Oscar Wilde e tal; todo eso está moi ben pero hai que concretalo nunha función cristiana*". Ese home era mui cristiano, mui católico; era un home que, chegada a Semana Santa, desaparecía; e sempre andaba por Santiago, por Vigo, por Orense. Era catedrático de Orense; despois, foino de Pontevedra. En Orense, eu non fun alumno dil, claro, porque había moita diferencia de edá; pero recórdoo en Orense, si. E en Orense morreulle a primeira muller (el estaba casado cunha prima), dun tifus; eses tifus clásicos de Orense, que ahora non os hai e que eran terribles.

E en Ourense celebrábase unha tertulia mui notable, alá polo ano trece, doce, trece, catorce, no hotel Miño; non no café, no hotel; no hotel, despois de marchar os huéspedes e despois da comida das doce, alí estaba Lousada Diéguez; alí estaba Peña Rey; el foi o que levou a Orense a Peña Rey. Lousada Diéguez era un gran conocedor de xente nova; por exemplo, foi o que anunciou a grandeza, o talento de Sánchez Cantón; dixo: "*– Hai unhos rapaces en Pontevedra, fulano e fulano; pero o máis distinguido de todos, o que vai facer unha labor positiva é o fillo de Cervela*." Chamábanlle o fillo de Cervela; o pai era mui popular; o pai era un uxier do instituto que non servía pra nada porque non facía nada; era un uxier que se reían os rapaces del, deses tipos así, grotescos, que hai máis ou menos nos institutos; era boa persona pero, en fin... "*– O fillo de Cervela é unha marabilla*". E foi, por exemplo, un dos que máis traballaron, a pesar de que o ambiente de Pontevedra era hostil a eso; pensando na grandeza de Vigo e dice: "*– A gran ciudade moderna é Vigo*." E os de Vigo agradecéronllo moito porque naquela época os escritores e tal despreciaban xeneralmente Vigo.

Eso, en época moderna, ¡eh!; vamos, a principios deste siglo. Pero tardou moito tempo o galeguismo en ser popular; ahora si, dígolle que ese galeguismo (me refiro ao do ano mil novecentos catorce, quince, dazaseis, vinte), ese galeguismo era verdadeiramente exemplar, porque éramos un grupo de trinta ou cuarenta amigos que non queríamos nada, non aspirábamos a nada nin queríamos unha

5 Palabras collidas da conferencia A miña amizade con Castelao e da derradeira entrevista que se lle realizou.



Casa Museo Ramón Otero Pedrayo.

cátedra nin queríamos un destino nin queríamos un puesto de redacción; o de todos era, o de cada un era de todos; de maneira que o entusiasmo dun libro ou dun artículo, dun ensaio, que obteñía Vicente Risco ou obteñía Castelao, ou os seus dibuxos, pois o participábamos todos; era unha fraternidá; era unha especie de orde relixiosa sin regla, sin maestro, sin abade e sin coro; pero, en fin, era unha cousa realmente encantadora; os que o probaron non o olvidaron nunca; houbo moitos que o probaron e se marcharon, porque, claro, porvir non había ningún, por ese camiño...

O Partido Galeguista ten feito, vamos, o partido do Galeguismo en general, porque hai a cultura e hai o partido político, ten feito boas cousas. Unha delas foi o acabar co antigo odio entre Galicia e Portugal; aqueles resquemores que había; porque, en fin, os galeguistas sempre fumos a Portugal; Vicente Risco xa, e ultimamente o Seminario de Estudios Gallegos, sempre en congresos en Portugal; en Viana do Castelo, en Oporto; no Portugal do Norte, non en Lisboa, porque eso non nos interesa tanto.

5. [Unha noite histórica: a gloria de Xelmírez][6]

Unha noite do 10 de Agosto, con lúa chea, do ano mil cento once, me parece que é, Xelmírez está no seu pazo.A catedral inda está nada máis que escomenzada; inda hai moita parte da catedral, da catedral actual, que é a terceira en edificio, está inda revestida de táboas, revestida de palla, en fin, de andamios, de todas estas cousas provisionales dun edificio. Existe, si, a cabeceira da catedral que empezou a facerse; a catedral de Santiago empezou a facerse pola cabeceira, por aquela marabillosa capela que se chama de el-Rei de Francia ou capela do Salvador, onde está retratado Alfonso VI e don Diego Peláez, nos capiteles, aquela capela que é como unha alborada en pedra, pra sempre, raiolando.

Pois aquela noite están excitados os ánimos contra Xelmírez; entón, non

6 Pertence á conferencia Cinco noites en Compostela pronunciada no Centro Galego de Buenos Aires o día 31 de Xullo de 1959.

había periódicos, non había tribunas; pero é igual; as novas corrían constantemente por os grupos.Ademais, Santiago foi a primeira cidade en donde houbo rúa, en donde houbo un sentido da rúa. Había moitos forasteiros, había moitos oficiales, había moitos obreiros, había moitos clérigos, daqueles clercs como se dice no lenguaxe de antes, que non eran precisamente cregos ordenados pero que andaban ao redor da iglesia; tiñan moitos privilexios e había moita xente enemiga de Xelmírez, porque querían botar aquel arzobispo que o consideraban demasiado dominador, demasiado duro, demasiado tiránico, pra erguer os dereitos do concello, que el mismo había en gran parte fundado co seu amigo don Raimundo de Borgoña, que está enterrado na catedral de Santiago. E aquela noite estrala a conxuración; primeiro habíanse xuntado os conxurados moitos deles na Quintana; habíanse xuntado tamén no Outeiro dos Poldros, que é a actual Ferradura co seu bosque. Aquela noite había que desfacer Santiago e aquela noite había que botar a Xelmírez. E entón acometen o pazo arzobispal. Xelmírez, entre as súas excelencias, tiña unha que non se debe esquencer, tratándose, sobre todo, de galegos e de xente antiga: Xelmírez sabía facer o cómico dunha maneira marabillosa, sabíase enmascarar, sabíase difrazar e parecía un histrión. E non foi a primeira vez en que Xelmírez, con "capa vilísima prá súa dignidade", como di a Crónica, pasa polo medio daqueles homes terribles, aqueles ferreiros, aqueles carpinteiros, aqueles leguleios que eran os peores, que excitaban a todos, que coas bocas rotas querían queimar, querían esgarrafizar, querían destruír aquela testa poderosa e queimarlle as cousas; pasa por entre eles e non o conocen. E vai rindo envolto na capa, difrazado, cecais pintado. Esta facultade, ese oficio. Igualmente unha vez indo a Roma, que o perseguía o rei de Aragón, e había ofrecido moitas doblas e moitas piastras polo... ou moitas libras tornesas de ouro veneciano, o ouro do Norte, pola testa e polo corpo de Xelmírez, e el pasou disfrazado de mercader de viños, vendendo os viños marabillosamente, porque tamén sabía ser chalán nos seus tem[pos], nos seus momentos.

E aquí sale, entonces, do pazo, cuando está amenazado por as chamas e vaise refuxiar primeiro na casa dun comerciante (había comerciantes franceses). E aquela casa está chea de tapices, está chea de almofadas, está chea de tecidos de Courtrai, dos mellores tecidos do mundo, de telas de tissu de ouro, daquelas que cantaban as raíñas e as princesas, do Ulla e do Miño; e el métese por aí e está escondido entre os sacos; vai con el un amigo íntimo. Pero el abúrrese daquela cousa; ao mismo tempo, quere ver o que pasa por a cidade; e a todo esto, a Crónica vai contando como a lúa reflexaba aquelas pedras, como os grupos andaban con antorchas, como brilaban as espadas; as muralas estaban desamparadas de centinelas e era a noite que iba pasar algo terrible. E entón, suplícalle o comerciante, o dono daquelas preseas, que está en peligro, que lle van a queimar todo o seu capital. "– *Bueno, márchome*.". E marchou e camiñou e meteuse no mosteiro de San Martiño, que entón estaba moito máis apegado á catedral, porque os monxes todos de Santiago querían estar mui pretiño do corpo do Apóstolo, da urna do Apóstolo; e despois, a labor do Barroco foi alonxar estes mosteiros pra facer as grandes plazas espectaculares en donde xoga a luz e xoga o vento e as moitedumes se moven dunha maneira casi litúrxica. E entón, chega alí pero emociónase; están os frades, están os monxes indiferentes a todo, cantando as horas; están cantando o oficio de maitines (van ser xa as tres da mañán pouco máis ou menos). A lúa brilla extraordinariamente. E entón el dice: "– *Bueno, hai que marchar de Santiago*." Pero antes acórdase dun amigo: Petro Crescónides; cecais Petro Crescónides, que é un home, sinón mui sabio, é un home de consello, un home así sabio, un home destes que están a velas vir e que saben esperar. "– *Vamos a ver o que dice Pedro Crescónides; e mais é un coengo da catedral*". E vai á morada de Pedro Crescónides. ¿E sabedes o que fai Pedro Crescónides aquela noite en que amenaza incendio, que amenaza roubo, amenaza destrución, en que pode desaparecer Santiago con tódalas súas instituciós, en que non se respectan nin os peregrinos (é unha noite de revolución tremenda)? ¿Sabedes o que fai aquel home que ten moitos bienes que perder, que é amigo de Xelmírez, que pode estar en peligro, aquel home que era millor que estivera fóra ou que salira coa súa palabra a conmover as masas? ¿Sabedes o que fai aquel home e son as dúas da mañán proximamente? Pois aquel home está cenando; e está cenando mui ben; e está cenando cos seus amigos. ¿Que cenará? Cenará posiblemente unha empanada de raxo; cenará posiblemente unhas troitas, unhos salmós. Realmente, dediquemos un saludo a este home extraordinario, que ou é un parvo ou un héroe, que nesta noite como tal, cea tranquilamente cos amigos en honra da cousa goliardesca de Galicia.

E Xelmírez, burlando os seus perseguidores, escoitando as cousas que lle din, envolto no seu disfrás, sale de Compostela. E Xelmírez sale e despois

xa volve con tropa, xa restablece a orden... Pero esta é unha das noites máis interesantes que se pode atopar na historia. É difícil na historia das crónicas, de Castela ou de Francia ou de cualquer país, atopar este recuncho que ten a Crónica Compostelana.

6. [Galiza: a Patria descuberta][7]

É a Galicia dos pastores, a Galicia dos labregos, a Galicia das nabeiras, a Galicia dos poetas, a Galicia dos que sufren, a Galicia dos que esperan que mui pronto cecais a nova Europa ha de levantar novamente o seu acento ecuménico volvendo polos fueros do espíritu como en toda a redondeza do planeta. E nesa voz ecuménica de Europa non ha de faltar o acento de Galicia, significado sobre todo polos seus grandes poetas.

Ese vento mareiro que fai vibrar os nosos grandes pinares con estrofas épicas; ese vento mareiro que fai un madrigal en cada un dos surtidores das fontes de Santiago; ese vento mareiro que fai verdecentes as cumes dos Ancares e que licúa as neves aspranzas e filosóficas e as converte en poéticas e xeórxicas; ese vento mareiro que inspira ás ledas rapaciñas os sentimentos de amor e que aos vellos nos consola co pensamento da inmortalidade e que o noso paso polo mundo non foi nunca estéril; ese vento mareiro que é o que alborota as melenas da xuventude romántica, é o que apasiona e é o que con unha man dadivosa se pousa sobre as frentes ergueitas dos nosos poetas; ese vento mareiro que é irmán do ritmo do carro que canta na fonda corredoira, que vai representando sempre os tempos do pobo de Galicia; en fin, ese vento mareiro que, feito palaciano, que, feito artesano, que, feito cabaleiro doncel, florece nas roseiras dos pazos.

Galiza. ¡Quen poidera ter unha suficiente capacidade de saber e de penetración nas ialmas e un poder na súa palabra e na súa verba verdadeiramente convincente pra decirvos a todos!: ¡Que honrosa, que grandeza é a de ser galego! Pero tamén: ¡Que tarea dificultosa! Hai que aprender a ser galego; temos de aprender a ser galegos, temos que facer a nosa Patria peza por peza co cariño con que un home vai labrando os eixes do carro ou co cariño, co amor con que un artista vai labrando as pezas da gaita sonora, en que ha de expresar as súas tristezas, as súas lembranzas e as súas melanconías. Non é doado ser galego. O ser galego non é estar sempre queixumoso. O ser galego non é entusiasmarse somentes co plato de lacón con grelos e co brilo do sol no viño espadeiro de ouro. Ser galego significa ser moderno, significa ser espiritual, significa ser en todas partes o máis noble, o máis xentil, o máis xeneroso.

Cecais moito da nosa saudade está en que non houbo pobo peninsular que estivera durante tantos séculos e con tanta intimidade e con tanta proximidade envolveito na antífona e no canto do breviario e no canto coral. E é conmovedor, volo sabedes mui ben, nas mañás xubilosas de Xaneiro cando cai a neve ou nos días de festa, ver como as velliñas, esas vellas de Galicia que parecen feitas da misma substancia impalpable e marabillosa con que se fan os bosques, con que se fan as torres, escoitan os responsos latinos e escoitan o desarrollo da liturgia e comprenden; porque o latín litúrxico ten esa generosidade, que se abre; xa non é o latín da toga, xa non é o latín dos pliegues simétricos da toga, sinón que é o latin do manto, que é ao mismo tempo o manto do mendigo, o manto do filósofo, o manto errante de tódolos grandes poetas que teñen sido, o primeiro deles o pobo.

7. [A expresión artística: primacía do Románico e do Barroco][8]

A nosa arte é a arte románica.A arte románica, que leva ese nome de románica, que é un diminutivo de romano, nome que xa sabedes desde a escola que é un nome mal posto. Como tamén é un nome impropio o nome de arquitectura gótica, que non debe aos godos nada como non sexa que os godos procedían cecais de bosques de coníferas; procedían seguramente de bosques de coníferas e dicen algús intérpretes románticos que a idea da oxiva é a idea do bosque de coníferas, a idea da rama ten a forma da oxiva e todas esas cousas que xa foron espalladas por os románticos.

De maneira que, dentro de calquer ermida románica igual que da catedral de Santiago ou de calquer outra construción deste tipo, que naturalmente as que se conservan son casi todas construciós relixiosas, porque estas superan as modas temporales,

7 Otero participa no acto de Coroación de Cabanillas celebrado en Padrón o 8 de Abril de 1958 con motivo da Páscoa e diríxese aos asistentes. Don Ramón pronuncia no Teatro Avenida de Buenos Aires o discurso de inauguración das Xornadas Patrióticas Galegas (19 de Xullo de 1959). O escritor de Trasalba fala de Cabanillas no Centro Galego de Madrid no ano 1964.


8 O fragmento pertence á conferencia inaugural do curso da AGUEA pronunciada no Centro Galego de Buenos Aires o día 19 de Agosto de 1959.

sempre se ve neste arte románico, como dentro da prudencia, dentro da experiencia do arco redondo, que é seguro, o arco que non creba, o arco que é ben calculado, debe ser eterno, como é eterna a pedra, como é eterno o fundamento do mundo. E esta bóveda redonda, esta bóveda de medio cañón, que é unha bóveda sempre limitada, pero que é segura; todo o contrario da bóveda oxival que xa significa unha dialéctica, significa unha fantasía.

Galicia é fondamente románica e aproveita dos romanos, facendo graciosamente románica, aproveita esta construción, mais dentro dela, na decoración, nas pinturas, nos releves, na flor dos capiteles, nas arquivoltas, no lor das fenestras despliega tódalas gracias da mañán e non hai gracias barro[cas], non hai gracias de outono, non hai gracias de vendima, son todas gracias de sementeira; non hai gracias de serán nin de noite, son todas gracias de mañán e incluso veñen a decorar as fenestras románicas e veñen a decorar os tímpanos todas aquelas fantasías de tapiz, de alquimia, de cavernas probáticas e sagradas dos persas e dos pobos orientales.

Surxe de pronto a gran loucura do Barroco; porque foi tomado como unha loucura o Barroco, como unha loucura e como unha dexeneración, cando realmente o Barroco é unha das formas máis puras, máis grandes do desvelamento do ser galego e, polo tanto, un expresionismo da súa cultura; porque o Barroco está igual na paisaxe, está igual no carácter, está nas festas. En fin, claro, eu tampouco son dos máis ardentes partidarios de explicar a historia universal e explicar a historia dos pobos según as fórmulas de arte dominantes en cada tempo. Fálase do arte Isabel, do arte Cisneros, da política barroca; dícese que si os ministros de Mª Teresa de Austria, por exemplo, practicaban respecto de Polonia ou respecto de Francia unha política barroca; do barroquismo de Versalles, do barro quismo de Viena e do barroquismo de Sans-Souci, etc. A min paréceme que en todo esto hai un pouco de escola, hai un pouco de influencia dalgún grande maestre que tivo este sentimento, que tivo, en certa maneira, estas ironías. Pero, de todas maneiras, hai que pensar que o Barroco, unha das grandes glorias do século XX e das xustificacións de que é merecente o século XX é haber restaurado a dignidade, a beleza e, sobre todo, a intención, e máis que nada a urxencia, a necesidade cósmica, a necesidade pensada por algunha mente suprema dende os orixes das cousas, desde un momento dominado do mundo, este arte barroco e estas formas belidas barrocas; inda non se sabe ben o que significa a palabra. En Vigo, no antigo Vigo que describía Taboada Leal naquela famosa descrición topográfica da cidade de Vigo, impresa na época romántica, fálase, e falaban os vellos seica tamén, dunha fonte que era a fonte da Barroca. A Barroca é un topónimo en Galicia. Os autores dicen que o Barroco significa, tódolo sabedes, esas perlas mal feitas, baratas, que se venden ao peso pra adornar os calzados, pra adornar as dalmáticas das vellas cidades da antigüedade italiáns, e por aí; é un término que anda por aí. Outros dicen que é unha palabra portuguesa posiblemente. Tamén se ten relacionado cunha das formas realmente barrocas, coas formas do silogismo; pero, en fin, sea o que sea, no Barroco, nas formas de vida do Barroco, especialmente na descriptura, especialmente na escultura, hai que distinguir a arquitectura barroca da escultura barroca dunha maneira singular. O Barroco non busca a personalidade; así como a personalidade está fondamente procurada e pescudada e estudiada e conquerida moitas veces no Románico e abonda unha cariña calquera de santo nun capitel pra que teña unha sonrisa e unha expresión e sea ela e non outra cousa, en troques, os barrocos traballaron moitas estatuas, fixeron magníficas estatuas (había grandes estatuarios), pero estas estatuas desaparecen no conxunto, non son máis que elementos ornamentales; todo o máis son como acentos, son como eses símbolos, eses signos ortográficos de arsis e de tesis, que no verso antigo significan unha maior elevación, unha maior depresión da voz. Por eso, está moi adornado de fermosas estatuas, evidentemente traballadas con mestría, o Obradoiro de Santiago, como está a fachada de Oseira, como están moitas iglesias, como están tódolos grandes ... as grandes carballeiras douradas e ben traballadas dos altares barrocos, e ningunha desas estatuas se pode contemplar soia. Soia sofre, atópase desamparada, quere correr como un monxe que se ve apartado do seu claustro ou como un peixe que é sacado da auga; quere volver ao claustro ou á auga, porque solo naquel conxunto sinfónico ten unha voz, ten un papel, ten unha medida, ten un acento, ten unha arsis e unha tesis, ou o que queirades.

De maneira que, entón, claro, a arte barroca hai que distinguir esto. E, vamos, eu vexo o barroquismo non solo na arquitectura e na escultura e na pintura; no traxe, na etiqueta, no gusto pola vida; porque frente ... podemos decir, por exemplo, si houbera un Brillat Savarin, que xa os hai (aí está Alvaro Cunqueiro e outros grandes maes-



Casa Museo Ramón Otero Pedrayo.

tres e outros que non teñen escrito as súas, non teñen formado os seus sistemas filosóficos e de gastronomía...). Así como podemos decir que un platiño de troitas, un vasiño de viño chirlán, unhas pataquiñas, unhos grelos, é un plato románico, e o caldo é románico, a empanada é barroca; e o flan é barroco; significa sempre así o final das cousas; significa sempre un gran complemento, unha grande madureza. Pero as metáforas, que son necesarias prá vida, tan necesarias como o pan e moitas veces máis necesarias cás mismas ideas, as metáforas tampouco se poden levar moi ao extremo do hourizonte, de tal maneira que se convirtan xa en cousas ríxidas. Precisamente a idea de metáfora consiste na súa constante novidade e na obligación que ten de se adoitar a novas atmósferas constantemente. Por eso, dentro do Barroco temos que contemplar as formas de vida e temos que contemplar a grande alegría de Galicia, a grande alegría das festas, a grande alegría do falar e a grande alegría do viaxar. E entón diredes: "– *¡Ah!* ¿Como se pode conciliar, como se poden concertar cousas tan desemellantes *como son o senso de espiritualidade inmortal, o senso dese home Pantelas, por exemplo, que tocaba aos mortos sendo el un blasfemo e non crendo aparentemente en ningún dogma da Iglesia? ¿Como se pode concertar con esta alegría á que se entregan os homes e as mulleres despois de asistir ás misas parroquiales e despois das grandes camiñatas de penitencia?*". Pois eso é precisamente o que significa o Barroco.

8. [A PAISAXE, A ALDEA, O CAMIÑO, O RÍO...: ESENCIAS DE GALIZA][9]

Unha paisaxe é obra de unha cultura. Non é solo que podamos ver, por exemplo, os riscos do camiño román ou as ruínas do castelo, de Pambre ou de donde sexa, ou o castro formando a veces unha gran asamblea arredor dun verde val ou dun val donde

9 A maior parte dos fragmentos seleccionados corresponden a intervencións de Otero xa citadas máis arriba; algúns a dúas novas intervencións: o discurso pronunciado en Santiago o 21 de Novembro de 1967 con motivo do ingreso de Ramón Piñeiro na Real Academia Galega; a conferencia pronunciada o día 28 de Febreiro de 1975, co título Castelao, hoxe e sempre.

cantan as augas. En donde non haxa nada deso abonda o camiño, abonda o souto, abonda a figura; esa figura marabillosa, tamén lírica, ese conxunto de estrofas e de formas que adoitan os eidos. ¡Quen soupera a historia verdadeira dun eido! Dun eido destes vellos de Galicia, que son tódolos eidos vellos de Galicia; que primeiro foi do gran magnate; primeiro sería propiedade colectiva da tribu e despois alí se marcou a individualidade, coa súa forma unhas veces rectangular, outras veces raiolante, outras veces alongada, como é cuando baixan estes conxuntos como aquel monte Padornelo que parece unha casula broslada pechando o hourizonte de Mondoñedo. En fin, todas esas formas dos eidos. ¡Quen soupera a historia íntima de tódolos amores, de tódalas xenreiras, de tódalas lembranzas, de tódalas arelanzas que despertou un eido, de tódalas maus que o traballaron e de tódolos pés que o triparon e tódolos muros que tivo e tódalas xeneraciós de arbres que se sucederon e tódolos frutos das colleitas que pasaron!.

Inda hoxe a aldea, que é inviolable, que quedan partes dela completamente vírxenes, pois verán ustedes que o campesino sempre tende a organizarse en retábulo; pero sempre trata en esta vida a pesar de tódalas súas dificultades de transparentar cómo debe ser o ceo. E o ceo, pois, é o retábulo; e alí aparecen en esquema, pero mui colocadiños, todos os cotos da alegría da Resurrección e o coto do Calvario e aparecen as fontes e os oficios; e se ven carpinteiros e se ven carreteiros e se ven carros de herba fragante e se ven as vendimas e se ven as mulleres e se ven as mallas e se ven os riachos que van correndo por alí e se ve o inverno e se ve o vrau e se ve, por un lado, o neno Xesús e, por outro, demos espantosos que argallan coas súas risadas fantásticas polo medio das carballeiras.Todo ese sentido de organización, en fondura, dunha especie de mundo que é o retablo de iglesia. É o retablo e é o capitel románico, e é o retábulo románico e o retábulo barroco instrumentado en tantísimas forzas.

Hai moitos camiños nas aldeas que vanse ensarillando us nos outros e vanse adeitando ás bocarribeiras e paran nas fontes e sinten o que se fala nos pazos e nas soleiras dos bares e chegan ás cidades e se fan rúas e volven novamente a ser camiños. Estes teñen unha chea realidade: son obras tamén da cultura, obras inconscientes da cultura, na cual entra tamén un certo senso da belleza, porque parece... da beleza... porque parece que ese camiño vai escollendo os lugares, os observatorios máis a propósito pra poder disfroitar das nubes, das bidoeiras, dos outonos, do devalar constante das cousas. Pero hai outros camiños que se perden. É mui triste, é unha cousa melancónica e fermosa que así como se perde moitas veces un cantar na brétema, como se perde unha vocación xuvenil na vulgaridade ou na estupideza da vida, moitos camiños se perden no ermo e pouco a pouco sentimos con amor como xa non os pisan nin os zocos dos vellos patricios nin os pés miúdos das pastoriñas, que pouco a pouco no medio dos toxos, no medio das xestas, aquel camiño se vai perdendo. E hai como unha morte dun neno, hai como o sentimento da morte dunha ilusión na perda dese camiño.

Os grandes soutos venerables, os grandes soutos teñen xa esa fragancia, ese ulido dos recordos e xa os nosos pés empezan a encontrar na follateira descida e pousada en grandes mantos cheos de lembranzas, máis ilustres cós pergameos monacales; porque os castiñeiros rexistran o pasar das xeneracións e saben tanto das vellas xentes labregas, dos fidalgos, dos poetas, dos descoñocidos, dos errantes, dos tolos, tanto tanto como poden saber as magnolias dos pazos.

Que voan máis altos; ¡ah!, pero ¡que fermoso é, miñas donas e meus señores, un xardín abandonado dos pazos de Galicia! ¡Aquelas roseiras que pouco a pouco se van desfollando en cuanto trema un pouco máis alto o chafariz do xardín! ¡Aquelas laranxas que, inda esmorenado o pazo e rotas e rompidas e crebadas as grandes pedras onde os invernos deixaron as súas memorias de sentimento e de amor e de esperanza, tratadas e dibuxadas nos orcelos que os recubren! ¡Aquel cantar dos paxaros polas mañáns, que fan de cada araucaria, fan de cada alcipreste, eses alciprestes que son clercs, que ás veces son runfóns, pero tamén son trobadores e saben reco ller o aire que pasa e, sobre todo, saben facer esa xentil cortesía, esa cortesía dos pazos de Galicia, que facían os fidalgos da beiramar e do Ulla; esa cortesía que fai o Santiago Apóstol do Pórtico da Gloria en Santiago; non o gran Santiago central nin o Santiago que mira por o peregrino, o que está cos máis apóstoles.

Este maino pousar da brétema e da chuvia galega; esta longa caricia tan fermosa, tan nosa, que parece que nos nace da alma; que algunhas veces parece que a iauga en Santiago ao chover nace das mismas pedras; esta iauga que ten unha interpretación diferente nas grandes agras de centeo douradas cuando empezan xa a ser un pouco pulsadas polo vento e nesas vellas nabeiras que son como matronas, que son como fidalgas, que son como maorazgas, que cada

unha ten un nome, ten unha historia, ten unha risa, ten unha tradición, ten unha simpatía. Esa misma chuvia que canta diversamente sobre unha cúpula universal, unha cúpula de tendencia dogmática, definidora, cerrando un horizonte enteiro da filosofía e dos avances do espíritu do home cara a perfección suprema, que é a volta ao Paraíso; o regreso ao Paraíso do noso grande Teixeira de Pascoaes. E ten outro canto cuando resoa nos grandes claustros; e outro, nos xardís dos pazos; e outro, nas pobres casas campesías.

Un arco da vella, un arco iris. ¡O arco iris! ¡ O fenómeno máis marabilloso da naturaleza! Aquela que fixo preocupar a Séneca e a Newton e a Schopenhauer na teoría da luz, ao que desafía coa súa beleza espontánea, pura, de moitas pupilas de rapaciñas mortas que parecen alí acesas; desafía tódalas teorías científicas. Dicen os paisanos da nosa terra: "– *O arco iris, o arco da vella, que se alimenta dun regueiro e doutro regueiro*."

Castelao amaba en Trasalba a posta do sol. ¡Que grandiosa, nas montañas do Suído e do Faro de Avión! ¡Montañas que vibran con un azul, con unha corda tensa cando se pon o sol! E gustáballe a potencia daquel paisaxe, que non ten o mimo das Rías Baixas, pero ten grandes carballeiras e ten agromadas tremendas de centeo.

Hai que ser como o Miño; hai que ser como el, a un tempo campesío e cidadán: saber camiñar, saber marchar pola vida sin deixar que ningún día quede sin o beneficio dunha canción, dunha lembranza.

O Miño nace en terras graves, en terras austeras; a serra de Meira mírao salir xurdindo, como xurde unha canción, da fonte Miñá e dos regueiros dela con aquela melancolía con que as nais ven salir aos mociños xa mui alfaietados e mui dispostos prá festa; xa non son unhos nenos, xa son uns mozos. E así, por aquelas terras verdecentes da Terra Cha de Lugo vai dando voltiñas e o Miño parece, entón, un mozo garanduxo que sale cunha espiga nova ou cunha folla nova de loureiro ou de centea nos beizos esperando por seu amor. E pasa por diante das terras de Lugo e en Lugo ofrece ante aquelas torres e aquelas murallas o tributo eterno da Galicia verde á lei romana, á lei do pretor, á lei de bronce do pretor e da lingua latina que alí está estatuada naquel coto solemne. E pouco a pouco é chamado polo mar e ao mismo tempo el chamando por infindos ríos, cada un coa voz nena da súa fonteliña, vai afondando nas súas ribeiras e aparecen ao pé de Chantada; entre Chantada e Lemos aparecen as primeiras vides, que é o helenismo, que é a gracia latina. E cando chega aos tres ríos, naquel paisaxe de bocarribeiras broselado todo el como si foran casulas de grande festa, da festividade do patrón ou como [se] foran teas ofrecidas pró adorno das reinas, entón, alcontra o seu amigo, o seu compañeiro, que é o Sil. O Sil das baladas, que vén de mui lonxe, que vén dos montes astúricos e que vénlle decindo: "– *Tamén Ponferrada, tamén Villafranca, tamén aquela terra do Bierzo onde os románs buscaban o ouro máis fermoso con que se adornaban os altares e as frentes e as bellezas das emperatrices; tamén o Bierzo é unha terra de corazón galego e quere ser unida, incorporada ao noso sentimento da cultura.*"

E vai o Sil ao pé das altas montañas que gardan sempre esa neve das cumes e en cuias entranas se conservan as máis puras raigañas de emoción, do pasado casi sin tempo da nosa terra; porque alí o tempo confúndese con esa eternidade das cúpulas solemnes das Medas.

E pouco a pouco o Miño vai entrando nas súas ribeiras; e el, que é fillo de Galicia, despósase con madame Ribeira, con misia Ribeira, coas archiduquesas Ribeiras, que son a do Miño, a de Avia, a do Arnoia; e o anel dese matrimonio, o anel dese amor, é a ponte romana de Ourense, esa curva da ponte de Ourense que é a máis fermosa trazada polos arquitectos; por ela decorreran as vidas que son como ríos, decorreran os soles e decorreran os días. E así, chegando pouco a pouco, xa deixando a un lado Portugal coa melancolía de non poder estar xuntos baixo a misma bandeira, pero sempre co mismo esprito tendido cara o infinito, cara a inmortalidade, o Miño, como un vello petrucio cheo de contos, contando os contos nas súas praias, coas praias dos ríos; esas fermosas plaias que teñen esa area tan ben peneirada por tantos peneiros ou tantas peneiras como vai o río movendo no seu rodicio; esas son as memorias do río pra quen sepa escoitalas. E cando morre pé do facho de Santa Tecla, Olímpo céltico de Galicia como lle chamou Murguía, aquel monte que sabe ordear en corales harmoniosos igual o canto dos pinos que as ondas do mar, que as mesmas brétemas que figuran tódalas posibles construciós arquitectónicas. Entón, o río, ao morrer, morre como morren os petrucios, cheo de historia e cheo de ternura. Volve a ser neno porque sabe que no seu vasto peito e dinantes de se rendir a ese bico salgado do mar que representa a morte, pero que representa tamén a inmortalidade, en ese intre cantan en el tódalas fonteliñas da Terra Cha de Lugo e dos vales ourensanos e dos vales de Pontareas e da terra do Condado e así de tódolos ríos.

9. [Os poetas e a lingua: o poder do lirismo][10]

Eu, meus amigos irmáns, quixera preguntarvos: pero, ¿que fai o poeta neste mundo? ¿Pra que veñen os poetas a esta terra de loita e de ambiciós e de obscuros degaros e tremendas torres de odio ou de finas torres de marfil? ¿Pra que vén o poeta? O poeta, xa o dixeron os antigos, xa cantou o verso heroico de Grecia e o verso amábel daquela xente daquela lingua que tiña tantas expresiós, molladas no orballo matinal da humanidade. Os poetas, Orfeo o primeiro deles, viñeron á terra para rectificar un gran error; os poetas son os depositarios da verdade; chegan ao mundo como os ánxeles; chegan ao mundo como nenos; chegan ao mundo como inspirados, ensoando, abren ao mundo os ollos e vén a luz do día e vén a doce lúa paseándose melancólica polos espacios e acariñando as fiestras detrás de cuios vidrios velan a ciencia, a metafísica, a poesía ou o honor das raparigas. E cando os ollos dos poetas coidan a pasar o triunfo da beleza e o triunfo da gracia e o triunfo da inmortalidade nos altos cotos do pensamento e do poder, atopan que os altaneiros, que os ruís, queos malvados, que os escuros, con tódalas artes humanas que son os seus orbes misteriosos e prestixiosos van escalando a tantas posiciós; e entón, o poeta chora lágrimas amargas, chora bágoas amarguradas. Pero os poetas levan en si o orden do universo; levan o número, levan a lei; e co seu canto inmortal, chega o canto de Alfeo, chega o canto de Platón, chegan aquelas palabras que Diótima, a estranxeira de nacionalidá, dixo no diálogo platónico: "– *Os poetas volven ás estrelas o seu fulgor, volven á primaveira o seu mensaxe, volven aos nenos a súa inocencia, e son realmente os que gobernan os nosos corazós e esas patrias perseguidas, esquencidas, morredizas, baixo a gadoupa da tradición, da tiranía, da noitébrega luz escura doutros tempos.*"

Mais eu debo falar na miña lengua antiga aos meus paisanos; porque a nosa lingua antigua dos Canzoeiros non é un patois abandonado nas vellas corredoiras aldeáns; non é unha lingua esquencida e morta sinón que, polo contrario, hoxe hai moitos milleiros de curazós xuveniles na nosa terra e en toda Europa e en América que agardan nada menos que o cumprimento daquelo que foi o ensoño dos poetas do Medioevo cuando espertaban os abrentes do Románico nas catedrales e nos poemas; que foi o entusiamo de Curros Enríquez cando coa súa lira de bronce loitaba pola libertade e pola democracia; que foi o engado do bardo Pondal na súa verdecente soedade de Bergantiños; e foi o consolo da pombiña ferida e traspasada de amores, a dulce Rosalía no val de adeuses a Padrón.

Facer da nosa lingua galega, facer do noble romance en que el-Rei Sabio cantou as máis marabillosas harmuñías místicas en honra da nai de Deus e soupo reír e soupo celebrar tamén nela aquelas regalías da terra de Galicia, como son os mares das nosas costas e o bon viño de Ourense. Eu... este ensoño é que a nosa lingua de Galicia, a lingua dos primeiros homes do Medioevo, dos primeiros homes de sensibilidade moderna, como Mendiño, como Joán Zorro, como Airas Núñez, que souperon cantar o amor e souperon acompasar o seu verso sonoroso e bretemoso ao ritmo das ondas do mar de Vigo e do mar de Corrubedo; quixéramos que esta lingua nosa chegara a ser (é un degoiro demasiado ambicioso; pero as xentes, os ánimos, os pulos, os corazós e as culturas mídense pola grandeza do seu imperio), que chegara a ser a primeira lingua literaria do Atlántico. A primeira lingua literaria do Atlántico que chegara a xuntar a todos os descendentes das nacións celtas, os descendentes de Portugal e España, en este verbo harmonioso; porque a nosa lingua de Galicia, traballada perante séculos e edades enteiras polo aldraxe, polo esquecimento, pola inxusticia, pola pobreza, tivo en eses séculos seu noviciado. E entón, agora, está preparada, está disposta pra enfrentarse cos máis terribles problemas do pensamento e igual sirve pra cantar o arrolo e o encanto dos vellos outonos de Galicia, cando o canto das vendimas érguese polos ribeiros e vai coas primeiras brétemas do inverno amolecendo e envolvendo nun ensono as marabillosas formas de vida e as formas da natureza, que pra revestir os máis duros conceptos filosóficos, pra falar metafisicamente en eses intres en que o home se atopa soio diante das posiciós extremas da dor, da inmortalidade, da morte, do xuicio final.

A grande poesía lírica, que é a poesía nosa. Unha poesía, que inda que se non escribira, está na aldea, está nas palabras, está no canto do linguaxe, está nos silencios. E precisamente por eso, o pobo galego e a cultura galega tende á inmortalidade; porque o lirismo non se esgota nunca; o lirismo vai connosco sempre, calado ou patente, manifesto ou oculto, en forma de arelanza ou en forma e en semellanzas de ecos, de tempos e de medidas anteriores

10 As palabras do orador de Trasalba pertencen a algunhas das intervencións antes indicadas.

aos que vive o que se decata dese fenómeno da fondura súa, que é a persoalidade humán, nunca esgotada. Porque se poden esgotar, como se di naquela cousa de San Agostiño, se poden esgotar tódalas augas de tódolos océanos, pero non se pode esgotar esta fondura abismal da poesía da personalidade humán, que se trasluce e se trasluce sempre, a veces envolveita en néboas, a veces equivocadas, sempre incompleta. Porque a poesía épica pode rematarse e ten un remate, ten un *finis*. A poesía líricanon pode ter un *finis* nada máis que, cuando por os decretos do Eterno, a derradeira palabra de amor e o derradeiro salaiar da morte dun ser humán se produzcan debaixo da bóveda dos ceos, é decir, desto que antes lle chamábamos dos ceos e que hoxe vai marchando nesta perelinaxe constante; porque ahora, dentro das condiciós físicas do cosmos, todo é Camiño de Santiago; tódolos mundos -antes eran solo as estrelas da Galaxia-, tódolos mundos camiñan, camiñan; e polo tanto, esta poesía lírica é a prenda da inmortalidade, sempre preguntando, nunca rematada. Desconfiade do que remata. Non remata a tragedia; pode rematar...; a poesía épica remata necesariamente e é tan grande...; claro que, na poesía épica, moitas veces, os rubros envolven, pois, realidades e fonduras que non responden a eles; por exemplo, na poesía de Virxilio; na poesía de Virxilio, períodos, episodios ou momentos ou intres como aquel en que Eneas descende aos infernos, teñen unha marabillosa beleza lírica. E é que, como decía Edgardo Poe falando de Milton, o que salva a poesía épica son os elementos líricos que, querendo ou sin querer, se entremisturan cos seus elementos, co seu acento, cos seus tonos épicos, co seu decorrer. E por iso, nós pertenecemos a unha cultura fondamente lírica, xa desde os seus orígenes; e por eso, os nosos grandes poetas son líricos; e por eso, o noso sentimento da vida é fondamente lírico; e por eso, hai sempre unha acusada, unha chea personalidade; e eso se ve no Romantismo.

E por eso temos cousas tan marabillosas na nosa poesía dos Cancioneiros, en donde hai que fuxir un pouco (xa se está fuxindo) e agardamos que dentro de pouco sexan algús destes poetas dos Cancioneiros tan populares no senso de respecto, de amor e de comprensión como son os grandes poetas románticos do século XIX. Aqueles cantores do mar de Vigo; pensade na significación terrible, magnífica, simbólica, que ten a cerva (que é unha significación evangélica), que ten a amiga, que ten aquela danza "beira das ondas do mar de Vigo", cuando a bailaba aquel corpo sutil, aquel corpo delgado. ¿Qué é aquelo? Aquelo é a encarnación da ialma; aquelo é máis có amor, é máis que a amada.Todo esto vén a ser unha espe cie de superación do platonismo; hai poemas curtos, pero precisamente por ser curtos conteñen en si un poder faiscante de pasión e unha perfecta expresión en cortas palabras, que son dignos de ser comparadas cos de Hölderlin, cos seus amores, cos de Novalis. Aí están na nosa poesía da Edade Media e sempre aparecen, como aparece esta "dona do corpo delgado", "sobre o sagrado de Vigo / e de Vigo no sagrado", sobre a terra dos mortos. É o vencimento dos mortos; esto é a superación da estadea e de tódolos medos nocturnos. A figura sáfica, a figura marabillosa, a figura, non digamos da Virxen porque é outra cousa. Posiblemente, cecais, haxa en esto un degoiro e unha lembranza daquela antigua sabiduría platónica ou anterior aos platónicos; aquela figura que podemos para non ... entrar nos pre-socráticos e nese mundo tan marabilloso de Empédocles de Agrigento e de tódolos grandes filósofos anteriores a Sócrates, nos cuales hai tamén prá poesía galega unha certa enseñanza, porque hai o lirismo. Pensemos na figura de Diótima, por exemplo; algo de Diótima: esa esperada ten a forza das baladas nosas e ten, sobre todo, a señora, "o señor", que lle chaman así porque xa está nunha categoría anxélica, por encima do home e da muller.

10. [Compostela: a cidade esencial][11]

A noite de Compostela: vinde conmigo por ela. Non pensedes, de ningún xeito, que vos vou levar a ningún lugar de mala sona. A noite de Compostela é campesía, é de ermos, é de pazos, é fina, é paciana, é simpática. Eu, ademais, conezo a tódalas gárgolas, a tódolos estudiantes, a tódolos noctámbulos, a tódolos sereos, tódolos recunchos; e igualmente me sinto veciño e me sinto ben recibido no cerne das rúas por onde pasou desde fai tantos séculos a máis fina xentileza de Occidente; por donde pasou a xuventude que, naqueles rueiros tan vellos, casi románicos, onde a fame é negra, pero ilustre, heroica e nunca implorante. Aqueles rueiros donde ao pasar, por exemplo, polo calexón das Fraguas, perto dos Concheiros, camiño de Lugo, vía francíxena das perelinaxes, a frente se sinte resgada e bicada polos loureiros máis elexíacos e máis fermosos do desamparo das vellas ruínas.

11 Fragmentos tirados da conferencia Cinco noites en Compostela.

Vinde conmigo. Durante moitos anos, eu tódalas noites, agás en moi rarísimas ocasiós, fixen a grande rolda ou a pequena rolda. A pequena rolda, a obligatoria, que é como si dixéramos a carreira breve polas rúas de Santiago, non é máis que dar a volta ao redor da catedral, das catro plazas onde ancora a basílica do Apóstol. A grande rolda, a grande volta, é decir, a facultade de Teoloxía, a facultade máis outa, pois é andar toda a noite sin plan guiado, levado por as rúas, por infinitas chamadas que pululan e latexan na noite compostelán, chegando deica Santa Clara, chegando deica a ponte Mantible, por un rumbo; por outro, baixando deica Sar e as súas augas malencónicas na noite, dando a volta a aquela malencónica eirexa de Belvís; paseiando pola Ferradura na noite mollada, na noite latexante que ten algo de oceánico e percibindo no vento na Ferradura, naqueles grandes carballos, en aqueles xigantes eucaliptus, percibindo a loita de dous ventos. Porque en Santiago, no labio, no sabor do aire, na vista dos árbores elexidos polo vento, no rostro, percíbese sempre a loita de dúas atmósferas, galegas as dúas, entranamente galegas, que son a atmósfera do Tambre e a atmósfera do Ulla. A Ulla e o Tambre loitan sempre e esta loita pódese casi precisar como se fora a loita de dous ejércitos.

Pasamos pola Conga e aparece o muro de San Paio e alí está o farol, que noutra época era de óleo ou de aceite; despois, foi de petróleo; hoxe é eléctrico; ¡ que máis dá!. ¡O farol da Conga, cravuñado no muro de San Paio, o farol máis fermoso das noites de Occidente! É un farol, o único farol en que os estudiantes poden ler á presa unha carta de amor; o único farol en que se poden encontrar dous pra irse noutra época, seguramente, pra irse batir ás portas dun cementerio; un farol onde a chuvia se fai en certa maneira cortesana e galana; un farol que de fixo as monxas, pechadas naquel inmenso e fondo mundo, que ten resoancias de caverna e ten directa comunicación co ceo, deben sentir aínda hoxe a tentación da cita romántica, do billete perfumado, dese revoar da capa do estudiante, feita de tebras, de recordos, de aventuras e de esperanzas.

No século XVIII a Universidade de Santiago, as altas clases de Galicia, todo raiola con esa medida palaciana, fina e cortés do clavicordio, do verso. Hai cuarenta títu los, entre condes e marqueses, que viven en Santiago. Hai unha vida de salón extraordinaria.

Vamos a supoñer un colexial de Fonseca, que eran os personaxes máis encumbrados de Galicia. Este colexial pode ser perfectamente un home que non se casou porque anda así, así; pero, en fin, ten certo, moito señorío; ten xa cuarenta ou cincuenta anos ou sesenta anos; ten unha boa librería, vive na Rúa Nova; e o home está contento alí na noite, preparando un alegato, porque é un xurista e fixéronlle unha inxuria mui grande. A un colexial de Fonseca que un día de festa grande na catedral, con botafumeiro, con chirimías, con todas as sete mitras dos coengos cardenales e os sesenta e cinco coengos da catedral de capas pluviales, el alí recibido e ¿ser posposto a un coengo nunha colexiata? (A colexiata de Padrón, Iria Flavia podía ser; a colexiata da Cruña, a colexiata de Crecente, outra colexiata). "– *¡Eso non pode ser!*". Entonces, o home pasa as noites coa súa pluma de ave, coa súa pluma de ánade, rasgueando nada menos que un daqueles tremendos, aquelas tremendas apelacións que lles chamaban "recursos de fuerza en conocer"dirixida á Audiencia que radicaba tamén en Santiago.

En vez de encontrarse cun libro teolóxico, cun libro xurídico, aparece un volumen pequeno, un volumen liviano. Pode ser Anacreonte; posiblemente será Catulo; ou será Propercio ou será Ovidio, poetas mórbidos do amor; e aqueles versos que levan a outro mundo: "–*¿Qué fago eu aquí nesta sala grande con estes tristes espellos, con estes bufetiños donde escribo, con estes libros, que parece unha bodega de viños antigos de saber, pero son inhóspitos envoltos en estes pelellos de pergameo?*"

Entón pensa naquel verso [que] desprende un ulido de cabeleira loira de muller. Sempre hai nos versos dos poetas latinos un latexar de seo femenino e hai un ulido de cabeleira loira ou de cabeleira morena, de muller incomparablemente exposta. E entonces, o home pensa que hai un recunchiño no Inferniño donde hai unha vella cun candil e un nariz de gancho e hai unha rapaciña das Rías Baixas que ten unhos ollos de liño e que está alí, en fin, entegrada ao que sea. E entonces, o home síntese Tenorio, envólvese na súa capa, recada o seu espadín e sale pola rúa.

Pero ao botarse naquel tempo un colexial de Fonseca tan grave, tan solemne, tan etiqueteiro, ás rúas de Santiago, ten que se esconder detrás dun soportal porque avanza unha comitiva de estudiantes. Vén diante deles don Buono Chiodi; don



Casa Museo Ramón Otero Pedrayo.

Buono Chiodi é o mestre de capela na catedral e a pesar do seu carácter eclesiástico vai ao frente da pandeirada e da farra. Alí van todos; ¡que non o vexan!

E cando vai baixando (ten que baixar por diante de San Francisco), xa non pode volver atrás. Alí está a porta do cemiterio da Orde Terceira. ¡A porta do cemiterio da Orde Terceira! . E o home ten medo; vai pensando en chegar ao Inferniño; está vinte varas máis alá; si peta así ou rebuña coma os gatos disimulados, aparece a vella co candil e pode penetrar naquel recinto de pasión; pero está alí o cementerio e no cementerio unha mau que dice así. Entón, o home ten medo e trema e apela ás Teoloxías e o Dereito Canónico non lle sirve pra nada e hasta parece que tódolos monstruos do Pórtico da Gloria, o monstruo da luxuria, o monstruo da lascivia, con aqueles picos, con aquelas garras, andan rosmando como cas ao rededor del. E entonces, esvaécese e cae; cae elí; pero, ¿que pasa? Vén unha ronda de estudiantes: "– *Aquí está o gran colexial*". O ispen, o visten co hábito dun frade e póñeno en San Francisco entre catro velas. E cuando desperta: "–¡Ai, que horror!". Menos mal que os fradiños o recollen, o confortan cun bo chocolate e volve despois en boa compañía a meterse no leito da Rúa Nova e non pensar nunca en mergullarse nas tebras perigosas, no mar pecadento da noite borrallenta de Santiago.

11. [Rosalía, Cabanillas, Castelao: devoción, admiración, fraternidade][12]

E tiñas que ser ti, Rosalía, unha pobre muller, quen collera a Galicia a ramo de morte e no seu xenio e no soplo do seu dor e na súa dedicación, cravuñada como Cristo, pois como Cristo tiveches a túa pasión pra salvar o xénero humano dos galegos, volver a ser Galicia outrora aquela patria das alboradas e dos abrentes, aquela terra espranzada, volvendo outra vez á cántiga do traballo, volvendo

12 O fragmento dedicado a Rosalía pertence ao discurso Homenaxe a Rosalía pronunciado o 24 de Xullo de 1959 no Centro Galego de Buenos Aires; os outros corresponden a intervencións xa citadas.

outra volta aos emi grados e reconocidos cunha forza podente, sotil e xenerosa, volvendo novamente aquel vello romance tan cheo de matices pra expresar o amor, a lembranza, a espranza e a grandeza de esprito, a ser unha lingua respetada e aplausada en calquer recanto do mundo onde latexe un corazón e pense sereamente un cerebro.

Ti fuches, Rosalía, a creadora da Galicia moderna. Despois viñeron outros: veu o verbo pondaliano, veu a chama ergueita de Curros. Pero ti, nada nos arrabaldos de Santiago (moitas veces nos arrabaldos como na curtiza do árbol é donde latexa a vida máis xenerosa do corazón das cidades), envolveita desde nena no aldraxe, unha noite fuches levada por un paisano; unha noite de Febreiro en que as estrelas tremelocían como fachicos apasioantes e fuches acollida, non no pazo dos teus antergos coas súas solainas orfebradas, coas súas salas cheas de espellos que refrexaban os vellos fantasmas; non donde eras merecente de ser acollida; fuches acollida por o doutor Varela de Montes, fuches acollida no fogar dos pobres, no alcázar da miseria, mais tamén no pazo e nas torres da esperanza, naquel grande Hespital de Santiago onde as fontes harmoñosas dos cinco patios cantigaron durante séculos tódalas cantigas de tódalas esperanzas de Galicia.

Esta Rosalía que foi, non a primeira de Galicia e de España, foi a primeira lírica de tódolos tempos; desde aquela Safo perdida casi no misterio da cultura grega hasta hoxe, non se produxo semellante milagre de contemprar nunha alma humana a fondura do seu dor e do seu esprito. Así se achegou a Deus polos camiños máis duros e máis difíciles e hoxe en tódalas máis requintadas universidades, nos centros de estudios máis desconfiados e máis severos, aparece esta poesía de Rosalía comoinanalizable, escapa da historia literaria, entra na historia inmortal das ialmas, que van desvelando o ser de Galicia pra facelo centro da cultura occidental e pra facer do noso romance a lingua que sea lingua literaria, a lingua da xuventude, a lingua da poesía de tódolos pobos que a foula atlántica baña co seu harmonioso diapasón.

Sempre que atopaba a Cabanillas, parecía que a mañán raiolaba na súa frente. De xoven, de home varudo e forte, dono dunha risa de romería, dono dunha risa de antigua bodega dos ribeiros do Miño e do Avia, dono daquela risa escolástica; porque el foi un gran *clerc* escolástico da nosa terra e da nosa fala, merecente de ter sido alumno da escola de San Martiño Pinario nos tempos de Xelmírez, nos tempos daquel grande don Diego I, o anterior a Xelmírez, aquel prelado que pra ser grande hasta nin xiquera lle faltou o desterro e que lonxe, nunha das colinas de Roma, cecais no Aventino, cecais no Quirinal. Aquí, Eugenio Montes que é, como Chateaubriand, un ciudadano de Roma, sería quen poidera descubrir o noso don Diego I, arzobispo desterrado de Santiago, cuál era o coto do grande anfiteatro, da grande cantata de fontes inda non envolveitas en conceptos retóricos por Bernini de Roma, donde só a ialma podía complacerse, deitarse, co pensamento dos ríos que baixan de Santiago, daquel ambente místico, daquel templo de Compostela deica o mar de Arosa.

E embarcou e seguramente no barco foi a alma dos emigrantes, porque sempre tiña un cantar nos beizos e sabía falar coas xentes do pobo e dormía e cantaba e se recordaba dos seus antigos alumnos, de seus antigos compañeiros, de seus mestres e pensaba: "¡Oh, si nesta hora eu fora abade dunha boa parroquia de Presmarcos e *de Posmarcos ou da Maía, estaría, entón, entonando a miña antífona diante do pobo e saía a pasear nas miñas solainas; pero non, vou prá emigración!*" E así iba, hasta que un día o barco parouse; levantouse: "– Estamos en un porto"; non lle daba importancia; asómase e queda pra sempre engaiolado, queda pra moito tempo engaiolado por o espectáculo que se apareceu. ¿Qué se aparecía? Non era unha ninfa do mar; non era tampouco un tornado terrible, un deses fenómenos ou un monstruo, que sempre andan arredor da nosa imaxinación céltica e galega; non, era, sinxelamente, A Habana, a cidade que lle sorreía, como pode sorrir a dona dun pazo á porta dunha cancela ao pé dos vellos buxos. E Cabanillas, namorado daquela sorrisa mañanceira que parecía aguardar por el, deixou o barco, meteuse na Habana e alí sentiu a grande saudade da emigración e alí comenzou a súa obra.

¿E que vos vou decir da vida de Cabanillas? Foi unha vida adicada exclusivamente a recorrer tódolos camiños de Galicia, a pulsar en tódolas portas da pobreza e da grandeza, a escoitar na noite o murmular das lendas e das sagas; el aprendía igual do charetear do lume nas vellas cociñas campesías que adeprendía e sentía cada vez máis fondamente súa galeguidade e a forma poética, a forma de endecha, a forma de romance, a forma desta rima e a forma desta cadencia que lle foi dictada polas propias pulsaciós de grande corazón xeneroso, delorido e nostálxico do mar de Arousa.

Moitas veces parece que escoito a súa voz a carón de min; moitas veces parece que a súa sonrisa, que era sempre previa a calquera cousa: a unha conversación, a unha conferencia, a unha discusión parlamentaria ...; incluso aquelas raras veces en que Castelao se manifestaba duro e forte, que tamén sabía facelo, cuando había que defender a xusticia ou cuando había que exaltar a Galicia. Por eso, en este intre pecho os ollos e penso que non hai posiblemente, é mui difícil atopar no mundo un home a carón do cual se sinta esta sensación: a carón de Castelao non se podían ter sentimentos baixos, non se podían ter sentimentos viciosos nin concesiós á vulgaridade; por exemplo, estando con Castelao, a nadie se lle ocurría ir a unha sesión de cine vulgar en Santiago de Compostela por exemplo; ao lado de Castelao non podía haber aqueles aburrimentos de señorito de casino que antes eran tan frecuentes. O señorito de casino, cos seus chalecos de fantasía, coa súa uña fina, coa súa boquilla, co seu fume máis ou menos modernista, respirando poemas e tristeza. Todo eso non se podía concebir ao lado de Castelao. E hai que ter en conta que moitos dos homes que fumos grandes amigos de Castelao e que traballamos, ben ou mal (coido que ben, polo menos na intención), pola redención de Galicia, fumos tamén señoritos de casino porque era o final do século XIX e era o principio do século XX. De maneira que, ao lado de Castelao, cerca de Castelao, este era como o lume nas antiguas sociedades célticas; o lume era sagrado; diante del non se podía cometer villanía nin se podía cometer infamia nin se podía cuspir; era o mismo que unha fonte purísima deitando.

Como todo el, no medio da súa grande alegría, estaba sempre propon[do], sempre estaba conteñendo un salouco; levaba sempre consigo un salouco por calquera: polo meniño, polo paisano, polo desventurado e pra el había momentos en que todos eran dignos deste consolo do fraternal salouco.

De maneira que, el, que veía e que sentía aquela enorme masa campesina estendida sobre toda Galicia, a que está ligada ao chan, a que traballa tódolos días, a que afondou cos seus zocos os camiños que van polas ribeiras e polas montañas, aquela que sin[te], que traballou e convertiu unha terra de penedos, convertiuna nun xardín amorosamente cultivado.

Eu ao falar estas cousas adrede busco a risa; sin embargo, o meu corazón non ríe. Busco a risa para non cecais diante de vós instalarme nun salouco; porque eso sería a consecuencia natural de poñerme a meditar algún tempo, en este medio de arte sobre todo, en este medio de amistade, sobre Castelao. Porque eu con Castelao fun algo así como un camiño; non un camiño, como un camiño, un vieiro que máis ou menos por fragas, por soutos máis ou menos vai facéndose, pero solo se atopa tranquilo, solo se abre ao camiño da luna e ao camiño de soños e ao camiño das vellas historias e ao camiño da esperanza, cuando influie, cuando se comunica co grande camiño aberto de Castelao. Eu sentíao como camiñar ao meu lado; eu sin velo sentía a súa voz; eu sin velo sentía o seu paso.

A min paréceme que a vida de Castelao solo é unha. É un enorme vento; un enorme vento creador, cheo de sementes que vai esparexendo, que vén desde cavernas marabillosas, non como as de Eolo que eran proter-vas na antiga mitoloxía, e que unhas veces canta, pulsando os carballos e os castaños e as trabes dunha grande carballeira polifónica que responde con saloucos ou con himnos ou con berros a ese impulso; outras veces se engolfa dentro dun claustro arruinado e desperta as vellas emociós dos monxes primitivos; outras veces téndese desesperado, saloucante, por esas vastas gándaras de montaña, que no inverno se cubren de neve e que en toda época son a proba dos peregrinos galegos.

E Castelao foime a despedir á estación do Norte. Fai falta un libro sobre aquel andén da estación do Norte, de pedras duras, donde se escacharon tantas ilusiós de Galicia e donde naceron tan fermosos desenganos que libertaron a moitos galegos de caer na esclavitude de Madrid. Pois, Castelao me despide alí e diume un abrazo e dixo: "-*Vai haber unha guerra terrible e a vamos a perder nós*". E eu dixen: "– *Pero,* ¿como? "– Vamos a perder nós; eu che digo que non volverei a Galicia, que non *volverei a ver a miña nai, que non volverei a ver os irmaus, que non volverei abrazar un pino de Galicia*". E arrincou o tren; eu fixen o viaxe profundamente preocupado e a profecía cumpliuse en tódolos seus términos: Castelao non volveu nunca a Galicia.

Chegou a ter en Buenos Aires unha verdadeira adoración como a que tiña en Galicia. Recordaba as elecciós últimas da República: aquelas elecciós coa votación enorme que houbo en Pontevedra xa excedían dos límites dos partidos políticos. Aquelo era adoración como a un xefe de pobo. E podemos decir que en todo o decorrer do século XVIII e do século XIX non houbo un xefe de pobo, do pobo de Galicia, como Castelao. Un xefe que

non era xefe dun partido político; un xefe que era un xefe sentimental, un xefe das arelanzas, unha especie de patriarca, unha especie de Moisés, pra decilo con palabras ilustres e que non poden mentir.

12. [Autorretrato: humildade e xenerosidade][13]

Porque eu nacín co pobo e quero estar co pobo infindo de Galicia, palpitando co seu inmenso corazón, que aquí se mostra espido e glorioso.

Eu non son máis que un eterno estudiante; un estudiante que anda polos camiños, que moitas veces ten chegado a esta terra de Padrón, envolveita na néboa do ensono, cuando tódalas flores marabillosamente agroman.

E son un alumno dos graves soutos, deses graves soutos de castiñeiros, onde as follas van caíndo no outono pouco a pouco, manseliñamente, e parece que musitan unha oración e un consello antergo das nosas avoas e son alumno daquelas mañáns de Trasalba, nos claros Chaos de Amoeiro, donde todo é brilante como o seixo e como a pedra e donde o sol mañanceiro se encende primeiro ao Norte, ao pé da serra da Martiñá na ermidiña de Nosa Señora de Covas e polo poente na torre que señala os rumbos do Miño, na alta torre de Macendo; e, sobre todo, son amigo da conversación, e tamén dos silencios; porque entre amigos, moitas veces os silencios enseñan máis cás palabras, e vese nos ollos e vese nos silencios a latexar esa ave prodixiosa da imaxinación que vén doutras rexións alumiarnos; digo, nas conversas de Castelao, nas conversas de Vilar Ponte, nas conversas de tantos amigos, de tantos irmáns.

E eu dígome e dígovos a vós eiquí, diante de todos, que si teño algún mérito (que tódolos homes temos algún mérito, diante sobre todo da amizade e da xusticia afectuosa das almas xenerosas e nobles), o meu único mérito é haber sido un bo estudiante das fondas noites de Santiago de Compostela, cando esmoreceu a voz das campanas e vamos polas quintanas e polos claustros pescudando recordos daqueles mortos ilustres.

Mais eu, que noutra época levaba moitas veces meu paseo deica Santo Domingo e chegaba hasta a Cruz do Home Santo, de Juan Tourón, e chegaba á porta do cementerio, hoxe non paso por alí; hoxe, a min xa me asustan un pouco os cementerios.

Unha tarde, fai moito tempo, esto era unha noite compostelán, fun cun que era meu criado, alí da terra de Bande, home rexo chamado Genaro, home destes de pelo rizo e crecho, que estaba servindo en Artillería en Santiago e salía conmigo de paseo: "*–¿Imos a ver os mortos?*" "*– Imos*".

Chegamos ao pé de Santo Domingo, unha tarde borrallenta. Saben vostedes que aquel ouso, aquel ábside oxival de Santo Domingo que ao quedar sobre un cementerio foi escollido na época romántica pra pintar a decoración do Trobador, que se cantou no Teatro Real, e esa decoración inda se conserva nos rexistros ou nos arquivos do Teatro Real. Alí chegamos e moi ben; sempre tantos conocidos: cadeiráticos, estudiantes, belidas donas; parecía que acenaban. Mais cando chegamos, debaixo dos ousos: ¡Aquela terra negra! ¡Aquelas cruces negras! Alí está enterrado o vello Casares; alí está enterrado Nóvoa Santos. ¡O despoxo xentil de Nóvoa Santos, tan amigo da vida, está alí no sitio máis triste, quizais o máis desconsolador de Galicia!. E entón, tivemos medo e me dice o Genaro: "- *Don Ramonciño, lisquemos*". E liscamos deseguida. Parecía que había maus que salían da terra, que nos iban agarrar polas pernas.

E xa non volvo por alí nin na noite nin no día.

13. [Conclusión: fe no porvir][14]

Me despido de vós pedíndovos de todo corazón, na lumieira destas Xornadas Galegas que van a ser tan brilantes, sobre todo por a vosa colaboración, que elas sexan, como a lectura dos poetas, como a meditación vosa nas longas noites, que sexan o preludio desa nova Galicia que todos soñamos; esa nova Galicia en donde coas esencias antigas da arte románica que despertou o ser de Europa, da gracia renacentista, do Fausto do Barroco; esas virtudes adeprendidas na vida da parroquia, na vida de familia; porque toda Galicia, e esto se ve ben en Bos Aires, é unha grave, unha vasta asamblea de parroquias; as parroquias significan moito, significan todo: son a nosa familia, porque veñen dos clans dos antigos celtas, porque a ermida ou a iglesia florece sobre o lugar donde antes se erguía o castro axexador dos hourizontes.

En nome de toda esa fermosa Galicia; en nome, sobre todo, desa ta-

13 Fragmentos extraídos de diversas intervencións do orador xa mencionadas.

14 Discurso inaugural das Xornadas Patrióticas Galegas.






refa xigantesca que hai que facer, levando sempre, como decía Curros, un cantar nos beizos e unha estrela na frente, eu vos pido que nestas Xornadas quede un pouco máis que unha ledicia de lembranza, que sexa unha especie de fortecimento da vontade, da vontade austera, rexa, doce ao mismo tempo con todos, a fin de que podamos co tempo, podan ver as xentes destes novos tempos que se aveciñan como nas beiras do Atlántico aquelas primeiras palabras dos poetas, que sempre nos aconsellaron...; porque os poetas, en opinión de moitas xentes mui abastecidas na vida, son unhos revolucionarios e veñen a trastocalo todo, cuando a historia do esprito, a historia derradeira das civilizaciós e das culturas demostra todo o contrario; os poetas o que veñen é a reintegrar un orden que debía existir no mundo. Foi a ambición, foi o diñeiro, foi a opulencia, foi a vanidade, foi o que destrozou as íntimas relaciós dos pobos. Porque nun tempo, din que nun tempo de ouro, cuando a lira de Orfeo e cuando a lira de Ansión e cuando a voz dos bardos célticos fillos de Breogán, entonaban os seus cantos, entón as leies estaban escritas en verso e existía entre tódolos homes unha bondade, unha fraternidade, aquela amistade profunda que fai e que é a flor, que é a gala e que é a solemnidade das culturas.

E agora será fermoso, xa que non somos pobos pra facer unha épica nin pra facer unha política conquistadora, porque solo conquistamos pola amistade, pola arte e pola simpatía, podamos ostentar novamente ese poder lírico que ergue as almas e que faga de Galicia unha nova terra de promisión para todos aqueles espritos que pensen que o home é algo mui grande, que a cultura europea e americana é algo mui grande e que nas vellas terras de Galicia hai unha xuventude, hai un xenio de inspiración dormido nas carballeiras, nos soutos e nos arcos románicos, capaz de manter ergueita sempre no litoral dos Finisterres esa chama acesa que está no lindeiro do Universo e que chega diante do altar de Deus e da inmortalidade da Historia. ¡Moitas gracias! ¡Viva Galicia! ¡ Boandanza e saúde,Terra de Breogán!

ÍNDICE

CD 1
Corte
A fortuna da palabra 1
Saúdo: a ledicia do encontro 2
A memoria da infancia e da adolescencia 4
Ourense: o encanto do pretérito 15
O Galeguismo: entusiasmo e compromiso 23
Unha noite histórica: a gloria de Xelmírez 28
Galiza: a Patria descuberta 30
A expresión artística: primacía do Románico e do Barroco 35

CD 2
Corte
A paisaxe, a aldea, o camiño, o río,...: esencias de Galiza 1
Os poetas e a lingua: o poder do lirismo 11
Compostela: a cidade esencial 16
Rosalía, Cabanillas, Castelao: devoción, admiración, fraternidade 22
Autorretrato: humildade e xenerosidade 34
Coclusión: fe no porvir 40



Fotografía restaurada da cabeceira do banquete a Otero Pedrayo, o día 26 de xullo de 1959, no Centro Ourensán de Bos Aires, partindo da publicada no n. 192 de "Opinión Gallega". En lugares preferentes, e baixo o busto de Alexandre Bóveda, situáronse, entre outros, Otero Pedrayo, Antón Alonso Ríos e Manuel Puente.

Acceso ás grabacións
de D. Ramón Otero Pedrayo

Ramón Otero Pedrayo
Ourense, as súas terras e xentes

Consello da Cultura Galega (Arquivo Sonoro de Galicia)

Xantar homenaxe do día de Galicia
Centro Ourensán. Bos Aires 26 de xullo de 1959

Introducción e notas:
Afonso Vázquez-Monxardín Fernández
Transcrición inicial:
Marcelino Santiago Fernández

INTRODUCCIÓN: A VIAXE DE 1959

A viaxe de Otero a Bos Aires en 1959 está rodeada de circunstancias moi distintas á daqueloutras que fixera en 1947. Na primeira delas Europa acababa de saír da II Guerra Mundial e España vivía tempo de bloqueo e longa posguerra; os intentos de reconstruír a actividade cultural no interior aínda non pasaban de conxecturas ideais e non conseguiran a natureza orgánica que acadaron, desde 1950, con *Galaxia*. A represión política tiña aínda afastado a Otero do mundo das aulas, mentres que Ramón Piñeiro, por exemplo, aínda estaba no cárcere. Castelao, pola contra, estaba vivo e cunha actividade política que o levara mesmo a ser ministro dunha esmorecente legalidade republicana no exilio. O ciclo migratorio ó río da Prata estaba pasando por uns momentos de auxe antes de pecharse pasado o ecuador dos cincuenta.

Aquela primeira viaxe, relatada de xeito libre por Otero, fuxindo do dato e achegada ó sentimento e á evocación de lugares e situacións humanas, dará lugar ó fermoso libro *Por os vieiros da saudade*, publicado por *Galaxia*, en 1952 -e recentemente reeditado baixo o coidado de Marcos Valcárcel-, e que en boa medida suporá o relato do reencontro con xentes irmás próximas no corazón e afastado no físico, logo da fenda da guerra.

Esta segunda viaxe de 1959 foi a dun Otero xa símbolo vivo de identificación colectiva asumido polo máis consciente dunha sociedade civil galega que se ía, pouco a pouco, recoñecendo. Otero, reposto na súa praza do Instituto de Ourense e axiña convertido en Catedrático de Xeografía da Universidade de Compostela, viña de se xubilar en medio de homenaxes en Galicia e América. A propia *Opinión Gallega* -revista dos Centros Ourensán e Pontevedrés de Bos Aires- recolle nas páxinas centrais do número 191 de benvida a Otero de xullo de 1959, baixo o título colectivo de *Espresións de homenaxe a Don Ramón Otero Pedrayo*, a noticia dos libros que lle viña de dedicar *Galaxia* en Galicia e da *Homaxe da Galicia Universal* promovido por Silvio Santiago, Ramiro Isla Couto e Carlos Herrero en Caracas, onde estivera, nunha pouco coñecida viaxe, en 1956. A maioría das notas e poemas que publica *Opinión Gallega* nestas páxinas de benvida, proveñen desa última obra colectiva[1] que, coidamos, sería hoxe útil reeditar.

Nos actos públicos celebrados, sempre dentro dos contidos culturais agardables, nótase unha maior liberdade de palabra e amplitude de expresión de ideas, tanto nas referencias de prensa como nas gravacións conservadas. Mesmo

1 P. de Castelao, Virxinia: "*Pra Don Ramón*".
Alonso Ríos, Antón: "*O sentimento da nazón galega en Otero*".
R. Mourullo, Gonzalo: "*Momentos de Don Ramón*".
García Sabell, Domingo: "*Sete Velabis en Honra de Don Ramón Otero Pedrayo*".
Prada, Rodolfo "*Trasalba*".
Seoune, Luís: "*Saudo a Otero Pedrayo*".
Puente, Manuel: "*Otero Pedrayo e Castelao*".
Suarez Picallo, Ramón: "*O señor de Trasalba*"
Gómez Román, Manuel: "*Un nome esgrevío*".
E os poemas
Vázquez, Pura: "*A súa verba*".
Molinari, Victor Luís: "*Coplas de recuerdo para D. Ramón Otero Pedrayo*".
Pita, Emilio: "*Ramón Otero Pedrayo*".
Cabanillas, Ramón: "*A Otero Pedrayo*".
Capdevila, Arturo: "*Geografía*".

nos medios da colectividade, aparecen como convidados especiais a determinados actos, figuras simbólicas como dona Virxinia, a esposa de Castelao, ou o Secretario do Consello de Galicia, ausentes por razóns obvias nas referencias de prensa da viaxe de 1947.

Na revista *Opinión Gallega*[2] sinálase a propósito da chegada de Otero:

> *Aproveitando a felice circunstancia de atoparse en Buenos Aires o Socio Honorario do Centro Orensano, Don Ramón Otero Pedrayo, hoxe a máis outa figura de Galicia, o devandito Centro Orensano acordou agasallalo con un xantar a servirse na súa sede social, Belgrano 2186, o Domingo 26 de Xulio ás 12.30 horas. O número de tarxetas para ise xantar estará estrictamente limitado á capacidade do salón de festas da entidades, pois queréndose arrodear o acto da debida categoría, non se habilitarán mesas nas demais dependencias da casa come se ten feito noutros homenaxes... Serán invitados especiales, as dinísimas señoras Dona Virxinia P. de Castelao e Dona Josefina de Otero Pedrayo, o Segredario do Consello de Galicia, o presidente do Centro Gallego de Buenos Aires, o ilustre poeta arxentino Arturo Capdevila, e os presidentes dos centros provinciais Pontevedrés, Lucense e Coruñés.*

E no número seguinte do mesmo xornal, cando se fai relación das "Distinciones y agasajos" de que foi obxecto Otero, aparece citada unha recepción de *Irmandade Galega*, grupo político que representaba a organización do galeguismo máis ortodoxo, segundo os postulados dos epígonos de Castelao en Bos Aires xuntados ó redor do Centro Ourensán; e mesmo unha cea cos integrantes do *Consello da Galicia* e outros convidados[3]. É obvio que ainda que non eran tempos de liberdade, as cousas cambiaran o suficiente como para poder facer públicos, aínda que con discreción, eses contactos e encontros.

Don Ramón Otero Pedrayo fora convidado a repetir a súa viaxe de 1947 polo presidente do Centro Galego, Don José Villamarin Prieto, nunha visita a Trasalba en 1958. Nas eleccións de comezos de 1959 houbo relevo na presidencia da entidade, entrou Don Ricardo Badía, quen "no solo aconsejó que tal invitación fuese ampliamente referendada por la Junta Directiva, sinó que hizo cuanto estuvo a su alcance para que el ilustre visitante fuese recibido y rodeado de las atenciones que correspondían a su alta personalidad y tuviese el adecuado marco dentro del cual pudiese desarrollar su actuación cultural".[4]

Durante a primeira quincena de xullo, viaxa desde Vigo no vapor "Monte Umbe" ata chegar a Montevideo. Alí o reciben D. Ricardo Badía, presidente do Centro Galego, acompañado do tesoureiro da entidade, e de Don Manuel Puente e D. Rodolfo Prada, amigos desde, cando menos, a viaxe de 1947, e membros da Comisión especial designada pola Directiva do Centro Galego. Axiña empezará en Bos Aires, unha actividade desbordante, que podemos seguir pola prensa galega, sobre todo pola revista *Galicia* do Centro Galego e pola *Opinión Gallega* do Centro Ourensán. Por sorte, durante esta estancia, Segundo Pampillón, ex-alcalde republicano do Concello de Mos e home vinculado ó mundo da radio, foi encargado polo Centro Galego de seguir a Otero, gravando os actos nos que participaba. Gracias a ese seguimento hoxe temos uns fondos desta visita moi vizosos: dezasete intervencións que os Centros Galego, Centro Galicia e a familia Pampillón nos permitiron copiar para o programa Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega.

Sabemos que, alomenos, participou nos seguintes actos públicos:

O venres dezasete de xullo, asiste á tradicional *Homenaxe ó periodismo* na Sociedad Gimnasia y Esgrima, co que os organizadores das Xornadas Patrióticas motivan á prensa arxentina para que dea difusión ás actividades dos seus convidados.

Dous días máis tarde, o dezanove domingo, asiste á Inauguración das Xornadas Patrióticas no Teatro Avenida e pronuncia un tan aplaudido como emocionante "saúdo á colectividade"[5].

2 *Opinión Gallega*, nº 191, junio-julio 1959 "O Centro Orensano celebrará a Data de Galicia con dous actos de outa categoría".

3 *Opinion Gallega*, nº 192, agosto-octubre 1959: "Distinciones y agasajos a Otero Pedrayo":

...."Sesión pública celebrada en su honor por la entidad patriótica Irmandade Galega.

Cena ofrecida por Don Manuel Puente en la Sala Castelao del Centro Orensano, de la cual participaron los señores Antonio Alonso Ríos, Don Ramón SuárezPicallo, D. Elpidio Villaverde, el presidente del Centro Gallego D. Ricardo Badía, los presidentes y secretarios de los Centros Orensanos, Pontevedrés, Lucense y Coruñés, el presidente de Irmandade galega y un núcleo de otras figuras representativas de nuestra colectividad".

4 *Opinión Gallega*, nº 192, agosto-octubre 1959

5 Parte desta intervención, (5' 14") conservada íntegra nos fondos do Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega, foi editada pola RTVG e *O Correo Galego* no CD *Galicia América* en 1993.

Ó día seguinte, asiste 4 Inauguración da Sección Oucinde da Biblioteca do Centro Galego.

O mércores vintedous, pronuncia a conferencia "Europa y Galicia" na Facultade de Filosofía e Letras, onde é presentado por Don J.L. Romero.

O día vintetrés, na aula magna do Colexio Nacional fala sobre "La cultura clásica como anhelo y como recuerdo". O día vintecatro de xullo, participa na Homenaxe a Rosalía diante da estatua da escritora no local do Centro Gallego. Alí coincidirá co afervoado rosaliano, e un dos impulsores da recuperación da Casa da Matanza e da fundación do Patronato Rosalía de Castro, Don José Mosquera Pérez[6].

O Día de Galicia, sábado vintecinco de xullo, participa pola mañá no Panteón do Centro Galego no Cemiterio da Chacarita, no tradicional "Funeral cívico en homenaxe ós socios desaparecidos". Á tardiña será un dos eixos dos actos festivos e musicais no Teatro Colón.

O día vinteseis, domingo, participa pola mañá na tamén tradicional homenaxe ó Xeneral San Martín antes de asitir ó xantar que lle rende o Centro Ourensán, onde pronuncia as palabras recollidas nesta gravación.

O día vintesete luns, falará na Sociedad Argentina de Escritores (SADE) sobre "Escritores Gallegos del siglo XIX".

O día vinteoito martes, no local social do Centro Gallego, presidirá unha mesa redonda sobre "Temas de Cultura Galega" onde tamén terán voz Rafael Dieste, Arturo Baltar, Xosé Núñez Búa, e Eduardo Blanco Amor"[7].

O vintenove de xullo celebrarase un banquete na súa honra na sede dos centros Pontevedrés e Coruñés.

O día seguinte, asistirá á conferencia de Eduardo Blanco Amor sobre "Los poemas gallegos de Lorca", como podemos escoitar na lacónica referencia que lle dedica o autor de *A Esmorga* no inicio da súa intervención[8].

O venres trinta e un dictará, no local social do Centro Galego, unha das charlas de maior lembranza en Bos Aires: "Cinco noites en Compostela", co que se pon remate oficial ás Xornadas Patrióticas Galegas de 1959. Sen embargo, as actividades continúan.

O catro de agosto, no "Instituto Popular de conferencias" que sostén o xornal *La Prensa* disertará sobre o "Centenario de Humboldt y Titter, creadores del moderno sentido geográfico".

Convidado pola Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Nacional de Cuzco en Mendoza, trasladouse nos días seguintes, á cidade andina para pronunciar dúas conferencias: unha ó redor de "Trafalgar, Larra y Cánovas del Castillo" e outra sobre "Galicia en la Edad Media". Aproveitou a estancia para estar cos galegos en actos organizados pola "Irmandade Galega" de Mendoza e polo "Lar Gallego" -nun banquete onde asistiron como convidados especiais o Profesor Kriiger e Don Gumersindo Sanchez Guisande- e mesmo para visitar unhas adegas do bo viño mendocino.

O catorce de agosto terá un encontro coa mocidade galeguista na homenaxe que lle tributa a entidade bibliográfica galega "Follas Novas", que promovía daquela en Bos Aires, Xosé Neira Vilas. Neste importante acto, logo da introducción de Neira Vilas, tomarán a palabra Antón Alonso Ríos, Xosé Blanco Amor, Antonio Baltar, Rafael Dieste,

6 Editados entrambos discursos polo Consello da Cultura Galega e o Patronato Rosalía de Castro, nunha casete, co titulo *Ofrenda a Rosalia no Centro Galego de Buenos Aires, 24/7/59*.

7 A intervencion deste último foi unha das pezas seleccionadas para a primeira edición do Arquivo Sonoro no ano 1992, Nela manifesta, cunha mordaz ironía, un distanciamento das opinión de Otero Pedrayo a quen chamaba, nos seus círculos de acólitos "a esfinxe". Blanco Amor pasaría pouco despois desta viaxe de Otero por grandes problemas dentro da colectividade pola súa amizade co Consul da España franquista, Lojendio. Mesmo, no exemplar de *Opinión Gallega* nº 192 que dá conta dos actos celebrados por Otero nesta viaxe, figura un texto que baixo o epígrafe de "Sanción del Centro Orensano al socio honorario Eduardo Blanco Amor" di:

"La Comisión Directiva del Centro Orensano de Buenos Aires, en sesión celebrada el 30 de octubre en curso, tomó el acuerdo por unanimidad de suspender en su catacter de Socio Honorario a D. Eduardo Blanco Amor hasta su próxima Asamblea General de socios en que pedirá que sea anulado el correspondiente nombramiento.

Tan grave sanción se ha debido a la inconducta patriótica y a la fata de ética de quien habiendo sido galleguista y republicano combatiente en la tribuna, tomó publicamente parte de un homeaje rendido a un alto miembro de la Representacion Oficial del Régimen Franquista en Buenos Aires y pronunción en tal acto un discurso de clara tendencia claudicante que por su texto y sentido contituye una ofensa a la sagrada memoria de las victimas del franquismoy una repudiable desviación de la linea galleguista y republicana".

8 Blanco Amor, E. :*Los poemas gallegos de Federico García Lorca*, Consello da Cultura Galega, 1995 (casete *As nosas voces* nº 7).

Victor Luís Molinari e Ramón de Valenzuela. Presentaron o acto, Anisia Miranda e Pilar Xeremías. As adhesións chegaron desde a Casa de Galicia en Nova York, agrupacións galegas de México, Venezuela, Uruguai, varias de Bos Aires e da Arxentina, do grupo Brais Pinto de Madrid, e dun grande número de persoeiros da cultura galega de diferentes xeracións, desde Ramón Cabanillas ou o grupo Galaxia ata Carballo Calero e Méndez Ferrín.

A despedida pública da colectividade farase nun grande banquete organizado pola Comisión de Homenaxe nos locais da Federación de Sociedades Galegas o 15 de agosto. O seu compañeiro nas Cortes Constituíntes da República Española, Don Ramón Suárez Picallo sería o encargado de facer unha tan fermosa como reivindicativa *laudatio*[9].

Poucos días despois, voltaría á Terra a bordo do barco Monte Udala.

Ó longo da súa estancia, interviría tamén en cinco programas de radio, en Radio Nacional e Radio El Mundo nas homenaxes do Día de Galicia, e nas tres audicións da colectividade: "Galicia Emigrante" de Luís Seoane", "Recordando a Galicia" de Maruxa Boga e "Estampas Gallegas", Asistiría a diversas recepcións na Academia Argentina de Letras, na sesión da Comisión de Cultura do Centro Galego, na Irmandade Galega de Bos Aires, no coro "Brétemas e Raiolas" e na Galería de Arte "Velázquez".

Outros banquetes de homenaxe foron organizados pola Asociación Galega de Universitarios, Estudiantes e Artistas (AGUEA), polo Centro Lucense, pola Editorial Citania, polo Consello de Galicia, polas autoridades dos centros galegos de Bos Aires e Montevideo.

Para termos a crónica exacta desta intervención ós postres do xantar servido no Centro Ourensán, o día 26 de xullo de 1959, nada mellor que seguirmos a crónica publicada na revista *Opinión Gallega*[10], onde acompañada de dúas fotos da cabeceira e do público asistente, se fai arelación do acto baixo o título de "Agasallo a Otero Pedrayo" na súa primeira páxina:

Este afervoado desexo das xentes do Centro Orensano, de honrar e agasallar ó seu ilustre conprovincian, Socio Honorario e figura cume hoxe da Galeguidade, Don Ramón Otero Pedrayo, aproveitando súa presencia en Buenos Aires como Invitado de Honor do Centro Galego. Tan nobre desexo puido cumprirse gracias á mercede da Xunta Directiva do Centro Galego que tivo a curtesía de non programar ningún acto pra data do 26 de xullo, cedéndolla en xesto fraternal ao Centro Orensano pra que puidese agasallar a Otero Pedrayo.

O agasallo consistiu nunha receucion e gran xantar na Sé Social do Centro Orensano, o domingo 26 de xullo a meiodía.

Don Ramón Otero Pedrayo, e a súa dinísima dona Doña Xosefina Bustamante fixeron a sua entrada no casal do Centro Orensano en medio de fortes aprausos que lle tributou a multitude de socios que os agardaban con afervoado entusiasmo. Os esgrevios visitantes, acompañados do presidente Don Delmiro Morenza, do segredario D. Anxel Sánchez Romero e dos membros da Comisión Direitiva recorreron as dependencias do Centro: Sáa de Castelao, Presidencia, Biblioteca, etc. Detivéronse a contemprar, visibelmente emozoados, a vitrina que garda a mascarilla de Castelao e o vaciado en bronce da súaman dereita que trazou seus xeniais dibuxos.

O XANTAR

As longas mesas tendidas nas dúas seizóns do Salón de Festas, vianse acuguladas de comensaes cando D. Ramón Otero Pedrayo ocupou, en medio de quentes aprausos, a cabeceira na compaña do presidente señor Morenza. Ocupaban os postos de honor, amais da dona do agasallado, D. Antón Alonso Ríos, D. Ricardo Badía presidente do Centro Gallego, os presidentes dos Centros Pontevedrés, Lucense, Coruñés e da Irmandade Galega, D. Claudio Fernández, Don Manuel Puente, D. Isaac Díaz Pardo, e o lider das libertades portuguesas Capitán Enrique Galvao. Xunto á cabeceira locían as bandeiras arxentina e galego flanqueando unha gran fotografía de Castelao. Os bustos en bronce de tres señeiras figuras ourensáns: Curros Enriquez, Lamas Carbajal e Alexandro Bóveda, elí estaban tamén no salón como simbólica representazón do espírito de Ourense.

Aos postres dixo unhas axeitadas verbas de saudo e de benvida a Otero Pedrayo o segredario do Centro Orensano D. Anxel Sánchez Romero. A seguido fíxolle o ofrecimento do agasallo o presidente D. Delmiro Morenza en espresivas e quentes frases. A cárrego do membro da

9 *Ramón Suárez Picallo e Ramon Otero Pedrayo en América II*. Consello da Cultura Galega, 1994, (casete *As nosas voces* nº4)

10 *Opinión Gallega*, 1 192, agosto-octubre 1959: "O Centro Orensano celebrou o día de Galicia con dous brilantes actos: Homenaxe a Curros Enriquez. Agasallo a Otero Pedrayo".

Comisión de Cultura do Centro Orensano, D. Rodolfo Prada estivo o discurso de circunstancias.

Veleiquí algúns treitos do discurso do discurso do Sr. Prada:

O Centro Orensano -quente e honroso fogar da familia ourensán de Buenos Aires- está de festa niste día. ¡Festa grande no espírito e no corazón dos ourensáns! Festa ventureira, pola sorte insigne de ter na nosa compaña ao máis ilustre fillo de Ourense dos nosos tempos; tamén a máis esgrevia figura da Galicia de hoxe. Festa que é crara i espresiva mostra do agarimo, da ademirazón e do respeto que os ourensáns lle rendimos afervoadamente a ista visita que á sere histórica, nista visita que nos honra e nos enche de ledicia: a visita do irmán maor Ramón Otero Pedrayo.

Qué honra e que ledicia nos doa vosté, Don Ramón, ca súa compaña! Honra inmensa, pola súa xerarquía inteleitual moral e patriótica, xerarquia a máis outa brilante e consagrada da nosa Terra. E leda fonda e intensa pois súa presencia, súa voce, seu esprito, céibanos aos ourensans

emigrados das anguriadsa morriña. Con vosté a nosa beira, dáse o prodixioso milagre de sentire de ollar a carón noso, a sagra nai Galicia.

Con vosté, Don Ramón de Trasalba, chega a nós a Galicia máis enxebre, e polo tanto a máis auténtica, chega a nós a prócer Galicia do agro, cos arumes, as coores e o verdume da súa belida paisaxe; ca máxica orquestazón do bruar do mare, do fungar dos ríos, do marmexar dos regueiros, do vento abaneando ritmicamente carballerias e piñeiraes; chega a nós a Galicia do agro co seu elemento humán, ¡o grandeiro señor da nosa Terra, o labrego, que, ó longo dos séculos, co seu traballar arreo con amore e ilusión, fixo da nosa Terra un verxel, unha abrayante obra de arte, como vosté mesmo nos ten dito tantas vegadas; chega a nós a Galicia co seu grande señor do mare, co seu mariñeiro arriscado i heróico, que xoga a cotío súa vida nos balbordos oceánicos; chegan a nós, os labregos e os mariñeiros, pobo auténtico, cerne da nosa patria, a quenes lles debemos nosos máis validosos tesouros; os tesouros das nosas tradiciós, dos nosos cantos, a nosa garimosa fala que eles gardaron con agarimo e mantiveron latexante nos vales, nas montanas e na beira mar, defendéndoa ceosamente e salvándoa do total asopallante pola lingua imperial que nos foi imposta dende fóra.

Con vosté, Don Ramón de Ourense, chega a nós o latexar vilego de Galicia, o ronsel do noso desenrolo histórico dende as primixenias citanias de nosos abós que sucumbiron defendendo o chan patrio das hostes románs, ate os núcros, -"urbs"- que foron rompeolas de moitas invasións, "urbs" nas que callou nosa formazón latina.

.....

Con vosté, Don Ramón de Sant Yago de Compostela, chega a nós a esprendente Galicia espritoal, a Galicia do sentir e do pensar, a Galicia célula de Universalidades.

A Galicia do novo heróico renascer da cultura galega.

.....

O multipre Don Ramón de Trasalba de Ourense, de Sant Yago, de Galicia, témolo hoxe -¡diada ventureira e lumiosa!- no seo diste Centro Ourensano. Parescera pequena chouza para acobexar a tan grandeira personalidade. Mais vexa Don Ramón que iste fogar, non embargantes súa humildade, é dino de vosté porque foi fundado pra sere permañente fogueira de patriotismo galego

.....

FALA OTERO PEDRAYO

Cando Don Ramón se ergue para agradescero agasallo, os comensaes lle tributaron pechados e longos aprausos. Logo encetou Otero Pedrayo seu maravilloso discurso e o xentío sumiuse no maor silenzo para non perder verba, silenzo que se fendía con moita frecuencia pra rubricar, con salvas de aprausos e ovacións, párrafos cautivadores do orador. D. Ramón espresou a ledicia e a emozón que sentía ao estar na compaña de emigrantes ourensáns no seo do Centro Orensano de Buenos Aires de cuia laboura patriótica e cultural fixo quentes loubanzas. A verba prodixiosa de D. Ramón adicouse dispois a lembrara cibdá de Ourense, a percorrer súas rúas, a describir as figuras tipicas e pintorescas de hoxe e de onte, a relatar feitos históricos... Deixou a cibdá e deuse a faguer unha cautivadora viaxe polas vilas e comarcas da provincia... É imposible, de toda imposibilidade, o poder refrexar; nin sequera aprousimadamente, as brilantes descriuciós da paisaxe, as graciosas anéidotas, as referencias históricas, o dibuxo de persoaxes e moimentos que van xurdindo da caudalosa verba de D. Ramón. Os ouvintes o seguían suxestionados e abrayados pola beleza espositiva, pola fondura de conceutos, polo vóo imaxinativo...le xa seus curazóns choutaban de ledicia, como xa seus ollos amostraban a humedade das bágoas! Rematou Don Ramón con un fermoso canto a Galicia e a seu futuro ventureiro. Os comensaes postos de pe acramárono unanimemente.

Afonso Vázquez-Monxardín Fdez.

OURENSE, AS SÚAS TERRAS E XENTES
Discurso no xantar homenaxe do Día de Galicia
RAMÓN OTERO PEDRAYO
CENTRO OURENSAN
Bos Aires
26 de xullo de 1959

Queridos amigos e irmáns:

Señor presidente do Centro Ourensán, do Centro Galego, dos centros de Pontevedra, de Lugo, da Coruña[11], tantos amigos, tantos artistas, tantos compañeiros, tantos compatrianos, podedes estar seguros e ben vos decatades, de que neste intre, pra min un premio, para min a flor e a rosa da miña vida, estou facendo un esforzo moi grande pra coutar as bágoas.

Cheguei a esta casa, como cheguei a América, como cheguei ás loitas da vida, sempre amparado por estas presencias, estas presencias de verdadeiros númenes da galeguidade e do porvir de Galicia, estes homes que pareceron anxos deitados, e descidos desde os arcos do Portico da Gloria para traer a Galicia a lei redentora, a lei divina da beleza e do cumplimento dos seus destinos, que foron Castelao e Boveda, cuias cinzas inmorredoiras quentan pra sempre e dan forteza e dan esprito ós eidos da nosa terra, do noso corazón e da nosa lembranza.

Castelao, que era daquela vila de Rianxo, beiras do mar tremelocente de Arosa, onde tódalas cousas e tódolos caracteres adequiren unha dimensión tráxica, en donde sólo se é, ou santo ou demo, ou bon ou malo. Daquel Rianxo, que ten os millores marifieiros, e tivo aquel almirante Paio Gomez Charino[12] que foi o primeiro poeta europeo do tremolecer do mar Atlántico. Alfonso Rodríguez Castelao que nos chamamos, máis ben, Daniel, porque aquela sorrisa do apóstolo Daniel do Pórtico da Gloria, era o sorrir de Castelao, era o sorrir aberto a tódalas desgracias, a tódalas venturas, a tódalas probezas, a tódalas escravitudes e a tódalas esperanzas, amaba fondamente Ourense. E alá no ano trece, cando estes rapaces que trouxeron eiquí fai unhos intres aquel aire gracioso das rúas de Ourense[13], da Burga e da rúa do Pelouriño e da calle Hernán Cortés e daquelas tabernas onde ferve o viño, e daqueles hortos onde cantan os millores reiseñores do mundo, porque no xardín do bispo de Ourense e nas beiras do Miño os reiseñores son verdadeiros romeos que cantan as súas xulietas á luna, cunhas arcadas de seda que non produxeron nunca os millores divos do mundo.

Este Ourense foi amado por Castelao e nel atopábase ben, e o ano trece fixo[14], nunha casa que xa desapareceu para facer a de Olmedo na rúa do Instituto[15] e noutra casa que é unha casa do Espolón, do cal falarei logo, porque eu son o derradeiro paseante do Espolón. Hoxe todos coñecedes o Espolón de Ourense, xa non pasean máis que por alí fantasmas, pero eu aínda na outa noite, cando a xente cansada do traballo repousa, cando unicamente algunhas xentes se reunen en sitios brilantes e elegantes eu vou a pasear polo Espolón de Ourense. E baixo aquelas arcadas sinxelas mirando a vella plaza, baixo os sones de reló da catedral e contemprando o reló do aiuntamiento a min me parece que vexo pasar toda a historia apaxioada, bulreira, humoristica, brilante deste Ourense que sendo moi seu, foi sempre universal. Este Ourense que foi xentil con todos, que tivo sempre as maos e o corazón aberto a todolos forasteiros e que sólo é intrasi-

11 Como é ben sabido o Centro Galego é a organización mútua asistencia -fundamentalmente médica- de maior tradición na colectividade galega e foi fundado en 1907. Os centros provinciais teñen unha longa xestación nos años corenta e cincuenta como intentos de unifica-las asociación de base local ante o retroceso da emigración. Sen dúbida o Centro Ourensán era o que proxectaba un espírito máis marcadamente galeguista, polo que foi a verdadeira -casa- desde a que traballou Castelao no seu exilio. Nos comezos dos oitenta remata o proceso de unificación dos centros provinciais -e de moitos locais- no grande Centro Galicia que hoxe é a organización social máis dinámica da colectividade galega naquelas terras. Manteñen vida independente, sen embargo, a histórica Federación de Sociedades Galegas e varias ducias de asociación de base local (centros Lalín, Betanzos, Carballiño, etc.).

12 Trobador galego descendente dunha liñaxe asentada na comarca de Pontevedra. Naceu ó redor de 1225 e participa na coquista de Sevilla ó poder musulmán en 1248 con Fernando III. A súa proximidade á casa real vémola no casamento da súa irmá co mordomo-mor e privado de Afonso X. En 1284 convértese en "Almirante do mar" e será unha das figuras destacadas do reinado de Sancho IV. Uns anos máis tarde, en 1290 desenvolverá o cargo de meiriño-mor do reino. Morre en 1295 e é enterrado no convento franciscano de Pontevedra, nun fermoso sepulcro se aínda se conserva.

13 Un grupo de mozos asistentes ó acto entoaran unha cantiga saúdosa sobre Ourense na que introducen como protagonista ó propio Don Ramón.

14 Por segunda vez Otero «tenta» falar da primeira exposición individual de Castelao celebrada en Ourense, por certo en febreiro de 1912. A fervenza de ideas impídello.

15 Otero utiliza o vello nome cambiado en 1925 polo de Lamas Carbajal. A casa de Olmedo é a que fai esquina entre esta rúa e a de Pontevedra máis coñecido hoxe polo nome dos almacéns «Alfredo Romero» que neles se asentan.

xente cunha cousa: coa pedanteria. En Ourense pódese ser o que se queira, pero presumido e podente non. Porque de seguido o espíritu de Ourense se levanta...

Eu, queridos amigos, quixera contestar punto por punto a tantas manifestacións de agasallo e de simpatia como fun ouxeto eiquí polo único mérito de haber nacido fai setenta e un anos e medio na Rúa da Paz, chamada Rúa dos Zapateiros noutra epoca, e como sempre fun tan fino, hasta non quixen molestar e nacín nun sofá, que aínda se conserva. Nacín na mesma casa onde naceu Vicente Risco meu maestro na galeguidade. Nacín moi cerca da casa onde se criou, nunha tenda de ultramarinos entre as confituras preciosas de entonces e entre os libros teolóxicos, Antonio Rey Soto[16]. Nacín moi cerca do Xocas, o Xaquín Lourenzo e aquel inmorredoiro Xurxo Lourenzo[17], o seu irmán, que foron sempre grandes artistas, e que moitas veces na outa noite de Ourense, esta noite que unhas veces está toda ben pechada e ben acugulada de néboa, esa néboa espesa dos invernos ourensáns que medran a sede das gorxas e ó mesmo tempo fannos máis espirituales, porque é un paisaxe abstracto, un paisaxe case metafísico, moitas veces me deron serenatas coas súas guitarras e coas súas bandurrias.

Eu quixera responder ás verbas primeiras que aquí se dixeron esta tarde, evocando ós grandes cumes, ós grandes maestros da galeguidade, que son como o Pico Sacro, como a Serra de San Mamede, como o Santa Tegra dos nosos destinos espirituales. E eu quixera responder ó señor secretario deste Centro[18] que en verbas sinxelas, orballadas polo sentimento do corazón falaba da nosa lingua de Galicia, aquela lingua que foi o romance agasallado polo rei Sabio, que foi o primeiro romance entre os franceses, os italianos e os portugaleses e os casteláns, en donde se celebrou a beleza da muller, onde e celebrou o esprito dos cancioneiros, onde houbo unha risa e unha bágoa de xeito e de estilo moderno.

Eu quixera responder sobre todo a eses versos que un daqueles antigos alumnos meus do instituto me adicou[19]. Eses versos teñen a mesma cadencia que ten a ponte romá de Ourense pasando o río Miño, ten a cadencia daquelas seráns de Seixalbo, e da Lonia, e de Rabo de Galo e de Casixova, e de Montealegre en donde os piñeiros teñen unha fragancia baixo o sol que non teñen no agro romano. Daquelas parreiras que agora nestes días de raxeira son o acollimento de tantos que van buscando o frescor e ó redor dunha xerra de viño derrochan e gastan tesouros de inxenio, porque en Ourense gástase inxenio ós montóns, sen reflexalo en libros, sen reflexalo en conferencias nin en poemas, da misma maneira que a Burga, sempre corazón volcánico, sempre corazón geológico de Ourense, está vertendo sen pedir a ninguén medida nin precio, a xenerosidade do seu calor, do seu canto, do seu férvido entusiasmo

16 (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense 1879; Madrid, 1966). Poeta, dramaturgo, sacerdote e bibliófilo ourensán que publica maioritariamente en castelán e que ten unha vida moi intensa. Vive en Ourense, Madrid, Cuba Guatemala, Santiagoe consume os seus derradeiros anos no Convento mercedario de Poio onde se encontra hoxe a súa coñecida e magnífica biblioteca.

17 Xurxo Lorenzo Fernández (Ourense 11-2-1910, Zaragoza 3-4-1934) Inseparable irmán de Xoaquín morto moi novo de ictericia mentres estudiaban en Zaragoza. Participou en tódalas actividades de investigación etnográfica e de promoción da cultura galega do grupo de Ourense na súa curta vida, o que o fixo merecente das máximas gabanzas nos artigos fúnebres publicados na revista Nós.

18 O Sr Sáchez Romero quen pronunciara as primeiras palabras do acto.

19 Alfonso Gayoso Frías (A Valenzá, Barbadás, Ourense 1905-Buenos Aires 11-8-1970). Profesor de inglés nos anos anteriores á guerra civil, deberá exiliarse pasando de Xibraltar a Tánxer e de alí a Cuba, Venezuela e Arxentina, onde traballou nas comisióndse cultura do Centro Ourensán, do Consello de Galicia, etc. Foi un poeta sinxelo, de vena popular e costumista que publicou numerosos artigos, contos e poemas na prensa galega de Buenos Aires, así como varios libros costumistas: «Os fidalgos de Rante», «Galeguidade. Humor, saudade e patria», «Namoros e reguifas». O poema escrito para a ocasión, e recollido logo na *Opinión Gallega* nº 192 de agosto-outubro dese ano 1959, dicía:

"¡E por fin, veu Don Ramón! /Pois vén si do alén do mar/ co seu sapente bagallo/pra ver pasar antre nós/ iste día de Sant Yago./Para ver de aminguar con ilo/ coitas, macelos, salaios/ dos que en racial moitedume/ tan lonxe do lar andamos./ ¡Pra tan nobre cometido/ é ben na ausenza alentamos/ xamais Galicia poidera/ nuncio millor ter mandado./ Xa que dende Acuña é Curros,/ ó Mestre -que eiquí gardamos-/ tivo a Terra embaixador/ pra ilo máis axeitado/ Pois súa verba prendidos/ e do seu saber guindados/ nun reconto de lembranzas/ das cousas que alá deixamosnu/n ancear de porvires/ nun relatoiro do arcano/ os hirmáns na emigración/ todos con il viaxamos/ polos vieiros da historia/ do pobo en que fomos nados:/ Polas antergas calzadas/ que bordexaban os castros/ por enderredor das vilas/ por enderredor dos pazos/ polas rurás corredoiras/ dos campesíos poboados/ polos agros verdecentes/ que enmeiguiza o sol de maio./ Por soutos e carballeiras/ sempre traspondo regatos/ na busqueda dos currunchos/ que a todos nos son caros/ E se a noite nos sorprende/ por sendeiros non trillados,/ seguimos a viaxar/ baixo

a luz resprandecente/ do seu lumioso facho,/ que vai marcando roteiros,/ que vai no tempo avantando,/ que vai abrindo hourizontes/ no abrente que procuramos / ¡I é por iso Don Ramón,/ que pra honraro Día Patrio /Galicia xamais poidera/ nuncio millor ter mandado!".

que latexa como un podente, como un antigo e inmorredeiro corazón, no cerne da nosa terra.

Eu quixera responder tamén a eses versos que me conmoveron e fixeron que os meus ollos choraran, porque en el vén a vella cadencia de xuventude, vén a vella cadencia de Galicia. E vexo aquel instituto entre o Posío e a iglesia da Trinidade. Aquel instituto coas súas fiestras abertas ós cotos do Salto do Can, onde hai unhos piñeiros que son dignos da campiña romana. Aquel instituto a carón do Posío que cos seus árbores, cos seus macizos de roseiras, é o xardín de Galicia que millor reflexa, -como se fora unha ágora sensitiva, como se fora unha grande camelia dos pazos- as variacións do tempo e unhas veces está triste e outras veces está ledo. E alí é donde primeiramente apunta o sorrir e o xermolar da fermosa primaveira e onde se demora longamente polos tempos de San Martiño, aquel día once do mes dos Santos, que é o verdadeiro día ourensán, en donde se fan os magostos e onde todo arredor da vila, naquelas costas aromadas se levantan os fumes dos magostos, que parecen os fumes do sacrificio antigo. E é que Ourense despide o sol, o sol que madurou as parreiras, o sol que cantou os corazós, o sol que se acendeu nas cantigas,o sol que ardeu nos viños dos bares e das tabernas. E ó despedilo dedícalle eses magostos con esas leves esencias de fume que son como belidos poemas elexíacos en que se dice ese inmorredeiro adeus que a terra galega esta decindo sempre ó que pasa, ó tempo, porque o mismo na nosa situación, somos ó mesmo tempo fillos desa grande lección das escrituras que todo pasa, -"sicut soles, velut nubes, velut umbra"-, como soles, como as nubes, como as sombras. E as nubes, os soles e as sombras pasan por Ourense sempre elegantemente, delicadamente.

E por final, eu quixera responder, punto por punto, a esta gloriosa evocación que fixo Prada[20], home das beiras do Miño, cuio berce foi arrolado polo cantar xigante dese río que é petrucio e que é prioiro, que é fidalgo e que é cancioeiro, que nas altas cumes de Lugo fíxose mozo granduxo e sólo ó chegar a Ourense e recibir os seus desposorios co Sil, entonces é o mestre das grandes cancións. E el arrolou o berce de Prada para que así sepa sentir lonxe da terra tódalas palpitacións da nosa gloriosa historia. Porque Galicia vén a ser, non como se ben dixo, unha punta de Europa: un brote de Europa, un porto en donde Europa embarca para a eternidade, onde sempre se dice adios porque vai vencendo a historia. E por eso Prada nos seus belidos concentos fixo pasar por eiqui tantas figuras gran des de Galicia. Fixo pasar aquel pasado céltico que está aínda nos nosos cotos, que está ergueito naqueles cotos de Montealegre que hoxe por desgracia vin, aínda fai un mes, que estaban encetados polos canteiros... Cando aquelas pedras do coto de Montealegre son o noso monumento, son as nosas pedras druídicas donde noutra epoca se erguía unha cruz que produxo moitos disgustos e moitas cousas pintorescas na intelectualidade ourensán. Pero que eses cotos siguen sendo o monumento prehistórico e eterno, erexido pola naturaleza sobre aquel val de Ourense arreconchegado que ten unha forma de corazón.

E Prada evocou ó bispo Hidacio[21] que era un ourensán de "Aquas Flavias", o primeiro que tivo un sentimento de historia universal, e evocou ós vellos bispos de Ourense, aqueles bispos duros, cabalgadores, matadores do porco bravo nas serras de San Mamede, que ergueron esa marabilla do pazo románico, que agora gracias ós esforzos de Xesús Ferro Couselo[22], o noso bibliotecario, estase descubrindo e está lucindo ó sol as súas arcaturas e as súas belidas feituras do século XII. E el evocou a figura do Padre Feixoo, aquel home verdadeiramente ourensán, porque tiña a crítica, severa, fina, xusta, dos ourensáns, esa crítica que non se detén ante ninguén, e sólo se detén con piedade con entusiasmo ante a beleza, ante o infortunio, ante a desgracia e ante o destino.

Pero eu non podo contestar a todas estas cousas, eu non podo contestar a tantos agasallos, porque Ourense, mismo, o que agora se levanta, Ourense sempre foi xeneroso e humorista. E noutra época, calquera dos seus fillos era aplausado igual no teatro que no liceo, que na Calle dos Fornos que nas calles da Burga, en todos lados.

20 Rodolfo Prada Chamoucín (A Peroxa, Ourense 28-8-1892. Buenos Aires 3-9-1980) emigrante de moi novo na Arxentina será un dos permanetes activistas culturais e políticos do galeguismo na colectividade. Estreito colaborador de Castelao, contribuirá a mante-o facho da cultura galega naquelas terras ata a súa serodia morte.

21 Hidacio ou Idacio nace na Limia a finais do s.IV e desde o 427 e pasou á historia como bispo de Aquae Flaviae, hoxe Chaves. É coñecido sobre todo polo seu «Crónicón», intento de historia universal.

22 Xesús Ferro Couselo, (Valga, Pontevedra 30-7-1906, Ourense 23-4-75). Profesor e investigador da historia, editor dunha importante cantidade de documentación medieval, verdadeiro creador do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense na súa etapa contemporánea e reponsable da súa ubicación no románico pazo episcopal en 1959. Foille dedicado o Día das Letras Galegas en 1996.



Casa Museo Ramón Otero Pedrayo.

Así eu, porque vedes que son un dos máis vellos ourensáns, porque ¿quen queda do meu tempo? A morte pareceuse sempre complacer en elexir en Galicia ós millores; e nestes dous derradeiros anos desapareceu un varón esgrevio, un varón galeguista, Manuel Peña Rey[23], que se non era ourensán por nacemento, pois el naceu nas venturosas e xeórxicas orelas do río Lerez cantareiro que foi celebrado por Curros, era ourensán de corazón e en Ourense ergueu o seu sanatario que foi un templo de ciencia e de piedade. Un homenaxe en memoria Peña Rey, un homenaxe en memoria de López Trasancos[24] e un homenaxe á memoria de Florentino López-Alonso Cuevillas, o máis ourensán de todolos ourensáns do mundo desde a morte de Carvaxal. Porque a min decíame Alonso Cuevillas con aquel seu mirar, froito e flor dunha alma cristiana, dunha alma penitente, dunha alma transparente, dunha alma de diamante, me decía: «*Eu son da naturaleza da ostra que sempre está pegado ó penedo, e non podo pasar un día sen escoitar a noite ourensd, os seus reiseñores, o devalar silandeiro e amoroso da súa néboa, eu preciso dormir en Ourense e vivir en Ourense, e en cambio ti, es da naturaleza da ave que sempre anda revoante entre A Coruña, A Fonsagrada e Vigo e Madrid e o que sea*». Pero cando eu chegaba a Ourense e lle contaba as cousas de Galicia, o corazón de Florentino Cuevillas espallábase xenerosamente, e hoxe atópome solo en Ourense porque faltou Cuevillas e faltou Peña, e cando chego á catedral de Ourense onde sempre ás once da mañán, cando reina naquel espacio misterioso e profundo unha paz fonda, vía sempre a cabeza como un pelouro tallado de Florentino Cuevillas, que é algo así como aquelas doas marabillosas, aquelas pedras de cristal de roca que foi o axedrez de San Rosendo en Celanova, e que hoxe se conservan coa sua luz límpida, a súa luz de alborada cristalizada, no museo da nosa catedral. E atopar a Florentino e apreixar o seu corpo e súa

23 Manuel Peña Rey (Viascón, Pontevedra, 1888, Ourense, 1957). Médico xinecólogo, introductor da medicina moderna en Ourense e presidente do Partido Galeguista na provincia durante toda a II República.

24 Anuro López Transancos, tamén médico galeguista -otorrino- que fora membro da deputación provincial na época da dictadura de Primo de Rivera, e colaborador de Otero desde os seus primeiros proxectos políticos, con quen continuou a súa amizade ata a súa morte en 1949.

xenerosidade, -el que guiou tantas xeneraciós de xóvenes ourensanos, onde xermola sempre o sentimento da galeguidade- era apretar, era abrazar Ourense enteiro.

Eu son moi vello, e como vello así me agariman tódolos rapaces que pasaron pola miña catedra e tódolos que me viron pasar polas rúas de Ourense desde o siglo XIX. Primeiro eu era un rapaciño feble, vestido cun traxe de terciopelo, cunhas perniñas pequenas e cun colo mariñeiro.

Un traxe deses que son de terciopelo que parecen feito de dulce de guindas e iba camiño da catedral e escoitar os discursos de Don Marcelo"[25], e a ver aqueles grandes... e iba ós paseos do Posio, onde tódolos estamentos sociales estaban establecidos: no centro o paseo dos señores, a un lado o paseo das costureiras, outro o paseo dos cregos, que era o máis humorista, o máis observador, o maís critico.

Eu despois fun un estudiante en Madrid e un estudiante en Santiago que chegaba a Ourense ás altas horas da noite, e entón procuraba os grandes silencios. Despois fun un maestro de instituto, e desde o ano vintedous hasta que, o ano, ata o ano trinta e sete, pasaron pola miña aula, que era unha aula xenerosa, aquela aula que había sido de Eduardo Moreno López[26], o cuñado de Fábrega, do diputado Fábrega da República[27], que o día vinteseis deste mes, cando o atopei na rúa de Alba, baixo unha fogaxe tremenda do ceo ourensán, lle dixen: «*Don Luís, voume a Bos Aires*». E quedou admirado e me dixo: «*Dálle un abrazo a Picallo e un abrazo a Alonso Ríos*», que foron os seus compañeiros, que foron os nosos compañeiros, nas Cortes Constituentes da República Española.

Aquel Ourense... era unha población pequeniña, era unha población pequeniña, unha población no siglo XIX de 12.000 almas, como di o bispo Muñoz de la Cueva, que escribiu a historia da catedral de Ourense, editada en Madrid o ano de 1700. As viñas eran tan grandes que chegaban hasta as casas, Ourense estaba rodeada de viñas. Tiña unha noite fonda e profunda.

Pero eu quixera falarvos agora do espiritu do Espolón. O Espolón, qué significa o espolón. Hai xa rapaces en Ourense, que perdidos no novo desenrolo da cidade, estas novas rúas que teñen cabarets, que teñen grandes comercios, que teñen luz fluorescente, que teñen todas estas cousas, e se traballa noite e día, case non reparan naquel palco humilde, sinxelo, que ten un barandal e que está tendido entre a entrada da calle de Colón e a entrada da rúa das Tendas, sustentando dez ou doce casas tan velliñas, tan probes, tan pouca cousa que teñen que apoiarse unhas nas outras para non caer levadas polo vento dos tempos. Pero aí están aínda, como esas vellas nornas[28] ou esas antiguas parcas[29] onde se conservaban as esencias maternas das patrias antiguas, e no Espolón está realmente aquela patria do vello Ourense, porque polo Espolón pasearon aqueles tres cregos que pra min representan o esprito ourensán no século XIX, o século do romanticismo, o século de Lamas Carvaxal, o século de Curros Enríquez, o das revolucións patrióticas, o das grandes fogaradas ergueitas, e tamén dos grandes e dos piadosos desfalecimentos. Estes tres cregos no seu aspecto físico, na súa conversación humanística, no seu Sorrir, nos seus, nos seus sermóns parecen reivindicar o espiritu de Ourense.

O primeiro foi o deán Bedoya[30], que foi deán de Ourense, humanista do século XVIII, un crego sabio, non natural de Ourense senon das terras de Santander, que se

25 Marcelo Macías y García (Astorga, León 1-7-1843, Ourense 1941). Literato, catedrático de retórica e investigador no mundo da historia, promotor do Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense, e un dos máis importantes intelectuais da Galicia do momento. Chamado por Emilia Pardo Bazán «O Cicerón cristián- e polo Padre Fita -o Castdeo plúlapitroun punto de referencia clave na aprendizaxe humanística e da oratoria por parte de Otero.

26 Catedrático de Xeografía e Historia no Instituto de Ourense.

27 Luís Fábrega Coello, farmacéutico. Lider do republicanismo ourensán mesmo durante a dictadura de Primo de Rivera, deputado do Partido Radical nas cortes republicanas e presidente da Deputación provincial durante toda a II República agás o bienio negro.

28 Na mitoloxia escandinava deusas do destino que velaban ó pé da árbore Yggdrasil peto da fonte de Urd e regulaban a orde do universo e a vida do home.

29 Na mitoloxía grega deusas infernais que fiaban, devanaban e cortaban o fío da vida dos homes.

30 Juan Manuel Bedoya (Serna de Argüeso, Santander 25-6-1770, Ourense 10-5-1850). Cóengo da Catedral de Ourense desde 1845 e logo nomeado bispo da cidade -cargo ó que renunciou pola súa avanzada idade-, moi vencellado á figura do Cardeal Quevedo. Autor de importantes oracions fúnebres e sermóns, tamén especulou sobre temas tan variados como a desecación da lagoa de Antela, o cemiterio da cidade de Ourense, nacemento e crianza de San Fernando en Galicia, etc.

fixo ourensán e que cando foi a inauguración do Instituto e cando chegaban as noticias dos trunfos dos liberales na Paz de Vergara, ou antes na batalla de Luchana, el sempre cantaba o Himno de Riego... Hoxe parécenos un pouco raro un sacerdote español que cante o Himno de Riego, mais o deán Bedoya que era profundamente místico e relixioso, e que foi o secretario daquel obispo Quevedo, único obispo que estaba representado nas Cortes Españolas, porque foi o bispo de Ourense, o que foi regente do reino, e cando naquel movimento nacional de indepen dencia frente a Napoleón presidiu as Cortes de Cádiz, el foi o seu secretario. E o deán Bedoya era a sonrisa, era o verso latino, era xenerosidade. Vivía na rúa de San Pedro, que todos conocedes nunha casa que ten a hornacina dun santo, alí unha vez entraron os ladrós, cando el era moi vello e leváronlle nada menos que centro tintra onzas, pero lle deixaron o mondongo e a matanza, e el quedou agradecido, e dixo: «*Por lo menos no me llevaron el yantar*».

E despois del aparece don Juan Antonio Saco y Arce[31] que destes tres cregos era o único nacido en Ourense, desa familia anterga, que era absolutista e carlista dos Sacos. Pero xente moi enteira con aquel seu pazo magnífico, cheo de fondas e resoantes adegas, de solainas orceladas, de vellas tradicións e de viños fondos de Alongos que todos ben conocedes. Don Juan Antonio Saco y Arce, penitente, ascético, digno dos altares, home macerado sempre nas dores do mundo, e esperando o momento crítico do xuício final, amaba o pobo de Galicia. E sendo, como era, grande latinista, e tan grande helenista que de Madrid o chamaron para rexentar a catedra de grego na Universidade de Madrid, el non quixo, prefireu as súa sinxela catedra do vello instituto de Ourense que estaba no Seminario. E grande amante de Galicia e home penitente baixaba ós fiandeiros das mozas, iba de aldea en aldea, recolleu milleiros de cantares e de frases e de refráns, e na súa obra latexa ese enorme corazón do pobo das montañas, das bocarribeiras e das ribeiras da terra ourensán.

E finalmente vós inda rapaciños e xóvenes case o conocíchedes, recordades polos soportales de Ourense, e polas rúas de Ourense, aquel voar do manteo de Don Marcelo Macias. O manteo de don Marcelo Macias era como o manto liberal, como o manto dos estoicos ou dos eclécticos da filosofía antigua. E don Marcelo Macías como Martínez Salazar[32], ambos compañeiros nacidos naquela Astúrica ilustre, Astúrica -Astorga actual- onde o xenio román elevou as súas murallas e gravou tantos imperecedeiros letreiros e diplomas en pedra, el sempre amou a Ourense e sempre celebrou Galicia, e foi o amigo de Curros Enríquez cando chegaba de Celanova ou chegaba salferido polas tremendas contrariedades da vida e recosíalle o peito aquel grande humanista. Don Marcelo Macías, amigo de Carvaxal, que non deixaba de ir con Lamas Carvaxal a aquel gabinete negro temido pola xente, que era un recanto pequeno da casa de Pepe, no Torrón, na Alameda, onde hoxe se ergue a estatua de Concepción Arenal[33]. Alí ambos facían a critica das cousas e lucían aquel marabilloso inxenio, aquel saber gastado sin tasa, é raudales por todas partes. Don Marcelo Macías, eu vino case morrer ós 98 anos, con aquela cabeza goethiana, con aquel espíritu feijoiano. Pois el decía que as tres grandes figuras de Ourense, das terras ouresáns habían sido primeiramente o obispo Hidacio, o primeiro historiador da Idade Media, gracias a un ourensán sabemos como entraron en Galicia os suevos, os vandalos e alanos, sen ter que recurrir a aqueles versos de Juan de la Cova que decían:

«Cuando a Orense vinieron los suevos,
los vandalos, los godos y alanos,
usaban ya para freir los huevos,
identica sarten, los orensanos».

31 Juan Antonio Saco y Arce (Alongos, Toén, Ourense 8-3-1835; Ourense 14-9-1881). Crego ourensán, catedrático de grego, retórica e poética nos institutos de Ourense e Pontevedra desde 1858. Cesado en 1870 por negarse a xurar-la constitución de 1869 foi reposto na súa cátedra ós catro anos. Iniciador dos estudios sobre a lingua galega desde unha perspectiva científica, publicou a súa *Gramática Gallega* en 1868. Tamén foi inspirado poeta mistico e relixioso.

32 Andrés Martínez Salazar naceu en Astorga, León, o 8 de febreiro de 1846, Arquiveiro e rexionalista, editou ó longo da súa carrriora como investigador numerosos traballos de historia, paleografía, arqueoloxía, linguísitca, etc. Sobrancea sobre toda a súa activiade, a recuperación de textos medievais, documentais e literarios, en lingua galega, -entre eles a Crónica Troyana- o que fixo contribuíse a crear a conciencia da dignidade do idioma. Foi presidente da Real Academia Galega á morte de Murguía, en 1923, pero finou ó pouco de tomar posesión.

33 Efectivamente a estatua a Concepción Arenal erguíase na parte superior da Alameda -Horta do Concello medieval- desde que no ano 1898 alí a instalaran. Na primavera de 1969, en medio dunha forte polémica cidadá, foi trasladada á súa ubicación actual, no fondo a Av. da Habana, por fronte do Pazo de Xustiza.

De maneira que despois de Hidacio, el celebraba a San Rosendo. San Rosendo no século X, prelado, principe, case soberano, foi un verdadeiro rei de Galicia, e ergueu en esa Celanova, como en moitos sitios de Galicia e no seu episcopado de Mondoñedo e de Santiago de Compostela monumentos ilustres; e significa, sobre todo, a gracia principesca da antigua iglesia que recollía cultura.

E finalmente ó Padre maestro Benito Xeronimo Feixóo e Montenegro, nado dun pazo aberto ás correntes do Miño, onde o río Miño fai unha curva, fai un meandro, como para facer cortesía, para facer reverencia. Aquel pazo que ten o escudo cos seis roeles e o espado no medio conquistados ós reies mouros. Porque alí había de nacer aquel home que tiña unha frente despexada, unha grande nariz, aquelas narices eclesiásticas de antes, sempre inclinadas sobre os sinfolios e sobre a vida, narices criticas, narices metafísicas, narices esculcantes, e unha gran distancia entre O naso e o labio superior. Aquel home xeneroso que se queimou pola grandeza de espíritu de España, e que queimou toda, toda a súa longa vida, en erguer a cultura española e a cultura galega polo rendimento do home ante a razón e ante a clarividencia.

E finalmente, o grande home de Galicia e de Ourense para don Marcelo Macías, era o xenio de Curros Enríquez, que tantas veces paseou por aquel soportal, onde primeiro, ó comezo do século XIX, cando se fixo, paseaban os señores que aínda levaban o seu bastón con puño de ágata, e levaban os seus traxes do século XVIII e coas medias estiradas, cos zapatos de febilla, co sombreiro de tres picos, con aquelas pelucas, que como en Ourense sólo había un peluqueiro que soupera facer as pelucas das damas e dos señores, como había un turno moi riguroso, máis riguroso que o que sofren hoxe moitas veces as nosas donas nas peluquerías, tiñan que pasar tres días sen acostarse coa cara pegada ás almofadas para non desfacer aquel artiluxio e aqueles...

Esto pasaba en Ourense, e despois por Ourense, por aquel Espolón en donde estaba a millor dulceria de Ourense, que era a dulceria de Brasa, cuando nas festas dos Remedios se celebraban -«Rosquillas de Ribadavia, pestiños de Brasa, pestiño de don Isidro Brasa»- que era o gran confiteiro do Espolón. Pero tamén había a grande confiteria dos avogados e alí estaba meu avó don Ramón Pedrayo, que durante 60 anos traballou dereito naquel despacho lóbrego, recibindo paisanos constantemente e xentes da cidade que lle iban a consultar. E unha vez chegou un home con un interdicto contra un fantasma, que lle andaba pola casa, e dixo don Ramón: «*Pérdoneme meu amigo, pero nin no Fuero Juzgo, nin na Novisima Recopilación, nin na Lei de Partidas, nin no Dereito Romano hai ningún argumento contra os fantasmas. Dígalle unha misa ou mándeo a paseo*».

CARA B

Naquel espolón habíaa botica de Seara. Seara, o ano 1823, era un farmaceutico moi entonado, un tanto volteriano, cando triunfaban os liberales desde o ano vinte ao ano vintetrés foi un gran personaxe -conste que entonces en Ourense sólo se podía chegar de a pé ou de a cabalo. Os coches sólo chegaron a Ourense, hai que dicilo entre nós, o ano 1865. De maneira que Ourense estaba nunha especie de ditosa prehistoria hasta que chegou a carretera de Villacastin a Vigo. Por eso, ese nome da Calle do Progreso de Ourense non se debía de trocar por nadie, nin por ninguén, non digo xa por a quen está dedicado[34], nin por Feixóo, nin por Curros, nin por nadie, porque el foi o verdadeiro progreso..., foi o verdadeiro progreso de Ourense. Foi o progreso comercial. En cuanto apareceron os maragatos, que nos foron a levar os cartos, os poucos cartos que había, chucháranos todos os maragatos, en Ourense e en todas partes, ergueron as súas casas e entonces empezou a vida do comercio. E, pouco a pouco, naceu aquela grande rúa do Progreso, en donde sempre son os ferros, e donde entran os campesinos sempre, Os paisanos das parroquías con un certo sentimento de respeto. Porque vós sabedes, sobre todo os que somos, ou que temos, máis ou menos vinculacións, nas beiras da dereita do Miño que, noutro tempo, cando por primeira vez un rapaz pasaba a ponte de Ourense metíanlle na boca un callau redondo para que se afixera a ter a lengua lista contra as burlas e contra os humorismos que había nas xentes de Ourense respecto ás xentes do campo.

E naquel espolón, ese señor Seara foi despois castigado cando volveu outra vez o dominio dos fidalgos, o domi-

34 A antiga Rúa do Progreso cambiou o nome polo de «Avenida del General Franco» por razón evidentes o seis de outubro de 1936, pero aínda que mantivo tal denominación ata os anos noventa en recuperou a vella, a tradicional endexamais se perdeu.

nio do absolutismo, e fixo unha penitencia moi triste ó mosteiro de Oseira. Pois alí pasearon por aqueles soportales, pasearon os escritores do Renacimiento galego, e paseou Neira Cancela[35], e paseou Curros Enríquez, case sempre calado, pensando nos tremendos dereitos e nas xustizas encendidas daterra de Galicia. E por alí pasearon Alberto García Ferreiro[36] que é un escritor ourensano moi noso e moi esquencido. Alberto García Ferreiro vivía na Barreira, era un home de familia abastada, tiña moitos foros e moitos pazos, mais el era fondamente un democrata. E todos os vellos esperamos que entre os xóvenes galegos apareza algún que poda en un libro verdadeiramente férvido e interesante como outros se teñen dedicado a Lamas Carvaxal, aquel Lamas Carvaxal... dedicado á grandeza de Alberto García Ferreiro, que foi un deses mozos que se destacou en Ourense pola beleza da súa verba, pola fidelidade dos seus principios, pola simpatia asoballante da súa palabra.

Igualmente fai falta outro libro dedicado ó verbo, á democracia e da república en Ourense. Da democracia e da república e, en xeneral, do senso grave, solemne, elegante da cultura europea: Don Juan Manuel Paz de Novoa[37], ó cual lle dixo a pesar de todo o respeto que lle tiña polo seu saber, pola súa elocuencia, pois tamén era poeta máis novo, outro ourensán Muruais[38], nas *Semblanzas Galicianas*:

«Aunque la musa le inspira,
son a veces discordantes,
los acentos de su lira,
porque la pulsa con guantes»

Era un home sumamente elegante, sumamente prestixioso en esto. En fin, que Ourense durante o século XIX, é dicir, desde os funerales do cardenal Quevedo que se fixeron con grandes discursos que están impresos en Santiago, e onde latexa a aquela elegancia e aquela beleza do século XVIII, hasta o tempo en que viñeron repatriados de Ultramar e en que veiamos aqueles homes que viñan afundidos e rotos e desfeitos a acollerse á caridade das cidades e das xentes[39]. Ourense no seu pequeno ambente, coas súas vendimas, coas súas festas, porque primeiro eran as festas do San Lazaro, que é unha festa en donde soan os foguetes cunha gracia verdadeiramente campesina, e saben as abeleiras e as noces como en ningunha parte. Despois veñen as festas do Corpus, que son graves, que son solemnes, co sol xa no cumio do ceo como unha hostia. Despois vén a festa que se fai no vran do San Roque, do San Roquiño querido, en que van todas as vellas cumprindo aquel rito debido polas enfermidades que sufriu Ourense na idade media, o santo dos leprosos. E despois ven aquela festa dos Remedios, que é a festa do outono, que é a festa de despedida do vran, esa festa tan marabillosa, ó pé do Miño naquela antigua carballeira, hoxe case desfeita, cando noutra época se levantaba un castelo no cumio da ponte de Ourense. Esa festa que está reflexada en artículos preciosos publicados en Madrid no «Semanario Pintoresco» que era o álbum e era o periódico dos grandes románticos como Larra e como Nicomedes Pastor Díaz. E despois viña, e despois viña, sobre todo, esa data, que para min, queridos ourensáns, é a máis fonda, a máis significativa, a máis conmevedora, é como unha sonata bethoveniana, e como unha elexía poetica, que é a festa do San Martiño, á que antes aludía. Porque en Ourense teñen especial característica tódalas estacións. A primaveira é xentil e nova, o outono é longo e repousado, o inverno coas suas nevas calcadas; aínda que nunca hai neve, invita a esta reflexión profunda.

E ó mesmo tempo, de Ourense, hai que falar tamén un pouco da provincia. Eu son enemigo das provincias de Galicia, porque penso que toda Galicia é u n corazon. E un corazón como non sea co bisturí non se pode partir en

35 Juan Neira Cancela, escritor e xomalista ourensán de finais do XIX. Publicou varios libros -*Caldo gallego*, etc.- e fundou revistas como Galicia literaria ou *Galicia en caricatura* en 1883 e 1889 respectivamente.

36 Avogado, poeta e xornalista ourensán (1862-1902) con fama de apaixonado orador. Dirixou varias publicacións -«La pluma», «La defensa de Galicia», «La semana»- e foi autor de varios libros «Gritos del alma», «Chorimas», «Follas de papel, «Leenda de groria». Progresista radical dinamizou varias campañas cívicas e homenaxes na súa cidade natal.

37 Avogado, político e escritor ourensán (1839-1995) foi deputado republicano federal nas cortes de 1873. Moi preocupado pola cuestión foral na que tratou de resolve-lo tema en favor do agricultor, escribiu diferentes ensaios sobre temas xurídicos próximos «*Los foros de Galicia, La propiedad territorial, La familia como institución jurídica*. Na súa mocidade participou no histérico Banquete de Conxo (1856) e defendeu a Curros cando o seu procesamento por Aires da Miña Terra (1880).

38 Jesús Muruais Rodríguez é só ourensán de adopción, pois aínda que pasou na cidade das Burgas dúas etapas da súa vida -nos anos 70 e 80- e publicou nela as súas *Semblanzas Galicianas* en 1876, nacera en Pontevedra en 1852 e nesta mesma cidade había de morrer en 1903. Escritor e xornalista pertenceu á redacción de *El Heraldo Gallego* e colaborou con *Galicia Moderna*, *La llustracion Gallega y Asturiana*, *Heraldo de Madrid*, etc.

39 Refirese, obviamente, ós repatriados da guerra de Cuba de 1898.

provincias. Dinantes había en Galicia sete provincias que eran: Santiago, a metropole, a primeira, a máis grande, a máis estesa, a máis rica, que abranguía igual beiramare interiores de montafias...[40]

[...]

As características da provincia de Ourense son, primeiramente, que é a única que non ten litoral ó mar, ten litoral ó ceo e ten costas ó infinito. É a única que ten fronte ó mesmo tempo con Portugal, aquí está un insigne representante do xenio portugués[41]. Eu, desde amiña casa de Trasalba cando franqueo as ventanas saúdo primeiro Serra Martiñá coa iglesia de Covas onde sempre hai un raio de sol; saúdo despois á iglesia de Macendo que está para o sur, e un pouco detrás de Macendo nesa cabalgata xigante dos hourizontes que teñen cores de cerámica, desa cerámica nova, que o gran pintor aquí presente Díaz Baliño[42] está plasmando nos seus fornos creadores como nos de Bernardo de Palisí, onde se encendeu a nova gloria do Renacimiento, vexo as montañas de Portugal, azules, claras, ás veces tocadas de branco como os graves maestros antiguos, coa súa muceta de doutores en teoloxía. E entón é o espíritu, vai prendido polos versos, porque Portugal é todo un poema, os versos de Antero, os versos de Teixeira de Pascuaes, os versos de Camoens. E vexo entón como rompe o Atlántico nas plaias de Portugal. E digo o con Antero: «*Alí, onde o mar quebra, nun cachón/ ruxidor e monótono, e os ventos*»[43]. Evoco a Fonte das Lágrimas de Coimbra, onde os amieiros teñen alma e palpitan sempre co desfalecemento de Inés de Castro[44], que era unha ourensá. Porque Inés de Castro a do colo de garza, a raíña de Portugal, o mito máis fermoso, máis traxico, máis consolador de Occidente, era tamén das nosas terras de Ourense. Naceu en un calquera daqueles catro castelos que ó redor do lago da Limia, quedo espello tremelucente, reflexan o paso das aves do ceo. E teñen os ceos o color do peito das pombas ou das palomas salvaxes, e alí naceu aquela Inés de Castro que representa infindo dolor de Galicia desposado con Portugal, e despois de morta foi raíña. E eu penso naqueles versos de Camoens: «*Por mares nunca antes navegados*». E penso, sobre todo, máis que en ningún destes grandes poetas, en ese canto dos camponeses de Portugal. Dese Portugal, que polo mundo adiante foi chamando coa cruz, co evanxelio, coa cultura, a esas grandes esfinxies de Africa, de Asia, do Brasil: a esfinxie negra, a esfinxie azul, a esfinxie verde, despertándoas á vida moderna, nos versos dos poetas e nas aventuras dos navegantes. Mais penso queridos señores irmáns, penso sobre todo nun poeta que debe moito a Galicia e máis especialmente a Ourense, penso en Teixeira de Pascoaes, o maior poeta do século XX en lenguas latinas, porque á beira do seu río Támega enxergou os roteiros da poesía e compuxo os seus poemas, saudosos, bretemosos, que

40 A gravación orixinal, estaba tomada en bobinas de media hora gravadas en catro pistas a 3 3/4 de velocidade. Aquí remata a primeira cinta e debe o técnico, Sr. Segundo Pampillón, sacala e poñer unha nova. Non se gravaron pois as frases correspondentes ás definicións das outras provincias do Antigo Réxime.

41 Pola presentación do acto, e polas referencias de prensa, sabemos que se trataba do capitán Galvão, o que había de participar logo no secuestro do trasatlántico Santa María, en 1961, con Xosé Velo e outros galegos.

42 Aquí Otero confunde os apelidos de Isaac Díaz Pardo cos de seu pai e amigo Camilo Díaz Baliño, asasinado nos primeiros meses da guerra civil, despois de ser estar preso no cárcere de Santiago. Nesta época, Diaz Pardo promove os laboratorios cerámicos da Magdalena en Bos Aires e as Cerámicas do Castro en Sada, o que o levará a cruzar en numerosas ocasións o Atlántico.

43 Otero lembra o inicio do poema "Sepultura romántica" do poeta dos Azores, Antero de Queral (1842-1891), Cosmopolita de formación e revolucionario de convicción desenvolveu unha intensa actividade no campo da escrita, da política e da producción de ideas. Pertenceu á chamada "Geraçao de Setenta", grupo que pretendia renovara mentalidade portuguesa, e foi amigo, entre outros, de Eça de Queirós e Oliveira Martins. As obras van da poesía á reflexión filosófica: *Raios de Extinta luz, Odes modernas, primaveras románticas, Sonetos, Prosas e Cartas.* Atacado por unha doenza dexenerativa de tipo psiquiátrico, acaba por suicidarse na súa terra de orixe. O poema completo di así:

"Ali, onde o mar quebra, num cachio /Rugidor e monótono, e os ventos /Erguem pelo areal os seus lamentos, /Ali se há-de enterrar meu coragdo. /Queimem-no os sóis da adusta solidão /Na fornalha do Estio, em dias lentos: /Depois, no Inverno, os sopros violentos /Lhe revolvam em tomo o árido chão.../Até que se desfaça e, já tomado /Em impalpável pó, seja levado /Nos turbilhões que o vento levantar.../Com suas lutas, seu cansado anseio, /Seu louco amor, dissolva-se no seio /Desse infecundo, desse amargo mar!"

44 A historia de Inés de Castro é terrible. Filla de nobres limiaos pasou, a mediados do século XIV, ó país irmán no séquito da princesa don Constanza de Castela, desposada nun matrimonio de conveniencia e alianza con Don Pedro, herdeiro da corte portuguesa. O infante, sen embargo, vivirá unha intensa historia de amor cunha das súas damas que a acompañaban, Dona Inés. O rei pai, Afonso IV, decide asasinar a Inés por fondas "razóns de estado" e así é morta o 7 de xaneiro de 1355. Ascendido ó trono Don Pedro, en 1367, manda exhuma-lo cadáver, e, posto ó seu lado, foi saudado e honrado como raíña viva polo clero, nobreza e pobo. Asunto de violento e apaixonado romantismo, seduce a moitos escritores portugueses e galegos. Otero mesmo é o autor da fermosa entrada "Castro, Inés" na *Gran Enciclopedia Gallega*, no tomo V.

están xa no fondo da vidae da morte, máis ala da metafísica e da poesía, beira do río Támega que nós, ourensáns, criamos nas altas cumbres para darllo a Portugal, criado, xentil, xeneroso, reflexando os amieiros e buscando en Viana de Castelo aquela paz das dunas blancas, que é a paz do consolo, da man amiga, que cando morremos se pousa como un consolo sobre as nosas frentes maceradas.

Eu saludo a Portugal... e digo que Ourense, Ourense ten que pensar sempre como Galicia en xuntar cada vez máis os vencellos do seu espíritu e dos seus ideales con Portugal, sobre todo co Portugal do norte, en donde a videira se abraza coa pereira e coa maceira, en donde hai paisaxes napolitanos e en donde ó redor de Braga un paisaxe de castros e de citanias revela o noso orixe profundo, o noso orixe común, dentro do mundo basto e esgrevio da latinidade.

É costume cando se fala de Ourense, falar sempre das nosas cousas, moitas delas humorísticas. Ourense nese sentido, e aquí estamos todos entre xentes conocidas, é un pobo un tanto estraño. Fixádevos que entre tantos milleiros de catedrais como hai no mundo católico a catedral de Ourense é a única que non ten escaleira[45]: Non se pode entrar pola porta principal, e ¿por que? Non o sabe nadie, non o soupo don Marcelo, non o soupo don Benito[46], non o soupo don Arturo. E don Marcelo, don Marcelo Macías, don Benito, don Benito Fernández Alonso, e don Arturo, don Arturo Vázquez[47], os tres creadores da Comisión Provincial de Monumentos e grandes eruditos ¿Porque a catedral de Ourense...? Tampouco o sabe Blanco Amor[48], que compuxo unha novela marabillosa, -noble fillo de Ourense- «*La catedral y el niño*» en donde pasan tódalas horas canónicas de esta podente iglesia que ten no seu cerne aquel Cristo, que vai conosco por todas partes. Un Cristo que chegou pola mar, que chegou ás beiras de Finisterre, un Cristo de longas barbas, flotando nas ondas -¡que cousa máis hermosa! ¡que enseña e que roteiro máis fabuloso paranós!- e el non quixo quedar en Finisterre, senón que quixo chegar ó cerne das terras ourensáns, e desde entón recolle os agasallos, os agarimos, as esperanzas e as tristezas de tantas xeneracións, que fan daquela capela, toda feita de ouros marabillosos, máis que unha capela material, unha capela espiritual donde soan os beizos, Os rumores, as plegarias, as lembranzas, as dores, as amarguras, as inquedanzas, as penas, os pecados, as virtudes e as esperanzas de tantas xeneracións que alí están congregadas. De maneira que é unha arquitectura de almas, unha arquitectura de lembranzas, aquela capela xentil, flor de arte barroco.

E para que pasen cousas estrañas en Ourense tendes que o máis fermoso sepulcro oxival que hai en Galicia, aquel sepulcro da capela maior da catedral de Ourense, todo traballado en pedra noble, en donde ó redor do túmulo que ten unha decoración marabillosa de motivos irlandeses ou gaélicos, pasa o máis xigantesco «*Dies Irae*»[49] que se poida imaxinar naquelas figuras que levan incensarios, que levan cirios, que levan os ornamentos da iglesia, vese cantigar todos eses versiculos do «*Dies Irae*», que tanto tremor nos producen cando os sentimos nas iglesias dos Chaos de Amoeiro, ou nas iglesia de Celanova, ou nas iglesiñas perdidas nos rucunchos da serra de San Mamede, ese latín que todos entendemos, inda os ignorantes, porque nos fala da luz derradeira do esprito, queimándose e, desparecendo nas beiras da morte. Pois ese marabilloso sepulcro, non se sabe de quen é. Non contén nada. O puñado de polvo que alí estaba, o mangado de polvo que alí estivo, non se sabe de quen é. Para mín é o sepulcro, de tódolos vellos ourensáns que traballaron pola gloria da súa terra e pola espranza de Galicia.

Finalmente, Ourense que fai un...

45 No momento da charla efectivamente non tiña escaleira. Habería que agardar case a mediados dos setenta para vela construida -obra de Pons Sorolla- na actúal Praza do San Martiño.

46 Benito Fernández Alonso (Entrimo 1848 - Ourense 1922) Historiador e Cornista oficial da provincia de Ourense foi un dos impulsores da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense que publicou o seu famoso e dilatado no tempo Boletín. Fixo distintos estudios sobre as armas da cidade, os xudeus, os bispos, ourensáns ilustres, etc.

47 Arturo Vázquez Núñez (Ourense 1852-1907) escritor de mocidade en *O tío Marcos da Portela*, foi catedrático de francés na Escola de Artes e Oficios de Ourense e un dos máis activos membros da Comisión Provincial de Monumentos onde publicou diversos artigos sobre a arquitectura cristiá da provincia de Ourense no periodo medieval, o fóro de Allariz, Efemérides de Galicia, etc.

48 Otero non gaba en exceso a Eduardo Blanco Amor, despáchao cun «nobre fillo de Ourense». As relacións non eran especialmente boas e nas datas anteriores leváranse a contraria varias veces en mesas redondas sobre os problemas da cultura galega.

49 En latín "Días de Ira". Cántico relixioso introducido nas misas de Defuntos desde o século XIV, e que polas súas referencias simbólicas e posibilidades evocadoras inspirou música de gran tensión dramática a autores como Liszst, Mozart, Berlioz, Verdi, etc.

E agora, queridos amigos, como fun catedrático moitos anos e despois me xubilaron cando apaño a ocasión, cando agarro a ocasión de falar son moi difícil de rematar.. por que non sabedes... non sabedes cual é a alegria, cual é o gozo dun catedrático da Universidade de Santiago que tódolos días, durante oito meses, das dez ás doce da mañá, pode na súa catedra, amparado pola lei, pola tradición e polas torres da catedral, falar dúas horas seguidas sin que ninguén lle diga nada en contrario... Eso é un placer marabilloso. E hoxe tédesme que perdoar, que me atopo novamente na miña catedra, por vello nada máis, sin outro merito ningún. E vexo en todos vós, xa non me importa que sexades novos ou vellos, porque para min, neste intre todos formades ese grande pórtico da simpatia, ese grande pórtico de sonrisas en que está toda Galicia, en que están tódolos mortos. Porque entre nós, había, cando eu era neno, un exclaustrado de San Francisco en Ourense que se chamaba Frai Juan "el Simple"[50], que andaba polas casas, se había un enfermo lle decia: *¡Pum, pum! «¿Que pasa?» «Frai Juan. Que non se vaia sin os divinos. Apagade a luce».* Andaba advertindo que non se marchara sin os divinos o enfermo. E había entonces o toque da pena, e aquel era un home piadoso, que iba aconsellando que se apagara o lume, para que non arderan as casas pola noite.

E todas estas, son cousas moi íntimas, son cousas moi queridas. Cecais fora millor o silencio. O silencio ou os versos como se dixeron eiquí. Estes versos que teñen o engado daqueles vellos camiños de pousada de Rabo de Galo que van entre viñas pousando sempre nas bodegas e nas tabernas. Este engado que tiña o tantarulo da vella catedral ourensana, e aquel engado da prima cando eu era estudiante de instituto e de sete a oito, ou de seis a sete, según as estacións, estaban tocando, tan, tan, tan, unha hora enteira e daba un sentido claustral, un sentido elegantisimo ós tempos de Ourense e ós tempos da vida.

Eu poidéravos contar moitas cousas do Ourense do século XIX, donde pasaban cousas tan estrañas como unha vez que o xefe da cárcel escapou deixando aquelo abandonado con moitos presos peligrosos, pero chegou a súa muller, botou a chave e os presos tremaron. E decían: «*Temos máis medo á carceleira ca ó carceleiro*». Parece que unha vez, parece que unha vez meteu baixo a chave hasta o marido e todo. Entonces estaba a cárcel na rúa que hoxe se chama da Libertad[51]... é cousa natural, despois se fixo a cárcel. Aquel Ourense no que pasaban cousas extraordinarias como aquela simpatía e aquelas festas bufonas que se facían en honra daqueles poetas estrafalarios que teñen sido estudiados tan acertadamente por Vicente Risco. Don Basilio Mateo, el autor de «*La gran paella del siglo XIX*», todo escrito, todo escrito en, en unhos versos en que se dice por ejemplo falando de Tui, que lle chaman acrósticos porque cada letra inicial forma ó mesmo tempo un verso vertical correspondendo ós versos horizontales; así é o acróstico de Tui:

Tengo empeño en describir
Un pueblo de pocas letras
Y no se lo que he decir.

Que é o que me pasa a min nestes momentos...

E aquel outro do xenio do disparate, porque todos no mundo decimos algún ou moitos disparates, pero decir disparates ós ferrados, ás tullas, ós carros, ós montós, como Don Juan de la Cova, eso chega a ser xa case unha cousa victorhuguesca. E don Juan de la Cova, autor de «*El Trampitán*» e autor de, como dice en unha das súas obras «*El grito de la ley*» «*Drama en 5 actos -en cinco, ¿eh?- en 5 actos y en verso, escrito por don Juan de la Cova Gómez, uno de los muy pocos primeros poetas dramáticos del mundo, autor de más de cien obras dramáticas y otras muchas más ocultas por infames envidiosos*». A ese Juan de la Cova, conocino eu. E eramos rapaciños do instituto e el andaba co seu tipo encantador de velliño chiflado, velliño santo, todo rasurado como un seixo, con unha capa parda polo uso. Esas capas que se lle dá corenta veces a volta, esa capa do poeta ou do estudiante, que igual serve de almohada, que de manta para o viaxe, que ha de ser despois o sudario para ir a aquel santo cementerio de Ourense. E don Juan de la Cova recibía o saludo dos rapaces, decindo: «*Bien, bien, hijos míos. Seguid las sendas armoniosas de la poesía*».

50 Sobre este personaxe fala nunha fermosa evocación Florentino López Cuevillas nun dos artigos recollidos en *Cosas de Orense*.

51 A Rúa do Cárcere abandonou o seu vello nome medieval de Rúa das Chousas cando no s. XVII se instala alá o Cárcere da cidade. Derrubada en 1856 -para face-la actual praza de Martinez Suciro, -asume na reforma do nomenclator de 1861 o nome de «Calle de la Libertad». O Cárcere hase trasladar daquela para o Outeiro, sobre a Rúa do Progreso entre a Burga e o Xardín do Posío, onde estivo ata que nos comezos dos 80 se construíu a nova cadea do Pereiro de Aguiar.

E aqueles todos, en fin, que todos eles teñen dentro de nós, un especial agasallo. E eu quixera nas miñas derradeiras palabras, dándovos as gracias a todos, non como escritor, nin como conferenciante que despois de todo, para decir unha pura verdade que en Ourense non se pode mentir, que nos conocemos todos nidiamente, vouvos a dicir, que eu se valo algo, que algo valo, é polos amigos que me manteñen. Moitas veces acontece que se crea un mito, dentro dese mito non hai ninguén, pero si todos empezamos a dicir unha cousa e homes como Castelao e como Vilar Ponte, como Lousada Dieguez e como Prada e como tantos outros que me agasallan é que quixeron proiectar o seu entusiasmo,-o seu lume, o seu ideal, a súa perfección, nunha persona, atopáronme a min que son bastante vello, que teño un corpo aínda rexo e dixeron este é o que vai a ser o noso representante e por eso eu non teño..., a amistade,... por eso eu á amistade debo todo esto.

E quero dedicar ás miñas derradeiras palabras a dúas cousas:

Primeiro ó conxunto da provincia de Ourense, que ten no seu corazón un poderoso alcázar de montañas: esa Serra de San Mamede, esa Serra de Queixa, esas montañas do Invernadeiro, esas montañas de Manzaneda de donde nacen tantos ríos que hoxe represados polos inxenieros transforman a súa voce de montesía, a súa voce de cantigas aldeáns, en de enerxía eléctrica para toda España e para moita parte de Europa.

Ó redor dese mogote de montañas que é a nosa e verdadeira acrópolis, as montañas que chamaremos, que chamaremos polo seu nome campesío «*medas*», porque a meda é a construcción do pan, é a construcción dos feixes de pan na eira, é a arquitectura provisional que está esperando pola malla, por ese canto épico, por esa orquéstrica xigantesca das mallas...

Ó redor dese, desa acrópolis nosa e magnífica hai estas vilas ourensáns tan simpáticas todas.

Por un lado o Barco de Valdeorras e a Rúa de Petín, mergullados nas súas vides, cuio poeta é o autor de «*Bebedeira*» que hoxe está en México, e ó cal lle mando un gran saludo[52].

Por outra parte o Castro de Caldelas ergueito no seu niño de aguilas.

Adios Castro de Caldelas,
ventanas y corredores,
eres frio de los aires,
caliente de los amores.

Despois vén Maceda coas suas feiras, os seus fidalgos e aquel extraordinario consume que se fai de licor café que é capaz de encender os entusiasmos e as labaredas máis grandes do mundo. Despois vén Allariz, a vella Ziralla, cidade que foi patria de... ou vila que foi patria de tantos eruditos como Frai Felipe de la Gandara y Ulloa que esculcou todo recanto de tódalas fontes da aristocracia de Galicia. Esa vila que ten a rosquilla, cuia formula foi da reina doña Violante, nada menos unha reina ergueita da Idade Media. Esa vila noble que parece feita dunha ceniza, dunha cinza peneirada de pasado, en donde os pasos durante a noite son pasos de fantasmas e pasos de nobleza.

E despois vén Xinzo de Limia, agarimada por esa gran lagoa que foi sempre cantada polos románticos, en donde o xenio de Vicetto atopou a gloria daquelas estrofas daquelas novelas románticas en donde as brumas vanse prendendo nos castañeiros e nas torres fantasmales de Celme e de Sandiás, cantada por Lamas Carvaxal, en donde hai aquelas flores que dicen que cando se murchan, cando se pechan, anuncian a morte dos que pasan. Por eso Lamas Carvaxal compuxo aquela marabillosa poesía «*Os ollos do anxel da morte*».

E despois vén Verín no centro do seu vale, coa sua acrópolis de Monterrei. Verín que ten a figura dun oito, en medio de bravas serras, ten os xardíns e ten eses viños que se chaman "do Val", e cría ese río Támega que vai a Portugal.

E despois vén, no cerne de graves montañas que hoxe están abertas ós camiños, esa Galicia de castañeiros e de fontes, ese Ourense antiguo de Viana e das terras do Bolo, en donde durmen e repousan tantas enerxías para o noso futuro. Esa terra que fala unha lengua arcaica e sumamente pintoresca e sonora como o vento nas vellas carballeiras.

E eu quixera saludar a todas estas vilas ourensáns e a todas estas comarcas, especialmente ó val de Celanova, patria

52 Otero non dá lembrado o nome de Florencio Delgado Gurrierán, nado en 1903 en Valdeorras e morto nos inicios dos oitenta. A súa principal obra *Bebedeira* é de 1934 e nela amósase seguidor da escola hilozoísta coa personificación de agrestes imaxes da natureza valdeorresa. Posteriormente viviría moitos anos en México.

de tantos poetas e donde as campanas aínda gardan aquel resonar de tempos elexíacos, dos tempos de San Rosendo. E se vamos ás beiras dereitas do Miño, alí temos os Chaos de Amoeiro: aquí hai un representante do Chaos de Amoeiro, que é a nosa Lombardia, pola gracia, pola finura, pola luz, polo saber das cantigas, e por aquel xamón recendente que parece a rosa do porco. E despois vamos a Maside, e imos ó Carballiño, e vemos ese corazón dos Chaos, ese corazón dos Ribeiros de Avía, en donde se producen os viños, os pazos, os prioiros, as lembranzas, os cantares, os reiseñores, os amores, máis celebrados de toda Galicia. Terra antigua e noble, cuios representantres son as vellas parreiras e aquela cuba que se chama Carballa que hai alá en Beariz, en que..., en donde si se bota aínda que sea agua de Loeches[53] vólvese un viño marabilloso.

E despois, de todo esto, queda ó lonxe do Carballiño e quedan os bordes de Ourense e queda Ourense, agora no verán rodeada das súas serras, cos seus vales, adormecido na sesta esta, cando van os velliños tomar un groliño de viño e cando os poetas esperan polas alboradas.

Pero eu non quixera despedirme deste día e despedirme de vós, nunca me despedirei porque sempre iredes no meu corazón, e eu se son algo, vello veciño da rúa da Paz en donde sólo quedamos unhas cantas vellas, unhas solteironas e eu para recordar aqueles tempos antiguos en que se decían os vellos: ¿Que dicen as campanas? Dice unha campana «*En Vilela morreu unha vella, en Vilela morreu unha vella*». Contesta outra «*¿que deixou, que deixou?*» e dice a de catedral: «*Unha manta vella e un cobertor, unha manta vella e un cobertor*». E pregunta outra campana: «*¿como has partir, como has partir?* E dice a campana grave da catedral, que é a voz do bispo e dos canónigos graves: «*Ó longo, ó longo*»[54].

Este Ourense en que en outra epoca se decía candochegaba a festa do San Vintila:

O Xabandas e o Marrón
van ó San Vintil,
O Xabandas toca o bombo
e o Marrón o tamboril[55].


Este Ourense todo, que cando eu morra e cando morra Vicente Risco e a nós nos concedan, en fin, tódolos anos posibles, o Cristo e a Virxe de Santa Eufemia, dese Ourense xa ninguen sabera nada daquelas cousas. Por eso eu vola dedico. E eu quixera facervos unha petición, cando sexades de Ourense concexales ou alcaldes, -cousa que non vos desexo moito- cando teñades alí algunha influencia, na Burga, nun penedo da Burga gravade aquel conto de Lamas Carvaxal que se títula «Os graxos da Burga» é o mais belido trozo ou fragmento de prosa galega escrito en honra da nosa terra. Os graxos da Burga que eran sete, dice Carvaxal, «como los siete sabios de Grecia».

53 Vila balnearia preto de Aranjuez (Madrid).

54 Estas mesmas campás falan nun fermoso artigo dos publicados en "*La Región*" por Florentino López Cuevillas ó longo dos anos corenta e cincuenta e recollidos no libro *Cousas de Orense*, editado polo Concello da súa cidade natal en 1968.

55 O exótico ermitán San Vintil, de orixe centroeuropea e con santuario en Punxín, atraeu sempre a Otero; mesmo incluiu "As tentacións de San Wintila" no seu *Teatro de Máscaras*, ó redor dun San Vintil de Alsacia. Tanto "Xabandas" como "Marrón" son dous apodos familiares de Ourense e como tales recollidos no texto de Xosé Ramon Fernández-Oxea "Mil y pico apodos orensanos", *Revista de dialectologia y tradiciones populares*, tomo XXVII (1971) p. 345-369. Aínda permanece hoxe moita lembranza do "Marrón", farreiro dos principais da cidade que "paseaba" a canta cabareteira se achegaba a Ourense, e mesmo hai unha foto publicada del, por Gonzalo Allegue, en *Galicia Oficio de vivir. A cidade*, ed. Nigra, Vigo, 1990, p. 219.

Tamén Vicente Risco recollerá esta cantiga dicindo que fala de dúas antigas familias da cidá"; vid. *Historia de Galicia*, tomo I, editorial Nós,Bos Aires 1962, p. 345.



Raigame

DEPUTACIÓN
OURENSE

CENTRO DE CULTURA POPULAR
XAQUÍN LORENZO